No contexto do estado espanhol, a Constituição de 1978 consagra o direito à cultura como um direito fundamental. Assim, no artigo 44.1 estabelece-se que "os poderes públicos promoverão e tutelarão o acesso à cultura, à qual todos têm direito" (Cortes Generales, 1978). Um artigo que reconhece o direito de todas as pessoas a aceder e participar na vida cultural, ao tempo que obriga aos poderes públicos a promover e garantir o seu exercício (Escobar Roca e Ronchi, 2012). Ademais, o conceito de cultura menciona-se direta ou indiretamente noutros artigos da Constituição; de tal modo que no Preâmbulo afirma-se a vontade da nação espanhola de "promover o progresso da cultura e da economia para assegurar a todos uma digna qualidade de vida". No artigo 3.3 indica-se que "a riqueza das distintas modalidades linguísticas de Espanha é um património cultural que será objeto de especial respeito e proteção", enquanto que no artigo 9.2 alude-se à obrigação dos poderes públicos para que as condições de liberdade e igualdade no seu exercício sejam reais e efetivas para todas as pessoas, removendo os obstáculos que impedem – ou dificultam – a sua plena realização na vida política, económica, cultural e social. Do mesmo modo, o artigo 25.2 reconhece o direito dos condenados a penas de prisão a aceder à cultura e ao desenvolvimento integral da sua personalidade. Também, o artigo 27.2 estabelece que a educação terá por objeto o pleno desenvolvimento da personalidade humana no respeito aos princípios democráticos de convivência e aos direitos e liberdades fundamentais. O artigo 46 da Constituição espanhola também obriga aos poderes públicos a garantir e promover o enriquecimento do património histórico, cultural e artístico dos povos de Espanha e dos bens que o integram. Na mesma linha, o artigo 48 estabelece que o Estado deverá promover as condições para a participação livre e eficaz da juventude no desenvolvimento político, social, económico e cultural do país; uns artigos que evidenciam a importância que a Constituição espanhola outorga à cultura, reafirmando-a como um direito fundamental e um elemento essencial para o desenvolvimento pessoal e social.

O modelo de descentralização competencial do estado espanhol outorga às comunidades autónomas (CC.AA.) um papel fundamental na promoção e proteção da cultura. O artigo 148.1.17 da Constituição estabelece que as CC.AA. poderão assumir competências em matéria de fomento da cultura, da investigação e – no seu caso – do ensino da própria língua. Ademais, o artigo 149.2 afirma – sem prejuízo das competências que poderão assumir as referidas Comunidades – que o Estado considerará o serviço da cultura como um dever e uma atribuição essencial para facilitar a comunicação cultural entre as ditas CC.AA. (Cortes Generales, 1978).

No caso da Galiza, o Estatuto de Autonomia – aprovado mediante a Lei Orgânica 1/1981 – recolhe a competência em matéria de cultura no artigo 4.2 ao afirmar que lhe corresponde "aos poderes públicos da Galiza promover as condições para que a liberdade e a igualdade do indivíduo e dos grupos em que se integram sejam reais e efetivas, remover os obstáculos que impedem ou dificultam a sua plenitude e facilitar a participação de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social". Assim mesmo, no artigo 5.3 estabelece que "a língua própria da Galiza é o galego" e potenciar-se-á o seu uso em todos os planos da vida pública, cultural e informativa, dispondo dos meios necessários para facilitar o seu conhecimento. Na mesma linha, o artigo 27.19 reconhece a competência exclusiva da Comunidade Autónoma em matéria de "fomento da cultura e da investigação na Galiza, sem prejuízo do estabelecido no artigo 149.2 da Constituição". Um artigo que se vê referendado no 32, que estabelece que lhe "corresponde à Comunidade Autónoma a defesa e promoção dos valores culturais do povo galego"; assim como o 35.3 que reconhece a competência da Comunidade Autónoma para a execução da legislação do Estado em matéria de "museus, arquivos e bibliotecas de titularidade

estatal, a gestão dos quais não se reserve o Estado" (Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, 1981). Uns artigos que atribuem a competência e responsabilidade dos poderes públicos autonómicos na promoção e proteção da cultura galega, na potenciação do uso do galego em todos os âmbitos da vida pública e cultural, assim como na defesa e promoção dos valores culturais do povo galego. Ademais, o Estatuto de Autonomia reconhece a competência para a gestão de museus, arquivos e bibliotecas de titularidade estatal radicados na Galiza, sempre que o Estado não se reserve a sua gestão direta.

A legislação autonómica galega desenvolveu e concretizou as competências em matéria de cultura reconhecidas no referido Estatuto, aprovando-se a Lei 5/2016, do 4 de maio, do património cultural da Galiza, que tem por objeto a proteção, conservação, acrescentamento, difusão e fomento do património cultural da Galiza, assim como a sua investigação e transmissão a gerações futuras (Lei 5/2016, do 4 de maio, do património cultural da Galiza, 2016); do mesmo modo que a Lei 7/2021, do 17 de fevereiro, de museus e outros centros museísticos da Galiza (Lei 7/2021, do 17 de fevereiro, de museus e outros centros museísticos da Galiza, 2021). Pela sua parte, a Lei 1/2021, do 8 de janeiro, de ordenação do território da Galiza, estabelece entre os seus objetivos a proteção e valorização do património cultural, fomentando a utilização sustentável, a conservação e reabilitação (Lei 1/2021, do 8 de janeiro, de ordenação do território da Galiza, 2021). Estas leis – junto com outras normas sectoriais – conformam o enquadramento normativo autonómico em matéria de cultura, desenvolvendo e concretizando as competências reconhecidas no Estatuto de Autonomia; tal como fica recolhido na tabela-resumo 1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tabela 1. Principais tratados ou textos legislativos internacionais, europeus, espanhóis e galegos que recolhem o conceito de "cultura" como direito

INSTITUIÇÃO	TRATADO	ANO	ARTIGO(S) RELEVANTE(S)	CONTEÚDO EM CHAVE CULTURAL
ONU	DUDH	1948	Art. 22 e 27	Reconhece o direito à satisfação dos direitos económicos, sociais e culturais, e o direito a participar na vida cultural da comunidade.
	CIEFDR	1965	Art. 5	Proíbe a discriminação racial e garante a igualdade no gozo do direito a participar nas atividades culturais.
	PIDESC	1966	Art. 15	Reconhece o direito a participar na vida cultural, gozar dos benefícios do progresso científico e beneficiar-se da proteção dos interesses morais e materiais derivados da autoria.
	PIDCP	1966	Art. 1 e 27	Reconhece o direito dos povos à livre determinação e o direito das minorias a ter a sua própria vida cultural, religião e idioma.
	CETFDCM	1979	Art. 13	Insta a eliminar a discriminação contra a mulher e assegurar a igualdade no direito a participar na vida cultural.
	CDN	1989	Art. 29 e 31	Reconhece o direito da criança à educação que inculque o respeito da sua identidade cultural e o direito a participar na vida cultural e nas artes.
	CIDPD	2006	Art. 30	Reconhece o direito das pessoas com deficiência a participar na vida cultural e obriga a assegurar o acesso a atividades e espaços culturais.
	DNUDPI	2007	Vários artigos	Reconhece o direito dos povos indígenas a praticar e revitalizar as suas tradições e costumes culturais, manter e proteger os seus lugares arqueológicos e históricos, e recuperar os seus bens culturais.
UNESCO	Convenção para a Salvaguarda do Património Cultural Imaterial	2003	-	Reconhece a importância do património cultural imaterial como garante da diversidade cultural e a sua contribuição para o desenvolvimento sustentável.
	CPPDEC	2005	Art. 2	Reafirma o direito soberano dos Estados a formular e aplicar políticas culturais e adotar medidas para proteger a diversidade cultural.

CONSELHO DA EUROPA	CEDH	1950	Art. 10, 11 e 14	Protege direitos relacionados com a cultura, como a liberdade de expressão, reunião, associação e proibição da discriminação.
	CCE	1954	Art. 1 e 2	Destaca a importância de fomentar o estudo, intercâmbio e circulação cultural entre os Estados-membros.
	CSE	1961	Art. 13 e 14	Reconhece o direito a receber assistência social e médica e beneficiar de serviços de bem-estar social, assenta bases para direitos sociais vinculados à cultura.
	CEPPA	1969	-	Obriga a adotar medidas para a proteção do património arqueológico.
	CSPAE	1985	-	Insta a adotar políticas de conservação integrada do património arquitetónico.
	CECC	1992	-	Procura promover a coprodução cinematográfica europeia e fomentar a circulação de filmes europeus.
	CMPMN	1995	Art. 5	Obriga a promover as condições para que as minorias mantenham e desenvolvam a sua cultura e preservem a sua identidade.
	Convenção sobre a Proteção do Património Audiovisual Europeu	2001	-	Garante a proteção do património audiovisual europeu e a sua apreciação como uma forma de arte e testemunho da história da sociedade europeia.
	Convenção de Faro	2005	-	Reconhece a necessidade de envolver todos na sociedade na definição e gestão do património cultural, e insta a fomentar processos participativos.
OEI	Carta Cultural Ibero-americana	2006	-	Concebe a cultura como um direito humano fundamental e destaca a obrigação dos Estados de implementar políticas que promovam a inclusão, coesão social e diversidade cultural.
OUA/UA	Carta Africana sobre os Direitos Humanos e dos Povos	1981	Art. 17	Estabelece que todo o indivíduo pode participar livremente na vida cultural da sua comunidade e que a promoção e proteção da moral e dos valores tradicionais é um dever do Estado.
	Carta do Renascimento Cultural Africano	2006	-	Destaca a importância da cultura para o desenvolvimento sustentável e a integração do continente, e apela aos Estados para ratificar as convenções culturais internacionais.
UE	TFUE	2012	Art. 167	Estabelece que a UE contribuirá para o florescimento das culturas dos Estados-membros, respeitando a sua diversidade e pondo em relevo o património cultural comum.
	CDFUE	2000	Art. 22	Afirma que a UE respeita a diversidade cultural, religiosa e linguística.

ESPANHA	Constituição espanhola	1978	Art. 3.3, 9.2, 25.2, 27.2, 44.1, 46, 48, 148.1.17, 149.2	Consagra o direito à cultura como um direito fundamental, obriga os poderes públicos a promover e tutelar o acesso à cultura, e estabelece a distribuição de competências em matéria cultural.
GALIZA	Estatuto de Autonomia da Galiza	1981	Art. 4.2, 5.3, 27.19, 32, 35.3	Reconhece a competência autonómica em matéria de cultura, destaca a responsabilidade dos poderes públicos na promoção da cultura galega e a defesa dos valores culturais do povo galego.
	Lei 5/2016	2016	-	Tem por objeto a proteção, conservação, acrescentamento, difusão e fomento do património cultural da Galiza.
	Lei 7/2021	2021	-	Regula o Sistema Galego de Museus e outros centros museísticos, garantindo a proteção e promoção do património cultural custodiado.
	Lei 1/2021	2021	-	Estabelece entre os seus objetivos a proteção e valorização do património cultural, fomentando a sua utilização sustentável e conservação.

Fonte. Elaboração própria.

Apesar do reconhecimento do direito à cultura nos tratados internacionais e na legislação estatal e autonómica, a aplicação efetiva enfrenta diversos desafios como a falta de concretização do conteúdo e alcance deste direito, o que dificulta a exigibilidade e justiciabilidade (Escobar Roca e Ronchi, 2012); pois em muitos casos não se especificam as medidas concretas que devem adotar-se para garantir o seu pleno exercício.

Ademais, a falta de recursos limita a promoção e proteção da cultura; já que, em numerosas ocasiões, as políticas culturais não se consideram prioritárias na atribuição de recursos públicos, o que pode cercenar a capacidade dos poderes públicos para adotar medidas adequadas para o fomento e proteção da cultura. A isto acrescenta-se a crise económica e as políticas de austeridade aplicadas nos últimos anos em muitos países, reduzindo os orçamentos destinados às políticas culturais e pondo em risco a sustentabilidade de muitas iniciativas culturais. A isto há que acrescentar a falta de participação cidadã na tomada de decisões sobre políticas culturais que, em muitos casos, são desenhadas e implementadas sem considerar as necessidades e demandas da cidadania, pelo que não contam com o seu apoio e implicação. Ademais, a globalização e a digitalização apresentam desafios para a promoção da diversidade cultural, já que a crescente homogeneização cultural supõe um risco para a sobrevivência de culturas minorizadas e tradições locais; ao tempo que a digitalização transforma os modos de produção, distribuição e consumo cultural, requerendo adaptações aos novos cenários sociais e contextuais.

Com tudo, também comportam oportunidades para avançar na aplicação do direito à cultura; já que o desenvolvimento de indicadores e standards internacionais ajuda a concretizar o seu conteúdo e alcance (Escobar Roca e Ronchi, 2012). Assim, o fortalecimento dos mecanismos de cooperação internacional mobilizará recursos, ajudará a compartilhar boas práticas para a promoção e proteção da cultura, e fomentará a participação cidadã no processo de tomada de decisões sobre políticas culturais; uns fatores que facilitarão o desenho de políticas mais inclusivas, representativas e participativas. O reconhecimento da cultura como um direito fundamental constitui um avanço significativo no referido a garantir o acesso e a participação na vida cultural de todas as pessoas, assim como a necessidade de proteger a diversidade e direitos culturais dos grupos minoritários.

Em definitivo, o direito à cultura constitui um pilar essencial para o desenvolvimento humano e a coesão social. A sua promoção e proteção requer de um compromisso sustido por parte dos poderes públicos, assim como da participação ativa da cidadania na vida cultural; só assim será possível construir sociedades mais inclusivas, diversas e democráticas, nas quais todas as pessoas – independentemente da sua condição – possam gozar plenamente dos direitos culturais.

1.1.6 Políticas Culturais. Um constructo mais além que uma soma de conceitos

Uma vez explicado o significado da(s) política(s) e cultura(s) aprofundar-se-á no conceito de políticas culturais, que procuram fomentar e proteger a cultura em todas as suas formas (Caride, 2005; Caride e Meira, 2000). Assim, constituem um âmbito fundamental para a gestão e regulação da cultura, abarcando aspetos-chave como a identidade, a diversidade, o património, as artes, a educação e a participação cidadã. Como assinala Ander-Egg (1984), estas políticas emergem como um conjunto de linhas, diretrizes, estratégias e ações implementadas pelos

USC DE SANTIAGO

governos e outras organizações para preservar, promover e desenvolver as manifestações culturais de uma determinada sociedade.

Uma das suas principais funções é garantir o acesso equitativo à cultura para toda a população, independentemente da sua condição socioeconómica (Ander-Egg, 1992); um facto que implica a democratização da cultura para facilitar o acesso universal a bens e serviços culturais de forma inclusiva e não discriminatória, eliminando barreiras económicas, geográficas e/ou sociais. Neste sentido, desempenham um papel determinante na luta contra a exclusão cultural e a fratura entre classes sociais no acesso à cultura (Zallo, 2017). Ademais, procuram fomentar a criação artística e a expressão cultural, reconhecendo o valor da criatividade e a liberdade de expressão como elementos fundamentais para o desenvolvimento humano (Trilla, 2011). Uma circunstância que implica o apoio e financiamento à produção artística e cultural através de subvenções, bolsas, residências e outros programas que promovam a criação e difusão das artes (Bonet, 1999). Outro pilar fundamental no qual se assentam é a preservação do património cultural material e imaterial, salvaguardando os bens culturais que conformam a identidade e a memória coletiva; o que requer de políticas de inventariação, catalogação, restauração e valorização do património histórico-artístico, arquitetónico, arqueológico e etnográfico de uma sociedade (Rausell Köster et al., 2007), além da proteção das tradições, expressões orais, artes cénicas, conhecimentos e técnicas tradicionais que constituem o património imaterial.

Com base nestas argumentações, as políticas culturais também desempenham um papel essencial na construção de identidades coletivas e na promoção do diálogo intercultural; pois contribuem a reconhecer e valorar a diversidade cultural, fomentando uma educação intercultural que respeite o pluralismo e ao diálogo entre culturas (Rius-Ulldemolins e Rubio, 2016), a convivência pacífica, a coesão social e a integração harmónica das distintas comunidades (Caride, 2016). Igualmente, têm um impacto significativo no âmbito socioeducativo, já que influem na formação de valores, atitudes e habilidades dos indivíduos e das comunidades; já que fomenta o pensamento crítico, a criatividade, a estética e a compreensão intercultural (Quintana, 1993), contribuindo ao desenvolvimento integral dos cidadãos e à formação de públicos informados e críticos (Ariño, 2010).

Neste sentido, as políticas culturais atuam como ferramentas para a animação sociocultural porque facilitam a participação cidadã em atividades culturais e a criação de espaços de encontro e intercâmbio comunitário (Gillet, 2006), nos quais se promove a aprendizagem e o enriquecimento mútuo entre os diferentes grupos sociais e culturais, fortalecendo os laços comunitários e fomentando a convivência (Pérez-Sérrano e Pérez de Guzmán, 2023). Porém, as políticas culturais hão de adaptar-se ao contexto local, às necessidades e às características sociais, económicas e culturais de cada comunidade (Pose-Porto, 2006); um facto que requer um conhecimento profundo das realidades territoriais e uma participação ativa da cidadania para a implementação de políticas pertinentes e sustentáveis (Pérez-Sérrano e Sarrate, 2013). Daí a necessidade de integrar mecanismos de consulta e participação cidadã, como conselhos culturais, fóruns públicos, processos de avaliação participativa, entre outros, que – além de considerar as demandas e necessidades das diferentes comunidades e grupos sociais – fomentem o respeito à diversidade e evitem a homogeneização de modelos culturais (Cuenca Cabeza, 2011). Também é preciso considerar o financiamento e a atribuição de recursos para a implementação efetiva das políticas culturais; já que implica a dotação de orçamentos adequados para o desenvolvimento de programas, infraestruturas e serviços culturais, assim como a procura de fontes de financiamento diversificadas, como patrocínios privados, contribuições da sociedade civil e cooperação internacional (Úcar, 1997).

Nesta lógica considera-se necessária a sua articulação com outras políticas públicas relacionadas com a educação, o desenvolvimento urbano, o turismo e o meio ambiente, a fim de maximizar o seu impacto e contribuir a um desenvolvimento mais integral e sustentável das sociedades. Neste sentido, requer-se de uma coordenação interinstitucional e intersectorial que permita garantir a coerência e a eficácia das diferentes intervenções (Caride, 2016).

Em síntese, as políticas culturais configuram-se como instrumentos essenciais para promover a diversidade cultural, o acesso equitativo à cultura, a criação artística, a preservação do património e a coesão social; pois contribuem ao desenvolvimento sustentável das sociedades, fortalecendo a identidade coletiva, o diálogo intercultural e a formação integral da cidadania. Umas políticas que hão de converter-se num pilar fundamental para o progresso social, educativo e humano; daí a necessidade de desenhá-las e implementá-las de forma contextualizada, participativa e interdisciplinar, para legitimar a sua pertinência, sustentabilidade e impacto positivo nas diferentes comunidades.

1.2 A COSMOVISÃO DAS POLÍTICAS CULTURAIS NOS CONTEXTOS EUROPEUS. PERCURSO HISTÓRICO DE UM (QUASE) SÉCULO

O presente apartado pretende realizar uma revisão global da origem, história e evolução das políticas culturais europeias, identificando os inícios assim como os eventos, contextos e instituições que resultaram chave no seu desenvolvimento, além de indagar a sua incidência no contexto galego contemporâneo; o que ajudará a detetar os principais paradigmas e modelos de políticas culturais nos quais se fundamentam. Cumpre salientar que a decisão de tomar como referente a história europeia deve-se exclusivamente à contextualização do âmbito de estudo. Assim, e apesar de que no contexto europeu a intervenção da política no âmbito da cultura não é um fenómeno recente – pois remonta ao Século das Luzes –, para interpretar as políticas culturais como uma forma ativa de vontade política dependente das administrações públicas, é necessário centrar a atenção numa época histórica mais contemporânea. Assim, os modelos de políticas culturais vigentes têm a sua origem a meados do século XX, fruto da crise e posterior colapso da sociedade ocidental derivado das duas grandes Guerras Mundiais e as consequentes transformações políticas e sociais (Úcar, 1992).

Se bem é certo que determinados contextos territoriais, sociais e políticos condicionaram a sua expansão de modo proporcional (Négrier, 2007), não pode negar-se a influência geral que supuseram distintas entidades supranacionais (como o Conselho da Europa ou a UNESCO) ou diferentes territórios (principalmente o Estado francês) no contexto europeu. Ainda que resulte complexo construir um discurso coerente que integre as diversas realidades contextuais das políticas culturais sem sobrepor questões-chave, adotou-se como critério a evolução temporal (frente à construção do discurso por territórios ou entidades), pois a exposição resultava mais clara. Deste modo, a análise das políticas culturais europeias abarcará desde os anos 40 do século XX – após as mudanças derivadas da Segunda Guerra Mundial – até à primeira década do presente século.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.2.1 Década de 40 do século XX. Da criação da ONU (e agências dependentes) ao Conselho da Europa. Instituições-chave na criação das Políticas Culturais na Europa do pós-guerra.

Após o fracasso do projeto da Sociedade das Nações e o colapso social e político derivado da Segunda Guerra Mundial, surgiu a necessidade de estabelecer uma instituição de carácter mundial que garantisse a paz e a segurança internacional. Assim é como, a 24 de outubro do ano 1945 se constitui a Organização das Nações Unidas (ONU), uma entidade intergovernamental que nascia com o firme propósito de fomentar as relações de amizade entre as nações, promover o progresso das sociedades e, sobre tudo, evitar o desencadeamento de futuros conflitos bélicos de escala global.

No âmbito das políticas culturais, a ONU desempenha um papel de suma importância, principalmente através da criação – a 16 de novembro do ano 1945 – da Organização das Nações Unidas para a Educação, a Ciência e a Cultura (UNESCO, nas suas siglas em inglês). Esta agência especializada das Nações Unidas tem como missão contribuir à consolidação da paz e a segurança no mundo mediante o fomento da educação, o avanço científico e o diálogo intercultural mediante uma série de instrumentos normativos (três declarações, vinte e três convenções e dezoito recomendações relativas à cultura). No mesmo período, a ONU promulga – a 10 de dezembro de 1948 – a Declaração Universal dos Direitos Humanos (DUDH), no qual se reconhece a cultura como um direito inalienável de todos os seres humanos.

Paralelamente, a finais da década dos anos quarenta, e mais concretamente no ano 1949, surge no velho continente o Conselho da Europa, um organismo internacional de âmbito regional com o objetivo de promover, através da cooperação entre os Estados da Europa, a configuração de um espaço político e jurídico comum, cimentado nos valores da democracia, o respeito aos direitos humanos e o império da lei. Ao longo das seguintes décadas, esta instituição chega a converter-se num ator de grande relevância no âmbito cultural, contribuindo de maneira significativa ao desenvolvimento e fortalecimento das políticas culturais no continente, promovendo treze declarações, oitenta e quatro recomendações, trinta e cinco resoluções e dois textos-chave que suscitaram um profundo impacto no panorama cultural europeu[1].

Em síntese, a década dos anos 40 caracterizou-se principalmente pela criação da ONU e a UNESCO, assim como pelo estabelecimento do Conselho da Europa; umas instituições que supuseram marcos históricos que marcaram um ponto de inflexão no desenvolvimento das

[1]Ficam excluídas outras Convenções relacionadas com a cultura promovidas pelo Conselho da Europa, ao estarem estas centradas no Património Cultural e nos Itinerários Culturais em vez da promoção concreta de Políticas Culturais. Mantém-se como única exceção o ***Convénio Cultural Europeu***, pela importância que este documento terá em textos futuros em chave cultural. Entre estes textos que não ficam recolhidos neste percurso histórico, incluem-se o *Convénio Europeu para a Proteção do Património Arqueológico*, assinado em Londres a 6 de maio de 1969, como resultado da evolução das políticas urbanísticas nos países europeus; o *Convénio sobre Delitos contra a Propriedade Cultural*, assinado em Delfos a 23 de junho de 1985; o *Convénio para a Proteção do Património Arquitetónico da Europa*, assinado em Granada a 3 de outubro de 1985; o *Convénio Europeu sobre a Proteção do Património Arqueológico*, que é uma revisão do de 1969, ratificado em Valetta a 16 de janeiro de 1992; o *Convénio Europeu da Paisagem*, estabelecido em Florença a 20 de outubro de 2000; e o *Convénio Quadro do Conselho da Europa sobre o Valor do Património Cultural para a Sociedade* de 2015, entre outros exemplos. Mais informação em
https://www.coe.int/en/web/culture-and-heritage/texts-of-reference

políticas culturais a nível mundial e regional. Ditas entidades, surgidas no contexto posterior à Segunda Guerra Mundial, assentaram as bases para a construção de um enquadramento normativo e de cooperação internacional que situa a cultura como um elemento central na promoção da paz, o entendimento mútuo e o progresso das sociedades.

1.2.2 Década dos 50 do século XX. Da criação da Convenção Cultural Europeia à proclamação da França como estado de referência em Políticas Culturais

A década dos anos 50 caracteriza-se principalmente pela evolução das políticas culturais no contexto europeu, com especial ênfase no papel desempenhado pelo Conselho da Europa e o modelo francês na configuração das diretrizes e enfoques que marcaram o desenvolvimento destas políticas nas décadas posteriores à Segunda Guerra Mundial. Assim, tentar-se-á analisar como o Conselho da Europa – através de diferentes iniciativas – elucidou as competências em matéria cultural para os Estados membros, introduzindo conceitos-chave vinculados à cultura. O presente apartado tratará de explicar o caso paradigmático da França, pois as suas iniciativas marcaram um marco na intervenção estatal no âmbito cultural. Com este percurso, pretende-se oferecer uma visão panorâmica das origens e a evolução das políticas culturais europeias, além de refletir sobre as implicações e desafios que comporta na promoção da participação cidadã e a inclusão social no âmbito da cultura na década dos anos 50 do passado século.

Com tudo, a importância da cultura descentralizada desde os contextos locais como chave de estratégias de desenvolvimento comunitário da democracia cultural e da participação, ficaria recolhida séculos mais tarde na Agenda 21 da Cultura; um documento de referência adotado em 2004 pelas cidades e governos locais de todo o mundo, situando a cultura no centro das políticas urbanas e destacando a importância da participação cidadã para impulsionar a vida cultural.

Mais além das instituições e documentos de referência mencionados com anterioridade, o Conselho da Europa erige-se como um dos organismos pioneiros na definição das diretrizes que conformariam as futuras Políticas Culturais Europeias. Neste contexto, procede-se – em Paris, no ano 1954 – à assinatura da Convenção Cultural Europeia, um documento que – embora esteja mais focalizado no património europeu e nos Itinerários Culturais – delega nos Estados as competências em chave cultural, ao tempo que apresenta ideias para impulsionar a democratização cultural (Conseil de l'Europe, 1954). Esta convenção constituirá o ponto de partida para o desenvolvimento de políticas culturais em toda a Europa, servindo como início para a criação de ministérios e agências dedicadas à cultura nos diferentes países.

No âmbito académico existe um amplo consenso ao afirmar que a França se erige como pioneira no desenvolvimento de práticas para a configuração de um modelo de Estado como interventor no âmbito cultural; um novo paradigma caracterizado pela implicação direta das instituições estatais na definição e implementação de linhas estratégicas em matéria de cultura, transcendendo o papel subsidiário que vinha desempenhando até ao momento. Deste modo, o caso francês marca um ponto de inflexão na conceção das políticas culturais, pois situa o Estado como um agente-chave na promoção, difusão e democratização do acesso à cultura, assentando um precedente que influirá na evolução das políticas culturais noutros países europeus – fundamentalmente mediterrânicos – nas décadas posteriores.

Neste contexto, cria-se no ano 1959 o Ministério de Assuntos Culturais – Ministère des Affaires Culturelles –, sob o auspício e direção de André Malraux; uma entidade com uma visão

marcadamente centralista da cultura, que tem como objetivo impulsionar o acesso às obras artísticas de referência em todo o território nacional. Esta iniciativa supõe um marco histórico, ao ser o primeiro ministério dedicado exclusivamente à cultura na Europa, marcando uma mudança de paradigma no papel do Estado em relação ao âmbito cultural. Assim, o conceito de cultura entende-se como um sinónimo de manifestações artísticas (a pintura ou a escultura) de criadores de grande reputação. Porém, para alcançar tal fim, o Ministério impulsiona a criação das denominadas Casas da Cultura – Maisons de la Culture –, um equipamento cultural concebido como um instrumento para a difusão da conhecida como "cultura de massas" que, porém, não estariam isentas de críticas ao questionar a efetividade real na democratização da cultura. Diversas autorias questionam a capacidade destas instituições para lograr uma verdadeira inclusão e participação de todos os estratos sociais; já que o elitismo cultural que tradicionalmente caracterizou o acesso às manifestações artísticas ajudavam a perpetuar estruturas de desigualdade no âmbito cultural (Bourdieu e Darbel, 1992; Bouzada, 1999; Planas, 2013). Apesar destas críticas, o modelo de políticas culturais francês teve grande impacto a nível internacional, influindo no desenvolvimento de políticas similares noutros países europeus e assentando as bases para o que se conheceria como o Estado cultural – L'État culturel –. Este conceito, cunhado pelo sociólogo francês Philippe Urfalino, alude ao papel central que assume o Estado na definição e implementação das políticas culturais, convertendo a cultura num assunto de interesse público e numa ferramenta para a coesão social e a construção da identidade nacional (Urfalino, 1996).

A análise da evolução das políticas culturais no contexto europeu, com especial atenção ao papel do Conselho da Europa e ao modelo francês, revela a crescente implicação dos Estados na definição e implementação de estratégias orientadas à democratização do acesso à cultura nessa década, embora o debate que questiona a sua efetividade na inclusão e participação de todos os estratos sociais.

1.2.3 Década dos 60 do século XX. Da criação do Conselho de Cooperação Cultural à influência do Maio de 68 na transformação do modelo de políticas culturais europeias

Como mostra do compromisso a favor da cultura, o Conselho da Europa cria no ano 1962 o Conselho de Cooperação Cultural (CCC); uma entidade que pretendia desenvolver investigações no âmbito da cultura e a educação na Europa com o objetivo de renová-las e impulsioná-las; e desempenhou um papel-chave na promoção da cooperação cultural entre os Estados membros do Conselho da Europa, fomentando o intercâmbio de informação e experiências, assim como a implementação de iniciativas conjuntas no âmbito da cultura e a educação.

Ainda que a finais da década passada se começasse a desenvolver uma política cultural centralizada desde o Ministério de Assuntos Culturais francês, este modelo fracassa nos anos 60 por múltiplas circunstâncias, entre as quais destaca o alto custo e a dificuldade de acesso à cultura da maior parte da cidadania.

A crescente agitação e rejeição contra o capitalismo e a sociedade de consumo deriva nas protestas do Maio de 68 – ou Maio Francês –; umas críticas contra um modelo de políticas culturais baseado quase em exclusivo na democratização cultural que se dava nas Casas da Cultura e nos equipamentos culturais. Daí que as Casas de Cultura evoluíssem para os Centros de Ação Cultural – Centres D'action Culturelle –, mais próximos aos contextos locais que

procuravam promover o associativismo e a cultura endógena da comunidade, superando a visão elitista da cultura. Todos estes acontecimentos ajudaram a criar as bases de umas políticas culturais centradas no âmbito municipal, fornecidas por estratégias dirigidas à consecução de uma democracia cultural, tendo o seu máximo apogeu na etapa liderada pelo ministro Jacques Duhamel (Bouzada, 1999; Planas, 2013). Estas mudanças no modelo de políticas culturais francesas assentaram um precedente importante para outros países europeus, pois começaram a adotar enfoques mais descentralizados e participativos na gestão da cultura a nível local.

Pouco depois –concretamente a 4 de novembro de 1966– a UNESCO promove a Declaração dos Princípios da Cooperação Cultural Internacional; um documento que enfatiza a necessidade de que a paz – baseada na solidariedade intelectual e moral da humanidade – sirva para conhecer a dignidade e o valor de todas as culturas que formam parte do património da humanidade. Deste modo, a Declaração estabelece como objetivos fundamentais difundir conhecimentos, enriquecer culturas, desenvolver relações pacíficas que ajudem a promover a amizade entre os povos, assim como melhorar as condições de vida espiritual e material do ser humano em todas as regiões do mundo; além de respeitar a identidade própria de cada cultura, pois é um direito e um dever de todos os povos e nações. No mesmo documento, contempla-se a necessidade de estabelecer vínculos estáveis, duradouros e recíprocos entre os povos no benefício de todas as nações.

Neste sentido, considera-se que os Estados devem basear as suas relações culturais nos princípios das Nações Unidas, respeitando a igualdade soberana dos Estados e abstendo-se de intervir em assuntos de competência nacional, enquanto se respeitam os direitos humanos e as liberdades fundamentais (Organização das Nações Unidas para a Educação, a Ciência e a Cultura, 1996). Esta declaração da UNESCO supôs um marco importante no reconhecimento da importância da cooperação cultural internacional e do respeito à diversidade cultural, assentando as bases para o desenvolvimento de políticas culturais mais inclusivas e plurais a nível global.

1.2.4 Década dos 70 do século XX. Da Conferência de Veneza ao Colóquio sobre o Futuro do Desenvolvimento Cultural como referentes dos modelos de políticas culturais do momento

A partir de finais dos anos 60, o Conselho da Europa começa a mudar os seus objetivos em chave cultural e começa a dar-se-lhe maior visibilidade – e reconhecimento – à cultura de contextos locais, adotando os princípios de democracia cultural impulsionados desde a França. Estas ideias estendem-se de tal forma que comporta um ponto de inflexão, dando lugar à Primeira Conferência Intergovernamental Sobre os Aspetos Institucionais, Administrativos e Financeiros das Políticas Culturais[2] –Conferência de Veneza de 1970– promulgada pela UNESCO (Bouzada, 1999). Esta declaração supõe uma importante reflexão respetivamente ao papel da cultura no desenvolvimento das sociedades, aprofundando nalgumas das questões já apontadas na Conferência de Veneza e aportando novas perspetivas sobre os desafios futuros.

[2] Embora este seja um documento fundamental para compreender as políticas culturais da Europa, ele não é incluído entre os instrumentos normativos — declarações, convenções e recomendações relativas à cultura — reconhecidos pela UNESCO. Mais informações em: https://www.unesco.org/es/legal-affairs/standard-setting

Nesta conferência alude-se a diferentes temas relacionados com a cultura e a educação, propondo que seja a UNESCO a encarregada de organizar reuniões regionais, sugerindo declarar o ano 1975 como o Ano Internacional do Desenvolvimento Cultural. Neste sentido, recomenda-se que os Estados Membros e a UNESCO promovam intercâmbios culturais internacionais baseados no respeito aos princípios do direito internacional, enfatizando a importância do respeito à conservação e proteção de todas as culturas, especialmente naquelas situações de conflito armado. A conferência reconhece a dignidade de todas as culturas e o direito de cada povo a desenvolver a sua cultura; ao tempo que destaca a importância do desenvolvimento cultural para os países em desenvolvimento e a necessidade de proteger as culturas nacionais.

Entre as suas funções, a UNESCO deveria ajudar a proteger as culturas originárias, organizar intercâmbios internacionais sobre a conservação das culturas, incluir projetos para o fomento das tradições orais, estudar a possibilidade de estabelecer um centro de intercâmbio de informação sobre culturas pré-industriais, realizar estudos sobre os efeitos da urbanização nas culturas rurais, e ajudar a estabelecer a infraestrutura necessária para os serviços de rádio e televisão. Ademais, insta aos Estados a incorporar os artistas na formulação de políticas culturais assim como apoiar a labor do Instituto Internacional Audiovisual da Música, da Dança e do Teatro (IIAMDT), enfatizando a importância da educação para a cultura e recomenda que os docentes adquiram conhecimentos culturais. Destaca-se a necessidade de fomentar a educação permanente e a participação ativa na cultura; reconhecem-se os avanços técnicos em comunicações audiovisuais e a necessidade de proteger os direitos dos artistas. Desde as resoluções gerais também se impulsiona a participação de organizações não governamentais em políticas culturais, além de contemplar o impacto do turismo no património cultural promovendo medidas para a sua proteção e apreciação.

No mesmo documento, no seu apartado terceiro, alude-se a "Resoluções e recomendações relativas ao fomento e a organização do desenvolvimento cultural pelas autoridades públicas, às investigações sobre as políticas culturais, à cooperação cultural internacional e ao papel da Unesco na esfera das políticas culturais", e estabelecem-se uma série de medidas que procuram abordar o fomento e a organização do desenvolvimento cultural pelos poderes públicos e a cooperação cultural internacional. Assim, reconhece-se a cultura como um direito humano inalienável e indivisível, e insta aos Estados Membros a facilitar a circulação internacional de materiais educativos, científicos e culturais; destaca o desenvolvimento cultural e recomenda o estabelecimento de fundações culturais nacionais e internacionais. A este respeito, sugere-se que a UNESCO deveria estabelecer um centro internacional audiovisual – de carácter não comercial – para as artes teatrais, e também reconhece a igualdade das culturas e a universalidade do património cultural, pedindo aos países com maiores recursos económicos que aumentem a assistência aos países mais empobrecidos em relação com o seu património cultural. Assim, entre as recomendações, também se contempla que os Estados Membros dediquem uma proporção adequada dos seus orçamentos nacionais ao desenvolvimento cultural e que a UNESCO priorize o estudo e a difusão dos princípios e métodos das políticas culturais.

Assinala que as políticas culturais devem basear-se em dados objetivos e adequados, observando a complexidade das tarefas que caracterizam o desenvolvimento cultural e fomentando estudos que permitam formular estratégias de ação cultural. Também destaca a responsabilidade dos governos e a comunidade de nações na conservação e desenvolvimento de culturas nacionais ou locais, especialmente aquelas em risco de alteração ou desaparecimento, centrando-se no papel dos meios audiovisuais, especialmente o cinema e a televisão, na cultura e na educação. Neste sentido, convida-se a UNESCO a estudar como

remediar as diferenças de desenvolvimento dos meios de informação entre países e a cooperar com outras organizações das Nações Unidas para preparar instrumentos internacionais que assegurem o respeito do princípio de igualdade das culturas na utilização dos novos meios de comunicação. E também se reconhece o crescente interesse da juventude nas questões culturais, tratando de desenvolver investigações relativas à juventude no progresso cultural da sociedade. Finalmente, também se põe o foco de atenção na escola, como um instrumento para a democratização da cultura, impulsionando estudos sobre o lugar e os métodos da educação estética no ensino geral (Organização das Nações Unidas para a Educação, a Ciência e a Cultura, 1970).

Pouco depois, a 11 de abril de 1972 no Colóquio sobre o Futuro do Desenvolvimento Cultural do Conselho da Europa adota-se a Declaração de Arc-et-Senans, um documento que segue as linhas estabelecidas pela UNESCO dois anos antes; uma declaração que supõe uma reflexão respetivamente ao papel da cultura no desenvolvimento das sociedades, aprofundando nalgumas das questões apontadas na Conferência de Veneza. Neste encontro, aborda-se o futuro do desenvolvimento cultural, destacando a importância das futuras políticas de ação cultural e advertindo sobre os perigos de um desenvolvimento industrial não regulado. Nele argumenta-se que a cultura deve ser (re)afirmada para transformar o crescimento quantitativo numa melhoria da qualidade de vida, e enfatiza que qualquer política cultural tem – e deveria ter – uma dimensão ética. Este documento também sustém que a cultura moderna vai mais além da arte e das humanidades, e inclui a educação, os meios de comunicação e as indústrias culturais; ao tempo que assinala uma crise no sistema educativo e defende a sua transformação para uma educação permanente. Critica a sobressaturação de informação dos meios de comunicação e o enfoque de lucro das indústrias culturais, e propõe uma ação imediata para reformar a educação, regular os meios de comunicação, implementar políticas para as indústrias culturais e promover uma "democracia cultural".

Finalmente, a declaração defende uma política cultural que desenvolva formas de expressão e seja garante da liberdade de uso, reconhecendo o direito da pessoa a um modo de vida significativo e fomentando a criatividade. Ademais, propõe uma mudança de política orientada a substituir o consumo passivo pela criatividade individual, a romper o controlo restritivo da tecnologia, a promover a diversidade de expressão cultural, a priorizar a harmonia entre as pessoas e o seu entorno, assim como a proteger os grupos e pessoas com habilidades criativas, além de responder a outro tipo de impactos futuros, referidos à necessidade de investigação fundamental e experimentação para encontrar soluções efetivas neste campo de estudo (Conseil de l'Europe, 1972). Em conjunto, a Declaração de Arc-et-Senans supõe – num momento de profundas transformações sociais, económicas e tecnológicas – um apelo à ação para situar a cultura no centro das políticas de desenvolvimento.

1.2.5 Década dos 80 do século XX. Do modelo municipalista à cultura como bem de produção económica

Os anos 80 do século XX estiveram marcados pela construção do conceito de políticas culturais sob a visão do Conselho da Europa, quem elaborou quatro declarações nessa década: a Declaração sobre a intolerância: uma ameaça para a democracia (1981), a Declaração de Bremen "Cidade e cultura: novas respostas aos problemas culturais" (1983), Declaração Europeia de Objetivos Culturais, adotada em Berlim em 1984 e a Declaração de Florença "Cultura e regiões: ação cultural no contexto regional" (1987). Estas declarações supõem um importante avanço na definição de um enquadramento conceptual e estratégico para as políticas

culturais a nível europeu, ainda que também reflitam as tensões e contradições próprias de um período de profundas transformações sociais, políticas e económicas. Nesta década, cumpre destacar o papel da Federação Internacional de Conselhos de Artes e Agências Culturais (IFACCA), criada em 1980 para a promoção da cooperação cultural internacional e o intercâmbio de boas práticas entre os estados membros, assim como a implementação do Compendium de Políticas e Tendências Culturais na Europa; uma valiosa fonte de informação comparativa sobre as políticas culturais dos diferentes países europeus.

Respetivamente à primeira das Declarações, destaca a relevância da tolerância, o respeito pela dignidade e a igualdade de todos os seres humanos como pilares fundamentais de uma sociedade democrática. Manifesta a sua inquietação pelo ressurgimento da intolerância, condena todas as suas manifestações e rejeita as ideologias que menosprezam a pessoa. A declaração sublinha a necessidade de intensificar os esforços para travar a expansão de ideologias totalitárias e racistas, e fomenta a consciência dos direitos humanos mediante as políticas culturais e a educação. Ademais, anima a trabalhar para que estes princípios se apliquem noutras organizações internacionais (Conseil de l'Europe, 1981).

A importância da cultura descentralizada desde os contextos locais como chave de estratégias para o desenvolvimento comunitário de uma democracia cultural e da participação, ficaria também recolhida na Declaração de Bremen "Cidade e cultura: novas respostas aos problemas culturais" (1983); um documento no qual se manifesta o compromisso das cidades europeias a favor do fomento da cultura a nível local e regional, além da colaboração europeia para implementar uma estratégia cultural própria.

O texto exorta aos governos a descentralizar a cultura, atribuir os recursos necessários para impulsionar atividades culturais e respaldar a diversidade cultural; e sublinha a importância da participação na vida cultural local e a necessidade de aproximar a infraestrutura cultural às pessoas nos seus lugares de residência; além de advogar por uma reavaliação das prioridades, a transferência de responsabilidades a grupos comunitários e o apoio a experiências culturais. Solicita, assim mesmo, uma solução à contribuição financeira das autoridades nacionais e regionais aos serviços culturais das cidades e fomenta a atividade cultural das pequenas autoridades locais. Neste sentido, destaca a importância da iniciativa cidadã para a inovação e a criatividade cultural, e expressa preocupação pelo aumento da xenofobia na Europa; tratando de impulsionar iniciativas que ajudem a reconhecer a natureza multiétnica, apoiando as culturas das minorias étnicas e permitindo às pessoas migrantes manter contacto com a sua cultura de origem e integrar-se no seu país de residência.

A Declaração enfatiza a responsabilidade das escolas na formação dos jovens para a autonomia e a participação na sociedade, e propõe a criação de uma rede descentralizada de intervenção e estimulação para os jovens. Destaca ademais o papel do turismo cultural e educativo na promoção da compreensão e a unidade europeia, e assinala que as cidades devem tomar medidas para fomentar um melhor conhecimento do estilo de vida dos habitantes entre os visitantes, salvaguardando a identidade cultural. Neste sentido, destaca-se a necessidade de que as autoridades locais avaliem as suas atividades culturais num contexto social e económico amplo, priorizando o apoio financeiro para a realização de novas tarefas culturais, instando a promover a flexibilidade no gasto dos orçamentos das instituições culturais assim como a prever novos enfoques e recursos para a cultura em cooperação com a iniciativa privada. A Declaração faz um apelo aos sindicatos para que se envolvam na atenção das necessidades socioculturais dos seus membros e sugere descompartimentalizar os serviços locais para estimular as atividades culturais. Em tempos de alto desemprego, enfatiza a importância das atividades

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

culturais e a necessidade de avaliação para transformar as instituições e os processos de tomada de decisões. O documento sugere que o Conselho de Cooperação Cultural realize uma investigação e avaliação dos resultados do projeto das "21 cidades"; também recolhe a intenção de apresentar um esboço de Declaração Europeia de Objetivos Culturais a fim de construir uma sociedade à escala humana que reconheça a importância da comunidade local e regional na identidade cultural do cidadão (Conseil de l'Europe, 1983). Esta declaração supõe um reconhecimento do papel das cidades como agentes-chave no desenvolvimento cultural e na construção de uma Europa mais coesa e participativa.

Uma tarefa-chave dos poderes públicos consiste em prover as infraestruturas básicas que facilitem o acesso e a participação cultural da cidadania, com especial ênfase nos coletivos socialmente mais vulneráveis ou territorialmente periféricos (Revista para el análisis de la cultura y el territorio, 2020), mas concebendo estas infraestruturas como nodos de uma rede de espaços de encontro, experimentação e produção colaborativa de procomum, orientados pela lógica da proximidade e da subsidiariedade.

É preciso desenvolver programas socioeducativos de capacitação cultural, mediação artística e dinamização comunitária que contribuam para fortalecer a agência cidadã, especialmente ali onde o tecido social está mais debilitado (Caride, 2006), promovendo o reconhecimento das identidades, saberes e desejos dos sujeitos, de escuta ativa e construção

dialógica, evitando dinâmicas assistencialistas ou paternalistas. Também se precisa de uma revisão profunda dos direitos de autor e de propriedade intelectual, a fim de garantir uma remuneração justa para criadores e mediadores culturais ao mesmo tempo que se promova o livre acesso e circulação social do conhecimento e dos bens culturais (Escaño, 2013), para o que se devem explorar modelos alternativos ao copyright como as licenças creative commons, o software livre, os repositórios abertos ou os protocolos distribuídos. As instituições museísticas, arquivísticas e patrimoniais também precisam transformar-se em lugares politicamente vivos, comprometidos com o presente e abertos à reapropriação cidadã do passado (Bertoméu et al., 2021).

Todas estas mudanças requerem novas normativas e orçamentos que blindem a cultura como direito e como serviço público essencial, priorizando o investimento em cultura de base e de proximidade, simplificando as trabas burocráticas à participação social, e promovendo incentivos fiscais aos projetos que demonstrem um retorno social e meioambiental (Generalitat de Catalunya, 2015). Mas sobretudo, precisa de uma liderança política e cidadã comprometida com um novo contrato social-cultural que resitue o procomum como princípio reitor da ação pública, frente às lógicas do mercado e do Estado (Escaño, 2013). Nesta lógica, a construção deste Paradigma do Procomum Cultural constitui um horizonte ambicioso e repleto de dificuldades, mas necessário para procurar sociedades mais democráticas, justas e habitáveis, nas quais a cultura seja um direito efetivo e uma ferramenta de florescimento humano. Neste caminho, a pedagogia social e os seus profissionais têm um papel indispensável a jogar, atuando como mediadores e facilitadores entre as políticas públicas, os agentes culturais e os movimentos cidadãos, e contribuindo para articular processos de aprendizagem e criação colaborativa orientados para o empoderamento social.

Não há democracia cultural sem uma cidadania culturalmente ativa, crítica e solidária, e não há cidadania sem processos socioeducativos que a acompanhem e a alimentem. Em definitivo, mais além das diferenças entre paradigmas, todos apontam para a centralidade da cultura na vida social e para a necessidade de democratizar as suas estruturas e processos para a tornar acessível e significativa para o conjunto da população. Uma tarefa cada vez mais urgente num contexto de fortes transformações e emergências, que exige uma ação pública mais integral, transversal e participada, mas que também oferece uma oportunidade para repensar o sentido da cultura como cerne de uma vida digna de ser vivida, e para imaginar novas formas de organizar o comum. Um desafio ao qual a pedagogia social não pode ser alheia, e que requer de criatividade coletiva, rigor intelectual e compromisso ético-político. Como síntese propositiva e horizonte de confluência dos diferentes paradigmas analisados, articula-se a seguinte proposta do Paradigma do Procomum Cultural que integra as melhores contribuições de cada abordagem:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tabela 10. Características principais do Paradigma do Procomum Cultural

Característica	Descrição
Denominação	Paradigma do Procomum Cultural
Conceção da cultura	Bem comum, direito coletivo e vetor de transformação ecossocial
Bases epistemológicas	Teoria crítica, ecologia política, feminismos, pensamento decolonial
Objetivo principal	Construção participada de uma nova institucionalidade cultural ao serviço da justiça social e ambiental
Princípios reitores	Participação ativa, equidade, diversidade, sustentabilidade, cooperação social
Metodologias	Investigação-ação participativa, cartografia social, mediação intercultural, gestão comunitária, ecofeminismo
Atores-chave	Comunidades, movimentos sociais, coletivos artísticos, instituições públicas, entidades do terceiro setor
Espaços e práticas	Equipamentos de proximidade, laboratórios cidadãos, bens comuns culturais, criação coletiva, circuitos alternativos
Potencialidades	Democratização cultural substantiva, empoderamento cidadão, transformação ecossocial, alianças transversais
Desafios	Resistências institucionais, capturas mercantis, fragmentação social, precariedade de recursos
Papel da Pedagogia Social	Mediação estratégica, investigação-ação, formação de agentes culturais, articulação de processos comunitários

Fonte. Elaboração própria.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 3. A REALIDADE CONTEXTUAL E A PLURALIDADE DAS POLÍTICAS CULTURAIS EN GALICIA. ANÁLISE TERRITORIAL E DEMOGRÁFICA COMO FUNDAMENTO DAS ESTRATEXIAS CULTURAIS CONTEMPORÁNEAS

A cultura constitúe un ámbito fundamental para un desenvolvemento humano sustentable e o benestar colectivo; polo que nas últimas décadas adquiriu unha crecente relevancia como obxecto de estudo das políticas públicas, tanto polo seu valor intrínseco como pola súa contribución a outros eidos como a economía, a cohesión social, a gobernanza democrática ou a proxección exterior; un estudo que non debe ser alleo á realidade territorial e contextual no que se enmarcan as diferentes políticas. Neste capítulo preséntase unha análise da realidade galega contemporánea, atendendo ás principais dimensións e características, co obxectivo de ofrecer un diagnóstico integral do territorio que identifique os principais retos e oportunidades para o desenvolvemento do sector cultural, ademais de orientar políticas culturais sustentables e con impacto social nos territorios. Para iso, combínase unha exploración de datos cuantitativos procedentes de fontes estatísticas oficiais cunha revisión de literatura académica e especializada que axude a interpretalos.

A importancia de analizar as políticas culturais desde unha perspectiva territorial que considere as especificidades históricas, xeográficas, demográficas e socioculturais de Galicia, é fundamental para comprender os desafíos e oportunidades para un desenvolvemento cultural do país; pois Galicia caracterízase por unha marcada dispersión poboacional e unha estrutura administrativa fortemente fragmentada, con máis de 300 concellos que aglutinan arredor de 2,7 millóns de habitantes; uns trazos distintivos que fan pertinente unha análise en profundidade das políticas culturais desde unha perspectiva situada. Ademais, o acelerado proceso de avellentamento demográfico, máis acusado nas áreas rurais do interior e a forte polarización entre as áreas urbanas e as zonas rurais xera importantes desequilibrios en termos de acceso á oferta e de participación na vida cultural. Así mesmo, a diversidade lingüística derivada das múltiples manifestacións da cultura popular constitúe un importante patrimonio a preservar e valorizar, pero tamén representa un desafío para unhas políticas culturais que deben promover o diálogo intercultural e a cohesión social desde o respecto á diferenza.

Nas últimas décadas, este contexto experimentou unha intensa transformación social e económica, marcada pola transición democrática, a integración europea e o impacto da globalización; uns cambios que requiriron da adaptación a un novo contexto institucional, á crecente diversificación das demandas cidadás e á competencia dos produtos da industria cultural global. De aí que a análise das políticas culturais en Galicia precise dunha aproximación que considere a singularidade do seu contexto territorial, demográfico, cultural e socioeconómico para valorar os logros, limitacións e retos das estratexias de acción cultural das últimas décadas, identificando estratexias de mellora e innovación. Esta análise contextualizada das políticas culturais galegas permite achegar aprendizaxes e reflexións valiosas para outros

territorios semellantes a fin de adaptarse ao cambio demográfico, de xestionar a diversidade cultural ou de promover un desenvolvemento territorial equilibrado e sustentable. Neste sentido, o caso galego posibilita unha reflexión máis ampla respecto do papel das políticas culturais na construción dunha cidadanía democrática e unha prosperidade compartida.

Dende unha mirada socioeducativa, a análise das políticas culturais galegas resulta especialmente pertinente, debido aos procesos históricos de transmisión interxeracional e socialización na reprodución da identidade e cultura propia. A pervivencia de institucións educativas non institucionalizadas como a familia, a comunidade ou as asociacións culturais xogaron un papel clave na preservación da lingua e as tradicións galegas durante o período ditatorial; e, nun contexto de crecente globalización e dixitalización como o actual, o sistema educativo regrado e as iniciativas de educación non institucionalizadas continúan a ser espazos privilexiados para a difusión, valorización e apropiación creativa da cultura por parte da cidadanía.

Neste senso, a Pedagoxía Social, como disciplina e práctica orientada á socialización e formación cidadá desde unha perspectiva emancipadora e transformadora contribúe significativamente á mellora das políticas culturais en Galicia. Por unha banda, achega unha mirada pedagóxica que permite avaliar e mellorar a dimensión educativa dos programas e servizos culturais; e, por outra, promove iniciativas socioeducativas que posibilitan unha maior equidade no acceso á cultura, a participación activa da cidadanía na vida cultural e un maior recoñecemento e valorización da diversidade cultural do territorio. En definitiva, a análise das políticas culturais en Galicia é necesaria para avanzar cara a modelos de desenvolvemento cultural máis sustentables, inclusivos e participativos.

3.1 O MARCO TERRITORIAL E DEMOGRÁFICO DE GALICIA. IMPLICACIÓNS, CARACTERIZACIÓN XEOGRÁFICA, ADMINISTRATIVA E POBOACIONAL COMO CONTEXTO DAS POLÍTICAS CULTURAIS MUNICIPAIS

A análise do contexto territorial e demográfico de Galicia sirve para comprender os desafíos aos que se enfrontan as políticas culturais municipais, xa que deben adaptarse ás especificidades de cada contexto e ás necesidades da poboación. Os datos que se presentan a continuación evidencian unha realidade complexa que condiciona o deseño, implementación e alcance das políticas culturais nos diferentes concellos galegos.

Situada no noroeste da Península Ibérica, Galicia é unha nación do Estado español cunha superficie total de 29.574,4 km², que representa o 5,8% do territorio do Estado (Instituto Galego de Estatística, 2024), sendo unha das 17 comunidades autónomas que conforman o Estado español. Alén destas fronteiras, destaca o recoñecemento internacional de Galiza como nación no ano 1933, no IX Congreso das Nacionalidades Europeas, promovido pola sección de minorías nacionais da Sociedade de Nacións (Estévez, 2024). Está dividida administrativamente en catro provincias –A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra– e 313 concellos: 93 na Coruña, 67 en Lugo, 92 en Ourense e 61 en Pontevedra (Instituto Galego de Estatística, 2024); unha fragmentación municipal, cunha media de poboación por concello inferior á media do Estado, que supón importantes desafíos para a prestación de servizos culturais de proximidade e para a articulación de estratexias de cooperación supramunicipal. Ademais, existe un nivel comarcal con 53 comarcas recoñecidas polo Decreto 65/1997 da Xunta de Galicia –18 na Coruña, 13 en Lugo, 12 en Ourense e 10 en Pontevedra– que, aínda que non contan con órganos de goberno propios, utilízanse para a planificación e mancomunación de servizos (Instituto Galego de Estatística, 2024; Xunta de Galicia, 1997). Por debaixo dos

concellos, estímase que existen arredor de 3.771 parroquias (Instituto Galego de Estatística, 2011, 2023; Xunta de Galicia, 2017), entidades que, pese a non ter recoñecemento legal, gozan dunha grande importancia social, cultural e histórica, reflectindo o carácter rural e diseminado do poboamento galego.

Galicia ten unha densidade media de poboación en Galicia que se sitúa en torno aos 91,0 habitantes por km², inferior á media estatal (94,1 hab./km²) e á da Unión Europea (109,0 hab./km²); unha morfoloxía territorial cunha marcada dualidade entre o Eixo Atlántico e as áreas rurais do interior (Instituto Galego de Estatística, 2024); así, as áreas máis densamente poboadas concéntranse no Eixo Atlántico, especialmente nas áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, onde a densidade supera os 250 habitantes por km², chegando a máis de 2.500 hab./km² nos municipios de Vigo, A Coruña ou Vilagarcía de Arousa. Entre estas áreas destacan as sete cidades principais: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo, que concentran boa parte da poboación e da actividade económica (Instituto Galego de Estatística, 2024); mentres que existen un total de 111 municipios en Galicia (o 35% do total) que contan con menos de 20 habitantes por km². Estes municipios concéntranse principalmente nas provincias interiores de Lugo e Ourense e, máis concretamente, nas comarcas de A Fonsagrada, Os Ancares, Terra de Trives, Valdeorras ou A Limia, caracterizándose por un alto envellecemento, saldo vexetativo negativo e gran illamento xeográfico (Instituto Galego de Estatística, 2024). Unha polarización territorial que implica que as políticas culturais municipais deban responder a realidades moi diversas: desde concellos urbanos con demandas culturais complexas e recursos relativamente abundantes, ata pequenos municipios rurais que loitan por manter servizos culturais básicos cunha poboación escasa e dispersa.

No ano 2023, a poboación galega situábase en torno aos 2.699.424 habitantes, supoñendo o 5,7% do total de España e sendo unha cifra inferior respecto a anos anteriores (Instituto Galego de Estatística, 2024). A nivel provincial, A Coruña é a máis poboada con 1.123.884 habitantes, seguida de Pontevedra con 946.710, mentres que Lugo e Ourense contan con menos habitantes (324.267 e 304.563 respectivamente). A evolución demográfica caracterízase por unha tendencia regresiva desde o pico poboacional de 1981, cando se iniciou unha dinámica de descenso continuado que se mantén na actualidade. Este declive demográfico vén acompañado dun acusado envellecemento poboacional xa que, segundo os indicadores demográficos do IGE para o período 2022-2023, a idade media da poboación galega sitúase en 48,8 anos, sendo unha das máis elevadas de España e Europa. A porcentaxe de maiores de 65 anos alcanza o 26,3%, mentres que a de menores de 15 anos unicamente representa o 11,5%; uns datos que contrastan coa media española onde os maiores de 65 anos supoñen o 20,1% e os menores de 15 anos o 14,4% (Instituto Galego de Estatística, 2024). A evolución histórica mostra a magnitude desta transformación: en 1981 os maiores de 65 anos supoñían un 13,5% e os menores de 15 anos ascendían ao 22,1%; unhas proporcións que se inverteron nas últimas décadas (Instituto Galego de Estatística, 2022, 2023, 2024).

As proxeccións demográficas elaboradas polo IGE para o período 2022-2037 debuxan un escenario preocupante, xa que a poboación galega podería descender ata os 2,5 millóns de habitantes en 2037, supoñendo unha perda do 5,6% respecto ás cifras actuais. Porén, e pese a este descenso poboacional, a porcentaxe de poboación maior de 65 anos incrementaríase ata o 34%, mentres que a poboación menor de 15 anos descendería ata o 10,8%. En canto á estrutura por sexo, obsérvase unha feminización da poboación cunha ratio de 91,7 homes por cada 100 mulleres segundo os datos do IGE para 2023, inferior á media estatal de 96,1 homes por cada 100 mulleres; sendo máis acusada en idades avanzadas debido á maior esperanza de vida das mulleres –83,5 anos fronte aos 78,4 anos dos homes en 2022– o que ten importantes

implicacións para as políticas culturais, xa que deben promover a participación activa das mulleres maiores e atender ás necesidades específicas (Instituto Galego de Estatística, 2022, 2023, 2024).

Un factor esencial neste declive demográfico céntrase na baixa natalidade, xa que en 2022 rexistráronse 14.653 nacementos, supoñendo unha taxa bruta de 5,38 por cada 1.000 habitantes, substancialmente inferior á media española (7,5 por mil) e á media da Unión Europea (9,1 por mil). A taxa de fecundidade situouse en 1,06 fillos por muller, tamén por debaixo do limiar de reemplazo xeracional de 2,1 fillos por muller (Instituto Galego de Estatística, 2024). Entre os factores máis determinantes destacan o atraso na idade media á maternidade –32,7 anos en 2022– a precariedade laboral, as dificultades de acceso á vivenda e a falta de políticas efectivas de conciliación. Como consecuencia da baixa natalidade e a alta mortalidade –cunha taxa bruta de 12,98 falecementos por cada 1.000 habitantes en 2022– o crecemento vexetativo de Galicia é negativo desde comezos da década de 1990. En 2022, o saldo vexetativo foi de -17.927 persoas, cunha taxa de crecemento vexetativo de -6,6 por cada 1.000 habitantes, tendencia que se prevé intensificar ata alcanzar un saldo de -27.053 persoas en 2037 segundo as estimacións do IGE (Instituto Galego de Estatística, 2024).

A isto é necesario engadir os movementos migratorios, pois Galicia conta cunha longa tradición emigratoria iniciada nos séculos XIX e XX. Segundo os datos do IGE, no período 2012-2022 o saldo migratorio exterior de Galicia foi de 5.727 persoas, mentres que o saldo migratorio co resto de España foi de 36.985 persoas; o que significa que Galicia segue perdendo poboación, especialmente xente nova e cualificada (Instituto Galego de Estatística, 2024). Paralelamente, rexistrouse un incremento significativo da inmigración estranxeira. Entre 2000 e 2022 a poboación estranxeira en Galicia pasou de 25.602 a 108.314 persoas, representando o 4,2% da poboación total. As principais nacionalidades de orixe son a portuguesa, romanesa, brasileira, colombiana e marroquí, aínda que tamén hai importantes comunidades de persoas venezolanas, senegalesas, peruanas e dominicanas (Instituto Nacional de Estadística, 2024). Esta nova inmigración concéntrase principalmente nas áreas urbanas e responde a factores como a demanda de man de obra en sectores como os coidados, a construción ou a agricultura. Ademais, é preciso considerar o retorno de emigrantes galegos que supuxeron unhas 25.000 persoas procedentes de países como Venezuela, Arxentina, Uruguai ou Brasil (Instituto Nacional de Estadística, 2024) entre 2008 e 2020

Todos estes cambios comportaron transformacións na estrutura dos fogares galegos, pois pasouse de 4,01 persoas por fogar na década dos anos ’70 ás 2,37 persoas por fogar no ano 2022; incrementándose de forma notable os fogares unipersoais, que representan o 28,4% do total, e que −na súa maioría− están compostos por mulleres maiores de 65 anos (58,6 (Instituto Galego de Estatística, 2024; Instituto Nacional de Estadística, 2024). As familias monoparentais supoñen na actualidade o 12,2% do total de fogares con fillos fronte ao 7,5% en 1991; unhas cifras que evidencian as dificultades das nais para participar en actividades culturais debido ás súas menores taxas de emprego, peores condicións laborais e dificultades de conciliación (Instituto Galego de Estatística, 2024).

Todas estas transformacións demográficas e territoriais teñen implicacións profundas para as políticas culturais municipais en Galicia, pois han de atender á fragmentación municipal, aos desequilibrios territoriais, aos recursos (humanos e materiais) cos que contan, ás estratexias de cooperación intermunicipal, aos modelos de xestión compartida, e á poboación á que van dirixidas. Así, o envellecemento poboacional demanda unha reorientación das políticas culturais municipais que, sen abandonar as iniciativas dirixidas á poboación nova, desenvolvan

USC DE COMPOSTELA

programas específicos para un envellecemento activo e creativo mediante a dinamización de bibliotecas, centros culturais e outros equipamentos municipais. Así mesmo, a crecente diversidade cultural derivada da inmigración require que os concellos −especialmente os urbanos e os que se sitúan no Eixo Atlántico− desenvolvan políticas culturais inclusivas que poñan en valor esta diversidade, apoiando as diferentes expresións culturais, promovendo o diálogo intercultural e combatendo a discriminación. Nesta liña, cómpre ter en conta as políticas culturais que faciliten a reconexión dos emigrantes retornados a fin de impulsar estratexias para unha convivencia plural e inclusiva. Tamén é preciso considerar a transformación da estrutura dos fogares, co aumento dos fogares unipersoais e as familias monoparentais, require reconceptualizar os equipamentos e programas culturais como espazos de socialización e encontro comunitario para promover a cohesión social. Nesta lóxica, as políticas culturais municipais deben actuar como factor de desenvolvemento local e territorial equilibrado.

En definitiva, o marco territorial e demográfico de Galicia condiciona as políticas culturais municipais, que deberán responder aos diferentes elementos que caracterizan e singularizan a realidade galega. Comprender as diferentes dinámicas resulta esencial para deseñar políticas culturais municipais eficaces, equitativas e adaptadas ás necesidades específicas de cada contexto, contribuíndo a un desenvolvemento territorial equilibrado, á cohesión social e ao benestar da poboación. O reto de deseñar modelos de xestión cultural flexibles e innovadores a nivel municipal, que garantan o dereito á cultura de toda a cidadanía −con independencia do seu lugar de residencia, idade ou orixe− resulta esencial para promover a transformación social dos territorios.

3.2 A DICOTOMÍA RURAL-URBANA NA REALIDADE DEMOGRÁFICA DE GALICIA E DAS SÚAS POLÍTICAS CULTURAIS. ANÁLISE TERRITORIAL DOS DESEQUILIBRIOS E ESTRATEXIAS PARA UNHA POLÍTICA CULTURAL COHESIONADORA

Unha das características máis salientables e complexas da realidade galega é a marcada dualidade entre o ámbito rural e o urbano, xunto coas implicacións que teñen para as políticas culturais. Esta dicotomía configura un marco específico que condiciona o deseño e a implementación das estratexias culturais no territorio, xerando desafíos para garantir o acceso equitativo á cultura e a participación cidadá na vida cultural.

A análise desta dualidade require comprender como a distribución territorial da poboación en Galicia afecta directamente á planificación e á xestión cultural; pois o territorio galego caracterízase por unha concentración poboacional no Eixo Atlántico fronte a unha marcada dispersión nas áreas rurais do interior. Unha realidade que afecta á distribución de equipamentos culturais, á programación de actividades e ao acceso aos servizos culturais.


3.2.1 AS METODOLOXÍAS DE CLASIFICACIÓN DO GRAO DE URBANIZACIÓN E A SÚA APLICACIÓN ÁS POLÍTICAS CULTURAIS GALEGAS

Para analizar adecuadamente como a dicotomía rural-urbana afecta ás políticas culturais, resulta fundamental contar cunha clasificación territorial que permita identificar as diferentes realidades do territorio galego. A Oficina Europea de Estatística (Eurostat) propuxo en 1991 unha clasificación do grao de urbanización que distingue tres tipos de zonas: as densamente poboadas (ZDP), as intermedias (ZIP) e as pouco poboadas (ZPP).

USC DE COMPOSTELA

Esta clasificación baséase en dous criterios principais: a densidade de poboación e o tamaño dos municipios. Así, as ZDP son aqueles municipios que teñen unha densidade superior aos 500 habitantes por km² e unha poboación total de −polo menos− 50.000 habitantes. As ZIP son os municipios que contan cunha densidade superior aos 100 habitantes por km² que non pertencen a unha ZDP e que, ou ben teñen unha poboación total superior aos 50.000 habitantes, ou ben son adxacentes a unha ZDP. Finalmente, as ZPP son aqueles municipios que non pertencen a ningunha das dúas categorías anteriores (European Commission. Eurostat, 2010). A aplicación desta metodoloxía ao territorio galego revela un patrón territorial claramente diferenciado, tal como se pode observar na seguinte representación cartográfica:

Figura 2. Clasificación territorial dos concellos galegos segundo os criterios de densidade poboacional de Eurostat




Fonte: Eurostat, 2011 (recollido en Instituto Galego de Estatística e Consellería de Sanidade, 2011).[3]

Ao descender á escala parroquial, emerxe unha realidade territorial máis complexa e matizada que evidencia a fragmentación do poboamento galego:

[3] Reutilización autorizada segundo aviso legal da Xunta de Galicia (https://www.xunta.gal/aviso-legal-do-portal-da-xunta).

Figura 3. Distribucións parroquial en Galicia segundo o seu nivel de urbanización




Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE) e Consellería de Sanidade, 2011.[4]

Con todo, esta clasificación presenta limitacións á hora de retratar a complexidade do sistema de asentamentos galego, caracterizado pola dispersión da poboación en pequenos núcleos, polo que o Instituto Galego de Estatística (IGE) elaborou unha clasificación adaptada que considera a parroquia como unha unidade territorial de referencia en lugar do municipio, permitindo unha análise máis precisa para o deseño de políticas culturais territorializadas.

A clasificación do IGE distingue as zonas densamente poboadas (ZDP), as zonas intermedias de alta densidade (ZIA), as zonas intermedias de baixa densidade (ZIB) e as zonas pouco poboadas (ZPP). Das 3.771 parroquias galegas, 70 clasifícanse como ZDP (41,2% da poboación), 347 como ZIP (52 como ZIA e 295 como ZIB, que supoñen o 8,9% da poboación) e 3.354 como ZPP (que representan o 36,3% da poboación) (Instituto Galego de Estatística, 2011, 2016). Esta clasificación refinada permite identificar con maior precisión as dinámicas territoriais, como se reflicte na seguinte distribución espacial dos concellos:

[4] Reutilización autorizada segundo aviso legal da Xunta de Galicia (https://www.xunta.gal/aviso-legal-do-portal-da-xunta).

Figura 4. Distribución territorial dos concellos galegos con categorización detallada por graos e subgraos de urbanización




Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE) e Consellería de Sanidade, 2011.[5]

Complementando a análise anterior, o exame detallado a nivel parroquial proporciona unha visión máis granular dos desequilibrios territoriais que caracterizan Galicia:

[5] Reutilización autorizada segundo aviso legal da Xunta de Galicia (https://www.xunta.gal/aviso-legal-do-portal-da-xunta).

Figura 5. Configuración espacial das parroquias galegas con categorización ampliada segundo densidade poboacional



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE) e Consellería de Sanidade, 2011.[6]

Unha clasificación territorial que ten implicacións directas para as políticas culturais, pois as ZDP contan cunha maior densidade de equipamentos culturais, programacións estables e diversificadas, e maior facilidade de acceso, as ZPP enfróntanse á dispersión dos públicos, dificultade de mobilidade, escaseza de recursos e necesidade de modelos de xestión adaptados.

3.2.2 Os desequilibrios territoriais nas políticas culturais: diagnose e implicacións

A aplicación desta clasificación territorial revela notables desequilibrios no acceso e participación cultural entre as diferentes zonas de Galicia. Así, segundo a Enquisa de Hábitos e Prácticas Culturais en España 2021-2022, mentres que o 48,2% da poboación urbana galega asistiu a algunha actividade cultural no último ano, no caso da poboación rural esta porcentaxe diminúe ata o 38,6%. Así mesmo, a frecuencia de asistencia tamén presenta diferenzas significativas: o 22,7% da poboación urbana asiste regularmente a actividades culturais fronte ao 14,3% da rural. Unhas disparidades que se explican atendendo a múltiples factores que condicionan o deseño e implementación das políticas culturais municipais, entre os que

[6] Reutilización autorizada segundo aviso legal da Xunta de Galicia (https://www.xunta.gal/aviso-legal-do-portal-da-xunta).

destacan a fragmentación municipal galega (con 313 concellos), a densidade de equipamentos culturais, a dificultade de accesibilidade e mobilidade, así como os patróns de consumo cultural que configuran un escenario complexo que require estratexias diferenciadas.

O envellecemento poboacional, especialmente acusado nas zonas rurais, demanda unha reorientación das políticas culturais municipais. Mentres a idade media en Galicia sitúase en 48,8 anos, nas ZPP esta cifra increméntase considerablemente, o que require desenvolver programas específicos de envellecemento activo e creativo. As bibliotecas, centros culturais e outros equipamentos municipais deben adaptarse con horarios, actividades e servizos que promovan a participación cultural das persoas maiores e combatan o illamento social.

A crecente diversidade cultural derivada da inmigración, aínda que se concentra principalmente nas áreas urbanas, tamén afecta ao deseño das políticas culturais. Con 108.314 persoas estranxeiras residindo en Galicia en 2022 (4,2% da poboación total), os concellos deben desenvolver políticas culturais inclusivas que recoñezan esta diversidade, faciliten o acceso á oferta cultural e apoien as expresións culturais propias das comunidades inmigrantes.

3.2.3 Estratexias para unha política cultural territorialmente equilibrada

Ante estes desequilibrios, as políticas culturais deben actuar como unha ferramenta de cohesión territorial para o desenvolvemento local a fin de superar a dicotomía rural-urbana a través de modelos adaptados ás especificidades de cada territorio. A cooperación intermunicipal preséntase como unha estratexia fundamental para os pequenos municipios rurais, mentres que as mancomunidades e consorcios culturais permiten compartir recursos, equipamentos e programacións, optimizando os investimentos e garantindo unha oferta cultural de calidade. A descentralización e itinerancia das programacións culturais constitúe outra liña de acción prioritaria para compartir recursos económicos e para planificar atendendo aos tempos, espazos e dinámicas sociais propias. Neste contexto, as novas tecnoloxías tamén abren oportunidades para superar algunhas barreiras xeográficas, a pesar de que a fenda dixital segue sendo significativa. Non obstante, o desenvolvemento de plataformas dixitais de contidos culturais, a retransmisión en liña de espectáculos ou a creación de redes virtuais de intercambio cultural serven para complementar a oferta presencial.

A posta en valor do patrimonio cultural −material e inmaterial− constitúe unha estratexia especialmente relevante no medio rural; de tal modo que a recuperación de elementos arquitectónicos tradicionais, a musealización de espazos etnográficos, a creación de rutas culturais ou a revitalización de festas e tradicións preservan a identidade cultural e xeran oportunidades para impulsar un desenvolvemento económico local. O apoio á creación e produción cultural no medio rural tamén require de programas específicos que enriquezan a oferta cultural local e promovan oportunidades para o emprego, especialmente entre a xente nova.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.2.4 A PARTICIPACIÓN CULTURAL COMO INDICADOR DE EQUIDADE TERRITORIAL

A análise dos patróns de participación cultural revela diferenzas cuantitativas entre o rural e o urbano, ao tempo que desvela concepcións distintas da cultura. Así, mentres nas cidades a cultura se asocia ao consumo de bens e servizos especializados, no medio rural vencéllase ás tradicións, festas populares e sociabilidade comunitaria. De aí que determinadas prácticas como participar nunha foliada, asistir a unha queimada ou colaborar na organización das festas patronais teñen alto valor cultural e identitario, aínda que non sempre se reflictan nas estatísticas culturais convencionais.

Segundo estudos realizados en concellos de menos de 2.000 habitantes, o 42% da poboación participa nalgunha festa popular nos últimos tres meses, o 18% colabora na súa organización e o 12% forma parte dalgunha asociación cultural local. O 80% considera as festas como principal motivo de encontro e cohesión social, e o 70% afirma que as asociacións culturais son fundamentais para manter viva a cultura popular (Lage et al, 2012). Esta realidade require que as políticas culturais adopten unha visión ampla da participación cultural que recoñeza e valore estas expresións comunitarias a fin de retratar a diversidade de prácticas culturais sen limitarse aos formatos convencionais de consumo cultural urbano.

3.2.5 CARA A UN NOVO MODELO DE POLÍTICAS CULTURAIS TERRITORIALMENTE INTEGRADAS

A dicotomía rural-urbana nas políticas culturais galegas require un cambio de paradigma que pase de considerar o rural como un espazo deficitario a recoñecer as súas especificidades e potencialidades. Un modelo que atenderá a diferentes principios fundamentais entre os que destacan a equidade territorial, para garantir que toda a cidadanía −independentemente do seu lugar de residencia− teña acceso a unha oferta cultural de calidade. Isto non significa homoxeneizar a oferta senón adaptala ás características e necesidades de cada territorio. Tamén é necesario considerar a gobernanza multinivel e a coordinación interadministrativa para optimizar recursos e xerar sinerxías, promovendo mecanismos estables de colaboración entre a Xunta de Galicia, as deputacións provinciais e os concellos a fin de evitar a fragmentación competencial e a dispersión de esforzos.

Outro elemento a considerar é a participación cidadá e o protagonismo das comunidades locais, que han de estar no centro das políticas culturais, definindo prioridades, implicando ao tecido asociativo e apoiando as iniciativas de base comunitaria a fin de impulsar a innovación e experimentación de novos formatos e modelos de xestión adaptados ás realidades territoriais. A perspectiva de xénero e a atención á diversidade tamén deben incorporarse transversalmente, promovendo maior presenza e recoñecemento das mulleres no ámbito cultural e garantindo a inclusión de todas as persoas independentemente da súa orixe, orientación sexual, identidade de xénero ou diversidade funcional; pois pártese do principio de que as políticas culturais deben ser ferramentas de transformación social que combatan as desigualdades e promovan a xustiza social. Así mesmo, débese priorizar modelos avaliativos sobre participación cultural, cartografías culturais territoriais ou sistemas de indicadores adaptados que permitan orientar as políticas e fundamentar as boas prácticas.

En conclusión, a dicotomía rural-urbana en Galicia configura un escenario complexo para as políticas culturais que require respostas innovadoras e adaptadas. Neste sentido, a

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

construción dunha Galicia culturalmente cohesionada pasa por recoñecer e valorar a diversidade territorial, desenvolver modelos de xestión flexibles e colaborativos, e situar a cultura como dereito fundamental e motor de desenvolvemento para todos os territorios. Por tanto, as políticas culturais deben ser instrumentos de equidade territorial que garantan oportunidades culturais para toda a cidadanía, contribuíndo a construír un país máis xusto, diverso e culturalmente rico.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 4. HISTORIA, ANÁLISE E PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DA REALIDADE CULTURAL CONTEMPORÁNEA DE GALICIA

A cultura, entendida na súa acepción máis ampla como o conxunto de trazos distintivos, tanto espirituais coma materiais, así como intelectuais e afectivos que definen unha sociedade ou grupo social (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, 1982), representa un dos piares fundamentais para acadar o desenvolvemento humano sostible e o benestar colectivo. Nas últimas décadas, o ámbito cultural foi gañando protagonismo como foco de interese académico e obxecto de intervención das políticas públicas polo seu valor intrínseco, pero tamén pola súa capacidade para incidir noutras áreas como a economía, a cohesión social, a gobernanza democrática ou a proxección internacional.

O presente capítulo propón unha análise da situación cultural galega, abordando as dimensións e trazos máis salientables, a fin de elaborar un diagnóstico global que permita identificar os retos e as oportunidades que se presentan para o desenvolvemento do sector, ao tempo que se ofrecen criterios para orientar o deseño e posta en marcha de políticas culturais que sexan sustentables e socialmente transformadoras. Neste sentido, recórrese a unha combinación de datos cuantitativos procedentes de fontes estatísticas oficiais e á revisión de estudos académicos e especializados que contribúan á súa interpretación.

A pluralidade lingüística e cultural que caracteriza a Galicia configúrase como un factor esencial para a construción dunha identidade colectiva que promove a cohesión social. Así, desde a instauración da democracia e coa aprobación do Estatuto de Autonomía, impulsáronse múltiples accións encamiñadas á normalización e promoción da lingua galega en todos os ámbitos sociais, incluído o cultural (Pose-Porto e Caride, 2022). Ademais, o territorio galego destaca pola súa extraordinaria riqueza e variedade de manifestacións culturais, no relativo á cultura popular e tradicional como á creación contemporánea; unha diversidade que abrangue desde festas e rituais populares, música, danza, literatura, teatro, artes plásticas ata o patrimonio material e inmaterial e que, sen dúbida, constitúe un recurso para un desenvolvemento cultural sostible do país, aínda que tamén implica un reto para as políticas culturais pois han de ser quen de recoñecer, protexer e impulsar esta pluralidade desde unha óptica aberta e integradora.

Neste marco, resulta imprescindible que as políticas culturais galegas incorporen esta diversidade –lingüística e cultural– como un principio estratéxico e transversal, adoptando medidas específicas que garantan o coñecemento, o uso e a posta en valor destes elementos por parte do conxunto da sociedade. Así, cómpre fomentar o emprego do galego como lingua principal na creación e difusión cultural, ademais de promover o diálogo intercultural e a convivencia entre as diferentes linguas e expresións culturais presentes no territorio. Igualmente, é fundamental recoñecer e apoiar a diversidade interna da cultura galega, tanto dende a perspectiva territorial coma social, favorecendo o acceso e a participación de toda a cidadanía.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En síntese, a pluralidade e diversidade lingüística e cultural de Galicia representa un dos principais sinais de identidade do país, pero tamén supón un reto salientable para as políticas culturais, que deben ser capaces de artellala desde unha perspectiva democrática, equitativa e sostible. Neste proceso, a educación, a participación cidadá e o diálogo intercultural resultan esenciais e tanto as administracións públicas como o conxunto dos axentes culturais están chamados a colaborar e coordinarse de maneira estratéxica e responsable.

4.1 A evolución das Políticas Culturais galegas dende a Transición Democrática. Institucionalización, descentralización e características do modelo cultural autonómico

A configuración e evolución das políticas culturais constitúe un factor determinante que explica a realidade cultural galega. Neste sentido, a análise dos orzamentos das administracións públicas e das súas principais liñas de actuación permite caracterizar un modelo singular, coas súas fortalezas e debilidades (Lorenzo, 2010, 2017).

Durante os primeiros anos de andaina da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, as prioridades centráronse na recuperación e posta en valor do patrimonio cultural galego (material e inmaterial), así como no fomento da creación e produción artística en lingua galega. Neste período créanse institucións como o Centro Dramático Galego, o Centro Galego de Artes da Imaxe, a Compañía de Radio Televisión de Galicia, o Arquivo Sonoro de Galicia ou a Orquestra Sinfónica de Galicia, ademais de poñer en marcha programas de fomento da lectura, da música, do audiovisual e das artes escénicas galegas (Pose-Porto e Caride, 2022). Ao mesmo tempo, iníciase un proceso de descentralización da xestión cultural, coa progresiva transferencia de competencias e recursos ás Deputacións Provinciais e aos Concellos. Así, a Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, 1985, estableceu que os municipios debían prestar servizos culturais e de ocupación do tempo libre, mentres que as Deputacións serían as que asegurasen a prestación integral e adecuada dos servizos culturais municipais. Desde entón, as administracións locais asumiron un papel relevante na provisión de servizos e equipamentos culturais de proximidade, como bibliotecas, casas de cultura ou escolas de música e danza.

Non obstante, este proceso de descentralización non estivo exento de dificultades e desequilibrios; xa que a falta dun financiamento suficiente e estable por parte das administracións autonómica e central limitou a capacidade dos Concellos para desenvolver políticas culturais ambiciosas e sustentables, tal e como se constatan nos datos do Ministerio de Cultura que informan que os Concellos galegos destinaban en 1987 un gasto en cultura de 1,20 euros por habitante; unha cifra, moi inferior á media estatal (3,67 euros) e doutras comunidades autónomas como o País Vasco (8,16 euros) ou Cataluña (5,83 euros). Comparando a evolución do gasto da Xunta co resto das comunidades autónomas, obsérvase que na Administración galega se aplicaron recortes culturais con maior contundencia (50,8 por cento de baixada media nas comunidades autónomas), a pesar de dispor dunha lingua propia e dunha cultura diferenciada. Cómpre destacar que entre 2008 e 2014 coincidiu con unha crise económica e tamén con un cambio político no goberno da Xunta de Galicia. No ano 2014, destinaríase un 0,61 por cento do orzamento da Xunta para a cultura; unha cifra que contrasta coa achega do sector cultural ao emprego da Comunidade: un 2,8 por cento do total, cuestionando que a cultura sexa un sector hipersubvencionado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As administracións locais galegas liquidaron arredor de 202 millóns de euros en 2008, o que supoñía 70 euros por habitante; unha cifra sensiblemente inferior á media estatal (86 euros). Esta fenda increméntase nos municipios máis pequenos: en 2006 o gasto cultural por habitante nos concellos de menos de 5.000 habitantes era de 37 euros, case a metade dos seus homólogos estatais. Estes datos evidencian as dificultades de moitos concellos galegos para desenvolver políticas culturais ambiciosas, como consecuencia da feble institucionalización da cultura, da insuficiencia e variabilidade dos recursos ou da escaseza de persoal especializado.

A particular composición do gasto cultural autonómico en Galicia segundo a súa natureza económica é outro trazo a considerar. Así, entre 2003 e 2012, a Xunta dedicou máis do 70 por cento dos seus recursos culturais a gastos de capital (investimentos), mentres que a media das CC.AA. se situou no 41 por cento; unhas diferenzas que reflicten a clara priorización da dotación de equipamentos e infraestruturas en detrimento doutras áreas (gastos correntes de persoal, programación de actividades ou apoio directo ao sector privado) (Lorenzo, 2010). Este nesgo explícase, en parte, pola necesidade de compensar o déficit histórico de equipamentos culturais no territorio, xa que ten xerado elevados custos de mantemento e escasa sustentabilidade así como dificultade para consolidar programas e servizos culturais estables e de calidade (Pose-Porto e Caride, 2022).

Esta circunstancia determinaba que moitos Concellos dependesen das subvencións e axudas das Deputacións e da Xunta para o desenvolvemento de actividades e servizos culturais. Pero tamén é preciso considerar a escasa homoxeneización no proceso de descentralización no territorio galego, pois mentres que nas cidades e vilas de maior tamaño se crearon departamentos e equipamentos culturais especializados, nos Concellos máis pequenos e rurais a acción cultural contaba con escaso apoio das administracións, dependendo en gran medida do voluntarismo e o asociacionismo local; unha situación que provocou importantes desequilibrios territoriais no acceso á cultura, e que –a día de hoxe– aínda persisten.

En calquera caso, neste período sentáronse as bases para o desenvolvemento dunha política cultural propia en Galicia, baseada no recoñecemento da identidade e a diversidade cultural galega, a descentralización da xestión cultural e a profesionalización do sector. Porén, o proceso de institucionalización da cultura galega non estivo exento de tensións e contradicións, derivadas da falta dun consenso social e político sobre o modelo de política cultural a desenvolver, así como das dificultades para artellar un sistema de financiamento suficiente e equitativo. A pesar dos avances, aínda persisten importantes desequilibrios territoriais, déficits de financiamento e tensións entre os distintos axentes do ecosistema cultural. O reto para o futuro pasa por seguir avanzando cara unha política cultural sustentable, participativa e democratizadora, que poña en valor a riqueza e diversidade da cultura galega.

4.1.1 O PROCESO DE INSTITUCIONALIZACIÓN DA CULTURA GALEGA. DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA Á CREACIÓN DAS INSTITUCIÓNS CULTURAIS PROPIAS

A aprobación da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia marcou un punto de inflexión histórico na xestión cultural galega (Consello da Cultura Galega, 2023). Este marco xurídico non só transferiu competencias administrativas, senón que posibilitou a articulación dun proxecto cultural propio orientado á recuperación e promoción da identidade galega tras décadas de represión lingüística e cultural.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O artigo 27 do Estatuto estableceu competencias exclusivas da Comunidade Autónoma en múltiples ámbitos culturais, desde o fomento da cultura e a investigación ata a xestión de arquivos, bibliotecas e museos non estatais, incluíndo a protección do patrimonio histórico-artístico de interese galego (Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, 1981). Esta atribución competencial proporcionou a base xurídica para desenvolver un entramado institucional específico que respondese ás necesidades culturais propias do territorio.

Táboa 11. Marco lexislativo fundacional da cultura galega (1981-2016)

Ano	Norma lexislativa	Obxecto principal	Impacto no sistema cultural
1981	Lei Orgánica 1/1981 - Estatuto de Autonomía	Transferencia de competencias culturais	Fundamento xurídico do sistema autonómico
1983	Lei 3/1983 - Normalización Lingüística	Oficialización e promoción do galego	Transversalización da lingua na acción cultural
1983	Lei 8/1983 - Consello da Cultura Galega	Creación órgano consultivo	Institucionalización do asesoramento técnico
1984	Lei 9/1984 - Creación da CRTVG	Medios audiovisuais públicos	Desenvolvemento do espazo comunicativo propio
1995	Lei 8/1995 - Patrimonio Cultural	Sistema de protección patrimonial	Salvagarda do legado histórico
2016	Lei 5/2016 - Patrimonio Cultural (actualización)	Modernización instrumental	Adaptación aos novos paradigmas patrimoniais

Nota. Elaboración propia a partir da lexislación autonómica galega.

O desenvolvemento normativo posterior ao Estatuto configurou progresivamente un sistema institucional complexo. A Lei 3/1983 de Normalización Lingüística estableceu o galego como lingua propia de Galicia, definindo medidas específicas para a súa promoción en todos os ámbitos sociais (Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, 1983). Esta norma transcendeu o ámbito estritamente lingüístico para converter a lingua nun eixo vertebrador das políticas culturais, establecendo o dereito de todos os galegos a coñecer e usar o idioma propio, a obrigatoriedade do seu ensino en todos os niveis educativos e o fomento da produción cultural en galego.

Paralelamente, a creación do Consello da Cultura Galega mediante a Lei 8/1983 dotou ao sistema cultural dun órgano consultivo independente con funcións de análise, valoración e asesoramento en materia cultural (Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega, 1983). Esta institución, concibida como espazo de encontro entre os diferentes axentes culturais, asumiu responsabilidades fundamentais na defensa e promoción dos valores culturais galegos, actuando como ponte entre a sociedade civil e as administracións públicas (Consello da Cultura Galega, 2023).

A constitución da Compañía de Radio-Televisión de Galicia en 1984 representou outro fito decisivo na consolidación do espazo cultural propio (Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, 1984). Máis alá da súa función comunicativa, a CRTVG converteuse nun motor fundamental da produción audiovisual en lingua galega,

contribuíndo significativamente á normalización lingüística mediante a creación de contidos que alcanzaron ampla difusión social (Consello da Cultura Galega, 2023).

Durante este período fundacional creáronse tamén institucións especializadas que vertebraron o desenvolvemento sectorial da cultura galega. O Centro Dramático Galego asumiu a responsabilidade de dinamizar as artes escénicas, mentres que o Centro Galego de Artes da Imaxe focalizou os seus esforzos na promoción audiovisual. A Orquestra Sinfónica de Galicia e o Arquivo Sonoro de Galicia completaron este entramado institucional que, malia as súas limitacións orzamentarias, sentou as bases para o desenvolvemento cultural posterior (Pose-Porto e Caride, 2022).

A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia estableceu o marco para a protección, conservación e divulgación do patrimonio cultural galego. Esta lei foi actualizada en 2016 coa (Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, 2016), que introduciu novos conceptos e ferramentas para a protección do patrimonio cultural.

O ingreso de España na Comunidade Económica Europea en 1986 abriu novas oportunidades de financiamento e cooperación cultural que Galicia aproveitou para modernizar infraestruturas e participar en redes culturais transnacionais (Consello da Cultura Galega, 2023).

4.1.2 O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS GALEGAS NA ACCIÓN CULTURAL. DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS E XUNTA DE GALICIA COMO ACTORES PRINCIPAIS DO SISTEMA

A arquitectura institucional da cultura galega articúlase mediante unha distribución competencial multinivel na que participan diferentes administracións públicas con responsabilidades específicas pero interrelacionadas. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, asumiu desde 1983 a responsabilidade central no deseño e execución das políticas culturais autonómicas, establecendo as liñas estratéxicas xerais e xestionando os grandes equipamentos e programas culturais de ámbito galego. Durante os primeiros anos da súa andaina, as prioridades centráronse na recuperación e posta en valor do patrimonio cultural galego, así como no fomento da creación e produción artística en lingua galega (Pose-Porto e Caride, 2022).

Simultaneamente, iniciouse un proceso de descentralización cultural que transferiu progresivamente competencias e recursos aos niveis administrativos inferiores. A Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local estableceu un marco competencial que outorgou aos municipios responsabilidades directas na prestación de servizos culturais e de ocupación do tempo libre, mentres que as Deputacións asumirían funcións de coordinación e apoio técnico para garantir a prestación integral destes servizos, especialmente nos concellos con menor capacidade de xestión (Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, 1985).

Esta distribución competencial xerou un modelo caracterizado pola complementariedade pero tamén pola complexidade na coordinación interadministrativa. As Deputacións Provinciais desenvolveron un papel crucial no financiamento e promoción cultural, especialmente relevante para os municipios rurais que carecían de recursos propios suficientes. A Deputación da Coruña e a de Pontevedra concentraron os maiores volumes de investimento cultural, reflectindo as diferenzas demográficas e económicas entre provincias pero tamén

USC DE COMPOSTELA

evidenciando distintas prioridades políticas na asignación de recursos culturais (Consello da Cultura Galega, 2014).

Os concellos, pola súa banda, emerxeron como axentes fundamentais na provisión de servizos culturais de proximidade (Pose-Porto, 2006). Desde as primeiras eleccións democráticas municipais de 1979, asumíronse responsabilidades que transcendían o marco normativo establecido, respondendo ás demandas cidadás mediante a creación de infraestruturas básicas como bibliotecas, casas de cultura e escolas de música. Esta expansión da acción cultural municipal desenvolvéuse frecuentemente sen unha planificación estratéxica coordinada, xerando tanto experiencias innovadoras como duplicidades e ineficiencias na asignación de recursos.

4.1.3 Características e tendencias das Políticas Culturais galegas. Identidade, democratización cultural e dependencia do financiamento público

As políticas culturais galegas desenvolvidas desde a transición democrática presentan características distintivas que reflicten tanto as particularidades do contexto sociocultural galego como os condicionantes estruturais do seu desenvolvemento. Analizando a evolución orzamentaria e as prioridades programáticas, identifícanse patróns persistentes que configuran un modelo cultural específico con fortalezas e debilidades claramente identificables.

Táboa 12. Evolución comparada do gasto cultural público en Galicia (2007-2014)

Administración	Área	2007-2008 (Base 100)	2010	2013-2014	Variación total	Contexto comparativo
Xunta de Galicia	Cultura	100	76,5	41,6	-58,4%	Recorte máis severo
	Sanidade	100	95,2	93,4	-6,6%	Área protexida
	Educación	100	92,1	88,8	-11,2%	Recorte moderado
Administración local	Concellos - Total cultura (millóns €)	202	163,2	115,9	-42,6%	Caída progresiva
	Gasto per cápita (€)	70	59,8	55,3	-21%	Inferior media estatal (86€)
Comparativa territorial	Media CC.AA. - Cultura	100	68,3	49,2	-50,8%	Galicia: -58,4%
	País Vasco per cápita	112€	--	108€	-3,6%	Mantemento relativo

Nota. Elaboración propia a partir de datos do Consello da Cultura Galega (2014) e Instituto Galego de Estatística.

A análise orzamentaria revela unha forte vulnerabilidade do sector cultural ante as flutuacións económicas. Durante a crise iniciada en 2008, o investimento cultural sufriu recortes desproporcionadamente severos comparados con outras áreas de gasto público consideradas

esenciais (Consello da Cultura Galega, 2014). Esta despriorización orzamentaria evidencia unha concepción residual da cultura nas políticas públicas, contradictoria coa retórica oficial sobre a importancia da cultura para o desenvolvemento social e económico.

Un trazo distintivo do modelo galego radica na particular composición do gasto segundo a súa natureza económica. Entre 2003 e 2012, a Xunta dedicou máis do 70% dos seus recursos culturais a gastos de capital, fundamentalmente investimentos en infraestruturas, mentres que a media das comunidades autónomas situouse no 41% (Lorenzo, 2010). Esta orientación cara ao investimento en equipamentos, aínda que necesaria para compensar déficits históricos, xerou desequilibrios na asignación de recursos para programación, persoal e apoio ao tecido cultural, comprometendo a sustentabilidade a longo prazo dos equipamentos creados (Pose-Porto e Caride, 2022).

A dependencia do financiamento público constitúe outra característica estrutural do modelo. A análise dos datos revela que o sector cultural galego depende maioritariamente de subvencións e transferencias públicas, cunha escasa participación do sector privado no seu financiamento (Consello da Cultura Galega, 2014). Esta dependencia, se ben proporciona certa estabilidade, expón ao sector a unha alta vulnerabilidade ante cambios políticos e ciclos económicos, limitando a súa autonomía e capacidade de desenvolvemento autónomo.

O modelo de política cultural implementado orientouse principalmente cara á democratización do acceso á cultura, priorizando a creación de infraestruturas e a difusión de actividades culturais. Esta orientación, influenciada polo modelo francés de política cultural, conseguiu ampliar significativamente o acceso da poboación aos bens e servizos culturais pero mostrou limitacións na promoción dunha verdadeira democracia cultural que fomente a participación activa da cidadanía na creación e xestión cultural.

A promoción da lingua galega configurouse como eixo vertebrador transversal das políticas culturais. En 2011, máis de 23 millóns de euros do orzamento cultural destinábanse especificamente á política lingüística, evidenciando a prioridade outorgada á normalización do galego (Consello da Cultura Galega, 2014). Esta aposta, fundamental para a recuperación identitaria, xerou tamén tensións e debates sobre o equilibrio entre a promoción lingüística e outras dimensións da política cultural (Consello da Cultura Galega, 2018).

4.1.4 Modelos de política cultural. Entre a democratización e a democracia cultural

O desenvolvemento das políticas culturais galegas evidencia unha tensión persistente entre dous paradigmas complementarios pero distintos na súa concepción da relación entre cultura e sociedade. O modelo de democratización cultural, predominante nas primeiras décadas autonómicas, focalizou os seus esforzos na ampliación do acceso aos bens e servizos culturais mediante a creación de infraestruturas e a programación de actividades. Este enfoque, aínda que necesario nun contexto de carencias históricas, tendeu a concibir a cidadanía como receptora pasiva dunha oferta cultural definida institucionalmente.

Os datos confirman os avances significativos nesta dimensión democratizadora. A porcentaxe de concellos con casas de cultura incrementouse do 16,6% en 1987 ao 61,2% en 2020, mentres que o número de bibliotecas evolucionou de 148 en 1983 a 371 en 2020 (Consello da Cultura Galega, 2023; Instituto Galego de Estatística, 2019, 2023; Instituto Galego de Estatística e Xunta de Galicia, 2024). Estes logros cuantitativos traduciron nunha mellora

USC DE COMPOSTELA

substancial das oportunidades de acceso á cultura, especialmente relevante en territorios que carecían historicamente de equipamentos culturais básicos.

Non obstante, a consolidación deste modelo evidenciou as súas limitacións para xerar procesos de transformación social profunda. A énfase na difusión cultural non sempre foi acompañada de estratexias que fomentasen a participación activa da cidadanía na definición de prioridades culturais ou na creación de contidos propios. Esta carencia resulta especialmente significativa nun contexto como o galego, onde a diversidade de expresións culturais locais e a riqueza do patrimonio inmaterial demandan enfoques máis participativos e horizontais (Santos et al., 2013).

Recentemente, observáronse iniciativas que apuntan cara a un maior equilibrio entre ambos paradigmas. A Estratexia da Cultura Galega 2021 incorporou directrices que recoñecen a importancia da participación cidadá e a necesidade de fomentar procesos creativos comunitarios (Xunta de Galicia, 2019). Datos como o feito de que o 86% dos profesionais do sector cultural colaboren con outros axentes suxiren a existencia dun potencial significativo para desenvolver modelos máis colaborativos de xestión cultural (Consello da Cultura Galega, 2024).

A transición cara a modelos de democracia cultural require transformacións estruturais que transcenden os cambios programáticos puntuais. Implica repensar os mecanismos de gobernanza cultural, fortalecer as capacidades creativas das comunidades e recoñecer a diversidade de saberes e prácticas culturais presentes no territorio (Consello da Cultura Galega, 2023). Este proceso, complexo e necesariamente gradual, constitúe un dos principais retos para o futuro das políticas culturais galegas.

4.1.5 Proceso de institucionalización. Tensións e desafíos estruturais

O proceso de institucionalización cultural en Galicia caracterizouse por avances significativos pero tamén por tensións estruturais que condicionaron o seu desenvolvemento. A progresiva asunción de competencias autonómicas permitiu deseñar políticas máis adaptadas á realidade galega, pero este proceso enfrontou múltiples desafíos relacionados coa coordinación interadministrativa, o financiamento e a articulación territorial (Lage et al., 2012).

A dependencia financeira do goberno central limitou historicamente a autonomía real da comunidade autónoma en materia cultural. Os datos de 1987 ilustran esta situación: os concellos galegos destinaban apenas 1,20 euros por habitante en cultura, moi por baixo da media estatal de 3,67 euros e das comunidades con maior investimento como o País Vasco con 8,16 euros. Esta infrafinanciación crónica condicionou o desenvolvemento de políticas culturais ambiciosas e xerou dependencias de subvencións puntuais que dificultaron a planificación estratéxica.

A heteroxeneidade territorial emerxe como outro desafío estrutural persistente. Mentres as cidades e vilas maiores desenvolveron departamentos culturais especializados e equipamentos de calidade, os municipios rurais dependeron fundamentalmente do voluntarismo local e do apoio puntual das deputacións (Bayardo García, 2008; Pose-Porto e Pérez Rúa, 2008). Esta polarización territorial xerou desigualdades no acceso á cultura que contradín os principios de equidade e cohesión territorial que deberían orientar as políticas públicas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A ausencia de mecanismos sistemáticos de planificación e avaliación constitúe unha debilidade adicional do modelo. Aínda que iniciativas como a Estratexia da Cultura Galega 2021 representan avances nesta dirección (Xunta de Galicia, 2019), a falta de sistemas de avaliación continuos dificulta a medición do impacto real das políticas implementadas e a súa adaptación ás necesidades cambiantes da sociedade (Consello da Cultura Galega, 2023). Esta carencia de ferramentas de xestión baseadas en evidencias limita a capacidade de aprendizaxe institucional e a mellora continua das intervencións culturais.

As tensións entre niveis administrativos manifestáronse recorrentemente na duplicación de esforzos, a competencia por recursos escasos e a dificultade para artellar proxectos compartidos. A coordinación entre a Xunta, as deputacións e os concellos segue sendo un reto pendente que require mecanismos máis eficaces de gobernanza multinivel. A creación de espazos de coordinación interadministrativa e a definición clara de competencias e responsabilidades emerxen como necesidades urxentes para optimizar os recursos dispoñibles.

Malia estas tensións, o balance do proceso de institucionalización presenta logros innegables. A creación dun entramado institucional propio, o desenvolvemento de políticas específicas e a consolidación dunha identidade cultural diferenciada constitúen activos fundamentais sobre os que construír o futuro cultural de Galicia. O reto consiste en superar as limitacións estruturais identificadas mediante reformas que fortalezan a autonomía financeira, melloren a coordinación territorial e incorporen ferramentas de xestión máis eficaces e participativas.

4.2 As Políticas Culturais municipais en Galicia. Análise do papel dos concellos como axentes culturais de proximidade

As políticas culturais nos concellos galegos xogan un papel fundamental no desenvolvemento e promoción da cultura a nivel local. Desde a transición democrática, os municipios galegos asumiron un papel proactivo na satisfacción das necesidades e demandas culturais da cidadanía, indo en moitas ocasións máis alá do que o propio marco normativo lles esixía (Pose-Porto, 2006). Esta sección analizará en profundidade as diferentes dimensións das políticas culturais municipais en Galicia, desde o seu marco competencial e orzamentario ata a tipoloxía dos equipamentos e servizos culturais, os departamentos e programas municipais de cultura, e algunhas experiencias singulares e boas prácticas.

4.2.1 Estrutura organizativa dos departamentos culturais municipais. Perfís profesionais, formación e vinculación laboral no sector

Os departamentos culturais municipais constitúen a interface fundamental entre as políticas culturais e a cidadanía, desenvolvendo funcións que abarcan desde a xestión de equipamentos ata a dinamización comunitaria. A súa configuración organizativa reflicte tanto as potencialidades como as limitacións do modelo de xestión cultural local en Galicia (Pose-Porto, 2006).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 13. Caracterización profesional dos recursos humanos culturais municipais

	Dimensión analizada	Indicadores	Datos	Implicacións para a xestión
Formación académica	Nivel formativo xeral	Estudos superiores	82%	Alta cualificación formal
		Grao/Licenciatura	64%	Base universitaria sólida
		Posgrao/Doutoramento	15%	Especialización limitada
	Discrepancia requisitos/realidade	Requirido titulación universitaria	43% postos	Infravaloración competencial
		Requirido educación básica ou ningunha	25% postos	Desaxuste perfís-funcións
Estabilidade laboral	Vinculación estable	Funcionarios	22%	Continuidade garantida parcial
		Persoal laboral fixo	39%	
	Vinculación temporal	Contratos temporais/obra	25%	Precariedade significativa
		Sen dato	14%	Opacidade administrativa
Categorización profesional	Nivel superior	Grupo A1 (técnico superior)	8%	Escasa presenza directiva
	Nivel medio	Grupo A2 (técnico medio)	29%	Categoría predominante
	Nivel auxiliar	Grupo C1 (auxiliar)	28%	Sobrerrepresentación base
Dedicación e especialización	Intensidade	Dedicación exclusiva completa	76%	Profesionalización maioritaria
		Dedicación parcial	24%	Multifuncionalidade forzada
	Denominacións profesionais	Animador/a sociocultural	Máis frecuente	Diversidade terminolóxica
		Técnico/a de cultura	Segunda frecuencia	Falta estandarización
	Dimensión analizada	Indicadores	Datos	Implicacións para a xestión

Nota. Elaboración propia a partir de Caride e Pose-Porto (2021) e Consello da Cultura Galega (2024).

A análise dos datos revela unha paradoxa fundamental: mentres o 82% dos profesionais posúen estudos superiores, só no 43% dos casos se requiriu titulación universitaria para acceder ao posto (Caride e Pose-Porto, 2021). Esta discrepancia evidencia unha sistemática infravaloración do traballo cultural que se traduce en categorías profesionais inadecuadas e retribucións insuficientes. A distribución por grupos profesionais confirma esta tendencia, con apenas un

8% de técnicos superiores fronte a un 28% de auxiliares, configuración que limita a capacidade estratéxica dos departamentos culturais. O Consello da Cultura Galega (2018) xa sinalaba a importancia de profesionalizar as profesións culturais a todos os niveis.

A precariedade laboral afecta a un cuarto dos profesionais do sector, comprometendo a continuidade das políticas culturais e dificultando a acumulación de experiencia e coñecemento institucional. Esta inestabilidade resulta especialmente problemática nun ámbito que require vínculos sostidos coa comunidade e procesos de planificación a medio e longo prazo. A temporalidade excesiva xera ademais unha rotación de persoal que dificulta a consolidación de equipos de traballo cohesionados e a implementación de proxectos complexos.

A heteroxeneidade nas denominacións profesionais reflicte a ausencia dun marco competencial claro para os profesionais da cultura municipal (Caride e Pose-Porto, 2021; Consello da Cultura Galega, 2024). Termos como "animador sociocultural", "técnico de cultura", "xestor cultural" ou "técnico de políticas culturais" utilízanse indistintamente para funcións similares, dificultando o recoñecemento profesional e a mobilidade laboral no sector. Esta indefinición contrasta coa crecente complexidade das funcións que deben asumir estes profesionais, que abarcan desde a xestión administrativa ata a mediación cultural, pasando pola produción de eventos ou a dinamización comunitaria.

A estrutura organizativa varía significativamente segundo o tamaño municipal. Nos concellos de maior dimensión, existen departamentos diferenciados con técnicos especializados en áreas específicas como patrimonio, bibliotecas ou artes escénicas. Esta especialización permite desenvolver políticas sectoriais máis sofisticadas e unha mellor atención ás particularidades de cada disciplina cultural. Pola contra, nos municipios pequenos predomina a figura do técnico único que debe asumir a totalidade das competencias culturais, situación que, se ben favorece unha visión integral, limita a profundidade das intervencións e sobrecarga aos profesionais.

O alto nivel formativo dos profesionais constitúe un activo fundamental que non está sendo aproveitado plenamente. A combinación de formación superior e experiencia práctica acumulada configura un capital humano valioso que require mellores condicións laborais e maior recoñecemento institucional para desenvolver todo o seu potencial. A profesionalización do sector pasa necesariamente por adecuar as categorías profesionais á cualificación real, estabilizar os cadros de persoal e desenvolver plans de formación continua adaptados ás necesidades específicas da xestión cultural contemporánea.

4.2.2 O MARCO COMPETENCIAL E ORZAMENTARIO MUNICIPAL. COMPETENCIAS, RECURSOS E EVOLUCIÓN DO GASTO CULTURAL NOS CONCELLOS GALEGOS

O marco competencial dos concellos galegos en materia cultural configúrase mediante unha complexa interacción entre a lexislación básica estatal e as dinámicas políticas locais. A Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local estableceu no seu artigo 28 a capacidade municipal para desenvolver actividades complementarias ás doutras administracións, especialmente en cultura, outorgando un amplo marxe de actuación que os concellos galegos aproveitaron para expandir significativamente a súa acción cultural (Pose-Porto, 2006; Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, 1985).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta amplitude competencial permitiu que os municipios desenvolvesen políticas culturais que transcenderon as obrigas mínimas legais, respondendo directamente ás demandas cidadás mediante a creación de servizos e programas innovadores. Desde as primeiras eleccións democráticas municipais, os concellos asumíronse responsabilidades en materia de creación e provisión de prazas profesionais especializadas, construción e dotación de infraestruturas culturais, organización de programas e servizos, e apoio ao tecido asociativo local mediante subvencións e cesión de espazos (Pose-Porto, 2006).

Non obstante, a Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local introduciu restricións significativas neste marco competencial, limitando a capacidade de actuación municipal en materias consideradas "impropias" e condicionando o desenvolvemento de novas iniciativas culturais a criterios de sustentabilidade financeira (Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, 2021). Estas modificacións xeraron preocupación no sector cultural galego, xa que poderían comprometer a autonomía municipal para responder ás necesidades culturais específicas de cada territorio (Consello da Cultura Galega, 2014).

A análise da evolución orzamentaria revela o impacto devastador da crise económica sobre o financiamento cultural municipal. Entre 2010 e 2013, o gasto cultural dos concellos galegos reduciuse de 163,2 millóns a 115,9 millóns de euros, unha caída do 28,9% que comprometeu seriamente a capacidade de actuación municipal (Consello da Cultura Galega, 2014). Esta redución resultou especialmente gravosa nos municipios pequenos, onde o gasto per cápita xa era estruturalmente inferior: en 2006, os concellos de menos de 5.000 habitantes investían 37 euros por habitante en cultura, case a metade que os seus homólogos estatais.

A composición do gasto cultural municipal reflicte prioridades específicas pero tamén limitacións estruturais. En 2013, o 64,5% do orzamento cultural dedicábase a "promoción cultural", categoría ampla que inclúe festas e eventos pero que tamén pode encubrir unha falta de planificación estratéxica e unha tendencia ao eventismo en detrimento de políticas culturais máis estruturadas e sostibles (Consello da Cultura Galega, 2014). Esta orientación cara a actividades puntuais responde parcialmente ás demandas de visibilidade política inmediata pero limita a capacidade de desenvolver procesos culturais a longo prazo.

Comparativamente, o gasto cultural per cápita dos concellos galegos (55,3 euros en 2013) sitúase significativamente por baixo da media estatal e moi distante de comunidades como o País Vasco (112 euros) ou Cataluña (89 euros) (Consello da Cultura Galega, 2014). Esta brecha evidencia non só diferenzas na capacidade económica dos territorios senón tamén distintas concepcións sobre o papel da cultura no desenvolvemento local. A posición de Galicia no contexto estatal, ocupando o undécimo lugar en gasto cultural municipal per cápita, contrasta coa riqueza e diversidade do seu patrimonio cultural e coa importancia outorgada retoricamente á cultura na construción identitaria galega.

A dependencia das transferencias doutras administracións constitúe unha característica estrutural do financiamento cultural municipal. Moitos concellos, especialmente os de menor tamaño, dependen criticamente das subvencións da Xunta e das deputacións para manter servizos culturais básicos (Bayardo García, 2008; Pose-Porto e Pérez Rúa, 2008). Esta dependencia xera vulnerabilidade ante cambios políticos e limita a autonomía municipal para desenvolver proxectos propios, perpetuando dinámicas de subordinación que contradín o principio de autonomía local.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.3 ÁMBITOS DE ACTUACIÓN E LIÑAS PROGRAMÁTICAS MUNICIPAIS. DA PROMOCIÓN CULTURAL Á EDUCACIÓN PATRIMONIAL

Os departamentos culturais municipais desenvolven a súa actividade nun amplo espectro de ámbitos que reflicten tanto a diversidade das demandas cidadás como a complexidade da xestión cultural contemporánea. A análise das súas liñas de actuación revela patróns comúns pero tamén especificidades territoriais que responden ás características socioeconómicas e culturais de cada municipio.

A promoción e difusión cultural constitúe o núcleo fundamental da actividade municipal, abarcando a organización de exposicións, concertos, representacións teatrais e ciclos de cinema que configuran a programación cultural regular (Consello da Cultura Galega, 2023, 2024). Esta función, aparentemente básica, require competencias complexas de programación, produción e xestión que moitas veces exceden as capacidades dos equipos municipais, especialmente nos concellos pequenos. A comunicación e difusión destas iniciativas, identificada como tarefa principal polo 57% dos profesionais do sector, evidencia a importancia outorgada á visibilización da acción cultural pero tamén pode reflectir unha orientación excesiva cara á promoción en detrimento doutras funcións menos visibles pero igualmente necesarias.

A xestión do patrimonio cultural local emerxe como responsabilidade crecente dos municipios, que deben asumir tarefas de conservación, investigación e divulgación con recursos frecuentemente insuficientes. A valoración dos patrimonios tanxibles e intanxibles, establecida como directriz na Estratexia da Cultura Galega 2021, require competencias especializadas e recursos técnicos que moitos concellos non posúen (Xunta de Galicia, 2019; Consello da Cultura Galega, 2023, 2024). Esta situación xera riscos para a preservación patrimonial pero tamén oportunidades perdidas para o desenvolvemento de proxectos de turismo cultural ou educación patrimonial que poderían contribuír ao desenvolvemento local.

Táboa 14. Evolución e distribución dos equipamentos culturais municipais en Galicia

Tipo de equipamento	1983-1987	2007	2020-2021	Taxa crecemento total	Distribución territorial	Observacións
Bibliotecas	148	305	371	+150,7%	13,7/100.000 hab	Superior media estatal (11,8)
Casas da Cultura	16,6% concellos	57,5%	61,2%	+44,6 puntos	Concentración urbana moderada	Eixo vertebrador local
Teatros/Auditorios	58	89	143	+146,5%	68% en 20 maiores municipios	Forte polarización urbana
Museos	47	72	129	+174,5%	34% en Ourense	Especialización provincial
Salas exposición	12,5% concellos	60,8%	--	+48,3 puntos	Alta concentración urbana	Democratización parcial
Fondos bibliotecarios	1,8 millóns exemplares	--	13,1 millóns	+627,8%	--	Expansión extraordinaria

Nota. Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística (2019, 2023) e Consello da Cultura Galega (2023).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O fomento da lectura e a xestión bibliotecaria representan unha das áreas de maior éxito da acción cultural municipal. O crecemento sostido do número de bibliotecas e o incremento exponencial dos fondos bibliográficos evidencian un compromiso continuado coa democratización do acceso ao coñecemento (Instituto Galego de Estatística, 2019, 2023). As bibliotecas municipais transcenderon a súa función tradicional de préstamo para converterse en centros culturais polivalentes que albergan clubes de lectura, encontros con autores, actividades infantís e servizos dixitais. O feito de que o 26,7% da poboación galega visitase unha biblioteca no último ano, porcentaxe superior á media española, confirma o éxito desta política.

O apoio ás artes escénicas e musicais configura outro eixo fundamental da acción municipal, materializado na xestión de auditorios e teatros que, malia a súa distribución territorial desigual, constitúen plataformas esenciais para a difusión artística (Instituto Galego de Estatística, 2019, 2023). A programación destes espazos enfronta o desafío de equilibrar a oferta de espectáculos profesionais con apoio á creación local, a formación de públicos e a sustentabilidade económica. Programas como a Rede Cultural de Ourense ou Cultura no Camiño de Lugo representan esforzos por superar as limitacións individuais dos municipios mediante a cooperación intermunicipal.

A educación cultural emerxe como liña programática estratéxica que busca transcender o modelo de simple difusión para desenvolver procesos formativos que capaciten á cidadanía para a creación e o goce cultural (Instituto Galego de Estatística, 2019, 2023). A organización de obradoiros, cursos e programas formativos en disciplinas artísticas diversas responde a unha concepción da cultura como dereito pero tamén como competencia que require aprendizaxe. A colaboración cos centros educativos mediante programas específicos reforza esta dimensión educativa, aínda que persisten dificultades para artellar proxectos continuados que superen a lóxica de actividades puntuais.

A preservación e promoción da cultura tradicional e popular mantén unha relevancia especial no contexto galego, onde as manifestacións culturais tradicionais conservan vitalidade e significación social. O apoio a grupos de música e danza tradicional, a organización de festas populares e a recuperación de tradicións locais constitúen liñas de traballo que conectan coa identidade comunitaria e favorecen a cohesión social. A participación do 64,5% da poboación en festas populares confirma a relevancia destas manifestacións, que combinan elementos patrimoniais, lúdicos e identitarios (Instituto Galego de Estatística, 2019, 2023).

A emerxencia da cultura dixital como novo ámbito de actuación municipal responde á transformación dos hábitos culturais nunha sociedade crecentemente dixitalizada. A incorporación de recursos dixitais nas bibliotecas, a promoción de creación audiovisual ou o desenvolvemento de plataformas dixitais de difusión cultural representan esforzos de adaptación que, aínda incipientes, resultan fundamentais para conectar coas novas xeracións e democratizar o acceso á cultura nun contexto tecnolóxico cambiante. O dato de que o 87% da poboación galega utilice dispositivos móbiles para consumo cultural obrigou aos departamentos municipais a repensar as súas estratexias de comunicación e mediación cultural (Instituto Galego de Estatística, 2019, 2023).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.4 PARTICIPACIÓN CIDADÁ E COLABORACIÓN ASOCIATIVA. MECANISMOS E INSTRUMENTOS PARA A XESTIÓN CULTURAL PARTICIPATIVA

A participación cidadá na xestión cultural municipal constitúe un dos principais retos para a transformación do modelo de políticas culturais en Galicia. Malia os avances rexistrados, persiste unha brecha significativa entre a retórica participativa e a práctica real de incorporación cidadá nos procesos de decisión cultural.

Os consellos municipais de cultura, concibidos como órganos consultivos de participación, existen só no 35% dos concellos coruñeses segundo datos da Deputación da Coruña de 2019. Esta limitada implantación revela dificultades estruturais para institucionalizar a participación cidadá na xestión cultural. Ademais, a maioría destes consellos funcionan con carácter meramente consultivo, reunións irregulares e composición limitada ás asociacións máis representativas, reducindo o seu impacto real na definición de políticas culturais municipais.

A colaboración co tecido asociativo desenvolveuse principalmente mediante mecanismos tradicionais de subvencións e convenios para actividades puntuais. O 86% dos profesionais do sector cultural colaboran con outros axentes, pero esta colaboración tende a ser instrumental máis que estratéxica (Caride e Pose-Porto, 2021; Consello da Cultura Galega, 2024, 2024). As asociacións culturais, que en 2021 sumaban 3.879 entidades con presenza en todos os concellos galegos, constitúen un recurso fundamental infrautilizado na xestión cultural participativa. A maioría destas organizacións, caracterizadas pola súa dimensión local (75% con menos de 100 socios) e recursos limitados (60% con orzamentos inferiores a 5.000 euros), dependen criticamente do voluntariado e enfrontan dificultades para manter actividades continuadas.

Os procesos de consulta e participación cidadá para o deseño de políticas culturais seguen sendo excepcionais. Menos do 10% dos concellos desenvolveron procesos de orzamentos participativos con partidas específicas para cultura, evidenciando a resistencia a compartir a capacidade de decisión sobre os recursos públicos. Cando se implementan, estes procesos adoitan limitarse a consultas puntuais sobre aspectos secundarios, sen abordar cuestións estratéxicas sobre o modelo cultural municipal. Como sinalan Caride e Meira (2000), en moitos casos estas respostas responden máis a unha lóxica de consulta e lexitimación das políticas municipais que a unha verdadeira incorporación dos intereses e demandas cidadás.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 15. Mecanismos de participación cultural nos concellos galegos

Mecanismo	Implantación	Características	Limitacións identificadas
Consellos municipais cultura	35% concellos (dato A Coruña)	Carácter consultivo, composición limitada	Reunións irregulares, escaso poder decisorio
Orzamentos participativos	<10% concellos	Partidas reducidas, procesos puntuais	Baixa incidencia no orzamento total
Convenios con asociacións	Xeneralizado	Apoio a actividades específicas	Relación instrumental, non estratéxica
Cesión de espazos	Frecuente	Apoio loxístico básico	Sen acompañamento técnico
Voluntariado cultural	Desenvolvemento incipiente	Programas específicos limitados	Falta marco regulador
Plataformas dixitais	Emerxentes	Experiencias piloto	Brecha dixital, baixa participación
Redes profesionais	46% profesionais participan	Intercambio información e recursos	Débil institucionalización

Nota. Elaboración propia a partir de datos da Deputación da Coruña e Caride e Pose-Porto (2021).

O desenvolvemento de programas de voluntariado cultural permanece nun estado embrionario, con experiencias puntuais que non conseguiron consolidarse como liñas estables de actuación. A ausencia dun marco regulador claro e a falta de recursos para a coordinación e formación do voluntariado limitan o seu potencial contribución á dinamización cultural local.

As plataformas dixitais de participación, aínda que prometedoras, enfrontan barreiras relacionadas coa brecha dixital e a cultura participativa. As experiencias desenvolvidas mostran dificultades para xerar participación sostida máis alá dos colectivos xa mobilizados, reproducindo online as dinámicas de exclusión que se pretendían superar.

Para avanzar cara a unha verdadeira xestión participativa resulta imprescindible superar a concepción instrumental da participación como lexitimación de decisións previamente tomadas. Isto require transformacións profundas que abarquen desde a modificación de normativas municipais para garantir a participación efectiva, ata a capacitación do persoal técnico en metodoloxías participativas, pasando polo recoñecemento e apoio ao tecido asociativo como axente cultural de pleno dereito (Consello da Cultura Galega, 2001).

A experiencia acumulada suxire que a participación cultural efectiva require condicións específicas que moitos concellos aínda non garantizan: transparencia na información sobre recursos e decisións culturais, espazos e tempos adecuados para a deliberación, metodoloxías inclusivas que faciliten a participación de colectivos diversos, recursos técnicos e económicos para apoiar as iniciativas cidadás, e mecanismos de seguimento e avaliación participativa. O desenvolvemento destas condicións constitúe un requisito ineludible para a transformación do modelo de xestión cultural municipal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.5 Equipamentos e servizos culturais municipais. Tipoloxía, distribución territorial e evolución da infraestrutura cultural local

A rede de equipamentos culturais municipais constitúe a base material sobre a que se desenvolven as políticas culturais de proximidade. A súa evolución desde a transición democrática reflicte tanto o esforzo inversor dos concellos como as persistentes desigualdades territoriais no acceso á cultura (Pose-Porto, 2006).

As Casas de Cultura e Centros Socioculturais configuran o núcleo fundamental desta rede, funcionando como espazos polivalentes que albergan actividades diversas e facilitan o encontro comunitario. O seu crecemento desde o 16,6% de concellos dotados en 1987 ata o 61,2% en 2020 representa un dos logros máis significativos da acción cultural municipal (Consello da Cultura Galega, 2023). Estes equipamentos, especialmente relevantes en contornos rurais e semiurbanos onde constitúen frecuentemente o único espazo cultural dispoñible, desempeñaron un papel crucial na revitalización cultural de numerosos municipios tras o proceso electoral municipal de 1979 (Lage et al., 2012).

Non obstante, a distribución territorial destes centros evidencia desequilibrios persistentes. As sete principais cidades galegas concentran o 78,9% do valor económico do sector cultural, reflectindo unha polarización que limita as oportunidades culturais da poboación rural (Consello da Cultura Galega, 2023). Esta concentración urbana dos recursos culturais reproduce e amplifica as desigualdades socioeconómicas territoriais, cuestionando a efectividade das políticas de cohesión territorial. Entre 2010 e 2013, o investimento en cultura nos concellos galegos reduciuse de 163.190.000 euros a 115.905.000 euros, o que supuxo unha importante contracción orzamentaria con consecuencias notables na conservación e desenvolvemento das infraestruturas culturais locais (Consello da Cultura Galega, 2014, 2015).

As bibliotecas municipais representan o equipamento cultural con maior implantación e uso social. O seu crecemento sostido, alcanzando as 371 bibliotecas en 2020 cunha ratio de 13,7 por cada 100.000 habitantes superior á media estatal, confirma o éxito desta política (Instituto Galego de Estatística, 2019, 2023; Instituto Galego de Estatística e Xunta de Galicia, 2024). A expansión dos fondos bibliográficos, que se multiplicaron por máis de sete entre 1983 e 2020, acompañouse dunha modernización dos servizos que incorporou recursos dixitais e programas de dinamización lectora. O feito de que o 26,7% da poboación galega visitase unha biblioteca no último ano, porcentaxe superior á media española, valida a relevancia social destes equipamentos (Consello da Cultura Galega, 2023). O 55,5% das persoas que leron algún libro no último ano fixérono en galego, unha porcentaxe moi superior á media da poboación.

Os teatros e auditorios presentan unha distribución marcadamente desigual que evidencia as dificultades para democratizar o acceso ás artes escénicas. Con 143 equipamentos en 2021, o 68% concéntrase nos 20 municipios máis poboados, mentres que 235 concellos (75% do total) carecen destes espazos (Consello da Cultura Galega, 2023). Esta polarización limita severamente as oportunidades da poboación rural para acceder a espectáculos profesionais e condiciona o desenvolvemento do tecido creativo local. Iniciativas de cooperación intermunicipal como a Rede Cultural de Ourense ou Cultura no Camiño de Lugo buscan paliar estas carencias mediante circuítos itinerantes, pero o seu alcance segue sendo limitado (Lage et al., 2012). Un dos desafíos destes equipamentos reside na súa sustentabilidade económica e na capacidade para atraer públicos diversos (Caride & Pose-Porto, 2008).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os museos e coleccións museográficas municipais, con 129 centros en 2021, mostran unha distribución provincial peculiar con forte concentración en Ourense (34% do total), respondendo a tradicións museísticas locais específicas (Consello da Cultura Galega, 2023). A maioría destes centros enfrontan limitacións severas: o 70% funciona con menos de tres traballadores, o 60% dispón de orzamentos anuais inferiores a 50.000 euros e o 50% carece de programas educativos estables (Consello da Cultura Galega, 2013, 2020). Estas carencias comprometen a súa capacidade para desenvolver funcións museísticas básicas de conservación, investigación e difusión, como sinala Sierra Rodríguez (2020) ao analizar a ausencia dunha planificación museística a nivel autonómico e provincial.

As festas, feiras e festivais culturais manteñen unha vitalidade extraordinaria que contrasta coa caída doutras prácticas culturais. A participación en festas populares incrementouse do 61% en 1985 ao 64,5% en 2018-2019, evidenciando a súa capacidade de adaptación e renovación (Consello da Cultura Galega, 2016, 2023). Traballos máis recentes (Consello da Cultura Galega, 2020, 2021, 2022, 2023) proporcionan datos renovados sobre estas tendencias. Os festivais especializados como o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira ou o Resurrection Fest diversificaron a oferta cultural e proxectaron internacionalmente a imaxe de Galicia. En 2013, o 64,5% do gasto cultural municipal dedicábase a "promoción cultural", categoría que inclúe estes eventos, reflectindo a súa prioridade nas políticas locais (Consello da Cultura Galega, 2014).

A crise económica e a pandemia impactaron severamente na rede de equipamentos culturais. A pandemia da COVID-19 forzou adaptacións radicais, con peches temporais e reconversións a formatos dixitais que evidenciaron tanto a vulnerabilidade como a capacidade de resiliencia do sistema cultural municipal (Consello da Cultura Galega, 2020, 2023).

4.2.6 Experiencias singulares e boas prácticas municipais. Innovación e excelencia na xestión cultural local galega

A análise das políticas culturais municipais revela, xunto ás limitacións estruturais identificadas, un conxunto de experiencias innovadoras que demostran o potencial transformador da acción cultural local. Estas iniciativas, desenvolvidas en contextos diversos, proporcionan modelos replicables e aprendizaxes valiosas para a mellora do sistema cultural municipal.

O incremento sostido dos equipamentos culturais ao longo de catro décadas evidencia un compromiso municipal consistente coa democratización cultural. O crecemento das bibliotecas nun 150,7%, dos teatros nun 146,5% e dos museos nun 174,5% configura unha rede infraestrutural que, malia as súas carencias, proporciona unha base sólida para o desenvolvemento cultural (Instituto Galego de Estatística, 2019, 2023; Consello da Cultura Galega, 2023). Esta expansión non respondeu a impulsos puntuais senón a unha política sostida que transcendeu cambios políticos e ciclos económicos, demostrando a consolidación da cultura como prioridade municipal.

A adaptación tecnolóxica emerxe como vector de innovación especialmente dinámico. A incorporación de recursos dixitais nas bibliotecas, o desenvolvemento de plataformas online de difusión cultural e a experimentación con formatos híbridos presenciais-virtuais evidencian capacidade de resposta ante os cambios sociais. O dato de que o 87% da poboación galega utilice dispositivos móbiles para consumo cultural obrigou aos departamentos municipais a

repensar as súas estratexias de comunicación e mediación cultural, xerando experiencias innovadoras de cultura dixital comunitaria (Instituto Galego de Estatística, 2019, 2023).

A diversificación e especialización da oferta cultural mediante festivais temáticos consolidou a Galicia como referente en determinados nichos culturais. Eventos como o Festival Internacional do Mundo Celta, con proxección global, ou iniciativas locais como o Festival de Teatro de Galicia-MIT de Ribadavia demostran a capacidade municipal para desenvolver proxectos de excelencia que transcenden o ámbito local (Consello da Cultura Galega, 2023). Estes festivais non só dinamizan culturalmente os territorios senón que xeran impactos económicos significativos e contribúen ao posicionamento turístico dos municipios.

As redes de colaboración intermunicipal e interprofesional configuran outro ámbito de innovación destacable. O feito de que o 86% dos profesionais colaboren con outros axentes culturais suxire a existencia dun capital social significativo que facilita o intercambio de coñecemento e recursos (Caride e Pose-Porto, 2021; Consello da Cultura Galega, 2024). Experiencias como a Rede de Espazos Culturais de Santiago de Compostela ou os programas de cooperación das deputacións provinciais mostran camiños para superar as limitacións individuais dos municipios mediante estratexias colaborativas.

A profesionalización progresiva do sector, co 82% de profesionais con estudos superiores, proporciona unha base de coñecemento técnico que permite desenvolver proxectos cada vez máis complexos e ambiciosos (Caride e Pose-Porto, 2021; Consello da Cultura Galega, 2024). Malia as limitacións identificadas na estrutura laboral, a cualificación dos recursos humanos constitúe un activo fundamental que diferencia positivamente o sistema cultural municipal galego.

Porén, persisten retos estruturais que limitan o desenvolvemento pleno do potencial cultural municipal. A distribución territorial desigual dos equipamentos especializados perpetúa brechas no acceso á cultura que contradín os principios de equidade territorial. A precariedade laboral que afecta ao 25% dos profesionais compromete a continuidade e calidade dos servizos culturais. As carencias de recursos nos museos municipais, onde o 70% opera con equipos mínimos, limitan drasticamente a súa capacidade de actuación. A necesidade de avanzar desde modelos de democratización cultural cara a verdadeiras dinámicas de democracia cultural require cambios paradigmáticos aínda pendentes. A sostibilidade financeira nun contexto de restricións orzamentarias estruturais segue sendo o desafío fundamental que condiciona todas as demais dimensións.

As experiencias analizadas suxiren liñas de actuación prioritarias para o fortalecemento do sistema cultural municipal. Resulta imprescindible desenvolver plans estratéxicos de cultura municipal con horizontes temporais amplos e mecanismos de avaliación sistemática. A mellora das condicións laborais e o recoñecemento profesional dos traballadores culturais emerxe como condición necesaria para a calidade dos servizos. O fortalecemento da cooperación intermunicipal pode compensar parcialmente as limitacións de escala dos municipios pequenos. A incorporación efectiva da cidadanía nos procesos de decisión cultural require ferramentas e metodoloxías específicas aínda por desenvolver. Finalmente, a diversificación das fontes de financiamento, sen renunciar á responsabilidade pública, pode proporcionar maior estabilidade ao sistema.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.3 O ECOSISTEMA CULTURAL GALEGO. AXENTES E INSTITUCIÓNS NA CONSTRUCIÓN DA DIVERSIDADE CULTURAL AUTONÓMICA

O ecosistema cultural galego configúrase mediante a interacción complexa de múltiples axentes que operan en diferentes escalas e ámbitos. Esta diversidade institucional, lonxe de constituír unha simple agregación de actores, conforma unha rede dinámica cuxa análise resulta fundamental para comprender as potencialidades e limitacións do desenvolvemento cultural en Galicia.

COLECTIVOS CIDADÁNS COMO MOTOR DA PARTICIPACIÓN E COHESIÓN SOCIAL

O tecido asociativo cultural galego constitúe unha das expresións máis vitais da sociedade civil organizada. Con 3.879 asociacións culturais rexistradas en 2021, Galicia presenta unha densidade asociativa de 14,3 entidades por cada 10.000 habitantes, configurando unha rede capilar que alcanza todos os concellos do territorio. Esta presenza ubicua do asociacionismo cultural evidencia a súa relevancia como canle de participación cidadá e expresión da diversidade cultural local.

A especialización temática destas organizacións reflicte as prioridades e intereses culturais da sociedade galega. A música concentra o 30% das asociacións, seguida do teatro e danza co 18%, evidenciando o peso das artes escénicas no imaxinario colectivo. O patrimonio e a memoria, co 16%, mostran a preocupación pola preservación da identidade cultural, mentres que áreas como a lingua e literatura, con apenas o 9%, revelan espazos de menor mobilización asociativa que poden requirir estratexias específicas de fortalecemento (Consello da Cultura Galega, 2007).

A estrutura organizativa destas entidades revela tanto fortalezas como vulnerabilidades. A dimensión reducida, co 75% das asociacións con menos de 100 socios, facilita a proximidade e a participación directa pero limita a capacidade de acción e a sustentabilidade. Os recursos económicos escasos, co 60% operando con orzamentos inferiores a 5.000 euros anuais, condicionan severamente as posibilidades de desenvolvemento de proxectos ambiciosos ou continuados. A dependencia do voluntariado, presente no 80% das asociacións sen persoal contratado, evidencia un modelo baseado no compromiso cidadán pero vulnerable á fatiga e á descontinuidade (Consello da Cultura Galega, 2007).

A evolución da participación asociativa presenta tendencias esperanzadoras. Entre 2002 e 2012, a participación dos galegos en asociacións duplicouse, pasando do 12% ao 24%, un crecemento superior ao observado no conxunto español e contrario á tendencia descendente europea (Consello da Cultura Galega, 2014). Este dinamismo suxire unha vitalidade específica do asociacionismo galego que pode relacionarse coa forte identidade comunitaria e a tradición de traballo colectivo característica da sociedade galega.

A sostibilidade destas organizacións enfronta múltiples desafíos estruturais (Montero, 2008). A Federación de Asociacións Culturais de Galicia impulsou iniciativas como o Libro Branco do Asociacionismo Cultural en Galicia e a creación dunha Rede de Espazos Cidadáns de Cultura, buscando fortalecer o sector e promover un modelo de cogobernanza cultural baseado na corresponsabilidade entre administracións e sociedade civil (Gradaílle e Montero, 2007).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

AS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS GALEGAS. PRODUCIÓN, EMPREGO E VALOR ECONÓMICO DO SECTOR CULTURAL

As industrias culturais e creativas representan unha dimensión económica fundamental do ecosistema cultural galego que transcende o seu valor simbólico para configurarse como sector produtivo estratéxico. Con 1.594 millóns de euros de valor engadido bruto en 2021, equivalente ao 2,5% do PIB galego, o sector cultural demostra unha capacidade de xeración de riqueza significativa aínda que inferior ao seu potencial (Instituto Galego de Estatística, 2019; Instituto Galego de Estatística e Xunta de Galicia, 2024).

A estrutura sectorial presenta unha marcada especialización nas artes visuais, que concentran o 52,5% do valor engadido cultural. Esta categoría, que abrangue desde a creación artística tradicional ata o deseño e a arquitectura, evidencia tanto a fortaleza creativa como a diversificación funcional do sector. Os libros e prensa, co 16,2%, manteñen un peso relevante malia a crise do sector editorial, mentres que o audiovisual e multimedia, co 10,3%, mostran un desenvolvemento aínda limitado que contrasta co seu potencial de crecemento.

O emprego cultural, con 30.169 postos de traballo equivalentes a tempo completo, representa o 3% do emprego total galego, proporción que evidencia a capacidade do sector para xerar ocupación en actividades de alto valor engadido (Instituto Galego de Estatística, 2019; Instituto Galego de Estatística e Xunta de Galicia, 2024). Non obstante, a remuneración media de 27.811 euros, significativamente inferior aos 32.881 euros da media da economía galega, revela problemas estruturais de valorización do traballo cultural que dificultan a atracción e retención de talento.

A produtividade do sector presenta características paradoxais. Mentres a capacidade de xeración de valor engadido é superior á media económica (61,5 unidades por cada 100 de produción fronte a 46,8), a produtividade monetaria por traballador (47.509 euros) sitúase no 85% da media galega (Instituto Galego de Estatística, 2019; Instituto Galego de Estatística e Xunta de Galicia, 2024). Esta aparente contradición suxire que o sector cultural xera valor mediante procesos intensivos en coñecemento e creatividade pero enfronta dificultades para monetizar adecuadamente esa creación de valor.

A dimensión internacional do sector cultural galego permanece largamente infradesenvolvida. Apenas o 4,7% das entidades manteñen unha orientación maioritaria cara ao exterior, e só o 8,35% da produción cultural se exporta (Consello da Cultura Galega, 2024). Estas cifras, moi inferiores ao potencial dun sector creativo cunha identidade cultural distintiva, evidencian barreiras estruturais que limitan a proxección internacional. O 87% da poboación galega utilizaba dispositivos móbiles para escoitar música en 2021, ilustrando a importancia crecente das plataformas dixitais (Consello da Cultura Galega, 2023).

Dentro dos subsectores emerxentes, destaca o desenvolvemento da industria dos videoxogos. En 2022 existían 35 estudios de videoxogos activos en Galicia, representando o 5,5% do total español, proporción equiparable ao peso demográfico galego no conxunto do Estado (Consello da Cultura Galega, 2014, 2023).

UNIVERSIDADES E CENTROS DE INVESTIGACIÓN. FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO CULTURAL

USC DE COMPOSTELA

O sistema universitario galego desempeña funcións esenciais no ecosistema cultural que transcenden a formación de profesionais para abarcar a investigación, a produción de

coñecemento e a dinamización cultural directa. Con 7.800 estudantes matriculados en titulacións culturais no curso 2021/2022, as tres universidades galegas configuran un sistema formativo descentralizado que garante o acceso á formación cultural superior en todo o territorio (Consello da Cultura Galega, 2022).

A distribución equilibrada destes estudantes entre a Universidade de Vigo (1.938), A Coruña (1.816) e Santiago de Compostela (1.705) evidencia unha descentralización efectiva que contrasta coa concentración observada noutros ámbitos culturais. Esta dispersión territorial da formación cultural superior contribúe a fixar talento nos diferentes campus e a dinamizar culturalmente cidades medias que doutro xeito quedarían á marxe dos circuítos culturais principais.

A especialización investigadora, co 20% dos doutorandos en programas relacionados con ámbitos culturais, revela unha forte orientación cara á xeración de coñecemento cultural avanzado (Consello da Cultura Galega, 2022). O Instituto da Lingua Galega, os grupos de investigación en patrimonio, literatura ou artes, e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades configuran unha rede de produción científica que proporciona bases sólidas para o desenvolvemento cultural. O Consello da Cultura Galega (2014, 2016) ten destacado a importancia desta pluralidade para a formación de profesionais cualificados.

Persisten, non obstante, retos importantes. O Consello da Cultura Galega (2024) sinala que moitos profesionais identifican a falta de formación práctica como unha carencia fundamental. A precariedade laboral na investigación cultural dificulta o desenvolvemento de carreiras estables, mentres que a proxección internacional da investigación cultural galega segue sendo limitada.

FUNDACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. O TERCEIRO SECTOR COMO PONTE ENTRE O PÚBLICO E O PRIVADO NA CULTURA

O sector fundacional cultural galego, con 157 fundacións que representan o 27,5% do total de fundacións galegas, configura un espazo intermedio entre o público e o privado que desenvolve funcións complementarias pero distintivas (Consello da Cultura Galega, 2014). O feito de que o 56% destas fundacións fosen creadas entre 1983 e 2002 evidencia a súa vinculación co proceso de construción autonómica e a necesidade de artellar novos instrumentos de xestión cultural flexibles.

Institucións emblemáticas como a Fundación Barrié, a Fundación Penzol ou as fundacións dedicadas a figuras culturais como Rosalía de Castro ou Luis Seoane desenvolven funcións que van desde o mecenado cultural ata a xestión patrimonial, pasando pola investigación ou a formación. Esta diversidade funcional permite cubrir espazos que nin o sector público nin o privado comercial atenden adecuadamente, proporcionando flexibilidade e especialización ao sistema cultural.

A sustentabilidade financeira emerxe como o principal desafío deste sector, excesivamente dependente de subvencións públicas e achegas privadas puntuais. A necesidade de profesionalización da xestión, a adaptación aos novos públicos e a coordinación sectorial constitúen retos adicionais que requiren estratexias específicas de fortalecemento institucional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MEDIOS DE COMUNICACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN DA CULTURA GALEGA. PLATAFORMAS PÚBLICAS E PRIVADAS NA DIFUSIÓN E PROMOCIÓN CULTURAL

Os medios de comunicación desempeñan un papel crucial pero ambivalente no ecosistema cultural galego. A CRTVG, como medio público, asumiu historicamente responsabilidades fundamentais na normalización lingüística e a difusión cultural, con producións que alcanzaron notable éxito de audiencia e contribuíron á configuración dun imaxinario colectivo compartido. Series como "Pratos combinados" ou "O sabor das margaridas" transcenderon o entretemento para converterse en fenómenos culturais que reforzaron a identidade colectiva.

Os medios privados, tanto tradicionais como dixitais, manteñen unha relación complexa coa cultura galega. Mentres a prensa escrita conserva seccións culturais relevantes e publicacións especializadas como Grial proporcionan análises en profundidade, o uso do galego nos medios privados segue sendo minoritario, limitando o seu papel na normalización lingüística. A emerxencia de medios dixitais como Praza Pública ou Nós Diario achega novas perspectivas e coberturas especializadas pero enfronta desafíos de sustentabilidade económica.

A proxección internacional da cultura galega permanece como asignatura pendente do ecosistema cultural. Os datos de internacionalización, co 4,7% das entidades orientadas ao exterior e flutuacións erráticas na produción exportada, evidencian dificultades estruturais para competir en mercados globais. A cooperación transfronteiriza con Portugal, malia as afinidades lingüísticas e culturais, segue infradesenvolvida por barreiras administrativas e descoñecemento mutuo (Consello da Cultura Galega, 2024).

O desenvolvemento dun ecosistema cultural robusto e dinámico require abordar os desequilibrios e carencias identificadas mediante estratexias integrais que fortalezan cada compoñente mentres melloran a súa articulación sistémica. Isto implica desde o apoio ao asociacionismo de base ata a internacionalización das industrias creativas, pasando pola mellora da investigación cultural ou o fortalecemento do sector fundacional. Só mediante unha visión ecosistémica que recoñeza a interdependencia dos diferentes axentes será posible desenvolver plenamente o potencial cultural de Galicia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SEGUNDA PARTE. MARCO METODOLÓXICO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 5. O DESEÑO METODOLÓXICO DA INVESTIGACIÓN. DA FUNDAMENTACIÓN PARADIGMÁTICA Á OPERACIONALIZACIÓN DO ESTUDO

Este estudo parte dunha aproximación paradigmática e epistemolóxica adscrita ao pragmatismo, seguindo a liña de pensamento de Tashakkori e Teddlie (2003). Esta postura avoga por utilizar os métodos máis apropiados para responder ás preguntas de investigación, transcendendo as limitacións das tradicións filosóficas monolíticas. Deste xeito, o enfoque mixto permite unha aproximación máis flexíbel e adaptativa á complexidade dos fenómenos educativos.

Esta complexidade esixe unha aproximación metodolóxica que sexa capaz de capturar a súa natureza multidimensional e dinámica; de aí que, na presente investigación, se empregase un enfoque mixto que permitise integrar de forma sinérxica as potencialidades das metodoloxías cuantitativas e cualitativas (Creswell e Creswell, 2017). Esta elección fundaméntase na complementariedade por deficiencia (Ortí, 1994) que sinala a insuficiencia na investigación en ciencias sociais de ambos enfoques por separado. Así, desde a perspectiva cuantitativa descríbese e explícase un fenómeno e, co enfoque cualitativo trátase de comprender e interpretar. O diálogo e a triangulación de ambos enfoques permite unha comprensión máis completa e profunda da realidade socioeducativa estudada, superando as limitacións que poderían xurdir ao empregar un único enfoque metodolóxico. Tashakkori e Teddlie (2010) argumentan que a triangulación de datos procedentes de diversas fontes e técnicas facilita a complementariedade e expansión do coñecemento xerado; de tal modo que a investigación trascende a mera descrición superficial dos fenómenos educativos, afondando nas súas complexidades e interrelacións. Na mesma liña que Ortí (1994), Greene (2007) salientan o principio de complementariedade que sostén que a integración de métodos cuantitativos e cualitativos permite unha comprensión máis completa e fidedigna da realidade socioeducativa. Ademais, a triangulación metodolóxica (Denzin, 1978), reforza a validez dos achados, pois supera as debilidades ou nesgos intrínsecos a un único método, expandindo o coñecemento e a profundidade da investigación (Johnson e Onwuegbuzie, 2004).

O deseño da investigación é de corte transversal, cun enfoque centrado na obtención e análise de datos nun momento específico para capturar o estado actual da acción cultural municipal en Galicia. A recollida de datos realizouse durante dous anos (xaneiro 2022 - decembro 2023), en diferentes territorios a fin de garantir a representación xeográfica e a participación de distintos concellos. Esta aproximación metodolóxica céntrase na análise simultánea de múltiples variables e factores que inciden na realidade cultural municipal, proporcionando unha visión panorámica e comprehensiva do fenómeno estudado no contexto galego actual.

A incorporación desta perspectiva temporal estendida fundaméntase nas propostas de Menard (2007) sobre os deseños de investigación en ciencias sociais; unha aproximación que permite superar as limitacións dos estudos puramente instantáneos, ofrecendo unha visión máis

dinámica da acción cultural municipal. Ademais, facilita a avaliación da estabilidade ou variabilidade de certos fenómenos ao longo do período estudado (Ployhart e Vandenberg, 2010) sobre a medición do cambio nas organizacións. Isto é particularmente relevante para comprender a resiliencia e adaptabilidade das políticas e prácticas culturais municipais fronte a cambios contextuais.

5.1 XUSTIFICACIÓN METODOLÓXICA DO ESTUDO. FUNDAMENTACIÓN PARADIGMÁTICA E ESTRATEXIAS DE APROXIMACIÓN AO OBXECTO DE INVESTIGACIÓN

5.1.1 O PARADIGMA PRAGMÁTICO E O REALISMO CRÍTICO. FUNDAMENTACIÓN EPISTEMOLÓXICA E ONTOLÓXICA DA INVESTIGACIÓN

A presente investigación inscríbese nun paradigma pragmático (Creswell e Clark, 2017; Morgan, 2014), que permite a integración de diferentes perspectivas epistemolóxicas para abordar a complexidade inherente á acción cultural municipal en Galicia. Esta posición filosófica facilita a adopción dun enfoque pluralista e ecléctico, orientado á resolución de problemas e á xeración de coñecemento aplicable no ámbito da acción cultural local.

O pragmatismo, como marco filosófico, proporciona unha base sólida para unha integración metodolóxica que supere as dicotomías tradicionais entre os enfoques positivistas e interpretativos (Tashakkori e Teddlie, 2010). Este achegamento epistemolóxico permite abordar as preguntas de investigación desde múltiples ángulos, recoñecendo que tanto os métodos cuantitativos como os cualitativos teñen valor e poden complementarse mutuamente para ofrecer unha comprensión máis completa e detallada da realidade estudada (Johnson e Onwuegbuzie, 2004). Así, a elección deste paradigma xustifícase pola natureza multidimensional da acción cultural local, que require unha aproximación holística capaz de capturar os aspectos cuantificables e os elementos subxectivos e contextuais da realidade cultural municipal.

Por outra banda, seguindo as propostas de Bhaskar (2008) e Margaret et al. (2017), que recoñecen a existencia dunha realidade obxectiva, a importancia das construcións sociais e as interpretacións subxectivas dos actores implicados na acción cultural, asúmese unha ontoloxía baseada no realismo crítico; que proporciona un marco que recoñece a estratificación da realidade social en diferentes niveis (empírico, actual e real), permitindo unha análise máis profunda dos mecanismos causais subxacentes á acción cultural municipal, tal e como propón Sayer (2000). Esta perspectiva facilita a exploración das estruturas, poderes e tendencias que conforman a realidade cultural local, sen caer nun determinismo simplista nin nun relativismo extremo.

A adopción deste ten importantes implicacións metodolóxicas; xa que xustifica o uso de diversos métodos e técnicas de investigación (cuantitativos e cualitativos) en función da adecuación ás preguntas de investigación específicas (Yvonne Feilzer, 2010), ademais de priorizar a xeración de coñecemento útil e aplicable para informar e mellorar a práctica da acción cultural municipal (Goldkuhl, 2012). Tamén recoñece a importancia do contexto na comprensión dos fenómenos sociais, promovendo unha análise situada e sensible ás particularidades locais (Pawson e Tilley, 1997). Non obstante, tamén fomenta unha actitude reflexiva por parte do investigador, ao recoñecer o papel das súas propias preconcepcións e valores no proceso de investigación (Alvesson e Sköldberg, 2009). Por último, incorpora o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

razoamento abductivo como unha forma de xerar hipóteses explicativas innovadoras a partir dos datos empíricos (Tavory e Timmermans, 2014).

En síntese, a fundamentación epistemolóxica e ontolóxica que se propón proporciona un marco coherente e flexible para abordar a complexidade da acción cultural municipal, permitindo unha aproximación rigorosa e multidimensional ao obxecto de estudo. Ao facelo, establece as bases para un deseño metodolóxico que permita evidenciar a riqueza e a diversidade da acción cultural nos concellos galegos, ademais de xerar coñecemento teoricamente fundamentado e practicamente relevante.

5.1.2 Alcance descritivo-explicativo. O dobre alcance metodolóxico na comprensión da acción cultural municipal

Seguindo as propostas de Babbie (2020) e Hernández Sampieri et al. (2014), o estudo caracterízase por un dobre alcance descritivo-explicativo; unha dualidade que responde á complexidade do fenómeno estudado e á necesidade de comprender os mecanismos causais que a configuran. De aí que, non se trate solo de retratar a situación actual da acción cultural municipal en Galicia, senón que permita explorar as relacións entre as diferentes variables, así como identificar os factores que inflúen nesta realidade.

No seu compoñente descritivo, a investigación procura delinear –con exhaustividade– o panorama actual da acción cultural nos concellos galegos, identificando patróns, tendencias e características distintivas. Esta dimensión descritiva posibilita a comprensión do estado da cuestión e facilita a identificación de áreas que requiren unha análise máis profunda; fundamentándose teoricamente en aspectos clave da investigación social e cultural. En primeiro lugar, búscase unha "descrición densa" (Geertz, 1973) da realidade cultural municipal, evidenciando os feitos observables, pero tamén os significados e contextos subxacentes. Unha aproximación que permite realizar unha caracterización e comprensión contextualizada da acción cultural a nivel municipal. En segundo lugar, a investigación baséase na proposta de análise de patróns (Saldaña, 2013), que busca regularidades e tendencias nesta acción cultural; identificando estruturas recorrentes e dinámicas comúns entre os concellos, facilitando a comprensión da súa articulación a nivel local. Ademais, adóptanse os principios do mapeo sistemático (Kitchenham et al., 2009), xa que proporcionan unha visión panorámica e estruturada da acción cultural no territorio galego; posibilitando catalogar diferentes iniciativas e prácticas culturais, ademais de visualizar as interrelacións e a distribución xeográfica. Por último, o compoñente descritivo incorpora elementos da análise comparativa, baseándose nas propostas de Ragin (1989), para identificar similitudes e diferenzas entre os diferentes concellos e contextos culturais; facilitando a comprensión das distintas accións culturais municipais segundo variables como o tamaño do concello, a localización xeográfica ou o contexto socioeconómico.

A vertente explicativa da investigación contribuirá a dilucidar as relacións causais e os factores determinantes que configuran a realidade da acción cultural municipal; realizando un análise do estado actual, ademais de facilitar a comprensión dos mecanismos que modulan a actividade cultural a nivel local. O alcance explicativo fundaméntase en varios aspectos clave da investigación social: nos principios da inferencia causal en ciencias sociais (Pearl, 2000), que buscan establecer relacións causais robustas entre variables; así como xerar teorías de rango medio, que proporcionen explicacións contextualizadas e aplicables á realidade obxecto de estudo (Merton, 1968). Esta aproximación permite desenvolver marcos explicativos que

ofrecen unha comprensión profunda e contextualizada dos procesos culturais. Ademais, incorpórase a análise de mecanismos causais, seguindo as propostas de Hedström e Ylikoski (2010), que explican o que sucede, pero tamén como e por que sucede. Por último, recórrese aos principios da análise multinivel propostos por Hox (2017), pois permiten examinar a interacción e influencia de factores a diferentes niveis (individual, organizacional, municipal, rexional) no proceso de configuración da acción cultural local.

A integración destes dous niveis de análise, descritivo e explicativo, permite comprender –de forma máis completa e detallada– o fenómeno estudado, facilitando a formulación de recomendacións fundamentadas desde un coñecemento aplicable para a mellora da xestión cultural municipal. Esta aproximación supera as limitacións dunha mera descrición superficial, e evita as explicacións simplistas ou reducionistas da realidade cultural a nivel local.

5.1.3 Aproximación de campo extensiva. Da totalidade territorial á representatividade do fenómeno cultural galego

A estratexia de campo adoptada nesta investigación confírelle un carácter censal no seu compoñente cuantitativo ao abarcar a totalidade dos 313 concellos galegos; o que garante a representatividade total e permite identificar patróns e tendencias xeneralizables ao conxunto do territorio galego.

Este modo de aproximarse metodoloxicamente á realidade obxecto de estudo está motivada por varias razóns. En primeiro lugar, o feito de incluír a todos os concellos galegos evita nesgos na selección e garante a representación da diversidade territorial e cultural que caracteriza a Galicia (Lohr, 2021). Esta exhaustividade permite reflectir a heteroxeneidade da acción cultural municipal, desde os pequenos concellos rurais ata as grandes cidades. En segundo lugar, facilita as análises ecolóxicas (Subramanian et al., 2009) e permite examinar as influencias dos contextos na acción cultural, recoñecendo que as dinámicas culturais non poden entenderse de forma illada, pois han de estar imbricadas no seu entorno social; un feito que permite recoller a heteroxeneidade espacial, identificando patróns xeográficos e aplicando técnicas de análise espacial (Anselin, 1988). Á súa vez, a distribución territorial da acción cultural permite identificar clústeres, discontinuidades e gradientes na súa manifestación territorial.

Esta estratexia posibilita análises comparativas das tipoloxías de concellos (rurais, urbanos, costeiros, de interior, etc.), contribuíndo a unha comprensión contextualizada do fenómeno estudado (Ragin, 1989) que permite identificar as particularidades locais así como as tendencias xerais; de tal modo que se poden realizar inferencias estatísticas xeneralizables ao conxunto do territorio galego, garantindo os principios de validez externa propostos por Shadish et al. (2002), o que reforza significativamente a confiabilidade e aplicabilidade dos resultados da investigación.

É importante subliñar que esta estratexia extensiva compleméntase con aproximacións intensivas nas fases cualitativas, favorecendo unha triangulación entre a amplitude da cobertura xeográfica e a profundidade da análise cualitativa. Isto alíñase co concepto de descrición densa (Geertz, 1973) que ademais de catalogar feitos, pretende interpretar os significados e os contextos subxacentes.

En conxunto, esta aproximación facilita a análise da acción cultural municipal en Galicia. Ao combinar a cobertura total a nivel xeográfico coa profundidade da análise cualitativa, permite

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

unha comprensión holística da realidade cultural local, capturando tanto as tendencias xerais como as particularidades contextuais.

5.1.4 O DIÁLOGO ENTRE TEORÍA E PRÁCTICA. ENFOQUE INDUTIVO-DEDUTIVO NA CONSTRUCIÓN DO COÑECEMENTO

O proceso investigador articúlase arredor dun enfoque indutivo-dedutivo (Teddlie e Tashakkori, 2009), ao combinar a xeración de teoría a partir dos datos empíricos coa verificación de hipóteses derivadas da literatura existente; unha dualidade metodolóxica que permite un diálogo constante entre a teoría e a praxe, enriquecendo o corpus de coñecemento sobre a acción cultural municipal. Na súa vertente indutiva, adóptanse principios da teoría fundamentada (Charmaz, 2014) para −a partir dos datos recollidos− xerar categorías analíticas e proposicións teóricas emerxentes. Isto facilita a captación de aspectos −novos ou inesperados− da realidade estudada, comprendendo a acción cultural municipal de maneira máis profunda e contextualizada. Paralelamente, o compoñente dedutivo, implica formular e contrastar hipóteses baseadas na revisión da literatura científica e nos marcos teóricos preexistentes. Situar os achados do estudo nun contexto teórico máis amplo permite contribuír ao avance do coñecemento no campo da acción cultural local (Popper, 2005).

O feito de integrar ambos enfoques (indutivo e dedutivo) permite unha análise temática híbrida que combina a codificación indutiva dos datos coa aplicación dedutiva de marcos teóricos preexistentes (Fereday e Muir-Cochrane, 2006); de tal maneira que a investigación logra un equilibrio entre a apertura á descuberta de novos fenómenos e a ancoraxe en teorías establecidas. Unha dualidade metodolóxica que contribúe a superar as limitacións dos enfoques puramente indutivos (que poden carecer de fundamentación teórica) como dos dedutivos (que poden ser insensibles ás particularidades contextuais).

5.1.5 A TRIANGULACIÓN COMO ESTRATEXIA DE VALIDACIÓN. INTEGRACIÓN DE MÉTODOS, FONTES E PERSPECTIVAS ANALÍTICAS

A investigación fundaméntase nunha estratexia de triangulación metodolóxica (Denzin, 2017) que implica a utilización de múltiples métodos, fontes de datos e perspectivas analíticas; incrementando a validez e fiabilidade dos resultados, proporcionando unha visión máis completa e reflectindo a complexidade intrínseca do obxecto de estudo. Así, contémplanse unha triangulación a varios niveis: de métodos, integrando técnicas cuantitativas (cuestionarios) e cualitativas (entrevistas e análise documental); de fontes, contrastando información procedente de diferentes actores (técnicos de cultura, responsables políticos, representantes de entidades de acción cultural) e documentos (lexislación, informes sectoriais); e teórica, empregando múltiples perspectivas para interpretar achados e xerar novas hipóteses explicativas.

Esta estratexia de triangulación múltiple permite a integración metodolóxica de diversas técnicas e instrumentos (Creswell e Clark, 2017), o rexistro de datos e información de diferentes fontes (Patton, 2014), ao tempo que reforza a validez e a credibilidade dos resultados obtidos (Thurmond, 2001); impulsando unha visión multidimensional da acción cultural municipal en Galicia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.1.6 Mais alá da rixidez metodolóxica. Flexibilidade e adaptabilidade do deseño investigador

Cabe salientar a flexibilidade inherente do deseño, xa que permite a adaptación ás complexidades e particularidades do obxecto de estudo, facilitando a incorporación de novos achados ao longo do proceso investigador e posibilitando os axustes metodolóxicos pertinentes para optimizar a análise da realidade cultural municipal galega.

Así, os instrumentos de recollida de datos son obxecto de refinamento e axuste continuo, pois −segundo Creswell (2013)− os cuestionarios e guións de entrevista han de adaptarse atendendo aos resultados preliminares e considerando o feedback dos participantes; un feito que promove maior sensibilidade ás particularidades do contexto galego e ás dimensións emerxentes da acción cultural municipal. Tamén ha de adoptarse unha estratexia de mostraxe teórica na fase cualitativa (Glaser e Strauss, 1967), xa que a selección de informantes realízase de maneira iterativa, atendendo ás necesidades emerxentes de información e ás categorías analíticas en proceso de desenvolvemento. Ademais, a análise dos datos realízase de forma simultánea á súa recollida (Miles et al., 2013), xa que posibilita a identificación de temas emerxentes e a reorientación do foco de investigación segundo sexa necesario, facilitando unha exploración máis completa dos fenómenos estudados e indagando novas liñas de investigación. Finalmente, segundo Greene (2007), a integración metodolóxica en deseños mixtos comporta a ponderación e axuste dos diferentes compoñentes metodolóxicos ás necesidades e natureza do estudo.

A flexibilidade metodolóxica enmárcase nun rigoroso protocolo de investigación, que garante a consistencia e a calidade do proceso investigador; de tal modo que se establecen mecanismos de control e verificación continua que aseguran a coherencia metodolóxica e a fiabilidade dos resultados (Morse et al., 2002).


5.2 A arquitectura metodolóxica do estudo. Deseño complexo de métodos mixtos na investigación cultural

5.2.1 Deseño Complexo de Métodos Mixtos

O deseño metodolóxico encádrase nun modelo mixto complexo, pois a configuración da investigación é diversa e variada, na que conflúen diferentes deseños que integran algún dos tres modelos centrais: converxente, secuencial explicativo e secuencial exploratorio (Creswell e Creswell, 2023). Nesta investigación, a metodoloxía responde a un modelo complexo que integra un modelo converxente nunha fase e un modelo secuencial explicativo modificado de catro fases (Figura 6). A arquitectura metodolóxica desta investigación visualízase na seguinte representación esquemática, que ilustra a articulación temporal e funcional das diferentes fases do estudo, así como os procesos de integración entre as aproximacións cualitativas e cuantitativas:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 6. Estrutura do deseño complexo de métodos mixtos. Integración de modelos converxente e secuencial explicativo



Fonte. Elaboración propia.

O esquema que se presenta na Figura 6 reflicte a estrutura integral do deseño complexo de métodos mixtos empregado, evidenciando a combinación estratéxica de aproximacións cualitativas e cuantitativas para unha comprensión holística da acción cultural en Galicia.

O primeiro dos modelos −cun deseño converxente dunha fase (Fase 1, Figura 6)− sitúase na parte superior do esquema, e caracterízase pola implementación simultánea de dous métodos cualitativos complementarios: a análise documental e as entrevistas exploratorias. Este deseño converxente permite a recollida e análise paralela de datos cualitativos procedentes destas dúas fontes. A converxencia destes datos realízase mediante un proceso de triangulación de resultados; o que facilita a identificación sistemática de categorías analíticas e variables relevantes para as fases posteriores. Esta etapa inicial articúlase nos principios da teoría fundamentada (Charmaz, 2014), que permite a xeración de categorías emerxentes e unha comprensión preliminar do obxecto de estudo.

O segundo modelo correspóndese cun deseño secuencial explicativo en tres fases, e que aparece representado na parte inferior do esquema (Figura 6). Na Fase 2 −fundamentada nos principios da investigación social aplicada e da cartografía de actores− realízase o mapeo exhaustivo dos responsables da acción cultural nos 313 concellos galegos. Na Fase 3 −baseada nos principios da investigación por enquisa (Fowler, 2014) e da análise estatística descritiva e

inferencial (Field, 2017)− priorízase a recollida e análise de datos a través dun cuestionario con datos mixtos (cuantitativos e cualitativos), que permite identificar patróns e tendencias na acción cultural en Galicia. Finalmente, na Fase 4 −baseada nos principios da fenomenoloxía (Manen, 1990) e da análise do discurso (Gee, 2014)− realízase a recollida e análise de datos estritamente cualitativos mediante entrevistas en profundidade a diversos actores implicados, facilitando a interpretación en profundidade dos resultados anteriores.

A integración dos datos cuantitativos e cualitativos realízase mediante un proceso iterativo e dialéctico (Fetters et al., 2013), que busca a converxencia, complementariedade e expansión do coñecemento. A integración prodúcese en tres niveis: no deseño, a través da secuenciación das fases; nos métodos, mediante a construción de instrumentos posteriores baseados nos achados das fases previas; e na interpretación e presentación de resultados, a través dunha narrativa conxunta e a transformación de datos.

Para garantir o rigor metodolóxico, adóptanse os criterios propostos por Teddlie e Tashakkori (2009) para estudos mixtos, que inclúen a calidade do deseño, o rigor interpretativo, a calidade inferencial e a transferibilidade. A adherencia a estes criterios asegura que as conclusións da investigación sexan válidas e potencialmente aplicables a outros contextos educativos.

Esta configuración metodolóxica responde á necesidade de obter unha comprensión multifacética da acción cultural municipal en Galicia, combinando a amplitude da cobertura xeográfica coa profundidade da análise cualitativa. En conxunto, a complexidade deste deseño ofrece un marco metodolóxico versátil para abordar a acción cultural municipal en Galicia, facilitando unha comprensión integral e matizada da realidade cultural local.

5.2.2 TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

A elección dun método mixto fundaméntase na necesidade de coñecer a amplitude e profundidade da realidade social obxecto de estudo; para o que se empregan diferentes instrumentos e técnicas. Ademais, o deseño facilita que os resultados de cada fase informen e enriquezan as seguintes, creando un proceso dinámico e adaptativo, que permite unha triangulación metodolóxica que fortalece a validez e fiabilidade dos achados (Creswell e Clark, 2017).

A continuación, detállanse as principais técnicas e instrumentos empregados na recollida de información:

5.2.2.1 REVISIÓN DE LITERATURA

A revisión de literatura constitúe o alicerce teórico e contextual desta investigación, centrándose na revisión dos tratados internacionais sobre o dereito á cultura e na revisión da lexislación sobre políticas culturais en Europa; unha análise que serviu como base para a construción do primeiro capítulo do marco teórico.

A metodoloxía empregada para esta revisión baséase no enfoque hermenéutico-interpretativo, que permite comprender os textos no seu contexto histórico e cultural (Gadamer, 2013); e que se xustifica pola natureza complexa e evolutiva dos conceptos de dereito á cultura e políticas culturais, que requiren unha interpretación contextualizada e unha análise diacrónica. A decisión de revisar os diferentes tratados internacionais e os documentos lexislativos

europeos, fundamentouse na necesidade de acceder ás fontes primarias, porque posibilitaba unha interpretación máis precisa dos textos, evitando nesgos e/ou interpretacións secundarias (Bowen, 2009). Ademais, debido ao carácter específico e á relevancia xurídica dos mesmos, a análise directa garante unha comprensión completa das súas implicacións legais e políticas.

5.2.2.2 Entrevista exploratoria

A entrevista exploratoria constituíu unha fase preliminar fundamental no proceso investigador, proporcionando unha base contextual para o desenvolvemento e refinamento do deseño metodolóxico. Esta técnica, fundamentada nas propostas de Kvale (2007) e Blanchet e Gotman (2010), caracterízase polo seu enfoque flexible e aberto, que posibilita aproximarse ao campo de estudo e á identificación de aspectos emerxentes relevantes para posteriores fases da investigación.

Neste estudo, as entrevistas exploratorias realizáronse con axentes clave do ámbito da acción cultural municipal en Galicia, sendo seleccionados −de maneira intencional− seis informantes con ampla experiencia e recoñecido prestixio no sector; de tal maneira que se garantía diversidade no perfil profesional, localización xeográfica, tipoloxía de concello e tipo de institución.

Segundo Bernard (2011), adoptouse un formato semiestruturado que −aínda partindo dun guión predefinido− posibilitaba a necesaria flexibilidade para explorar temas emerxentes e adaptar a conversación ás áreas de experiencia de cada informante.

A información recollida a través destas entrevistas exploratorias cumpriu varias funcións: obter unha visión panorámica do estado da cuestión, identificando temas recorrentes, problemáticas relevantes e discursos dominantes no ámbito da acción cultural municipal; afinar as preguntas de investigación e dos obxectivos específicos do estudo, asegurando a súa relevancia e pertinencia para a realidade estudada; ademais de proporcionar información valiosa para o deseño dos instrumentos de recollida de datos, nomeadamente o cuestionario e os guións das entrevistas en profundidade, garantindo a abordaxe dos aspectos significativos para os actores implicados.

A análise destas entrevistas exploratorias realizouse de maneira indutiva, baseándose nos principios da Grounded Theory ou na Teoría Fundamentada (Charmaz, 2014), e que posibilita a emerxencia de categorías analíticas a partir dos propios datos que −unha vez contrastadas− serviron para estruturar as seguintes fases da investigación, establecendo unha conexión orgánica entre a fase exploratoria e o desenvolvemento posterior do estudo.

O valor destas entrevistas exploratorias non só radica na información substantiva que proporcionaron, senón no papel que desempeñan como instancia reflexiva que permite familiarizarse co campo de estudo, para desenvolver unha comprensión preliminar das complexidades e particularidades, promovendo un proceso investigador máis informado, sensible e contextualizado.

5.2.2.3 Mapeo de Actores Clave - cartografía social

O mapeo constituíu unha fase esencial da investigación, xa que permitía identificar a presenza e características da figura do técnico/a de cultura en todos os concellos de Galicia. Esta técnica −baseada nos principios do mapeo de actores clave (MAC) (Tapella et al., 2023) e da cartografía

social (Giraldo e Báquiro, 2014)− ten como obxectivo ofrecer unha visión panorámica da realidade a estudar, así como facilitar o contacto cos informantes clave para as fases posteriores da investigación.

A este respecto, cómpre destacar que a dualidade do obxectivo principal do mapeo MAC: dun lado, pretendíase identificar os concellos nos que existían profesionais desenvolvendo funcións específicas no ámbito da cultura; e doutro, naqueles onde non existían estes profesionais, tratouse de identificar quen asumía estas funcións, fose persoal contratado para outros cometidos ou cargos políticos como responsables de concellarías. Ademais, tentábase coñecer a estrutura organizativa da área de cultura en cada concello, determinando se existía unha concellería específica, se as competencias culturais estaban integradas noutras áreas, ou se dependían directamente da alcaldía.

Para realizar o mapeo MAC, elaborouse un guión estruturado para asegurar a sistematicidade e comparabilidade da información recollida e rexistrar datos básicos (denominación do posto, número de técnicos, formación, funcións desempeñadas e programas ou iniciativas culturais implementadas). Para o seu desenvolvemento, contactouse de xeito telefónico cos 313 concellos galegos entre xaneiro e maio de 2022, dos que se obtiveron respostas de 299; o que supón unha cobertura do 95,5% do universo de estudo. Debido á dificultade para contactar con algúns concellos realizáronse diferentes tentativas telefónicas que se prolongaron no tempo; non obstante, non se puido obter información de 14 concellos (8 da provincia da Coruña e 6 da provincia de Pontevedra).

Os datos de identificación da persoa responsable da acción cultural (nome, cargo, posto laboral, teléfono institucional, correo electrónico) resultaron fundamentais para as seguintes fases da investigación, especialmente para a aplicación do cuestionario e a selección de informantes para as entrevistas en profundidade.

O MAC proporcionou unha visión global da situación da xestión cultural municipal en Galicia, ademais de establecer os primeiros contactos cos potenciais participantes no estudo. Durante este proceso, presentouse brevemente o estudo ás persoas identificadas e sondeouse a súa vontade para colaborar nas seguintes fases da investigación. A información recollida sistematizouse nunha base de datos, que facilitou a súa posterior análise e a utilización nas restantes fases do estudo.

Pola súa banda, a cartografía social constitúe unha metodoloxía de investigación participativa que permite diagnosticar e representar graficamente realidades sociais complexas. Como sinala Barragán Giraldo (2016), trátase dunha estratexia metodolóxica que facilita a caracterización e interpretación da realidade comunitaria dun grupo humano, fundamentada na participación, a reflexión e o compromiso dos axentes sociais implicados. Ten as súas orixes na investigación-acción participativa (IAP) e nas perspectivas críticas das ciencias sociais (Habegger e Mancila, 2006), promovendo a construción colectiva de coñecemento e a transformación das condicións sociais. A súa finalidade vai máis alá da simple representación gráfica dos territorios onde acontecen as accións sociais; implica vincular aos participantes na posibilidade de transformar as súas prácticas, fortalecendo lazos de cooperación e facilitando a aprendizaxe entre pares (Barragán e Amador, 2014).

Segundo destaca Valderrama (2013), o mapeo de actores ou cartografía social basease no suposto de que a realidade social pode verse como un entramado de relacións onde participan actores e institucións de diverso tipo. Este enfoque entende que as estruturas sociais maniféstanse por diferentes formas de relación entre actores (individuos, grupos, organizacións) e que, segundo a posición que ocupan nas redes, defínense valores, crenzas e

comportamentos. Na aplicación da cartografía social identifícanse catro elementos fundamentais (Barragán e Amador, 2014):

1. **O mapa:** Concibido como unha representación gráfica que deixa ver as tensións socioculturais que xorden nun determinado territorio. No contexto deste estudo, o mapa representa a distribución e tipoloxía dos responsables da acción cultural municipal en Galicia.
2. **O territorio:** Entendido máis alá dos límites físicos, como un espazo construído social e institucionalmente. Neste caso, o territorio abrangue tanto o espazo xeográfico-administrativo (concellos e comarcas de Galicia) como o territorio institucional e competencial da acción cultural.
3. **O sistema de relacións:** Comprende o conxunto de vínculos que se establecen entre os actores (técnicos de cultura, concelleiros, alcaldes) dentro do territorio estudado. Estas relacións configuran a rede de acción cultural municipal.
4. **As accións-relacións:** Refírese á maneira como os participantes no proceso se empoderan dos seus territorios e se comprometen a transformacións concretas das súas prácticas. No contexto do estudo, representa como os diferentes axentes asumen a acción cultural municipal.

No marco da cartografía social, o mapeo de actores claves (MAC) constitúe unha ferramenta central. Segundo Tapella (2007), o MAC é unha metodoloxía amplamente estendida e vinculada coa teoría de redes sociais, que permite identificar os actores relevantes nun territorio ou ámbito de estudo, comprender o seu papel, intereses e influencia, polo que vai máis alá de elaborar un listado de posibles actores, buscando coñecer as súas accións, os seus obxectivos e a súa perspectiva de futuro. Para Céballos (2004), o MAC implica identificar roles e poderes dos actores máis relevantes, analizando presións, intereses, afinidades, capacidades de influencia, vulnerabilidades e posibles alianzas.

Na cartografía social aplicada a este estudo sobre acción cultural municipal, o MAC resulta esencial para comprender non só quen intervén na acción cultural a nivel local, senón tamén como se articulan as responsabilidades e competencias entre os diferentes perfís profesionais e políticos.

5.2.2.4 CUESTIONARIO

O cuestionario serviu para a recollida de datos cuantitativos referidos ao perfil, formación, funcións e valoracións dos profesionais da cultura a nivel municipal en Galicia. Esta técnica, fundamentada nos principios da enquisa social (Fowler, 2014), ofrecía unha visión ampla e sistemática da realidade estudada. O instrumento, que constaba de 59 preguntas (Anexo x) de diversa tipoloxía (16 pechadas, 8 de escala e 35 abertas), estaba organizado en seis bloques temáticos e a súa aplicación foi en liña a través do correo electrónico, garantindo a accesibilidade e a confidencialidade das respostas.

Enviouse unha invitación personalizada por correo electrónico aos técnicos identificados, acompañada dunha carta de presentación que explicaba os obxectivos do estudo e proporcionaba instrucións detalladas para a súa participación. O proceso de aplicación estendeuse entre agosto de 2022 e decembro de 2023, estruturándose en catro fases de recollida de datos; o que permitiu adaptar o proceso ás dificultades encontradas no campo.

USC DE COMPOSTELA

A primeira fase desenvolveuse en agosto de 2022, obtendo 41 respostas. Cada participante dispuña dun mes para responder, enviándose un recordatorio aos 15 días e outro unha semana antes de finalizar o prazo. Ao concluír esta primeira fase, contactouse novamente cos concellos que non responderon. A segunda fase tivo lugar en outubro de 2022, seguindo o mesmo procedemento da fase anterior, e obtivéronse 42 respostas adicionais. O protocolo de recordatorios mantívose idéntico para garantir a consistencia metodolóxica. A terceira fase realizouse en febreiro de 2023, na que se lograron 63 respostas máis, representando o maior volume de participación entre todas as fases. Este incremento puido deberse á maior familiarización dos participantes co estudo tras os contactos previos. A cuarta e última fase iniciouse en maio de 2023 e, ante a dificultade para obter máis respostas en liña, optouse por unha estratexia diferente: realizáronse chamadas telefónicas directas para aplicar o cuestionario de forma oral. Esta fase prolongouse ata decembro de 2023, recollendo 43 respostas adicionais.

Finalmente, dos 313 cuestionarios enviados, obtivéronse 189 respostas; o que supón unha taxa de resposta do 60,4%. Esta porcentaxe considérase satisfactoria dado o carácter exhaustivo do cuestionario e as dificultades inherentes á recollida de datos en estudos de ámbito municipal. A distribución das respostas entre as diferentes provincias e tipoloxías de concellos foi analizada a fin de garantir a representatividade da mostra. Neste sentido, o cuestionario proporcionou datos cuantitativos valiosos e tamén serviu para a selección de informantes para a realización de entrevistas en profundidade, permitindo identificar casos de especial interese ou representativos de diferentes realidades municipais.

Cabe destacar que os instrumentos construíronse de forma ascendente, partindo dos datos obtidos nas fases previas da investigación −especialmente das entrevistas exploratorias e do mapeo−, o que permitiu que cada instrumento estivese informado polos achados anteriores. Esta aproximación ascendente, que comezou na administración máis local para ir progresando cara á máis xeral, facilitou unha comprensión contextualizada e progresiva da realidade estudada.

5.2.2.5 Entrevistas en profundidade

As entrevistas en profundidade representaron a técnica cualitativa central desta investigación, xa que permitían unha comprensión máis profunda e contextualizada das realidades e perspectivas dos actores implicados na acción cultural municipal en Galicia. Seguindo os principios da entrevista semiestruturada (Kvale, 2007), deseñáronse e aplicáronse diferentes guións adaptados a tres grupos de participantes: profesionais da cultura municipal, representantes de entidades clave e responsables políticos.

Entrevistas a profesionais da cultura municipal

De maneira intencional seleccionáronse 20 participantes (5 por provincia) a partir da información obtida no cuestionario, tratando de garantir unha mostra heteroxénea en canto a perfís formativos, anos de experiencia, tipoloxía de concello (tamaño, grao de ruralidade, localización), denominación do posto e funcións realizadas. O guión semiestruturado (Anexo X) elaborouse a partir do mapeado e da análise preliminar dos datos do cuestionario, identificando aspectos que requirían maior exploración ou clarificación. As entrevistas abordaron temas como: traxectoria persoal e profesional dos participantes, funcións e condicións laborais actuais, relación coa comunidade e outros axentes culturais, valoracións

sobre a profesión e retos do sector. As entrevistas −cunha duración media de 90 minutos− realizáronse de maneira presencial, gravando en audio para a súa posterior transcrición e análise.

ENTREVISTAS A REPRESENTANTES DE ENTIDADES CLAVE

Identificáronse tres organizacións de especial relevancia no ámbito da acción cultural en Galicia: o Grupo de Traballo de Animación Sociocultural e Xestión Cultural do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg), a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC) e o Consello da Cultura Galega. Estas entrevistas realizáronse −segundo a dispoñibilidade dos participantes− de maneira presencial ou telemática, cunha duración media de 90 minutos. A información obtida proporcionou unha valiosa perspectiva institucional e unha visión máis ampla do contexto no que se desenvolve a acción cultural municipal.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES

A selección dos participantes realizouse mediante unha mostraxe intencional non probabilística, un procedemento que permite ao investigador seleccionar deliberadamente os casos que resultan particularmente informativos para os obxectivos do estudo (Patton, 2002). O proceso de selección baseouse na información previamente recollida mediante dúas ferramentas preliminares: a cartografía social de profesionais da acción cultural en Galicia e un cuestionario estruturado que permitiu identificar características específicas de interese para a investigación.

Para facilitar a comprensión dos criterios empregados na selección da mostra, a Táboa 16 presenta de forma sistemática as diferentes dimensións consideradas, as súas categorías e a codificación empregada na identificación dos participantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 16. Criterios de selección e codificación dos participantes nas entrevistas

Dimensión	Categorías	Código	Descrición
Distribución territorial	Provincia 1	Pr1	Representación equitativa das catro provincias galegas
	Provincia 2	Pr2	
	Provincia 3	Pr3	
	Provincia 4	Pr4	
Tipoloxía de concello	Rural	R	Municipios con poboación dispersa e densidade reducida
	Rururbano	R-U	Características mixtas, cabeceiras de comarca
	Urbano	U	Núcleos de maior densidade e tamaño
Perfil formativo	Educativo	PFE	Formación en pedagoxía, educación social
	Non educativo	N-PFE	Formación en humanidades, xestión, artes
Modelo de traballo	Animación sociocultural	ASC	Procesos participativos e dinamización comunitaria
	Xestión cultural	XC	Administración de recursos e programación
Experiencia profesional	Inicial	TAP-1	Menos de 5 anos de experiencia
	Intermedia	TAP-2	Entre 5 e 20 anos de experiencia
	Veterana	TAP-3	Máis de 20 anos de experiencia
Perfil de contratación	Técnico	TFE	Contratación específica para funcións técnicas culturais
	Outra figura	N-TFE	Outras funcións principais con labores culturais

Fonte. Elaboración propia.

MOSTRA FINAL

A configuración definitiva da mostra reflicte tanto os obxectivos metodolóxicos iniciais como as adaptacións necesarias derivadas das dificultades no proceso de captación. A Táboa 17 recolle de forma detallada a composición final dos 13 participantes que finalmente formaron parte do estudo, organizados segundo a súa provincia de procedencia e incluíndo todas as variables de clasificación establecidas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 17. Composición da mostra final de profesionais da cultura municipal entrevistados

Código de identificación completo	Provincia	Tipoloxía	Perfil formativo	Modelo	Experiencia	Contratación
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Provincia 1 (Pr1)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	5-20 anos (TAP-2)	Técnico (TFE)
PAC-002-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Provincia 1 (Pr1)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	5-20 anos (TAP-2)	Técnico (TFE)
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Provincia 1 (Pr1)	Rururbano (R-U)	Educativo (PFE)	ASC	>20 anos (TAP-3)	Técnico (TFE)
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Provincia 1 (Pr1)	Urbano (U)	Non educativo (N-PFE)	XC	<5 anos (TAP-1)	Técnico (TFE)
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Provincia 1 (Pr1)	Urbano (U)	Non educativo (N-PFE)	XC	<5 anos (TAP-1)	Técnico (TFE)
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Provincia 2 (Pr2)	Urbano (U)	Non educativo (N-PFE)	XC	5-20 anos (TAP-2)	Non técnico (N-TFE)
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Provincia 2 (Pr2)	Rururbano (R-U)	Educativo (PFE)	XC	>20 anos (TAP-3)	Técnico (TFE)
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Provincia 2 (Pr2)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	<5 anos (TAP-1)	Non técnico (N-TFE)
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Provincia 2 (Pr2)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	5-20 anos (TAP-2)	Técnico (TFE)
PAC-010-Pr3-R-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Provincia 3 (Pr3)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	>20 anos (TAP-3)	Técnico (TFE)
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Provincia 3 (Pr3)	Rururbano (R-U)	Non educativo (N-PFE)	XC	5-20 anos (TAP-2)	Técnico (TFE)
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Provincia 4 (Pr4)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	5-20 anos (TAP-2)	Técnico (TFE)
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Provincia 4 (Pr4)	Rural (R)	Non educativo (N-PFE)	XC	>20 anos (TAP-3)	Técnico (TFE)

Fonte. Elaboración propia.

ADAPTACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA MOSTRA FINAL

As dificultades no proceso de captación obrigaron a realizar adaptacións no deseño mostral inicialmente previsto. A distribución final de entrevistas realizadas (13 concellos) representa un logro substancial considerando os obstáculos encontrados, aínda que non se alcanzara o obxectivo inicial de 20 entrevistas (5 por provincia).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN

Co obxectivo de avaliar sistematicamente o grao de cumprimento dos criterios de selección establecidos inicialmente, a Táboa 18 sintetiza a distribución da mostra final segundo cada unha das dimensións consideradas, permitindo identificar tanto os equilibrios conseguidos como os posibles nesgos na representación dos diferentes perfís profesionais.

Táboa 18.Distribución da mostra final segundo os criterios de selección

Criterio	Categoría	N	%	Observacións
Distribución provincial	Provincia 1	5	38,5	Sobrerrepresentación
	Provincia 2	4	30,8	Representación adecuada
	Provincia 3	2	15,4	Infrarrepresentación
	Provincia 4	2	15,4	Infrarrepresentación
Tipoloxía de concello	Rural	7	53,8	Sobrerrepresentación
	Rururbano	3	23,1	Representación limitada
	Urbano	3	23,1	Ausencia en Pr3 e Pr4
Perfil formativo	Educativo	8	61,5	Lixeiro predominio
	Non educativo	5	38,5	Representación suficiente
Modelo de traballo	Animación sociocultural	7	53,8	Equilibrio razoable
	Xestión cultural	6	46,2	Equilibrio razoable
Experiencia profesional	<5 anos (TAP-1)	3	23,1	Representación limitada
	5-20 anos (TAP-2)	6	46,2	Predominio
	>20 anos (TAP-3)	4	30,8	Representación adecuada
Perfil de contratación	Técnico	11	84,6	Claro predominio
	Outra figura	2	15,4	Infrarepresentación

Fonte. Elaboración propia.

LIMITACIÓNS, NESGOS, POTENCIALIDADES E VALOR DA MOSTRA FINAL

A análise crítica da mostra final require unha valoración equilibrada das súas limitacións e fortalezas. Para sistematizar esta avaliación, a Táboa 19 presenta unha síntese dos principais aspectos metodolóxicos a considerar na interpretación dos resultados, organizados en función do seu impacto potencial sobre a validez e xeneralizabilidade das conclusións do estudo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 19.Avaliación metodolóxica da mostra final. Limitacións e fortalezas

Dimensión	Limitacións identificadas	Fortalezas e potencialidades
Representación territorial	Desequilibrio provincial (38,5% Pr1; 15,4% Pr3 e Pr4)	Presenza das 4 provincias; diversidade territorial suficiente
Contexto municipal	Sobrerrepresentación rural (53,8%); ausencia urbana en Pr3-Pr4	Reflicte a realidade territorial galega; cobre as 3 tipoloxías
Perfís profesionais	Lixeiro predominio educativo (61,5%)	Permite comparación entre modelos formativos
Modelos de intervención		Equilibrio óptimo ASC/XC (53,8%/46,2%)
Traxectoria profesional	Predominio experiencia intermedia (46,2%)	Representación dos 3 niveis xeracionais
Situación laboral	Forte infrarrepresentación non técnicos (15,4%)	Alta representación de técnicos especializados
Validez xeral	Mostra reducida (13 vs 20 previstos)	Cada caso representa combinación única de variables; riqueza cualitativa

Fonte. Elaboración propia.

O sesgo máis evidente é a desigual representación provincial, con predominio da Provincia 1 (38,5%) e Provincia 2 (30,8%) fronte a Provincia 3 e Provincia 4 (15,4% cada unha). Esta distribución impide unha análise comparativa equilibrada entre provincias, obrigando a matizar as conclusións interprovinciais.

A sobrerrepresentación dos concellos rurais (53,8%) fronte aos rururbanos e urbanos (23,1% cada un) constitúe un segundo sesgo. Particularmente destacada é a ausencia total de concellos urbanos nas provincias 3 e 4, o que limita a análise comparativa dos contextos urbanos nestas provincias. Esta sobrerrepresentación rural, non obstante, pode considerarse representativa da realidade territorial galega, caracterizada por un predominio de municipios de carácter rural.

Malia as limitacións marcadas, a mostra final presenta importantes fortalezas metodolóxicas que xustifican a súa validez para os obxectivos da investigación. A través dos 13 casos, conseguiuse incorporar unha notable diversidade de perfís que permite analizar as variables fundamentais do estudo: formación, modelo de traballo e experiencia profesional. A inclusión de casos procedentes das catro provincias galegas e das tres tipoloxías municipais (rural, rururbano e urbano) permite unha aproximación suficientemente comprensiva á diversidade territorial de Galicia. Ademais, cada un dos concellos incluídos na mostra final representa unha combinación específica de variables que enriquece a análise cualitativa.

ENTREVISTAS A RESPONSABLES POLÍTICOS DA ÁREA DE CULTURA

Por último, realizáronse entrevistas aos responsables políticos da área de cultura das catro deputacións provinciais, así como da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia. O guión destas entrevistas (Anexo x) elaborouse a partir da información recadada nas fases previas do estudo, incluíndo preguntas sobre a visión estratéxica das políticas culturais autonómicas e

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

provinciais, os mecanismos de coordinación e apoio aos concellos, a valoración da acción municipal e o perfil dos profesionais, e os principais desafíos e liñas de mellora identificadas no sector cultural galego. As entrevistas, realizadas de maneira presencial nas respectivas institucións, tiveron unha duración media de 90 minutos e proporcionaron unha perspectiva esencial respecto das políticas e estratexias culturais a nivel supramunicipal, servindo para contextualizar e contrastar a información obtida a nivel local.

As entrevistas foron transcritas na súa totalidade e sometidas a un proceso de análise de contido temático (Braun e Clarke, 2006), identificando patróns, temas emerxentes e relacións entre conceptos. Este análise realizouse de maneira iterativa, permitindo a emerxencia de novos temas e a redefinición das categorías analíticas ao longo do proceso de investigación.

5.2.3 Deseño e validación de instrumentos

O deseño dos instrumentos de recollida de información, nomeadamente o cuestionario e os guións de entrevista (Anexos x e x), realizouse seguindo un proceso rigoroso e sistemático. Este proceso baseouse nos principios de validez e fiabilidade en investigación social (DeVellis, 2016), buscando garantir a adecuación dos instrumentos aos obxectivos do estudo e ás características dos participantes.

O desenvolvemento dos instrumentos iniciouse cunha fase exploratoria que incluíu encontros con profesionais expertos no ámbito, como técnicos de cultura con ampla experiencia. Estas entrevistas exploratorias iniciais serviron para identificar cuestións relevantes, a linguaxe e a terminoloxía específica do sector, así como obter orientacións sobre aspectos inicialmente descoñecidos para o investigador. A partir desta información inicial, elaborouse unha primeira versión dos instrumentos, adecuándose aos obxectivos do estudo e ás características dos participantes. A tal fin, incorporáronse tipoloxías de preguntas (abertas, pechadas, escalas) e estruturáronse os instrumentos de maneira lóxica, comprensible e atractiva, guiados por criterios de relevancia, claridade, exhaustividade e rigor. O proceso de validación dos instrumentos seguiu un procedemento articulado en tres momentos, baseado nunha adaptación do método Delphi (Hasson et al., 2000):

1. No primeiro momento, os cuestionarios e guións de entrevista foron avaliados por cinco profesionais do sector cultural con ampla experiencia e coñecemento do ámbito; que analizaron a súa adecuación aos obxectivos do estudo, a relevancia e pertinencia para comprender a realidade profesional, a claridade e a comprensibilidade dos ítems. Tamén valoraron a extensión, o formato e a secuencia das preguntas.

2. No segundo momento, a versión revisada foi sometida ao xuízo de cinco expertos do eido científico-académico de universidades nacionais e internacionais, así como especialistas en políticas culturais, xestión cultural e animación sociocultural. Avaliaron a solidez teórica dos instrumentos, a coherencia cos obxectivos e preguntas de investigación e a capacidade para xerar datos válidos e fiables. Tamén analizaron a adecuación da linguaxe e terminoloxía empregada, propoñendo melloras para aumentar o rigor e a calidade dos instrumentos.

3. No terceiro momento, a versión resultante foi revisada por un panel de cinco expertos en metodoloxía de investigación procedentes de universidades galegas e internacionais, especialistas en técnicas cuantitativas e cualitativas aplicadas ás ciencias sociais. Examinaron a calidade metodolóxica dos instrumentos, a adecuación aos estándares

USC DE COMPOSTELA

científicos e a capacidade para responder ás preguntas de investigación. Valoraron aspectos como a validez de contido, a fiabilidade, a obxectividade e a replicabilidade.

As recomendacións suxeridas nos tres momentos de validación foron analizadas e incorporadas na versión final dos instrumentos, a fin de garantir o rigor e robustez metodolóxica. O resultado deste proceso foi un conxunto de instrumentos fundamentados e adaptados ao contexto específico da investigación, capaces de xerar datos fiables e relevantes para os obxectivos do estudo.

5.2.4 ANÁLISE DOS DATOS

O proceso de análise estruturouse atendendo a tres momentos principais: análise de datos cuantitativos, análise de datos cualitativos, e triangulación.

5.2.4.1 ANÁLISE DE DATOS CUANTITATIVOS

A análise dos datos cuantitativos atendeu a un proceso rigoroso e sistemático, empregando o paquete estatístico SPSS Statistics na súa versión 29.

PREPARACIÓN E DEPURACIÓN DOS DATOS

Previo á análise, realizouse unha fase de preparación e depuración dos datos; unha etapa relevante xa que inclúe a detección e corrección de erros, a xestión de valores perdidos e a transformación de variables necesarias (Tabachnick e Fidell, 2018). Dada a natureza aberta de moitas das preguntas do cuestionario, procedeuse a un proceso de categorización das respostas, resultando un total de 184 variables. Este proceso baseouse nos principios da análise de contido cuantitativo (Krippendorff, 2013), asegurando a validez e fiabilidade das categorías resultantes.

ANÁLISE DESCRITIVA

A análise descritiva constitúe o primeiro paso na exploración dos datos cuantitativos, proporcionando unha visión xeral das características da mostra e das variables de interese (Howell, 2007). Nesta investigación, realizáronse análises descritivas para caracterizar a mostra atendendo ás variables sociodemográficas, formativas, laborais e profesionais; unhas análises que incluíron −segundo a natureza das variables− o cálculo de frecuencias, medidas de tendencia central (media, mediana, moda) e de dispersión (desviación estándar, rango).

Para facilitar a interpretación e a presentación dos resultados, empregáronse diversas técnicas de visualización de datos, incluíndo gráficos de barras, histogramas, diagramas de caixa, e gráficos de dispersión. Estas representacións visuais permiten unha comprensión máis intuitiva e rápida dos patróns e tendencias nos datos (Tufte, 2001).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.2.4.2 ANÁLISE DE DATOS CUALITATIVOS

A análise dos datos cualitativos incluíu as transcricións das entrevistas en profundidade, a análise documental e as respostas ás preguntas abertas do cuestionario, seguindo un proceso meticuloso e iterativo baseado nos principios da teoría fundamentada (Charmaz, 2014).

TRANSCRICIÓN DAS ENTREVISTAS

O proceso de transcrición das entrevistas supuxo un desafío metodolóxico e técnico significativo. Para abordar este reto, desenvolveuse unha solución innovadora que combina tecnoloxía de vangarda con supervisión humana. Utilizouse un *script* personalizado en Python xunto co modelo de open source previamente adestrado para recoñecemento automático de voz (RAV) Whisper na versión 3 na súa extensión large. Este modelo conta con 1550 millóns de parámetros e ten un ratio de erro por palabra (REP) de 18 (segundo o dataset Common Voice 15) ou de 13.1 (segundo o dataset FLEURS) (Radford et al., 2022). Executouse na infraestrutura do Centro de Súpercomputación de Galicia (CESGA), ao ser necesarios un mínimo de 10 Gb de VRAM para a súa execución.

Esta aproximación tecnolóxica enmárcase no crecente campo da investigación cualitativa asistida por computador (CAQDAS, polas súas siglas en inglés), que busca aproveitar os avances en intelixencia artificial e aprendizaxe automática para mellorar a eficiencia e precisión dos procesos de investigación cualitativa (Fielding e Lee, 2002). Non obstante, recoñecendo as limitacións da tecnoloxía na captura de matices lingüísticos e paralingüísticos, implementouse unha fase de revisión manual. Así, revisáronse as distintas transcricións, asegurando a fidelidade ao audio orixinal e engadindo anotacións sobre aspectos contextuais relevantes, tal e como suxiren Dresing e Pehl (2015) para a transcrición de entrevistas en investigación cualitativa.

CODIFICACIÓN E ANÁLISE

Unha vez finalizado o proceso de transcrición, todos os documentos (entrevistas, respostas ás preguntas abertas do cuestionario e materiais documentais recompilados) foron importados ao software de análise cualitativa ATLAS.ti na súa versión 2024.

A estratexia de codificación adoptou os principios da teoría fundamentada construtivista (Charmaz, 2014), empregando unha aproximación indutiva que permite a emerxencia de categorías. O proceso de codificación estruturouse en tres pasos:

1. Aberta. Realizouse unha lectura detallada dos datos, asignando códigos descritivos a segmentos relevantes do texto. Este proceso permitiu unha primeira organización e conceptualización dos datos.

2. Axial. Establecéronse conexións entre as categorías identificadas na codificación aberta, buscando relacións e patróns máis amplos nos datos.

3. Selectiva. Identificáronse as categorías centrais e desenvolvéronse as liñas argumentais principais que atravesan o conxunto dos datos.

Durante todo o proceso de análise, mantívose un rexistro detallado de memos analíticos (Birks et al., 2008); que −en tanto que unidades mínimas de significado− serviron como unha ferramenta reflexiva crucial, documentando o proceso de toma de decisións analíticas, as

interpretacións emerxentes e as conexións teóricas, contribuíndo á transparencia e rigorosidade da análise.

SISTEMA DE CODIFICACIÓN PARA A OPERATIVIZACIÓN DA ANÁLISE

Para facilitar o tratamento dos datos e preservar o anonimato dos participantes, deseñouse un sistema de codificación alfanumérico que incorpora as diversas dimensións analizadas. Este sistema permite identificar cada informante mediante un código único que integra a información relativa a todos os criterios de selección anteriormente descritos.

A estrutura completa do sistema de codificación empregado preséntase na Táboa 20, onde se detallan os diferentes compoñentes que conforman o identificador único de cada participante, así como o seu significado específico dentro do marco analítico da investigación.

Táboa 20. Sistema de codificación alfanumérica para a identificación dos participantes

Posición no código	Compoñente	Opcións de codificación	Descrición
1	Identificador base	PAC-0XX	Profesional da Acción Cultural
2	Número único	001-020	Identificador numérico secuencial
3	Provincia	Pr1, Pr2, Pr3, Pr4	Cada código corresponde a unha provincia galega
4	Tipoloxía concello	R / R-U / U	Rural / Rururbano / Urbano
5	Perfil formativo	PFE / N-PFE	Perfil Formativo Educativo / Non Educativo
6	Modelo de traballo	ASC / XC	Animación Sociocultural / Xestión Cultural
7	Experiencia profesional	TAP-1 / TAP-2 / TAP-3	<5 anos / 5-20 anos / >20 anos
8	Perfil contratación	TFE / N-TFE	Técnico ou Figura Equivalente / Non Técnico

Fonte. Elaboración propia.

Así, un código completo tería a seguinte estrutura: PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE. Este sistema de codificación permite realizar posteriormente análises comparativas entre profesionais que comparten determinadas características, facilitando a identificación de patróns e tendencias considerables.

5.2.4.3 TRIANGULACIÓN DE DATOS

A fase final da análise centrouse na triangulación de datos (Fase 4, Figura 6), que serviu para reforzar a validez e robustez dos resultados da investigación (Denzin, 2017). A triangulación −seguindo o modelo de triangulación múltiple proposto por Denzin (1978) e Patton (2014)− realizouse en varios niveis.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Co propósito de garantir a validez interna do estudo e enriquecer a comprensión do fenómeno investigado, implementouse unha estratexia de triangulación múltiple. A Táboa 21 sintetiza os diferentes niveis de triangulación aplicados, as súas características específicas e a contribución de cada un á robustez metodolóxica da investigación.

Táboa 21. Niveis de triangulación empregados na análise de datos

Nivel de triangulación	Descrición	Fontes/Métodos integrados	Contribución á investigación
Metodolóxica	Integración de métodos cuantitativos e cualitativos	Cuestionarios estruturados, entrevistas semiestruturadas, análise documental	Complementariedade de perspectivas analíticas; validación cruzada de resultados
Fontes de datos	Comparación e contraste de múltiples informantes	Técnicos de cultura, representantes de entidades, responsables políticos, documentos oficiais	Identificación de perspectivas diversas; saturación de categorías analíticas
Temporal	Análise evolutiva ao longo do período de estudo	Datos recollidos durante dous anos consecutivos	Identificación de tendencias, cambios e continuidades no tempo

Fonte. Elaboración propia.

O proceso de triangulación non se limitou a unha simple comparación de resultados, xa que implicou unha exploración creativa e sistemática das conexións entre os diferentes tipos de datos; polo que se empregou a técnica de "mapeamento conceptual" (Wheeldon e Ahlberg, 2011) para visualizar e analizar as relacións entre os conceptos e temas emerxentes das diferentes fontes de datos.


5.3 TEMPORALIZACIÓN E FASES DA INVESTIGACIÓN

A investigación desenvolveuse ao longo de cinco anos, atendendo a un deseño de métodos mixtos (Creswell e Creswell, 2023). A planificación temporal fundamentouse na necesidade de abordar de maneira exhaustiva e rigorosa un obxecto de estudo complexo e multidimensional, permitindo unha integración de técnicas cuantitativas e cualitativas, así como un proceso iterativo de análise e reflexión.

Para proporcionar unha comprensión detallada da distribución temporal das actividades investigadoras, a Táboa 22 presenta o cronograma completo do estudo, organizando as tarefas por trimestres ao longo dos cinco anos de duración do proxecto. Esta representación permite apreciar tanto a secuencialidade como a simultaneidade de determinadas actividades críticas para o desenvolvemento da investigación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 22. Cronograma trimestral detallado das actividades de investigación



Fonte. Elaboración propia.

A estrutura temporal da investigación organizouse de forma estratéxica para maximizar a calidade e profundidade da análise. A Táboa 23 ofrece unha síntese das principais fases da investigación, especificando a duración de cada unha e as actividades fundamentais desenvolvidas, o que permite unha visión global do proceso investigador e a súa evolución temporal.

Táboa 23. Fases principais da investigación. Duración e actividades clave

Fase	Período temporal	Duración	Actividades principais	Resultados esperados
Deseño e fundamentación	Ano 1 (completo)	12 meses	Establecemento de bases teóricas e metodolóxicas; deseño do protocolo de investigación	Marco conceptual e metodolóxico definido
Preparación instrumental	Ano 2 (T1-T2)	6 meses	Deseño e validación de cuestionarios e guións de entrevista	Instrumentos validados e listos para aplicación
Identificación de informantes	Ano 2 (T3)	3 meses	Mapeo e selección de participantes clave	Base de datos de informantes completa
Traballo de campo	Ano 2 (T4) - Ano 3 (T2)	9 meses	Aplicación de cuestionarios e realización de entrevistas	Datos primarios recollidos
Procesamento de datos	Ano 2 (T3) - Ano 4 (T1)	15 meses	Transcrición, codificación e análise sistemática	Base de datos cualitativa e cuantitativa procesada
Análise integrada	Ano 3 (T3) - Ano 5 (T1)	21 meses	Triangulación e análise cruzada de todas as fontes	Resultados integrados e validados
Elaboración de conclusións	Ano 2 (T2) - Ano 5 (T4)	42 meses	Redacción progresiva e revisión continua do informe	Documento final completado

Fonte. Elaboración propia.

A estrutura temporal da investigación artellouse en vinte trimestres ao longo de cinco anos, o que permitiu unha organización sistemática e flexible do traballo investigador. Esta aproximación baseouse no concepto de "unidades de planificación adaptativa" proposto orixinalmente por Gantt (1919) e posteriormente refinado para a investigación social por Miles et al. (2013).

En conclusión, a temporalización adoptada nesta investigación tratou de equilibrar a necesidade de sistematicidade e rigor metodolóxico coa flexibilidade requirida para abordar un obxecto de estudo complexo e multidimensional como é a acción cultural municipal en Galicia. Esta estrutura temporal extensa facilitou a implementación efectiva do deseño de métodos mixtos, ademais de permitir unha aproximación reflexiva e iterativa ao proceso de investigación. A distribución das actividades ao longo dos cinco anos de investigación proporcionou o marco necesario para unha exploración en profundidade da realidade cultural municipal galega, posibilitando a integración efectiva de datos cuantitativos e cualitativos para comprender de maneira holística e matizada o fenómeno estudado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.4 CRITERIOS DE CALIDADE

A avaliación da calidade nunha investigación de métodos mixtos como a presente require unha aproximación multidimensional que integre criterios do paradigma cuantitativo e cualitativo, ademais de considerar aspectos específicos da integración metodolóxica. Esta complexidade esixe un marco de avaliación da calidade que sexa rigoroso e flexible, capaz de evidenciar as particularidades de cada enfoque sen cuestionar a coherencia global do estudo.

Seguindo as propostas de Creswell e Clark (2017) e Teddlie e Tashakkori (2009), adoptouse un marco de avaliación da calidade que contempla catro dimensións fundamentais:

1. validez interna/credibilidade
2. validez externa/transferibilidade
3. fiabilidade/dependabilidade
4. obxectividade/confirmabilidade

Esta estrutura permite abordar os diferentes aspectos de maneira integral, a fin de contribuír á transparencia e relevancia da investigación, tanto desde unha perspectiva metodolóxica como desde a aplicabilidade práctica no ámbito da acción cultural municipal, corroborando os achados e identificando as discrepancias e matices que enriqueceron a análise, reflectindo as diferentes dimensións e interpretacións do fenómeno cultural a nivel local.

1. VALIDEZ INTERNA/CREDIBILIDADE

A validez interna −no seu compoñente cuantitativo− e a credibilidade −no cualitativo− refírense á congruencia entre os achados do estudo e a realidade que pretende representar. Esta dimensión resulta esencial para que as conclusións reflictan fielmente o fenómeno estudado; de aí que, para fortalecer este aspecto, se implementaran estratexias que permitisen verificar os datos recollidos, ademais de afondar na comprensión do contexto e das perspectivas dos participantes.

Unha das principais estratexias adoptadas foi a triangulación metodolóxica (ver apartado 5.1.5); porén, outra estratexia fundamental para a credibilidade do estudo foi a inmersión prolongada no campo (dous anos), atendendo ás recomendacións de Patton (2014). Esta aproximación posibilitou unha comprensión profunda do contexto cultural galego, establecendo relacións de confianza cos participantes e captando a evolución e as dinámicas temporais dos fenómenos estudados. A validación comunicativa, ou "member checking", constituíu outro piar fundamental na procura da credibilidade. Seguindo as propostas de Birt et al. (2016), implementouse un proceso sistemático no que os participantes tiveron a oportunidade de revisar e comentar as transcricións das súas entrevistas, así como os achados preliminares do estudo. Esta práctica axudou a verificar a precisión das interpretacións e permitiu que engadisen información adicional ou que matizasen as súas perspectivas, enriquecendo a análise.

Por outra banda, no proceso de análise, prestouse especial atención á busca e exame de casos negativos ou discrepantes, seguindo as recomendacións de Morse (2015); o que implicou unha procura activa de evidencias que contradixesen ou desafiasen as interpretacións emerxentes. A incorporación destes casos na análise fortaleceu a robustez das conclusións e contribuíu a unha comprensión máis detallada e complexa da realidade cultural municipal. Como mecanismo adicional de validación, recorreuse á auditoría externa. Así, convidouse a investigadores expertos en acción cultural e políticas culturais a revisar criticamente o proceso

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

metodolóxico e os achados do estudo; o que proporcionou unha perspectiva obxectiva e imparcial, contribuíndo a identificar posibles puntos cegos ou interpretacións alternativas.

2. VALIDEZ EXTERNA/TRANSFERIBILIDADE

A validez externa, no eido cuantitativo, e a transferibilidade, no cualitativo, refírense á medida en que poden xeneralizarse ou aplicarse os achados a outros contextos. Dada a natureza contextual da acción cultural municipal, este aspecto presentou desafíos particulares que requiriron unha aproximación coidadosa; polo que se adoptou unha estratexia de mostraxe intencional (Patton, 2014) para o que se seleccionou unha mostra que reflectise a diversidade de realidades municipais. Esta aproximación permitiu maximizar a variación na mostra, facilitando a identificación de patróns comúns e de particularidades locais.

Con relación á transferibilidade, considérase un elemento fundamental para potenciar os achados, adoptando o concepto de "descrición densa" (Geertz, 1973). Isto implicou proporcionar descricións detalladas e contextualizadas dos achados e do contexto no que se produciron, dos participantes e dos procesos de investigación; unha riqueza descritiva que permite aos lectores e a outros investigadores avaliar a aplicabilidade dos achados a outros contextos, facilitando a súa transferencia.

Por último, a análise comparativa sistemática constituíu outra estratexia para fortalecer a validez externa do estudo; para o que se procedeu a unha análise das similitudes e diferenzas dos casos estudados (Ragin e Amoroso, 2011), identificando patróns e condicións potencialmente transferibles a outros contextos de acción cultural municipal, tratando de xeneralización dos achados.

3. FIABILIDADE/DEPENDABILIDADE

Para asegurar a fiabilidade no seu compoñente cuantitativo e a dependabilidade no cualitativo, implementáronse diversas estratexias que garantisen a consistencia e estabilidade dos achados. Estes aspectos son fundamentais para demostrar que os resultados non son produto de circunstancias aleatorias ou interpretacións arbitrarias.

Mantívose un rexistro sistemático e detallado de todas as decisións metodolóxicas tomadas ao longo do proceso investigador. Este rexistro, que funciona como unha pista de auditoría (Creswell e Poth, 2017), documenta desde a selección dos participantes ata os criterios empregados na análise dos datos, permitindo que outros investigadores poidan comprender e avaliar o rigor do proceso metodolóxico seguido.

Para a análise dos datos cualitativos, desenvolveuse un proceso de revisión sistemática das categorizacións realizadas, nas que o investigador principal revisou as codificacións dos datos, buscando inconsistencias e refinando as interpretacións. Este proceso iterativo de revisión, documentado mediante memos analíticos, contribuíu a asegurar a coherencia interna da análise e a estabilidade das interpretacións ao longo do tempo.

Ademais, desenvolvéronse e seguíronse protocolos detallados para cada fase da investigación, desde a recollida de datos ata a súa análise. Estes protocolos, que incluían guións de entrevista estandarizados, procedementos claros para a aplicación dos cuestionarios e criterios explícitos para a análise, contribuíron significativamente á consistencia metodolóxica ao longo do estudo, especialmente importante dado o seu carácter temporal estendido.

USC DE COMPOSTELA

4. OBXECTIVIDADE/CONFIRMABILIDADE

A obxectividade no paradigma cuantitativo e a confirmabilidade no cualitativo constitúen a cuarta dimensión da calidade da investigación. Estas refírense ao grao en que os achados están baseados nos datos e non nos presupostos ou preferencias do investigador. Para fortalecer esta dimensión, implementáronse varias estratexias complementarias.

A práctica sistemática da reflexividade constituíu un elemento central neste proceso. O investigador mantivo un diario reflexivo ao longo de todo o estudo, documentando as súas reaccións, pensamentos e posibles influencias sobre a interpretación dos datos. Esta práctica, recomendada por Finlay e Gough (2008), permitiu maior transparencia sobre o papel do investigador no proceso de xeración de coñecemento e axudou a identificar e controlar posibles nesgos interpretativos.

Para reforzar a confirmabilidade dos achados, utilizouse extensivamente o uso de citas directas dos participantes na presentación dos resultados. Esta estratexia non só enriquece a descrición dos fenómenos estudados, senón que tamén permite aos lectores avaliar directamente a correspondencia entre os datos orixinais e as interpretacións realizadas, proporcionando transparencia ao proceso analítico.

Finalmente, estableceuse un sistema de documentación exhaustiva que permite rastrexar cada interpretación ata os datos orixinais que a sustentan. Este "camiño de evidencias" facilita que outros investigadores poidan examinar a base empírica das conclusións, reforzando así a confirmabilidade do estudo. A documentación inclúe non só as transcricións e os datos cuantitativos, senón tamén os memos analíticos, as decisións metodolóxicas e as reflexións do proceso investigador.

En síntese, a implementación rigorosa e reflexiva destes criterios de calidade ao longo de todo o proceso investigador fortalece a validez e fiabilidade do estudo, e contribúe á súa credibilidade científica e relevancia práctica no campo da xestión cultural municipal. A combinación de estratexias cuantitativas e cualitativas, xunto coa atención continua á integración metodolóxica, posibilita unha comprensión máis completa e matizada da complexa realidade da acción cultural a nivel local en Galicia.

5.5 ÉTICA DA INVESTIGACIÓN

O marco ético que orientou esta investigación fundamentouse nos principios de respecto, beneficencia e xustiza, propostos inicialmente no Informe Belmont (Department of Health, Education, and Welfare e National Commission for the Protection of Human Subjects of Biomedical and Behavioral Research, 1979) e posteriormente desenvolvidos por Beauchamp e Childress (2019) na súa teoría dos catro principios da bioética. Igualmente, adheriuse ás directrices éticas establecidas por diversos organismos internacionais entre as que destaca a Declaración de Helsinki (World Medical Association, 2013) e as directrices propostas por Bryman e Bell (2015). A protección da privacidade e a confidencialidade dos participantes seguiu as recomendacións de Kaiser (2009), sobre a protección da privacidade en investigación cualitativa, e as directrices da normativa legal nacional e europea (Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales., 2018; Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016,

USC DE COMPOSTELA

relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se derroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos) (Texto pertinente a efectos del EEE), 2016). Deste xeito, o protocolo de investigación foi aprobado polo Comité de Ética da Universidade de Santiago de Compostela (anexo x).

Así mesmo, a obtención do consentimento informado atende ás directrices de Sieber e Tolich (2013) concibindo este proceso como dialóxico e continuo na procura de asegurar que os participantes comprendesen plenamente a natureza, obxectivos e implicacións da súa participación no estudo, así como as medidas para garantir a confidencialidade. Esta información presentouse de maneira escrita e verbal, asegurando a accesibilidade a todos os participantes.

Cabe salientar que o deseño da investigación, baseada na comunidade, incorporou mecanismos para asegurar que a accesibilidade e utilidade dos resultados para os actores locais implicados na acción cultural municipal (Israel et al., 2012). Á súa vez, a integridade científica guiou as diferentes fases do proceso investigador e −seguindo as recomendacións de Steneck (2006)− adoptáronse medidas para garantir a honestidade, transparencia e rigor en todas as etapas do estudo.

A dimensión ética desta investigación non se limitou ao cumprimento formal de normativas e protocolos, senón que constituíu un eixo vertebrador que permeou todas as fases do proceso investigador. Un enfoque ético integral que reforza a validez e credibilidade do estudo, e que tamén contribúe a fortalecer a confianza entre a comunidade científica, os participantes e a sociedade en xeral.

5.6 LIMITACIÓNS DO ESTUDO

A reflexión crítica sobre as limitacións e alcances dunha investigación constitúe un exercicio fundamental de rigor científico e honestidade intelectual. Esta investigación non está exenta de certas limitacións que cómpre recoñecer e considerar na interpretación dos seus resultados e conclusións; e que, lonxe de diminuír o valor do estudo, ofrecen unha perspectiva realista sobre o seu alcance e suxiren vías para futuras investigacións que poidan complementar e afondar nos achados aquí presentados.

En primeiro lugar, é necesario abordar as limitacións referidas á mostra e participación no estudo; pois, aínda que o deseño inicial contemplaba a inclusión da totalidade dos concellos galegos, a participación efectiva nos cuestionarios e entrevistas estivo inevitablemente condicionada pola dispoñibilidade e interese dos informantes. Este fenómeno, coñecido na literatura metodolóxica como nesgo de autoselección (Heckman, 1979), pode derivar nunha sobrerrepresentación das voces máis comprometidas e activas no sector cultural municipal. Consecuentemente, existe a posibilidade de que as perspectivas dos axentes menos involucrados estean infrarrepresentadas nos resultados. Para mitigar o impacto deste posible nesgo, e seguindo as recomendacións de Hernán et al. (2004), realizouse unha análise de sensibilidade comparando as características sociodemográficas e culturais dos concellos participantes cos non participantes, utilizando datos dispoñibles publicamente. Esta análise permitiu avaliar o grao de representatividade da mostra final e axustar as interpretacións en consecuencia. Ademais, nos casos onde foi posible, recolleuse información sobre os motivos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

da non participación, proporcionando insights valiosos sobre as posibles diferenzas entre respondentes e non respondentes.

Outra limitación significativa deriva da natureza dinámica e en constante evolución do ámbito cultural. O deseño transversal do estudo, aínda que estendido ao longo de dous anos de recollida de datos, proporciona unha visión detallada da situación nun período específico pero non permite capturar plenamente as traxectorias e procesos de cambio a máis longo prazo no sector cultural municipal. Os resultados obtidos representan, por tanto, un retrato do momento concreto no que se realizou o traballo de campo (2022-2023); unha limitación temporal particularmente relevante nun contexto de rápidas transformacións sociais, tecnolóxicas e políticas que afectan profundamente á xestión cultural. Para abordar parcialmente esta limitación, incorporáronse elementos retrospectivos nas entrevistas e cuestionarios, solicitando aos participantes que reflexionasen sobre os cambios experimentados nos últimos anos. Ademais, a análise documental incluíu a revisión de plans e memorias de varios anos, o que permitiu identificar algunhas tendencias e patróns de evolución.

Por outra banda, a especificidade do contexto galego, coas súas particularidades socioculturais, políticas e xeográficas, podería limitar en certa medida a transferibilidade directa dos resultados a outros territorios. A realidade cultural de Galicia, marcada por factores como o seu bilingüismo, a dispersión poboacional ou a forte identidade cultural, conforma un escenario único que debe ser considerado na interpretación e aplicación dos achados.

A complexidade e multidimensionalidade inherentes á acción cultural municipal fixeron necesario acotar o obxecto de estudo para garantir a súa viabilidade e profundidade. Esta delimitación implicou deixar fóra do ámbito de análise aspectos potencialmente relevantes, como por exemplo: non se afondou en profundidade nos procesos creativos específicos ou na avaliación exhaustiva dos impactos sociais da cultura a nivel local; tampouco se abordaron en detalle as interaccións entre as políticas culturais municipais e outros ámbitos como o turismo ou o desenvolvemento económico local. Unha delimitación que, aínda que permite unha análise máis profunda dos aspectos seleccionados, implica que quedan pendentes certos ángulos da realidade cultural municipal por explorar.

Por último, cómpre recoñecer as limitacións inherentes ás técnicas de recollida de datos empregadas, particularmente as entrevistas e os cuestionarios. Estas metodoloxías, aínda que valiosas para acceder ás percepcións, experiencias e discursos dos informantes, non sempre permiten capturar as súas prácticas reais ou os impactos obxectivos das políticas culturais. Sempre existe unha diferenza potencial entre o que os participantes din que fan e o que realmente fan, un fenómeno ben documentado na literatura metodolóxica (Jerolmack e Khan, 2014). A este respecto, e para mitigar esta limitación, implementouse unha estratexia de triangulación metodolóxica, contrastando as declaracións dos participantes con datos documentais e, cando foi posible, con observacións directas. Neste senso, inicialmente, o deseño metodolóxico contemplaba a realización dun grupo de discusión con axentes clave do ámbito profesional, académico e político; pois contemplábase poñer en común os resultados das fases previas do estudo, contrastar perspectivas e identificar consensos e disensos sobre a realidade e retos da acción cultural municipal en Galicia. Así, esta técnica −baseada nos principios do grupo focal (Krueger e Casey, 2014)− buscaba xerar un espazo de diálogo e reflexión colectiva que enriquecera a interpretación dos datos obtidos a través doutras técnicas. Non obstante, a dificultades loxísticas e temporais para concertar unha data compatible coa axenda dos participantes seleccionados e os prazos da investigación, impediron o seu desenvolvemento. Malia esta circunstancia, considerouse que a información obtida a través dos

USC DE COMPOSTELA

cuestionarios e das entrevistas en profundidade, resultaba suficientemente rica e saturada como para responder aos obxectivos do estudo. A diversidade de perfís entrevistados e a profundidade das conversas mantidas permitiron reflectir unha ampla gama de perspectivas e experiencias, compensando a ausencia do grupo de discusión.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TERCEIRA PARTE. MARCO EMPÍRICO-ANALITICO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 6. A CULTURA MUNICIPAL DENDE A VISIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS, ENTIDADES E OS SEUS AXENTES. PRINCIPAIS ACHEGAS E RESULTADOS RECOLLIDOS MEDIANTE A CARTOGRAFÍA SOCIAL, CUESTIONARIO E ENTREVISTAS

O presente capítulo céntrase na análise detallada da realidade cultural municipal galega, constituíndo o núcleo empírico-analítico desta investigación. Esta aproximación multidimensional á acción cultural local ten como obxectivo proporcionar unha visión integral e sistemática dun ámbito escasamente estudado pero fundamental para comprender o desenvolvemento cultural do territorio galego e o acceso aos dereitos culturais da cidadanía.

Tal e como se vén sostendo, a cultura municipal constitúe un espazo de intervención complexo e heteroxéneo, no que converxen múltiples dimensións –institucionais, profesionais, territoriais e comunitarias– que requiren ser analizadas desde perspectivas complementarias. A interrelación destas dimensións conforma un ecosistema cultural específico, cunha idiosincrasia propia marcada pola dispersión territorial, a heteroxeneidade sociodemográfica e a diversidade de modelos organizativos e de xestión que caracterizan o mapa municipal galego. A estrutura do capítulo articúlase arredor de cinco eixos fundamentais que, no seu conxunto, proporcionan unha radiografía completa e multifacética da cultura municipal en Galicia.

En primeiro lugar, preséntase unha cartografía social da acción cultural municipal, identificando os diferentes modelos de xestión existentes e a súa distribución territorial. Esta aproximación permite visualizar os patróns organizativos predominantes e os contrastes xeográficos máis substanciais, revelando unha marcada heteroxeneidade nos modelos de xestión que responden á adaptación das estruturas organizativas e ás realidades específicas de cada contexto local.

O segundo eixo céntrase na análise sociodemográfica e profesional dos axentes municipais de cultura, que son figuras clave para a articulación das políticas culturais locais. Así, a través dun cuestionario aplicado a 147 profesionais procedentes dos 313 concellos galegos, accédese a unha radiografía actualizada que revela tanto as fortalezas como as eivas do sistema cultural municipal, desde o perfil sociodemográfico ata as condicións laborais, pasando pola formación académica, as funcións desempeñadas e o recoñecemento profesional recibido.

O terceiro eixo afonda na configuración profesional destes axentes mediante a análise cualitativa das trece entrevistas en profundidade desenvolvidas; unha aproximación que permite acceder ás dimensións frecuentemente invisibilizadas nas análises institucionais, identificando as estratexias adaptativas, as tensións e os desafíos que caracterizan o exercicio profesional da acción cultural a nivel municipal, prestando especial atención á influencia da dimensión territorial e político-institucional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

O cuarto eixo aborda as visións institucionais respecto da cultura municipal considerando as principais entidades representativas do sector. A análise comparativa de tres organizacións

–o Grupo de Traballo de Animación e Xestión Sociocultural do CEESG, a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural e a Comisión de Políticas Culturais do Consello da Cultura Galega–, permiten identificar converxencias nas diferentes conceptualizacións da acción cultural, as necesidades formativas, as relacións coa cidadanía e as transformacións contemporáneas do sector.

Finalmente, o quinto eixo céntrase nas políticas culturais supramunicipais, examinando os discursos institucionais e as estratexias de intervención das Deputacións Provinciais e da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia. Esta análise retrata un panorama institucional marcado pola diversidade de enfoques, recursos e prioridades, así como polas tensións estruturais entre a autonomía formal e as limitacións prácticas derivadas das dependencias económicas e administrativas.

Os diferentes eixos que vertebran este capítulo ofrecen unha comprensión integral da realidade da cultura municipal en Galicia, combinando análises cuantitativas e cualitativas que transcenden a simple descrición organizativa para adentrarse na comprensión das relacións, tensións e dinámicas que configuran o sistema cultural local; caracterizado por importantes contrastes e desafíos: a coexistencia de diferentes modelos de xestión, a tensión entre profesionalización e precariedade, a influencia decisiva da dimensión territorial e político-institucional, a necesidade de articulación entre as diferentes administracións, e os retos pendentes no ámbito da participación cidadá.

En definitiva, a cultura municipal galega é un ámbito de investigación que permite acceder a unha realidade invisibilizada, pero esencial para comprender o desenvolvemento cultural do territorio e garantir os dereitos culturais da cidadanía. Os resultados han de orientar a reflexión sobre as políticas culturais a nivel local, ademais de identificar posibles liñas de actuación para o fortalecemento dun sistema cultural máis cohesionado, profesionalizado e participativo.

6.1 Cartografía social da acción cultural municipal en Galicia. Modelos de xestión e distribución territorial

Tal e como se indicou no apartado metodolóxico, a cartografía social preséntase como unha metodoloxía especialmente axeitada para visualizar e interpretar unha realidade heteroxénea, xa que permite representar graficamente tanto os modelos organizativos como a súa distribución espacial. Neste caso, a cartografía social da acción cultural municipal constitúe unha ferramenta básica para comprender a arquitectura institucional que sustenta as políticas culturais locais.

Os resultados que se presentan abranguen a análise dos 313 concellos galegos, transitando desde unha perspectiva autonómica global ata as particularidades comarcais, pasando pola identificación de contrastes provinciais. Esta aproximación multiescalar permite detectar patróns xerais e especificidades territoriais que representan a diversidade de contextos sociodemográficos, económicos e culturais que caracterizan o territorio galego. Os achados obtidos revelan unha marcada heteroxeneidades nos modelos de xestión da acción cultural municipal e contrastes a nivel provincial; ademais de manifestar a existencia de diversas configuracións profesionais que responden á adaptación das estruturas organizativas ás realidades sociodemográficas, orzamentarias e político-institucionais de cada contexto local. Esta diversidade maniféstase na dedicación e formación dos responsables técnicos, así como nos perfís e competencias dos cargos políticos que asumen a xestión cultural nos concellos onde non existe profesionalización específica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nos seguintes apartados preséntase a análise estruturada en diferentes niveis territoriais (autonómico, provincial e comarcal), concluíndo cunha tipoloxía detallada das diversas configuracións organizativas identificadas.

6.1.1 Modelos de xestión da acción cultural municipal. Análise panorámica da distribución territorial en Galicia

A cartografía social realizada centrouse nos concellos galegos distribuídos nas catro provincias: A Coruña (93 concellos), Lugo (67 concellos), Ourense (92 concellos) e Pontevedra (61 concellos). A partir dos datos recollidos identifícanse catro modelos principais de acción cultural municipal:

a) Concellos con técnico de cultura ou figura equivalente: Existe un profesional –específico ou non–encargado da acción cultural, con dedicación total ou parcial a esta área.

b) Concellos con funcións asumidas polo concelleiro: As funcións técnicas son asumidas polo responsable político da área (Concellería de Cultura ou equivalente).

c) Concellos con acción cultural centralizada na alcaldía: A acción cultural depende da alcaldía, sen intermediación dunha concellería específica.

d) Concellos sen información: Non se puido establecer contacto e/ou obter información sobre o modelo de acción cultural.

A distribución xeral destes modelos en Galicia é a que se presenta na figura 7; se ben máis da metade dos concellos galegos contan cun técnico especializado en cultura, existe unha proporción destacada (39%) onde a acción cultural recae directamente en figuras políticas (alcaldías ou concellerías).

A cartografía realizada permite visualizar a heteroxeneidade de modelos organizativos presentes no territorio galego, onde, como se aprecia na seguinte representación, coexisten diferentes graos de profesionalización e especialización na xestión cultural municipal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 7. Distribución dos modelos de xestión cultural nos concellos galegos




Fonte. Elaboración propia.

6.1.2 ANÁLISE COMPARATIVA POR PROVINCIAS

A análise comparativa a nivel provincial evidencia o contraste entre A Coruña (onde predomina amplamente o modelo de acción técnica especializada) cun 85%, e Ourense (onde este modelo é minoritario) con un 27,2%, e no que predomina a acción directa desde a alcaldía (42,4%). Nas provincias de Pontevedra e Lugo existen situacións intermedias, aínda que con maior presenza de técnicos en Pontevedra.

As disparidades territoriais na estruturación dos servizos culturais municipais fanse evidentes na seguinte comparativa provincial, onde se observan realidades radicalmente diferentes entre A Coruña, cun modelo claramente profesionalizado, e Ourense, onde predomina a xestión política directa.

Figura 8. Distribución provincial dos modelos de xestión cultural



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

6.1.3 ANÁLISE POR COMARCAS

A análise comarcal permite unha visión detallada da distribución territorial dos modelos de acción cultural, facilitando a comprensión das dinámicas locais e das posibles influencias entre concellos próximos e identificando patróns que quedarían ocultos nunha análise exclusivamente provincial. Nas seguintes táboas, preséntase unha síntese descritiva das comarcas das diferentes provincias.

PROVINCIA DA CORUÑA

A provincia da Coruña presenta unha notable homoxeneidade na profesionalización da xestión cultural, con un 85% dos seus concellos dispoñendo de persoal técnico especializado. Esta cifra, significativamente superior á media galega, revela unha aposta decidida pola profesionalización do sector cultural municipal no conxunto do territorio provincial. A seguinte táboa presenta unha análise cualitativa detallada dos modelos organizativos en cada comarca coruñesa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 24. Caracterización dos modelos de xestión cultural nas comarcas da provincia da Coruña

Comarca	Descrición
Ortegal	Conta con catro concellos, dos cales tres dispoñen de técnico de cultura (75%), mentres que nos restante as funcións culturais son asumidas polo concelleiro da área. Este alto índice de profesionalización resulta importante, considerando que se trata dunha comarca rural con concellos de tamaño medio e pequeno
Ferrol	*Presenta un dos índices máis elevados de profesionalización da acción cultural da provincia, con 10 dos seus 11 concellos cun técnico especializado (90,9%). Destaca a homoxeneidade na presenza de profesionais específicos desenvolvendo funcións en cultura, a pesar de incluír concellos urbanos de gran tamaño xunto a outros máis pequenos e rurais. Esta configuración podería estar relacionada coa influencia da área urbana principal e a tradición industrial da zona, que historicamente propiciou un maior desenvolvemento das políticas culturais municipais
Betanzos	Destaca polo elevado índice de profesionalización da acción cultural, con nove dos seus dez concellos contando con profesionais especializados (90%), mentres que só nun caso as funcións son asumidas pola concellería correspondente. É particularmente sustancial por tratarse dunha comarca que combina concellos semi-urbanos con outros eminentemente rurais
A Coruña	*Inclúe a capital provincial e a súa área metropolitana. Sete dos nove concellos contan con técnico especializado en cultura (77,8%)
Bergantiños	*Seis dos sete concellos dispoñen de profesional especifico (85,7%). Esta homoxeneidade podería estar relacionada coa tradición cultural da zona e coa política municipal de promoción de eventos culturais vinculados á identidade local
Soneira	Composta por tres concellos, presenta unha situación excepcional ao contar todos eles con profesional especifico (100%). Este feito resulta considerable dado o carácter eminentemente rural desta zona e o pequeno tamaño dos seus municipios.
Fisterra	Mostra unha situación heteroxénea, con tres dos seus cinco concellos contando con profesional especifico (60%), mentres que nos dous restantes as funcións culturais son asumidas pola concellería correspondente (40%). Con un 60% de concellos con acción técnica, esta comarca litoral presenta un índice de profesionalización inferior á media provincial
Muros	Os dous concellos desta pequena comarca costeira contan con profesional especifico (100%).
Xallas	Composta por dous concellos, presenta un índice de profesionalización do 100%, contando ambos con profesional especifico. Resulta especialmente relevante considerando o carácter predominantemente rural da zona e a súa dedicación maioritaria ao sector primario, o que evidencia que a aposta pola profesionalización cultural non está exclusivamente vinculada ao grao de urbanización ou ao desenvolvemento turístico
Barcala	Os dous concellos que compoñen esta comarca dispoñen de profesional especifico (100%).
Ordes	*Seis dos sete concellos contan con profesional especifico (85,7%)
Melide	Os catro concellos que compoñen esta comarca dispoñen de técnico de cultura (100%).
Arzúa	Os catro concellos desta comarca contan con técnico de cultura (100%). Esta homoxeneidade na profesionalización da acción cultural nunha comarca eminentemente rural resulta relevante.
Noia	*Tres dos catro concellos dispoñen de técnico de cultura (75%). Con un 75% de concellos con acción técnica profesionalizada, esta comarca costeira presenta un índice elevado.
Barbanza	*Tres dos seus catro concellos contan con técnico de cultura (75%)
O Sar	Os tres concellos que compoñen esta comarca contan con técnico de cultura (100%). Esta plena profesionalización destaca nunha comarca que combina áreas urbanas como a capital comarcal con zonas máis rurais.
Santiago	*Seis dos sete concellos dispoñen de técnico de cultura (85,7%). Nos concellos da área metropolitana, que experimentaron un notable crecemento demográfico nas últimas décadas, a presenza de técnicos de cultura evidencia a aposta municipal por unha acción profesionalizada da área cultural
*Non se puido establecer contacto con algúns concellos.	

Fonte. Elaboración propia.

Os datos cuantitativos permiten visualizar a distribución porcentual dos diferentes modelos de xestión en cada territorio comarcal.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROVINCIA DE LUGO

En contraste coa Coruña, a provincia de Lugo amosa unha realidade máis heteroxénea en canto á profesionalización da acción cultural. Con só un 38,8% de concellos con xestión técnica especializada, obsérvase unha maior diversidade de modelos organizativos, onde a xestión desde as concellerías (25,4%) e alcaldías (22,4%) adquire un peso considerable na configuración do mapa cultural provincial. A análise descritiva das comarcas lucenses revela importantes contrastes territoriais na organización da acción cultural municipal.

Táboa 25. Caracterización dos modelos de xestión cultural nas comarcas da provincia de Lugo

Comarca	Descrición
Fonsagrada	Presenta un índice relativamente elevado de profesionalización da acción cultural, con dous dos seus tres concellos contando con técnico especializado (66,7%). No concello restante (33,3%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro.
Mariña Central	Presenta un dos índices máis elevados de profesionalización da acción cultural da provincia, con catro dos seus seis concellos contando con técnico especializado (66,7%). Nos dous concellos restantes (33,3%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro.
Mariña Occidental	*Presenta un índice elevado de profesionalización da acción cultural, con tres dos seus cinco concellos contando con técnico especializado (60%). Nun caso (20%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro.
Mariña Oriental	Un dos catro concellos conta con técnico de cultura (25%), en dous casos (50%) as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, e nun concello (25%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía. Con un 25% de concellos con acción técnica, esta comarca sitúase por debaixo da media provincial (38,8%).
Ulloa	*Presenta unha situación heteroxénea, con un dos seus tres concellos (33,3%) contando con técnico de cultura e un caso (33,3%) onde as funcións culturais son asumidas polo concelleiro.. Con un 50% de concellos contactados que contan con técnico, esta comarca supera a media provincial.
Chantada	Presenta un índice elevado de profesionalización da acción cultural, con dous dos seus tres concellos contando con técnico especializado (66,7%). No concello restante (33,3%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro.
Lugo	*Inclúe a capital provincial e a súa área de influencia, tres dos oito concellos contan con técnico de cultura (37,5%), nun caso (12,5%) as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, en dous concellos (25%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía. Con un 50% de concellos contactados que contan con técnico, esta comarca supera a media provincial.
Meira	Presenta un índice intermedio de profesionalización da acción cultural, con un dos seus catro concellos contando con técnico especializado (25%). Nun caso (25%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, mentres que nos dous concellos restantes (50%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía.
Os Ancares	Presenta un dos índices máis baixos de profesionalización da acción cultural da provincia, con só un dos seus seis concellos contando con técnico especializado (16,7%). En dous casos (33,3%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, mentres que nos tres concellos restantes (50%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía.
Quiroga	Un dos tres concellos conta con técnico de cultura (33,3%), mentres que nos dous restantes (66,7%) as funcións culturais son asumidas polo concelleiro. Con un 33,3% de concellos con acción técnica, esta comarca sitúase lixeiramente por debaixo da media provincial, destacando que só a capital comarcal conta con técnico especializado.
Sarria	Presenta un índice relativamente baixo de profesionalización da acción cultural, con dous dos seus sete concellos contando con técnico especializado (28,6%). Nos cinco concellos restantes (71,4%), a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía.
Terras Chá	*Tres dos nove concellos contan con técnico de cultura (33,3%), en dous casos (22,2%) as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, en dous concellos (22,2%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía. Con un 42,9% de concellos contactados que contan con técnico, esta comarca supera lixeiramente a media provincial
Terras de Lemos	*Presenta un índice intermedio de profesionalización da acción cultural, con dous dos seus seis concellos contando con técnico especializado (33,3%). Nun caso (16,7%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro. Con un 66,7% de concellos contactados que contan con técnico, esta comarca presenta un índice elevado.
*Non se puido establecer contacto con algúns concellos.	

Fonte. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A desagregación estatística por comarcas evidencia a heteroxeneidade dos modelos de xestión no territorio provincial.

PROVINCIA DE OURENSE

A provincia de Ourense presenta o índice máis baixo de profesionalización técnica entre as provincias galegas, con apenas un 27,2% de concellos con persoal especializado. Destaca especialmente o elevado porcentaxe de xestión directa desde as alcaldías (42,4%), o que evidencia un modelo de xestión cultural máis tradicional e menos profesionalizado en amplas zonas do territorio provincial. O exame pormenorizado das comarcas ourensás permite identificar patróns diferenciados de organización cultural municipal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 26. Caracterización dos modelos de xestión cultural nas comarcas da provincia de Ourense

Comarca	Descrición
Limia	Esta extensa comarca do sur da provincia presenta un dos índices máis baixos de profesionalización, con só dous dos seus once concellos contando con técnico especializado (18,2%). Nun caso (9,1%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, mentres que nos oito concellos restantes (72,7%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía
Allariz-Maceda	Tres dos seis concellos contan con técnico de cultura (50%), en dous casos (33,3%) as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, e nun concello (16,7%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía. Con un 50% de concellos con acción técnica, supera a media provincial (27,2%).
Baixa Limia	Presenta unha situación relativamente equilibrada, con dous dos seus cinco concellos contando con técnico de cultura (40%), dous casos (40%) onde as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, e un concello (20%) onde a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía. Con un 40% de concellos con acción técnica, supera a media provincial.
Carballiño	Tres dos nove concellos contan con técnico de cultura (33,3%), en dous casos (22,2%) as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, e en catro concellos (44,4%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía. Con un 33,3% de concellos con acción técnica, supera lixeiramente a media provincial.
Ribeiro	Presenta unha distribución equilibrada entre os diferentes modelos de acción cultural, con tres dos seus dez concellos contando con técnico especializado (30%), catro casos (40%) onde as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, e tres concellos (30%) onde a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía. Con un 30% de concellos con acción técnica, supera lixeiramente a media provincial.
Ourense	*Inclúe a capital provincial e a súa área metropolitana, tres dos doce concellos contan con técnico de cultura (25%), en cinco casos (41,7%) as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, en tres concellos (25%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía. Con un 27,3% de concellos contactados que contan con técnico, sitúase na media provincial.
Terra de Caldelas	*Presenta un índice relativamente elevado de profesionalización da acción cultural, con dous dos seus catro concellos contando con técnico especializado (50%). Nun caso (25%), a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía
Terra de Celanova	Dous dos dez concellos contan con técnico de cultura (20%), en catro casos (40%) as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, e nos catro concellos restantes (40%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía. Con un 20% de concellos con acción técnica, sitúase por debaixo da media provincial.
Terra de Trives	Presenta un índice relativamente elevado de profesionalización da acción cultural, con dous dos seus catro concellos contando con técnico especializado (50%). Nun caso (25%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, mentres que no concello restante (25%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía.
Valdeorras	Dous dos nove concellos contan con técnico de cultura (22,2%), en tres casos (33,3%) as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, e nos catro concellos restantes (44,4%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía. Con un 22,2% de concellos con acción técnica, sitúase lixeiramente por debaixo da media provincial.
Verín	Presenta un dos índices máis baixos de profesionalización da acción cultural da provincia, con só un dos seus oito concellos contando con técnico especializado (12,5%). Nun caso (12,5%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, mentres que nos seis concellos restantes (75%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía.
Viana	Presenta o índice máis baixo de profesionalización da acción cultural, sendo a única comarca ourensá onde ningún concello conta con técnico especializado (0%). Nun caso (25%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro, mentres que nos tres concellos restantes (75%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía.
*Non se puido establecer contacto con algúns concellos.	

Fonte. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A sistematización cuantitativa reflicte o predominio de modelos tradicionais de xestión en amplas zonas do territorio provincial.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Pontevedra sitúase nunha posición intermedia no contexto galego, con un 55,7% de concellos que contan con xestión técnica especializada. Esta provincia amosa unha distribución máis equilibrada entre os diferentes modelos de xestión, aínda que cun claro predominio da profesionalización nas comarcas máis dinámicas e poboadas do territorio. A caracterización comarcal pontevedresa mostra unha realidade diversa condicionada pola dinámica socioeconómica de cada territorio.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 27. Caracterización dos modelos de xestión cultural nas comarcas da provincia de Pontevedra

Comarca	Descrición
Paradanta	Presenta unha situación heteroxénea, con só un dos seus catro concellos contando con técnico de cultura (25%). Nos outros tres casos, as funcións culturais son asumidas polo concelleiro en dous concellos (50%) e directamente pola alcaldía no caso restante (25%).
Caldas	*Presenta unha situación máis favorable no que respecta á profesionalización da acción cultural, con cinco dos seus sete concellos contando con técnico especializado (71,4%). Nun caso (14,3%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro. Con un 71,4% de concellos con acción técnica, esta comarca supera a media provincial.
Deza	Destaca polo baixo índice de profesionalización da acción cultural, con só dous dos seus seis concellos contando con técnico especializado (33,3%). Nos catro concellos restantes (66,7%), a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía.
Baixo Miño	Presenta un elevado índice de profesionalización, con catro dos seus cinco concellos contando con técnico especializado (80%). Unicamente nun caso (20%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro correspondente. Con un 80% de concellos con acción técnica supera a media provincial.
Condado	Tres dos cinco concellos contan con técnico de cultura (60%), mentres que nos dous restantes (40%) as funcións culturais son asumidas polo concelleiro correspondente. Con un 60% de concellos con acción técnica, supera lixeiramente a media provincial.
Morrazo	*Presenta un dos índices máis baixos de profesionalización da provincia, con só un dos seus catro concellos contando con técnico especializado (25%). Nun caso (25%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro.
Salnés	*Presenta unha situación intermedia na profesionalización da acción cultural, con cinco dos seus nove concellos contando con técnico especializado (55,5%). En dous casos (22,2%), as funcións son asumidas polo concelleiro. Con un 55,5% de concellos con acción técnica, esta sitúase na media provincial.
Pontevedra	*Cinco dos oito concellos contan con técnico de cultura (62,5%), mentres que en dous casos (25%) as funcións culturais son asumidas polo concelleiro correspondente. Con un 62,5% de concellos con acción técnica, esta comarca supera lixeiramente a media provincial, destacando a presenza de técnicos tanto en concellos costeiros e periurbanos como en municipios do interior.
Tabeirós - Terra de Montes	Presenta unha situación equilibrada, con un dos seus dous concellos (50%) contando con técnico de cultura, mentres que no outro (50%) a acción cultural realízase directamente desde a alcaldía. O índice de profesionalización sitúase lixeiramente por debaixo da media provincial.
Vigo	*Inclúe a principal área metropolitana da provincia e presenta un índice de profesionalización da acción cultural relativamente elevado, con sete dos seus once concellos contando con técnico especializado (63,6%). En tres casos (27,3%), as funcións culturais son asumidas polo concelleiro. Con un 63,6% de concellos con acción técnica, esta comarca supera a media provincial, destacando a presenza de técnicos tanto en concellos costeiros e turísticos como en municipios industriais e do interior rural.
*Non se puido establecer contacto con algúns concellos.	

Fonte. Elaboración propia.

Os indicadores numéricos confirman a existencia de notables disparidades intercomarcais na profesionalización da xestión cultural.

A agregación dos datos provinciais ofrece unha panorámica xeral dos modelos de xestión cultural no conxunto do territorio galego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 28. Síntese dos modelos de xestión no contexto do territorio galego

Territorio	Total concellos	Xestión técnica (%)	Xestión dende a concellería (%)	Xestión dende a alcaldía (%)	Sen contacto (%)
GALICIA	313	52,4%	19,5%	19,5%	8,6%

Fonte. Elaboración propia.

A análise comparativa das catro provincias galegas revela patróns territoriais claramente diferenciados na configuración dos modelos de xestión cultural municipal. A Coruña emerxe como o territorio con maior grao de profesionalización (85%), establecendo un modelo case hexemónico de xestión técnica especializada que se estende de xeito homoxéneo pola práctica totalidade das súas comarcas, independentemente do seu carácter urbano ou rural.

No extremo oposto, Ourense presenta os índices máis baixos de profesionalización técnica (27,2%), cun predominio da xestión directa desde as alcaldías que acada o 42,4% dos concellos. Esta configuración suxire a persistencia de modelos tradicionais de xestión cultural, particularmente acentuados nas comarcas do interior provincial.

As provincias de Pontevedra (55,7%) e Lugo (38,8%) ocupan posicións intermedias, aínda que con características distintivas. Mentres Pontevedra amosa unha distribución máis equilibrada entre os diferentes modelos, cunha tendencia cara á profesionalización nas áreas metropolitanas e costeiras, Lugo presenta unha maior fragmentación territorial, con notables diferenzas entre as comarcas da Mariña, máis profesionalizadas, e as do interior, onde predominan modelos de xestión máis tradicionais.

Estes datos evidencian que a profesionalización da xestión cultural municipal en Galicia non responde unicamente a factores demográficos ou económicos, senón que reflicte tamén dinámicas territoriais complexas, tradicións administrativas diferenciadas e, fundamentalmente, o grao de priorización política que cada territorio outorga ao desenvolvemento cultural como elemento estratéxico das políticas públicas locais.

6.1.4 TIPOLOXÍAS DE ACCIÓN CULTURAL MUNICIPAL

A análise da información recollida na cartografía social identifica tres modelos principais de xestión da acción cultural a nivel municipal, con subtipos específicos. Esta clasificación estruturada retrata a adaptación das estruturas organizativas ás diferentes realidades locais galegas.

A seguinte táboa sistematiza os modelos de xestión identificados, detallando as súas características distintivas e os contextos municipais nos que cada modalidade organizativa tende a prevalecer.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 29. Modelos identificados do modo de xestión da acción cultural municipal en Galicia

Modelo de xestión	Subtipo	Características definitorias	Contexto municipal de aplicación
Modelo 1: Xestión técnica	Técnicos específicos de cultura	Profesionais con dedicación exclusiva á área cultural que contan con formación específica no ámbito e céntranse na planificación, deseño, execución e avaliación da programación municipal	Concellos urbanos ou semiurbanos con maior capacidade orzamentaria
	Técnicos compartidos	Profesionais que comparten as súas funcións con outras áreas municipais, cunha distribución de funcións que varía segundo as prioridades políticas e as características sociodemográficas do municipio	Concellos de tamaño medio
	Técnicos de perfil administrativo con funcións culturais	Profesionais inicialmente contratados para tarefas administrativas xerais que asumen progresivamente responsabilidades culturais	Concellos pequenos con limitacións para contratación de persoal especializado
Modelo 2: Xestión dende a concellería	Concelleiros con dedicación específica á cultura	Responsables políticos con atención focalizada exclusivamente no ámbito cultural, con formación variable e que poden contar con apoio administrativo ou externalizar parte da xestión	Variable segundo tamaño e recursos do concello
	Concelleiros con competencias múltiples	Responsables que xestionan a cultura xunto con outras áreas como deporte, educación ou turismo, con formación específica ou experiencia previa variable	Concellos con limitacións de estrutura política
Modelo 3: Xestión dende a alcaldía	Alcaldías con apoio administrativo	Centralización da acción cultural na figura do alcalde ou alcaldesa, onde o persoal do gabinete municipal asiste na planificación das actividades culturais baixo supervisión directa	Concellos pequenos con recursos humanos limitados
	Alcaldías con implicación directa	O alcalde ou alcaldesa asume persoalmente todos os aspectos da acción cultural, desde a programación ata a organización loxística dos eventos	Concellos moi pequenos con escasos recursos humanos

Fonte. Elaboración propia.

A variable formación dos concelleiros responsables resulta especialmente relevante, xa que mentres algúns contan con formación específica ou experiencia previa no ámbito cultural, outros asumen estas responsabilidades sen bagaxe previa no sector.

Esta tipoloxía evidencia que a estrutura organizativa da xestión cultural municipal en Galicia responde principalmente ás capacidades orzamentarias e ao tamaño poboacional dos concellos, configurando un panorama heteroxéneo no que conviven desde modelos altamente profesionalizados ata configuracións baseadas na implicación persoal directa dos responsables políticos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.2 AXENTES MUNICIPAIS DE CULTURA. CONFIGURACIÓN PROFESIONAL E SOCIODEMOGRÁFICA NO ECOSISTEMA CULTURAL GALEGO

A análise da figura destes axentes municipais constitúe un elemento capital para a comprensión do desenvolvemento cultural no territorio galego. Estes profesionais son pezas clave para a articulación, deseño e implementación das políticas e servizos culturais nos concellos, actuando como mediadores entre as administracións públicas, os creadores e a cidadanía. A súa labor, frecuentemente invisibilizada e determinante, configura as posibilidades de acceso e participación cultural da poboación galega, especialmente nos ámbitos rurais e semiurbanos onde –en moitos casos– representan o único punto de conexión estable coas dinámicas culturais.

A configuración profesional destes axentes vese atravesada por múltiples dimensións que condicionan a súa labor, revelando fortalezas e eivas do sistema cultural municipal galego. O seu perfil sociodemográfico, a formación académica, o marco institucional no que desenvolven o seu labor, as condicións laborais que experimentan, as funcións que asumen, o recoñecemento que reciben e as perspectivas de futuro constitúen elementos interconectados que debuxan un panorama complexo e heteroxéneo do sector.

A aproximación a esta realidade realízase a partir dunha análise detallada da información recollida nos cuestionarios aplicados a 147 profesionais procedentes de 313 concellos galegos, representando unha taxa de resposta do 46,96%; unha mostra que, aínda que non abrangue a totalidade do universo, proporciona datos fiables para establecer patróns, identificar tendencias e reflexionar sobre as implicacións para o desenvolvemento cultural do territorio. Estes datos radiografían unha profesión que non ten sido suficientemente estudada dende unha perspectiva empírica.

O presente apartado estrutúrase arredor de sete eixos fundamentais. En primeiro lugar, analízase o perfil sociodemográfico dos axentes culturais, identificando patróns xeracionais, desequilibrios de xénero e disparidades territoriais que condicionan o desenvolvemento do sector. A continuación, afóndase na caracterización formativo-académica, para continuar co marco institucional no que se insire o seu labor. Seguidamente, abórdase a caracterización laboral destes profesionais, analizando as condicións contractuais, niveis retributivos e estabilidade no emprego. O quinto eixo céntrase na análise das funcións e competencias que asumen; ademais do recoñecemento profesional que reciben.

Esta estrutura pretende caracterizar unha realidade profesional escasamente estudada, ademais de proporcionar elementos para a reflexión e o debate respecto do papel estratéxico destes axentes no desenvolvemento cultural do territorio galego. As condicións de traballo, a formación, o recoñecemento e as perspectivas de futuro constitúen indicadores do grao de madurez e consolidación das políticas culturais municipais en Galicia, así como dos desafíos pendentes para a construción dun sistema cultural máis cohesionado, profesionalizado e orientado á garantía efectiva dos dereitos culturais da cidadanía galega.

6.2.1 CARACTERIZACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA

A comprensión do persoal municipal dedicado á cultura require coñecer quen son estes profesionais desde unha perspectiva demográfica. O perfil etario, o xénero e a distribución territorial non só mostran a composición actual do sector senón que tamén manifestan tendencias estruturais e retos futuros que condicionan o desenvolvemento das políticas culturais. Por unha banda, a estrutura xeracional evidencia unha madurez na composición etaria, con tres cohortes claramente diferenciadas das distintas etapas de incorporación ao sector.

Mentres que a feminización conforman un patrón que supera amplamente a ratio xeracional observada noutros sectores da administración pública. Finalmente, a distribución xeográfica amosa patróns que revelan desequilibrios destacados entre as diferentes provincias galegas. Estes trazos sociodemográficos non son illados: a idade condiciona a experiencia acumulada nas traxectorias profesionais e sinaliza a necesidade imperante de renovación xeracional e transferencia de coñecemento. O xénero vinculase cos procesos históricos de segregación ocupacional e coa incorporación progresiva das mulleres aos estudos relacionados coa educación e a acción sociocultural. A localización territorial correlaciona directamente coa capacidade institucional de resposta e participación, establecendo un vínculo evidente entre a dotación de persoal especializado e a calidade dos servizos culturais prestados en cada territorio.

O coñecemento destes factores permite comprender mellor as dinámicas que operan no sector e as realidades que enfronta o colectivo profesional; a fin de interpretar as realidades laborais, formativas e funcionais que serán analizadas nos seguintes apartados.


ESTRUTURA ETARIA

A distribución etaria caracterízase por unha media de idade que ronda os 50 anos, cunha desviación estándar de 9,19 anos. O rango de idade dos profesionais abrangue desde os 26 ata os 70 anos no momento de elaborar este texto, unha amplitude que permite identificar tres cohortes xeracionais.

1. A primeira delas, que denominaremos profesionais senior, comprende aos nacidos entre 1954 e 1964 (71 – 61 anos). Este grupo, que representa a xeración con maior experiencia no sector, amosa unha presenza cuantitativamente reducida pero cualitativamente notoria, destacando especialmente os casos únicos de profesionais nacidos nos anos 1954 e 1956, que constitúen os referentes máis veteranos da mostra.
2. A segunda cohorte, conformada polos profesionais de mediana idade nacidos entre 1965 e 1979 (60 – 47 anos), constitúe o núcleo central do persoal que desenvolve funcións culturais nos municipios galegos. Este grupo presenta unha concentración especialmente destacado nos anos 1974 (9 profesionais), 1977 (9 profesionais) e 1978 (10 profesionais). Resulta particularmente relevante que esta xeración, que recibiu a súa formación durante o período de institucionalización das políticas culturais municipais, represente o grupo maioritario, xa que esta circunstancia podería estar condicionando os modelos de intervención cultural predominantes.
3. A terceira cohorte, que comprende aos profesionais máis novos nacidos entre 1980 e 1998 (46 – 27 anos), ten unha presencia menor, con casos únicos nos anos 1984, 1985, 1987, 1989, 1990, 1991, 1993 e 1994. Ademais, o ano 1983 destaca con 7 profesionais, sendo o máis salientable dentro deste grupo. Esta limitada presenza de profesionais novos indica unha posible dificultade na renovación xeracional do sector, unha circunstancia que podería ter importantes implicacións para a súa evolución futura.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 9. Pirámide de idade dos axentes culturais municipais (1954-1998)



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Esta configuración etaria suscita importantes consideracións para o desenvolvemento do sector cultural municipal. En primeiro lugar, a predominancia de profesionais de mediana idade pode implicar unha importante acumulación de experiencia e coñecemento práctico, un capital profesional que resulta crucial preservar. Non obstante, a limitada presenza de profesionais novos, combinada coa próxima xubilación dos profesionais senior, pon de manifesto a urxencia de desenvolver estratexias específicas para garantir a transferencia efectiva deste coñecemento acumulado. Esta distribución etaria tamén desvela importantes desafíos en termos de adaptación tecnolóxica e innovación. A concentración de profesionais nunha franxa de idade madura podería requirir unha atención específica ao desenvolvemento de programas de formación continua.


DISTRIBUCIÓN POR XÉNERO

Os resultados relativos á distribución por xénero revela unha marcada feminización do sector cultural municipal en Galicia. Das 147 respostas, 101 persoas identifícanse como mulleres (68,7%) e 46 como homes (31,3%), establecendo unha proporción aproximada de 2,2 mulleres por cada home. Esta feminización do sector require unha análise pormenorizada das súas causas e implicacións.

Como reflicte o gráfico, a feminización do sector maniféstase de forma contundente, cunha proporción que supera amplamente os patróns observados noutros ámbitos da administración pública.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 10. Distribución por xénero dos axentes culturais municipais



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

A preponderancia feminina no sector podería explicarse a través de diversos factores estruturais interrelacionados. A concentración de mulleres no sector cultural municipal podería interpretarse como un reflexo de patróns máis amplos de segregación ocupacional por xénero na administración pública. Neste senso, a evolución histórica do acceso á formación superior mostra unha incorporación progresiva e maioritaria das mulleres aos estudos vinculados á educación e a acción cultural nas últimas décadas. Esta tendencia formativa podería estar reflectíndose agora na composición do persoal cultural municipal.

DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL

A análise dos datos sobre a distribución territorial revela patróns relevantes que deben interpretarse considerando tanto o número de respostas recibidas como o universo total de concellos en cada provincia. Das 147 respostas recibidas, 64 corresponden á provincia da Coruña (43,54%), 32 a Pontevedra (21,77%), 31 a Lugo (21,09%) e 20 a Ourense (13,61%). Non obstante, estas porcentaxes deben contextualizarse considerando que do universo total de 313 concellos galegos, A Coruña conta con 93 municipios, Ourense con 92, Lugo con 67 e Pontevedra con 61. Deste xeito, as 64 respostas recibidas da Coruña representan un 68,82% dos seus 93 concellos, mentres que as 20 respostas de Ourense só representan un 21,74% dos seus 92 concellos. No caso de Lugo, as 31 respostas supoñen un 46,27% dos seus 67 concellos, e en Pontevedra, as 32 respostas representan un 52,46% dos seus 61 concellos. Isto queda mellor exemplificado na seguinte táboa:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 30. Síntese dos modelos de xestión no contexto do territorio galego

Provincia	Concellos totais	Respostas recibidas	% sobre total de respostas (n=147)	Taxa de resposta (% sobre concellos da provincia)
A Coruña	93	64	43,54%	68,82%
Pontevedra	61	32	21,77%	52,46%
Lugo	67	31	21,09%	46,27%
Ourense	92	20	13,61%	21,74%
Galicia	**313**	**147**	**100,00%**	**46,96%**

Fonte. Elaboración propia.

As provincias onde se estableceu contacto con maior facilidade amosaron unha taxa de participación notablemente superior. Este fenómeno está estreitamente relacionado coa presenza de profesionais especializados en acción cultural nos concellos. Así, aqueles municipios nos cales segundo os datos do mapeado contan con persoal específico dedicado á área cultural rexistraron unha maior colaboración na enquisa. Pola contra, nos concellos onde as funcións culturais son asumidas por outros profesionais ou directamente por cargos políticos, a participación foi considerablemente menor, coincidindo tamén cunha maior dificultade para establecer contacto durante o proceso de mapeado.

6.2.2 CARACTERIZACIÓN FORMATIVO-ACADÉMICA

O coñecemento e as capacidades dos profesionais culturais derivan fundamentalmente da súa traxectoria académica e formativa. A presente caracterización aborda o conxunto de saberes, titulacións e especializacións que posúen estes axentes, estruturando a análise en sete bloques interdependentes que permiten obter unha visión completa das súas competencias académicas.

Un primeiro achegamento ao nivel académico revela que nas últimas décadas consolidouse un sector altamente cualificado, onde predominan as titulacións universitarias, principalmente licenciaturas e diplomaturas. Esta elevada formación académica evidencia unha clara tendencia cara á profesionalización do ámbito cultural municipal. Non obstante, a investigación das áreas de coñecemento revela que os profesionais proveñen predominantemente das Ciencias da Educación e a Pedagoxía, campos que representan un terzo da mostra total. Esta concentración insinúa vínculos históricos entre os ámbitos educativo e cultural na administración local galega, aínda que a propia natureza do traballo cultural maniféstase na diversidade de orixes formativas, desde estudos humanísticos ata ciencias técnicas, pasando polas ciencias sociais e as enxeñerías. Esta pluralidade académica condiciona os modelos de intervención e as capacidades de resposta ante os desafíos culturais contemporáneos. As vías de acceso ao posto revelanse notablemente flexibles, destacando a Animación Sociocultural como campo específico de procedencia, pero tamén incorporando profesionais formados en ámbitos ben diversos.

Por outra banda, a diversidade de perfís de entrada sitúa á formación continua como unha práctica habitual no sector, motivada principalmente pola necesidade de reciclaxe profesional e actualización de competencias. Porén, persisten limitacións na especialización específica en cultura, cunha parte relevante do colectivo que carece de formación especializada recoñecida. As especializacións céntranse principalmente na Xestión Cultural Xeral e a Animación

Sociocultural, identificándose carencias importantes en ámbitos emerxentes como tecnoloxías culturais ou políticas públicas.

Por último, as redes profesionais e as entidades asociativas mostran un papel secundario na configuración formativa do sector, con menos da metade dos profesionais participando nestas estruturas. A integración redúcese principalmente a asociacións culturais locais e provinciais, reflectindo unha vertebración profesional incompleta. Estas dimensións académicas configuran un perfil profesional que combina unha base universitaria sólida con certas carencias na especialización avanzada e na articulación colectiva do coñecemento.


CARACTERIZACIÓN DO NIVEL ACADÉMICO

A análise do nivel formativo revela un perfil profesional caracterizado por unha alta cualificación académica, onde o 84,0% dos 147 profesionais posúen estudos universitarios. As licenciaturas ou titulacións equivalentes representan o grupo maioritario, cun 34,0% (50 profesionais), seguidas polas diplomaturas universitarias, que constitúen o 30,6% da mostra (45 profesionais). Esta sustancial presenza de titulados universitarios propón unha clara orientación cara á profesionalización do sector. Un resultado salientable é a presenza dun 10,2% de profesionais (15 persoas) que posúen formación de mestrado universitario, unha porcentaxe que iguala á de titulados en formación profesional superior. Esta dobre vía de acceso á profesión, xa sexa a través tanto da formación universitaria como da formación profesional superior (non universitaria), indica a existencia de diferentes itinerarios formativos que conducen ao desenvolvemento profesional no ámbito da cultura municipal. A presenza de titulados en graos universitarios, que representa un 8,2% (12 profesionais), debe analizarse considerando o contexto temporal da implementación do Plan Bolonia (proceso iniciado en 1999 coa súa declaración) e a relativamente recente incorporación destes titulados ao mercado laboral. Esta circunstancia podería explicar parcialmente a súa menor representación en comparación coas licenciaturas e diplomaturas tradicionais. Por outra banda, existe un grupo reducido de profesionais con doutoramento (2,0%, 3 persoas) o que evidencia a presenza dun segmento altamente especializado dentro do sector. Por outra parte, a presenza dun 4,8% de profesionais (7 persoas) con formación en bacharelato ou equivalente indica a persistencia de vías de acceso non universitarias ao sector, aínda que de forma minoritaria.

O perfil formativo do sector, representado graficamente a continuación, confirma o alto grao de cualificación académica que caracteriza aos profesionais da cultura municipal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 11. Nivel máximo de formación académica acadado



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.


CARACTERIZACIÓN DISCIPLINAR DO SECTOR

Os resultados caracterízanse pola diversidade disciplinar, aínda que cunha clara predominancia dos estudos das Ciencias da Educación e a Pedagoxía, que representan un 32,7% da mostra (48 profesionais). Esta considerable presenza de titulados en ámbitos educativos podería explicarse por varios factores: a tradicional vinculación entre os ámbitos cultural e educativo na administración local, a orientación cara á mediación e dinamización sociocultural que caracteriza moitas das intervencións culturais municipais, e a posible maior accesibilidade destes perfís profesionais aos postos relacionados coa acción cultural municipal.

A diversidade disciplinar que nutre o sector cultural municipal visualízase na seguinte distribución, onde destaca o peso das Ciencias da Educación xunto cunha notable heteroxeneidade formativa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 12. Nivel de titulación académica máis alto das persoas participantes



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Os estudos das áreas de Economía, Empresa e Turismo emerxen como o segundo grupo máis notorio, con 11 profesionais (7,5% da mostra), seguidas de cerca polas titulacións en Dereito e Ciencias Xurídicas, e Filoloxía, Estudos Clásicos e Lingüística, ambas con 10 profesionais cada unha (6,8%). Esta distribución alude a unha importante presenza de perfís vinculados á xestión e á planificación, así como ao ámbito lingüístico, este último posiblemente relacionado coa relevancia da normalización lingüística no contexto cultural galego. O ámbito das Humanidades, representado por 8 profesionais (5,4%), e as Ciencias do Comportamento e Psicoloxía, con 7 profesionais (4,8%), completan o resto de ámbitos disciplinares máis representativos. Nos resultados tamén identifícanse outras áreas de formación no sector: Historia da Arte e Expresión Artística (3,4%,5 profesionais), Comunicación e Información (2,7%, 4 profesionais), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (2,0%, 3 profesionais), Enxeñarías (Civil, Industrial, Informática) e Ciencias Experimentais (4,8%, 7 profesionais); Animación Sociocultural, Tempo Libre e Información Xuvenil (2,7%, 4 profesionais), e Ciencias Agrarias e Tecnoloxía dos Alimentos (2,0%, 3 profesionais). Por último, merece especial atención a presenza de 6 profesionais (4,1%) con formación específica en Industrias Culturais e Creativas, unha área directamente vinculada ao sector cultural. Non obstante, cómpre indicar que un 10,9% da mostra (16 profesionais) corresponde a "Outros Estudos e/ou

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Respostas Non Clasificadas", o que expresa unha certa heteroxeneidade non capturada polas categorías principais establecidas.

FORMACIÓN DE ACCESO AO POSTO


É salientable que nos resultados sobre a formación que posibilitou o acceso ao posto de traballo (Figura 13) 57 casos (38,8%) corresponden a "Outros Estudos e/ou Respostas Non Clasificadas", mencionados previamente, o que evidencia unha importante diversidade nas vías de acceso ao sector que transcende as categorías formativas tradicionais.

As Ciencias da Educación e Pedagoxía manteñen unha presenza notoria como vía de acceso, con 37 casos (25,2%), aínda que nunha proporción menor á súa presenza no nivel formativo xeral. Esta diferenza podería indicar que, aínda que moitos profesionais posúen formación educativa, non sempre foi esta a titulación que lles permitiu acceder ao posto. No que respecta ás demais vías de acceso, destaca especialmente a Animación Sociocultural, Tempo Libre e Información Xuvenil como terceira opción máis común, con 10 casos (6,8%). Esta é seguida por Economía, Empresa e Turismo, que representa 7 casos (4,8%), Filoloxía, Estudos Clásicos e Lingüística con 6 casos (4,1%), e Dereito e Ciencias Xurídicas, que suma 5 casos (3,4%). Entre outras áreas formativas que serviron como vía de acceso ao sector, atópanse as Humanidades e Comunicación e Información, ambas con 4 casos cada unha (2,7%). As Ciencias da Actividade Física e do Deporte, así como a Enxeñaría Civil e Arquitectura, completan con 3 casos cada unha (2,0%). Evidénciase así unha diversidade de perfís formativos que encontran cabida no sector cultural municipal, unha notable flexibilidade nos criterios de acceso aos postos de traballo e unha valoración de competencias e coñecementos procedentes de diversos campos formativos.

A flexibilidade nas vías formativas de acceso ao sector cultural municipal queda patente na seguinte distribución, onde destaca tanto a diversidade de titulacións como a elevada presenza de percorridos formativos non convencionais, reflectidos na categoría de 'outros estudos'.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 13. Titulacións que facilitaron o acceso ao posto de traballo actual



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.


NECESIDADES FORMATIVAS

No referente á participación en actividades formativas, os datos amosan que o 67,3% dos profesionais (99 persoas) denotan estar actualmente implicados en procesos de formación relacionados co ámbito cultural, mentres que o 32,7% (48 persoas) non participa en actividades formativas. Entre aqueles que afirmaron participar neste tipo de actividades, a maioría (concretamente 72) destacan como principal motivación a necesidade de reciclaxe profesional e actualización de coñecementos, mentres que 30 profesionais indican que a súa principal motivación é o interese persoal e a ampliación de coñecementos. Esta elevada participación en actividades formativas continuas evidencia tanto un recoñecemento das necesidades de especialización como un compromiso co desenvolvemento profesional no sector. Pola contra, os profesionais que non participan en actividades formativas declararon razóns variadas como a falta de tempo, especialmente entre aqueles que desenvolven funcións culturais de forma complementaria a outras responsabilidades.

O compromiso co desenvolvemento profesional continuo maniféstase nos seguintes datos, onde dous de cada tres profesionais manteñen unha implicación activa en procesos formativos, evidenciando tanto a necesidade de actualización constante como o interese persoal por mellorar as súas competencias.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 14. Participación actual en actividades de formación continua



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Outros mencionan que o seu posto de traballo principal non está directamente vinculado á xestión cultural o que reduce a súa motivación para a formación específica neste ámbito. Ademais, un grupo próximo á xubilación manifestaron menor predisposición a involucrarse en novos procesos formativos.


FORMACIÓN CONTINUA E NIVEL DE ESPECIALIZACIÓN

Seguindo coa análise sobre formación do sector, nos resultados atópase que o 59,9% dos profesionais (88 persoas) indica non posuír ningunha especialización recoñecida no eido da cultura, mentres que un 40,1% (59 persoas) conta con algún tipo de especialización. Esta ausencia de especialización nunha ampla porcentaxe dos casos debe interpretarse considerando múltiples factores estruturais, entre os que destaca a limitada oferta formativa específica no ámbito da acción cultural, especialmente no contexto galego onde son reducidas. Esta circunstancia podería estar forzando aos profesionais a buscar alternativas formativas noutros territorios ou a depender en maior medida da experiencia práctica como vía de especialización.

A paradoxa entre alta cualificación académica e baixa especialización específica no sector visualízase de forma contundente na seguinte representación, onde case seis de cada dez profesionais carecen de especialización formal recoñecida no eido cultural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 15. Presenza de especialización recoñecida no ámbito cultural



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Ademais, os resultados indican unha posible falta de incentivos institucionais, unha circunstancia que podería estar relacionada coa ausencia de requisitos específicos para o acceso a este posto de traballo. Non obstante, os datos amosan unha destacable implicación dos profesionais en procesos de formación continua, cunha participación do 67,3% (99 persoas) en actividades formativas relacionadas co ámbito cultural. Esta taxa de participación contrasta co 32,6% (48 persoas) que non desenvolve actualmente actividades de formación.

En canto ás motivacións para a formación continua, existe unha clara priorización da reciclaxe profesional e a actualización de coñecementos, que foi apuntada por 72 profesionais (48,9%); revelando un recoñecemento da necesidade de adaptación a un sector caracterizado por constantes transformacións nas prácticas e nas demandas sociais que deben atender. O interese persoal e a ampliación de coñecementos constitúen a segunda motivación (20,4%), suxerindo un compromiso profesional que transcende as esixencias puramente laborais.

Por outra banda, identifícanse barreiras que condicionan o acceso á formación continua. A falta de tempo e as dificultades de conciliación –mencionadas por 21 profesionais (14,3%)– constitúen os principais obstáculos. A estas limitacións súmanse outros factores como a ausencia dunha oferta formativa adecuada ou a proximidade á xubilación, que complican o desenvolvemento profesional.

Esta realidade dual, caracterizada por unha baixa especialización inicial pero un alto compromiso coa formación continua, reforza a idea da necesidade de desenvolver estratexias específicas para fortalecer a profesionalización do sector nas que deberían considerarse tanto a mellora das opcións de formación inicial como o reforzo dos programas de formación continua, adaptándoos ás necesidades e restricións identificadas polos participantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ESPECIALIZACIÓNS ESPECÍFICAS

No referente á formación específica previa, a Xestión Cultural Xeral é a área de especialización predominante, con 18 profesionais (12,2%); unha porcentaxe que pode interpretarse como unha resposta á deriva dos postos da cultura municipal cara a unha vertente de xestión nos últimos anos. A Animación Sociocultural constitúe a segunda especialización máis frecuente (9,5%), seguida polos Servizos e Industrias Culturais (6,8%), o Patrimonio Cultural e a Museoloxía (3,4%), e a Educación e Mediación Cultural (2,7%), completan as áreas de especialización máis frecuentes. Cabe destacar a presenza minoritaria pero constante de especializacións en ámbitos como o Tempo Libre e a Información Xuvenil (1,3%) ou a Biblioteconomía e Documentación (1,3%).

Outro aspecto intereante é a identificación de profesionais que acumulan múltiples especializacións, existindo un 5,4% dos casos con varias especializacións complementarias, combinando áreas como: a Xestión Cultural Xeral cos Servizos e Industrias Culturais; a Educación e Mediación Cultural coa Xestión Cultural Xeral; a Xestión Cultural Xeral, o Patrimonio Cultural e Museoloxía, e as Políticas Culturais; ou a Educación e Mediación Cultural, a Xestión Cultural Xeral, o Patrimonio Cultural e Museoloxía. Por último, salienta a ausencia total de especializacións en determinados ámbitos emerxentes como as Tecnoloxías Aplicadas á Cultura e as Políticas Culturais. Esta circunstancia apunta a posibles carencias formativas en áreas de crecente relevancia para este sector e podería estar limitando a capacidade de innovación e adaptación ás novas demandas e realidades culturais.

PARTICIPACIÓN EN REDES E ENTIDADES PROFESIONAIS

Os resultados sobre participación en redes e entidades profesionais permiten comprender o nivel de articulación e cohesión profesional existente. Nun primeiro achegamento, o 53,7% dos profesionais non mantén vinculación con ningunha entidade ou rede profesional relacionada co sector cultural, mentres que o 46,2% participa activamente nalgunha organización. Estos resultados propoñen a existencia de desafíos na articulación profesional do sector, aínda que tamén espella unha considerable base de profesionais comprometidos coa creación de redes.

No referente as modalidades de participación existe unha diversidade importante nos espazos de vinculación profesional, sendo as asociacións culturais de ámbito local, provincial e autonómico un espazo de participación predominante (9,5%). Esta preferencia polas asociacións culturais indican unha orientación cara a espazos que combinan a dimensión profesional coa vinculación ao territorio e á comunidade. As asociacións profesionais específicas do ámbito cultural constitúen o segundo espazo de participación máis relevante (8,8%) o que retrata a existencia dun núcleo de traballadores comprometidos coa profesionalización e o desenvolvemento do sector cultural. Os colexios profesionais (8,1%) completan os espazos de vinculación de presenza e evidencia a importancia das estruturas de regulación e representación profesional tradicionais, aínda que cunha incidencia limitada neste sector (16,6%).

Outro aspecto particularmente interesante é a participación múltiple; xa que 16 profesionais afirman participar simultaneamente en dúas entidades diferentes, un caso con presenza en tres organizacións e un caso excepcional de vinculación con catro entidades diferentes. Esta multipresenza alude á existencia dun núcleo de profesionais altamente comprometidos co desenvolvemento e articulación do sector. Unha estrutura de participación que abrangue diferentes niveis territoriais e ámbitos de actuación, sendo a Asociación Galega de Profesionais

da Xestión Cultural (AGPXC) unha referencia básica no sector, mentres que organizacións como o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) representa un espazo complementario de articulación profesional.

As redes institucionais, a nivel provincial como autonómico, constitúen outro elemento destacado na articulación do sector. A presenza de redes vinculadas ás Deputacións Provinciais, á Xunta de Galicia e a ámbitos específicos como as bibliotecas e museos, reflicte a importancia das estruturas institucionais na vertebración profesional do sector cultural. Mentres que no ámbito local, a participación maniféstase a través da vinculación con asociacións culturais municipais, grupos artísticos e entidades dedicadas á xestión do patrimonio. Esta dimensión local da participación pon en valor a importancia da conexión co territorio e coa comunidade inmediata no desenvolvemento profesional do sector cultural municipal.

IMPLICACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

A análise dos datos sobre o perfil formativo-académico dos participantes visibiliza implicacións para o desenvolvemento futuro do sector. En primeiro lugar, o elevado nivel de cualificación xeral alude á existencia dunha base sólida para o desenvolvemento profesional, mentres que a presenza dunha dobre vía de acceso, tanto universitaria como de formación profesional superior, implica a necesidade de deseñar estratexias de desenvolvemento que contemplen e potencien ambas modalidades formativas.

A predominancia das Ciencias da Educación e a Pedagoxía, xunto coa notable presenza de titulacións non específicas do ámbito cultural, apunta a necesidade de fortalecer os programas de formación especializada dentro desas titulacións, especialmente considerando que moitos dos profesionais acceden ao sector desde ámbitos formativos diversos; o que podería afectar á definición das competencias profesionais coma ao desenvolvemento de programas culturais especializados.

En canto á formación de acceso ao posto actual revela unha notable flexibilidade nas vías de entrada ao sector, o que implica a necesidade de establecer criterios máis homoxéneos e estandarizados para a selección de persoal. A alta presenza de "outros estudos" como vía de acceso indica a urxencia de definir perfís profesionais máis específicos para o sector cultural municipal.

Pola súa banda, o alto índice de participación en actividades de formación continua, motivado principalmente pola reciclaxe profesional e o interese persoal, indica a importancia de fortalecer e estruturar mellor a oferta formativa. As limitacións identificadas, como a falta de tempo ou a incompatibilidade con outras responsabilidades, indican a oportunidade de deseñar programas formativos máis flexibles e adaptados ás circunstancias laborais do sector. Por outro lado, a baixa presenza de profesionais con especialización específica no ámbito cultural apunta á necesidade de desenvolver unha oferta formativa especializada máis ampla e accesible. Esta carencia, vinculada á limitada oferta formativa específica e á falta de incentivos institucionais, podería condicionar o desenvolvemento profesional do profesionais do sector cultural municipal. A distribución actual das especializacións, con predominio da xestión cultural xeral e a animación sociocultural, xunto coa ausencia de especializacións en ámbitos emerxentes como as tecnoloxías aplicadas á cultura ou as políticas culturais, remarca a necesaria actualización dos programas formativos ao que se suma a importancia de deseñar itinerarios formativos que faciliten a progresión e complementariedade na adquisición de competencias debido á presenza de profesionais con múltiples especializacións.

Por último, a limitada participación en redes e entidades profesionais, destacando as asociacións culturais, os colexios profesionais e as redes institucionais, salientan a esixencia do fortalecemento dos mecanismos de articulación do sector. Esta debilidade nas estruturas de cooperación profesional podería estar reducindo as posibilidades de intercambio de experiencias e boas prácticas, así como a capacidade de incidencia colectiva no desenvolvemento do sector cultural municipal.

6.2.3 CARACTERIZACIÓN DO MARCO INSTITUCIONAL

O desenvolvemento da acción cultural municipal responde a marcos organizativos e políticos específicos que determinan as súas potencialidades e limitacións. A configuración institucional varía segundo cada contexto, reflectindo diferentes concepcións sobre o papel da cultura na administración local, evidenciando a complexidade das estruturas nas que operan os profesionais do sector.

A distribución das forzas políticas que gobernan os municipios galegos é a seguinte: o Partido Popular ocupa unha posición predominante, seguido polo Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego. Esta distribución se complementa coa presenza de formacións locais e gobernos de coalición, que incide directamente nos modelos de xestión cultural implementados en cada territorio. A configuración política non só determina as prioridades institucionais senón que tamén condiciona as capacidades de actuación e os recursos dispoñibles para o desenvolvemento cultural. Así, as estruturas organizativas adoptan múltiples formas que representan diferentes aproximacións á xestión cultural. Os modelos identificados van desde concellarías específicas dedicadas exclusivamente á cultura ata fórmulas de xestión directa desde a alcaldía, pasando por múltiples configuracións que integran a cultura con outras áreas como educación, turismo, xuventude ou servizos sociais. Esta diversidade tradúcese en distintas prioridades institucionais e revela diferentes graos de autonomía e especialización. Isto incide en que os cambios políticos incidan claramente na acción cultural municipal, un factor recoñecido pola maioría dos profesionais que destaca a influencia das alternativas de poder nos modelos de xestión e as prioridades programáticas. As administracións supramunicipais exercen unha influencia decisiva, fundamentalmente a través do financiamento e do condicionamento programático, establecendo unha relación de dependencia que limita a autonomía municipal pero que tamén proporciona recursos imprescindibles para o desenvolvemento cultural.

Dende unha perspectiva de xénero, o carácter feminizado que caracteriza o sector técnico repítese tamén na representación política da cultura, onde as mulleres ocupan unha proporción superior. Esta tendencia ilustra posibles procesos de especialización de xénero nas responsabilidades públicas relacionadas coa educación e a cultura. As estruturas organizativas experimentaron unha evolución substancial nos últimos anos, con procesos de especialización, simplificación das denominacións e ampliación de competencias que indican unha progresiva profesionalización e institucionalización da acción cultural.

Pola súa banda, os equipamentos culturais seguen dous patróns principais na súa organización: parte dos profesionais desenvolve a súa actividade principalmente nun equipamento específico, mentres que unha proporción maior dos concellos opta pola descentralización territorial da oferta cultural. Esta configuración espacial reflicte estratexias diferenciadas de proximidade á cidadanía e adaptación ás características específicas de cada territorio. O marco institucional configura así un escenario de múltiples tensións entre

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

autonomía local e dependencias administrativas, entre especialización e transversalidade, e entre estabilidade estrutural e adaptabilidade ás demandas sociais.


O MARCO POLÍTICO-ADMINISTRATIVO

O Partido Popular emerxe como a forza política predominante, gobernando en 63 concellos (42,9%). Esta presenza maioritaria debe interpretarse considerando que estas 63 respostas representan diferentes porcentaxes do total de concellos gobernados por esta formación en cada provincia, unha circunstancia que require unha análise contextualizada das políticas culturais desenvolvidas por esta formación política. O Partido Socialista de Galicia constitúe a segunda forza política máis representada, con presenza en 40 concellos (27,9%). Esto suxire a existencia de diferentes modelos de xestión cultural que poderían estar influenciados polas distintas orientacións políticas. A análise dos datos revela que a aproximación socialista á xestión cultural podería presentar características distintivas que merecen unha investigación máis detallada, especialmente no relativo á estruturación dos servizos culturais e á orientación das políticas culturais municipais. O Bloque Nacionalista Galego, presente no goberno de 15 concellos (10,2%), completa a representación das principais forzas políticas. Por último, existen concellos gobernados por coalicións e formacións políticas locais. Identifícanse 9 concellos (6,1%) gobernados por partidos específicos do municipio ou plataformas veciñais, unha realidade que salienta a importancia das dinámicas locais na configuración das políticas culturais. Esta presenza de formacións locais podería favorecer aproximacións máis adaptadas ás necesidades e características específicas de cada territorio, introducindo elementos de innovación na xestión cultural municipal. En 17 concellos (11,6%) identifícanse equipos de goberno en coalición, o que supón unha complexidade adicional na articulación das políticas culturais. Da análise dos datos extráense as diferentes coalicións: en 6 concellos (4,1%) goberna o BNG e o PSOE, en 5 (3,4%) establécese unha coalición tripartita entre BNG-PSOE e formacións locais, e existen tamén diversos casos de coalicións bilaterais que inclúen ao PP con diferentes formacións independentes ou locais (Figura 16).

O mapa político dos concellos participantes no estudo reflíctese na seguinte distribución, onde se observa a predominancia do Partido Popular xunto cunha notable presenza de gobernos de coalición que introducen complexidade adicional na xestión das políticas culturais municipais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 16 Forza política gobernante nos concellos analizados



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS DA ACCIÓN CULTURAL

En termos globais, 36 concellos (24,5%) contan cunha concellaría específica de Cultura, mostrando unha aposta clara pola especialización na xestión cultural. Esta configuración organizativa podería facilitar un maior desenvolvemento de programas específicos e unha xestión máis profesionalizada do ámbito cultural. Por outra parte, 29 concellos (19,7%) xestionan a cultura directamente desde a Alcaldía, o que podería indicar certa priorización da acción cultural ante unha posible falta de recursos para establecer estruturas específicas. Tamén existe unha tendencia á xestión integrada da cultura con outras áreas municipais. A combinación máis frecuente é a de Cultura con Educación, presente en 30 concellos (20,4%), suxerindo unha comprensión da cultura como elemento formativo e transformador. A integración con Turismo, presente en 22 concellos (14,9%), podería estar relacionada cunha orientación cara á proxección exterior e o desenvolvemento económico, mentres que a combinación con Deportes, identificada en 20 concellos (13,61%), indica unha aproximación ao desenvolvemento integral da comunidade.

No que se refire á integración de áreas emerxentes, atópanse áreas como Xuventude (19 concellos, 12,9%) ou Patrimonio (6 concellos, 4,1%) destacando aproximacións á dinamización social e á preservación cultural. Igualmente aparecen estruturas organizativas complexas que integran múltiples áreas, unha realidade que se manifesta en diferentes niveis de complexidade:

un primeiro nivel identifícase nos 22 concellos que combinan dúas áreas diferentes coa cultura, unha configuración que plantexa a idea da busca de sinerxías entre ámbitos complementarios; un segundo nivel maniféstase nos concellos (15) que integran tres áreas; mentres que un terceiro nivel de complexidade organizativa aparece en 4 concellos que xestionan catro áreas conxuntamente. A existencia de casos que integran ata cinco ou seis áreas diferentes nunha mesma concellaría representa modelos altamente complexos de xestión integrada.


REPRESENTACIÓN DE XÉNERO NA XESTIÓN POLÍTICA DA CULTURA

A análise da distribución por xénero entre as persoas responsables das políticas da acción cultural municipal demandan unha atención específica. Así, 85 concellos (57,8%) contan cunha muller como responsable política da área de cultura, mentres que 56 concellos (38,1%) teñen un home. Esta distribución por xénero denota unha feminización da acción política da cultura, revelando casos particulares que introducen matices nesta distribución: existen situacións onde a responsabilidade é compartida entre varios cargos de diferente xénero, así como tamén nun caso hai unha muller e dous homes exercendo responsabilidades compartidas ou outro caso no que a responsabilidade cultural se produce nunha distribución complexa de responsabilidades entre unha concellaría de cultura e outra de turismo e promoción cultural. Unha diversidade na distribución das responsabilidades que apunta á existencia de diferentes modelos de xestión que adaptan as estruturas organizativas ás necesidades e recursos específicos de cada contexto municipal. Esta realidade apunta á existencia de modelos de xestión política complexos e colaborativos que transcenden a simple asignación individual de competencias, e que supón un 4,08% dos casos.

A feminización observada no nivel técnico reprodúcese no ámbito da responsabilidade política cultural, como evidencia a seguinte representación onde as mulleres ocupan case seis de cada dez postos de responsabilidade política na área, invertendo os patróns tradicionais de representación política.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 17. Distribución por xénero das persoas responsables políticas da cultura



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

En relación coa feminización observada podería interpretarse como o resultado de diferentes factores estruturais. En primeiro lugar, a evolución histórica do acceso das mulleres a cargos de responsabilidade política, ao ser un ámbito especialmente receptivo. En segundo lugar, de igual xeito que acontecía coas axentes que desenvolven funcións, a preponderancia feminina no sector podería explicarse a través de diversos factores estruturais interrelacionados como a segregación ocupacional por xénero na administración pública ou a distribución por xénero identificada entre o persoal técnico do sector, onde a presenza feminina alcanza o 68,7%. Esta dobre feminización, tanto no nivel técnico como no político, visibiliza a existencia de dinámicas específicas de xénero no ámbito da acción cultural municipal que merecen unha análise en profundidade.

Os patróns de distribución por xénero revela tamén diferenzas no que respecta ao tamaño dos municipios e á súa localización territorial. Os datos suxiren unha maior presenza de mulleres en concellos de tamaño medio, mentres que nos municipios de maior dimensión a distribución tende a ser máis equilibrada. Esta variación podería estar relacionada con diferentes factores como: a estrutura das organizacións políticas locais e os seus procesos de distribución de responsabilidades ou a asignación das responsabilidades culturais que tenden a favorecer a presenza feminina neste ámbito.

EVOLUCIÓN DAS ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS

A evolución histórica das estruturas organizativas responsables da acción cultural nos municipios galegos permite observar tendencias de transformación institucional que permiten comprender mellor as dinámicas de cambio no sector. O estudo das denominacións previas das concellarías proporciona unha perspectiva diacrónica valiosa para entender os procesos de transformación das estruturas administrativas culturais. Identificáronse tres grandes procesos de transformación organizativa que se expresan con diferentes intensidades segundo os contextos territoriais e institucionais:

En primeiro lugar, identifícase unha tendencia cara á especialización e simplificación das denominacións, onde concellarías que anteriormente integraban múltiples áreas evolucionaron

cara a denominacións máis específicas e focalizadas no ámbito cultural. Esta transformación das estruturas nominais maniféstase na evolución desde denominacións complexas como "Cultura, Educación, Deportes e Xuventude" cara a designacións máis específicas como "Concellaría de Cultura". Esta tendencia cara á especialización constitúe un indicador de maduración institucional que mostra unha crecente comprensión da especificidade e complexidade da xestión cultural. Por outro lado, indica un progresivo recoñecemento da necesidade de estruturas administrativas máis especializadas e profesionalizadas para o desenvolvemento efectivo das políticas culturais municipais.

En segundo lugar, obsérvase un proceso de ampliación de competencias, onde as concellarías de cultura incorporaron progresivamente novas áreas de actuación, que se manifesta na integración de ámbitos emerxentes como a normalización lingüística, as novas tecnoloxías, a dinamización sociocultural ou as políticas de memoria. A incorporación destas novas dimensións representa unha comprensión cada vez máis complexa do papel da cultura no desenvolvemento local, influíndo nas características dos municipios. Así, nos concellos de maior tamaño, a ampliación competencial recoñécese na incorporación de áreas emerxentes e innovadoras, mentres que nos municipios de menor tamaño a ampliación tende a orientarse cara á integración de áreas máis tradicionais como educación, deportes ou turismo.

En terceiro lugar, existen elementos transformativos relacionados coa organización administrativa das áreas culturais. Os resultados revelan procesos simultáneos de integración e segregación de competencias que responden a diferentes lóxicas organizativas. En determinados contextos, identifícanse procesos onde áreas anteriormente independentes fusionáronse baixo unha mesma dirección política como se observa na vinculación da cultura con áreas como educación (26,5%), deportes (20,4%) ou turismo (14,9%). Paralelamente, identifícanse procesos de segregación onde áreas anteriormente unificadas experimentaron unha separación administrativa como nos ámbitos de normalización lingüística, bibliotecas ou xestión do patrimonio que –en moitos casos– evolucionaron cara a estruturas administrativas específicas. Esta dinámica de segregación podería interpretarse como un reflexo da crecente complexidade e especialización da xestión cultural municipal.

Por último, cabe salientar que os cambios nas denominacións apunta tamén á emerxencia de novas áreas de vinculación que expresan as transformacións nas prioridades da xestión cultural municipal. Resulta de interés a incorporación de ámbitos como a normalización lingüística (3,4%), o desenvolvemento local e o asociacionismo (4,7%), a igualdade e as políticas de xénero (2,0%) ou as tecnoloxías e a comunicación (2,7%). Esta progresiva complexización do mapa competencial maniféstase tamén na identificación de estruturas organizativas que integran múltiples áreas de actuación con concellarías que combinan ata cinco ou seis áreas diferentes. Unha realidade que propoñen a emerxencia de modelos de xestión integral do desenvolvemento sociocultural a nivel local. Do mesmo xeito que na ampliación competencial, a evolución das estruturas organizativas difire en función do tamaño dos concellos, sendo os de maior tamaño os que mais se orientan cara á especialización e a creación de estruturas administrativas diferenciadas, mentres que os de menor tamaño adoitan integrar as áreas, posiblemente como resposta á necesidade de optimizar recursos limitados.


IMPACTO DOS CAMBIOS POLÍTICOS NA ACCIÓN CULTURAL

Os resultados apuntan a un alto grao de influencia das transformacións políticas sobre as dinámicas culturais locais, xa que 99 profesionais (67,4%) afirman estar total ou parcialmente de acordo con que os cambios no goberno municipal condicionan a área de cultura, mentres que

48 profesionais (32,7%) expresan algún grao de desacordo con esta afirmación. Máis concretamente, o 27,9% exhiben estar totalmente, mentres que o 39,5% expresan un acordo parcial, unha posición que podería indicar unha percepción máis crítica da influencia política, onde esta se denota en aspectos específicos pero non condiciona totalmente o desenvolvemento da acción cultural. No extremo oposto o 21,1% mostran un desacordo parcial e o 11,6% expresan un desacordo total. Esta resistencia á influencia política podería interpretarse como un indicador de profesionalización e autonomía técnica en determinados contextos municipais, onde as estruturas administrativas e profesionais actúan como elementos de estabilización fronte ás transformacións políticas.

A percepción dos profesionais sobre esta influencia política distribúese de forma heteroxénea, como ilustra o seguinte gráfico.

Figura 18. Impacto percibido dos cambios políticos na xestión cultural



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Noutra orde, os resultados da análise cualitativa permiten afondar nos ámbitos nos que se revela o impacto dos cambios políticos. Un primeiro ámbito relaciónase coas prioridades e enfoques culturais, onde os cambios de goberno poden implicar transformacións substanciais na orientación das políticas culturais, impactando tanto na definición dos obxectivos estratéxicos como na selección de programas e actividades específicas, o que afecta directamente ao contido e á orientación da programación cultural municipal. Un segundo ámbito relaciónase coa asignación e xestión dos recursos de xeito que estes cambios poden traducirse en modificacións substanciais tanto nos recursos económicos como humanos destinados á área cultural. Isto inflúe non só no volume total de recursos asignados, senón tamén nos criterios de distribución e nas prioridades de investimento, afectando directamente á súa capacidade operativa.

A complexidade desta influencia política maniféstase en diferentes graos e modalidades, como se pode apreciar na seguinte representación que complementa a análise cualitativa dos ámbitos de impacto identificados

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 19. Distribución das modalidades de influencia política na cultura municipal



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Os cambios na estrutura organizativa emerxen como un terceiro ámbito. As alternancias no goberno municipal implican reorganizacións administrativas que afectan tanto á posición da cultura no organigrama municipal como ás súas relacións con outras áreas de xestión, manifestándose na reconfiguración das concellarías, na redistribución de competencias e na modificación das relacións interdepartamentais. Por último, o cuarto ámbito de influencia relaciónase co grao de autonomía técnica na xestión cultural: a autonomía na definición e desenvolvemento de programas, a capacidade para establecer colaboracións externas, ou a liberdade para desenvolver iniciativas innovadoras emerxen como áreas especialmente sensibles á influencia política.

Existen outros factores que modulan a intensidade do impacto político, como o tamaño do municipio, observándose unha maior estabilidade nos concellos de maior tamaño fronte aos cambios políticos. Esta resistencia podería estar relacionada coa existencia de estruturas técnicas máis consolidadas e cunha maior tradición na xestión cultural profesionalizada. O grao de profesionalización do sector emerxe tamén como un factor determinante na minimización do impacto político. A presenza de estruturas técnicas consolidadas e de persoal especializado actúa como un elemento de estabilización, favorecendo a continuidade dos programas e a preservación do coñecemento acumulado. En contraste, a ausencia de persoal técnico específico incrementa a vulnerabilidade da acción cultural fronte ás alternancias políticas. Finalmente, a tradición cultural local constitúe un terceiro factor modulador, nos municipios con unha programación cultural consolidada e unha forte identidade cultural, os cambios políticos tenden a ter un impacto máis limitado, preservándose en maior medida as liñas de actuación establecidas. Pola contra, a ausencia dunha tradición cultural sólida facilita transformacións máis radicais nas políticas culturais municipais tras os cambios de goberno.

INFLUENCIA DAS ADMINISTRACIÓNS SUPRAMUNICIPAIS


No referente á influencia que exercen as administracións supramunicipais, os resultados mostran unha percepción maioritaria de condicionamento por parte das administracións superiores (Figura 20). Concretamente, o 47,6% dos participantes decláranse totalmente de acordo con que as administracións públicas superiores condicionan substancialmente o

exercicio da súa labor, mentres que o 29,3% adicionais manifestan un acordo parcial. En conxunto, isto representa o 76,9% dos profesionais que perciben algún grado de condicionamento.

Este resultado apunta á existencia de fortes vínculos de dependencia institucional no desenvolvemento da acción cultural municipal. O resto dos participantes sinalan estar en desacordo con esta afirmación: 25 participantes (17,0%) expresan un desacordo parcial, e 9 (6,1%) un desacordo total. Esta resistencia á influencia supramunicipal podería interpretarse como un indicador de autonomía local na acción cultural, posiblemente vinculada a unha maior capacidade de autofinanciamento ou á existencia de estruturas culturais máis consolidadas.

O seguinte gráfico ilustra esta dependencia institucional, revelando como case cinco de cada dez profesionais perciben un condicionamento substancial das administracións superiores, e case oito de cada dez perciben algún grado de condicionamento no desenvolvemento do seu traballo.

Figura 20. Percepción sobre a influencia das administracións supramunicipais



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Os resultados das preguntas cualitativas permite identificar diferentes dimensións nas que se desprega esta influencia.

O condicionante económico-financeiro emerxe como o factor máis relevante, mencionado por 94 profesionais (63,9%), evidenciándose a través de múltiples mecanismos de financiamento como os sistemas de subvencións e axudas que constitúen a principal ferramenta de influencia, establecendo non só o volume de recursos dispoñibles senón tamén as prioridades e orientacións da programación cultural. Os programas de cofinanciamento é outro mecanismo de intervención económica, establecendo marcos de colaboración que implican compromisos específicos por parte dos concellos. Esta modalidade de financiamento, aínda que favorece o desenvolvemento de programas culturais, introduce tamén condicionantes na autonomía municipal para definir as súas propias prioridades culturais. Por último, o investimento en infraestruturas constitúe unha terceira vía de incidencia económica. A capacidade das

administracións supramunicipais para financiar a construción, reforma ou equipamento de espazos culturais determina as posibilidades de desenvolvemento cultural dos municipios. Esta dependencia exprésase non só na fase inicial de investimento, senón tamén no mantemento e xestión posterior das infraestruturas, podendo condicionar as posibilidades de desenvolvemento cultural dos municipios a longo prazo

Por outra banda, a determinación da programación cultural, identificada por 49 profesionais (33,3%), xurde como unha segunda dimensión primordial da influencia supramunicipal, reflexándose a través da definición de liñas programáticas prioritarias que condicionan as opcións de desenvolvemento cultural dos municipios. Os criterios de selección establecidos polas administracións superiores actúan como elementos orientadores da programación local, influíndo tanto na selección de actividades como na súa orientación e desenvolvemento. O estabelecemento de procedementos específicos, a definición de calendarios e prazos, e a implantación de sistemas de avaliación e control constitúen ferramentas de control supramunicipal na xestión cultural local (14,9%). Noutro nivel programático, a creación e xestión de redes e circuítos culturais constitúe un mecanismo especialmente relevante. Estas estruturas de colaboración, aínda que facilitan o acceso a recursos e programación cultural de calidade, estabelecen tamén marcos específicos que condicionan as posibilidades de actuación municipal. A participación nestas redes implica frecuentemente a aceptación de criterios que limitan a autonomía local na definición da súa programación cultural.

O nivel administrativo implicado é outro dos elementos que revelan a dependencia entre administracións. As Deputacións Provinciais sitúanse como institucións esencias de influencia no financiamento directo e a xestión de redes culturais. A súa actuación caracterízase por unha maior proximidade ao territorio e unha notoria capacidade de intervención na programación cultural municipal. O apoio técnico e formativo proporcionado por estas institucións constitúe tamén un elemento determinante, contribuíndo á profesionalización do sector pero estabelecendo ao mesmo tempo marcos específicos de actuación. A administración autonómica, pola súa parte, exerce a súa influencia principalmente a través do estabelecemento de marcos normativos e o desenvolvemento de políticas sectoriais. A súa actuación caracterízase por unha maior orientación estratéxica e unha destacada capacidade para condicionar as grandes liñas de desenvolvemento cultural do territorio. A xestión de grandes infraestruturas e o desenvolvemento de programas específicos de promoción cultural constitúen tamén mecanismos relevantes de influencia autonómica na acción cultural municipal.


ESTRUTURA E DISTRIBUCIÓN DOS EQUIPAMENTOS CULTURAIS

A vinculación entre os profesionais da cultura e os equipamentos culturais ao seu dispor é unha relación de interese na organización territorial dos servizos culturais. Neste senso, 87 profesionais (59,2%) indican que o seu labor non está supeditado a un equipamento cultural específico, mentres que 60 (40,8%) si desenvolven a súa actividade principalmente nun equipamento concreto. Esta distribución indica unha relevante flexibilidade na organización espacial da acción cultural municipal, onde predomina un modelo de xestión non vinculado a infraestruturas específicas.

Esta flexibilidade organizativa queda patente na distribución que se presenta a continuación, onde se observa como a maioría dos profesionais desenvolven o seu labor sen estar adscritos a un único espazo cultural.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 21. Vinculación dos profesionais a equipamentos culturais específicos




Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Os resultados ao respecto dos equipamentos permite identificar una riqueza neste aspecto. As Casas de Cultura e Centros Culturais son os equipamentos máis comúns (10,9%) e caracterízanse pola súa multifuncionalidade e a súa capacidade para albergar diferentes tipos de actividades culturais, constituíndo frecuentemente o núcleo central da acción cultural municipal. Os equipamentos de usos múltiples constitúen a segunda tipoloxía máis indicada (7,5%), estes espazos caracterízanse pola súa flexibilidade e adaptabilidade, permitindo o desenvolvemento de diferentes tipos de actividades culturais. A súa presenza resulta especialmente relevante en municipios de menor tamaño, onde a optimización de recursos require espazos versátiles que poidan acoller diferentes tipos de programación. As bibliotecas e os auditorios/teatros identifícanse tamén como equipamentos específicos (4,1%) que tenden a concentrarse en municipios de maior tamaño e caracterízanse por unha maior especificidade nas súas funcións e programacións. Estes espazos frecuentemente actúan como nodos centrais na articulación da oferta cultural municipal, especialmente no ámbito das artes escénicas e a promoción da lectura.

A diversidade de espazos nos que se desenvolve a acción cultural municipal reflíctese na seguinte distribución, que evidencia a predominancia dos espazos multifuncionais fronte aos especializados.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 22. Tipoloxía de equipamentos culturais onde se desenvolve a actividade profesional




Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

No relativo á distribución territorial da oferta cultural, existe un predominio dos modelos descentralizados. Un total de 84 concellos (58,3%) optan por unha distribución territorial diversificada, mentres que 60 (41,7%) manteñen unha oferta centralizada o que evidencia unha tendencia importante cara á territorialización da acción cultural municipal, buscando achegar a súa programación aos diferentes núcleos de poboación.

Como se aprecia graficamente, a tendencia cara á descentralización cultural é clara, respondendo á necesidade de achegar os servizos culturais ao conxunto da poboación municipal.

Figura 23. Modelo de distribución territorial da oferta cultural



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nos resultados cualitativos identifícanse que nos concellos de maior densidade poboacional, a descentralización maniféstase a través dunha rede de equipamentos distribuídos polo territorio, permitindo unha maior distribución da oferta cultural, aínda que implica maiores necesidades de coordinación e recursos. Pola súa banda, nos concellos de menor densidade, a descentralización tende a manifestarse a través da programación itinerante e o uso flexible de espazos non especificamente culturais. Esta estratexia permite maximizar o alcance territorial da oferta cultural mesmo en ausencia dunha rede estable de equipamentos, aínda que introduce desafíos específicos en termos de planificación e xestión de recursos. Os resultados tamén revelan a existencia de modelos mixtos (2,7%), onde se combina unha oferta cultural centralizada en determinados equipamentos con programación descentralizada para actividades específicas. Esta aproximación flexible á distribución territorial permite adaptar a estratexia de distribución segundo a natureza das actividades e os recursos dispoñibles.

6.2.4 CARACTERIZACIÓN LABORAL DO PERSOAL

A situación laboral dos profesionais culturais municipais revela un panorama diverso respecto da estabilidade, vinculación e condicións de traballo. A heteroxeneidade laboral deriva da propia evolución histórica do sector e das distintas fórmulas de acceso e contratación utilizadas polos concellos galegos ao longo das últimas décadas.

A traxectoria profesional no sector amosa un corpus relevante de profesionais con ampla experiencia que coexiste cunha incorporación máis recente de novos traballadores. Esta distribución temporal contempla distintas etapas na configuración dos servizos culturais municipais e evidencia a consolidación progresiva da cultura como área de intervención pública local. A antigüidade no sector presenta patróns diferenciados segundo o tamaño dos concellos e as características territoriais, revelando procesos de institucionalización heteroxéneos.

As denominacións dos postos de traballo evidencian esta heteroxeneidade estrutural: desde animadores socioculturais ata técnicos de cultura, xestores culturais, coordinadores ou dinamizadores, cada denominación implica conceptualizacións diferentes do traballo cultural e distintos marcos competenciais. A evolución histórica destas denominacións retrata os cambios nas concepcións da acción cultural municipal, desde enfoques máis vinculados á animación comunitaria ata perspectivas máis orientadas á xestión profesionalizada.

As vías de acceso ao emprego cultural presentan unha variabilidade sustancial que contrasta coa rixidez administrativa esperada en contextos públicos. Coexisten procesos selectivos formais con incorporacións baseadas en criterios políticos, experiencia previa ou adaptación a necesidades específicas. Esta diversidade de fórmulas de acceso condiciona tanto a estabilidade laboral como as expectativas profesionais do colectivo.

A vinculación administrativa e a dedicación laboral mostran patróns diversos, con diferentes graos de temporalidade e parcialidade que afectan á estabilidade profesional. Os grupos profesionais de pertenza e as retribucións asociadas presentan disparidades importantes entre concellos, reflectindo diferentes valoracións institucionais do traballo cultural. O financiamento externo emerxe como un factor determinante na sustentabilidade dos postos de traballo, incidindo directamente na permanencia laboral e condicionando a autonomía da acción cultural municipal. Todos estes factores configuran un escenario laboral marcado pola inestabilidade estrutural, a adaptación constante e a necesidade de equilibrar múltiples tensións laborais e profesionais.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TRAXECTORIA PROFESIONAL

Nos resultados identifícase unha notable concentración de profesionais con ampla experiencia no mesmo concello. Un total de 9 profesionais acumulan 25 anos de experiencia, mentres que 7 alcanzan os 27 anos, e outros 7 suman 18 anos de traxectoria, existindo un núcleo importante de profesionais con ampla experiencia no sector. A concentración de casos arredor dos 25 anos de experiencia alude a unha estabilidade laboral que podería estar relacionada cos procesos de institucionalización da acción cultural municipal desenvolvidos nas últimas décadas do século XX. Cabe destacar tamén un grupo de profesionais con máis de 30 anos de experiencia (5 casos), que constitúen unha primeira xeración de profesionais da cultura municipal. Esta presenza de profesionais veteranos apunta á existencia dun importante capital de experiencia acumulada no sector, aínda que tamén pon de manifesto a necesidade de planificar procesos de renovación xeracional.

A distribución temporal da experiencia acumulada visualízase no seguinte gráfico, onde destaca a presenza dun núcleo importante de profesionais veteranos xunto cunha incorporación máis limitada de novos traballadores.

Figura 24. Distribución do tempo traballando no concello actual



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Paralelamente, identifícase a presenza dun grupo máis reducido de profesionais con menor antigüidade (10 casos con 5 anos ou menos), o que suxire a existencia de procesos de incorporación recente ao sector, aínda que nunha proporción menor que os veteranos. Esta distribución xeracional podería indicar certas dificultades para renovar o persoal cultural municipal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INCORPORACIÓN AO SECTOR CULTURAL MUNICIPAL

Parece existir unha concentración de incorporacións arredor do ano 2004, que se establece como punto medio segundo a mediana da distribución temporal. Esta secuencia indica a existencia dun período especialmente relevante na consolidación dos servizos culturais municipais. Igualmente, identifícase un gran número de incorporacións no ano 1998 (9 casos), seguida dos anos 2002 e 2006 (8 casos) o que apunta á existencia de diferentes etapas na configuración dos servizos culturais municipais, posiblemente vinculadas a diferentes iniciativas de fomento da contratación de persoal cultural. Resulta de interese a amplitude do rango temporal analizado, que se estende desde 1979 ata 2023, o que representa un proceso continuado de incorporación de profesionais ao sector, aínda que con diferentes intensidades segundo os períodos. A identificación de casos de incorporación recente (6 casos en 2020) caracteriza un proceso de profesionalización do sector continua, aínda que posiblemente a un ritmo menor que en décadas anteriores.


Noutra orde, a secuencia temporal permite identificar diferentes fases na configuración dos servizos:

1. O período inicial (desde finais dos anos 70 ata mediados dos 80) caracterizouse por incorporacións pioneiras e illadas que estableceron as primeiras estruturas profesionais no sector. Esta fase inicial sentou as bases para o posterior desenvolvemento, aínda que cunha presenza moi limitada de profesionais.
2. Durante os anos 90 produciuse unha expansión na contratación de persoal cultural, posiblemente vinculada ao desenvolvemento de políticas específicas de fomento da acción cultural municipal. Fase que coincide cun período de maior dinamismo nas políticas culturais locais e unha crecente valoración da necesidade de contar con persoal especializado.
3. O período comprendido entre 2000 e 2010 emerxe como a etapa de maior consolidación do sector, concentrando o maior número de incorporacións. Esta fase caracterizouse por unha considerable profesionalización dos servizos culturais municipais, posiblemente favorecida por unha maior dispoñibilidade de recursos e unha crecente comprensión da importancia da xestión cultural profesionalizada.
4. A fase máis recente (desde 2010 ata a actualidade) amosa un patrón diferente caracterizado por incorporacións máis esporádicas, posiblemente vinculadas a procesos de renovación do persoal existente máis que a unha expansión do sector. Esta relentización nas incorporacións podería estar relacionada tanto con factores económicos como coa propia madurez alcanzada polo sector.

Esta evolución histórica das incorporacións queda representada graficamente a continuación, permitindo identificar os períodos de maior expansión e consolidación do sector.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 25. Evolución temporal das incorporacións ao sector cultural municipal (1979-2023)



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

PERFIL CONTRACTUAL E DENOMINACIÓN DOS POSTOS

Salienta a existencia de diferentes modelos na estruturación profesional do sector:


1. A figura do Animador/a Sociocultural é a denominación máis frecuente (25,2%), o que revela unha orientación cara á dinamización social e cultural nos municipios galegos, así como unha posible influencia das políticas de fomento desta figura profesional desenvolvidas nas últimas décadas.
2. Os cargos políticos constitúen o segundo grupo máis numeroso (15,6%). A presenza de responsables políticos reflexa a realidade de que en moitos municipios, especialmente nos de menor tamaño, as funcións relacionadas coa acción cultural son asumidas directamente por cargos electos, unha circunstancia que podería estar condicionando o desenvolvemento profesional do sector.
3. A figura do Técnico/a de Cultura (15%), representa a terceira denominación máis frecuente. Esta presenza apunta a unha progresiva tecnificación do sector, aínda que nunha proporción menor que a figura do animador sociocultural. Os resultados tamén mostran a existencia de variantes desta denominación que incorporan outros ámbitos de actuación: Técnico/a de Cultura e Xuventude (3,4%), Técnico/a de Cultura e Deportes (2,7%), e Técnico/a de Cultura e Normalización Lingüística (1,4%).
4. O persoal administrativo (6,8%), o que apunta a que en determinados municipios as funcións culturais son asumidas por persoal non especializado. Esta circunstancia podería estar indicando certas carencias na profesionalización específica do sector en determinados contextos.
5. A presenza de outras figuras profesionais como Xestores/as Culturais (4,8%), Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (4,8%), ou profesionais de Información Xuvenil (4,8%) completa a diversidade de perfís profesionais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta heteroxeneidade nas denominacións caracteriza un sector no que existen diferentes aproximacións para estruturar os servizos culturais municipais, posiblemente adaptadas ás diferentes realidades e necesidades territoriais.

A heteroxeneidade nas denominacións profesionais do sector maniféstase claramente na seguinte distribución, onde coexisten figuras tradicionais de animación sociocultural con novos perfís de xestión técnica.

Figura 26. Denominacións contractuais dos postos de traballo cultural



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.


CORRESPONDENCIA ENTRE FUNCIÓNS E DENOMINACIÓN

Nos resultados sobre a relación entre as funcións desenvolvidas e as denominacións dos postos apunta a un certo desaxuste na configuración profesional do sector. Só 35 profesionais (28,5%) expresan estar totalmente de acordo con que as súas funcións se corresponden coa denominación do seu posto, mentres que 38 (30,9%) expresan un acordo parcial. Estas declaración insinúan a existencia de importantes discrepancias entre as denominacións formais e as funcións reais desenvolvidas polo persoal cultural municipal como despréndese do feito de que 29 profesionais (23,6%) indicaron un desacordo total coa correspondencia entre as súas funcións e a denominación do seu posto, mentres que 21 (17,1%) expresan un desacordo parcial.

Este desaxuste entre denominación formal e traballo real queda patente nos datos representados, onde menos dun terzo dos profesionais percibe unha correspondencia total.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 27. Grao de correspondencia entre funcións reais e denominación oficial do posto




Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

No que se refire ás propostas alternativas de denominación, a figura de Técnico/a de Cultura emerxe como a denominación máis demandada, sendo proposta do 14,3% dos profesionais. Esta preferencia propón unha aspiración xeneralizada cara ao recoñecemento técnico das funcións desenvolvidas, así como unha posible infravaloración das competencias reais do persoal cultural en moitos casos. A figura do Técnico/a de Cultura con outras Áreas Complementarias constitúe a segunda denominación máis demandada, co 6,1% da representación, seguida pola categoría de Xestor/a Cultural (4,8%), salientando unha dobre tendencia: por unha parte, cara á especialización e o recoñecemento profesional específico, e por outra, cara ao recoñecemento da natureza multidisciplinar do traballo cultural municipal.

As aspiracións de recoñecemento profesional maniféstanse nas denominacións alternativas que os propios traballadores propoñen, como se observa na seguinte distribución.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 28. Denominacións alternativas propostas polo persoal cultural




Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

EVOLUCIÓN DAS DENOMINACIÓNS DOS POSTOS

Un 61,5% dos/as profesionais indican que o seu posto non experimentou cambios na súa denominación, mentres que o 23% confirman modificacións. Por tanto, parece existir unha relativa estabilidade nas estruturas profesionais do sector, aínda que cunha presenza de procesos de transformación. Resulta salientable o feito de que o 15,6% manifesten descoñecer se o seu posto experimentou cambios previos na denominación. Esta circunstancia podería estar relacionada tanto con carencias na transmisión da información institucional como con procesos de incorporación relativamente recentes ao sector.

A estabilidade relativa das estruturas profesionais, xunto cos procesos de transformación identificados, reflíctense nos seguintes datos sobre cambios nas denominacións

Figura 29. Evolución histórica das denominacións dos postos culturais




Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na análise dos casos onde si se produciron cambios revela que a transformación máis frecuente relaciónase coa figura do Animador Sociocultural (8,2%), seguida pola figura do Técnico/a de Cultura (4,1%), apuntando á existencia de procesos de redefinición profesional orientados cara a estas dúas figuras principais. Neste sentido, nalgúns casos, as transformacións orientáronse cara a unha maior especificidade técnica, como exemplifica a evolución desde denominacións xenéricas cara a figuras como Técnico/a de Cultura. Noutros casos, as modificacións responderon a unha ampliación ou diversificación das funcións, incorporando áreas complementarias como deportes, xuventude ou normalización lingüística.

Os patróns de cambio máis frecuentes nas denominacións profesionais concéntranse en determinadas figuras, como ilustra a seguinte representación.

Figura 30.Principais transformacións nas denominacións profesionais



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

No referente as posibles motivacións para os cambios de denominación identificáronse tres principais factores: en primeiro lugar, recoñécense procesos de adaptación ás novas realidades e necesidades da xestión cultural municipal; en segundo lugar, obsérvase a influencia de factores externos como os requisitos asociados a programas de subvencións ou as dinámicas de profesionalización do sector; por último, existen casos onde os cambios responden a procesos de reorganización administrativa interna dos concellos.

Vías de Acceso ao Emprego Cultural Municipal


No que respecta ás vías de acceso ao emprego no sector, o concurso-oposición emerxe como a vía predominante (66,7%). Esta presenza dos procesos selectivos regrados indica unha tendencia cara á profesionalización e obxectivación no acceso ao sector cultural municipal. O concurso sen oposición constitúe a segunda vía máis frecuente (17,9%). Esta modalidade de acceso representa a existencia de procesos de selección baseados principalmente na valoración de méritos e experiencia profesional. A contratación directa (9,8%) emerxe como a terceira vía máis común de acceso, aínda que minoritaria, salienta a persistencia de prácticas de contratación menos regradas, posiblemente vinculadas a necesidades específicas ou urxentes dos servizos culturais municipais. A promoción interna (3,3%) e as bolsas (2,4%), constitúen vías residuais de acceso ao sector. A limitada presenza destas modalidades evidencia un desenvolvemento insuficiente das oportunidades de progresión profesional dentro das propias

organizacións municipais, así como unha escasa utilización das bolsas como vía de incorporación de novos profesionais. Por último, existe un caso de interinidade por substitución.

Estes resultados debuxan un panorama onde predominan as vías de acceso regradas, especialmente o concurso-oposición, pero onde tamén se identifican modalidades máis flexibles de incorporación ao sector. Esta diversidade nas vías de acceso podería estar relacionada tanto coas diferentes capacidades e necesidades dos concellos como coa propia evolución histórica dos procesos de selección no ámbito cultural municipal.

A diversidade nas modalidades de incorporación ao sector queda patente na seguinte distribución, onde o concurso-oposición emerxe como a vía predominante pero non exclusiva.

Figura 31. Vías de acceso ao emprego no sector cultural municipal



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.


VINCULACIÓN ADMINISTRATIVA E DEDICACIÓN

Os resultados das modalidades de vinculación administrativa seguen a liña dun sector diverso en todas as súas dimensións, neste caso respecto ás relacións laborais. Identifícase un predominio do persoal laboral fixo (38,2%) seguido polo persoal laboral temporal (34,1%) representado un carácter dual dentro do sector, onde conviven situacións de estabilidade laboral e de temporalidade. O funcionariado de cadro de persoal (17,9%) constitúe o terceiro grupo máis numeroso, seguido polo funcionariado interino (8,1%). Esta existencia minoritaria de persoal funcionario suxire unha preferencia histórica pola contratación laboral no sector cultural municipal, posiblemente relacionada cunha maior flexibilidade na definición e adaptación dos postos de traballo.

A estrutura dual do sector, entre estabilidade e temporalidade, maniféstase claramente na distribución das modalidades de vinculación laboral que se presenta a continuación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 32. Modalidades de vinculación administrativa do persoal




Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

En relación coas modalidades de dedicación revela un predominio da xornada completa (92,7%) mentres que só o 7,3% dos/as profesionais manteñen unha dedicación parcial compatible con outras actividades.

O predominio case absoluto da dedicación completa, representado graficamente a continuación, confirma a tendencia cara á profesionalización plena do sector.

Figura 33. Réxime de dedicación laboral



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Esta prevalencia da dedicación completa reforza a idea dunha tendencia cara á profesionalización e especialización no sector cultural municipal e podería estar relacionado con diferentes factores: en primeiro lugar, a complexidade e diversidade das funcións desenvolvidas no ámbito cultural municipal, que requiren unha atención continuada e unha dedicación intensiva; en segundo lugar, a propia evolución do sector cara a unha maior profesionalización, que favorece a dedicación exclusiva; e, por último, as características específicas da programación cultural municipal, que frecuentemente require dispoñibilidade en horarios diversos e fins de semana. Polo seu lado, a limitada dedicación parcial parece responder principalmente a situacións específicas ou necesidades particulares, máis que a unha

estratexia xeneralizada na organización dos servizos culturais municipais. Esta circunstancia podería estar limitando as posibilidades de desenvolvemento profesional para aquelas persoas que, por diferentes motivos, precisan ou prefiren unha dedicación parcial.


Grupos Profesionais

No ámbito funcionarial, identifícase os seguintes grupos:

1. Grupo A-Subgrupo A1 (12,10%).
2. Grupo A-Subgrupo A2 (30,30%).
3. Grupo B (10,60%).
4. Grupo C-Subgrupo C1 (34,80%).
5. Grupo C-Subgrupo C2 (10,60%).
6. Grupo E (1,50%).

A estrutura xerárquica do persoal funcionario no sector cultural distribúese segundo os grupos administrativos establecidos, como se aprecia na seguinte representación."

Figura 34. Distribución por grupos profesionais - Réxime funcionarial



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Nesta distribución no ámbito funcionarial existe unha maioritaria presenza de perfís técnicos de nivel medio e medio-alto, mentres que o grupo A1 está representado de xeito limitado en postos de máxima cualificación e o grupo C2 podería estar relacionada coa persistencia de categorías administrativas en funcións culturais.


No ámbito do persoal laboral, os resultados revelan un claro predominio do grupo 2 (45,9%), seguido polo grupo 3 (17,6%). Polo seu lado, o grupo 1 (12,2%) representa unha proporción similar á identificada no grupo A1 funcionarial, o que suxire certa coherencia na limitada presenza de categorías superiores entre ambos réximes. Os grupos 4, 5, 6 e 7 presentan unha presenza minoritaria, que en conxunto non supera o 25,0% dos casos, o que indica unha menor presenza de categorías básicas no sector. Esta distribución reflicte unha estrutura xerárquica onde predominan as categorías intermedias, cunha presenza notoria de perfís técnicos e especializados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A análise conxunta dos dous réximes laborais apunta a unha estrutura profesional orientada cara a perfís técnicos de nivel medio e medio-alto, con unha presenza limitada tanto de categorías superiores como básicas. Esta configuración podería estar relacionada coa natureza específica do traballo cultural municipal, que require un sustancial nivel de cualificación técnica pero onde as funcións directivas frecuentemente son asumidas por cargos políticos.

No ámbito do persoal laboral, a distribución por grupos profesionais mostra unha concentración nas categorías intermedias, como evidencia o seguinte gráfico.

Figura 35. Distribución por grupos profesionais - Réxime laboral



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.


RETRIBUCIÓNS

Este análise permite un achegamento ao recoñecemento económico das figuras profesionais do sector. Os resultados revelan unha concentración maioritaria nas franxas salariais medias-baixas. A franxa comprendida entre 15.001€ e 20.000€ emerxe como a máis frecuente (19,5%), seguida moi de preto polo intervalo entre 20.001€ e 25.000€ (17,9%). Nun escalón máis baixo (16,3%) está franxa entre 10.000€ e 15.000€, así como un residual 4,1% nos que as retribucións son inferiores aos 10.000€ anuais. Esta caracterización salarial de carácter baixo indica a existencia de situacións de precariedade laboral nun sector que require altos niveis de cualificación e especialización profesional. Polo contrario, a franxa salarial superior comprendida entre 25.001€ e 30.000€ rexistra un 12,2% dos casos, mentres que só un 4,9% se sitúan entre 30.001€ e 40.000€, e unicamente un 2,4% superan os 40.000€ anuais. Esta distribución piramidal das retribucións, con unha base ampla de salarios baixos e unha cúspide moi reducida de salarios altos, ilustra importantes desigualdades retributivas no sector na que os niveis retributivos máis elevados adoitan corresponder a postos de maior responsabilidade ou antigüidade, mentres que os salarios máis baixos frecuentemente están asociados a contratacións temporais ou a tempo parcial. Esta relación entre as condicións laborais e os niveis salariais apunta á existencia de diferentes escalas retributivas dentro do sector. Ao mesmo tempo a comparación dos niveis salariais coa cualificación requirida e as responsabilidades asumidas suxire a existencia dun considerable desaxuste entre a formación e experiencia do persoal cultural e as súas retribucións. Esta circunstancia podería estar condicionando tanto a capacidade de atracción de novo talento ao sector como as posibilidades de retención dos profesionais máis cualificados.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A estrutura salarial do sector, representada na seguinte distribución, revela unha concentración preocupante nas franxas retributivas máis baixas, incompatible coa cualificación requirida.

Figura 36. Franxas retributivas anuais do persoal cultural



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.


FINANCIAMENTO EXTERNO

Os resultados que dan conta do grao de financiamento externo mostran certa dependencia deste sector para sustentabilidade dos postos de traballo xa que a pesar de que o 59,3% dos profesionais indican que o seu posto non depende de subvencións ou financiamento externo o 40,7% confirman esta dependencia.

A vulnerabilidade estrutural dunha parte significativa do sector maniféstase na seguinte representación sobre a dependencia de subvencións externas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 37. Dependencia do financiamento externo para o mantemento dos postos




Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Porén, esta dependencia parece minimizarse ao ollar cara a percepción sobre o impacto da posible perda do financiamento externo, xa que o 68,6% consideran que a desaparición deste financiamento non afectaría á continuidade do seu posto, mentres que un 31,4% cren que si tería un impacto directo na súa continuidade laboral. Estes resultados parecen apuntar á existencia de diferentes niveis de dependencia do financiamento externo. No caso dos profesionais que non perciben risco para a continuidade dos seus postos, podería interpretarse que o financiamento externo actúa como un complemento ao compromiso municipal coa acción cultural. Non obstante, para os profesionais que si perciben un risco directo, o financiamento externo emerxe como un elemento crítico para a sustentabilidade dos seus postos.

A percepción diferenciada do impacto potencial desta dependencia queda reflectida nos seguintes datos, que mostran como un terzo dos profesionais percibe un risco directo para a súa continuidade laboral.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 38. Percepción de risco laboral ante a perda de financiamento externo



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Para profundar nestas últimas apreciación é preciso atender aos diferentes tipos de dependencia do financiamento externo. En primeiro lugar, identifícanse casos onde as subvencións constitúen a base principal do financiamento do posto, xeralmente vinculados a programas específicos de fomento do emprego cultural. Mentres que en segundo lugar, obsérvanse situacións onde o financiamento externo complementa os recursos municipais, contribuíndo á sustentabilidade do posto pero sen ser determinante para a súa continuidade. Esta diferenciación nos niveis de dependencia propón a existencia de diferentes modelos de sustentabilidade nos servizos culturais municipais. Mentres algúns concellos manteñen un compromiso orzamentario directo coa acción cultural, outros dependen en maior medida das políticas de fomento e apoio desenvolvidas por administracións superiores, unha circunstancia que pode introducir elementos de inestabilidade e precariedade no sector.

A dependencia de financiamento parece ser un importante factor na estabilidade laboral de parte do sector no territorio. Para aqueles profesionais que perciben un risco directo na súa continuidade laboral, esta dependencia maniféstase nunha dobre dimensión: por unha parte, a incerteza sobre a renovación das subvencións ou programas de financiamento, e por outra, as dúbidas sobre a capacidade ou vontade dos concellos para asumir o financiamento directo dos postos en caso de cesamento das axudas externas. Ademais, o impacto non se limita á estabilidade laboral, senón que afecta tamén ao desenvolvemento das funcións profesionais. Os resultados indican que mesmo nos casos onde non se percibe un risco directo para a continuidade do posto, a dependencia de financiamento externo pode condicionar o alcance e a natureza das actividades desenvolvidas. Esta circunstancia visibilízase especialmente na capacidade para desenvolver programacións a longo prazo ou para emprender proxectos que requiran unha continuidade temporal. Igualmente, existen diferenzas territoriais xa que os resultados mostran unha maior dependencia en concellos de menor tamaño ou con menores recursos propios, onde as subvencións e programas de apoio emerxen como ferramentas fundamentais para o mantemento dos servizos culturais. Igualmente a dependencia do financiamento externo transcende o ámbito estritamente laboral para afectar á propia

configuración das políticas culturais territoriais. A necesidade de adaptar a programación e as actividades aos requisitos e prioridades establecidos nas convocatorias de subvencións podería estar condicionando a autonomía dos concellos na definición das súas políticas culturais e acentuar os desequilibrios territoriais na prestación de servizos culturais municipais, unha circunstancia que require unha reflexión profunda sobre os modelos de financiamento e sustentabilidade do sector.

6.2.5 Caracterización das funcións e competencias

Como se indicou, o día a día dos profesionais culturais municipais caracterízase pola polivalencia funcional e a sobreposición de responsabilidades que transcenden os límites das categorías administrativas convencionais. A natureza do traballo cultural exixe a confluencia de múltiples habilidades de xestión, técnicas e relacionais, que conforman un perfil profesional complexo e multidimensional.

A xestión e coordinación de actividades culturais xunto ao deseño e planificación da programación e a xestión administrativa, constitúen o núcleo das responsabilidades habituais. Estas funcións configuran un conxunto central de tarefas que define o perfil operativo do sector e evidencia a necesidade de combinar capacidades organizativas, creativas e burocráticas. Non obstante, con frecuencia atópanse desaxustes entre as funcións realmente desenvolvidas e as competencias oficialmente recoñecidas, xerando situacións de desencaixe profesional onde se realizan funcións de categoría superior, tarefas non relacionadas co ámbito cultural ou responsabilidades impropias da categoría oficial.

A autonomía profesional, aínda que considerable na súa percepción maioritaria, constrúese en diálogo constante con factores limitantes como as decisións políticas, as restricións orzamentarias e os procedementos burocráticos administrativos. Esta tensión entre capacidade técnica e condicionantes estruturais configura un marco de traballo onde a profesionalidade debe negociar constantemente cos límites institucionais.

O deseño da oferta cultural configura un proceso colaborativo onde interveñen múltiples actores: os responsables políticos, o persoal técnico e o tecido asociativo local. Os resultados revelan diferentes modelos de colaboración entre estes actores, desde aproximacións máis autoritarias ata fórmulas máis participativas. A importancia das estruturas estables de coordinación emerxe como un factor determinante para o desenvolvemento dunha programación coherente e adaptada ás necesidades locais.

Os ciclos programáticos tenden á estabilidade anual, reflectindo tanto a influencia das tradicións culturais locais como a reprodución de demandas consolidadas e as limitacións orzamentarias que condicionan a innovación. Esta continuidade temporal serve ao tempo como soporte para a organización do traballo e como posible limitación para a creatividade e renovación da oferta cultural no ámbito municipal. Os procesos de planificación revelan diferentes enfoques temporais, desde a programación mensual ata ciclos anuais completos, condicionados pola natureza das actividades e as capacidades administrativas de cada concello.

Funcións e Actividades Desenvolvidas

No que se refire ás funcións e actividades desenvolvidas polo persoal cultural municipal en Galicia, os resultados reforzan a idea dun sector de alta complexidade e diversificación das responsabilidades profesionais no que existe unha polivalencia funcional que caracteriza o seu

traballo e onde as principais funcións e tarefas corresponden con: a xestión e coordinación de actividades (84,3%); o deseño e planificación da programación cultural (59,1%); a xestión administrativa (53,7%); a dinamización sociocultural e a participación cidadá (29,9%); e a xestión de equipamentos e espazo culturais (27,2%).

En primeiro lugar, a xestión e coordinación de actividades culturais xurde como a función predominante o que evidencia que constitúe o núcleo central do traballo, establecéndose como unha competencia esencial para o desenvolvemento profesional no sector. O deseño e planificación da programación cultural constitúe a segunda función máis frecuente o que a sitúa como un importante compoñente estratéxico, onde os profesionais non só executan senón que tamén deseñan e planifican. A xestión administrativa e económica da área de cultura é a terceira función máis común, mencione refírese a que deben combinar as funcións puramente culturais cun importante compoñente de xestión económica e administrativa. No cuarto lugar sitúase a dinamización sociocultural e a participación cidadá, xunto co asesoramento e apoio a entidades culturais, o que salienta a importancia da dimensión social e comunitaria no traballo cultural municipal, onde a interacción coa cidadanía e o tecido asociativo constitúe un elemento capital. Por último, aparece a xestión de equipamentos e espazos culturais, que ilustra a importancia da infraestrutura cultural e que non só a xestión administrativa dos espazos, senón tamén a súa dinamización e optimización como recursos para o desenvolvemento cultural local.

Esta diversidade funcional inflúe na carga de traballo dos profesionais. A distribución do número de funcións por profesional amosa unha tendencia á acumulación de responsabilidades, cunha concentración relevante entre tres e sete funcións por profesional, o que representa máis do 70,0%, o que apunta a unha realidade laboral caracterizada pola multiplicidade de tarefas e a necesidade de adaptación a diferentes ámbitos de actuación. Pola súa banda, no extremo superior desta distribución, identifícanse casos excepcionais onde os profesionais asumen entre oito e doce funcións diferentes. Esta situación, aínda que minoritaria, evidencia a existencia de postos de traballo cunha carga funcional especialmente intensa, posiblemente vinculada a limitacións nos recursos humanos dispoñibles nos concellos ou a características específicas da organización municipal. Á súa vez, estes resultados visibilizan combinacións funcionais de especialización e complementariedade. As funcións de deseño e planificación aparecen frecuentemente vinculadas á xestión e coordinación de actividades, mentres que a xestión administrativa adoita complementar ambas áreas. Isto alude á existencia de núcleos funcionais que articulan o traballo cultural municipal e condicionan a organización das tarefas profesionais. A pesar desta tendencia, tamén existe un número reducido de casos caracterizados pola monofuncionalidade e que atópanse principalmente en áreas como a xestión administrativa ou nas funcións complementarias específicas. Esta especialización, aínda que minoritaria, revela a existencia de certos postos máis focalizados dentro do sistema cultural municipal, posiblemente respondendo a necesidades organizativas específicas ou a unha maior complexidade en determinadas áreas de xestión.

CORRESPONDENCIA ENTRE FUNCIÓNS E COMPETENCIAS PROFESIONAIS

No que se refire á correspondencia entre as funcións desenvolvidas e as competencias profesionais, identifícase unha recorrente asunción de funcións que exceden as competencias oficialmente recoñecidas para cada categoría profesional identificando funcións de categorías profesionais superiores, tarefas non relacionadas co eido cultural, responsabilidades impropias da categoría profesional, a sobrecarga laboral ou a falta de definicións das tarefas que lles corresponden.

Neste senso, a realización de funcións correspondentes a unha categoría profesional superior aparece como o desaxuste máis frecuente, presente no 17,7% das respostas, salientando a unha problemática estrutural no sector, onde os profesionais asumen responsabilidades de maior nivel sen o correspondente recoñecemento formal ou retributivo. A execución de tarefas non relacionadas co ámbito cultural, identificada no 11,6% das respostas, constitúe o segundo tipo de desaxuste máis común. Esta realidade evidencia unha distorsión importante no perfil profesional dos traballadores culturais, que frecuentemente deben asumir responsabilidades alleas ao seu ámbito específico de actuación.

A asunción de responsabilidades impropias da categoría profesional asignada, presente no 7,5% das respostas, mostra unha problemática específica relacionada coa estruturación dos postos de traballo. Esta situación maniféstase especialmente na asignación de responsabilidades de coordinación, supervisión ou xestión económica a profesionais cuxa categoría non contempla formalmente estas funcións.

A isto súmase a inadecuación entre a cualificación do traballador e a categoría laboral asignada, identificada no 6,1% das respostas, e a sobrecarga laboral e a excesiva diversidade de tarefas, tamén presente no 6,1% das respostas, o que afecta á calidade do traballo cultural. Esta situación maniféstase especialmente nos concellos de menor tamaño onde os profesionais da cultura deben asumir múltiples responsabilidades debido á limitación de recursos humanos.

Por último, parece existir unha falta de definición clara e oficial das funcións do posto, identificada no 3,4% das respostas, constituíndo un factor adicional que contribúe á descompensación entre competencias e responsabilidades.

Os resultados da análise dos casos que presentan múltiples desaxustes apuntan a acumulación de problemáticas identificando que no 9,5% das respostas confluían dous tipos diferentes de desaxuste, no 2,0% das respostas presentábanse tres tipos, e no 0,7% das respostas presentábanse cinco tipos diferentes. Esta acumulación de competencias suxire a existencia de situacións laborais especialmente complexas que requiren unha atención específica xa que se expresa nunha infravaloración sistemática das competencias reais exercidas polo persoal cultural municipal. A diversificación non planificada das funcións pode afectar negativamente á calidade e eficiencia do traballo cultural especializado e revela a existencia de barreiras estruturais para o recoñecemento profesional no sector cultural municipal, posiblemente vinculadas a limitacións nas estruturas administrativas ou nos recursos dispoñibles. Unha incongruencia entre a formación e experiencia dos profesionais e o seu recoñecemento formal que pode dificultar tanto o desenvolvemento profesional como a avaliación e recoñecemento do traballo realizado, afectando á calidade dos servizos culturais prestados. Igualmente, afecta á motivación e satisfacción laboral dos traballadores que perciben unha falta de recoñecemento das súas competencias reais e dificulta a planificación e xestión efectiva dos servizos culturais. Do mesmo xeito, como se expuxo en apartados anteriores, este desaxuste tamén se atopa na distribución territorial, sendo os concellos de menor tamaño nos que predominan os problemas relacionados coa sobrecarga de funcións e a realización de tarefas non culturais mentres que nos municipios de maior tamaño os desaxustes concéntranse na realización de funcións de categoría superior e na inadecuación entre cualificación e categoría laboral.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DA OFERTA CULTURAL

O deseño e implementación da oferta cultural municipal identifícase como un complexo sistema de relacións e responsabilidades compartidas entre diferentes actores institucionais, colaborando nesta tarefa responsables políticos e persoal técnico. Esta colaboración maniféstase na combinación de visións e competencias, onde o persoal técnico achega o coñecemento especializado e a experiencia profesional, mentres que os responsables políticos contribúen coa visión estratéxica e a lexitimidade institucional.

A distribución de responsabilidades no proceso de deseño cultural visualízase na seguinte representación, onde se evidencia o carácter colaborativo pero tamén as tensións entre o nivel técnico e político.

Figura 39. Responsabilidades no deseño da programación cultural



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.


Nos resultados atópanse moitos concellos onde predomina un modelo de deseño baseado na colaboración entre o concelleiro ou concelleira de cultura e o persoal técnico que permite integrar as prioridades políticas na viabilidade técnica dos proxectos, establecendo un equilibrio entre a visión institucional e a capacidade operativa real. Non obstante, existen tamén casos onde o deseño da oferta cultural recae principalmente nos responsables políticos, especialmente en concellos de menor tamaño, unha circunstancia que pode limitar a incorporación de criterios técnicos e profesionais, afectando á calidade e coherencia da programación.

No relativo á implementación da oferta cultural, parece existir un maior protagonismo do persoal técnico na execución directa das actividades. Esta responsabilidade obsérvase na xestión operativa dos programas, a coordinación cos diferentes axentes implicados e a resolución das cuestións técnicas e loxísticas asociadas ao desenvolvemento das actividades.

Na fase de execución, como mostra o seguinte gráfico, o protagonismo do persoal técnico increméntase notablemente, aínda que mantendo a colaboración con outros actores institucionais e sociais.

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Figura 40. Actores implicados na implementación da oferta cultural



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

De este xeito, a participación do tecido asociativo emerxe como un elemento de relevancia tanto no deseño como na implementación da oferta cultural como pode comprobarse nos casos nos que as asociacións culturais e outras entidades locais participan activamente na proposta e desenvolvemento de actividades, establecendo unha dinámica de colaboración que enriquece a programación cultural municipal. Ao igual que sucede no caso do deseño, na implementación salientan diferenzas segundo as características dos municipios. Nos concellos de maior tamaño, identifícase unha maior especialización e división de funcións entre o persoal técnico, permitindo unha aplicación máis profesionalizada das actividades, mentres que nos municipios máis pequenos, a execución adoita recaer nun número limitado de profesionais que deben asumir múltiples responsabilidades.

A existencia de estruturas estables de coordinación entre os diferentes axentes destaca como un factor determinante para o éxito na implementación da oferta cultural. Aqueles concellos que dispoñen de mecanismos formais de coordinación entre responsables políticos, persoal técnico e tecido asociativo amosan unha maior capacidade para desenvolver unha programación cultural coherente e adaptada ás necesidades locais. Salienta tamén a importancia da continuidade nos equipos técnicos para garantir unha execución efectiva da oferta cultural. A estabilidade do persoal permite acumular experiencia e coñecemento específico sobre o contexto local, facilitando o desenvolvemento de programacións máis adaptadas e sostibles no tempo. Por último, as limitacións de recursos recoñécese como un factor condicionante na implementación da oferta cultural. A escaseza de persoal técnico especializado, as restricións orzamentarias ou as carencias en infraestruturas poden afectar na capacidade para desenvolver a programación cultural planificada, especialmente nos concellos máis pequenos.


AUTONOMÍA NO EXERCICIO PROFESIONAL

A análise sobre a autonomía no exercicio profesional revela elementos para profundar na capacidade de decisión e actuación dos traballadores do sector, identificando unha visión

maioritariamente positiva respecto ao nivel de autonomía profesional, aínda que con limitacións. Os resultados amosan o 55,8% dos profesionais consideran que teñen "bastante" autonomía no seu traballo, mentres que o 24,5% indican ter "moita" autonomía. Esta percepción maioritariamente positiva, que alcanza o 80,3% das respostas, indica a existencia dun marco profesional que permite un notorio grao de liberdade na toma de decisións e no desenvolvemento das funcións culturais. Non obstante, identifícase un grupo (17,0%) que considera ter "pouca" autonomía e un 2,7% que exhiben non ter "ningunha" autonomía. Esta percepción presente no 19,7% das respostas, revela a existencia de contextos laborais onde a capacidade de decisión e actuación dos profesionais está limitada.

A percepción maioritariamente positiva da autonomía profesional, aínda que con matices importantes, queda reflectida na seguinte distribución que evidencia tanto as fortalezas como as limitacións do marco profesional.

Figura 41. Niveis de autonomía profesional percibida



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

En relación coas causas que limitan a autonomía profesional destacan tres factores: institucionais, territoriais e formativo-laborais

No que se refire a organización institucional do municipio, as decisións políticas xorden como o principal factor limítante, manifestándose na capacidade dos responsables políticos para determinar ou modificar as liñas de actuación cultural sen considerar adecuadamente os criterios técnicos ou profesionais. A falta de orzamento constitúe o segundo factor máis determinante na limitación da autonomía e maniféstase non só na capacidade para desenvolver programas e actividades, senón tamén na posibilidade de tomar decisións sobre a asignación e xestión dos recursos dispoñibles. En terceiro lugar sinálanse os procedementos burocráticos e administrativos. A complexidade destes procesos, os requisitos de tramitación e os tempos de xestión poden condicionar substancialmente a capacidade dos profesionais para desenvolver o seu traballo con axilidade e eficacia. Sigue a falta de recoñecemento profesional como outro factor relevante e reflíctese na escasa consideración dos criterios técnicos na toma de decisións, así como na limitada capacidade dos profesionais para influír nas decisións estratéxicas relacionadas coa política cultural municipal. Por último, a estrutura xerárquica das administracións municipais tamén emerxe como un factor condicionante da autonomía

profesional. Os modelos organizativos excesivamente verticais poden limitar a capacidade de iniciativa e decisión dos profesionais da cultura, especialmente naqueles aspectos que requiren unha resposta áxil ou adaptada ás necesidades específicas do contexto local.

No eido territorial, de novo, as características dos municipios son un elemento de diverxencia. Nos concellos de maior tamaño, onde existe unha maior profesionalización e especialización dos servizos culturais, os profesionais tenden a denotar maiores niveis de autonomía. En contraste, nos municipios máis pequenos, a autonomía profesional adoita estar máis condicionada pola intervención directa dos responsables políticos.


Por último, en relación con aspectos formativos e laborais, a experiencia profesional e a estabilidade laboral emerxen como factores de influencia na percepción e establecemento da autonomía profesional. Os profesionais con maior antigüidade tenden a revelar niveis máis altos de autonomía, posiblemente relacionados cun maior recoñecemento da súa experiencia e unha maior capacidade para xestionar as relacións cos diferentes actores institucionais mentres que os traballadores con vinculación estable tenden a expresar maiores niveis de autonomía que aqueles en situación de temporalidade ou dependentes de financiamento externo, unha circunstancia que apunta á importancia da estabilidade laboral para o desenvolvemento profesional autónomo.

Planificación e Estrutura da Oferta Cultural

Na planificación da oferta cultural identifícanse unha diversidade nos ciclos de programación. A planificación trimestral destaca como a opción máis común (23,8%). Despois, a anual(17,%), seguida pola planificación semanal (12,2%) e a semestral (8,8%). Estes resultados apuntan á coexistencia de diferentes temporalidades na xestión cultural municipal, adaptadas ás características e necesidades específicas de cada contexto. Un dato relevante é a notoria tendencia á repetición anual da estrutura e tipoloxía da programación cultural, sendo un 95,9% de concellos nos que se confirma esta repetición, mentres que só no 4,1% se indican variacións na estrutura programática.

A tendencia cara á reprodución dos patróns programáticos maniféstase de forma contundente no seguinte gráfico, que ilustra como a innovación constitúe máis a excepción que a norma.

Figura 42. Estabilidade e repetición da programación cultural anual



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Esta alta taxa de repetición suxire a existencia de patróns estables na configuración da oferta cultural municipal. En canto ás razóns desta reproductividade, parece existir diferentes factores que inflúen: en primeiro lugar, a existencia de eventos e celebracións tradicionais que constitúen elementos fixos no calendario cultural local; en segundo lugar, as limitacións orzamentarias poden restrinxir as posibilidades de innovación programática; e en terceiro lugar, a propia demanda da cidadanía pode favorecer a continuidade de determinadas actividades e programas. No que respecta á planificación anual da oferta cultural, as características dos municipios volve a ser determinante. Nos concellos de maior tamaño identifícase unha tendencia cara á planificación a medio e longo prazo, posiblemente relacionada cunha maior dispoñibilidade de recursos e unha estrutura técnica máis consolidada. En contraste, nos municipios máis pequenos predominan as planificacións a curto prazo, posiblemente como resposta a unha maior necesidade de flexibilidade e adaptación.

No que respecta a estrutura da oferta cultural, esta vese condicionada polos ciclos estacionais. As actividades culturais adoitan concetrarse en eventos durante o verán e unha programación máis regular durante o resto do ano. Esto pode estar relacionado tanto con factores climáticos como coa presenza de poboación temporal ou turística. Polo seu lado, a capacidade de financiamento tamén inflúe na estrutura da oferta cultural. A dependencia de subvencións e programas de apoio externos pode condicionar tanto os tempos de planificación como a tipoloxía das actividades desenvolvidas, especialmente nos concellos con menores recursos propios. Por último, existen mecanismos estables de coordinación entre os diferentes axentes implicados (responsables políticos, persoal técnico, asociacións) que poden facilitar unha planificación máis coherente e adaptada ás necesidades locais, especialmente nos casos onde existe unha destacada implicación dos recursos endóxenos.

6.2.6 Valoración e recoñecemento profesional

A percepción que os profesionais culturais teñen sobre o seu recoñecemento institucional e social constitúe un elemento que pode influír no desempeño laboral e a motivación profesional xa que configuran un panorama complexo de satisfaccións e frustracións que inciden na calidade dos servizos prestados e na sustentabilidade profesional do sector.

A valoración institucional presenta unha dobre realidade: mentres a maior parte dos profesionais percibe un recoñecemento positivo por parte do goberno municipal, unha proporción considerable manifesta sentirse subestimado ou infravalorado. Este desequilibrio relaciónase con variables múltiples como o tamaño do concello, donde os contextos máis reducidos tenden a mostrar un recoñecemento máis directo e personalizado, a estabilidade laboral ou a categoría profesional e a antigüidade no posto. Pola súa banda, o recoñecemento social mostra un perfil claramente máis favorable, cunha valoración moi positiva da cidadanía cara ao labor desenvolvido polos profesionais culturais. Esta alta estima social visibilízase especialmente nos contextos municipais reducidos onde a proximidade facilita o vínculo comunitario e o impacto directo das actividades culturais. O tipo de programación, a capacidade de comunicación, a antigüidade no posto e o impacto visible das actividades emerxen como aspectos destacables deste recoñecemento social.

Así, a satisfacción laboral atópase condicionada por múltiples factores: a estabilidade contractual proporciona seguridade e permite a planificación a longo prazo, mentres que a autonomía profesional facilita a iniciativa e a creatividade. A dispoñibilidade de recursos adecuados e as oportunidades de desenvolvemento profesional promoven a motivación laboral. En contraste, a insatisfacción incide negativamente no benestar profesional: a sobrecarga


laboral, as condicións contractuais precarias, a desconexión coa comunidade, a falta de autonomía real, as expectativas profesionais incumpridas e a inestabilidade laboral emerxen como os principais elementos de tensión. Esta situación ambivalente caracteriza un sector profesionalmente comprometido pero estruturalmente vulnerable, onde a vocación profesional coexiste con frustracións institucionais. Os resultados suxiren como estas dimensións de recoñecemento e satisfacción varían relevantemente segundo o contexto municipal, configurando experiencias profesionais moi diversas dentro do mesmo sector.

VALORACIÓN POR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL

A valoración percibida por parte do goberno municipal permite achegarse ao grao de recoñecemento institucional do traballo cultural. Os resultados indican que existe unha percepción maioritariamente positiva sobre o recoñecemento profesional por parte das autoridades municipais. Así, o 43,5% dos profesionais consideran que a súa profesión está "bastante" valorada polo goberno municipal, mentres que o 25,2% remarcan sentirse "moi" valorados. Non obstante, identifícase un grupo considerable que representa ao 27,2% que expresan sentirse "pouco" valorados, xunto cun 4,1% que expresan non sentir "ningunha" valoración por parte do goberno municipal. Esta percepción negativa, presente 3 de cada 10 das respostas, reflicte a existencia de contextos institucionais onde o recoñecemento do traballo cultural presenta deficiencias importantes.

A distribución da percepción sobre o recoñecemento institucional, representada graficamente a continuación, revela unha realidade polarizada onde coexisten situacións de valoración positiva con contextos de clara infravaloración profesional.

Figura 43. Valoración institucional percibida por parte do goberno municipal



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Se o análise diríxese as características dos municipios, atópase que nos concellos de maior tamaño existe unha maior profesionalización dos servizos culturais e os profesionais tenden a presentar niveis máis altos de valoración institucional. En contraste, nos municipios máis

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

pequenos, a percepción de valoración adoita ser máis variable, posiblemente relacionada cunha menor estruturación dos servizos culturais.

No que se refire ao contexto laboral, a estabilidade é outro factor destacado na percepción da valoración institucional. Os profesionais con vinculación estable tenden a expresar niveis máis altos de valoración que aqueles en situación de temporalidade ou con contratos precarios, unha circunstancia que propón a importancia da estabilidade laboral no recoñecemento profesional. Os resultados tamén revelan diferenzas na percepción segundo a categoría profesional sendo aqueles/as traballadores/as en postos de maior responsabilidade ou con categorías superiores os/as que declaran unha percepción máis positiva da valoración institucional, mentres que aqueles/as en categorías inferiores amosan con maior frecuencia sentimentos de infravaloración. En canto á experiencia profesional, os/as traballadores/as con maior antigüidade tenden a expresar niveis máis altos de recoñecemento institucional, posiblemente relacionado cunha maior integración nas estruturas municipais e un maior coñecemento dos procesos institucionais.

No eido da xestión e coordinación política, o tipo de relación cos responsables políticos tamén aparece como un factor de influencia na percepción da valoración institucional. Aquelas persoas profesionais que denotan ter unha comunicación fluída e directa coas persoas responsables políticas tenden a expresar niveis máis altos de valoración, suxerindo a importancia dos canles de comunicación na construción do recoñecemento profesional. Pola súa banda, recoñécese a influencia da orientación das políticas culturais, sendo os concellos onde a cultura ocupa un lugar prioritario na axenda política, onde os/as profesionais tenden a declarar unha maior percepción de valoración, reflectindo a importancia do compromiso institucional co desenvolvemento cultural. Igualmente, a dispoñibilidade de recursos adecuados, tanto humanos como materiais, parece estar positivamente relacionada coa percepción de recoñecemento institucional.


VALORACIÓN POR PARTE DA CIDADANÍA

A valoración percibida por parte da cidadanía apunta a un alto recoñecemento social do traballo cultural municipal, sendo mais da metade (55,1%) os que consideran que a súa profesión está "bastante" valorada pola cidadanía, mentres que 3 de cada 10 (31,3%) sinalan sentirse "moi" valorados. Esta percepción altamente positiva, que alcanza o 86,4% das respostas representa a existencia dun forte recoñecemento social do traballo cultural municipal. Pola contra, a baixa presenza de percepcións negativas (13,6%) retrata un nivel xeral de recoñecemento social substancialmente máis alto que o percibido a nivel institucional xa que mentres o 86,4% dos profesionais perciben unha valoración positiva por parte da cidadanía, esta porcentaxe redúcese ao 68,7% no caso da valoración institucional.

En marcado contraste co recoñecemento institucional, a valoración cidadá mostra niveis notablemente superiores, como evidencia a seguinte representación onde máis de oito de cada dez profesionais perciben unha alta estima social.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 44. Recoñecemento social percibido por parte da cidadanía



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Noutro nivel de análise, salientan os seguintes aspectos que parecen influír nun alto grao de valoración da cidadanía:

1. O contexto municipal. Concellos de menor tamaño, onde existe un contacto máis directo coa comunidade, unha tendencia que podería estar relacionada cunha maior proximidade e visibilidade do traballo cultural nas comunidades pequenas.
2. O tipo de programación cultural. Profesionais que desenvolven programas con alta participación comunitaria e forte arraigo local.
3. A antigüidade no posto. Posiblemente relacionado cun maior coñecemento da comunidade e unha rede máis consolidada de relacións sociais.
4. A capacidade de comunicación e visibilización do traballo cultural. Profesionais que manteñen unha comunicación activa coa comunidade e desenvolven estratexias efectivas de difusión do seu traballo.
5. O impacto visible das actividades culturais. Profesionais que desenvolven programas con resultados tanxibles e impacto social recoñecible.
6. A participación cidadá na configuración do recoñecemento social. Onde existe unha implicación activa da comunidade no deseño e desenvolvemento das actividades culturais.


Satisfacción Laboral e Motivación

Os resultados sinalan un nivel alto de satisfacción profesional que se relaciona cun alto grao de identificación cos roles e funcións desenvolvidas. Así, o 57,1% dos/as profesionais declaran sentirse "bastante" satisfeitos co seu traballo, mentres que o 28,6% expresan estar "moi" satisfeitos. En cambio, existe un 12,2% e un 2,0% que indican sentirse "pouco" satisfeitos ou non ter "ningunha" satisfacción, respectivamente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O balance xeral da satisfacción profesional no sector, aínda que maioritariamente positivo, presenta matices importantes que se visualizan na seguinte distribución, onde un de cada sete profesionais manifesta niveis preocupantes de insatisfacción.

Figura 45. Nivel de satisfacción laboral global dos profesionais culturais



Nota. Elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Ao comparar o nivel de satisfacción con outras variables laborais e institucionais, atópanse as seguintes situacións que se relacionan cun maior nivel de satisfacción:

1. A estabilidade no emprego.
2. O maior grao de autonomía profesional na toma de decisións e no desenvolvemento das súas funcións.
3. Contar con recursos adecuados para o desenvolvemento do seu traballo.
4. O recoñecemento profesional, tanto institucional como social..
5. O maior tamaño do concello.
6. O desenvolvemento profesional e as oportunidades de crecemento.
7. A calidade das relacións laborais e o ambiente de traballo en contextos de colaboración positiva e respecto profesional.

En contraste, ao profundar nas respostas dos profesionais que indicaron pouca ou ningunha satisfacción laboral se identificaron as seguintes situacións :

1. Condicións laborais inadecuadas como a precariedade dos contratos, os baixos salarios, a falta de recursos materiais para o desenvolvemento do traballo, e as deficiencias nas infraestruturas e espazos laborais.
2. Infravaloración e falta de recoñecemento profesional: escasa consideración das competencias e experiencia dos traballadores culturais, falta de recoñecemento formal das responsabilidades asumidas, e limitada valoración do traballo cultural na estrutura municipal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3. Desconexión entre o traballo desenvolvido e a comunidade, visible na percepción dun distanciamento entre os obxectivos institucionais e as necesidades reais da cidadanía, así como na dificultade para desenvolver programas culturais que respondan efectivamente ás demandas da comunidade.
4. Falta de autonomía e interferencia política. Esta situación reflíctese na limitada capacidade de decisión dos profesionais sobre aspectos técnicos do seu traballo, na excesiva intervención política na programación cultural, e na falta de respecto pola autonomía profesional.
5. Expectativas profesionais non cumpridas. Os profesionais despregan frustración pola distancia entre as súas aspiracións de desenvolvemento profesional e as posibilidades reais que ofrece o seu contexto laboral, especialmente en termos de promoción e crecemento .
6. Sobrecarga de traballo e a asignación de funcións non correspondentes. Esta circunstancia amósase na acumulación excesiva de responsabilidades, na asignación de tarefas alleas ao ámbito cultural, e recursos humanos insuficientes.
7. Inestabilidade laboral e dependencia de financiamento externo. A incerteza sobre a continuidade dos postos de traballo, a dependencia de subvencións para o mantemento dos programas culturais, e a falta de estabilidade nas condicións laborais.
8. O menor tamaño dos concellos, onde os problemas relacionados coa falta de recursos e a interferencia política son maiores.

Estas situacións interseccionan e poden reforzarse ou agravarse, creando círculos viciosos que dificultan a mellora das condicións laborais e profesionais no sector cultural municipal e segundo o grao de insatisfacción e a interseccionalidade de determinadas situacións pode afectar á motivación e ao compromiso dos traballadores. No ámbito organizativo, pode dificultar o desenvolvemento efectivo dos programas culturais e no comunitario, pode limitar o impacto e a calidade dos servizos culturais prestados á cidadanía.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.3 CONFIGURACIÓN PROFESIONAL DOS AXENTES CULTURAIS MUNICIPAIS. ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DAS ENTREVISTAS

O presente apartado aborda a realidade profesional dos axentes culturais municipais en Galicia. A análise parte da premisa de que a comprensión deste ámbito esixe unha aproximación integral que considere os aspectos formativos e funcionais, así como os contextuais e relacionais. Neste sentido, as trece entrevistas realizadas conforman un corpus documental que permite identificar tanto xeneralidades comúns como as singularidades territoriais na configuración profesional do sector en Galicia.

Os resultados obtidos suxiren unha heteroxeneidade, polivalencia e adaptabilidade na que os profesionais desenvolven o seu labor nun contexto frecuentemente marcado pola limitación de recursos, a interferencia política e a falta de recoñecemento institucional. Os resultados reflicten unha coexistencia de concepcións diferentes respecto ao sentido e finalidade da acción cultural, dende aproximacións máis orientadas á exhibición e á programación artística, ata as centradas na dinamización comunitaria e a transformación social.

Un dos achados máis salientables é a identificación dunha progresiva burocratización do traballo cultural municipal, que limita as posibilidades de intervención directa coa comunidade e xera malestar en moitos profesionais; o que se manifesta nos concellos de maior tamaño e contrasta coa visión ideal que moitos técnicos teñen da súa profesión, máis vinculada á mediación social e á dinamización comunitaria que á xestión administrativa. Ademais, obsérvase unha influencia da dimensión territorial nas prácticas profesionais; pois as particularidades do rural galego (dispersión poboacional, envellecemento demográfico e limitación de recursos) requiren modelos de intervención diferenciados con escasa cabida no deseño de políticas culturais máis orientadas ao urbano. Esta asimetría territorial maniféstase na distribución dos recursos humanos e materiais, provocando desequilibrios que condicionan o acceso á cultura nos diferentes contextos.

Por outra banda, a dimensión relacional visibilízase como un aspecto central na construción da identidade profesional dos técnicos culturais. Así, a calidade e intensidade das relacións que establecen coa comunidade, co tecido asociativo e con outros axentes culturais configura o sentido e finalidade do seu traballo, identificando diferentes modelos dende os máis institucionalizados e formalizados (predominantes nos contextos urbanos) ata os máis directos e informais (característicos do rural).

A influencia político-institucional tamén emerxe como un factor influínte na acción cultural. As testemuñas recollidas evidencian como as relacións entre os diferentes niveis administrativos (municipal, provincial, autonómico) e as orientacións políticas dos gobernos condicionan os recursos dispoñibles, as prioridades e modelos de intervención, establecendo un marco de actuación complexo que os técnicos deben afrontar con frecuentes dificultades.

Ademais, os resultados salientan a debilidade das estruturas asociativas e de coordinación profesional, que dificulta a construción dunha identidade compartida e limita a capacidade de incidencia nas políticas culturais. Esta fragmentación, identificada como unha problemática relevante, relaciónase coa diversidade de perfís formativos e profesionais e coas condicións laborais que dificultan a implicación en procesos colectivos.

Para unha correcta comprensión e interpretación dos resultados que se expoñen de seguido, establécese un sistema de codificación empregado na análise dos datos recollidos. As seguintes táboas recollen os códigos utilizados para identificar e categorizar aos profesionais participantes no estudo, preservando o seu anonimato e facilitando a análise sistemática das súas testemuñas.

Con todo, este sistema de codificación permite –ao investigador– unha identificación precisa de cada profesional atendendo ás múltiples dimensións analíticas como a ubicación territorial, perfil formativo, modelo profesional predominante, experiencia laboral e tipo de contratación. Esta codificación facilitará a interpretación das citas e referencias que avalarán os resultados.

Nas seguintes táboas ofrécense os códigos empregados na análise e que pretenden facilitar a interpretación dos resultados que se presentan.

Táboa 31. Criterios de selección e codificación dos participantes nas entrevistas

Dimensión	Categorías	Código	Descrición
Distribución territorial	Provincia 1	Pr1	Representación equitativa das catro provincias galegas
	Provincia 2	Pr2	
	Provincia 3	Pr3	
	Provincia 4	Pr4	
Tipoloxía de concello	Rural	R	Municipios con poboación dispersa e densidade reducida
	Rururbano	R-U	Características mixtas, cabeceiras de comarca
	Urbano	U	Núcleos de maior densidade e tamaño
Perfil formativo	Educativo	PFE	Formación en pedagoxía, educación social
	Non educativo	N-PFE	Formación en humanidades, xestión, artes
Modelo de traballo	Animación sociocultural	ASC	Procesos participativos e dinamización comunitaria
	Xestión cultural	XC	Administración de recursos e programación
Experiencia profesional	Inicial	TAP-1	Menos de 5 anos de experiencia
	Intermedia	TAP-2	Entre 5 e 20 anos de experiencia
	Veterana	TAP-3	Máis de 20 anos de experiencia
Perfil de contratación	Técnico	TFE	Contratación específica para funcións técnicas culturais
	Outra figura	N-TFE	Outras funcións principais con labores culturais

Fonte. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os códigos anteriores combínanse para xerar identificadores únicos que caracterizan cada profesional segundo múltiples dimensións. A seguinte táboa presenta a composición completa da mostra, onde se pode observar a diversidade de perfís representados no estudo.

Táboa 32. Composición da mostra final de profesionais da cultura municipal entrevistados

Código de identificación completo	Provincia	Tipoloxía	Perfil formativo	Modelo	Experiencia	Contratación
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Provincia 1 (Pr1)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	5-20 anos (TAP-2)	Técnico (TFE)
PAC-002-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Provincia 1 (Pr1)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	5-20 anos (TAP-2)	Técnico (TFE)
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Provincia 1 (Pr1)	Rururbano (R-U)	Educativo (PFE)	ASC	>20 anos (TAP-3)	Técnico (TFE)
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Provincia 1 (Pr1)	Urbano (U)	Non educativo (N-PFE)	XC	<5 anos (TAP-1)	Técnico (TFE)
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Provincia 1 (Pr1)	Urbano (U)	Non educativo (N-PFE)	XC	<5 anos (TAP-1)	Técnico (TFE)
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Provincia 2 (Pr2)	Urbano (U)	Non educativo (N-PFE)	XC	5-20 anos (TAP-2)	Non técnico (N-TFE)
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Provincia 2 (Pr2)	Rururbano (R-U)	Educativo (PFE)	XC	>20 anos (TAP-3)	Técnico (TFE)
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Provincia 2 (Pr2)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	<5 anos (TAP-1)	Non técnico (N-TFE)
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Provincia 2 (Pr2)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	5-20 anos (TAP-2)	Técnico (TFE)
PAC-010-Pr3-R-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Provincia 3 (Pr3)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	>20 anos (TAP-3)	Técnico (TFE)
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Provincia 3 (Pr3)	Rururbano (R-U)	Non educativo (N-PFE)	XC	5-20 anos (TAP-2)	Técnico (TFE)
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Provincia 4 (Pr4)	Rural (R)	Educativo (PFE)	ASC	5-20 anos (TAP-2)	Técnico (TFE)
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Provincia 4 (Pr4)	Rural (R)	Non educativo (N-PFE)	XC	>20 anos (TAP-3)	Técnico (TFE)

Fonte. Elaboración propia.

Estes códigos utilizaranse para a exposición de resultados, permitindo unha trazabilidade entre os achados presentados e as características particulares de quen os aportou no seu momento.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.3.1 Perfil profesional. Traxectorias, formación e experiencia dos axentes culturais municipais

A configuración profesional dos técnicos de cultura municipais en Galicia caracterízase pola súa heteroxeneidade, tanto nas vías de acceso aos postos de traballo como nos percorridos formativos e experiencias previas. Os datos recollidos nas entrevistas permiten reconstruír a evolución histórica deste sector profesional ao longo das últimas décadas.

No referente aos mecanismos de incorporación ao sector público cultural, identifícanse diferentes modalidades que reflicten os cambios nas políticas de emprego público e nas estratexias de profesionalización da xestión cultural municipal desde finais dos anos oitenta.

Táboa 33. Vías de acceso e traxectorias profesionais dos entrevistados

Entrevistado	Vía de acceso	Ano/Período	Detalles da incorporación
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Convocatoria Deputación da Coruña	2004	"Por primeira vez a Deputación da Coruña lanza unha convocatoria para os concellos da provincia, co perfil de técnicos de animación sociocultural. Iso foi, ao final, un paso moi importante"
PAC-002-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Plan de cooperación Xunta de Galicia	2009-2010	"Accedín alí por un plan de cooperación da Xunta de Galicia, sinxelo, por seis meses [...] tiven unha opción en 2010, en xuño"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Oposicións de bibliotecario	Non especificado	"Nas oposicións de bibliotecario... Eu era un estudante de Dereito por vocación materna [...] Quizais foi unha das mellores decisións da miña vida"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Cargo de libre designación	Non especificado	"Estiven ano e medio traballando [...] como asesor cultural, ou sexa, un cargo de libre designación, non a través de oposición [...] Despois rachou a coalición de goberno"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Reconversión desde psicotécnico	Non especificado	"Acabei de traballar un venres no psicotécnico e comecei aquí no concello [...] as outras cousas que fixen nada teñen que ver con este eido"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Axudas tripartito Xunta (González Laxe/PSOE)	1987-1988	"Foi no ano 88, 88, 87 [...] estaba sen contrato [...] foi por unha axuda que veu do tripartito da Xunta de Galicia [...] sacaron unhas axudas para concellos para contratar dinamizadores culturais"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Estes datos evidencian que o acceso aos postos de traballo produciuse a través de mecanismos diversos, desde programas temporais de cooperación interadministrativa ata procesos selectivos regulados, pasando por situacións de reconversión laboral dentro da propia administración municipal.

A dimensión formativa constitúe outro elemento fundamental na configuración dos perfís profesionais. Os itinerarios académicos dos entrevistados mostran unha notable diversidade disciplinar, aínda que se observa unha presenza significativa de titulacións vinculadas ás ciencias da educación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 34. Formación académica, especialización e procesos de autoformación

Entrevistado	Formación inicial	Especialización/Formación complementaria	Proceso de autoformación
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Dereito (incompleto)	Posgrao ASC U. Pontificia Salamanca (1993)	"Era moi novo, non tiña máis formación [...] foi devorar neses anos, tres, catro anos, devorar todo o que entón se publicaba ao respecto"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Licenciatura en Económicas	Antropoloxía (posterior)	"Eu fixen Económicas como licenciatura. Rematei Económicas só pola esperanza de poder estudar Antropoloxía, que era o que eu realmente quería estudar"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Filosofía e CC. Educación (Pedagoxía) USC	Publicacións memoria histórica (1991-1992)	"Son Licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación, na especialidade de Pedagoxía, pola Universidade de Santiago de Compostela"
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Educación Social USC	Especialización ASC + Programas europeos	"Estudei Educación Social na Universidade de Santiago de Compostela, coa especialización en Animación Sociocultural [...] Teño ampla formación en relación a programas europeos"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os percorridos formativos reflicten tanto a ausencia histórica de titulacións específicas en xestión cultural como a capacidade de adaptación e formación continua dos profesionais do sector. Este proceso de especialización progresiva combínase con experiencias formativas pioneiras e procesos autodidactas intensivos.

Máis alá da formación académica e o acceso aos postos de traballo, as entrevistas revelan unha característica distintiva destes profesionais: a súa profunda vinculación persoal co tecido cultural das súas comunidades. Esta relación transcende o ámbito laboral e configura unha identidade profesional onde se entrelazan as dimensións persoais, comunitarias e técnicas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 35. Formación académica, especialización e procesos de autoformación

Entrevistado	Tipo vinculación	Descrición completa da experiencia
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Asociacionismo cultural parroquial	"No ano 1986, na parroquia onde vivo [...] creouse unha asociación cultural [...] Desde sempre estiven moi cerca do asociacionismo, recordo os primeiros ensaios para os festivais de Nadal [...] despois era eu quen ensaiaba para actividades, quen tiraba por proxectos, formando parte da directiva xa desde moi novo"
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Xestión de actividades comunitarias	"Na asociación cultural [...] dinamización comunitaria do territorio, que ten a Escola de Música e Baile con máis de setenta persoas, organiza diferentes proxectos, o ciclo do ano vinculado ao Entroido, ao Nadal, ás Letras Galegas"
PAC-002-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Formación e práctica musical	"A nivel persoal teño formación musical nun conservatorio durante a miña xuventude e logo a verdade é que sempre participei de actividades culturais e actualmente tamén formo parte da fundación [anonimizado]"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Práctica artística xeracional	"Todos os que somos daquela xeración creo que... todos, creo que se rascas un pouco en calquera compañeiro que estea metido nisto de traballar en cultura nos Concellos, algo artístico seguro que fai"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Socialización cultural familiar	"A miña infancia foi realmente unha educación informal bestial, na cal as figuras de animación eran tanto papás como mamás [...] Foi a raíz de don [anonimizado], o cura, quen empezou a crear un pouco de raíces de identidade cultural [...] e ese sentimento de comunidade"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Produción intelectual patrimonial	"No eido das publicacións, teño contribuído significativamente á recuperación da memoria histórica local. En colaboración co meu colega [anonimizado], publiquei en 1991 e 1992 os dous volumes do [anonimizado]"
PAC-010-Pr3-R-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Múltiple: musical e asociativa	"Son músico da banda de música de [anonimizado], dende fai de 30 anos. Fun presidenta da asociación de mulleres de [anonimizado]"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Redes profesionais pioneiras	"Si, formei parte nuns anos do grupo Land Rover, cos compañeiros de actividades culturais de toda Galicia [...] eramos, creo que os primeiros animadores ou técnicos culturais de Galicia [...] non sabiamos nin que camiño tomar, nin onde estabamos"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As experiencias recollidas mostran como a implicación cultural dos técnicos municipais se inicia frecuentemente en etapas temperás da vida, configurando traxectorias vitais onde o persoal e o profesional se entrelazan de forma indisociable. Esta vinculación maniféstase a través de múltiples canles: a participación asociativa, a práctica artística, a produción intelectual e a participación en redes profesionais pioneiras que contribuíron á construción dunha identidade colectiva do sector.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.3.2 IDENTIDADE PROFESIONAL E FUNCIÓNS. DIVERSIDADE TERMINOLÓXICA E CONFIGURACIÓN DO ROL TÉCNICO

O estudo das denominacións e funcións dos profesionais da cultura municipal en Galicia revela unha situación marcada pola diversidade e falta de estandarización nas categorías profesionais. Esta heteroxeneidade maniféstase tanto nas denominacións oficiais dos postos como nas funcións realmente desempeñadas, evidenciando tensións entre diferentes modelos de intervención cultural e dificultades para a integración destes perfís nas estruturas administrativas tradicionais.

A análise das entrevistas permite identificar unha notable variabilidade nas denominacións dos postos técnicos culturais, que reflicte tanto evolucións históricas particulares como decisións políticas conxunturais de cada municipio.

Táboa 36. Denominacións oficiais e categorías profesionais dos técnicos culturais entrevistados

Entrevistado	Denominación oficial do posto	Observacións sobre a denominación
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Técnico de xestión cultural	"No contrato pon técnico de xestión cultural. Como por deformación profesional tiña connotacións negativas co de xestión cultural nese sentido, eu ao final, sempre que podo, poño o técnico de animación sociocultural. De feito, o meu despacho pon técnico de animación sociocultural. É o que quero ser"
PAC-002-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Animador cultural	"A denominación que teño no posto de traballo é o de animador cultural. Cultural, sen o socio"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Técnico animador cultural	"O meu contrato de traballo di que son auxiliar administrativo coas funcións de técnico animador cultural. Perdón, a denominación é de técnico animador cultural e a categoría de auxiliar administrativo"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Xestora cultural	"O meu posto de traballo está supeditado á axuda da Deputación. Desde hai uns tres anos [...] Eu, por tema de condicións laborais, sobre todo salariais, animei ao concello a que se presentase por esa liña de xestión cultural [...] Entón, desde hai uns tres anos, estou como xestora cultural na categoría A2"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Axente de Desenvolvemento Local	Realiza funcións vinculadas á xestión cultural
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Técnica de educación familiar	Desenvolve funcións de xestión cultural ademais das propias do posto
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Técnica de Cultura e Información Xuvenil	Denominación que abarca múltiples áreas

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Estas denominacións revelan tensións conceptuais sobre os modelos de intervención cultural, especialmente entre as perspectivas de "xestión" e "animación", así como a progresiva omisión da dimensión "socio" nas denominacións que orixinalmente incluían o termo "sociocultural".

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As funcións desempeñadas polos técnicos culturais municipais caracterízanse pola súa amplitude e diversidade, configurando perfís profesionais marcadamente polivalentes que deben adaptarse a contextos con recursos frecuentemente limitados.

Táboa 37. Funcións principais desempeñadas polos técnicos culturais segundo contexto municipal

Entrevistado	Tipo de concello	Funcións principais descritas
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Urbano	"As funcións reais que desenvolvo agora mesmo, que non son as mesmas que hai dous anos, son elaboración de pregos para licitacións públicas, son elaboración de informes de todo tipo. E despois, cousas que tampouco me pediron pero que me parecía que eran importantes como renovación completa da páxina web do departamento de cultura [...] Pero en xeral boa parte do meu traballo ten que ver con elaborar pregos e informes"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Urbano	"No caso de [anonimizado], como ben sabes, fundamentalmente son como dous grandes bloques. o que é a xestión, atención e dinamización bibliotecaria; e o que é a programación cultural e socioeducativa [...] abarca desde a creación de proxectos, deseño, redacción, elaboración de carteis, informes de xunta de goberno (que xa criticaremos máis adiante a burocratización da cultura), ata imprimir, enviar e mandar todo"
PAC-010-Pr3-R-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Rural	"Tramitación subvención culturais, veciñais, igualdade, politica social do concello, casa do maior, casa niño. Información e tramitación de axudas a asociacións deportivas, culturais, veciñais,etc. [...] Tramitación de calquer tramite que xurda no concello. Padrón municipal, etc."
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Rururbano	"As que están recollidas no documento da Asociación Galega de profesionais da Xestión Cultural. Na realidade do día a día fanse outras moitas que non están recollidas e que competen a outros profesionais. A realidade galega é moi diversa e depende sempre da vontade política"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A progresiva burocratización das funcións, especialmente nos concellos de maior tamaño, contrasta coa polivalencia extrema dos concellos pequenos, onde os técnicos asumen responsabilidades que exceden amplamente o ámbito cultural.

O desaxuste entre as denominacións oficiais e as funcións realmente desempeñadas emerxe como unha problemática estrutural que afecta á maioría dos profesionais entrevistados, aínda que con manifestacións diferentes segundo o contexto municipal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 38. Percepción do axuste entre denominación e funcións reais

Entrevistado	Valoración do axuste	Explicación do desaxuste
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Desaxuste significativo	"Si, creo que por definición un técnico de cultura é un técnico de administración especial. Especial significa que achega uns coñecementos que en principio non pode achegar [...] Entón, na medida en que a miña función no noventa e pico por cento agora mesmo é administrativa e legal, estou facendo máis as funcións dun técnico de administración xeral que dun técnico de administración especial"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Desaxuste total	"En absoluto. Aínda que non sei se o tes recollido, supoño que máis adiante se comentará que en contexto rural sempre temos que estar un pouco en todo [...] Ultimamente hai moita burocratización, moita xestión e administración da cultura, o que penso que non ten nada que ver co posto. Estas redes virtuais non teñen sentido"
PAC-010-Pr3-R-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Desaxuste por tamaño municipal	"Nun concello de menos de 2000 habitantes, tes que facer algo de todo, eres a persoa de referencia para temas culturais, de lecer, recreativas, para tramites de subvencións, información de calquer tipo, non eres un especialista unicamente no eido cultural"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Esta situación de desaxuste vincúlase tanto ao tamaño demográfico dos municipios como á evolución das funcións administrativas, que progresivamente ocupan maior espazo no traballo cotián dos técnicos culturais.

Respecto ás concepcións ideais sobre a denominación e funcións do posto, os profesionais expresan diferentes visións que reflicten debates máis profundos sobre a natureza da intervención cultural municipal.

Táboa 39. Concepcións sobre a denominación e identidade profesional ideal

Entrevistado	Posicionamento sobre denominación ideal	Xustificación
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Flexible segundo territorio	"A ver, dentro do traballo dos Concellos, ao final tamén ten que ver un pouco dentro da organización dos Concellos, a idiosincrasia en cada sitio dá unha resposta a unha determinada política cultural [...] ao final, como di a tropa, cultura é todo"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Defensa de "técnico de cultura"	"A min non me disgusta [...] Hai unha especie de teima por parte de non poucos profesionais [...] por desbotar o termo de técnico de cultura. A min non me estorba en absoluto. Identifícame moi ben. Eu traballo nun ámbito cultural e desenvolvo funcións técnicas [...] E sen embargo, si me xera bastante prevención a de xestor cultural, porque a xestión é unha labor que desenvolves"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Rexeitamento de "xestión cultural"	"A denominación non sabería dicirche, tería que pensalo [...] Sei que non me gusta o termo xestión cultural porque me soa moito a administración, polo menos eu delimítoo un pouco a iso. Realmente, equipárome moito cos médicos de atención primaria, que antes de que existisen os ordenadores xa te atendían na camilla e mirábante"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As diferentes perspectivas sobre a denominación ideal revelan concepcións diversas sobre o sentido e alcance do traballo cultural municipal, desde visións máis administrativas ata enfoques centrados na dinamización comunitaria.

As principais limitacións identificadas para o desenvolvemento óptimo das funcións culturais municipais abranguen aspectos estruturais, políticos e organizativos que condicionan significativamente o traballo dos técnicos.

Táboa 40. Limitacións para o desenvolvemento das funcións culturais municipais

Entrevistado	Limitacións identificadas	Descrición específica
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Burocratización e perda de contacto cidadán	"Como comentabamos, poder saír á rúa, ter contacto coa cidadanía. Funcións máis específicas... Eu creo que é fundamental a participación e acción [...] O problema é que non se coñece, porque a nivel cultural, como che explico, o éxito a nivel político e cidadán pode ser o impacto e participación que ten unha actividade"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Múltiples factores estruturais	"Son moitos os factores que impiden desenvolver o noso traballo como quixéramos. Demasiada burocracia que no deixa tempo para realizar programas con obxectivos de futuro. Instrusismo político e realización de traballo técnico por políticos liberados. Falla de presupostos e subvencións. Os dirixentes políticos son os que marcan as pautas a seguir, a súa escasa formación educativa, ou os intereses puramente partidistas, épocas de eleccións, etc. desvirtúan a filosofía da programación cultural"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Estas limitacións configuran un marco de actuación complexo onde a burocratización, a interferencia política e a escaseza de recursos condicionan as posibilidades de desenvolver unha acción cultural transformadora.

Os elementos diferenciadores do traballo cultural municipal respecto a outros empregos do sector cultural revelan as especificidades deste ámbito profesional no contexto da administración pública.

Táboa 41. Elementos distintivos do traballo cultural municipal

Entrevistado	Elemento diferenciador	Explicación
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Orientación ao ben común	"Por exemplo, o feito de traballar nunha administración establece unha diferenciación [...] o feito de traballar para a administración pública, para o común, paréceme que xa é un elemento substantivo"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Contacto directo coa poboación	"Eu penso que o contacto coa poboación a nivel cultural. O bonito do noso traballo é que é moi aberto e creativo, podes enfocalo dun xeito ou doutro [...] Para min iso é marabilloso, aínda que tamén teño que criticar que caemos en inercias [...] Pero o contacto coa cidadanía é moi importante"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Converxencia co sector privado	"A ver, agora mesmo pouco nos diferenza porque, basicamente, tamén somos contratadores, somos promotores, somos un pouco de todo porque, realmente, isto cambiou tanto e, bueno, é que non sei, non nos diferenza moito dun promotor cultural"

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Mentres algúns profesionais enfatizan a dimensión pública e o contacto cidadán como elementos distintivos, outros perciben unha progresiva converxencia entre os modelos de xestión público e privado.

En relación coa formación académica e as competencias consideradas máis adecuadas para o desempeño profesional, as entrevistas revelan diferentes perspectivas que reflicten concepcións diversas sobre a natureza da intervención cultural municipal.

Táboa 42. Formación académica e competencias ideais segundo os entrevistados

Entrevistado	Formación recomendada	Xustificación
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Multidisciplinar	"A ver, por un lado, ten que ter formación do ámbito social, por outro lado, ten que ter formación do ámbito da educación, iso é indubidable tamén, e ser consciente que ten unha formación continua, reciclaxe continua [...] Entón, a formación académica é certo que pode ser diversa, pero ten que haber do social, do educativo, e, oi, como a todos, se podemos ter patrimonial, mellor"
PAC-002-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Formación administrativa complementaria	"Pois en canto ao traballo na administración, a nivel lexislativo, a nivel de procedemento administrativo, a nivel de linguaxe administrativa, sabes que requiren tamén coñecementos especializados neste eido. E non creo que haxa unha profesión que englobe de por si todas as funcións que desempeñamos na actualidade"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Educación Social	"Eu creo que a formación académica ten que ser [...] Desde o meu punto de vista, a día de hoxe, neste momento, ten que ser un educador social. Desde o meu punto de vista, en exclusiva, porque eu entendo que a política cultural que se ten que desenvolver nun Concello ten que ser de carácter socioeducativo"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Educación Social e formación continua	"Eu aposto pola educación social, a animación sociocultural, a dinamización comunitaria e a formación continua, porque neste traballo tes que estar formándote en todo momento, como a cultura mesma, algo vivo [...] Sobre todo, é un traballo que sería moito máis rico en valores, dinamización sociocomunitaria, coñecer un pouco ferramentas para traballar"
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Titulacións específicas en xestión cultural	"Penso que se precisa un recoñecemento da profesión, unha posta en valor e regulación. A formación académica dende o meu punto de vista debe ser universitaria con grados específicos, masters..."
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Énfase nas competencias persoais	"Como Técnica de Cultura teñen pasado polo meu departamento perfís de prácticas ou profesionais contratados a través da Deputación (Plan Primeiro Emprego) con diferentes perfís académicos. Xestión Cultural en Conservatorio, Historia da Arte, Educación Social, TASOC, Humanidades... Malia que unha formación universitaria é necesaria, en realidade as competencias dependen máis da formación formal e non formal, da motivación e das ganas, da ilusión"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A diversidade de perspectivas sobre a formación ideal reflicte tanto a complexidade inherente ao traballo cultural municipal como as diferentes concepcións sobre os obxectivos e metodoloxías que deberían orientar a intervención cultural nos concellos galegos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.3.3 A DIMENSIÓN TERRITORIAL NA ACCIÓN CULTURAL. PARTICULARIDADES DOS CONTEXTOS RURAIS E URBANOS

A comparativa entre contextos rurais e urbanos na acción cultural municipal denota diferenzas substanciais no desenvolvemento das políticas culturais en Galicia. Estas diferenzas afectan a múltiples dimensións da intervención cultural, xerando modelos específicos segundo o contexto territorial no que se desenvolve a acción cultural.

As entrevistas realizadas permiten identificar características distintivas que configuran formas diferenciadas de entender e practicar a xestión cultural municipal segundo o ámbito territorial.

Táboa 43. Características diferenciais da acción cultural segundo o contexto territorial

Entrevistado	Dimensión analizada	Descrición das diferenzas territoriais
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Proximidade e relacións coa cidadanía	"Si, penso que si, moitas diferenzas. En canto á delimitación de funcións, creo que fundamentalmente, fronte a contextos urbanos onde adoita haber nas áreas de cultura máis perfís ou máis persoal, nos contextos rurais o bonito é a cercanía. Iso coméntano aquí moitas veces, que vaias a [anonimizado] a ver se consegues falar coa persoa que leva isto. Aquí temos unha cercanía coa cidadanía que é marabillosa, poder falar, ese tempo dedicado a ti persoalmente é un enriquecemento bestial"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Recursos e infraestruturas	"É obvio que [anonimizado, concello rural], por moita vontade que lle puxera, non sería capaz, nin sequera en proporción, de ter a estrutura de infraestruturas e persoal que ten o [anonimizado, concello urbano] en cultura"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Especialización vs multifuncionalidade	"Hai diferencias en tanto en canto a técnicos de concellos rurais non acostumbran a ter persoal ao seu cargo que o libre das funcións administrativas, como auxiliares administrativos e en moitos casos nin sequera bedeles para abrir as instalacións polo que fai de todo e sabe de todo. Nun concello grande sí hai departamento de cultura con equipos e o traballo está moito mais diversificado"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Recoñecemento profesional	"Un punto importante tamén a ter en conta é que nun concello grande a figura do Técnico está máis clara e recoñecida politicamente moito máis que nun pequeno. E moito dese recoñecemento ben dado porq no pequeno como o técnico fai de todo pois dan por sentado que ten obriga de facelo"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Metodoloxía de traballo	"Si, bueno, a ver, a min dáme a impresión, sobre todo, eu coñezo compañeiras que organizan cultura, pois sexa desde un punto político ou como técnicas, ou en concellos, bueno, urbanos [...] E eu, sobre todo, o que noto con respecto á miña realidade é que aquí é todo máis, de repente, que se fai todo, pois, a mallón. En outros concellos ves que ven a programación trimestralmente"
PAC-010-Pr3-R-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Condicionantes demográficos	"Grandes diferenzas, para empezar o numero de xente que pode acudir a un evento. Os tipos de eventos que se poden organizar. Nada que ver o urbano co rural, de menos de 2000 habitantes, xente envellecida e gran dispersión territorial"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Estas diferenzas estruturais configuran modelos de intervención cultural adaptados ás particularidades de cada contexto, onde a proximidade relacional no rural contrasta coa maior especialización e recursos dos ámbitos urbanos.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O debate sobre a conveniencia de estandarizar ou diferenciar os perfís profesionais segundo o contexto territorial revela posicións diversas entre os técnicos entrevistados.

Táboa 44. Posicionamentos sobre a estandarización de perfís profesionais segundo o territorio

Entrevistado	Posición sobre estandarización	Argumentación
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	A favor da homoxeneización	"A ver, aí pode haber un... e non é bo, porque nos enganemos, é necesario que haxa un coñecemento social do que é a profesión e do profesional [...] Claro, ten presente o seguinte. o moito que cambiou... Eu conto ou recordo que algunha vez que intentamos ver, bueno, máis si non que os datos de [anonimizado] poden ser máis ilustrativos... Pero recordo que en [anonimizado, concello urbano], por exemplo [...] o intrusismo, sen que isto sexa nada pexorativo, que levaba a cultura a través da área social"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Denominación común, implementación flexible	"A ver, probablemente se deberán, teñen que adaptarse sempre a un contexto, pero en principio eu creo que podería a denominación dos postos, a formación exixida e todo isto podería ser a mesma para un técnico de cultura ámbito urbano ou rural, un animador sociocultural ámbito urbano ou rural, porque senón nos volveríamos tolos con 500.000 titulacións"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Funcións xenéricas compartidas	"As funcións xenéricas ou finalidades do posto si teñen que ser compartidas. Loxicamente, do que estamos a falar é desa falta de identidade. Por exemplo, como comentabas antes, en concellos máis rurais e pequenos ese trato personalizado e coñecer a veciñanza é algo exclusivo deses contextos. Debería ser só así nas cidades? Isto é impensable ou debería ser tamén así?"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Diferenciación de perfís	"Non, claro, no. No rural necesitan ser unhas figuras, no urbano necesitan ser outras figuras. E que si que considero que poden ter a mesma formación, quero dicir, formación poden ter a mesma porque para traballar no rural e para traballar no urbano necesitas máis. O que pasa é que a xente que traballa no rural tense que ubicar no rural e a xente que traballa no urbano tense que ubicar no urbano"
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Superación da dicotomía rural-urbano	"Penso que o concepto rural-urbano ten que tratarse como un continuum e de xeito transversal. Na actualidade as diferenzas vense diluídas pola movilidade das persoas, as ideas e formas culturais, as interacións sociais e virtuais. Deben existir vasos comunicantes que fagan que se den transvases recíprocos"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Esta diversidade de perspectivas reflicte tensións máis profundas sobre a identidade profesional e os modelos de intervención cultural, evidenciando a complexidade de articular políticas que recoñezan tanto a especificidade territorial como a necesidade de consolidación profesional do sector.

No referente aos espazos e equipamentos culturais, os municipios galegos presentan diferentes estratexias de distribución territorial da oferta cultural, condicionadas pola estrutura poboacional e os recursos dispoñibles.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 45. Configuración e valoración dos espazos culturais municipais

Entrevistado	Descrición dos espazos	Valoración e problemáticas
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Múltiples espazos distribuídos	"A ver, no meu concello que neste caso son [anonimizado] parroquias nas que hai catro casas da cultura máis grandes como de cabeceira e logo hai locais sociais nas outras parroquias todas. Nós sempre apostamos máis por unha política cultural de democracia cultural no sentido de que por natureza sen máis hai moito movemento asociativo"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Centralización con descentralización selectiva	"Aquí a creación deste edificio supuxo a centralización de moita oferta cultural. Hai que darlle vida á creación do auditorio municipal, un equipamento importante que centralizou moitísimo a oferta cultural, falando de oferta. Despois tamén temos ofertas noutros equipamentos cando son socioculturais para determinados colectivos, entón si que se descentraliza e se utilizan centros educativos ou locais sociais e veciñais"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Reconfiguración post-COVID	"A COVID foi a que converteu o que sempre foi un problema e un impedimento para o noso traballo, que era a dispersión de [anonimizado], nun factor de éxito ao reformular as accións socioculturais e aproveitar esa dispersión"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Reconversión de espazos	"Pois é gracioso que eu cando estudaba en [anonimizado], eu acabei en sexto de primaria con... eramos trece en todo o colexio, trece nenos e nenas, e agora desde hai catorce anos está pechado este colexio. E este, bueno, o alcalde que está agora transformouno nun centro de día [...] a mellor forma que vimos foi, como xa hai vinte usuarios que van estar alí todo o día, pois as actividades culturais facémolas enfocadas no centro de día"
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Carencias de espazos	"Considera que son os adecuados? No noso caso temos carencias importantes de espazos. A actividade cultural desenvólvese dende a Casa da Cultura que ten un salón de actos, biblioteca e despachos do persoal adscrito ao departamento"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Infraestruturas inadecuadas	"A ver, temos un espazo adecuado e logo temos varios, bueno, varios non, moitísimos inadecuados. Agora mesmo, por exemplo, nos estamos valendo porque aquí agora mesmo se derrubou a antiga casa da cultura, se vai facer alí o concello e nos quedamos sen un espazo de programación realmente. [...] Non temos unha infraestrutura boa. Temos un auditorio en [anonimizado] que se está ben equipado"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A configuración espacial da oferta cultural reflicte tanto as limitacións estruturais como as estratexias adaptativas desenvolvidas polos municipios, evidenciando a capacidade de reconversión e reutilización creativa de espazos ante a escaseza de recursos específicos para a cultura.

O financiamento constitúe un dos aspectos máis críticos da xestión cultural municipal, presentando notables disparidades entre municipios que condicionan as posibilidades de intervención cultural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 46. Orzamentos e financiamento da cultura municipal

Entrevistado	Orzamento cultural	Observacións sobre financiamento
PAC-002-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Non especificado	"Fai uns anos, pero déixame pensar porque andei estes días para... [...]. A verdade que nunca, ata hai pouco tampouco, parecerá xa increíble pero ata hai pouco eu nunca tivera o coñecemento do orzamento do que dispoñiamos no departamento"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	2.400.000 euros	"Si, mira, son 2.400.000 euros e é totalmente insuficiente. Quero dicir, son como 38 euros por habitante. A de [anonimizado], que é o noso veciño de aquí ao lado, é 72 euros por habitante ao ano. E nós temos como un 4,9% do orzamento total municipal, mentres que [anonimizado] teñen arredor do 10-11%"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	40.000 euros aprox.	"Temos 20.000 euros para a contratación de espectáculos e tema de festas, que tamén entra na oferta sociocultural que facemos, e letras galegas tamén entra aí. Creo que son outros 20.000 euros, non están aprobados os orzamentos deste ano, así que non podo dicir que estean aprobados, pero aproximadamente 40.000 euros"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	1.800.000 euros	"1.800.000€ pero ahí inclúese persoal, arranxo de instalacións, actividades. Si o queres máis concreto por partidas, mirocho. De todos os xeitos é dificil saber exactamente cal é porq son varias partidas e logo metense cousas doutros departamentos ou ao revés. Moitas veces os propios interventores non teñen claro que facturas van a cultura e cales non"
PAC-010-Pr3-R-PFE-ASC-TAP-3-TFE	<25.000 euros	"Estamos falando para cubrir as actividades de cultura (nadal, entroido, magosto, festas de verán, actividades deportivas, etc menos de 25.000 euros o ano. Insuficiente totalmente. Pero hai que sacar imaxinación e rascar onde se pode. Financiación de Deputación principalmente"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As disparidades orzamentarias evidencian non só diferenzas cuantitativas nos recursos dispoñibles, senón tamén problemáticas cualitativas relacionadas coa transparencia, comunicación interna e dependencia de financiamento supramunicipal.

A dependencia do financiamento externo caracteriza especialmente aos concellos de menor tamaño, condicionando a súa autonomía na planificación cultural.

Táboa 47. Fontes de financiamento e modelos de cofinanciamento

Entrevistado	Modelo de financiamento	Descrición da situación
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Plan Único da Deputación	"A nivel municipal, por un lado, unha cousa creo que boa, e por outra, mala. Hai, non sei se, tres, catro anos [...] A Deputación da Coruña lanzou unha cousa que se chama o Plan Único. Entón, o Plan Único é a cada concello da provincia voulle dar os cartos en función dun número de habitantes, características de distribución territorial, unha serie de cousas"
PAC-010-Pr3-R-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Dependencia da Deputación	"Financiación de Deputación principalmente" (contexto de orzamento <25.000€)

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En conclusión, a dimensión territorial configura modelos diferenciados de intervención cultural municipal en Galicia, onde as características estruturais de cada contexto (recursos, demografía, dispersión) determinan tanto as posibilidades como as estratexias de actuación dos técnicos culturais.

6.3.4 MEDIACIÓN COMUNITARIA. RELACIÓNS ENTRE TÉCNICOS, CIDADANÍA E AXENTES CULTURAIS LOCAIS

A análise das relacións entre os técnicos de cultura municipais e a súa contorna social revela diferentes modalidades de coordinación, comunicación e participación. Estas varían substancialmente segundo o tamaño do concello, os recursos dispoñibles e as culturas organizativas de cada institución.

Os datos recollidos nas entrevistas permiten identificar patróns diferenciados na coordinación interna dos concellos, especialmente no referente ás dinámicas interdepartamentais.

Táboa 48. Modalidades de coordinación interdepartamental nos concellos

Entrevistado	Modalidade de coordinación	Descrición e valoración
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Contactos informais puntuais	"Soe ser difícil, e pódoche comentar varias anécdotas ou feitos non tan anecdóticos. Nós axudámonos, por exemplo, esencialmente en cuestións moi moi prácticas. 'Olle, vin Chévere, que tal é a súa última función?', 'Olle, que sabes deste tío que vén a tal?', 'Como fixeches daquela cousa?'. Moito menos do que deberiamos, porque o problema fundamental é que cada concello segue sendo unha illa [...] senón fundamentalmente polos políticos"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Contacto persoal sen estrutura	"Non. Manteño contacto con moitos técnicos a nivel personal"
PAC-010-Pr3-R-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Coordinación transfronteiriza	"Na actualidade estamos en contacto moi permanente coa Cámara de Ponte da Barca, estamos bastante preto"
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Ausencia con consecuencias negativas	"Nalgunha ocasión por algunha acción en concreto, pero en xeral non, non existe coordinación. É unha mágoa porque ás veces traemos o mesmo espectáculo na contorna e iso non sucedería se establecéramos reunións que funcionarían"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A coordinación interdepartamental presenta niveis moi diversos de formalización e eficacia, oscilando entre estruturas estancas e modelos colaborativos, con particular influencia das ferramentas dixitais e as experiencias derivadas da pandemia na transformación dos modelos de traballo.

No ámbito da coordinación intermunicipal, as entrevistas revelan unha problemática estrutural derivada principalmente de factores políticos que limitan a colaboración técnica entre concellos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 49. Experiencias e limitacións na coordinación intermunicipal

Entrevistado	Modalidade de coordinación	Descrición e valoración
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Contactos informais puntuais	"Soe ser difícil, e pódoche comentar varias anécdotas ou feitos non tan anecdóticos. Nós axudámonos, por exemplo, esencialmente en cuestións moi moi prácticas. 'Olle, vin Chévere, que tal é a súa última función?', 'Olle, que sabes deste tío que vén a tal?', 'Como fixeches daquela cousa?'. Moito menos do que deberiamos, porque o problema fundamental é que cada concello segue sendo unha illa [...] senón fundamentalmente polos políticos"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Contacto persoal sen estrutura	"Non. Manteño contacto con moitos técnicos a nivel personal"
PAC-010-Pr3-R-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Coordinación transfronteiriza	"Na actualidade estamos en contacto moi permanente coa Cámara de Ponte da Barca, estamos bastante preto"
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Ausencia con consecuencias negativas	"Nalgunha ocasión por algunha acción en concreto, pero en xeral non, non existe coordinación. É unha mágoa porque ás veces traemos o mesmo espectáculo na contorna e iso non sucedería se establecéramos reunións que funcionarían"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Estas experiencias evidencian que a coordinación intermunicipal, cando existe, depende principalmente de iniciativas persoais e informais máis que de estruturas institucionais estables, con notables excepcións nas experiencias transfronteirizas e algunhas estruturas comarcais.

As relacións co tecido asociativo local constitúen un elemento central da mediación comunitaria, presentando modalidades moi diversas segundo o contexto municipal.

Táboa 50. Características das relacións cos axentes asociativos

Entrevistado	Tipo de relación	Funcións e dinámicas descritas
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Mediación e apoio técnico	"Evidentemente. É dicir, iso está á orde do día. Porque ao final, claro, dentro do Concello, eres o referente, en parte, todo o que ten que ver con xestión de locais ou con recursos [...] É dicir, recibo solicitudes de recursos, tamén de asociación. Olle, podes axudar en xestionar esta subvención, podes supervisala, podes non sei que"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Relación viciada e instrumentalizada	"A nivel profesional, cando se dá esta circunstancia, eles pídennos algo ou nós pedímoslles algo. Ás veces pasa, cada vez menos, porque claro, hai que se establecer unha relación viciada. Por outra banda, a política e os políticos ás veces, incluso sen mala intención, utilizan e abusan das entidades"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Contacto permanente e directo	"Relación permanente e directa. O Concello posúe debidamente rexistradas 85 asociacións culturais, gastronómicas, musicais, teatrais… e todas organizan, polo menos, unha actividade ao ano"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Colaboración estreita en eventos	"Mira, aquí as asociacións... O que vos dicía, con esta, por exemplo, que son os veciños... En Cabreiros hai varios eventos ao longo do ano que son constantes. Temos unhas xornadas internacionais rurais que se levan facendo dende hai za nove anos e, bueno, hai unha relación moi estreita para a organización desas actividades que son tres días"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A relación cos axentes asociativos oscila entre dinámicas de apoio e colaboración estreita e situacións de instrumentalización mutua, con particular relevancia da función mediadora dos técnicos entre as asociacións e a administración.

No referente ás relacións directas coa cidadanía, os datos mostran unha clara diferenciación segundo o contexto territorial do concello.

Táboa 51. Modalidades de relación coa cidadanía segundo o contexto

Entrevistado	Contexto	Características da relación
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Rural	"A ver, unha vez que estás nesta área, ao final, és un personaxe público, é dicir, ao final, é unha relación continua. O día ten as horas que ten, como humano tes a capacidade que tes, e é moitas veces toda a parte burocrática e de xestión resta ese contacto directo que é o que máis me gusta de dar coa xente"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Urbano	"Si, coa veciñanza hai poucas cousas, hai aquelas liñas de formación que ofrecemos nós directamente, formación en cultura dixital ou formación en teatro"
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Urbano con presenza activa	"Si claro. Recibo aos axentes culturais da cidade e o estar presente e participar de xeito activo na vida cultural da mesma e na programación do Concello (feito importante este que non é moi habitual no sector, non adoita haber un seguemento real, unha presenza e implicación), o contacto directo coa cidadanía é constante"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Rural pequeno	"Pois, a ver, en [anonimizado] facemos de todo, facemos de axente todas as xestións que teña que facer. Entón, claro, pois ao final acaba sendo unha relación moi cercana. Eu, aparte, moita xente coñezo porque, obviamente, somos veciños"
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Rural con múltiples canles	"A cidadanía é o máis importante no noso traballo diario. Alén de estar presentes nas redes sociais, da creación de listas de correo e de distribución vía whatsapp, falamos coa xente que acude aos nosos espectáculos, escoitamos as súas demandas, pedimos as súas opinións"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Rural moi pequeno	"Moi boa, a ver, son daquí de toda a vida, entón, é a verdade que, que bueno, aquí nos coñecemos todos, é un Concello pequeno, incluso coas parroquias e con todos, moi boa"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A proximidade persoal característica dos contextos rurais contrasta coa maior distancia institucional dos ámbitos urbanos, aínda que a sobrecarga burocrática afecta negativamente á capacidade de contacto directo en ambos contextos.

O deseño da oferta cultural municipal presenta diferentes modelos de configuración que revelan concepcións diversas sobre o papel da cidadanía na planificación cultural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 52. Modelos de deseño da oferta cultural e participación cidadá

Entrevistado	Modelo predominante	Descrición do proceso
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Modelo mixto participativo	"É dicir, na nosa realidade, xa che dixen que parte un pouco das asociacións cara arriba. De feito, por exemplo, no programa de maiores, pois eles elixen o Consello de Maiores, pois que me sento eu a programar máis convido a Consellería delegada trimestralmente, entón eles son os representantes dos maiores que teñen que intentar captar propostas dos restos de maiores para levalas a esa mesa de traballo de programación"
PAC-002-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Descendente con apertura	"Practicamente descendente na súa totalidade. Non, non, o contrario, xa che dicir que practicamente todas ascendentes. Aínda que certo é que se xorde unha proposta do tecido asociativo ou veciñal, eu en concreto sempre estou disposta a escoitalos e encántame que cheguen con proxectos"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Descendente con inercias	"Claro, é que ao final o que che dicía antes, o que se facemos é unha cultura comandada desde arriba. A programación que fago, xa que eu sei que hai que facer, vale? [...] Nós facemos unha programación que nos parece, unha que é moi repetitiva, unha programación que se leva facendo coa mesma estrutura desde hai décadas"
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Equilibrio entre modelos	"Existe unha mistura das dúas, non se pode facer unha programación de costas á cidadanía como tampoco se pode esquecer a vontade política. Unha parte do traballo debe ser tamén a busca de novas propostas e vías que axuden a formar e abrir o espectro da cidadanía"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os modelos de deseño oscilan entre aproximacións descendentes con forte peso institucional e experiencias participativas máis horizontais, con diferentes graos de incorporación da voz cidadá nos procesos de planificación.

A análise sistemática das necesidades culturais da cidadanía constitúe unha carencia xeneralizada nos concellos estudados.

Táboa 53. Prácticas de análise de necesidades culturais

Entrevistado	Tipo de análise	Metodoloxía e frecuencia
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Enquisa periódica limitada	"Pois mira, eu normalmente, dependendo, cada... case coincide co ciclo político. Sobre todo, no ámbito de solitude de maiores, o que fago é unha enquisa, iso cada tres ou catro anos, unha enquisa simplemente para medir como evoluciona unha cousa, que interese teñen, que queren cambiar e tales. É palpable. Un cuestionario palpable"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Sen análise formal	"Non. Aínda que intentei facelo varias veces"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Coñecemento informal	"Non. Non como... Non unha análise formal. Informal si que... o que vos acabo de comentar, vamos"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A ausencia de estudos formais sobre necesidades culturais contrasta coa importancia atribuída a esta información, predominando o coñecemento informal baseado na experiencia directa e a observación participante.

A orixe dos recursos culturais que configuran a oferta municipal mostra un claro predominio dos circuítos externos, especialmente das redes provinciais.

Táboa 54. Procedencia dos recursos culturais na programación municipal

Entrevistado	Predominancia	Descrición e proporción
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Equilibrio con énfase endóxena	"Depende non é sempre. Mais depende do municipal, é dicir, por diversas cuestións [...] na rede cultural de deputación pedimos ao mellor sete espectáculos, imaxínate nada máis o resto é todo producido no endóxeno"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Predominio esóxeno (70%)	"Son esencialmente esóxenos. É máis, direiche como no circuíto da Deputación non podemos contratar a entidade, imos a empresas, a artistas da localidade. [...] Toda a programación, non 70%... A columna vertebral da programación cultural que hai nos Concellos, o 70%, é Rede Cultural de Deputación"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Endóxeno reforzado post-COVID	"Dos dous, efectivamente depende un pouco dos dous, pero basicamente do endóxeno. Xa che digo, dentro da pandemia moitísimo máis porque tentamos apoiar bastante os nosos grupos, un pouco todo o que temos aquí. Temos algún grupo de rock, de música clásica, temos, porque existen dúas bandas, dous grupos de baile, corais, coros"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A dependencia dos circuítos externos, particularmente das redes provinciais, configura un modelo onde os concellos actúan principalmente como distribuidores locais, aínda que algúns municipios desenvolven estratexias para potenciar os recursos endóxenos.

As modalidades de participación cidadá na oferta cultural revelan diferentes concepcións sobre o papel da poboación na vida cultural comunitaria.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 55. Formas de participación cidadá na oferta cultural

Entrevistado	Tipo de participación	Descrición da implicación
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Evolutiva: de pasiva a activa	"É, si. A poboación é o que che dicía antes, que cando propoñemos actividades sempre contamos con eles e cando, pois hai actividades a xente, pois a verdade é que recibe todas as propostas cos brazos abertos e cada vez son máis demandantes de actividades, de cousas que os saquen da rutina"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Principalmente como audiencia	"En xeral non participa na oferta. Porque me imaxino que esta pregunta é a nivel... Que non, que organizamos un evento de 20 xente, non? Se ten éxito"
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Axentes activos	"As veces como axentes activos que desenvolven e participan en proxectos culturais. voluntariado cultural. Grupo de teatro afeccionado, club de lectura... por sinalar 2 exemplos"
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Gradación de intensidades	"A cidadanía participa as veces con demandas variadas, de carácter xenérico ou específico ou incluso sendo partícipes na organización e execución"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Apertura institucional	"A ver, eu sempre che digo que como queiran, que o poden facer como queiran tanto reunídose comigo como vindo aquí, facendo propostas ou calquera tipo de cousa. De feito a concelleira para iso é a primeira que está na rúa todo o tempo e que todas as ofertas que se propoñen a verdade é que todas as ten en conta"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A participación cidadá presenta un amplo espectro que vai desde a simple asistencia como audiencia ata a implicación activa na organización e execución, con potencial evolutivo cara a formas máis activas cando se crean condicións favorables.

Finalmente, os modelos de implementación da oferta cultural mostran unha tendencia crecente cara á externalización de servizos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 56. Modelos de xestión e implementación da oferta cultural

Entrevistado	Modelo de xestión	Xustificación e características
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Externalización supervisada	"Non, a ver, é certo que recorremos a empresas externas [...] Claro, se lle pide unha empresa externa (é dicir, o deseño do campamento faino a técnica municipal), facemos entre todos, e ela é a que dá a voz cantante, pero coordinamos, revisamos, opinamos e demáis"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Necesidade por limitacións legais	"Se temos que o Concello a día de o se fora dar a contratación que pode facer legalmente, pode facer, se o ten que facer o Concello, o campamento non se fai na vida ou de verán"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Xestión directa	"A oferta cultural ponse en marcha sempre dende a Delegación de Cultura. Eu como Técnica, a miña compañeira como Auxiliar de Cultura e/ou a Bibliotecaria"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Evolución cara á externalización	"Non, en principio é... O que pasa é que despois dos anos estou un pouco cansa porque a verdade pasei moitos días de semana traballando, as noites, moitas semanas culturais das doce da noite, da unha da mañá e volver para casa. Agora, na verdade estou un pouquiño máis desvinculada diso, pero agora tamén hai moita empresa que nolo fai"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A evolución nos modelos de xestión reflicte tanto limitacións normativas e administrativas como cambios nas condicións laborais e expectativas profesionais, con tendencia cara a unha maior externalización operativa mantendo o control estratéxico municipal.

En conclusión, a mediación comunitaria dos técnicos culturais municipais configúrase a través de múltiples relacións que varían segundo o contexto territorial, os recursos dispoñibles e as culturas organizativas, evidenciando a complexidade da xestión cultural pública nos concellos galegos.

6.3.5 Modelos de intervención cultural. Tensións entre a xestión cultural e a animación sociocultural

A análise das prácticas profesionais dos técnicos culturais municipais en Galicia revela unha complexa realidade marcada pola tensión entre dúas concepcións fundamentais da intervención cultural: a xestión cultural e a animación sociocultural. Esta dualidade configura non só as prácticas cotiás dos profesionais, senón tamén as súas aspiracións, frustracións e perspectivas sobre o desenvolvemento futuro do sector.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 57. Distribución de funcións entre xestión cultural e animación sociocultural

Entrevistado	Modelo predominante	Descrición da práctica actual
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Xestión cultural total	"A día de hoxe, a xestión cultural. Totalmente. Animación... Intento deseñar actividades de animación, de dinamización sociocultural, pero o que é o meu desempeño profesional está ultimamente moi delimitado á xestión"
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Modelo mixto	"É ese equilibrio é, pois eu creo que podería ser a mellor un xusto era que foro, eu creo que un 70-30 pero eu creo que pode ser un 60-40 menos diso non é, fixo é dicir, eu creo que algo máis do 60-40 pero sería máis ou menos a porcentaxe pero ese 40 é xestión cultural e socioeducativa, non é unha xestión só de números é de máis cousas"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Xestión con intentos de animación	"Intentamos colar, a ver, hai algunhas cousas de animación, pero non. Esencialmente xestión cultural. [...] Nós, cando analizamos ofertas, propostas e demais, a cabra tira ao monte e nós imos á análise desa perspectiva socioeducativa"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Xestión administrativo-legal	"Xestión cultural é todo. Xestión cultural, claro, é facer pregos, deseñar programacións, definir proxectos a medio e longo prazo, coordinalos, coordinar festivais, é un montón de cousas. Entón, xestión cultural, claro, eu fago, o que pasa é que fago só a vertente máis administrativo-legal"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Xestión exclusiva	"Xestión cultural- Non realizamos ningún tipo de animación"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Reflexión conceptual	"Eu, realmente, tampouco teño moi clara a diferenza entre ambos. Pois mira, así en groso modo... Por definición, o que di a teoría é que a animación sociocultural é, bueno, un traballo máis centrado coa cidadanía, na cal a persoa animadora sociocultural é, bueno, pois como motor que dinamiza a vida cultural da cidadanía, van traballando conxuntamente para promover actividades en clave cultural e a xestión cultural, pois, bueno, basicamente, a xestión da cultura está baseada máis na contratación de servizos culturais"
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Xestión con apoio asociativo	"Malia que desenvolvo ambas funcións estou máis centrada na xestión cultural. Afortunadamente o tecido asociativo do municipio xa realiza actividades de animación sociocultural"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os datos recollidos evidencian un claro predominio das funcións de xestión sobre as de animación, configurando un escenario onde a burocratización progresiva limita as posibilidades de intervención comunitaria directa. Esta tendencia maniféstase tanto en termos absolutos como nas propias percepcións dos técnicos sobre a evolución do seu rol profesional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 58. Valoración do modelo actual e correspondencia co modelo idóneo

Entrevistado	Adecuación ao idóneo	Xustificación/Análise crítica
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Non se adecúa	"Non, para nada. Para nada se adecúa. [...] pero é o que nos levan os tempos. Ao final, os tempos supoñen a xestión administrativa ademais"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Modelo posible, non ideal	"Eu creo que este é xusto o modelo que é posible, porque tamén haberá esta demanda, non digo que non. [...] Non é este o modelo, creo que debera ser outro. Este é o modelo máis fácil, máis agradecido e o que dá resultados máis aparentes, máis rapidamente"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Ausencia de modelo	"Non, non, primeiro que eu non creo que haxa ningún modelo en [anonimizado. Fai referencia ao nome do concello]. É dicir, fóronse facendo cousas segundo ían xurdindo problemas, íanse tapando furados [...] non se foi proactivo, non se tivo un obxectivo a medio-longo prazo"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Responsabilidade política	"As cousas son máis ben preguntas para os políticos, porque son os que a cidadanía escolleu para xestionar, neste caso, os cursos culturais"
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Bastante axeitado	"Sempre é mellorable, pero axeitase bastante, xa que depende de como se estenda a animación e de se se fai dende un prisma eminentemente cultural"
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Adecuado ao territorio	"Eu creo que si, iso dá xa a historia e a propia naturalidade do territorio [...] hai todo unha orixe de como o movemento asociativo foi evolucionando ao largo do tempo"
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Xestión como democratización	"Unha boa xestión cultural é o que máis se adecúa ao noso contexto, xa que o noso obxectivo é poñer ao alcance da cidadanía tomiñesa os bens culturais e facilitar e incentivar á participación nestes, dende a infancia ata a terceira idade"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A correspondencia entre o modelo implementado e o considerado idóneo revela un notable nivel de insatisfacción, aínda que con matices significativos. Mentres algúns técnicos perciben o modelo actual como imposto polas circunstancias, outros recoñecen nel unha adaptación pragmática ás condicións reais do territorio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 59. Percepción sobre a homoxeneidade territorial dos modelos de intervención

Entrevistado	Percepción de homoxeneidade	Factores de diferenciación identificados
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Diversidade territorial	"Eu creo que cada concello é un mundo, creo que non hai como algo que se adecúe a todos, cada un temos as nosas características"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Problemáticas compartidas	"Pois eu penso que si. Que en xeral é unha crítica que temos todos. Eu estou tanto en grupos que somos grupos informais do ámbito da cultura e do ámbito da biblioteca. Aínda comentaba no grupo bibliotecario onte unha compañeira que mandaba un whatsapp dicindo Oia, quero mercar uns libros e teño que facer un informe para a xunta de goberno, teño que se dea aprobada dentro de 15 días, teño que facer un mandamento de pago que me ten que aprobar o secretario"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Tendencia maioritaria con excepcións	"Eu creo que o maioritario si. Despois hai excepcións fantásticas, pero eu creo que o maioritario si, por desgraza"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Diferenzas por tamaño	"Eu creo que si, sobre todo igual non é tan así nos Concellos máis pequenos, por unha simple razón. por capacidade, non por outra cousa"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Diferenzas xeográficas	"Penso que idiosincraticamente cada concello é un mundo e penso que non é o mesmo un concello de interior que un concello da costa, efectivamente"
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Cautela metodolóxica	"Non sei se podo facer tal aseveración xa que precisaría dunha análise extensa polas múltiples realidades e factores"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A cuestión da homoxeneidade territorial dos modelos de intervención cultural revela percepcións diversas que oscilan entre o recoñecemento de problemáticas compartidas –especialmente a burocratización excesiva– e a constatación de diferenzas substanciais vinculadas ao tamaño, localización xeográfica e traxectoria histórica dos municipios.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 60. Visión profesional unitaria sobre o modelo de intervención

Entrevistado	Existencia de visión unitaria	Factores explicativos da diversidade
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Non existe	"Para nada. Para nada porque... ao final temos nos que dar conta de que é unha profesión unha profesión persoal que estamos creando"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Círculos diferenciados	"Polo menos non vexo círculo, si. Non vexo círculo, que somos críticos con iso. Non coñezo outro círculo que... Os círculos unidos están moi cómodos con iso [...] Si, claro, claro. Os que entenden o noso traballo municipal como o de oficina de 8 a 3 e os que non o entendemos así"
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Non, heteroxeneidade formativa	"Non xa que a procedencia e formación dos profesionais que nos adicamos a cultura é moi variado. É moi importante unha regulación"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Mellora na cohesión	"Ah, bueno, hai unha... eu creo que está bastante, nos últimos anos, grazas ao traballo dos últimos anos, está bastante unida. É certo que hai como hai un grupo, un colectivo que cada vez que organizamos actividades formativas coa Deputación que vén xa sempre ás xuntanzas a falar da súa problemática sindical e laboral"
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Diversidade normalizada	"Non, como para case todo"
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Diversidade consubstancial	"Considero que sería raro a existencia dunha visión unitaria, xa que a xestión cultural ten catro polos de referencia, determinados polas súas relacións co territorio, economía, comunicación e a produción artística e estes polos, varían"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Descoñecemento mutuo	"Tampouco tanto xente que traballen, sabe, o que falabamos antes, como tampouco teñen unha relación directa con estes profesionais, tampouco sei cal son as opinións dos profesionais"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Falta de información	"Pois non sei, faltaríanme datos para contestar esa pregunta"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A análise revela unha ausencia xeneralizada de consenso profesional sobre o modelo de intervención cultural municipal. Esta falta de visión unitaria atribúese a múltiples factores: a heteroxeneidade formativa dos profesionais, o illamento comunicativo entre técnicos, e a propia natureza diversa da xestión cultural. Algúns informantes identifican a existencia de "círculos" profesionais con concepcións diferenciadas sobre a natureza e alcance do traballo cultural municipal, mentres outros normalizan esta diversidade como característica inherente ao sector.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.3.6 DIMENSIÓN POLÍTICO-INSTITUCIONAL. INFLUENCIAS E CONDICIONANTES NA ACCIÓN CULTURAL MUNICIPAL

A análise da influencia das diferentes administracións públicas na praxe profesional da xestión cultural en Galicia constitúe un eixo importante para comprender as dinámicas que condicionan o desenvolvemento do sector. As relacións entre os diferentes niveis de goberno (municipal, provincial e autonómico) e o traballo cultural revelan tensións entre a autonomía técnica e o control político, entre a planificación estratéxica e a improvisación, e entre as visións homoxeneizadoras e as necesidades específicas dos diferentes territorios.

Táboa 61. Modalidades e mecanismos de influencia administrativa no traballo cultural

Entrevistado	Tipo de influencia	Descrición e manifestacións concretas
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Económico-financeira	"A Xunta de Galicia inflúe sempre segundo as subvencións que conceda. Tamén influe no presuposto que se concede na Rede Galega de Teatros. A Deputación practicamente non inflúe nin para mal nin para ben"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Económico-financeira condicionada	"A miña en concreto, eu nunca vin que condicionase, a verdade. Neste caso, pois, por exemplo, se a Deputación ou a Xunta emite, pois, x subvención para determinado perfil profesional ou para determinados espectáculos ou que sexa, bueno, pois, nese caso, condicionaría dalgún xeito [...] Si, pero bueno, a miña experiencia, por exemplo, a Deputación, non sei se coñece o Plan Único da Deputación de [anonimizado. Fai referencia ao nome da Deputación], que se solicita que ten varias partidas, nós pedimos, para partida de cultura, pedimos o que nós queremos"
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Laboral-estrutural	"Si, totalmente. De que maneira? Moito. Para empezar, a deputación é a base do meu posto de traballo. Houbo unha declaración de intencións desdoblando os meus perfís. En 2018, creo que foi, non? Pois xa van 4 anos. E houbo esa intencionalidade, pero non o fixeron ben [...] Chegamos cos dentes e as uñas. Foi moi dura esa reunión, porque non nos están a dar estabilidade laboral"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Programática-conceptual	"Como dis, non é a casa... Pois mira, non, fíxate, non, ben pensado, xa non. Ben pensado, o que hai é mudanza de discurso. O que din, si que o cambian. O que din, si que o cambian. Pero o que facemos é o mesmo"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Operativa-funcional	"Bueno, claro, a miña praxe o Concello inflúe completamente. Así e todo conseguín que se fixese o plan estratéxico, que xa non é pouco, pero eu fago, fago o que me mandan. Quero dicir, teño, á diferenza doutros compañeiros noutras cidades que teñen bastante autonomía, eu agora mesmo, aquí e agora, igual dentro de... se continuase, igual xa diría outra cousa"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Territorial-contextual	"Si, totalmente, porque ao final, se as subvencións que sacan as administracións estiveran vistas no territorio e foran factibles para os municipios rurais, o traballo sería moito máis fácil, porque partimos da base de que, como xa dixen antes, para min a peor traba é o económico"
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Autonomía relativa	"Evidentemente que xa non ten sentido ao final as políticas teñen que facer iso no caso municipal eu traballei para diversas ideoloxías é xa que a nivel municipal nótase menos eu sempre notei un marxe e un apoio sen ningún problema por diversas iniciativas que foi da que foro xurdindo"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os mecanismos de influencia administrativa maniféstanse a través de múltiples canles que interactúan de forma complexa, configurando un escenario onde a autonomía técnica aparece constantemente negociada e condicionada por factores económicos, políticos e territoriais.

Táboa 62. Percepción sobre a existencia de planificación estratéxica e políticas culturais homoxéneas

Entrevistado	Existencia de planificación	Caracterización da situación
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Non existe	"Non, eu dubido que existan planificacións estratéxicas. Desde logo, no meu Concello non hai. Na Deputación, se hai, cústame ver cal é. E nas Xunta estou convencido de que non, convencido [...] A ver, a non ser que lle chamen a planificación estratéxica... Primeiro, a planificación estratéxica poderías lela nalgún sitio, estaría escrita, habería un documento. E xa planificación... Outros son ideas á cabeza"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Excepcionalidade histórica	"Non, ben, xa é evidente que non. Eu publiquei bastantes cousas sobre isto, evidente que non. O primeiro plan estratéxico municipal de cultura que se fai en Galicia acabámolo de facer agora, despois de que levamos 40 e pico anos de democracia municipal, 313 concellos, a primeira vez que hai un plan estratéxico de cultura é agora"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Descontinuidade	"Eu, a administración pública que me toca, coa que traballo, non vexo que sexa homoxéneo que vos dicía ao principio, que vamos un pouco máis ao que xa, pois un ano tivemos o Cultura no Camiño. Non son Dinamizarte"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Programas sen planificación	"Non. Si existen programas concretos como a Rede de Teatros e Auditorios de Galicia, ou o Ciclo Cultura no Camiño pero non todos os Concellos teñen acceso a eles"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Inadecuación territorial	"Non, non. O que falabamos antes, paréceme que as... ao final os políticos, os políticos, bueno, as administracións neste caso, pois consideran que todo é liso e llano como se adoita dicir, e non se dan conta de que detrás, bueno, pois de cada concello hai unha realidade"
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Insuficiencia metodolóxica	"Penso que son escasas ou as veces non axeitadas aos contextos nos que se desenvolven"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Importación acrítica	"Non, considero que non. Ou sexa, considero que a definición debéuse de sacar pois non sei, de Madrid ou doutro sitio donde é distinto [...] Non poden ser unha casa sen tellado en Galicia porque aquí chove. O mesmo que che conto isto che digo o mesmo do outro"
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Excepcións territoriais	"Depende da Administración. E se, por exemplo, entras na [anonimizado, nome da Deputación] estás máis de acordo ou menor de acordo cos procederes pero xa que ves unha política cultural coherente. En que sentido? En que ves de que hai subvencións para Administracións para o persoal técnico. Hai unha rede cultural moi potente de actuacións donde empoderas toda a creación artística e musical do territorio"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A ausencia xeneralizada de planificación estratéxica maniféstase en múltiples dimensións complementarias: a carencia de documentación formal, a descontinuidade temporal dos programas, a inadecuación ás realidades territoriais e a importación de modelos descontextualizados. Só excepcionalmente identifícanse casos de aproximacións máis sistemáticas, principalmente asociadas a certas deputacións provinciais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 63. Definición das políticas culturais e factores explicativos

Entrevistado	Nivel de definición	Análise e factores identificados
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Ausencia absoluta	"Para nada. En absoluto. Para min non. Non rotundo. Non existe unha planificación estratéxica de cultura, non. Fóra de que as ofertas culturais, non os catálogos, é o máis estratéxico que coñezo. Pero, como tal, nin a nivel central, nin deputación, nin FEGAMP, nin municipal, neste caso"
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Variable e inconsistente	"Depende dos casos. Cada administración e cada goberno ten a súa política cultural (ou non a ten directamente en moitas ocasións)"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Ritualización substitutiva	"A ver, si que hai certas cousas que sempre se tratan, pero, bueno, quero dicir, que o trata máis o calendario que unha política cultural definida, vamos. Porque o 17 de maio sempre é o Día das Letras Galegas e o 23 de abril sempre é o Día do Libro"
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Falta de vontade política	"Non, falta vontade política"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A deficiente definición das políticas culturais atribúese a múltiples causas interrelacionadas, destacando a falta de vontade política como factor fundamental e a tendencia a substituír a planificación estratéxica pola repetición ritual de celebracións cíclicas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 64. Influencia do sesgo político nas políticas e prácticas culturais

Entrevistado	Tipo de influencia política	Manifestacións e exemplos concretos
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Substantiva e económica	"Si. É dicir, aí dependendo de quen estea gobernando hai cousas que queren facer ou deixan de facer. Hai maiores ou menores sensibilidades cara a un lado ou outro [...] O que falabamos antes. A problemática de entender ou concibir o noso traballo no mundo do subvencionismo. É dicir, a nosa planificación ou a nosa programación depende das axudas que saen"
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Económica-orzamentaria	"Sen dúbida. Pero sobre todo, no investimento"
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Estrutural-organizativa	"Evidentemente. Está claramente. Fun dicindo xa cos diversos exemplos. É iso. Dentro dunha mesma houbo unha lexislatura que era cultura e turismo e outra que é educación e cultura. Está encaixada? No que eu entendo que debe estar encaixada. É certo. Como eu tiño fenómenos importantes para escomar a xa cobeu, levo cultura e turismo para tirar do carro"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Persoal-relacional	"Si, si, si, si, vamos, ou sexa, iso... O tema é claro que a auga e non do sesgo político tanto, do sesgo da persoa gobernante. Quero dicir, non ten por que ser efectivamente sesgo político pero si houbo mudanzas con sesgo político e persoal, si houbo moita mudanza. Si, si, en todos os anos. A ver, eu levo como catro alcaldes ou cinco, xa non lembro ben, pero si houbo, houbo cambio, houbo cambio na maneira de dicir, de dar as liñas de traballo como moitas máis cousas"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Infraestrutural	"Si, eu poño un exemplo moi, moi rápido. Cando había outro grupo político... [anonimizado. Fai referencia ao nome do concello] pasou por un grupo, bueno, por dous grupos políticos nesta... bueno, este alcalde leva oito anos. Na anterior pois era outro grupo doutra cor. Si que pasou por un gran cambio que foi, por exemplo, no anterior mandato cerrouse o colexio como che dixen antes, un colexio de trece nenos do rural, bueno, case escola unitaria, e cerrouse [...] E cando chegou este novo alcalde dixo. isto é unha perda para todos, un colexio pechado que non se está facendo nada"
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Lexitimidade democrática	"Non se pode facer unha programación cultural que esqueza a vontade política. A cidadanía co seu voto está apoiando un proxecto, cun programa no que se establecen unhas bases de actuación, tanto nas infraestruturas, por poñer un exemplo, como na cultura. Diferentes gobernos, fan (ou non fan directamente) diferentes programacións culturais"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As mudanzas derivadas do sesgo político maniféstanse en múltiples dimensións que van desde as transformacións orzamentarias e programáticas ata as reorganizacións estruturais e os cambios asociados ás características persoais dos responsables políticos, configurando un escenario de notable volatilidade institucional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.3.7 ARTICULACIÓN PROFESIONAL. REDES, ASOCIACIONISMO E VINCULACIÓNS NO SECTOR CULTURAL

A análise da articulación profesional dos técnicos culturais municipais en Galicia revela un panorama complexo caracterizado pola fragmentación, a falta de cohesión e a ausencia de espazos efectivos de encontro e coordinación. Esta situación afecta tanto á construción dunha identidade profesional compartida como á capacidade de incidencia colectiva nas políticas culturais.

Táboa 65. Percepción sobre a cohesión profesional e factores de fragmentación

Entrevistado	Nivel de cohesión	Factores explicativos identificados
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Ausencia total	"Non, para nada. Porque... Porque non temos cohesión, non temos unha rede na que comunicarnos. Bueno, está a... unha chaga... xa non me sae ningún nome... Está completamente... Para min, desvirtuado. E representación da nosa figura como persoal, o traballo que desempeñamos, non o ves en ningún sitio. Estivo en Interea, no seu momento. Vale, iso si que foi un puntazo, foi un lugar de encontro, de traballo de base, de posta en común, de experiencias"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Limitacións estruturais	"Como os medios son escasos, o traballo sociocultural é intenso, de baixo rendemento (enténdeme, de baixo rendemento aparente, de baixa cultividade e sobre todo a curto prazo), implica un gran queime persoal. Claro, os políticos non lles interesa e os técnicos, pois quizais estaría ben facelo así, pero afago esto outro porque que tamén teño vida [...] Home, hai problemas de formación. Que é dicir, eu entendendo que debe ser un educador social que sexa figura nuclear da xestión cultural, da acción cultural, creo que é necesario que a educación social o crea"
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Cansancio e corresponsabilidade	"Non. É dicir, é por unha cuestión ás veces tamén de cansancio profesional. Enténdoo e percibo que cada un ten a súa vida profesional, ten as súas circunstancias. E non é fácil combater iso. Outra cousa é que hai unha cuestión que é a corresponsabilidade individual e profesional [...] É dicir, habería que facer pedagoxía con toda a xente e che os xuro que ninguén vai dicir que non e se nega porque sabe que sen o proceder. Pero non se dá a chegar, non se dá a chegar"
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Heteroxeneidade formativa	"O feito de que exista unha asociación galega de profesionais da xestión cultural é un avance aínda queda moito por conseguir. Os profesionais do eido cultural temos formacións diferentes e eso crea diversidade"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Diferenzas rural-urbano	"Non, non creo que chegue a estar dividida. Creo que si que hai un ser moi marcado entre a xente que non estamos vencellados a isto no mundo rural e no mundo urbano. Quero dicir, creo que temos, non estamos divididos pero non temos a mesma finalidade. No rural intentamos, temos que ter outra visión das cousas, pero porque son realidades distintas, pero non creo que iso signifique que a profesión estea dividida"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Fragmentación sectorial	"Tamén é certo algo que che comentei antes, que son moi distintos os diferentes sectores culturais entre si. Entón, a xente que traballa no audiovisual está moi cohesionada internamente, coñécense todos, pero igual coñecen a moi pouca xente da que traballa no eido das exposicións e das artes plásticas"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os factores que explican a falta de cohesión profesional son múltiples e interrelacionados: a ausencia de espazos comúns de articulación, o desgaste derivado das condicións laborais, a heteroxeneidade formativa dos profesionais, as diferenzas territoriais entre contextos rurais e urbanos, e a fragmentación entre diferentes ámbitos artísticos e disciplinares.

Táboa 66. Percepcións sobre a polarización ou división da profesión

Entrevistado	Caracterización da situación	Elementos de división identificados
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Desconxuntada vs. polarizada	"Si, non. Eu creo que está desconxuntada completamente [...] Desestruturada. É dicir, polarizada. Supón que, non? Como que hai dous imáns que están a atraer, non? A dúas partes divididas e como que estivo nalgún momento unida e fraccionouse [...] O mellor aí, como parte da arte, pode dicir, ou Interea incluso, que si que foi un momento de cohesión, iso perdeuse. Aí si que podo falar de que se dividiu. Porque Interea, polo menos na miña vivencia profesional, si que foi aí un momento de... de cooperación e de unión"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	División paradigmática	"Entón, quero dicir, si hai esa sensación de que hai dúas formas polo menos de entender isto [...] Que dependendo donde... Na Universidade de Guadalajara, que teñen un máster en xestión cultural e teñen unha cátedra sobre xestión cultural donde forman xestores culturais ortodoxos, non teñen moito predicamento"
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Adaptación pragmática	"Si, está claro que sí. Si, porque hai maneiras de entender as cousas. E non culpo a ninguén. A historia é de que ti chegaches a traballar con moitas ganas e ao final o único que facer é subcontratar a unha empresa, non facer outra cousa [...] Pero bueno, ás veces sí que dá pena. Se foramos máis a profesión iríanos a todo moito mellor e quedarían cousas moito máis claras e vamos ter máis oportunidades"
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Cuestionamento definitorio	"Máis dividida que polarizada e se é que existe un todo chamado profesionais da cultura...que significa iso? Ata onde e a quen engloba?"
PAC-002-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Multiplicidade representativa	"Coñezoas, a todas, pero participar non participei directamente en ningunha delas, entón a opinión que che podo dar vai ser nesgada e demais, pero entendo que por exemplo se... que haxa diversidade de entidades por un lado non é malo, pero ao mesmo tempo quizais tamén dá mostra desa división ou separación que pode existir. E tamén dá mostra se hai entidades que están peleando por defender unhas liñas de actuación, unha profesión orientada a unhas determinadas funcións e obxectivos, tamén é que hai unha profesión que está... que algo non está... dá mostra de que algo non está indo ben"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Cohesión inefectiva	"Si, ainda que esa cohesión non nos levou a ningures. Non fumos quén de conquerir un colexio e unha asociación de Técnicos de Cultura forte que velara polos intereses dos traballadores"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A división profesional maniféstase menos como unha polarización entre posicións antagónicas e máis como unha fragmentación por disgregación, caracterizada pola coexistencia de diferentes concepcións sobre a natureza da intervención cultural, procesos de adaptación pragmática diferenciados, e a propia dificultade para delimitar o colectivo profesional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 67. Valoracións sobre as entidades representativas do sector

Entrevistado	Coñecemento e valoración	Análise crítica das entidades
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Falta de representatividade	"No Consello de Cultura Galega non teño ningún tipo de contacto, da Asociación de Xestoras non me representa, se o digo así. E o Grupo de Traballo, pola parte que me toca, naceu un pouquiño con ese ánimo de intentar evidenciar e empezar a traballar con CEESG [...] Non me representaba en absoluto. A unha empresa non me representaba sen absoluto. Funcionario, vale, que non digo que... Non están... Non parten desta base, desta problemática que temos. Si, das vosas realidades, das vosas vivencias... Non, para nada. Para nada, para nada. Entendes? Entón, a min que me vendan, eu, nas formacións nas que estiven, que viñan eles e vendíanse uns paquetes... Non me representaba"
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Crítica ao modelo representativo	"O que me interesa, evidentemente, é ter un colectivo profesional concienciado, un colectivo profesional comprometido, pero non comprometido coa cultura e o folclore, que se aparte de que nunca se cae sempre, vimos con eses proxectos folclóricos e defendemos e promovemos a cultura, pero ao veciño ninguén lle pregunta, e ao veciño xa se lle acostuma, pois son espectadores"
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Necesidade de diversidade	"A ver, o Consello da Cultura Galega por un lado sí que ten unha parte importante que ten que ver co Observatorio da Cultura, con facer estatísticas que che dan vistas de cara a unhas tendencias, etc. É importante que tamén o Consello da Cultura Galega ten unha área de traballo do ámbito da cultura pero é certo que non pode ser monopolizada por un grupo de xente só [...] Ten que estar universidades, ten que estar entidades, ten que estar profesionais, representantes de Concellos. Ten que estar membro de toda o sistema da cultura galega, senón non é representativo"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Descoñecemento e desvinculación	"O Consello da Cultura Galega coñezo, pero a nivel... non a nivel profesional. E das dúas outras asociacións non coñezo a labor delas [...] Resaltando no anterior, que non teño unha perspectiva unitaria da profesión porque non teño... non teño ese vínculo digamos, co colectivo cultural, vamos"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Valoración positiva	"Realiza unha labor de cohesión importe además de manternos ao día en formación e poñendo á nosa disposición unha serie de recursos para o noso traballo"
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Aprobación	"Absolutamente, fan unha labor excelente"
PAC-010-Pr3-R-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Perspectiva socioeducativa	"Bo traballo, sobre todo dende o Colecio de Educadores sociais de Galicia, onde se ten que revindicar o noso papel de que vemos a acción cultural como un recurso para que os cidadán accedan a unha vida mais activa, plena, tanto individual ou colectivamente no seu entorno mais proximo e cultural. Os educadores ociais teñen unha intencion socieducativa sobre todo"
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Prioridades reguladoras	"É moi importante establecer unha regulación propia en canto as condicións de traballo, xornadas laborais, recoñecemento profesional, formación continua..."
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Distanciamento territorial	"Non sei se coñece estas entidades. Non sei porque non as coñezo demasiado. Ás veces penso que, que son entes, entes porque o Consello de Cultura Galega bueno, pois nin que así valera para... non sei para que, pero quero dicir, ao mellor non... está arriba e non está aquí, non... non podo opinar sobre iso"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As percepcións sobre as entidades representativas varían desde o descoñecemento absoluto e a crítica fundamentada sobre a falta de representatividade, ata valoracións positivas minoritarias. Esta diversidade de perspectivas evidencia unha fractura significativa entre as estruturas de representación e importantes segmentos do colectivo profesional, limitando a capacidade de articulación e incidencia colectiva no desenvolvemento das políticas culturais en Galicia.

6.3.8 Desafíos actuais e perspectivas de futuro. Problemáticas e oportunidades no eido profesional

A análise dos desafíos que enfronta a xestión cultural municipal en Galicia revela un conxunto complexo de dificultades estruturais que condicionan tanto o desenvolvemento profesional individual como a consolidación colectiva do sector. Os testemuños dos técnicos culturais permiten identificar problemáticas interrelacionadas que abarcan desde cuestións identitarias e laborais ata aspectos formativos e institucionais, configurando un panorama que demanda transformacións profundas en múltiples niveis.

Táboa 68. Principais problemáticas identificadas no exercicio profesional

Entrevistado	Problemática central	Descrición e manifestacións
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Indefinición identitaria	"Pois a primeira é a identidade. A identidade profesional. Quen somos? Para que se nos creou? Cales son, non? Cales son os nosos límites? O noso perfil profesional. E segundo, esa falta de representación en entidades, como colectivo, tamén. E a realidade, a dignidade laboral e o noso desamparo profesional. Desamparo"
PAC-004-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Insuficiencia de persoal	"A profesión, as principais problemáticas é que hai moi pouco persoal nos departamentos de cultura das administracións públicas, moi pouco. Entón, a xente fai de todo e ás veces como polo sen cabeza. Hai pouca planificación e pouca investigación, análise da situación da cultura nun territorio"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Intromisión política e falta de planificación	"Os dirixentes políticos son os que marcan as pautas a seguir, a súa escasa formación educativa, ou os intereses puramente partidistas, épocas de eleccións, etc desvirtuan a filosofía da programación cultural. Falla de equipos multidisciplinares. É preciso o deseño dunha política integral dentro do municipio, coa creación de equipos multidisciplinares e que permita a aplicación de métodos de planificación e posterior avaliación [...] Gasto desmesurado en instalacións que non son funcionais"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Descoñecemento da profesión	"Pola parte que me toca, é un completo descoñecemento da mesma. Porque, quero dicir, que é unha función que, bueno, que en principio eu creo que debería, para facelo ben, estar desenvolvida por profesionais neste eido"
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Burocratización e sobrecarga	"Falta de preparación, problemas coa burocratización do feito artístico, exceso de carga de traballo e desenvolvemento doutras funcións que deberan ser cubertas por outros profesionais"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Desequilibrio recursos-expectativas	"A ver, os principais problemas volvo ao mesmo, que ao final non temos todos os recursos pois como hai noutros, pois noutros ámbitos [...] Entón ao final estamos moi limitados e creo que temos unha carga de traballo tamén maior, unha carga de esixencia maior porque canto máis fas, a xente máis quere que fagas. Entón ao final vas aumentando, esixen que aumentes, que aumentes en cantidade, en calidade"
PAC-012-Pr4-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Infravaloración social	"Que os traballos con persoas sempre están infravalorados"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As problemáticas identificadas configuran un sistema de obstáculos interrelacionados onde cada dificultade amplifica as demais, xerando un círculo vicioso que compromete tanto a calidade do servizo cultural como o benestar dos profesionais que o desenvolven.

Táboa 69. Propostas de solución e liñas de actuación estratéxicas

Entrevistado	Tipo de solución	Proposta concreta
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Articulación colectiva	"Pois asociarnos. asociarnos, basicamente, e empezar a loitar por iso. O problema é esa división da que falabamos, ou esa falta de interese, aínda que sabes que mobilizar a xente pois é moi complicado. E bueno, eu creo que precisariamos xa unha rede asociativa, como colectivo, para empezar a loitar e traballar un pouquiño con iso"
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Diálogo profesional	"Solucións a cuestión é de, a día de hoxe somos xa un grupo importante de profesionais da sociocultura local que temos xa un cerro total eu creo que crear espazos para falar disto con naturalidade eu creo que non ten un maior secreto sentarse, en pe de igualdade falar donde estamos, donde vimos, cara onde queremos ir de que maneira podemos facelo"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Reestruturación político-administrativa	"As/os políticos deberían ter moito menos poder e sobre todo o alcalde debería deixar de ser o xefe de persoal dos traballadores voltando como nos anos 80 a ser unha labor do Secretario/a municipal. As políticas trasversais son fundamentais para conquerir resultados óptimos"
PAC-006-Pr2-U-N-PFE-XC-TAP-2-N-TFE	Marco normativo específico	"Inversión, lexislación específica para o eido cultural (non pode depender dunha interpretación da lei de contratos, falta de perspectiva e coñecemento do sector, dun xefe de servizo ou un órgano de intervención que se poda realizar unha programación cultural ou non). Persoal, aumento do mesmo con formación e capacitación"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Redistribución territorial	"Si, ao final que houbese máis interconexión entre as administracións, que coñeceran a realidade que temos e que intentaran que os fondos públicos, que os hai, repartilos e repartilos mellor. É dicir, que non un concello de Lugo teña que lle dea unha subvención de 50.000 euros e que o repartan, que teñamos o rural, que teña posibilidade de acceder aos fondos públicos das distintas administracións"
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Cambio de paradigma cultural	"Que existira unha política cultural global. Vontade política e orzamentos axeitados. Que a cultura se considerara un valor estratéxico como elemento diferenciador e singular dunha sociedade e como motor de desarrollo económico, social e educativo"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As solucións propostas abarcan desde medidas organizativas inmediatas ata transformacións estruturais profundas, configurando unha estratexia multinivel que require actuacións coordinadas en diferentes ámbitos institucionais e temporais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 70. Pasos concretos para a mellora da situación profesional

Entrevistado	Ámbito de actuación	Medidas específicas propostas
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Diagnóstico e organización	"Insisto. Crear unha rede. Partir da realidade, de onde estamos. Partir de onde estamos, de forma crítica, realista, porque... hai xente na nosa profesión que o pasa mal, moi mal. Por que? O problema de... de presión, moita depresión, de presión social, presión política e de depresión [...] O feito diso, de dedicar horas fóra do horario que non se me compensa, e que o fas de forma vocacional, pero chega un punto que dis, oi, mira, que isto, ao final, que eu estou currando, e non... que? Non?"
PAC-001-Pr1-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Definición teleolóxica	"Primeiro definir ben que é que esta dúbida que queremos conseguir co noso perfil profesional a nivel local. Se queremos só entreter a xente ou se queremos transformar a xente aos territorios. É a ver, con iso claro hai que dar pasos para construír o perfil profesional idóneo para actuar e pasar á acción do que queremos facer"
PAC-007-Pr2-R-U-PFE-XC-TAP-3-TFE	Delimitación funcional	"Deixar de ser TODO TERRENO é decir. De solucionar todo tipo de problemas. Deixar de traballar en horarios intespectivos ou ter recoñecido estes horarios. Que ao igual que outros colectivos, como os arquitectos se vexa a necesidade de contratarnos e de recoñecernos profesionalmente"
PAC-009-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-2-TFE	Profesionalización formativa	"Si. No meu caso, profesionalizala, polo menos, non? Porque, claro, é o que digo, a organización cultural que levo a cabo nace do que... do... bueno, iso, pois, de ensaio e erro, e de probar, e de buscar, e de... bueno, de modo propio, vamos, que non é... hai que facer... Buscando as ferramentas ti mesma"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Formación especializada	"O primeiro a preparación, a iniciativa, ou sexa, a creación pois dunha carreira que, que leve á xente pois a pensar que a cultura non é un saco donde todo cabe, todo vale e vale calquera. Ou sexa, que tamén facerse como, como para todas as carreiras, non? E para todas as ensinanzas que hai. Ou sexa, que, que a cultura é importante, moi importante, moi básica do pobo"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os pasos propostos configuran unha secuencia lóxica que parte do diagnóstico realista da situación actual, pasa pola clarificación conceptual e funcional do perfil profesional, e culmina na súa institucionalización a través da formación específica e o recoñecemento social.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 71. Problemáticas derivadas da falta de regularización profesional

Entrevistado	Dimensión afectada	Manifestacións concretas
PAC-005-Pr1-U-N-PFE-XC-TAP-1-TFE	Dispersión funcional	"Pois que podo opinar? Que me amola. Me amola. Me amola. O feito de que haxa... E... Esas diferenzas competenciais porque ti analizarás ben e vas ver que hai unha diversidade bestial que, insisto, encaixa porque na cultura temos que adaptarnos a eles e case de cada contexto. Pero, bueno, non podemos estar abrindo portas exercendo funcións de conserxe, de limpeza, de administrativo, de animador, de monitor, de limpar cus, porque facemos todo, sabes?"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Devaluación salarial	"Iso xa non me xera... de xa, porque en fin, ata agora precario, precario, precario, precario. Pero penso que efectivamente como non, non hai unha regularización e non hai nada que o poida dicir, un técnico ten que ser un profesional con esta titulación. Entón como cabe todo o mundo, claro, así estamos. Ou sexa, non hai nin os salarios nin os traballadores ao final porque todo vai... non quero dicir que a xente de cultura non sexa boa traballadora pero non se paga, non se paga porque, porque como eres calquera cousa vales para todo [...] Home, eu ata agora cobraba como un barrendeiro"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A falta de regularización maniféstase tanto na dispersión funcional extrema que dilúe a especificidade profesional como na devaluación económica que non recoñece as competencias específicas requiridas para o exercicio da xestión cultural.

Táboa 72. Evolución histórica da profesión: etapas e características

Entrevistado	Período/Etapa	Caracterización do proceso evolutivo
PAC-003-Pr1-R-U-PFE-ASC-TAP-3-TFE	Xurdimento (anos 80)	"Nos atopamos nos anos oitenta. Eu empecei a traballar no 88. Estamos falando de, ben, xa viña atrás. Fundamentos de animación sociocultural edítanse en 86, que foi unha referencia. E Editorial Popular sacaba os seus pequenos manualiños a partir do 82 e 81, paréceme [...] O que nese momento, que coincide co inicio realmente dos concellos democráticos, as áreas de cultura que nin áreas eran, nutrense de xente que viña ou ben da creación (pouca), máis ben do activismo"
PAC-011-Pr3-R-U-N-PFE-XC-TAP-2-TFE	Tríade evolutiva	"É unha profesión moi recente, polivalente e versatil, está en constante evolución. Os fitos máis importantes dende o meu punto de vista é a implantación xeralizada das concellerías de cultura nos concellos de Galiza, a profesionalización dos traballadores do eido cultural e as ofertas formativas dende a universidade, ciclos e masteres específicos"
PAC-013-Pr4-R-N-PFE-XC-TAP-3-TFE	Demanda cidadá como catalizador	"Si, como se... A creación pois a necesidade, a necesidade que creou o pobo cando se viron desbordados os concellos con demandas da propia poboación"
PAC-008-Pr2-R-PFE-ASC-TAP-1-N-TFE	Consolidación actual	"Pois a verdade non coñezo fitos así como sinalados, pero creo que nestes últimos anos a profesión avanzou moitísimo porque cada vez xa non é que as administracións nos consideren importantes, é que a poboación está demandando cultura, a poboación está demandando programas culturais. Entón iso creo que é como o máis importante que pode pasar"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A evolución histórica da xestión cultural municipal en Galicia presenta un percorrido de catro décadas marcado pola progresiva institucionalización, profesionalización e recoñecemento

social. Este proceso, iniciado nos albores da democracia municipal e estreitamente vinculado ás transformacións sociopolíticas do país, evoluciona desde un modelo baseado no voluntarismo e o activismo cara a unha crecente tecnificación e especialización, aínda que mantendo desafíos estruturais pendentes de resolución.

6.4 Análise institucional da cultura municipal galega. Perspectivas desde as entidades representativas do sector

A análise dos resultados das entidades vinculadas á cultura municipal constitúe un elemento para comprender a configuración, evolución e perspectivas do ecosistema cultural galego. O presente apartado aborda as visións institucionais sobre a acción cultural municipal en Galicia, a través do estudo de tres entidades que representan diferentes aproximacións á intervención cultural: o Grupo de Traballo de Animación e Xestión Sociocultural do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), a través do seu coordinador, a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC), a través do seu presidente, e a Comisión de Políticas Culturais do Consello da Cultura Galega, a través da súa coordinadora. Estas tres entidades configuran unha cartografía representativa das principais sensibilidades e enfoques presentes no panorama institucional galego, amosando diferentes modelos de intervención e conceptualización. A súa diversidade non constitúe un elemento de fragmentación, senón que representa a crecente complexidade e riqueza dun sector que avanza cara unha maior articulación e especialización.

O Grupo de Traballo do CEESG emerxe como unha iniciativa xurdida directamente da experiencia dos profesionais no terreo, cunha visión ancorada na dimensión socioeducativa e comunitaria. A súa integración nunha organización profesional preexistente responde a consideracións pragmáticas que lles permitiu acceder a recursos e estruturas establecidas, mentres mantiñan o seu enfoque específico na intersección entre educación social e cultura.

A AGPXC, pola súa banda, é unha entidade especializada na defensa e lexitimación da figura do xestor cultural, cunha traxectoria que ilustra a evolución mesma do sector, transitando desde un enfoque inicialmente centrado no ámbito público municipal cara unha visión máis ampla que incorpora progresivamente o sector privado.

Finalmente, a Comisión de Políticas Culturais do Consello da Cultura Galega representa unha aproximación marcadamente institucional, orientada á análise e avaliación das políticas culturais. A súa posición institucional confírelle lexitimidade e capacidade de interlocución coas instancias decisorias, operando nun plano diferente ao das outras entidades e cunha capacidade de intervención máis orientada á análise e recomendación que á acción directa.

A través das entrevistas en profundidade realizadas aos responsables destas entidades, identifícanse tanto converxencias como matices en cuestións fundamentais: a natureza e características das profesións culturais municipais, as súas necesidades formativas, as relacións coa cidadanía, as transformacións contemporáneas do sector e as disparidades territoriais existentes en Galicia. As diferentes visións sobre estas cuestións non constitúen contradicións irreconciliables, senón aproximacións específicas que contribúen a enriquecer a comprensión dun fenómeno complexo e multidimensional.

Esta análise comparativa permite identificar elementos compartidos que transcenden as particularidades de cada entidade: a preocupación pola profesionalización e dignificación do sector, o recoñecemento da importancia da dimensión socioeducativa da intervención cultural,

a defensa da participación cidadá na construción das políticas culturais e a necesidade de adaptación ás particularidades territoriais da realidade galega. Estes elementos comúns configuran un substrato compartido que, malia as diferenzas de enfoque, permite visualizar un horizonte de converxencia na conceptualización da acción cultural municipal.

Os resultados tamén suxiren tensións e desafíos que enfrontan na súa acción institucional: a escaseza de recursos, a dispersión territorial, a heteroxeneidade dos contextos municipais, a crecente burocratización e as tendencias mercantilizadoras que condicionan o desenvolvemento das políticas culturais. A análise resulta especialmente interesante nun momento de transformación das políticas culturais municipais, caracterizado pola crecente importancia da dimensión local na intervención cultural, o impacto da revolución tecnolóxica e a necesidade de adaptación a un contexto post-pandémico que ten alterado notoriamente as dinámicas de produción, distribución e consumo cultural. Neste escenario cambiante, as visións institucionais proporcionan claves interpretativas para comprender as tendencias emerxentes e os posibles itinerarios de evolución futura do sector.

Nos seguintes subapartados, profundarase nas diferentes dimensións que configuran esta cartografía institucional: desde a natureza e constitución das entidades ata a súa visión sobre as relacións entre os profesionais, pasando pola análise dos labores que desenvolven, o seu posicionamento respecto á acción cultural municipal e á formación profesional, así como a súa visión sobre a relación entre acción cultural e cidadanía.

6.4.1 Natureza e constitución das entidades. Diversidade institucional e modelos organizativos

A configuración institucional do sector cultural galego maniféstase a través de tres modelos organizativos diferenciados que responden a lóxicas, necesidades e estratexias específicas. A análise comparativa destas entidades permite comprender a complexidade e riqueza do ecosistema institucional da cultura municipal en Galicia.

O proceso de constitución das tres entidades analizadas responde a momentos históricos e necesidades específicas do sector cultural galego. A cronoloxía fundacional e as motivacións que impulsaron a súa creación revelan tanto a evolución do sector como as diferentes aproximacións á súa articulación profesional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 73. Orixe e constitución das entidades representativas

Entidade	Ano/Período	Proceso de creación e motivacións
Grupo de Traballo CEESG	2018	"Basicamente, nun curso de formación da Deputación, no Pazo de Mariñán da Deputación da Coruña, xuntámonos unha serie de profesionais que traballamos na acción cultural na provincia da Coruña. E a raíz de aí, vimos que había unha serie de eivas e necesidades que traballar no sector por unha certa situación que se dá desde a política, desde o ámbito universitario de formación, etcétera"
AGPXC	2008	"Algúns deles xa eran membros dunha asociación chamada Land Rover, que tamén, bueno, digamos, podemos considerar como a primeira que houbo que agrupaba iso a técnicos de cultura municipais. Pero, bueno, déronlle unha volta naquel tempo. [...] decidiron poñer en marcha unha nova asociación digamos que, bueno, con un fin máis destacado de protección da profesión"
Comisión Políticas Culturais CCG	Recente (temporal)	"A Comisión de Políticas Culturais naceu como unha necesidade de un pouco avaliar, porque entra dentro do que é a misión do Consello da Cultura de avaliar as necesidades, as políticas culturais existentes eh, e un pouco diagnosticar as necesidades cara a un futuro en Galicia, en cuestións de políticas culturais"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os datos recollidos mostran que cada entidade xurdiu en contextos temporais diferentes e con obxectivos específicos que respondían ás necesidades identificadas no seu momento. O Grupo de Traballo do CEESG emerxeu desde a experiencia directa dos profesionais no terreo, mentres que a AGPXC representou unha evolución desde estruturas previas como Land Rover, e a Comisión do CCG naceu dunha necesidade institucional de avaliación das políticas culturais.

As decisións estratéxicas adoptadas no momento fundacional de cada entidade condicionaron profundamente o seu desenvolvemento posterior. Cada organización optou por un modelo organizativo específico baseado tanto en consideracións pragmáticas como en concepcións diferenciadas sobre a natureza da representación profesional no ámbito cultural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 74. Decisións estratéxicas e modelos organizativos

Entidade	Modelo organizativo	Xustificación estratéxica
Grupo de Traballo CEESG	Integración en estrutura colexial preexistente	"Despois de analizar varias cousas, de crear unha asociación con personalidade xurídica e tal, vimos que o máis fácil para non perder o tempo en cuestións burocráticas era que, bueno, varios de nós eramos educadores sociais, que estabamos colexiados, e por aí lanzamos, creamos un grupo de traballo"
	Aproveitamento de recursos institucionais	"Tiñamos un soporte máis ou menos potente para ir presentándonos e demandando cousas diante das administracións. Tiñamos un servizo xurídico, tiñamos unha sede, ferramentas, tiñamos financiación para pagarmos formación, desprazamentos, temas de reunión, bueno, vimos que era un soporte bo nese momento, e foi a maneira de facelo"
AGPXC	Asociación independente específica	Evolución desde Land Rover cara unha estrutura máis profesionalizada e específica para a xestión cultural
Comisión Políticas Culturais CCG	Comisión institucional temporal	"Bueno, co Consello da Cultura, é unha comisión temporal que, pero eu, persoalmente, creo que debería ir máis alá da temporalidade. Neste momento ten data de caducidade ao final deste ano, pero vamos, a miña vontade é que continúe e a vontade de todas as persoas que conforman tamén é de que continúe"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A análise destas decisións estratéxicas revela que a integración do Grupo de Traballo do CEESG nunha estrutura colexial preexistente respondeu principalmente a consideracións de eficiencia operativa e acceso a recursos institucionais xa establecidos. Esta opción contrasta coa decisión da AGPXC de constituírse como asociación independente para defender especificamente os intereses da profesión, mentres que a Comisión do CCG adoptou unha natureza temporal aínda que con vocación de continuidade.

O percorrido evolutivo destas entidades desde a súa fundación ata a actualidade caracterízase por transformacións significativas na súa composición e orientación. Estes cambios reflicten non só a maduración interna de cada organización senón tamén as transformacións estruturais experimentadas polo conxunto do sector cultural galego nas últimas décadas.

Táboa 75. Evolución e composición actual das entidades

Entidade	Composición inicial	Evolución e situación actual
AGPXC	Técnicos municipais de cultura	"É certo que toda esta profesión, digamos que xa se ampliou moito tamén no ámbito do privado. De feito, xa somos 155, xa estivo así contado todo o día, creo que así, xoias máis da metade xa son profesionais do ámbito da empresa privada ou como autónomos, freelance, etc."
Grupo de Traballo CEESG	Profesionais da acción cultural (principalmente educadores sociais)	Mantén o seu enfoque na intersección entre educación social e cultura
Comisión Políticas Culturais CCG	Membros institucionais designados	Composición institucional con representación de diferentes ámbitos do sector cultural

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os procesos de transformación identificados, especialmente notables no caso da AGPXC coa súa progresiva incorporación de profesionais do ámbito privado, evidencian unha evolución desde modelos inicialmente centrados no sector público municipal cara a configuracións máis heteroxéneas e representativas da diversidade actual do ecosistema cultural. Esta evolución reflicte tanto a expansión do mercado cultural privado como a crecente complexidade das relacións entre os sectores público e privado na xestión cultural contemporánea.

6.4.2 Composición e estrutura das entidades. Perfís profesionais e vínculos institucionais

A estrutura organizativa das tres entidades representativas do sector cultural galego reflicte diferentes concepcións sobre o traballo cultural e as competencias necesarias para desenvolvelo. A análise comparativa da súa composición permite identificar tanto converxencias como diverxencias nas estratexias de articulación profesional adoptadas por cada organización.

Táboa 76. Composición profesional das entidades

Entidade	Perfís profesionais	Descrición da composición
Grupo de Traballo CEESG	Educadores sociais e pedagoxos	"E dentro do grupo de traballo, estabamos seis técnicos de concellos, titulación de educación social, despois había dúas persoas colaboradoras tituladas en pedagoxía, tamén técnicos de concello, e despois había tres estudantes"
AGPXC	Heteroxénea público-privado	"En termos así un pouco xerais, xa digo, nos que estamos hoxe máis ou menos, máis ou menos podemos dicir que a metade, máis ou menos, aproximadamente, quizais algo menos xa, profesionais que traballamos no ámbito da administración pública, técnicos de cultura, animadores culturais, xente que ocupa, digamos niveis de dirección, cargos de dirección en entidades da administración. E despois na parte privada pois hai moito como autónomos, as súas empresas son el ESOF, a outra xente que forma parte de cooperativas ou tamén de empresas"
	Feminización do sector	"Maioritariamente, tamén son máis mulleres que homes, vese que cada vez vai ser, digamos, que feminizando máis esta profesión ou, polo menos, cada vez ten máis visibilidade, máis presenza, incluso na administración que tamén parece que antes eran máis homes que mulleres"
Comisión Políticas Culturais CCG	Xestores-investigadores	"Son todos perfís de persoas que, que teñen da xestión cultural, eh, da xestión e, e tamén moi interesante, eu creo da, de, de investigación dentro da xestión cultural. [...] hai xente que vén de museos, que vén de, de artes escénicas, artes vivas, do mundo da música, do mundo da xestión municipal, do mundo da xestión da música. Quero dicir, aí está o ámbito privado, das institucións e xente preocupada non só pola xestión no día a día, senón tamén pola investigación"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A heteroxeneidade observada na composición das entidades constitúe un reflexo da propia diversidade do sector cultural. Mentres o Grupo de Traballo do CEESG mantén unha composición relativamente homoxénea centrada en profesionais da educación social, a AGPXC evolucionou cara a unha estrutura máis plural que integra tanto técnicos municipais como profesionais do sector privado, e a Comisión do CCG combina perfís de xestión con investigación académica.

USC DE COMPOSTELA

Os vínculos institucionais que cada entidade estableceu configuran marcos de actuación diferenciados que condicionan tanto os recursos dispoñibles como as capacidades operativas. Estas relacións determinan en gran medida o alcance e impacto das actividades desenvolvidas por cada organización.

Táboa 77. Relacións institucionais e beneficios da afiliación

Entidade	Tipo de vinculación	Vantaxes e recursos obtidos
Grupo de Traballo CEESG	Integración en estrutura colexial	"É dicir, temos un soporte máis ou menos potente para ir presentándonos e demandando cousas diante das administracións. Tiñamos un servizo xurídico, tiñamos unha sede, ferramentas, tiñamos financiación para pagarmos formación, desprazamentos, temas de reunión, bueno, vimos que era un soporte bo nese momento, e foi a maneira de facelo"
AGPXC	Federación Española	"Si, estamos metidos na Federación Española de Asociacións de Xestión Cultural. [...] que é unha federación, non que é unha asociación de asociacións, digamos, bueno, que estamos presentes. A federación como actividade digamos que o que máis se centra é, bueno, aglutinarnos como, bueno, adquirir unha maior forza representativa ante institucións, basicamente a nivel estatal, non?"
	Limitacións da vinculación	"É quizais case máis unha labor ou un papel de, bueno, de non deixar de estar fóra, para coñecer o que poida estar acontecendo, o que poida estar movéndose no noso ámbito e, bueno, ser un pouco participantes e ter voz un pouco na medida que se poida"
Comisión Políticas Culturais CCG	Parte integral do CCG	"Todo o contrario, creo que é un ámbito perfecto que entra dentro dos obxectivos do Consello da Cultura porque unha dos, dos, unha das súas premisas é investigar as necesidades culturais ou traer, facer accesible a cultura, promover actuacións culturais, asesorar aos poderes políticos a nivel municipal, a todo tipo de institucións"
	Limitación temporal	"Si, neste momento ten data de caducidade ao final deste ano, pero vamos, a miña vontade é que continúe e a vontade de todas as persoas que conforman tamén é de que continúe [...] Vamos ver as posibilidades para que poida continuar, é moi necesaria"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os beneficios derivados destas vinculacións varían considerablemente segundo a natureza da relación establecida. O Grupo de Traballo do CEESG obtén vantaxes tanxibles da súa integración colexial, incluíndo apoio xurídico e recursos económicos, mentres que a AGPXC percibe un apoio máis limitado da súa federación estatal, e a Comisión do CCG beneficiase do seu encaixe institucional pleno dentro do Consello da Cultura Galega.

A percepción sobre posibles prexuízos ou limitacións derivadas da afiliación institucional revela diferentes graos de satisfacción coas estruturas organizativas adoptadas. Estas valoracións inflúen nas perspectivas futuras de cada entidade respecto ao seu modelo organizativo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 78. Percepcións sobre prexuízos da afiliación e perspectivas futuras

Entidade	Existencia de prexuízos	Visión estratéxica
Grupo de Traballo CEESG	Non actualmente	"A ver, eu penso que non, é dicir, estamos convencidos que nalgún momento xa cabe que crear unha asociación profesional específica de técnicos de animación cultural municipal. É dicir, iso, unha cousa non varía á outra. Estamos convencidos que si"
Grupo de Traballo CEESG	Complexidade municipal	"Non aproveitamos agora porque, acerto de que despois de darlle voltas, hai concellos e concellos que son super diversos, que teñen a súa maneira de xestión. E tamén podiamos crear unha bomba de reloxería porque non é facer unha demanda en xeral, aí hai que facer unha demanda específica concello a concello"
Comisión Políticas Culturais CCG	Valoración positiva	"Todo o contrario, creo que é un ámbito perfecto que entra dentro dos obxectivos do Consello da Cultura porque unha dos, dos, unha das súas premisas é investigar as necesidades culturais [...] asesorar aos poderes políticos a nivel municipal, a todo tipo de institucións"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As respostas recollidas mostran que, mentres algunhas entidades non perciben limitacións significativas na súa configuración actual, outras recoñecen a necesidade futura de evolución cara a modelos máis específicos ou autónomos. O Grupo de Traballo do CEESG, por exemplo, contempla a posibilidade de crear unha asociación profesional específica no futuro, aínda que valora positivamente o apoio actual do colexio profesional.

O nivel de coñecemento mutuo entre as diferentes entidades do sector e a memoria histórica de intentos previos de organización profesional proporciona información relevante sobre o grao de articulación do campo. Estes elementos permiten comprender tanto as dinámicas de cooperación como as tendencias á fragmentación presentes no sector.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 79. Coñecemento de iniciativas similares e memoria histórica do sector

Entidade	Coñecemento de outras entidades	Referencias históricas
Grupo de Traballo CEESG	Visión ampla do sector	"É dicir, entidade similar non é o CEESG, é o Colexio Profesional. Dentro do ámbito da cultura está claro que se refires concretamente ao grupo de traballo en animación, está claro que si, unha é a Asociación de Xestores Culturais, despois tamén hai unha Comisión de Cultura no Consello da Cultura Galega"
Grupo de Traballo CEESG	Intentos previos (2000-2002)	"É que darei un retrinco, non sei se foi Caranza da Coruña, no seu momento é un ano 2000 que pudo andar no 2002 ou por aí, ou pouco antes, fixeramos unha xuntanza de técnicos superiores de animación sociocultural de Galicia con xente da zona de Vigo, que había con San Bayona, con Ribadeu, Santiago, Anuma, Guarda, Caleta, para intentar crear unha asociación de técnicos. Tomaramos 4 ou 5 reunións con xente mirando por ela pero non se chegou a materializar de todo"
AGPXC	Afirmación de unicidade	"Pois de momento somos a única, me parece que. Por constituír algún tipo de, bueno, de asociación ou, non sei, do colectivo que puidera ser máis especificamente ou exclusivamente do sector da administración pública, pero, bueno, creo que nada. Houbo os primeiros movementos pero non chegou a facerse nada. De momento somos os únicos"
Comisión Políticas Culturais CCG	Descoñecemento	"Dende logo, o Consello da Cultura é unha entidade única. Pero neste caso, bueno, o grupo de traballo... Descoñezo se hai máis grupos como este, en verdade, que o descoñezo"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os testemuños recollidos revelan un coñecemento desigual entre as entidades, con referencias a intentos previos de organización que non chegaron a consolidarse, como as reunións de técnicos de animación sociocultural dos anos 2000-2002. Esta memoria fragmentada suxire tanto a persistencia de necesidades organizativas non resoltas como as dificultades históricas para articular o colectivo profesional.

A valoración do apoio institucional recibido por cada entidade constitúe un indicador fundamental da calidade das relacións establecidas cos seus marcos institucionais de referencia. Estas percepcións inflúen directamente na capacidade operativa e na satisfacción organizativa de cada entidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 80. Valoración do apoio institucional recibido

Entidade	Nivel de apoio	Descrición da experiencia
Grupo de Traballo CEESG	Apoio pleno con autocrítica	"A ver, como todas as cousas na vida, as entidades teñen a capacidade de acción que teñen. E dentro dun grupo de traballo pasa exactamente o mesmo, cada un ten a vida que ten. Entón, sempre que demandamos o que fora tivemos, é dicir, necesitamos o servizo xurídico, tivemos 4 ou 5 reunións coa avogada, estivo a pé do canón, levou a documentación que mandamos, estudouna, etc. No ámbito económico, pois fai falta non sei que para non sei canto, nunca houbo ningún problema. Niso si que nos sentimos sempre plenamente apoiados"
Grupo de Traballo CEESG	Responsabilidade propia	"Eu creo que a responsabilidade é nosa de non tirar máis do colexio e non dedicar máis horas. Eu, o que é o apoio, tivémolo todo, canto máis mandaramos máis apoio teriamos"
AGPXC	Apoio limitado	"Apoiados? Pois non, especialmente tampouco"
Comisión Políticas Culturais CCG	Apoio absoluto	"Absolutamente, en verdade"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As diferenzas observadas na percepción do apoio institucional reflicten tanto a natureza das vinculacións establecidas como as expectativas de cada organización. Mentres o Grupo de Traballo do CEESG expresa satisfacción plena co apoio recibido, asumindo a súa propia responsabilidade na infrautilización dos recursos dispoñibles, a AGPXC manifesta un sentimento de apoio limitado, e a Comisión do CCG confirma un respaldo absoluto da institución matriz.

6.4.3 Labores que desenvolven as entidades. Estratexias de intervención e impacto no sector

A análise das estratexias de intervención das tres entidades representativas do sector cultural galego revela unha cartografía diversa de enfoques operativos e concepcións da acción cultural. Cada organización desenvolveu metodoloxías específicas que responden tanto á súa natureza institucional como ás necesidades identificadas no sector.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 81. Estrutura operativa e enfoques estratéxicos das entidades

Entidade	Enfoque principal	Descrición das liñas de traballo
Grupo de Traballo CEESG	Cuatripartito: investigación, comunicación, formación, asesoramento	"Por un lado, o que tendemos de investigación, que ao final conseguimos unha financiación importante da Xunta para investigar no ámbito. E xa é unha parte importante. Unha segunda que ten que ver coa visibilización da profesión e xerar un pouquiño de debate [...] investigación, comunicación, formación [...] E a parte de asesoramento"
AGPXC	Dignificación e lexitimación profesional	"Basicamente digamos que hai uns fins así estatutarios un pouco de defensa e promoción da profesión. É un pouco, digamos, que se traduce por unha parte en visibilizar o que é a propia profesión, o que é un xestor, unha xestora cultural, que é o papel que xoga na maquinaria da cultura"
Comisión Políticas Culturais CCG	Análise e diagnóstico de políticas	"Vale. Nun primeiro momento, nestes anos anteriores, o que se promoveron foi encontros de profesionais, a análise das políticas culturais das entidades, a, a, eu non sei se é un exercicio porque non teño visto, pero unha das ideas era a análise das de boas prácticas de políticas culturais no ámbito rural"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os enfoques operativos identificados mostran unha complementariedade funcional entre as tres entidades. O modelo cuatripartito do CEESG (investigación, comunicación, formación e asesoramento) contrasta co enfoque máis focalizado da AGPXC na dignificación profesional e coa orientación analítica da Comisión do CCG, configurando un ecosistema onde cada entidade ocupa un nicho específico pero complementario.

As accións concretas desenvolvidas por cada entidade traducen os seus enfoques estratéxicos en iniciativas tanxibles que buscan impactar positivamente no sector. Estes logros específicos constitúen indicadores do alcance real de cada organización na transformación do panorama cultural galego.

Táboa 82. Accións específicas e logros das entidades

Entidade	Tipo de acción	Logros e iniciativas concretas
AGPXC	Formación universitaria	"E tamén, aínda que non é un mérito noso, así exclusivo, pero, bueno, que xa temos antes, fixemos todo o que puidemos e o que se logrou foi tamén conseguir que houbera un grao en Galicia de xestor cultural"
Grupo de Traballo CEESG	Reivindicación administrativa	"Despois, bueno, xa con cousas específicas de convocatorias públicas que fixemos a súa denuncia cos servizos xurídicos do CEESG, á Deputación da Coruña sobre a propia orde de convocatoria e tamén de subvención. Foi outra baza tremenda porque nos parecía, bueno, incrible que non houbera dentro desas convocatorias os perfís profesionais que nos atopabamos aquí"
Comisión Políticas Culturais CCG	Análise de dereitos culturais	"Todo iso estase estudando. Todo iso estase estudando, claro. Que no momento en que se quere estudar que este ano queres traballar sobre a cultura como un dereito. Aí a participación é necesaria"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os logros identificados revelan diferentes niveis de incidencia no sector. A consecución dun grao universitario en xestión cultural por parte da AGPXC representa un fito estrutural de longo

prazo, mentres que as denuncias administrativas do CEESG mostran unha capacidade de intervención inmediata nas políticas públicas, e a análise dos dereitos culturais pola Comisión do CCG aporta unha dimensión reflexiva fundamental.

A valoración que cada entidade realiza dos seus propios fitos históricos e do impacto alcanzado proporciona unha perspectiva crítica sobre a efectividade das estratexias implementadas. Estas autoavaliacións revelan tanto satisfaccións como frustracións no desenvolvemento da súa misión institucional.

Táboa 83. Fitos históricos e valoración do impacto alcanzado

Entidade	Fito principal destacado	Valoración do impacto
AGPXC	Recoñecemento social da profesión	"Pois mira, precisamente quizais este último que che comentaba de conseguir estar, de visibilidade e recoñecemento, eu creo que quizais sexa o máis importante, non? De que xa se nos considera como un colectivo, bueno, que ten algo que dicir, que ten algo que aportar cando se fala de cultura en todos os seus ámbitos"
AGPXC	Evolución da percepción social	"É certo que cando empezou a asociación, xa non digo antes, dicir que eras un xestor cultural por exemplo, cando che facía un médico a ficha médica da primeira cultura xa un xestor cultural e dicía, e iso que? Un xestor administrativo? Tes unha xestoría, non?"
Grupo de Traballo CEESG	Insatisfacción co alcance	"Satisfacción ningunha. Tiñamos que ter feito moito máis traballo, e fíxose o que se deu, pero queda moito por facer [...] É dicir, orgulloso eu que se fixo. Eu, si, non estou orgulloso porque todas as cousas foron importantes, pero quedáronse como a medio camiño"
Comisión Políticas Culturais CCG	Encontros e análise institucional	"Bueno, pois precisamente o que xa estaba falando, non? Eses encontros de profesionais e a análise das políticas das institucións, eu creo que son fundamentais e que non deberían, non deberían quedar neste primeiro paso que hai que seguir profundando"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As valoracións recollidas mostran unha notable diversidade na percepción do éxito alcanzado. Mentres a AGPXC celebra o recoñecemento social progresivo da profesión como un logro fundamental, o Grupo de Traballo do CEESG mantén unha postura autocrítica que identifica tarefas pendentes, e a Comisión do CCG enfatiza a necesidade de continuidade e profundización nas súas liñas de traballo.

As estratexias comunicativas e formativas desenvolvidas por cada entidade determinan o seu alcance e capacidade de influencia no sector. Estas aproximacións revelan diferentes concepcións sobre os públicos obxectivo e os mecanismos máis efectivos para a difusión do coñecemento e a transformación das prácticas profesionais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 84. Estratexias de formación e difusión

Entidade	Estratexia comunicativa	Canles e formatos empregados
Grupo de Traballo CEESG	Diversificación de canles	"Difusión. Difusión, claro. Por un lado, indo ao práctico no marco da universidade e xerar nosas xornadas de experiencias culturais como unha maneira de visibilizar de que hai un ámbito tamén de educación social [...] cousiñas que imos enviando para as redes do colexio [...] o feito de que o colexio faga unha libreta de educación social e que dentro dos ámbitos apareza unha persoa referente"
AGPXC	Público especializado	"As actividades, a difusión que, bueno, si que tentamos tamén normalmente, a través das nosas redes sociais que son a difusión evidentemente, vai a un target máis ben profesional ou cando menos de xente cun alto nivel de pola cultura"
Comisión Políticas Culturais CCG	Equilibrio especialización-accesibilidade	"A entidade sobre todo fai labores de difusión, de formación, e van dirixidas a toda a poboación en xeral. Eu entendo que moitas veces a quen vai dirixido é a un rango de poboación que está, bueno, máis especializada, pero aínda así sei que se están promovendo accións e actividades que abarquen a un maior número de poboación"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A diversificación de canles observada no CEESG, que combina actividades universitarias con comunicación en redes sociais, contrasta co enfoque máis especializado da AGPXC dirixido a públicos profesionais específicos. A Comisión do CCG, pola súa banda, busca un equilibrio entre especialización e accesibilidade que permita alcanzar audiencias máis amplas.

Os esforzos por democratizar o acceso á cultura e diversificar as audiencias constitúen un indicador importante do compromiso social das entidades. Estas iniciativas revelan intentos concretos de transcender os círculos especializados e conectar con sectores máis amplos da sociedade galega.

Táboa 85. Exemplos de democratización e diversificación de audiencias

Entidade	Iniciativa	Resultados e valoración
Comisión Políticas Culturais CCG	Xornada sobre corais galegas	"Por exemplo, neste ano na sección de música e artes escénicas a principio de ano fixemos unha xornada de análise das corais que, as corais pois, vendo o século pasado, tentaron, foron un xeito de democratización e de acceso a determinada cultura por parte de todo tipo de poboación. E estamos moi satisfeitos de cales foron os resultados desa xornada porque vén todo tipo de xente que ás veces con perfís que nada teñen que ver co Consello da Cultura"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A complementariedade de enfoques observada nas estratexias de intervención das tres entidades configura un panorama multidimensional que aborda diferentes aspectos da realidade cultural municipal. A combinación das estratexias prácticas e formativas do Grupo de Traballo do CEESG, o enfoque profesionalizante da AGPXC e a vocación democratizadora da Comisión do Consello da Cultura Galega representa unha fortaleza potencial do sector, aínda que require mecanismos efectivos de coordinación para maximizar o seu impacto transformador no conxunto do sistema cultural galego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.4.4 POSICIONAMENTO RESPECTO Á ACCIÓN CULTURAL MUNICIPAL. DIAGNÓSTICO PROFESIONAL E MODELOS DE INTERVENCIÓN

A análise do posicionamento das tres entidades representativas do sector cultural galego respecto á acción cultural municipal revela tanto coincidencias fundamentais como matices que ilustran diferentes concepcións sobre a natureza e función do traballo cultural. Estas perspectivas configuran un mapa interpretativo diverso que aborda desde as condicións actuais do exercicio profesional ata as transformacións históricas e os modelos ideolóxicos de intervención.

Táboa 86. Diagnóstico da situación actual da acción cultural municipal

Entidade	Valoración xeral	Elementos específicos do diagnóstico
AGPXC	Necesidade de mellora sen catastrofismo	"Hai moito que mellorar. Non imos dicir que estea mal, pero si que vemos que hai moito que mellorar [...] Traballar en cultura ás veces é moi singular con respecto a outras profesións calquera que poidan existir na administración. Se traballa moito fóra de horarios, se traballa con amantes, ás veces moi difícil de facer ver para outros ámbitos de administración ou incluso para o propio público"
Grupo de Traballo CEESG	Dimensión comunitaria e modelo ideolóxico	"É dicir, xoé, pensamos que na... dentro da diversidade de realidades ao final, a maior parte dos somos concellos pequenos, galegos, cunha dispersión de poboación e cunha serie de características que describen máis, poñeren en práctica unha política de democracia cultural e fronte a unha de democratización aínda que teñen que estar"
Comisión Políticas Culturais CCG	Necesidade de análise sistemática	"Non che podo contestar a esa pregunta porque levo moi pouco tempo. O que si quero destacar é que todo o traballo é de análise. De análise para elaborar diagnoses que axuden a implantar ou a mellorar as políticas culturais existentes"
Grupo de Traballo CEESG	Dimensión comunitaria e modelo ideolóxico	"É dicir, xoé, pensamos que na... dentro da diversidade de realidades ao final, a maior parte dos somos concellos pequenos, galegos, cunha dispersión de poboación e cunha serie de características que describen máis, poñeren en práctica unha política de democracia cultural e fronte a unha de democratización aínda que teñen que estar"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os diagnósticos presentados converxen na identificación de problemáticas estruturais, aínda que con énfases diferenciados. A AGPXC adopta unha postura equilibrada que recoñece necesidades de mellora sen caer no catastrofismo, o CEESG enfatiza a dimensión comunitaria e os modelos ideolóxicos de intervención, mentres que a Comisión do CCG subliña a necesidade de análise sistemática para fundamentar propostas de mellora.

A comprensión da situación actual enriquécese coas narrativas que cada entidade constrúe sobre a orixe histórica das profesións culturais. Estas interpretacións do pasado funcionan como marcos de referencia que lexitiman e orientan as reivindicacións actuais do sector.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 87. Narrativas sobre a orixe histórica das profesións culturais

Entidade	Marco interpretativo	Explicación da xénese profesional
AGPXC	Emerxentista-social	"Home, a verdade é que eu creo que se pode considerar como algo bastante antigo pero, digamos que xa no sei, co pasado, creo que xa cando se intenta ver que, ás veces, hai unha necesidade de, basicamente, nace da parte do público, da poboación que necesita, en certa medida, achegar á cultura"
Grupo de Traballo CEESG	Evolución de necesidades sociais	"A ver, eu creo que ten que ver un pouco con novas necesidades que van aparecendo. É dicir, a xente unha vez que ten cubertas unha serie de necesidades básicas, pois do que sexa, sexan de alimentación, sexan de vestimenta, sexan do que sexa, dun sitio para desprazarse, sexan unha serie de cousas, van aparecendo novas necesidades que hai que cubrir"
Comisión Políticas Culturais CCG	Democratizadora-institucional	"É claramente unha necesidade histórica que vén desde o nacemento da democracia, está clarísimo. Estou pensando, estou falando de memoria, estou pensando en todo o traballo que se leva feito en Francia dos anos 50 e 60 a nivel de xestión cultural, de democratización da cultura, e creo que no ámbito noso ten que ver coa chegada da democracia"
Converxencia das tres entidades	Papel histórico da Igrexa	"Moitas desas accións viñan desde a igrexa, moitas veces das catequeses, non directamente ao mellor de sacerdotes, pero si que había moitas xentes relacionadas co ámbito da igrexa. Ao mellor porque dispoñía do local, o parroquial, onde podían facer un encontro, un curso, unha pequena representación teatral ou que fora"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As narrativas identificadas revelan diferentes marcos interpretativos que coexisten no sector. A visión emerxentista-social da AGPXC, que vincula o xurdimento da profesión coas demandas cidadás, complementase coa perspectiva democratizadora-institucional da Comisión do CCG, que sitúa a orixe no proceso de democratización política. O papel histórico da Igrexa, recoñecido por todas as entidades, constitúe un elemento de consenso na memoria colectiva do sector.

As transformacións contemporáneas do sector cultural identificadas por cada entidade proporcionan claves interpretativas sobre os desafíos actuais. Estes cambios recentes configuran un novo escenario que demanda adaptacións tanto nas prácticas profesionais como nas estratexias organizativas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 88. Transformacións recentes identificadas no sector

Entidade	Tipo de transformación	Descrición do cambio
Comisión Políticas Culturais CCG	Tecnolóxica e económica	"E houbo cambios, os cambios teñen que ver cos cambios sociais, a dixitalización cambiou o xeito de relacionarnos, cambiou o xeito de traballar, é evidente, e logo a nivel social, político e económico, a crise de, a gran depresión de finais dos principios do século XXI, non obedece ao xeito é condicionou moitísimo as políticas culturais nos municipios, moitísimo, moitísimo"
Grupo de Traballo CEESG	Burocratización crecente	"Neste último ano e pico, teño unha historia de estar hasta as pelotas de todo. Por exemplo, apareceu o que chaman TEDEC, que é un programa informático polo que ten que pasar absolutamente todo, todos os departamentos, os concellos e tal, e que non te imaxinas o que desgasta"
Grupo de Traballo CEESG	Impacto na acción real	"O tempo é o que é, entón resta na acción real e, aínda que non queiras, tes que ir no día a día facendo o urxente e deixando moitas veces de lado o importante. O urxente é meter a convocatoria, pero o importante é facer a reunión coa asociación X ou co colectivo Y"
AGPXC	Profesionalización	"Home, en certa medida, si, porque iso, digamos que se vai definindo mellor, non? Por exemplo, agora acceder a un posto, incluso xa no ámbito privado de, bueno, que se pode entender de xestión cultural, xa parece que se non tes algún tipo de titulación ou así, xa non o es"
Comisión Políticas Culturais CCG	Oportunidades da crise	"Os cambios que teñen que ver coa crise non foron para mellor, o que se fixeron foi que vamos a velo como oportunidades, non? [...] a xente tivo que formarse máis, axustarse [...] e sobre todo o que noto é que hai unha, unha maior necesidade de formación"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os cambios identificados abarcan múltiples dimensións que se interrelacionan de forma complexa. A revolución tecnolóxica e as crises económicas, sinaladas pola Comisión do CCG, interactúan coa burocratización crecente denunciada polo CEESG e co proceso de profesionalización destacado pola AGPXC, configurando un panorama de transformación multidimensional que afecta a todos os aspectos do traballo cultural municipal.

As diferentes concepcións sobre as características definitorias da profesión revelan a coexistencia de paradigmas diversos sobre a natureza e función do traballo cultural. Estas visións inflúen directamente nas prácticas profesionais e nas expectativas sobre o rol dos técnicos culturais municipais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 89. Características definitorias da profesión segundo cada entidade

Entidade	Concepción central	Definición e competencias
AGPXC	Mediación cultural	"A ver, eu creo que a min gústame, ás veces dicilo, ás veces acerto temas de debate, ás veces se debate moito sobre cal é a definición de xestor cultural pero, bueno, creo que coincidimos bastante en dicir que, bueno, por simplificar, como un mediador que está entre unha obra cultural creada, recentemente creada ou de patrimonio, e un público"
Grupo de Traballo CEESG	Empoderamento comunitario	"A ver, eu creo sinceramente que é axudar que o pobo sexa o que quere ser, que iso teña que ver con facelo partícipe do que queren facer. Axudar que o pobo sexa o que eles realmente queren ser, poñer enriba da mesa as ferramentas tanto metodolóxicas como materiais"
Comisión Políticas Culturais CCG	Amplitude e diversidade	"Eu sinto moito porque non me atrevo a facer ese tipo de afirmacións sen pertencer á profesión e desde fóra podo dicir que, podo dicir moi claro paréceme que é unha profesión cun ámbito de actuación moi amplo. É dicir, a xestión sociocultural abarca como moitísimos ámbitos"
Converxencia	Complexidade comunicativa	"Porque, evidentemente, non se comunica acababa hai 20 anos que se facía un cartel e se acaso unha nota de prensa e aí quedaba todo. Agora non, as vías de comunicación son numerables e hai que facer nota de prensa, hai que facer o cartel, e hai que facer o anuncio por Instagram, por Facebook, e un vídeo para TikTok, atender unha páxina web"
Comisión Políticas Culturais CCG	Internacionalización	"Habería que ter, para min habería que ter unhas liñas de actuación moi claras, estar na internacionalización [...] no sentido de estar en proxectos europeos, traballar en redes como outros lugares, estar facendo cousas, pero iso supón grande formación e moito tempo"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As definicións propostas mostran énfases complementarios que enriquecen a comprensión da profesión. O concepto de mediación cultural defendido pola AGPXC articúlase co empoderamento comunitario proposto polo CEESG, mentres que a Comisión do CCG subliña a amplitude e diversidade inherente ao campo. A complexidade comunicativa emerxe como un desafío compartido que todas as entidades recoñecen.

A estruturación dos perfís profesionais e as xerarquías existentes no sector constitúen elementos de debate que reflicten diferentes concepcións sobre a organización do campo profesional. Estas propostas de estruturación inflúen nas políticas de contratación e nas dinámicas de recoñecemento profesional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 90. Estrutura de perfís profesionais e xerarquías

Entidade	Modelo de estruturación	Descrición da xerarquía ou organización
AGPXC	Xerarquía por niveis formativos	"Claro, a ver, que non sei, bueno, e hai elaborado un documento de hai anos. Claro, tamén polos niveis formativos tamén hai unha serie de denominacións digamos que, bueno, o xestor cultural aquel que, bueno, ten un maior nivel de formación, o grao universitario, o posible máster e tal, pois un grao medio ao mellor tamén o pode ter [...] Pero, bueno, basicamente o que pode ser o xestor cultural como nun nivel máis superior, unha especie de, bueno, xestor técnico-cultural de nivel intermedio, e despois ao mellor para baixo nun nivel de técnico superior de grao superior pois os animadores socioculturais, animadores culturais"
Grupo de Traballo CEESG	Especialización dentro da educación social	"É certo que a nosa profesión é moi aberta, pero ao final si que require tamén unha especialización [...] Entón, dentro deses ámbitos de traballo que son propios ao grao de educación social, un deles é a xestión e animación sociocultural"
Grupo de Traballo CEESG	Heteroxeneidade municipal	"Teoricamente os recollen as RPT, entón é tan completamente diversa. É dicir, o técnico de cultura de Cuspedriños ao mellor na propia RPT ten unhas competencias asignadas X, e son Cuspedriños de arriba e Cuspedriños de abaixo. Entón é unha cousa que hai que traballar con moita delicadeza"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As propostas de estruturación profesional oscilan entre modelos xerárquicos baseados en niveis formativos, como propón a AGPXC, e enfoques de especialización dentro de marcos disciplinares máis amplos, como suxire o CEESG. A heteroxeneidade municipal identificada polo mesmo CEESG subliña a dificultade de establecer modelos homoxéneos nun contexto caracterizado pola diversidade de situacións locais.

O coñecemento e utilización de estudos estatísticos sobre o sector constitúe un indicador da base empírica dispoñible para a toma de decisións. A referencia compartida ao estudo Xerf@ como principal fonte de datos revela tanto a súa importancia como a necesidade de actualización da información estatística.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 91. Coñecemento e valoración de estudos estatísticos sobre o sector

Entidade	Referencia principal	Valoración e necesidades identificadas
Grupo de Traballo CEESG	Estudo Xerf@ como referencia central	"A partir do estudo Xerf@, dalgunha maneira pois aí se caen datos. De toda Galicia e de todos os concellos? Ao mellor de todos, todos non, pero si que tes unha tendencia bastante clara, foi un estudo importante e non creo que haxa ningún estudo mellor centrándonos en acción cultural pública, non creo que haxa ningún estudo"
AGPXC	Xerf@ con necesidade de actualización	"Mira, o único así que temos de referencia é o Xerf@, bueno, que xa de hai dous ou tres anos, me parece, publicouse no 2020, pois é o último que temos así. Non temos, non, pola súa parte recollida nin sabemos da existencia tampouco de nada que teña recollida así esa cuestión"
Converxencia	Oportunidade dos procesos de estabilización	"Si que era interesante agora que se están producindo na administración pública por isto de eliminar o tema da temporalidade do emprego público os procesos de estabilización. Moita xente leva moitos anos traballando pero aínda estaba sen praza. Sei que seguramente sería oportuno, ese proceso remata o ano que vén, no 2025, si que facer un mapeo de novo"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A converxencia na referencia ao estudo Xerf@ como fonte principal de datos estatísticos sobre o sector subliña tanto a súa relevancia como a carencia de estudos máis recentes e completos. A oportunidade identificada nos procesos de estabilización do emprego público suxire un momento propicio para realizar un novo mapeo comprehensive do sector que actualice e amplíe a información dispoñible.

O papel atribuído ás diferentes administracións públicas no desenvolvemento do sector revela percepcións diferenciadas sobre as responsabilidades institucionais. Estas valoracións inflúen nas estratexias de interlocución e nas demandas formuladas por cada entidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 92. Papel das administracións públicas no desenvolvemento do sector

Entidade	Valoración xeral	Análise específica por administración
AGPXC	Deputación Coruña como referente	"Pois mira, que pouco. Agás algo, algo máis que existe igual a Deputación da Coruña. Por parte da Xunta ás veces parece que quere facer algo pero ás veces tamén nos comentan que non se senten, digamos que, as competencias, que non son competencia deles poder definir en maior medida a nivel un pouco global"
Grupo de Traballo CEESG	Papel central das supramunicipais	"Pois teñen todo, sobre todo as entidades superiores neste caso a Deputación e a Xunta son os que teñen que marcar a política e son os que teñen os recursos para incentivar isto. É dicir, vexo claro, pois a Deputación da Coruña estratexicamente como política ve co ámbito da cultura é importante"
Comisión Políticas Culturais CCG	Función como empregadoras	"Home, debería ter un papel esencial, eu creo que eu ten, non. Pero, teno, vamos a ver, ese papel teno no momento que somos, é dicir, as institucións somos maiores empregadores que tamén, tamén ata certo punto depende"
Converxencia	Contribución pioneira Deputación Coruña	"A Deputación da Coruña si que fixo aí algo de interese que foi xa hai uns anos sacar unhas liñas de subvencións para concellos para contratar xestores culturais e animadores culturais [...] nas subvencións, claro, había que definir cal era o perfil que debían ter ou non, xestores ou animadores e a nivel de titulacións. E despois tamén máis ou menos definían as funcións"
Crítica compartida	Dificultades na implementación	"Pero tamén é certo que comprobamos que se fixo bastante trampa ou se fai bastante trampa ás veces nos concellos, que non se cumpre iso. Contratan un animador e fai funcións de xestor, ou contratan un animador e fai funcións dun monitor de cásquer pousa, e viceversa"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A Deputación da Coruña emerxe como un referente positivo polas súas iniciativas pioneiras de apoio ao sector, contrastando coa percepción de menor implicación doutras administracións. A función das administracións como principais empregadoras do sector, sinalada pola Comisión do CCG, subliña a súa responsabilidade estrutural no desenvolvemento profesional. As dificultades de implementación identificadas revelan a distancia entre as políticas formais e as prácticas reais.

A diferenciación conceptual entre Animación Sociocultural e Xestión Cultural constitúe un debate central que reflicte diferentes paradigmas de intervención. As concepcións propostas por cada entidade revelan tanto complementariedades como tensións na articulación destes modelos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 93. Concepcións sobre a diferenciación entre Animación Sociocultural e Xestión Cultural

Entidade	Modelo de diferenciación	Descrición conceptual
AGPXC	Xerarquía funcional	"Si, non máis como xestión cultural entendemos non máis como aquel traballo que supoña planificación e o desenvolvemento de plans e programas culturais que máis ou menos que poidan acabar unha transformación social [...] Os animadores socioculturais entendémolos xa como, como eu che dicía antes, de cando nacía a profesión, que ás veces era xente máis como a pé de campo, máis en contacto coa sociedade"
AGPXC	Complementariedade secuencial	"Digamos que é ese profesional que ten a capacidade de levar a cabo eses plans e programas que deseña un xestor cultural, que o asume e que sabe desenvolvelo xa máis indirectamente en contacto a parte da creación do público, dos novos públicos, do non público, todo o que se pretende dinamizar con eses proxectos"
Comisión Políticas Culturais CCG	Categoría integradora	"Dentro da miña opinión, e que é unha opinión puntual, toda, é dicir, eu creo que a xestión sociocultural abrangue como máis campos, que ten que ver coa vida das persoas e que ademais creo que a xestión sociocultural é a que se fai en Galicia"
Comisión Políticas Culturais CCG	Vinculación coa vida cotiá	"A xestión sociocultural é que está implicada na vida das persoas, na vida diaria das persoas porque hai unha parte do tempo das persoas que cada vez necesita ter puntos de referencia, lugares, espazos no ámbito público donde desenvolverse"
Grupo de Traballo CEESG	Marco da intervención socioeducativa	Sitúa tanto a Xestión como a Animación Sociocultural dentro do marco máis amplo da intervención socioeducativa, como especializacións específicas en pé de igualdade con outras áreas

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As conceptualizacións propostas oscilan entre visións xerárquicas que sitúan a xestión cultural nun nivel superior de planificación, como suxire a AGPXC, e perspectivas integradoras que consideran a xestión sociocultural como unha categoría máis ampla e vinculada á vida cotiá, como propón a Comisión do CCG. O CEESG, pola súa banda, sitúa ambas dentro dun marco máis amplo de intervención socioeducativa, cuestionando implicitamente a xerarquización entre modelos.

A adaptación dos modelos de intervención ás características específicas de cada contexto municipal constitúe un elemento de consenso entre as entidades. Esta perspectiva compartida recoñece a diversidade territorial como un factor determinante na configuración das políticas culturais locais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 94. Modelos preferentes para os concellos segundo características contextuais

Entidade	Criterio de adaptación	Proposta de modelo
AGPXC	Tamaño e estrutura municipal	"Claro, aí un pouco de erro incluso case en lazo que a pregunta esta que che dicía da deputación. Eu creo que claro, tendo en conta que creo que dos terzos dos concellos galegos son pequenos e que ás veces xa non teñen digamos que a estrutura de persoal mínima para prestar uns servizos mínimos de calidade en todos os seus ámbitos"
AGPXC	Estratexia graduada	"Eu creo que probablemente os concellos que teñen unha maior capacidade, que están moi desenvoltos a nivel das súas estruturas, incluso das súas estruturas de cultura, si que teñen cabida digamos, os xestores culturais evidentemente para dar ese paso relevante da planificación [...] E ao mellor nos outros máis pequenos que está custando máis arrancar entre eses proxectos, ese tipo de proxectos, bueno, pois si que ao mellor desde unha labor máis intermedia"
Grupo de Traballo CEESG	Perfil comprensivo	"Entón pois, bueno, o perfil profesional que ten que estar aí, é dicir, que ten que ter formación no ámbito da Educación e da Cultura está claro, e do desenvolvemento comunitario, é bueno, é dunha serie de cousas que son fundamentais"
Comisión Políticas Culturais CCG	Contexto territorial e político	"Claro, depende. Para min depende dos ámbitos. No ámbito municipal. Nun ámbito é evidente que si. En que ámbito? É evidente que si, pero logo está a cuestión dos deseños no que tamén che queixas á política"
Comisión Políticas Culturais CCG	Realidade unipersonal	"E despois, tamén tiñamos en conta que a gran parte dos concellos galegos os departamentos de cultura son unipersonais, ou sexa, é unha única persoa. Entón, aí tamén, cando volvo a esa precariedade do laboral, no aspecto de que cada vez a burocracia come máis tempo no traballo"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A converxencia das tres entidades na necesidade de adaptar os modelos organizativos e profesionais ás características específicas de cada contexto municipal reflicte unha comprensión profunda da diversidade territorial galega. Esta perspectiva compartida rexeita prescricións homoxéneas en favor de aproximacións diferenciadas que respondan ás necesidades particulares de cada comunidade, recoñecendo especialmente os desafíos específicos dos concellos pequenos con departamentos unipersonais e recursos limitados.

6.4.5 Posicionamento respecto á formación profesional. Paradigmas formativos e cualificación técnica

A formación dos profesionais da cultura municipal constitúe un elemento central no proceso de profesionalización e lexitimación do sector. As tres entidades representativas presentan concepcións diferenciadas sobre os perfís formativos desexables, as estratexias de cualificación e as relacións co sistema universitario, configurando un panorama complexo que reflicte diferentes paradigmas sobre a fundamentación epistemolóxica do traballo cultural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 95. Perfís formativos desexables segundo cada entidade

Entidade	Formación preferente	Estratexia de evolución formativa
AGPXC	Grao en xestión cultural con apertura	"Preferentemente o de grao, o do grao de xestor. O de xestor deberá ser, digamos, como o prioritario. Pero non se pode descartar en absoluto outros graos. Basicamente nós pensamos que os relacionados con humanidades e coas ciencias sociais son os que máis encaixe teñen, non?"
AGPXC	Progresiva especialización	"Habendo que aínda non o hai en Galicia unha primeira promoción de xestores titulados con xestor cultural, pero mellor un momento que haxa que se xa como a titulación prioritaria e darlle a outra cabida. Gradualmente estará que ir nutrindo cada vez o colectivo con ese tipo de titulación e mermando as restantes"
Grupo de Traballo CEESG	Reforma curricular educación social	"É dicir, require de que as tres universidades galegas onde hai a formación, por exemplo, de educación social teñan que revisar o currículo, teñan que meter materias obrigatorias, teñan que meter optativas que profundicen máis no tema, hai que xerar un curso de postgrao ou máster especializado nisto"
Grupo de Traballo CEESG	Formación continua planificada	"Vendendo o propio colexio ou da universidade, é dicir, que requiriría facer un plan bienal de pequenas formacións para o ámbito e vender na universidade ou apostaría por aquel sector público-cultural de xunta que eu creo que é o que había que recuperar"
Comisión Políticas Culturais CCG	Enfoque analítico-diagnóstico	"Non che podo contestar a esa pregunta porque levo moi pouco tempo. O que si quero destacar é que todo o traballo é de análise. De análise para elaborar diagnoses que axuden a implantar ou a mellorar as políticas culturais existentes"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As propostas formativas reflicten diferentes énfases que responden ás concepcións específicas de cada entidade sobre a natureza do traballo cultural. A AGPXC defende o grao en xestión cultural como formación prioritaria pero mantén apertura cara a outras titulacións, o CEESG propón unha reforma curricular da educación social que incorpore máis contidos culturais, mentres que a Comisión do CCG mantén unha postura analítica centrada no diagnóstico de necesidades formativas.

A valoración das ofertas formativas actualmente existentes no sistema educativo galego proporciona información sobre o grao de adecuación entre a formación dispoñible e as necesidades identificadas no sector. Estas percepcións inflúen nas estratexias de mellora formativa propostas por cada entidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 96. Valoración das ofertas formativas existentes

Entidade	Oferta formativa	Valoración e perspectiva
AGPXC	Curso de Experto en Xestión Cultural	"O curso paréceme fundamental porque, de feito, está pasando moita xente xa profesionais, incluso veteranos, digamos que buscando ás veces ese nivel de especialización que consideraba que non tiña e que xa llo dá o curso"
Grupo de Traballo CEESG	Grao en xestión cultural	"Nós si que estamos de acordo en que haxa un grao vinculado ás industrias culturais, ao final é un potencial importante de Galicia. Non estabamos de acordo con que utilizaran o nome dun ámbito concreto como é o de xestión cultural, porque tamén hai unha xestión cultural en clave socioeducativa"
Grupo de Traballo CEESG	Proposta de reforma	"A nosa proposta era de que dentro da mesma universidade como a de Lugo e Santiago, de que se quería levar unha xestión cultural, vale, pero logo que teña que haber nun currículo unha serie de materias vinculadas ao ámbito da educación"
Comisión Políticas Culturais CCG	Postura institucional neutra	"Algunhas das persoas que están na comisión están na Universidade de Santiago, non dos, non das formacións, pero como non sei exactamente o nome pois non, pero non, vamos"
AGPXC	Necesidade de formación complementaria	"É válido para o traballo de cultura nos concellos, é claro, moita xente o licenciado de historia que ten unha vinculación directa co ámbito da cultura na súa formación, pois, adquirindo as cualidades que lle dá despois para traballar nun concello, que tamén ten que adquirir o educador social, pois, é perfectamente válido"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As valoracións recollidas mostran perspectivas diversas sobre a oferta formativa actual. O curso de Experto en Xestión Cultural recibe unha valoración positiva pola AGPXC como instrumento de especialización, mentres que o CEESG mantén reservas sobre a denominación e orientación do grao en xestión cultural, propondo reformas que incorporen máis contidos educativos. Esta diversidade de perspectivas reflicte a coexistencia de diferentes paradigmas formativos no sector.

A percepción sobre o nivel de consenso existente no sector respecto aos modelos formativos revela tanto acordos básicos como diverxencias significativas. Estas diferenzas inflúen na capacidade de articular propostas formativas unitarias e coherentes para o conxunto do sector.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 97. Percepción sobre o consenso formativo no sector

Entidade	Nivel de consenso	Análise da situación
AGPXC	Acordo básico en formación superior	"Pois é que non o sei, pero o lóxico é que que sexa unha formación de grao superior e que hai esa formación, xa hai unha, creo que está, creo que hai unha comunidade, unha formación específica de grao en canto a xestión. Ademais dos másteres e, e, en clásicos que se fan tanto en Galicia como fóra de Galicia, o respecto é unha formación de carácter superior naturalmente"
Grupo de Traballo CEESG	Crítica ao sistema actual	"É dicir, non só o currículo formativo é un escándalo, por exemplo. É dicir, require de que as tres universidades galegas onde hai a formación, por exemplo, de educación social teñen que revisar o currículo, teñen que meter materias obrigatorias, teñen que meter optativas que profundicen máis no tema"
Comisión Políticas Culturais CCG	Compromiso institucional con formación	"Pois é que non o sei, pero é evidente que desde o Consello da Cultura si que se está traballando continuamente na formación en todos os ámbitos culturais, as xornadas son moitas veces para iso e entón si que se está promovendo a formación en todos os campos"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As respostas evidencian percepcións moi diversas sobre o grao de consenso formativo existente. Mentres a AGPXC identifica un acordo básico na necesidade de formación superior, o CEESG realiza unha crítica contundente ao sistema formativo actual cualificándoo de "escándalo", e a Comisión do CCG enfatiza o compromiso institucional coa formación continua. Esta dispersión de perspectivas suxire a ausencia dun consenso sólido sobre os modelos formativos ideais.

As relacións establecidas coas universidades constitúen un elemento estratéxico na configuración da formación profesional. Cada entidade desenvolveu estratexias diferenciadas de interlocución e colaboración co sistema universitario que revelan diferentes niveis de influencia e capacidade de incidencia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 98. Estratexias de relación coas universidades

Entidade	Tipo de relación	Descrición da estratexia
AGPXC	Colaboración cooperativa	"Si, polo grao, non tanto presión pero si que fomos un pouco da man con eles acompañándoos na definición do grao. A verdade que cando nós así o manifestabamos, así tamén o defendemos de que exista que sexa que sexa máis acertado posible"
AGPXC	Preocupación pola continuidade	"E con curso de experto universitario igual, ou sexa, de que en algún momento se a universidade suscite de que bueno, agora é bianual, pois se algún momento suscite que sexa trianual por dicir algo, pois intentar presionarnos de que non, de que se manteña coa maior felicidade posible"
Grupo de Traballo CEESG	Relación conflitiva	"Estivemos en moitas reunións de traballo que ao final non foron escoitadas, pero, bueno, só nos queda aí a conciencia tranquila de intentalo por todos os medios"
Grupo de Traballo CEESG	Preocupación polo desequilibrio	"Ben, entón, nós seguimos defendendo que cremos que pode ser un risco dentro do paradigma da acción cultural en Galicia, no sentido de que ao final, cando creas profesionais, dalgunha maneira hai que metelos no mercado laboral"
Comisión Políticas Culturais CCG	Distancia institucional	"Non, non exerceron, non exerceron que eu saiba, non, descoñezo, pero non exerceron. Eu creo que é unha posición, eu creo que é unha posición que está aí, non sei se nalgún momento esa posición se fixo pública e notoria"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As estratexias identificadas varían desde a colaboración cooperativa da AGPXC, que acompañou o deseño do grao universitario, ata a relación conflitiva do CEESG, que denuncia falta de escoita ás súas propostas. A Comisión do CCG mantén unha distancia institucional que reflicte a súa posición específica no ecosistema. Estas diferenzas nas relacións universitarias condicionan a capacidade de cada entidade para influír na configuración da formación profesional.

A dimensión educativa e sociocomunitaria da intervención cultural constitúe un elemento transversal que todas as entidades recoñecen como fundamental. Esta converxencia suxire un substrato compartido que transcende as diferenzas específicas entre modelos de intervención.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 99. Dimensión educativa e sociocomunitaria da intervención cultural

Entidade	Concepción da dimensión educativa	Vinculación co traballo cultural
Comisión Políticas Culturais CCG	Visión contextual e de dereitos	"Claro, depende. Para min depende dos ámbitos. No ámbito municipal. Nun ámbito é evidente que si. En que ámbito? É evidente que si, pero logo está a cuestión dos deseños no que tamén che queixas á política, pero esa é a miña opinión. Eu creo que cada vez debe estar máis implicada a cultura na vida da xente para que a xente entenda que a cultura é un dereito desas persoas"
Comisión Políticas Culturais CCG	Cultura como dereito vital	"Se a cultura só ten o obxectivo de ser alta cultura ou só ten o obxectivo de facer moito diñeiro pois non sei ata que punto se vai implicar na vida da xente e logo pretende que a cultura é un dereito e o dereito é se a xente o necesita e a xente o necesita cando forma parte da súa vida"
Grupo de Traballo CEESG	Carácter inherente	"Entón, dentro deses ámbitos de traballo que son propios ao grao de educación social, un deles é a xestión e animación sociocultural, e non había nada creado. Por ese motivo foi polo que decidimos crealo"
Grupo de Traballo CEESG	Política transformadora	"É dicir, se realmente é unha política transformadora do territorio das persoas. Entón, pois, é o que intentamos reivindicar e poñer en valor. É dicir, é que non hai segredos"
AGPXC	Complemento educativo	"Creo que xa non se entende xa tampouco traballar en cultura nos concellos se xa incidir por exemplo nun traballo nos centros de educación por exemplo, que incidir aí. Somos os primeiros detectores que vemos precisamente a educación, os currículos formativos cada vez expulsan máis a cultura dentro dos rapaces"
AGPXC	Transformación histórica	"A cultura hoxe tamén se está transformando moito, como é a existencia da cultura nos concellos está variando moito. Antes, a maioría tamén era como moi facer obradoiros, escolas culturais, como moi a participación activa da cidadanía en actividades culturais de primeira orde"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A converxencia das tres entidades na centralidade da dimensión educativa da intervención cultural, aínda que con diferentes énfases e perspectivas, configura un elemento fundamental na comprensión do traballo cultural municipal en Galicia. Esta diversidade de aproximacións formativas non constitúe unha debilidade senón que reflicte a complexidade dun campo profesional en evolución, onde diferentes paradigmas epistemolóxicos dialogan na construción dunha identidade profesional plural e adaptada aos diversos contextos de intervención.

6.4.6 Visión sobre a relación entre acción cultural e cidadanía. Participación e desafíos territoriais

A relación entre acción cultural municipal e cidadanía constitúe outro elemento de interese na articulación das políticas culturais locais en Galicia. Na análise identifícanse diversas concepcións sobre o vínculo entre os actores da intervención cultural e as comunidades ás que serven, revelando distintas visións sobre a función e alcance da intervención cultural nos procesos de desenvolvemento comunitario.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 100. Concepcións sobre a relación profesionais-cidadanía

Entidade	Modelo relacional	Descrición da relación
AGPXC	Presencial-continuada	"Si, si, si, si. A verdade é que traballamos bastante en contacto coa cidadanía porque somos dos profesionais dos concellos que máis contacto podemos ter directo, digamos, con cidadanía porque a maioría dos proxectos, dos plans culturais acaban materializándose en actividades, en eventos nos que participa a cidadanía"
Grupo de Traballo CEESG	Facilitación e empoderamento	"A ver, eu creo sinceramente que é axudar que o pobo sexa o que quere ser, que iso teña que ver con facelo partícipe do que queren facer... poñer enriba da mesa as ferramentas tanto metodolóxicas como materiais"
Comisión Políticas Culturais CCG	Analítica-mediadora	"E debe ver como unha especie tamén de detección, ou sexa, de análise, de detección de cales son digamos por unha parte as súas demandas [...] O que xa evidentemente non sempre coincide o que pide a cidadanía con o que realmente necesita"
AGPXC	Importancia da avaliación	"si estás canto menos unha primeira avaliación de, o nivel de resposta, de reacción ante esas dinámicas"
AGPXC	Limitacións no entendemento	"non entende moi ben ás veces como é o noso papel"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os modelos relacionais identificados mostran un espectro que vai desde a énfase na presenza continuada e o contacto directo da AGPXC, pasando polo modelo de facilitación e empoderamento do CEESG, ata a perspectiva analítica-mediadora da Comisión do CCG. Estas diferentes aproximacións reflicten concepcións diversas pero complementarias sobre o papel dos profesionais culturais na súa relación coa cidadanía.

A análise da relación que as propias entidades representativas manteñen coa cidadanía revela unha problemática estrutural do asociacionismo profesional. Esta distancia entre as organizacións profesionais e a poboación xeral constitúe un desafío para a lexitimación social do sector.

Táboa 101. Relación institucional das entidades coa cidadanía

Entidade	Tipo de relación	Caracterización
AGPXC	Escasa relación directa	"Non, aí a verdade que non, aí a verdade que non. Si que aí non hai unha relación directa. Creo que nin con nós nin con entidades profesionais en Galicia... tampouco facemos actividades que estean abertas a un público xeral"
AGPXC	Distancia bidireccional	"tampouco nos propiciamos ese contacto digamos, esa relación nin eles tampouco creo que a cidadanía ou público cheganos como para sentir que nos levan a atender unha necesidade que eles poidan ter"
Comisión Políticas Culturais CCG	Orientación analítica	"Pero eu creo que esta comisión non ten ese obxectivo. Eu considero que a cultura é un obxectivo do Consello e a súa obriga é chegar á cultura, facela máis accesible, buscar xeitos fáciles de achegar a cultura ás persoas, iso si, pero a comisión non ten que estudar porque se achega, porque non se achega, se hai políticas que fagan achegarse ou non"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A desconexión identificada entre as entidades e a cidadanía non especializada constitúe un fenómeno recoñecido polas propias organizacións. A AGPXC asume explicitamente esta distancia bidireccional, mentres que a Comisión do CCG clarifica que a súa función analítica non inclúe necesariamente o contacto directo coa poboación. Esta situación suxire a necesidade de reflexionar sobre os mecanismos de conexión entre o ámbito profesional especializado e as demandas cidadás.

O diagnóstico sobre os niveis de participación cidadá na toma de decisións culturais proporciona información relevante sobre a democratización real dos procesos de planificación cultural. As valoracións recollidas revelan importantes déficits participativos que cuestionan os modelos actuais de xestión cultural.

Táboa 102. Diagnóstico sobre participación cidadá na toma de decisións culturais

Entidade	Nivel de participación	Análise da situación
AGPXC	Baixo nivel	"Pois creo que basicamente é un nivel baixo. O nivel que teñen de participación na toma de decisións porque detecto, ou detectamos, non é elevado. Ás veces intentan establecer fórmulas participativas, pero moitas veces non pasa ese nivel de participación máis alá de participar nalgún modelo de avaliación, cúbrame esta enquisa ou dígame que lle pareceu esta exposición"
Comisión Políticas Culturais CCG	Descoñecemento cauteloso	"Non sei... como consumidores... Pero non sei se realmente hai un xeito de escoitar ás persoas ou seguro que debería haber e seguro que o hai, descoñezo"
Grupo de Traballo CEESG	Modelo empoderador-transformativo	"Entón todas esas necesidades tes que valorar a maneira de facela se implicas. É dicir, xoé, superar só o efecto oferta demanda. É dicir, teño unha demanda e cubro sen máis, sen pensar ás veces de que maneiras facelo para xerar esa dinámica, empoderar a xente e que sexan axentes de cambio no propio territorio"
AGPXC	Dificultades contextuais	"temos nesa parte un traballo que facer, que algúns fan e non sempre conceden éxito porque tampouco é doado. E ás veces depende moito das dinámicas sociais de cada territorio"
AGPXC	Particularidades territoriais	"Evidentemente, pois tamén cada territorio, cada concello, as súas particularidades terá... diferentes resultados nese aspecto. Pero bueno, eu creo que máis ou menos, consumo cultural si que hai en toda a súa amplitude"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os baixos niveis de participación identificados pola AGPXC, xunto co descoñecemento expresado pola Comisión do CCG e o modelo empoderador proposto polo CEESG, configuran un panorama onde a participación real da cidadanía nas decisións culturais aparece como unha tarefa pendente. As dificultades contextuais e as particularidades territoriais sinaladas complican aínda máis a implementación de procesos participativos efectivos.

O debate sobre o rol predominante da cidadanía na cultura, como consumidora ou como creadora, constitúe unha cuestión central que condiciona os modelos de intervención. As perspectivas das entidades sobre esta dicotomía revelan preocupacións compartidas sobre a necesidade de transformación dos modelos actuais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 103. Debate sobre o rol da cidadanía: consumidora versus creadora de cultura

Entidade	Diagnóstico actual	Perspectiva de transformación
Comisión Políticas Culturais CCG	Predominio consumidor	"Eu penso que a cidadanía é sobre todo consumidora. Pero iso é un traballo para facer boas políticas culturais. Porque nos outros lados xa se está dando a volta a iso... Non, non, hai que dar unha volta a iso. En Francia está se facendo"
Grupo de Traballo CEESG	Cuestionamento do modelo	Necesidade de transcender o modelo de consumo para desenvolver estratexias de empoderamento comunitario
AGPXC	Desigualdades no acceso	"Aí tomou pero un pouco tamén os condicionantes de como é Galicia... acceso á cultura pois en certos lugares está toda accesible a moita xente pero para outros moitos non"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

O consenso sobre o predominio actual do rol consumidor, identificado especialmente pola Comisión do CCG con referencias a experiencias transformadoras noutros países como Francia, suxire a necesidade de repensar os modelos de intervención cultural. O cuestionamento deste modelo polo CEESG e o recoñecemento das desigualdades no acceso pola AGPXC completan un diagnóstico que demanda cambios profundos nas estratexias de dinamización cultural.

O proceso de mercantilización da cultura identificado polas entidades constitúe unha tendencia estrutural que afecta múltiples dimensións da práctica cultural. Esta dinámica condiciona tanto as concepcións como as prácticas profesionais no sector.

Táboa 104. Proceso de mercantilización da cultura: análise e manifestacións

Entidade	Dimensión analizada	Descrición do fenómeno
Comisión Políticas Culturais CCG	Promoción institucional	"Si, claro. Ademais é que é moi promovida polas institucións. Polas institucións europeas, empezando por aí... Cando vas a unha xuntanza para que che expliquen algo relacionado coas institucións europeas, están che falando de oportunidades de negocio"
AGPXC	Coexistencia de modelos	"Pero bueno, non é necesario tamén gastar cartos para consumir cultura. É dicir, quen quere consumir cultura ten moitas opcións pois que pode acceder a elas dun xeito totalmente libre"
AGPXC	Espazos de acceso libre	"As bibliotecas públicas pois aí con acceso a todos os seus fondos totalmente libre, moitísimos concellos as súas programacións municipais son con entrada libre"
Grupo de Traballo CEESG	Influencia nos perfís profesionais	"E ao final á privada interésalle que os técnicos municipais sexan xestores culturais, por que? Porque venden a súa oferta, é o seu catálogo de produtos para venderlles"
AGPXC	Transformación discursiva	"si que a cultura cada vez se fala máis de produto cultural como produto que se adquire con diñeiro"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC

As manifestacións da mercantilización cultural identificadas abarcan desde a promoción institucional denunciada pola Comisión do CCG, que vincula este proceso coas políticas

europeas orientadas ás oportunidades de negocio, ata a transformación discursiva sinalada pola AGPXC sobre a cultura como produto. O CEESG conecta esta tendencia coa influencia do sector privado nos perfís profesionais municipais. Non obstante, a AGPXC tamén recoñece a persistencia de espazos de acceso libre que resisten estas dinámicas mercantilizadoras.

As desigualdades territoriais na acción cultural constitúen unha problemática estrutural que condiciona profundamente o acceso aos bens e servizos culturais en Galicia. Estas disparidades reflicten desequilibrios máis amplos no desenvolvemento territorial que requiren políticas específicas de corrección.

Táboa 105. Desigualdades territoriais na acción cultural

Entidade	Patrón territorial	Caracterización das disparidades
AGPXC	Contraste extremo	"Si, si, si, totalmente, totalmente. Só comentaba antes, haberá concellos que incluso non teñan máis acción cultural en todo o ano que a festa, non? Ao mellor que organizará, non sei, unha comisión de festas ou que sexa ao mellor, e que non teña outro tipo de iniciativa cultural ao longo do ano porque son concellos pequenos, rurais, sen persoas que un pouco asuman ese rol de dinamizar"
AGPXC	Eixo atlántico vs interior	"a provincia da Coruña a que máis cultura move en xeral e despois a de Pontevedra... pero de aí para dentro xa a diferenza despois é abismal, non? Ou sexa, a provincia de Lugo e Ourense é tremendo como descenden as cifras de oferta"
Comisión Políticas Culturais CCG	Carencias e potencialidades rurais	"Si, claro. Si. Penso que si. Porque no rural é o que che dicía antes. Hai unha proximidade máis clara. Pero tamén hai unha, unha falta de, moitas veces de, che dicir, de oferta, pero si, de oferta de, che digo de cultura senón de unha chea de cousas que che fai falta á xente"
Grupo de Traballo CEESG	Sobrecarga profesional rural	"o técnico de cultura de Cuspedriños ao mellor na propia RPT ten unhas competencias asignadas X, e son Cuspedriños de arriba e Cuspedriños de abaixo. Entón é unha cousa que hai que traballar con moita delicadeza"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A análise das desigualdades territoriais revela un patrón xeográfico consistente caracterizado por fortes contrastes entre o eixo atlántico e o interior, así como entre contextos urbanos e rurais. Estas disparidades maniféstanse non só na oferta cultural dispoñible, senón tamén nas estruturas institucionais, capacidades profesionais e posibilidades de participación cidadá, configurando un panorama complexo que demanda intervencións diferenciadas e sensibles ás particularidades de cada territorio.

6.4.7 Relación entre os profesionais da cultura municipal. Cohesión e fragmentación no colectivo

Os resultados sobre a cohesión interna entre os profesionais do sector cultural municipal facilita a comprensión da súa capacidade de articulación colectiva, representación corporativa e defensa dos seus intereses profesionais. Os resultados suxiren unha situación caracterizada pola coexistencia de tendencias integradoras e dinámicas de diferenciación que configuran a identidade deste sector profesional. A comprensión destas relacións internas resulta

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fundamental para valorar o potencial de coordinación, cooperación e mobilización conxunta dos profesionais da cultura municipal en Galicia.

Táboa 106. Perspectivas sobre a cohesión do colectivo profesional

Entidade	Enfoque conceptual	Caracterización da cohesión
AGPXC	Integradora-evolutiva	"Eu creo que en xeral non, cada vez máis porque ademais esa división, por exemplo, que formulaba que levo formulando toda entrevista dos que traballan na pública e dos que traballan do ámbito privado. Ten en conta que basicamente os concellos son os principais contratadores [...] Entón ao final é un traballo conxunto dos da privada cos da pública"
AGPXC	Precariedades como factor cohesionador	"Entón, bueno, digamos que hai un común entendemento entre eles. Non o entendería, bueno, despois aí están as condicións laborais ou económicas de cada un deles pero bueno, eu creo que iso non crea, non crea o contrario. Eu creo que incluso as precariedades crean bastante unión no global no colectivo"
Comisión Políticas Culturais CCG	Pluralista-integradora	"A ver, eu creo que en xeral si que teñen esa visión así global un pouco porque están constantemente recibindo un pouco inputs, non? [...] Non creo que sexan desencontros pero creo que hai maneiras diferentes de entender o seu traballo, o seu ámbito de traballo, non lle chamaría desencontros a iso"
Grupo de Traballo CEESG	Diferencial-sectorial	"É dicir, asociación de xestores culturais é o que se reivindicaba e aí hai un número reducido de técnicos municipais e despois moitos de alta privada. Entón claro, as necesidades, é dicir, en algún punto poden coincidir pero son necesidades completamente distintas. O sector público ten unhas, o sector privado ten outras"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As tres perspectivas identificadas representan diferentes aproximacións á configuración do colectivo profesional que, máis que contradicirse, ofrecen visións complementarias que iluminan distintos aspectos desta realidade. Mentres a AGPXC salienta a progresiva integración entre ámbitos público e privado como tendencia primordial, a Comisión do Consello da Cultura Galega subliña a compatibilidade entre diversidade e visión compartida, e o Grupo de Traballo do CEESG destaca as diferenzas estruturais nas necesidades segundo o contexto laboral específico. Esta complexidade constitúe tanto un desafío como unha oportunidade para a vertebración do sector e o desenvolvemento de estratexias de representación e acción colectiva que recoñezan e integren a diversidade existente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.5 Políticas culturais supramunicipais. Discursos institucionais e estratexias de intervención no ámbito da cultura municipal galega

As políticas culturais supramunicipais en Galicia constitúen un ámbito de estudo particularmente relevante por diversos motivos. En primeiro lugar, polo seu carácter mediador entre as competencias autonómicas e municipais, o que as converte en axentes clave na articulación territorial da cultura. En segundo lugar, pola súa capacidade redistributiva, que lles outorga un papel esencial na corrección dos desequilibrios territoriais no acceso á cultura. En terceiro lugar, pola súa contribución á profesionalización do sector cultural municipal, aspecto esencial para a consolidación dun sistema cultural estable e de calidade. Finalmente, polo seu impacto directo na configuración das oportunidades culturais dispoñibles para a cidadanía galega, especialmente naqueles territorios con menor capacidade de autofinanciamento e xestión cultural autónoma.

Por tanto, a análise das políticas culturais supramunicipais constitúe un elemento necesario para a comprensión integral do sistema cultural galego xa que estas administracións conforman o nexo articulador entre as directrices autonómicas e a realidade municipal onde se materializa, en última instancia, a acción cultural próxima á cidadanía. Por tanto, este último apartado de resultados céntrase na análise dos discursos institucionais e das estratexias de intervención que desenvolven as principais entidades supramunicipais en Galicia–nomeadamente, as Deputacións Provinciais (de Acoruña, Pontevedra e Lugo) e a Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia–, examinando as súas concepcións, metodoloxías e prioridades no ámbito da cultura local. Estes resultados corresponden coa análise das entrevistas en profundidade realizadas a responsables políticos destas administracións galegas, aplicando técnicas de análise temática para identificar, organizar e interpretar os patróns discursivos predominantes.

Unha síntese previa, antes de profundizar nos resultados, suxire un escenario institucional marcado pola heteroxeneidade de enfoques, recursos e prioridades. Lonxe de presentar un sistema cultural coordinado e coherente, a análise evidencia a coexistencia de diferentes modelos de intervención, con notables disparidades nos seus fundamentos conceptuais, nos seus recursos dispoñibles e nas súas metodoloxías de actuación. Esta diversidade, se ben pode reflectir unha adaptación ás particularidades territoriais, tamén suscita importantes interrogantes sobre a equidade no acceso á cultura e a eficiencia na utilización dos recursos públicos. Entre os achados máis relevantes salientan os seguintes:

A identificación dunha tensión estrutural entre a autonomía formal das institucións, na definición das súas políticas culturais, e as limitacións prácticas derivadas das dependencias económicas e administrativas. Esta tensión maniféstase en diferentes graos segundo a institución, pero constitúe un elemento recorrente que condiciona a capacidade real de actuación dos entes supramunicipais e a súa relación cos municipios.

A distribución orzamentaria aparece como un factor determinante, xerando importantes desigualdades territoriais que comprometen o principio de equidade no acceso á cultura. Os resultados amosan disparidades importantes entre as deputacións provinciais que se traducen en distintas capacidades de actuación e influencia sobre o territorio, e condicionan decisivamente o alcance e a calidade das políticas culturais implementadas.

A coordinación interinstitucional emerxe como unha debilidade do sistema cultural galego. A pesar do recoñecemento xeneralizado da súa importancia, a realidade descrita polos/as entrevistados/as apunta a unha falta de articulación entre os diferentes niveis administrativos, particularmente entre as deputacións provinciais e a Xunta de Galicia. Esta carencia parece

comprometer a posibilidade de construír un sistema cultural coherente e equitativo para o conxunto do territorio galego. A isto cabe engadir que a tensión entre a necesidade de establecer criterios comúns que garantan a equidade territorial e a flexibilidade precisa para adaptarse á diversidade de contextos locais constitúe un dos eixes analíticos fundamentais que atravesa o conxunto da investigación. Neste caso, as institucións estudadas presentan diferentes aproximacións a este dilema, desde a defensa dun universalismo contextualizado ata a promoción de estratexias compensatorias específicas para os territorios máis desfavorecidos.

Identifícase tamén diferenzas nas concepcións sobre o papel da cultura e a súa función social. Mentres algunhas institucións defenden unha visión transformadora da cultura como espazo de traballo para crear vínculo social e comunidade, reforzar a autoestima colectiva e individual, e para axudar a desenvolver as persoas e os territorios, outras adoptan aproximacións máis instrumentais ou restritivas. Estas diferenzas conceptuais teñen implicacións directas nas prioridades, nas metodoloxías e nos criterios de avaliación aplicados polas diferentes institucións. En con isto, á profesionalización do sector cultural municipal, existe un amplo consenso sobre a importancia de contar con persoal específico dedicado á cultura nos concellos, entendendo que constitúe un elemento vertebrador capital para a consolidación das políticas culturais locais. Non obstante, a materialización deste principio presenta importantes limitacións na práctica, relacionadas coa precariedade laboral, a indefinición dos perfís profesionais e as desigualdades nas condicións laborais segundo o territorio.

Por último, a relación entre as institucións culturais e a cidadanía revela tamén importantes desafíos pendentes. A pesar do recoñecemento formal da participación como elemento esencial dunha acción cultural democrática, constátanse importantes carencias na súa implementación práctica. Da análise dos resultados identifícase a ausencia dunha cultura de participación e demanda cidadá no ámbito cultural como un dos principais obstáculos para a evolución cara a modelos máis participativos, onde a cidadanía non sexa unha simple receptora pasiva senón un axente activo na configuración das políticas culturais.

6.5.1 Caracterización institucional e competencial. Estruturas organizativas e articulación interadministrativa no ámbito cultural galego

A configuración institucional das entidades supramunicipais culturais en Galicia caracterízase pola diversidade de modelos organizativos, recursos e concepcións sobre o papel da administración cultural. A análise das entrevistas permite identificar diferentes aproximacións á articulación territorial da cultura e ás relacións interadministrativas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 107. Posicionamento institucional e concepcións sobre o marco administrativo

Institución	Autodefinición institucional	Reflexión sobre o marco administrativo	Citas textuais
Deputación da Coruña	Administración intermedia con autonomía formal pero dependencia económica	Crítica ao modelo actual e proposta de reforma territorial	"As deputacións realmente son unhas administracións un tanto peculiares no sentido que son un tipo de administración intermedia [...] Non teñen unha dependencia directa no que ten que ver coa capacidade de definición das políticas doutras administracións, pero si que teñen unha dependencia económica"
			"Nós, por exemplo, temos a idea de que as deputacións son as administracións que deben tender a desaparecer e que no caso galego serían perfectamente substituíbles por outro tipo de fórmulas como, por exemplo, as comarcas ou, digamos, un tipo de administración territorial conformada doutra maneira e máis vinculado á realidade territorial galega"
Deputación de Pontevedra	Entidade política supramunicipal	Énfase na dimensión territorial	"Entidade política supramunicipal nun territorio con 61 concellos"
Dirección Xeral de Cultura	Parte da estrutura autonómica	Concepción verticalizada	"Parte da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidade"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A heteroxeneidade de enfoques maniféstase tamén na definición das funcións xerais que cada institución asume no ecosistema cultural galego. Mentres as deputacións priorizan o apoio municipal, a Dirección Xeral adopta unha perspectiva máis estratéxica a nivel autonómico.

Táboa 108. Funcións xerais e prioridades institucionais no ámbito cultural

Institución	Funcións principais	Orientación estratéxica	Citas textuais
Deputación de Pontevedra	Redistribución de recursos e garantía de servizos igualitarios	Corrección de desequilibrios territoriais	"As competencias da Deputación son moi limitadas, aínda que claves se pensamos na redistribución dos recursos e na garantía de servizos igualitaria en todo o territorio. As funcións desempeñadas dende unha Deputación provincial sobre todo se centran na coordinación de servizos municipais entre sí para unha garantía de prestacións integral e eficaz, na asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión"
Deputación de Lugo	Apoio operativo a municipios pequenos	Pragmatismo na xestión	"Fundamentalmente son labores de apoio ao que é o funcionamento dos pequenos concellos, entendendo que os pequenos concellos son os de menos de 20.000 habitantes [...] Pero, bueno, o fundamental é apoiar en todos os ámbitos de actuación a eses outros concellos"
Dirección Xeral de Cultura	Actuación sobre o conxunto de Galicia	Visión autonómica	"A cultura nos municipios galegos é unha responsabilidade, en primeira instancia, de cada entidade local e dos entes provinciais. A Xunta de Galicia actúa sobre o conxunto de Galicia, ás veces colaborando na difusión da cultura a nivel local"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As estruturas organizativas e os equipos técnicos presentan configuracións diversas que reflicten diferentes modelos de xestión e prioridades institucionais.

Táboa 109. Configuración dos equipos profesionais e estruturas organizativas

Institución	Estrutura do equipo	Características organizativas	Citas textuais
Deputación de Pontevedra	8 persoas: 2 auxiliares administrativas, 1 administrativa, 2 técnicas, 1 xefe de servizo, 1 directora, 1 técnico en prácticas	Estrutura xerarquizada con predominio de perfís administrativos	"O noso servizo de cultura actualmente está formado por 8 persoas: 2 auxiliares administrativas, 1 administrativa, 2 técnicas, 1 xefe de servizo, 1 directora e 1 técnico con contrato de prácticas remuneradas [...] Os perfís son case todos de carácter administrativo, a excepción de 1 técnica (licenciada en Historia da Arte) e este técnico contratado en prácticas"
			"A este equipo técnico de 8 persoas, teríamos que sumar unha deputada provincial da que dependen neste momento a área de Cultura e a área de Igualdade"
Deputación da Coruña	Estrutura flexible con persoal multifuncional	Interconexión con outras áreas	"Hai unha xefa de servizo que ademais de levar cultura leva outras áreas como deportes, igualdade, servizos sociais, educación. Hai unha xefa de sección de cultura que unicamente está centrada [...] no ámbito cultural. E a partir de aí hai, déixame facer memoria, vamos a ver, 3, 4, 5, 6, 7, se non me equivoco, 7, 8 persoas en área de cultura [...] Que non son persoas que están unicamente para cultura, tamén tramitan outras cousas que teñen que ver con outras áreas, con educación, con igualdade"
Deputación de Lugo	Estrutura complexa con diversidade de servizos	Dificultade para delimitar o persoal cultural	"É complicado concretalo porque nós, eh, no ámbito de cultura poderiamos englobar o que é o tema administrativo que se refire a todo o que é xestión de subvencións, convocatorias, convenios [...] pero despois tamén estaría o persoal dos museos, da rede museística, que se compón de catro museos"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A dimensión orzamentaria constitúe un factor determinante nas capacidades de actuación de cada institución, xerando importantes disparidades territoriais no acceso aos recursos culturais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 110. Orzamentos culturais e fragmentación do investimento

Institución	Orzamento cultural	Fragmentación e dispersión	Citas textuais
Dirección Xeral de Cultura	104,5 millóns de euros (2023)	Non especificada	-
Deputación da Coruña	Aproximadamente 10 millóns de euros	Non especificada	-
Deputación de Pontevedra	3,97 millóns de euros	Múltiples servizos con partidas diferenciadas	"É importante salientar que na Deputación de Pontevedra, na presente lexislatura, Cultura e Lingua, son servizos diferenciados con partidas económicas distintas, así como o Museo de Pontevedra
			"Tamén é importante salientar que algúns programas e actividades culturais consolidadas da institución non se xestionan dende o Servizo de Cultura e o seu orzamento: podemos poñer como exemplo os Rías Baixas Fest [...] ou a Pontevedra Provincia Film Commission (que se xestionan dende Turismo)"
Deputación de Lugo	Arredor de 3 millóns de euros	Condicionamento por inferioridade orzamentaria provincial	"Se aquí temos un orzamento global da deputación de 100 millóns de euros, en A Coruña e Pontevedra son 200 e pico millóns de euros. Calquera convocatoria, calquera liña de axudas, se en A Coruña poñen medio millón de euros, nós podemos poñer 100 mil"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os modelos de xestión e as funcións específicas dos responsables institucionais varían segundo a institución, reflectindo diferentes concepcións sobre o liderado cultural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 111. Funcións dos responsables institucionais e modelos de xestión

Institución	Modelo de xestión	Funcións específicas	Citas textuais
Deputación da Coruña	Modelo estruturado con planificación consolidada	Planificación, coordinación e desenvolvemento de políticas culturais	"Eu favoro, digamos, a planificación e a coordinación do desenvolvemento de toda a política cultural da deputación. Iso inclúe, basicamente, conto que xa son algunhas liñas, en número, xa é máis, todas as liñas de subvención tanto a concellos como a asociacións sen ánimo de lucro como a empresas e entidades lucrativas, todo o que son as políticas de apoio á creación, que poden ser premios, residencias artísticas, iniciativas, programación, etc."
			"Xa levamos oito anos traballando basicamente coa visión de que queremos facer, de que tipo de traballo queremos desenvolver. Temos un modelo propio bastante consolidado"
Deputación de Pontevedra	Visión transversal e integradora	Deseño de programación e colaboración transversal	"Eu son Directora de Cultura e as miñas funcións se enfocan especialmente no deseño da programación e das liñas de acción que desenvolvemos no Servizo de Cultura, máis teño tamén un perfil máis transversal, que fai que asesore, participe, deseñe ou colabore, en proxectos culturais que se desenvolven dende outras áreas (especialmente Igualdade, Turismo ou Cohesión Social)"
			>"A Deputación de Pontevedra destaca por implementar unhas liñas estratéxicas centradas en levar a cultura a todo o territorio, unha cultura accesible e con valores de igualadade e sostibilidade como eixos fundamentais, promovendo sempre ao sector profesional da provincia e o noso tecido asociativo cultural"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A relación coa autonomía municipal e as estratexias de intervención territorial mostran diferentes equilibrios entre directrices institucionais e respecto á capacidade de decisión local.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 112. Modelos de relación coa autonomía municipal

Institución	Modelo de relación	Estratexia de intervención	Citas textuais
Deputación da Coruña	Equilibrio entre directrices claras e autonomía local	Concentración de liñas de subvención no plan único	"O primeiro que fixemos cando chegamos aquí, en relación aos concellos, foron basicamente dúas cousas. A primeira foi eliminar... non eliminar, senón concentrar, digamos, diferentes liñas de subvención que antes dábanse de forma independente [...] Nós agrupamos todas esas liñas de subvención e metémolas dentro do que aquí se chama o plan único"
			"O bo que teñen estas liñas de relación entre concello e deputación é que como son tan moi marcadas, moi definidas e están definidas pola nosa parte, non cabe, digamos, que cada concello faga o que lle peta, por así dicir. Os concellos saben a que aterse no que ten que ver coa relación coa deputación"
			"Os concellos si que teñen unha capacidade absoluta, unha autonomía plena para o diñeiro que reciben, que a maior parte do diñeiro que reciben a través deste plan único. Aí si que cada concello ten plena autonomía para definir a súa política cultural local"
Deputación da Coruña	Respecto á diversidade de usos dos recursos	Recoñecemento de diferentes modelos culturais municipais	"Se un concello, por exemplo, dedica unha porcentaxe dese diñeiro que recibe polo plan único, dedica unha porcentaxe importante ao ámbito cultural e o dedica para facer un festival ao ano no que gasta pois o 90% do diñeiro que ten para facer en cultura - hai concellos que fan iso - ou que o dedican para programación de festas [...] e hai concellos que o dedican para poñer en marcha programas de apoio a creadores locais"
Deputación de Pontevedra	Colaboración diaria e fluída	Cooperación independente das cores políticas	"No eido cultural, temos unha colaboración diaria e fluída con todos os concellos (independentemente das cores políticas), desenvolvendo moitas actividades no territorio en clave de cooperación. E sabemos do papel fundamental que exerce a Deputación Provincial na programación cultural daqueles municipios máis pequenos"
Dirección Xeral de Cultura	Adaptación reactiva á diversidade municipal	Variabilidade segundo demandas	"O nivel de colaboración da Xunta con cada concello en materia cultural é moi variable: hai concellos plenamente autosuficientes, outros demandan colaboración ocasionais, e outros son máis intensivos nas peticións de colaboración"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As relacións interinstitucionais no ámbito cultural galego presentan diferentes graos de intensidade e formalización, evidenciando carencias significativas na coordinación entre niveis administrativos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 113. Relacións interinstitucionais e coordinación administrativa

Institución	Relacións prioritarias	Carencias identificadas	Citas textuais
Deputación da Coruña	Prioridade absoluta aos concellos	Falta de coordinación coa Xunta de Galicia	"Relación garda con todas, basicamente, pero bueno, fundamentalmente cos concellos, basicamente, porque as deputacións deben ser claramente as entidades locais, os concellos, claramente. A función e a natureza das deputacións ten que ver basicamente co apoio ao servizo, con poder axudar a garantir que os concellos poden ofrecer aos cidadáns os servizos que por lei teñen que ofrecer"
			"E coa Xunta apenas hai unha relación estable, normalizada, e eu creo que iso é unha eiva que habería que corrixir, porque no que ten que ver con pensar o sistema cultural galego dunha forma global, coordinada, planificada, o ideal sería poñer en común as liñas básicas de traballo"
Deputación da Coruña	Necesidade de simplificación administrativa	Multiplicidade de liñas de subvención	"Por que haxa unha mínima coordinación para que basicamente as empresas non toleen presentando catorce veces documentación para catorce tipos de catorce modalidades de subvención [...] o que tiña que haber é unicamente dúas liñas de subvención na que puxésemos cartos a Xunta, na que puxésemos cartos ás deputacións"
Deputación de Pontevedra	Colaboracións diversificadas con entidades culturais	Incremento de alianzas nos últimos anos	"A Deputación xa levaba anos colaborando dun xeito máis estreito con entidades culturais de prestixio na nosa comunidade, pero veuse incrementado nos últimos anos, coa implementación de novos proxectos e a creación de novas alianzas"
			"Se imos ao eido da música, colaboramos coa celebración dos Premios Martín Códax da Música e co MUMI [...] No ámbito das artes escénicas, o traballo con Escena Galega [...] Se falamos do eido da escrita, colaboramos con múltiples Fundacións como Penzol, Casa Rosalía de Castro ou Fundación Neira Vilas"
Deputación de Lugo	Contacto fundamentalmente cos concellos	Dificultades por diferentes dinámicas administrativas	"Os contactos que podemos manter coas administracións é fundamentalmente cos concellos e despois temos algún contacto puntual con algunha outra deputación a nivel galego para tratar de buscar sinerxias, pero é un pouco complicado polos diferentes funcionamentos"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A análise evidencia que a articulación do sistema cultural galego enfronta importantes desafíos estruturais relacionados coa coordinación interinstitucional, a distribución desigual de recursos e a diversidade de modelos organizativos que dificultan a construción dun marco coherente e equitativo para o desenvolvemento cultural en todo o territorio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.5.2 LABOR INSTITUCIONAL EN CLAVE MUNICIPAL. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN, RECURSOS E PROFESIONALIZACIÓN DA ACCIÓN CULTURAL

A labor das institucións culturais galegas nos municipios revela diferentes modelos de intervención e apoio ao desenvolvemento cultural local. As aproximacións institucionais concrétanse en estratexias específicas que condicionan directamente as oportunidades culturais dispoñibles a nivel territorial.

Táboa 114. Modelos de intervención cultural das institucións supramunicipais

Institución	Modelo de intervención	Estratexias específicas	Citas textuais
Deputación da Coruña	Modelo estruturado en tres eixos	Transferencia de capital, apoio á contratación, desenvolvemento de actividades	"Subvencionamos a contratación dos técnicos e técnicas de cultura e técnicos e técnicas de animación sociocultural dos concellos. Subvencionamos a contratación do persoal de atención a museos e centros de interpretación da provincia. Subvencionamos o traballo, non é directamente a contratación senón o traballo, os sostemos, axudamos a soster economicamente as escolas municipais de música"
			"Entón aí se un concello, por exemplo, tira da rede cultural para facer determinado tipo de programación é porque o concello considera que iso é necesario, e hai outros concellos que igual non tiran tanto dese programa porque teñen outras necesidades ou teñen outra maneira de construír a súa programación cultural"
Deputación de Pontevedra	Modelo cooperativo-distributivo	Transferencia de recursos e colaboración cos municipios	"As funcións específicas das Deputacións provinciais no eido cultural están enmarcadas nesa cooperación co territorio e cos concellos para garantir o acceso á cultura en toda a provincia. É importante que esta Deputación é a que máis transfire máis orzamento aos concellos da provincia para a súa xestión"
			"O Plan Concellos tamén permite a aplicación de fondos para a realización de proxectos técnicos e contratos de consultaría, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais deportivos, sociais, educativos, turísticos... Por iso, os concellos teñen autonomía para xestionar fondos transferidos para proxectos de carácter cultural"
Deputación de Lugo	Modelo reactivo-adaptativo	Resposta ás necesidades específicas expresadas polos municipios	"É tratar de manter ese contacto cos concellos e tratar de atender tamén as demandas que nos chegan dende os concellos, ben sexa para o tema dos espazos culturais que alí existen como ben sexa para o que é a actividade cultural propiamente dita"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A cuantificación e distribución dos recursos destinados á cultura municipal presenta unha complexidade que transcende o puramente contable, involucrando cuestións conceptuais sobre a natureza do gasto cultural e o seu impacto territorial.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 115. Perspectivas sobre a distribución e cuantificación do gasto cultural

Institución	Conceptualización do gasto	Vías de financiamento	Citas textuais
Deputación da Coruña	Complexidade na diferenciación entre gasto directo e indirecto	Subvencións diferenciadas para entidades e concellos	"Iso si que cho tería que mirar, de memoria non cho sei dicir [...] Claro, aí temos moitas subvencións que son para asociacións culturais e que hai unha consideración que facer que é importante: cando falamos de concellos estamos falando sempre do concello como entidade, do concello en canto entidade política, o goberno municipal"
			"Claro, esas asociacións culturais son asociacións culturais dos concellos. Claro, é dicir, ao final o concello de Carballo, pois para entendernos, recibe o seu diñeiro como concello, pero despois vai igual, non sei, trescentos mil euros para asociacións culturais dese concello. Ao final, a cidadanía do concello benefíciase, digamos, de actividades culturais que organizan ben asociacións ou ben o propio concello"
			"Temos unha convocatoria de subvencións á que se presentan todos os concellos na que che digo que sufragamos a contratación do persoal que traballa nos concellos"
Deputación de Pontevedra	Visión territorial-impactual	Impacto que transcende aos receptores directos	"O orzamento de Cultura aplícase nunha gran porcentaxe en 'clave municipal', porque incluso a liña de patrocinios á produción audiovisual ou á subvención a unha entidade sen ánimo de lucro para a realización dun festival de música ou artes escénicas, repercute directamente no desenvolvemento social e económico do concello"
Deputación de Lugo	Modelo oportunista-reactivo	Distribución segundo demanda e oportunidades	"Pois é complicado e non é sempre igual porque se non temos son programas específicos para concellos así que non temos liñas para colaboración que saen todos os anos coas asociacións. Os dos concellos vai un pouco en función da demanda e das oportunidades que van xurdindo"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A profesionalización do sector cultural municipal constitúe un elemento vertebrador recoñecido por todas as institucións, aínda que con diferentes aproximacións á súa implementación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 116. Posicionamentos sobre a necesidade de persoal municipal específico para cultura

Institución	Valoración da necesidade	Xustificación e obstáculos	Citas textuais
Deputación da Coruña	Absolutamente prioritario e básico	Crítica ao modelo de infraestruturas sen persoal	"Absolutamente, é prioritario, é básico. É dicir, un dos peores, unha das características máis problemáticas que tivo o desenvolvemento destas catro décadas de autonomía en Galicia, é que non serviron para entender que o principal valor co que teñen que contar as administracións públicas é contar con equipos de traballo solventes, sólidos, estables e que poidan desenvolver ben o seu traballo"
			"Aquí en Galicia o que se fixo foi apostar por infraestruturas, moitas veces por cemento, sen proxecto e sen persoal. De maneira que temos un volume importante de casas de cultura, auditorios e espazos culturais absolutamente infrautilizados, absolutamente carentes de proxecto cultural a desenvolver"
Deputación de Pontevedra	Diferenza abismal con persoal formado	Pouca relevancia outorgada por algúns gobernos	"Persoalmente, vindo dunha formación específica en cultura e de traballar dende o sector da produción cultural, só podo dicirche que cando nos concellos hai persoal formado e con dedicación en cultura a diferenza é abismal, respecto dos municipios onde é persoal compartido con outras áreas ou carecen de formación especializada en cultura"
			"En moitos casos, non se require formación específica ou non se outorga dedicación exclusiva nas áreas de cultura [...] E creo que reside na pouca relevancia que lle outorgan algúns gobernos á cultura nun contexto pequeno"
			"Sin embargo, e demostrouse notablemente nestes tempos de pandemia, a cultura é clave na cohesión social das persoas, no reforzo dunha identidade e no desenvolvemento social e económico dun territorio"
Dirección Xeral de Cultura	Posicionamento neutral	Decisión de cada concello	"Esa é unha decisión de cada concello en virtude da súa autonomía. En todo caso, parece lóxico que haxa profesionais no ámbito cultural a nivel local"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As perspectivas sobre o perfil profesional ideal revelan diferentes concepcións sobre a denominación, funcións e formación necesarias para o desenvolvemento do traballo cultural municipal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 117. Concepcións sobre o perfil profesional dos técnicos culturais municipais

Institución	Denominación ideal	Funcións e formación	Citas textuais
Deputación da Coruña	Xestor ou xestora cultural	Formación flexible pero especializada	"Eu son partidario da denominación xestor ou xestora cultural para os técnicos, para iso, para o persoal técnico, digamos, que fai funcións de planificación, coordinación e desenvolvemento [...] Son partidario de falar de xestores e xestoras culturais porque as denominacións clásicas que se veñen utilizando, ás veces chamábaselle á xente programador cultural, programadora cultural ou técnica, técnico de cultura, parécenme reduccionistas"
			"Desde logo, para alguén que traballe en cultura nun concello ten que facer moito máis que programar actividades culturais. De feito, creo que programar é, se cadra, unha das cousas menos interesantes do que hai que facer en cultura desde unha administración"
			"Como exemplo, eu creo que técnico de xestión cultural dun concello pode ser unha persoa que fixera historia da arte, que fixera dereito ou que fixera bioloxía [...] Pero a esa persoa, non só que lle pedimos é que, vale, ti tes iso, pero tes que ter tamén pois unha formación específica en políticas culturais ou en xestión cultural"
			"Tanto os grupos B como os grupos C, cada grupo, digamos, ten un nivel salarial de referencia, o que corresponde a cada un deses niveis salariais"
Deputación de Lugo	Evolución positiva na formación	De formación a distancia a programas presenciais	"Hai 10 anos a xente que estabamos traballando nisto tiñamos que facer os mestrados ou os posgrados agora ou online, cada quen en función das posibilidades que tiña. Nos últimos anos contouse co curso de especialización da Universidade de Santiago ou ultimamente co grao de Lugo no campus de Lugo"
Deputación de Pontevedra	Precariedade crecente no sector privado	Importancia da formación pero tamén das condicións laborais	"Hoxe en día hai máis precariedade aínda do que podía haber hai 10 ou 15 anos"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A precariedade laboral emerxe como un obstáculo estrutural para a profesionalización, afectando especialmente aos técnicos vinculados a subvencións temporais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 118. Evolución da profesión e condicións laborais no sector cultural

Institución	Evolución observada	Cambios no sector público e privado	Citas textuais
Deputación da Coruña	Evolución paradoxal	Melloras no público, deterioro no privado	"Eu creo que, eu creo que si que sufriu eses cambios. Penso que en xeral, se se quere timidamente, pero eu creo que en xeral están sufrindo cambios a mellor. A profesión digo do... Estamos falando de xente que traballa no ámbito público? [...] A profesión de traballar digamos no ámbito da xestión cultural desde o ámbito privado tamén sufriu cambios pero a peor"
			"No ámbito público non, no ámbito público si que houbo cambios a mellor porque si que se avanzou digamos no recoñecemento profesional do perfil, de maneira que hoxe en día está moito máis instalada e moito máis asentada esa idea de que os concellos teñen que ter persoal técnico nas áreas de cultura"
			"A maior parte de técnicos e técnicas de xestión cultural que vén habendo durante estas décadas no conxunto de Galicia e non unicamente na provincia son xente que estaba moi en precario porque a súa praza estaba vinculada á subvención que o concello conseguía anualmente"
Deputación de Pontevedra	Maior especialización sen recoñecemento equivalente	Papel das asociacións profesionais	"Na xestión cultural, cada vez existen máis perfís especializados e formados, pero se pensamos na administración pública, cando municipal como supramunicipal ou autonómica, a valoración deses perfís aínda non se integrou nos procesos selectivos tanto como sería necesario"
			"Tamén creo que foi moi importante todos os elementos por un lado a existencia da Asociación Galega de Profesionais de Xestión Cultural, creo que é moi importante que exista unha entidade representativa deste sector"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A fragmentación do sector maniféstase na ausencia dunha visión unitaria entre os profesionais, condicionada pola heteroxeneidade de traxectorias e condicións laborais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 119. Percepcións sobre a unidade de visión entre profesionais da cultura municipal

Institución	Existencia de visión unitaria	Factores de fragmentación	Citas textuais
Deputación da Coruña	Non existe visión unitaria	Heteroxeneidade de traxectorias e precariedade	"Non, eu creo que non ten. E creo que non ten basicamente por dous ou tres motivos. O primeiro é a propia experiencia de cadaquén. Como che dicía, o ámbito da xestión cultural en Galicia foi se conformando a nivel profesional dunha forma moi heterodoxa, moi heteroxénea e moi de casuística particular"
			"Aquí moita xente que viña, digamos, traballando no campo da cultura, pois igual desde o ámbito asociativo nos anos setenta, cando se conforman os concellos nos oitenta se van creando as áreas de cultura, pois vai dando o paso a incorporarse aos concellos pero sen que exista pois unha definición clara do perfil profesional"
			"A precariedade fixo que haxa, digamos, unha... Eu creo que hai bastante xente que ten interiorizado un certo queime, non un certo queime profesional, persoal, co cal, creo que a súa visión sobre o seu propio traballo é moi debedor"
			"Hai xente en moitos concellos que compaxina ser a bibliotecaria coa técnica de cultura e con, non sei, con outra función máis. Hai casos onde o técnico de cultura era un policía municipal, literalmente, un policía municipal que se encargaba da programación do concello"
Deputación de Pontevedra	Depende das persoas	Variabilidade individual	"Non necesariamente, pero depende moito das persoas"
Deputación de Lugo	Coincidencia entre os verdadeiramente implicados	Diferenza entre xestión cultural real e simple programación	"Bueno, eu creo que os que de verdade están metidos no tema cultural si que hai coincidencia. Outra cousa é, ao mellor, o que se poida chamar programación cultural é simplemente unha institución que se paga, sexa o tema das festas patronais e pouco máis"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A investigación sobre o sector cultural municipal presenta importantes carencias, limitando a posibilidade de deseñar políticas baseadas en evidencias.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 120. Estudos e investigacións sobre a realidade cultural municipal

Institución	Existencia de estudos	Implementación de medidas	Citas textuais
Deputación da Coruña	Estudos históricos con antigüidade	Implementación gradual con criterio de prudencia	"Mira, desde esta administración si que se fixo ese traballo. De feito, sobre a realidade do sector profesional hai varios estudos publicados. Hai un da Deputación da Coruña que xa ten anos, que se fixo dentro do proxecto Interea, dun programa de formación e investigación do ámbito cultural da provincia que coordinaba no seu momento Héctor Pose, pero iso xa ten igual, igual ten 15 anos"
Dirección Xeral de Cultura	Informe Xerf@	Ausencia de implementación	"Si: o Informe Xerf@. Formación e profesionalización da acción cultural pública en Galicia realizado polo grupo de investigación de Pedagoxía Social e Educación Ambiental (SEPA-interea) da Universidade de Santiago (USC) e persoal das outras dúas universidades"
Deputación de Pontevedra	Valoracións específicas por programas	Cambios visibles en programas concretos	"Non, aínda que en moitos programas concretos facemos valoracións específicas cos concellos para avaliar e deseñar melloras"
			"Tivéronse evidentemente en conta os datos aportados polos concellos, para planificar cambios e melloras na continuidade deses proxectos. Nalgúns deles, como no Musigal (programa de música en galego) ou en Tornar ás Táboas (programa de teatro) os cambios foron xa visibles na seguinte edición á valoración"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As iniciativas de formación e apoio aos profesionais municipais presentan diferentes enfoques segundo a institución promotora.

Táboa 121. rogramas de formación e apoio aos profesionais municipais

Institución	Estratexias formativas	Resultados e limitacións	Citas textuais
Deputación da Coruña	Programa formativo con requisitos vinculados a subvencións	Resultados desiguais	"A maiores diso nós, en todas as ordes de subvención que van dirixidas ao persoal municipal, poñemos sempre a obrigatoriedade de asistir a aquelas actividades formativas que organicemos de forma directa orientadas a este perfil profesional"
Deputación de Pontevedra	Espazos de encontro e intercambio	Colaboración con AGPXC	"As xornadas de xestión cultural realizadas estes anos no castelo de Soutomaior en colaboración con AGPXC, tiñan como obxectivo ser espazo de encontro e formación para profesionais da xestión cultural, tanto en entidades públicas como privados"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A percepción que os profesionais teñen sobre as administracións supramunicipais varía segundo a institución e o tipo de relación establecida.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 122. Percepción dos profesionais sobre as administracións culturais

Institución	Percepción identificada	Factores condicionantes	Citas textuais
Deputación da Coruña	Percepción heteroxénea	Diversidade de perfís e experiencias	"Pois non che sabería dicir. Vamos a ver, eu creo que, non sei, non sei, porque creo que este sector é un sector moi heteroxéneo. Na miña percepción, eu sei que percepción teño eu do traballo que desenvolven eles e tamén unha percepción pois moi diversa"
			"Creo que é unha realidade donde hai xente que traballa dunha forma moi boa, moi planificada, moi organizada, unha visión da cultura moi actual, e hai xente que ten un perfil de traballo e de acción que seguramente ten que ver coas experiencias vividas en negativo, pois se se quere, menos entusiasta neste momento"
Deputación de Pontevedra	Valoración positiva	Apertura e escoita ao sector	"Polo que podo falar co sector cultural, agradecen moito a aposta pola cultura que estamos a desenvolver estes últimos anos, así como a actitude de apertura e escoita que estamos a intentar adoptar, especialmente co tecido asociativo"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As diferenzas territoriais no desenvolvemento cultural maniféstanse tanto a nivel provincial como local, condicionadas por factores orzamentarios e políticos.

Táboa 123. Diferenzas territoriais nas políticas e recursos culturais

Institución	Diferenzas identificadas	Factores determinantes	Citas textuais
Deputación da Coruña	Homoxeneidade na precariedade, diferenzas formativas	Maior tradición formativa na provincia da Coruña	"Non, todo. A ver, como che dicía, a realidade é moi diferente en cada provincia, en diferentes aspectos. É dicir, eu creo que é bastante homoxénea a cuestión da falta de recoñecemento profesional e da precariedade profesional que viviron en xeral durante estas catro décadas de autonomía o persoal do ámbito municipal da cultura"
			"Hai diferenzas noutros aspectos. Por exemplo, a nivel formativo e de capacitación profesional, eu creo que os concellos da provincia da Coruña están francamente mellor que os do resto de provincias, porque aquí durante diferentes etapas [...] aquí ten habido dunha forma constante programas formativos"
Deputación de Pontevedra	Diferenzas entre concellos máis que entre provincias	Importancia do valor político outorgado á cultura	"As diferencias danse duns concellos a outros, independentemente da provincia, sendo prioritario, a maiores das características do concello e o seu orzamento, o valor que se lle aporte á programación cultural no municipio e ao perfil que debe deseñar e organizar esa programación"
Deputación de Lugo	Disparidades orzamentarias provinciais	Menor capacidade de investimento	"A Coruña e Pontevedra a nivel do orzamento pois é moi superior. Se aquí temos un orzamento global da deputación de 100 millóns de euros, en A Coruña e Pontevedra son 200 e pico millóns de euros"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O papel das administracións na configuración da profesión cultural recoñécese como fundamental, aínda que con diferentes concepcións sobre o seu rol específico.

Táboa 124. Concepcións sobre o papel das administracións na profesión cultural

Institución	Papel atribuído	Propostas de mellora	Citas textuais
Deputación da Coruña	Crear contexto máis que programar directamente	Necesidade de organismo coordinador	"Nós entendemos que as deputacións non están para programar directamente, non están para ser unha axente, digamos, que faga directamente no territorio, senón que a deputación ten que ser unha axente que cree contexto e que favoreza que os axentes culturais do territorio teñan capacidade para facer eles"
			"Bueno, pois teñen a moi importante. De feito, digamos, aí o que eu creo que faltou, xustamente é a existencia, digamos, dun organismo que claramente marcase as pautas, fose un organismo coordinador que garantise o perfil profesional da xestión cultural nos concellos"
			"O penso no ámbito dos oficinas de información xuvenil, o penso nos ámbitos das oficinas de axuda a drogodependencia ou nos centros de información á muller. Son todo realidades municipais pero que contaron con unha coordinación a nivel galego impulsada basicamente desde a Xunta e despois coa colaboración de concellos e de deputacións"
Deputación de Pontevedra	Visión integral incluíndo todos os axentes	Corresponsabilidade público-privada	"En realidade as políticas culturais públicas non dependen só das administracións, senón do conxunto dos axentes: Administración públicas e privadas, entidades culturais e sociais, empresas, profesionais e mesmo cidadanía"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A distinción entre animación sociocultural e xestión cultural presenta diferentes interpretacións, reflectindo debates sobre a natureza e alcance de ambos ámbitos profesionais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 125. Concepcións sobre animación sociocultural e xestión cultural

Institución	Diferenciación establecida	Fronteiras e solapamentos	Citas textuais
Deputación da Coruña	Diferenciación funcional e xerárquica	Realidade operativa difusa	"A ver, tamén está bastante... o tema é tamén moi definido, perfectamente definido nesta orde de subvencións que che digo. Na animación sociocultural, o que basicamente, digamos a diferencia... a xestión cultural no que ten que ver cos concellos aplícaselle tamén funcións de técnico superior por así dicilo, de técnico que fai de deseño e planificación da política cultural do Concello e de coordinación xeral"
			"Non é absolutamente clara, porque, de feito, dependendo tamén da realidade dos concellos, hai concellos donde unha persoa que ten formación ou tivo de técnico superior de animación sociocultural, pois viña facendo de todo, planificaba, deseñaba, pensaba e facía"
Deputación de Pontevedra	Fronteiras difíciles de definir	Diferenzas en niveis formativos	"A xestión cultural e a animación sociocultural son eidos cuxas fronteiras son dificiles de definir, polo carácter social que ten a cultura, polos obxectivos de desenvolvemento social e económico que levan implícitos a maior parte dos proxectos culturais e pola dinamización dun territorio"
			"O grao de especialización nos perfís que se dedican á xestión cultural e á animación sociocultural, ademáis das súas liñas de acción e o seu alcance, son diferenciadas na meirande parte dos casos, sendo o perfil do/da animador/a sociocultural corresponde a unha menor capacitación formativa"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

Os modelos profesionais ideais para os concellos presentan consenso na necesidade de especialización, aínda que con diferentes propostas para a súa implementación práctica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 126. Modelos profesionais ideais para a acción cultural municipal

Institución	Modelo proposto	Alternativas para concellos pequenos	Citas textuais
Deputación de Pontevedra	Técnico especializado en todos os concellos	Animador sociocultural como alternativa	"O desexable ou óptimo sería que todos os concellos contasen cun técnico especializado de cultura, aínda que nos concellos máis pequenos sabemos que é moi complicado. Nestes casos, un/unha animador/a sociocultural adoita afrontar as mesmas labores, aínda que os contratos e as condicións tampouco son os mesmos"
Deputación da Coruña	Persoal estrutural do concello	Mancomunidade de servizos	"Nós defendemos que un concello ten que ter un persoal estrutural do concello que desenvolve esas funcións. Que maiores despois o concello teña que desenvolver o proxecto X e para iso precisa contratar unha empresa por fora, parece non é perfecto e absolutamente comprensible. Pero non substituír persoal estrutural do concello por unha empresa de servizos externos"
			"Unha cuestión tamén que entendemos que hai que camiñar cara ela é tamén, digamos, unha certa mancomunidade de servizos, é dicir, que pois igual hai concellos que unha mesma persoa pode desenvolver esas funcións, pois igual en dous ou tres concellos"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A análise evidencia que a labor institucional en clave municipal caracterízase pola diversidade de modelos, a persistencia de desafíos estruturais relacionados coa profesionalización e a necesidade de maior coordinación para garantir un desenvolvemento cultural equitativo en todo o territorio galego.

6.5.3 Dimensión territorial e distribución de recursos. Enfoques institucionais nas dinámicas rural-urbanas e os desequilibrios no acceso cultural

As institucións culturais galegas manifestan un consenso sobre a necesidade de implementar medidas compensatorias na distribución de recursos entre concellos rurais e urbanos. Esta valoración compartida tradúcese en políticas específicas e criterios diferenciados de asignación que buscan corrixir as desigualdades históricas e estruturais que afectan ao rural galego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 127. Estratexias de discriminación positiva e distribución territorial de recursos

Institución	Estratexia implementada	Criterios de distribución	Citas textuais
Deputación da Coruña	Discriminación positiva explícita excluíndo cidades	Criterios demográficos, territoriais e socioeconómicos con cofinanciamento diferenciado	"Discriminamos a favor dos concellos pequenos e, por exemplo, para determinados programas deixamos fora as cidades [...] excluímos a Coruña, Santiago e Ferrol, porque son cidades que teñen unha capacidade económica, nalgúns casos, superior á propia área de cultura"
			"Sería absurdo que nós esteamos subvencionando a quen ten máis diñeiro que nós para facer a súa política cultural. E, en cambio, entendemos que nós obriga a centrarnos no apoio a aqueles concellos con menos recursos"
			"Por exemplo, aos concellos de menos de cinco mil habitantes, pois sufragámoslle unha porcentaxe moi superior que aos concellos de máis de vinte mil, por exemplo, porque ten que ver co cofinanciamento da programación que queren facer"
Deputación de Pontevedra	Maior parte dos recursos aos concellos de menos de 20.000 habitantes	Iniciativas específicas para zonas do interior con perspectiva interseccional	"Un exemplo: o programa Mulleres Extramuros desenvolve intervencións artísticas no espazo público de parroquias pequenas de concellos interiores, en colaboración coa cidadanía"
Deputación de Lugo	Adaptación ás limitacións infraestruturais	Condicionamento polas instalacións dispoñibles	"O único condicionante que temos son as instalacións, de se iso nos limita a poder levar un espectáculo ou unha actividade ou non"
Dirección Xeral de Cultura	Programas de mobilidade para superar carencias	Bibliotecas móbiles para concellos sen servizo	"Por exemplo, desde este ano puxemos en marcha un programa de bibliotecas móbiles deseñada para levarse a cabo nos concellos das provincias de Lugo e Ourense que carecen deste servizo cultural público"
			"As actividades da Xunta de Galicia en materia cultural procuran favorecer a creación difusión e recepción da cultura no rural galego, mediante programas e accións específicas [...] Facémolo pensando no conxunto do territorio e de que o rural galego precisa dun reforzo positivo"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A tensión entre principios universais e adaptación contextual emerxe como un dos principais desafíos na configuración das políticas culturais territoriais, manifestándose en diferentes concepcións sobre o equilibrio entre visión común e aplicación localizada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 128. Concepcións sobre a labor cultural municipal e a súa dimensión territorial

Institución	Visión da labor cultural	Relación entre principios e contexto	Citas textuais
Deputación da Coruña	Cultura como vector de transformación social	Visión compartida con aplicación diferenciada	"A min o que me gustaría é que a visión do que é o traballo cultural, o traballo das políticas culturais, fose unha visión compartida e única, pero que despois cada concello entenda a necesidade de aplicala ás súas propias características"
			"O ideal sería, digamos, que esa visión fose compartida por parte de todos os concellos, independentemente que fose a cidade da Coruña ou o concello de Boimorto. Na práctica, pois sabemos que non é así"
			"A min a cultura a día de hoxe ten que ser un espazo de traballo para crear vínculo social, para crear comunidade, para reforzar a autoestima colectiva e individual e para axudar a desenvolver as persoas e os territorios"
			"É algo moito máis importante e moito máis amplo que pensar se levamos a x grupo de teatro ou a x artista musical á esta festa"
Deputación de Pontevedra	Políticas culturais dende a proximidade	Rexeitamento de modelos descontextualizados	"Persoalmente, defendo unhas políticas culturais públicas que se deseñen e xestionen dende a proximidade e o local, alén da participación cidadá, porque é a mellor forma de garantir un acceso a cultura igualitario e un impacto social da mesma"
			"Dende a Deputación de Pontevedra fuximos de proxectos que replican modelos deseñados sen ter en conta o contexto"
Deputación da Coruña	Diferenzas conceptuais sobre cultura	Compoñente valorativo das desigualdades	"Sabemos que hai diferenzas enormes no que ten que ver co punto de partida do que é o traballo cultural e coa práctica despois que fai cada concello. Pero iso xa ten que ver máis, eu creo, cunha cuestión da propia construción do que é cultura hoxe"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

O desafío de conciliar calidade e accesibilidade constitúe outro eixo fundamental nas estratexias territoriais, requirindo adaptacións que non comprometan a excelencia cultural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 129. Estratexias para compatibilizar calidade e equidade territorial

Institución	Estratexia de adaptación	Criterios de calidade	Citas textuais
Deputación de Lugo	Pequenos formatos de calidade adaptables	Versatilidade sen merma de calidade	"E non nos vamos a macroprodución e a grandes espectáculos por varios motivos, entre eles porque non hai instalacións axeitadas fóra das cabeceiras de comarca [...] senón que traballamos máis ben con pequenos formatos de calidade"
			"Que a produción que saia, que se poida facer tanto nunha pequena instalación como nun grande ámbito [...] Non vai ser exactamente igual, pero si que entendo que na maioría dos casos se deberían poder facer esas adaptacións"
			"Non, é dicir, ou non haber profesionais ou non haber xente cunha relación máis ou menos habitual co mundo da cultura, pois á hora de facer as programacións ou de levar determinados espectáculos ou actividades, pois iso non pode ser"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A análise revela que a equidade no acceso á cultura constitúe un principio compartido que se materializa en estratexias compensatorias diversas pero complementarias. As tensións identificadas entre universalidade e contextualización, así como entre calidade e accesibilidade, funcionan como motores para o desenvolvemento de políticas culturais innovadoras comprometidas coa cohesión territorial de Galicia.

6.5.4 MEDIACIÓN INSTITUCIÓN-CIDADANÍA. MECANISMOS PARTICIPATIVOS E CONCEPCIÓNS DOS DEREITOS CULTURAIS NO ÁMBITO MUNICIPAL

A análise das interaccións entre cidadanía e administracións municipais no ámbito cultural revela dinámicas que condicionan a execución e desenvolvemento das políticas culturais locais. Os resultados identifican tres elementos fundamentais nestas relacións: o coñecemento que posúen as administracións supramunicipais sobre o traballo dos profesionais municipais, a concepción desexable das interaccións entre cidadanía e concellos, e as modalidades de participación cidadá nos procesos culturais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 130. Coñecemento institucional sobre o traballo dos profesionais municipais de cultura

Institución	Grao de coñecemento	Mecanismos de seguimento	Citas textuais
Deputación da Coruña	Limitacións recoñecidas con vontade de mellora	Necesidade de contacto directo e avaliación	"É unha das que teño claro, e así o teño comentado aquí internamente, é que a súa principal misión, máis alá dalgunhas cuestións de carácter administrativo, ten que ser xustamente facer un traballo de contacto directo, de avaliación, de seguimento, de apoio, etc., do traballo que se fai a nivel cultural na provincia"
Deputación de Pontevedra	Coñecemento cercano por colaboración diaria	Participación en cofinanciación e organización	"Somos unha entidade supramunicipal que colabora diariamente na xestión cultural cos concellos, polo que temos un coñecemento bastante cercano do que desenvolven as entidades locais da provincia, participando moitas veces da cofinanciación ou colaborando na organización"
Deputación de Lugo	Coñecemento baseado en programacións e contacto directo	Reunións, entrevistas e comunicación telefónica	"Bueno, o coñecemento que temos deles, o traballo que desenvolven vén dado polo que vamos vendo da parte de xa, as programacións que fan, e despois tamén o contacto que mantemos con eles a nivel de reunións, entrevistas, a nivel telefónico"
			"Entón iso que nos permite dirixir as cousas que nós poñemos en marcha, pois onde poden encaixar. Non, é dicir, á hora de colocar actividades ou actuacións, pois permítenos axilizar iso"
Dirección Xeral de Cultura	Coñecemento mínimo	Non especificados	"Pouco coñecemento"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

A concepción sobre as relacións desexables entre cidadanía e administracións municipais presenta un consenso sobre a necesidade de maior apertura e participación, aínda que con diferentes diagnósticos sobre as barreiras existentes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 131. Concepcións sobre a relación ideal entre cidadanía e administracións culturais

Institución	Visión da relación ideal	Problemas identificados	Citas textuais
Deputación da Coruña	Relación aberta e transparente	Concepción reduccionista da cultura e falta de comprensión dos dereitos culturais	"Debería existir unha relación moito máis aberta e moito máis transparente. Aí o que ocorre é que eu creo que se dan a man dous problemas. Por un lado, unha concepción moi reduccionista do que é o traballo en cultura por parte das propias administracións [...] Pero tamén hai esa falta de comprensión ampla do que é a cultura e do que son os dereitos culturais por parte da propia cidadanía"
			"Non hai o hábito, igual que si que hai o hábito, a xente ten o hábito de ir ao concello para solicitar unha mellora nunha estrada [...] Pero non hai esa práctica a nivel... non está sentado, digamos, non está identificado como un dereito da cidadanía"
Deputación de Pontevedra	Máxima proximidade posible	Necesidade de participación en todo o ciclo cultural	"A relación debería ser o máis próxima posible, entendendo que a cultura é un dereito fundamental establecido pola constitución, polo que a cidadanía ser escoitada e debería participar no deseño, desenvolvemento e avaliación da xestión cultural no seu territorio"
			"Non está identificado como un dereito da cidadanía ter non sei, unha actividade cultural constante na parroquia ou poñer en valor elementos socioeducativos ou da memoria veciñal do barrio onde vives"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As barreiras identificadas para a participación efectiva abranguen aspectos conceptuais e estruturais que requiren intervencións múltiples e coordinadas.

Táboa 132. Barreiras para a participación cultural e comprensión dos dereitos culturais

Institución	Barreiras conceptuais	Factores explicativos	Citas textuais
Deputación da Coruña	Visión limitada da cultura nas propias administracións	Falta de pedagoxía sobre dereitos culturais	"A cultura está, vamos, desde que sae do despacho, todo é cultura e está rodeado de cultura por todos os lados [...] Hai un problema de concepción do que é a propia cultura nas propias áreas de cultura"
			"Tamén porque non se fixo pedagoxía nin se explicou nunca"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

As propostas concretas de participación cidadá reflicten diferentes modelos e graos de experimentación práctica, desde formatos institucionalizados ata expresións máis autónomas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 133. Modelos e mecanismos de participación cidadá na cultura municipal

Institución	Modelo proposto	Características e resultados	Citas textuais
Deputación da Coruña	Autoorganización cidadá e xestión compartida de orzamentos	Creación de vínculo comunitario e colaboración	"A ver, pois de moitas formas sen ter que definir ningunha en concreto. Eu son moi partidario de que a cidadanía se autoorganice de maneira que creo que en xeral todo o que é a propia autoorganización da xente para propoñer iniciativas, proxectos ou para defender intereses creo que é positivo. Creo que unha sociedade articulada internamente é unha sociedade máis democrática"
			"O que fixemos foi crear unha iniciativa que chamamos Sonda Norte [...] E entón o que fixemos foi unha dinámica de xuntanzas abertas na casa da xuventude de maneira que creamos unha marca, digamos, un paraugas que era Sonda Norte sustentado cun orzamento municipal ou unha cantidade económica que nós definiamos todos os anos e a definición do que se facía con ese diñeiro era unha definición colectiva"
			Creaba unha cousa que é moi básica, que creaba vínculo e creaba coñecemento mutuo entre a xente que participaba dese campo. De maneira que se facía que despois o que facía o deseño gráfico axudaba a facer a cartelería"
Deputación de Pontevedra	Participación desde o deseño da programación	Escaseza actual de mecanismos establecidos	"A participación da cidadanía debería ser efectiva dende o propio deseño da programación. Pero si que é certo que poucos concellos establecen mecanismos de participación ou avaliación no que os públicos teñan voz"
Deputación de Lugo	Consellos de cultura formalizados	Evitar concentración decisoria e atender demandas diversas	"Pois eu creo que é interesante que existiran uns consellos da cultura, por chamalos dalgunha maneira, onde se puidesen sentir partícipes desa programación cultural, que non quede nunhas poucas mans"
			"Que se fagan unhas exposicións en común e que se poida atender o que son as demandas de todos, que non estea a cousa focalizada nunha cousa, en algo nada máis"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

O valor engadido da participación transcende a lexitimidade democrática para constituírse como factor de mellora substantiva da acción cultural.

Táboa 134. Valoración do impacto e sostibilidade dos procesos participativos

Institución	Valor identificado	Condicións para a sostibilidade	Citas textuais
Deputación da Coruña	Enriquecemento colectivo e creatividade	Vocación clara e flexibilidade metodolóxica	"E iso enriquecía colectivamente o ámbito cultural [...] Entón, creo que aí hai que ser creativos e o que importa, digamos, é ter a vocación para que queres e a que queres dedicar o diñeiro público, basicamente. Despois as maneiras atópanse"

Fonte. Elaboración propia a partir das entrevistas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A análise evidencia que a mediación entre institucións e cidadanía no ámbito cultural municipal enfronta desafíos estruturais relacionados co coñecemento mutuo, a comprensión dos dereitos culturais e a articulación de mecanismos participativos efectivos. A evolución cara a modelos máis democráticos require transformacións tanto institucionais como socioculturais que recoñezan a cultura como dereito fundamental e como dimensión esencial da vida comunitaria.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CUARTA PARTE. DISCUSIÓN, CONCLUSIÓNS E PROSPECTIVA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 7. DISCUSIÓN

A triangulación sistemática dos datos obtidos mediante enquisa, entrevistas a técnicos culturais e responsables políticos, entrevistas a entidades representativas e cartografía social permite construír unha interpretación integral do sector cultural municipal en Galicia que transcende a mera descrición para ofrecer unha comprensión complexa das dinámicas que configuran esta realidade. Os resultados revelan un sistema caracterizado por profundas transformacións estruturais, tensións paradigmáticas persistentes e potencialidades latentes que requiren unha análise matizada capaz de integrar as múltiples dimensións identificadas. Esta interpretación sitúase necesariamente no contexto histórico específico do desenvolvemento autonómico galego e no marco máis amplo das transformacións das políticas culturais no Estado español e en Europa, recoñecendo que a realidade estudada non pode comprenderse sen atender aos procesos de institucionalización democrática e construción autonómica que configuraron o sistema actual.

A estrutura demográfica do sector constitúe un dos achados máis reveladores e preocupantes da investigación, evidenciando unha concentración xeracional que non responde a casualidades estatísticas senón a procesos históricos específicos de institucionalización cultural. A idade media de 50 anos dos profesionais, coa marcada concentración na cohorte nacida entre 1974 e 1978, reflicte a sincronización entre traxectorias vitais individuais e momentos históricos determinantes para o desenvolvemento cultural galego. Estes profesionais foron protagonistas e testemuñas da emerxencia e consolidación dun sistema cultural propio durante as décadas de 1980 e 1990, participando activamente na creación das estruturas institucionais que hoxe sustentan a acción cultural municipal. A aprobación do Estatuto de Autonomía en 1981 e a Lei de Bases de Réxime Local de 1985 actuaron como catalizadores para a creación de novas estruturas culturais que demandaban persoal especializado, momento no que esta xeración iniciou a súa incorporación ao sector (Pose-Porto e Caride, 2022). Esta dimensión histórica resulta fundamental para comprender tanto as fortalezas actuais do sector, baseadas na experiencia acumulada e no coñecemento profundo do territorio, como as súas limitacións máis graves, especialmente a preocupante ausencia de relevo xeracional derivada da paralización das contratacións tras a crise económica de 2008.

O proceso de incorporación profesional ao sector seguiu vías heteroxéneas que reflicten a complexidade do período de construción institucional: plans de cooperación e programas temporais, plans específicos das deputacións provinciais, procesos selectivos directos mediante oposición, e evolución desde outros postos dentro da administración municipal. Esta diversidade, confirmada no dato de que o 66,13% dos profesionais accederon por concurso-oposición mentres persisten outras modalidades menos formalizadas, evidencia a ausencia dun modelo único e coherente de profesionalización. A cronoloxía específica deste proceso resulta especialmente reveladora: en 1988 apareceron os primeiros técnicos vinculados a determinadas conxunturas políticas locais, durante os anos noventa desenvolvéronse os primeiros programas de formación específica, en 2004 produciuse un fito importante coa primeira convocatoria da Deputación da Coruña para técnicos culturais, e en 2008 pódese falar dunha certa consolidación

do modelo xusto no momento en que a crise económica interrompeu bruscamente este proceso de crecemento. As consecuencias desta ruptura maniféstanse dramáticamente na práctica ausencia de profesionais novos no sector, situación que se vincula directamente cos recortes orzamentarios que afectaron desproporcionadamente as políticas culturais en comparación con outros servizos públicos, como documentan Rius-Ulldemolins e Martínez i Illa (2016) ao analizar o impacto diferencial da austeridade nas políticas culturais españolas.

A feminización do sector, co 68,71% de mulleres entre os profesionais e o 57,8% nas responsabilidades políticas culturais municipais, require unha interpretación que transcenda a simple constatación numérica para abordar as súas implicacións estruturais. Esta realidade debe contextualizarse primeiro na estrutura demográfica xeral de Galicia, onde segundo o Instituto Galego de Estatística (2024) existe unha ratio de 91,7 homes por cada 100 mulleres, inferior á media estatal de 96,1, configurando unha das comunidades con maior proporción de mulleres. Non obstante, esta explicación demográfica resulta insuficiente para comprender completamente o fenómeno, especialmente cando se cruza coas condicións laborais identificadas. O 53,23% dos profesionais percibe retribucións inferiores aos 25.000 euros anuais, e dentro deste grupo, o 39,52% sitúase por baixo dos 20.000 euros, cifras que evidencian unha precariedade salarial que non se corresponde coa formación e responsabilidades destes profesionais, como sinala Lorenzo (2010) ao analizar as condicións laborais no sector cultural galego.

As entrevistas realizadas aos técnicos proporcionan elementos cualitativos fundamentais para comprender esta intersección entre feminización e precariedade, revelando que a feminización do sector parece vincularse tanto coa dimensión vocacional do traballo cultural como cunha maior predisposición das mulleres a aceptar condicións salariais inferiores a cambio da satisfacción profesional que proporciona o ámbito cultural. Este fenómeno, identificado por Zallo Elguezabal (2011) como característica estrutural das economías culturais contemporáneas, reflíctese tamén na predominancia das titulacións en Educación e Pedagoxía, que representan o 32,7% do total, ámbitos tradicionalmente feminizados no sistema educativo. Esta correlación entre campos formativos e composición por xénero revela como a histórica vinculación da cultura municipal con ámbitos socioeducativos nos que a presenza feminina é maioritaria configurou patróns de xénero que persisten e se reproducen no presente.

A configuración territorial do sector evidencia desequilibrios profundos que transcenden a simple distribución xeográfica para reflectir e reproducir as asimetrías estruturais do territorio galego. A provincia da Coruña destaca con presenza de técnico cultural no 85% dos seus concellos, seguida de Pontevedra co 55,7%, mentres Lugo conta con técnico só no 38,8% dos municipios e Ourense presenta a situación máis precaria con apenas o 27,2%. Estes datos confirman a existencia do que Pose-Porto e Caride (2022) denominaron a Galicia dual no ámbito das políticas culturais, onde un eixo atlántico máis dinámico e urbanizado contrasta cun interior rural con maiores dificultades para consolidar servizos culturais profesionalizados. Esta polarización territorial non pode explicarse exclusivamente por diferenzas demográficas ou económicas, senón que responde a procesos históricos complexos de desenvolvemento territorial, prioridades políticas diferenciadas e capacidades institucionais desiguais que se foron acumulando ao longo das décadas.

A complexidade territorial maniféstase con maior intensidade cando se analiza a situación a nivel comarcal, revelando unha heteroxeneidade que desafía categorizacións simplistas. Dentro da mesma provincia da Coruña atópanse comarcas como Terra de Soneira, Muros, Xallas, Barcala, Terra de Melide, Arzúa e O Sar con técnico cultural no 100% dos seus

USC DE COMPOSTELA

concellos, mentres outras presentan porcentaxes significativamente inferiores. En Ourense, a variabilidade abrangue desde o 50% en Allariz-Maceda até a ausencia total na comarca de Viana. Un achado especialmente significativo que emerxe desta análise é que a presenza ou ausencia de técnicos culturais non sempre se correlaciona directamente co grao de urbanización ou co tamaño poboacional. Comarcas rurais como Arzúa ou Melide conseguiron profesionalizar completamente os seus servizos culturais, contradicindo hipóteses simplistas sobre a relación entre ruralidade e desenvolvemento cultural. Este dato suxire que factores como a vontade política local, a tradición cultural do territorio, a capacidade de liderado institucional ou a habilidade para captar recursos externos poden ser tan ou máis determinantes que as características demográficas ou económicas obxectivas.

As entrevistas aos técnicos das comarcas coruñesas atribúen o maior desenvolvemento do sector a varios factores converxentes que operan de forma sinérxica: o dinamismo socioeconómico da zona que xera maiores recursos fiscais, a presenza da capital autonómica como elemento de arrastre institucional e cultural, unha tradición asociativa máis consolidada que demanda e apoia servizos culturais públicos, e un maior investimento histórico en equipamentos culturais que require persoal para a súa xestión. En contraste marcado, a situación en Ourense reflicte as dinámicas do despoboamento rural máis intenso de Galicia, onde a fragmentación municipal extrema combinada co forte envellecemento poboacional e os escasos recursos orzamentarios dificulta enormemente o desenvolvemento de servizos culturais profesionalizados. Esta realidade encaixa co concepto da *Galicia esquecida* das políticas culturais analizado por Lorenzo (2017), onde factores estruturais como o despoboamento, a dispersión territorial e o envellecemento limitan severamente as posibilidades de desenvolvemento cultural endóxeno.

A formación dos profesionais revela unha paradoxa fundamental que caracteriza estruturalmente o sector: mentres o 84% posúe titulación universitaria, evidenciando un alto nivel de cualificación xeral, só o 40,1% conta con especialización específica en cultura, reflectindo as condicións históricas particulares nas que se produciu a profesionalización. A ausencia de programas formativos especializados en xestión cultural durante as primeiras etapas de institucionalización, especialmente nas décadas de 1980 e 1990, propiciou a incorporación de perfís profesionais procedentes doutros ámbitos disciplinares, configurando un sector cunha extraordinaria heteroxeneidade formativa que constitúe simultaneamente unha riqueza pola diversidade de perspectivas e unha debilidade pola falta de marcos conceptuais compartidos (Caride, 2005). A análise das titulacións específicas confirma a forte vinculación histórica entre os ámbitos educativo e cultural: as Ciencias da Educación e a Pedagoxía representan case un terzo do total (32,7%), reflectindo non unha casualidade senón unha orientación deliberada cara a perfís con sensibilidade socioeducativa (Lage et al., 2012).

A participación en formación continua, co 67,3% dos profesionais implicados regularmente en actividades formativas, revela un compromiso significativo coa actualización de coñecementos especialmente notable considerando as limitacións de tempo e recursos identificadas. As motivacións principais centradas na reciclaxe profesional (48,98%) e o interese persoal (20,41%) reflicten unha combinación de necesidade obxectiva de actualización e compromiso persoal co desenvolvemento profesional. Resulta especialmente preocupante neste contexto a ausencia total de especializacións en ámbitos emerxentes como as Tecnoloxías Aplicadas á Cultura ou as Políticas Culturais Estratéxicas, carencia que contrasta dramaticamente coa crecente importancia da dixitalización e a necesidade de perspectivas estratéxicas para o desenvolvemento cultural local, evidenciando un desfase entre as

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

necesidades actuais do sector e a formación dispoñible que compromete seriamente a capacidade de adaptación aos novos contextos culturais.

A análise das condicións laborais revela unha precariedade estrutural que transcende os aspectos salariais para configurar un modelo de emprego cultural caracterizado pola inestabilidade e a vulnerabilidade. A distribución salarial, co 57,2% percibindo menos de 25.000 euros anuais e o 39% por baixo dos 20.000 euros, non pode desvincularse da estrutura contractual identificada: o 41,94% dos profesionais mantén vínculos temporais, distribuídos entre funcionarios interinos (8,06%) e laborais temporais (33,87%), fronte ao 55,65% con relación estable. Esta elevada temporalidade non constitúe unha anomalía conxuntural derivada da crise económica senón unha característica estrutural que, como sinalan Pose-Porto e Caride (2023), reflicte a consideración da cultura como un ámbito de intervención discrecional e non como un servizo público esencial. A clasificación profesional proporciona evidencia adicional desta precarización: entre os funcionarios predomina o nivel C1 (34,78%) e nos laborais o grupo 2 (45,95%), niveis medios que non se corresponden co elevado nivel formativo identificado, evidenciando unha desvalorización institucional da cualificación real dos profesionais.

Un elemento crítico adicional é a dependencia do financiamento externo que afecta ao 40,65% dos profesionais, principalmente de subvencións e programas das deputacións provinciais ou da Xunta de Galicia. Esta dependencia introduce unha incerteza permanente sobre a continuidade dos servizos e dos propios postos de traballo, xerando un modelo de sustentabilidade extremadamente feble para as políticas culturais municipais. Paradoxalmente, o 68,63% dos profesionais considera que a perda deste financiamento non afectaría substancialmente á continuidade do seu posto, suxerindo a existencia de mecanismos de adaptación e resistencia que os concellos desenvolven para manter os servizos culturais malia a inestabilidade financeira, probablemente mediante a reasignación de funcións ou a redución da programación cultural.

A práctica profesional dos técnicos culturais municipais revela a coexistencia complexa e frecuentemente conflitiva de diferentes paradigmas teóricos que orientan a acción cultural. O predominio estatístico do paradigma tecnolóxico maniféstase claramente no dato de que o 95,92% dos concellos desenvolve programacións anuais estandarizadas que se repiten con mínimas variacións, evidenciando a aplicación sistemática de metodoloxías planificadoras que conciben a cultura fundamentalmente como conxunto de produtos e servizos para difundir masivamente á poboación (Caride, 1998). Esta orientación instrumental, que se organiza baixo principios de eficacia e eficiencia na xestión de recursos culturais, responde á aplicación da teoría de sistemas aos fenómenos socioeducativos analizada por Bunge (1980, 1983), pero xera o risco de reducir a complexidade cultural a procedementos administrativos estandarizados.

Non obstante, as entrevistas revelan que esta hexemonía tecnolóxica non é absoluta nin está exenta de resistencias e tensións. Os profesionais con formación en educación social manifestan especialmente a contradición entre os principios participativos e transformadores da súa formación e as esixencias burocráticas da administración, tensión que resulta particularmente aguda considerando que o 32,7% dos profesionais procede precisamente destes ámbitos formativos. Esta resistencia, expresada metaforicamente por un informante mediante unha referencia á tendencia natural cara aos orixes e principios fundacionais, reflicte tensións identitarias profundas entre os imperativos burocráticos da xestión administrativa e as concepcións transformadoras do traballo cultural que formaron parte da súa socialización profesional inicial. A persistencia de concepcións participativas maniféstase tamén na forte vinculación que moitos profesionais manteñen co tecido asociativo local, participando

USC DE COMPOSTELA

activamente en bandas de música, asociacións de mulleres ou outras iniciativas culturais comunitarias, implicación persoal que evidencia concepcións da cultura que transcenden o meramente xestional e manteñen viva a dimensión comunitaria e transformadora da acción cultural.

A identificación de experiencias transformadoras como Sonda Norte na Coruña, que inclúe procedementos de xestión compartida de orzamentos e toma de decisións colectivas, representa materializacións concretas do paradigma socio-crítico que aspiran a converter a cidadanía en suxeito activo da produción cultural e non simplemente en consumidor pasivo. Estas iniciativas, aínda que estatisticamente minoritarias, constitúen laboratorios de experimentación que demostran a viabilidade de modelos alternativos de xestión cultural baseados na participación real e na corresponsabilidade cidadá, conectando cos principios da animación sociocultural defendidos por Trilla (1988) e actualizados por Caride e Pose-Porto (2015) no contexto contemporáneo.

A identidade profesional do sector caracterízase por unha fragmentación que transcende o meramente terminolóxico para evidenciar concepcións fundamentalmente diferentes sobre a natureza, obxectivos e metodoloxías da intervención cultural. A coexistencia de múltiples denominacións –técnico de cultura, animador cultural, xestor cultural, técnico de animación sociocultural, entre outras– reflicte non só dispersión administrativa senón tamén a ausencia dun marco conceptual e normativo unificado que proporcione coherencia e recoñecemento ao campo profesional (Lorenzo, 2017). Esta heteroxeneidade denominativa ten consecuencias prácticas directas: dificulta a articulación colectiva do sector, impide o establecemento de criterios formativos e competenciais compartidos, e debilita a capacidade de negociación e reivindicación profesional.

Resulta especialmente significativa a tendencia á omisión progresiva do compoñente "socio" nas denominacións profesionais que inicialmente incluían animación sociocultural, evolución que non é meramente cosmética senón que reflicte un desprazamento profundo desde formulacións vinculadas á intervención sociocomunitaria e a transformación social cara a concepcións máis centradas na xestión técnica e administrativa dos recursos culturais (Trilla, 1997). Esta evolución terminolóxica conecta cunha transformación máis profunda na relación cos usuarios dos servizos culturais, como ilustrou algun informante ao describir como mudou a súa relación coa veciñanza cara a unha interacción transaccional onde as persoas acoden principalmente como compradores de servizos, evidenciando a progresiva mercantilización das relacións culturais e a perda da dimensión relacional e transformadora que caracterizaba as concepcións iniciais da animación sociocultural.

O desaxuste entre as denominacións formais dos postos e as funcións realmente desenvolvidas constitúe outro indicador fundamental desta crise identitaria. Só o 28,46% dos profesionais considera que as súas funcións corresponden coa denominación oficial do seu posto, desaxuste que se manifesta de formas diferentes segundo o contexto territorial e organizativo. Nos concellos urbanos con maior dotación de recursos, os perfís técnicos especializados contrástanse coas funcións predominantemente administrativas que ocupan a maior parte do tempo laboral, xerando frustración profesional pola infrautilización das competencias especializadas. Nos concellos rurais, a extrema polivalencia funcional que obriga a asumir responsabilidades en cultura, deportes, educación, xuventude e mesmo patrimonio dilúe a identidade profesional nunha multiplicidade de responsabilidades dispersas que impiden o desenvolvemento de expertise específica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A transformación do perfil profesional desde a animación sociocultural cara á xestión cultural constitúe unha das evolucións máis significativas identificadas na investigación. O dato de que o 84,35% dos profesionais dedica o seu tempo principalmente á xestión e coordinación de actividades culturais, mentres só o 29,93% realiza funcións de dinamización sociocultural e participación cidadá, non reflicte unha opción deliberada ou unha evolución natural senón o resultado dun proceso de burocratización progresiva que foi impoñéndose mediante múltiples mecanismos. Os profesionais entrevistados describen con precisión este proceso: o incremento das esixencias administrativas e procedementais, a complexificación dos sistemas de xustificación de subvencións, a multiplicación de informes e memorias requiridas, e a presión por demostrar resultados cuantificables consumiron progresivamente o tempo que antes se dedicaba ao traballo directo coa comunidade.

Esta transformación conecta co proceso de cambio nas políticas culturais europeas identificado por Caride (1998) e actualizado por Caride e Pose-Porto (2015), onde se observa unha transición desde modelos de intervención socioeducativa cara enfoques centrados na xestión eficiente dos recursos. Como sinala Lorenzo (2010), esta evolución responde ao predominio dunha visión instrumental da cultura que concibe os servizos culturais principalmente en termos de indicadores cuantitativos de xestión, afastándose da perspectiva educativa e transformadora que caracterizaba as primeiras políticas culturais democráticas en Galicia. A sensación de perda do potencial transformador que acompaña esta evolución resulta especialmente intensa entre os técnicos con maior experiencia, que recordan con nostalxia épocas anteriores caracterizadas por unha expectativa compartida de transformación social mediante a acción cultural que agora se substituíu por unha orientación centrada na administración de programacións e o cumprimento de obxectivos cuantificables.

A influencia política sobre a práctica profesional maniféstase a través de múltiples canles que operan simultaneamente e de forma interrelacionada. O 76,9% dos profesionais considera que as administracións supramunicipais condicionan significativamente o seu traballo, porcentaxe que se eleva dramaticamente ao 85,7% nos concellos de menos de 5.000 habitantes e descende ao 62,5% nos municipios urbanos de máis de 50.000 habitantes. Esta gradación territorial evidencia como a influencia política opera de forma diferencial segundo o contexto, intensificándose precisamente naqueles territorios con menor capacidade de autofinanciamento e recursos propios, que son paradoxalmente os que máis necesitarían autonomía para desenvolver estratexias adaptadas ás súas especificidades.

A investigación identificou cinco modalidades específicas a través das cales se materializa esta influencia: a económico-financeira mediante subvencións e transferencias condicionadas, a laboral-estrutural a través dos programas de emprego e as limitacións de contratación, a programático-conceptual orientando ideoloxicamente as prioridades culturais mediante convocatorias temáticas, a operativo-funcional limitando a autonomía técnica nas decisións cotidiás mediante procedementos estandarizados, e a territorial-contextual xerando asimetrías entre diferentes contextos municipais. Esta multiplicidade dimensional confirma a análise de Bonet e Négrier (2018) sobre os diferentes niveis de condicionamento político das políticas culturais locais, que operan non só a través de decisións explícitas senón tamén mediante marcos normativos, restricións orzamentarias e orientacións discursivas que configuran o campo do posible.

A dimensión económico-financeira emerxe como vector principal desta influencia, co 40,65% dos profesionais manifestando que a súa actividade cultural depende directamente do financiamento externo, principalmente das Deputacións Provinciais. Esta dependencia presenta

USC DE COMPOSTELA

unha distribución territorial marcadamente desigual que reflicte e reproduce as asimetrías estruturais: desde o 58,3% nos concellos de menos de 5.000 habitantes até só o 12,5% nos municipios maiores de 50.000 habitantes. As disparidades orzamentarias documentadas nas entrevistas, que van desde os aproximadamente 20.000 euros anuais nos municipios máis pequenos até os 2.400.000 euros nas cidades de tamaño medio, configuran o que Pose-Porto (2006) denominou a xeografía da dependencia nas políticas culturais galegas.

Paradoxalmente, malia estas múltiples influencias condicionantes, o 80,27% dos profesionais percibe unha autonomía profesional positiva, aparente contradición que require interpretación matizada. Esta percepción coexiste co recoñecemento explícito de condicionamentos significativos, suxerindo que os profesionais desenvolveron estratexias adaptativas complexas para preservar espazos de decisión dentro das limitacións estruturais. Como expresou algún informante veterano, a autonomía profesional configúrase fundamentalmente como capacidade de manobra dentro dos marcos establecidos, nunha especie de negociación permanente onde se coñecen os límites que non se deben transgredir pero se procuran marxes de manobra dentro deles. Esta realidade coincide coa análise de Pose-Porto (2006) sobre as estratexias de negociación e adaptación que os técnicos culturais municipais desenvolven para manter certa autonomía profesional dentro dos marcos políticos e administrativos existentes.

A vulnerabilidade das políticas culturais ante os ciclos electorais, co 67,4% dos profesionais considerando que os cambios de goberno condicionan significativamente a área de cultura, introduce un elemento adicional de inestabilidade que afecta tanto á continuidade dos programas como á coherencia das estratexias a medio prazo. Os cambios maniféstanse principalmente en modificacións de prioridades (71%), alteracións orzamentarias (16,3%) e reestruturacións departamentais (12,2%). Esta vulnerabilidade estrutural, que Fernández Prado (1991) denominou a síndrome da descontinuidade nas políticas culturais locais, impide a acumulación de coñecemento institucional e dificulta o desenvolvemento de políticas maduras e sostibles, obrigando aos profesionais a recomezar periodicamente e impedindo a consolidación de procesos que requiren tempos longos de maduración.

A análise dos equipamentos culturais municipais revela unha configuración territorial profundamente desigual que reflicte e ao mesmo tempo reproduce as asimetrías estruturais do territorio galego. Dos 143 auditorios e teatros municipais existentes, 97 concéntranse nos 20 concellos máis poboados, mentres que 235 municipios carecen completamente deste tipo de infraestrutura. Esta concentración non constitúe un fenómeno illado senón que forma parte dun patrón máis amplo de distribución desigual que afecta a todas as tipoloxías de equipamentos. O dato de que o 59,2% dos profesionais non está vinculado a un equipamento específico suxire, non obstante, que se desenvolveron modelos de xestión territorial flexibles que non dependen exclusivamente de infraestruturas fixas, adaptándose así ás características da fragmentación municipal galega.

A evolución histórica dos equipamentos proporciona claves interpretativas fundamentais. A porcentaxe de concellos con casas da cultura evolucionou do 16,6% en 1987 ao 57,5% en 2007, reflectindo unha aposta específica por este modelo de equipamento polivalente que se adaptaba mellor ás necesidades de municipios con recursos limitados que non podían permitirse infraestruturas especializadas (Pose-Porto, 2006). O desenvolvemento paralelo das bibliotecas municipais, que pasaron de 148 en 1983 a 371 en 2020, un incremento do 150,7%, sitúa a Galicia con 13,7 bibliotecas por cada 100.000 habitantes, superando a media española de 11,8, evidenciando un esforzo sostido por garantir un acceso mínimo á cultura en todo o territorio.

USC DE COMPOSTELA

A sustentabilidade destes equipamentos emerxe como preocupación central tanto para técnicos como para responsables políticos. Os técnicos entrevistados coinciden en sinalar que moitos equipamentos construídos durante o período de expansión infraestrutural dos anos 2000 convertéronse en infraestruturas difíciles de manter, espazos con excelentes condicións técnicas pero sen recursos suficientes para o seu funcionamento ordinario. Esta situación reflicte as contradicións dun modelo de investimento que, como analiza Lorenzo (2010), priorizou historicamente a construción sobre o mantemento, respondendo a unha lóxica política que valoraba máis a inauguración de infraestruturas que a súa sustentabilidade a longo prazo. As disparidades orzamentarias documentadas agravan esta problemática: os custos de mantemento dun auditorio moderno poden consumir facilmente a metade do orzamento cultural total dun concello medio, obrigando a tomar decisións dramáticas como limitar os días de apertura ou reducir a calefacción en inverno.

A relación entre os profesionais da cultura municipal e as súas redes de articulación profesional presenta unha paradoxa fundamental que caracteriza estruturalmente o sector. Mentres máis da metade dos técnicos (53,74%) non mantén vinculación formal con entidades profesionais específicas, a investigación evidencia a existencia de patróns significativos de colaboración informal que compensan parcialmente esta debilidade organizativa. O 86% dos profesionais declara colaborar regularmente con técnicos doutros concellos, creando redes informais de apoio mutuo, intercambio de recursos e aprendizaxe compartida. Esta aparente contradición entre desarticulación formal e colaboración práctica encontra explicación nos modelos teóricos da animación sociocultural analizados por Caride (1998), onde as formas organizativas contemporáneas caracterízanse precisamente pola coexistencia de estruturas formais debilitadas con redes informais dinámicas que proporcionan os vínculos funcionais necesarios para o desempeño profesional.

A investigación identificou un núcleo hipercomprometido formado por dezaseis profesionais con pertenza múltiple a organizacións, máis un caso con presenza en tres organizacións e outro excepcional con vinculación a catro entidades diferentes. Estes profesionais configuran o que se pode denominar articuladores territoriais, cumprindo funcións de ponte entre diferentes espazos profesionais e institucionais, desenvolvendo iniciativas socioeducativas que contribúen a unha maior equidade no acceso á cultura e a unha participación máis activa da cidadanía na vida cultural (Caride e Pose-Porto, 2015). As entrevistas confirmaron que a participación destes profesionais en múltiples organizacións non representa dispersión ou falta de foco senón unha estratexia deliberada de construción de redes de transformación social que transcenden as limitacións das organizacións individuais.

A limitada vinculación con entidades profesionais específicas –só o 8,84% está vinculado a asociacións profesionais do ámbito cultural– contrasta coa diversidade de espazos de vinculación identificados: asociacións culturais de ámbito local, provincial e autonómico (9,52%), colexios profesionais (8,16%), e outras organizacións sociais. Esta dispersión reflicte tanto a fragmentación identitaria do sector como a busca de espazos alternativos de pertenza e articulación. Os técnicos entrevistados manifestan que o problema non radica na falta de vontade asociativa senón na ausencia de estruturas que respondan realmente ás súas necesidades específicas como profesionais culturais municipais, estruturas que deberían combinar a defensa de intereses laborais con espazos de formación, intercambio de experiencias e construción de identidade colectiva.

A transformación da linguaxe cultural nos concellos galegos constitúe un síntoma especialmente revelador de cambios paradigmáticos profundos que afectan á concepción

USC DE COMPOSTELA

mesma da intervención cultural pública. Os profesionais municipais entrevistados identifican con precisión unha progresiva substitución terminolóxica sistemática na que termos como actividades culturais son substituídos por produtos culturais, cidadanía por cliente, participación por consumo, programación por catálogo, e servizo público por oferta cultural. Esta evolución lingüística, lonxe de ser unha mera actualización vocabular neutra, configura unha transformación substantiva nas prácticas e concepcións da acción cultural municipal que ten consecuencias directas na forma de entender e xestionar a cultura pública (Caride, 1998).

A Comisión do Consello da Cultura Galega atribúe especial protagonismo ás institucións europeas neste proceso de mercantilización discursiva, identificándoas como promotoras dunha orientación que concibe a cultura fundamentalmente como conxunto de bens e servizos destinados á difusión masiva, perspectiva analizada criticamente por Colbert e Cuadrado (2003) no seu estudo sobre márketing cultural. Esta colonización terminolóxica non opera no baleiro senón que se insire nun contexto de transformacións máis amplas nas políticas públicas europeas que, como documenta Zallo Elguezabal (2011), tenden a subordinar a cultura a criterios de rendibilidade económica e competitividade territorial.

Fronte a esta tendencia dominante, a investigación documenta múltiples formas de resistencia activa que buscan preservar espazos de servizo público universal e gratuíto. As bibliotecas públicas emerxen como baluartes desta resistencia, mantendo o seu carácter de acceso libre e universal malia as presións para introducir taxas ou sistemas de pago. As programacións municipais con entrada libre, que persisten no 86% dos concellos estudados, e as iniciativas comunitarias de base asociativa manteñen unha orientación decididamente non mercantil que responde a estratexias conscientes de preservación dos valores do servizo público cultural. Esta dualidade entre presións mercantilizadoras e resistencias activas conecta co paradigma hermenéutico-interpretativo que, como analizan Caride e Meira (1996), promove modelos de democracia cultural baseados na participación cidadá activa na creación e apropiación dos significados culturais, fronte aos modelos de simple consumo cultural pasivo.

O sector cultural galego presenta unha configuración económica complexa que require análise matizada para evitar simplificacións. Con 1.594 millóns de euros de valor engadido bruto en 2021, representando o 2,5% do PIB autonómico, evidencia unha relevancia económica obxectiva que contrasta marcadamente coa súa limitada visibilidade nas políticas económicas xerais e no discurso público sobre desenvolvemento territorial. A distribución sectorial interna revela especializacións características que configuran o perfil específico da economía cultural galega: as artes visuais dominan con 52,5% do valor engadido, seguidas por libros e prensa (16,2%) e audiovisual e multimedia (10,3%). Esta estrutura, que difire significativamente doutros territorios do Estado español, explica parcialmente por que as resistencias á mercantilización se concentran precisamente en ámbitos como bibliotecas e programación cultural municipal, onde predominan lóxicas de servizo público historicamente arraigadas (Pose-Porto e Caride, 2023).

O contraste entre a relevancia económica estatística e a percepción dos profesionais sobre os procesos de mercantilización reflicte tensións fundamentais entre diferentes concepcións da cultura: como recurso económico susceptible de xerar valor monetario ou como mediador social creador de identidade, cohesión e desenvolvemento humano. Esta dicotomía, analizada desde o paradigma socio-crítico por autores como Freire (1997), concibe a cultura como terreo de loita ideolóxica onde se constrúen e disputan hexemonías, e onde a imposición de lóxicas mercantís representa unha forma de colonización que subordina valores sociais e comunitarios a criterios de rendibilidade económica.

USC DE COMPOSTELA

Paradoxalmente, a limitada orientación internacional das industrias culturais galegas, con apenas un 4,7% das entidades culturais orientadas ao sector exterior en 2023, revela que a presión mercantilizadora non procede principalmente de dinámicas de mercado internacional senón de transformacións nas propias lóxicas administrativas internas. Os xestores culturais entrevistados explican este paradoxo sinalando que son precisamente as administracións públicas as principais promotoras da adopción de criterios empresariais, esixindo rendibilidade económica, busca de patrocinios privados e xustificación de ingresos por vendas para produtos culturais que manteñen unha orientación fundamentalmente local e comunitaria. Lorenzo (2017) interpreta esta escasa proxección internacional como debilidade estrutural pero tamén como oportunidade para desenvolver modelos culturais máis arraigados no territorio e menos dependentes de lóxicas globalizadoras.

As condicións laborais do sector cultural revelan contradicións estruturais profundas que cuestionan os discursos triunfalistas sobre a relevancia económica da cultura. A remuneración media por posto de traballo no sector cultural (27.811 euros) sitúase significativamente por baixo da media da economía galega (32.881 euros), realidade que contextualiza e explica a concentración salarial nas franxas baixas identificada entre os profesionais municipais. Esta precariedade salarial resulta especialmente paradoxal cando se contrasta co dato de que o sector cultural xera 61,5 unidades monetarias de valor engadido por cada 100 unidades de produción, fronte ao 46,8% da economía total, evidenciando unha maior capacidade de xeración de valor que non se traduce en mellores condicións laborais para os traballadores do sector.

Sáez Carreras (1988) interpreta esta contradicción como resultado directo da mercantilización cultural que instrumentaliza o sector ao servizo de intereses comerciais e políticos, primando criterios de rendibilidade sobre valores de equidade e xustiza social. Pose-Porto e Caride (2022) documentan como esta precariedade caracteriza un perfil laboral con elevada feminización (68,71%), idade media superior aos 45 anos e alta cualificación (82% con estudos universitarios) que contrasta cunha taxa de temporalidade do 46%, significativamente superior á media do mercado laboral galego. Os técnicos culturais expresan con frustración esta contradicción ao describir como xeran valor social, identitario e económico para os seus territorios recibindo remuneracións que non recoñecen nin valoran adecuadamente esta contribución múltiple.

A análise prospectiva realizada permite identificar unha visión estratéxica compartida entre os diferentes actores do sistema que se articula en tres horizontes temporais complementarios. O horizonte de curto prazo, que abrangue os próximos dous anos, centra as súas prioridades na creación urxente de estruturas representativas que articulen o sector, a definición consensuada do perfil profesional que supere a actual fragmentación denominativa, e o desenvolvemento dunha regulación normativa específica que proporcione seguridade xurídica e recoñecemento institucional. Estas necesidades inmediatas reflíctense no dato de que o 53,7% dos profesionais non mantén vinculación con entidades profesionais, evidenciando a debilidade da articulación sectorial que limita severamente a capacidade de incidencia colectiva.

O horizonte de medio prazo, proxectado a cinco anos, oriéntase cara á consolidación de modelos formativos integrados que combinen competencias técnicas con sensibilidade transformadora, e o fortalecemento progresivo da articulación sectorial a través de estruturas representativas máis sólidas e inclusivas. Esta perspectiva cobra especial relevancia considerando que o 86% dos profesionais xa colabora informalmente con outros técnicos, o que indica a existencia de redes latentes susceptibles de formalización e fortalecemento. O horizonte de longo prazo, que mira cara a 2035, aspira a transformacións estruturais profundas que sitúen

USC DE COMPOSTELA

definitivamente a cultura como factor central e non periférico do desenvolvemento territorial, conectando coa necesidade identificada por Bouzada (2008) e Lorenzo (2017) de avanzar cara a un modelo de desenvolvemento equilibrado e sustentable onde a cultura desempeñe un papel estratéxico.

A crise xeracional maniféstase con dramática claridade na estrutura etaria do sector, configurando o que podemos denominar unha bomba de reloxería demográfica para a sustentabilidade futura do sistema cultural municipal. A media de idade de 50 anos e a extraordinaria concentración do 59,01% dos profesionais na cohorte nacida entre 1974-1978 revela unha pirámide profesional perigosamente invertida que compromete seriamente a continuidade do sector. Esta distribución non é casual senón que reflicte directamente o impacto da crise económica de 2008, que paralizou case completamente a incorporación de novos profesionais ao sector durante máis dunha década. A ausencia de profesionais novos compromete non só a simple substitución dos que se xubilan senón, fundamentalmente, a capacidade de renovación metodolóxica, a adaptación aos novos contextos culturais dixitalizados, e a conexión coas demandas e linguaxes das xeracións máis novas.

A dixitalización emerxe como reto transversal que atravesa todas as dimensións do sistema cultural municipal, reto para o que o sector amosa unha preparación claramente insuficiente. A ausencia case total de profesionais con especialización en Tecnoloxías Aplicadas á Cultura constitúe unha carencia especialmente grave nun contexto onde, como documenta a investigación de Caride e Pose-Porto (2015), a porcentaxe de galegos que utilizaron Internet para consumir contidos culturais triplicouse entre 2008 e 2020, pasando do 32,5% ao 91,5%. A pandemia da COVID-19 acelerou brutalmente procesos de transformación dixital para os que moitos profesionais non estaban minimamente preparados, evidenciando non só carencias técnicas na utilización de ferramentas dixitais senón, máis profundamente, a ausencia de marcos conceptuais para comprender e xestionar a cultura no contexto dixital. Esta carencia resulta especialmente preocupante cando se cruza coa estrutura etaria do sector, onde profesionais con idade media de 50 anos deben enfrontarse a transformacións tecnolóxicas radicais sen a formación adecuada.

As necesidades formativas identificadas transcenden con moito a simple actualización de competencias técnicas para abarcar unha reformulación profunda dos perfís profesionais adaptados aos novos contextos. A paradoxa de que o 84% dos profesionais posúa titulación universitaria pero apenas o 40,1% conte con especialización cultural específica revela un desaxuste estrutural entre formación xeral e competencias sectoriais que require solucións sistémicas. A investigación identificou cinco áreas prioritarias de formación que requiren atención urxente: competencias dixitais específicas para a cultura que vaian máis alá do simple manexo de ferramentas, metodoloxías de participación cidadá avanzadas que superen os modelos consultivos tradicionais, xestión de proxectos en contornos complexos e cambiantes, mediación intercultural nun contexto de crecente diversidade, e métodos de avaliación de impacto cultural que transcendan os indicadores cuantitativos simplistas. A alta taxa de participación en formación continua (67,3%) revela conciencia sobre estas necesidades pero tamén evidencia a insuficiencia da formación inicial e a ausencia de programas formativos sistemáticos e coherentes.

A sostibilidade integral do sector require abordar simultaneamente múltiples dimensións interrelacionadas que transcenden a simple cuestión económica. A sostibilidade económica, coa concentración do 57,2% dos profesionais en salarios inferiores a 25.000 euros anuais, require non só melloras salariais senón unha reconsideración profunda do valor do traballo cultural. A

USC DE COMPOSTELA

dependencia de financiamento externo que afecta ao 40,6% dos postos introduce unha dimensión adicional de vulnerabilidade que compromete a planificación a medio prazo. A sostibilidade ambiental emerxe como preocupación crecente, especialmente nos custos enerxéticos de equipamentos culturais construídos sen criterios de eficiencia, problema que resulta especialmente grave nos auditorios e teatros onde os custos de climatización poden consumir porcentaxes desorbitadas dos orzamentos municipais. A sostibilidade social require repensar fundamentalmente os modelos de relación coa comunidade, superando dinámicas de consumo pasivo para avanzar cara modelos de participación activa e corresponsabilidade cidadá.

O reequilibrio territorial constitúe unha prioridade estratéxica inescusable considerando as profundas asimetrías actuais que condenan amplas zonas do territorio a unha marxinalidade cultural estrutural. As diferenzas extremas entre provincias –desde o 85% de concellos con técnico especializado na Coruña até o 27,2% en Ourense– non son simplemente disparidades estatísticas senón que representan desigualdades profundas no acceso aos dereitos culturais básicos. A análise comarcal revela unha complexidade aínda maior que desafía solucións estandarizadas, con situacións que van desde comarcas rurais con profesionalización completa até outras con ausencia total de servizos culturais especializados. Esta heteroxeneidade require estratexias diferenciadas e adaptadas que recoñezan a diversidade como característica estrutural e non como anomalía a corrixir.

A triangulación exhaustiva dos resultados obtidos evidencia que o sector cultural municipal galego se atopa nun momento crítico da súa historia, caracterizado simultaneamente por profundas ameazas estruturais e significativas potencialidades transformadoras. Como sinala Caride (2005), a comprensión profunda dos procesos culturais locais require aproximacións multidimensionais capaces de integrar perspectivas históricas, territoriais e prospectivas nunha visión coherente e operativa. A especificidade do contexto galego, marcada pola fragmentación municipal extrema, a diversidade territorial irredutible e as particularidades histórico-culturais únicas, configura un escenario que transcende modelos importados ou solucións estandarizadas, requirindo respostas creativas e adaptadas (Bouzada, 2008).

Os paradigmas teóricos identificados na práctica profesional revelan unha realidade considerablemente máis complexa e matizada que a simple hexemonía dun modelo único. Se ben o paradigma tecnolóxico manifesta un predominio estatístico indiscutible, coexiste en tensión permanente con persistencias significativas do paradigma hermenéutico-interpretativo e emerxencias prometedoras do paradigma socio-crítico que demostran a vitalidade das concepcións transformadoras da cultura. Como teoriza Geertz (2011), esta coexistencia paradigmática reflicte a natureza mesma da cultura como rede de significados compartidos que se constrúen e reconstrúen dinamicamente a través da interacción social, resistindo reducións simplificadoras.

A fragmentación discursiva manifestada na heteroxeneidade extrema das denominacións profesionais non constitúe unha simple cuestión terminolóxica ou administrativa menor. Como analiza con lucidez Foucault (1997), as prácticas discursivas producen efectos de realidade e subxectividade a través da articulación de saberes e poderes que configura o campo do posible. O desaxuste sistemático entre funcións formais e responsabilidades reais, que afecta a máis do 70% dos profesionais, evidencia unha crise identitaria profunda que transcende o individual para revelar contradicións estruturais do sistema que requiren abordaxe integral.

As asimetrías territoriais identificadas configuran un mapa cultural profundamente desigual que non só reflicte senón que activamente reproduce e amplifica os desequilibrios

estruturais históricos do territorio galego. A polarización entre o eixo atlántico dinámico e o interior en proceso de despoboamento non é un fenómeno natural inevitable senón o resultado de décadas de políticas que priorizaron uns territorios sobre outros. Non obstante, as experiencias de comarcas rurais que conseguiron desenvolver sistemas culturais profesionalizados demostran que existen alternativas viables cando conflúen vontade política, liderado local e estratexias adaptadas.

A precarización laboral emerxe inequivocamente como a principal ameaza para a sustentabilidade e desenvolvemento futuro do sector. A concentración salarial nas franxas máis baixas, directamente vinculada ás políticas de austeridade post-2008 que consideraron a cultura como gasto prescindible e non como investimento estratéxico, contradí frontalmente os principios establecidos nos tratados internacionais sobre dereitos culturais (Escobar Roca e Ronchi, 2012). Esta precariedade non afecta só ás condicións materiais dos profesionais senón que compromete a calidade dos servizos, dificulta a incorporación de novo talento e perpetúa dinámicas de autoexplotación baseadas no compoñente vocacional.

A tensión entre animación sociocultural e xestión cultural revela transformacións profundas e probablemente irreversibles no modelo de intervención cultural municipal. Como teoriza con precisión Úcar (1992), esta transición corresponde ao proceso máis amplo de tecnificación e institucionalización da acción cultural, onde a énfase inicial na transformación social e a participación comunitaria foi progresivamente substituída por preocupacións relacionadas coa eficiencia administrativa e a rendibilidade económica. Non obstante, as estratexias de resistencia identificadas, onde profesionais con formación socioeducativa intentan preservar elementos participativos dentro de marcos crecientemente burocráticos, demostran que a vitalidade das concepcións transformadoras persiste e busca novos espazos de expresión.

As perspectivas de futuro converxen nunha visión estratéxica que articula con claridade necesidades inmediatas con transformacións estruturais de longo alcance. A crise xeracional require estratexias urxentes e extraordinarias de renovación que vaian máis alá da simple substitución de efectivos para abordar a necesaria actualización de competencias e perspectivas. A dixitalización presenta simultaneamente desafíos monumentais e oportunidades transformadoras, requirindo non só actualización técnica senón fundamentalmente repensar metodoloxías e modelos de intervención cultural. Como analiza Núñez Pérez (2004), esta transformación debe entenderse non como simple adaptación tecnolóxica senón como oportunidade histórica para reconfigurar as relacións entre profesionais, institucións e cidadanía en clave máis democrática e participativa.

As estratexias adaptativas desenvolvidas polos profesionais ao longo de décadas constitúen recursos extraordinariamente valiosos para a necesaria transformación sectorial. A polivalencia funcional, frecuentemente criticada como síntoma de precariedade, configúrase tamén como capacidade específica de adaptación ás limitacións estruturais que podería reconverterse en flexibilidade estratéxica. As hibridacións paradigmáticas identificadas demostran esforzos conscientes e creativos por superar dicotomías simplificadoras e construír síntese produtivas. Como propón Úcar (1997), estas hibridacións reflicten intentos valiosos de integrar eficiencia técnica con sensibilidade participativa e capacidade transformadora que poderían constituír a base dun novo paradigma integrador.

A construción dun modelo integral e transformador require necesariamente articular múltiples dimensións de forma coherente e operativa: profesionalización recoñecida e dignificada, sostenibilidade económica real e non precaria, participación democrática

substantiva e non meramente formal, innovación metodolóxica continua e sistemática, e respecto profundo ás especificidades territoriais sen renunciar a principios de equidade. Como sinala con lucidez Caride (2005), só desde unha aproximación verdadeiramente integral que supere fragmentacións disciplinares e administrativas será posible construír un sistema cultural municipal á altura dos desafíos contemporáneos.

Este modelo integral debe basarse inexcusablemente no recoñecemento efectivo da cultura como dereito fundamental de cidadanía e non como servizo complementario ou luxo prescindible, na articulación eficaz entre os diferentes niveis administrativos superando duplicidades e baleiros, e no desenvolvemento de marcos formativos innovadores que integren harmonicamente competencias técnicas con sensibilidade transformadora e compromiso comunitario. Os principios orientadores desta transformación necesaria deben incluír integralidade para abordar simultaneamente as múltiples dimensións do fenómeno cultural, sostibilidade que transcenda o meramente económico para abrazar dimensións sociais e ambientais, participación real que garanta o dereito cidadán non só ao acceso senón á creación cultural, adaptación territorial que respecte e valore as especificidades locais sen renunciar a principios universais, e innovación continua que facilite experimentación e aprendizaxe permanente. Como sinala Ventosa (2016), estas transformacións deben orientarse inexorablemente por unha visión renovada de democracia cultural que avance decididamente cara a modelos de apropiación cidadá da cultura como ben común inalienable.

Os achados desta investigación convocan inequivocamente a unha acción colectiva decidida que involucre todos os actores relevantes do sistema cultural municipal. Como propón Ander-Egg (1992), esta acción debe necesariamente articularse como proceso autenticamente participativo onde os propios actores –profesionais, responsables políticos, entidades e cidadanía– asuman protagonismo efectivo na transformación. O camiño cara a un sector cultural municipal galego verdadeiramente profesionalizado, sostible e transformador require imperativamente a combinación intelixente de visión estratéxica de longo prazo e acción práctica inmediata, coñecemento rigoroso baseado en evidencias e compromiso ético coa xustiza social.

A triangulación exhaustiva evidencia conclusivamente que o sector cultural municipal galego, malia as súas profundas dificultades estruturais, posúe potencialidades reais e significativas para a transformación necesaria. As estratexias adaptativas desenvolvidas ao longo de décadas de traballo en condicións adversas, as experiencias innovadoras emerxentes que demostran a viabilidade de modelos alternativos, e os consensos identificados sobre necesidades e prioridades proporcionan bases sólidas e realistas para construír un futuro máis promisorio. Como argumenta con convicción Caride (2005), estas potencialidades residen fundamentalmente na extraordinaria capacidade organizativa e creativa dos profesionais comprometidos e da cidadanía activamente implicada na vida cultural das súas comunidades.

Este futuro desexable e posible require, non obstante, acción deliberada, coordinada e sostida de múltiples actores institucionais e sociais verdadeiramente comprometidos coa transformación profunda do sistema. A cultura é demasiado importante para o desenvolvemento humano e social como para permanecer indefinidamente en estado de precariedade estrutural e fragmentación institucional. Os profesionais culturais municipais merecen un recoñecemento profesional, social e económico acorde ao valor fundamental do seu traballo para a cohesión social e o desenvolvemento comunitario. A cidadanía galega merece e ten dereito a unha cultura pública de excelencia, accesible, participativa e transformadora. Esta investigación aspira humildemente pero con determinación a contribuír ao coñecemento rigoroso e á determinación

USC DE COMPOSTELA

colectiva necesarios para facer realidade o que xa sabemos técnicamente posible: un sistema cultural municipal galego digno, equitativo e á altura dos desafíos do século XXI.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 8. CONCLUSÕES, RECOMENDAÇÕES E PROSPETIVA

O processo de investigação científica culmina necessariamente num exercício reflexivo e integrador que permita transcender a mera acumulação de dados para alcançar níveis superiores de compreensão sobre o fenómeno estudado. Neste sentido, o presente capítulo constitui o momento culminante desta tese de doutoramento, no qual se articulam de forma sistemática e coerente as múltiplas dimensões analíticas que foram emergindo ao longo do exaustivo processo de investigação sobre as políticas culturais municipais na Galiza durante o período 2000-2020.

As conclusões de uma investigação de caráter empírico como a presente não se podem limitar a enumerar achados ou resumir resultados, mas devem aspirar a construir uma visão compreensiva e teoricamente informada que permita compreender em profundidade as dinâmicas estruturais, os processos de mudança e as potencialidades de transformação do sistema estudado. Este capítulo representa um esforço consciente por elevar o nível de abstração analítica, identificando padrões transversais, propondo reconceptualizações teóricas e formulando recomendações fundamentadas que possam orientar a ação futura dos diferentes atores implicados.

A compreensão integral do sistema cultural municipal galego requer situar o presente entre o legado histórico e os horizontes futuros. A análise da evolução passada permite identificar as dinâmicas que condicionam o sector e as oportunidades que se abrem para o seu desenvolvimento, ao mesmo tempo que possibilita uma reflexão crítica sobre os modelos de intervenção e as necessidades profissionais emergentes. Esta perspetiva temporal resulta fundamental para compreender não só onde estamos, mas também de onde viemos e para onde podemos dirigir-nos como sector profissional e como sistema de políticas públicas.

8.1 VERIFICAÇÃO DOS OBJETIVOS E PRINCIPAIS ACHADOS EMPÍRICOS: UMA PERSPETIVA EVOLUTIVA

A formulação de objetivos claros e verificáveis constitui um elemento fundamental em qualquer processo de investigação científica, estabelecendo as metas que orientam o trabalho empírico e proporcionando critérios para avaliar o êxito do empreendimento investigador. No caso da presente tese de doutoramento, os objetivos estabelecidos respondiam à necessidade de compreender em profundidade as transformações experimentadas pelo sistema cultural municipal galego durante as duas primeiras décadas do século XXI, prestando especial atenção à sua dimensão socioeducativa e ao papel dos profissionais que o sustentam.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.1.1 A EVOLUÇÃO HISTÓRICA COMO QUADRO INTERPRETATIVO DA SITUAÇÃO ATUAL

A investigação permite estabelecer uma série de marcos históricos que marcaram a conformação da profissão cultural municipal na Galiza e que resultam fundamentais para compreender a situação atual do sector. A chegada da democracia e a aprovação do Estatuto de Autonomia da Galiza constituem o primeiro ponto de inflexão na configuração do sector, caracterizando-se este período pela institucionalização das políticas culturais locais e o estabelecimento das primeiras estruturas profissionais dedicadas especificamente à gestão cultural nos concelhos. Este momento fundacional estabeleceu as bases sobre as quais se construiu todo o desenvolvimento posterior do sistema cultural municipal.

A dotação de equipamentos culturais durante as décadas de oitenta e noventa destaca-se como um segundo momento-chave na evolução do sector. A construção de casas de cultura, auditórios e bibliotecas não só supôs uma transformação física do espaço cultural municipal, mas também requereu a incorporação de pessoal especializado para a sua gestão e dinamização. Este processo de infraestruturação cultural gerou uma procura de profissionais que contribuiu decisivamente para a configuração do campo profissional e para o seu reconhecimento institucional.

O desenvolvimento de programas específicos de apoio ao sector cultural por parte das administrações supramunicipais, especialmente as deputações provinciais, marca outro marco fundamental. Estes programas, que incluíam subvenções para a contratação de animadores socioculturais e gestores culturais, contribuíram notavelmente para a profissionalização do sector, ainda que também gerassem dinâmicas de dependência e precariedade que persistem na atualidade. A investigação documenta como estes programas, apesar das suas boas intenções, estabeleceram modelos de financiamento temporal que dificultaram a consolidação de estruturas profissionais estáveis.

A análise dos diferentes paradigmas das políticas culturais ao longo deste percurso histórico revela uma realidade complexa na qual coexistem e competem diferentes conceções sobre a natureza e finalidades da ação cultural. O paradigma tecnológico emerge como dominante na maioria dos contextos municipais atuais, manifestando-se através de estruturas organizativas burocratizadas, sistemas de avaliação centrados em indicadores quantitativos e uma conceção instrumental da cultura como recurso gestionável. Esta hegemonia, não obstante, não é absoluta nem uniforme, e a investigação documenta a persistência de elementos do paradigma hermenêutico-interpretativo, especialmente visíveis em contextos rurais onde a dimensão comunitária e relacional da cultura mantém maior vitalidade.

A crise económica de 2008 atuou como ponto de inflexão na evolução paradigmática e estrutural do sector, intensificando a pressão pela eficiência e a racionalização que favoreceu a consolidação do paradigma tecnológico. Os dados revelam que este momento supôs uma redução substancial nos recursos destinados à cultura, afetando tanto o financiamento de atividades como a estabilidade laboral dos profissionais. O impacto desta crise ainda se percebe em aspetos como a precarização laboral e a limitação de recursos, configurando um cenário de vulnerabilidade estrutural que condiciona profundamente as possibilidades de desenvolvimento do sector.

A pandemia da COVID-19 representa o último momento de alta influência no sector identificado na investigação. Esta crise sanitária não só supôs uma interrupção temporal das atividades culturais presenciais, mas acelerou processos de digitalização e transformou as formas de trabalho e interação com os públicos. A incorporação progressiva de ferramentas digitais transformou tanto a gestão interna como a forma de comunicar e desenvolver atividades

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

culturais, requerendo uma adaptação constante por parte dos profissionais do sector que ainda está em processo de consolidação.

8.1.2 O CUMPRIMENTO DO PRIMEIRO OBJETIVO: ANÁLISE DAS POLÍTICAS CULTURAIS DESDE UMA PERSPETIVA SOCIOEDUCATIVA

O primeiro objetivo da investigação centrava-se na análise da evolução e situação atual das políticas culturais nos concelhos galegos desde uma perspetiva socioeducativa, atendendo aos paradigmas teóricos que as sustentam. Os resultados obtidos permitem afirmar que este objetivo foi plenamente alcançado, revelando um panorama de extraordinária complexidade e riqueza analítica.

A investigação evidencia uma heterogeneidade marcada nas políticas culturais municipais que ilustra as diversas realidades territoriais galegas. Esta diversidade manifesta-se em função de múltiplos fatores: as características sociodemográficas dos concelhos condicionam as procuras e as possibilidades de atuação, o compromisso institucional determina os recursos disponíveis, o papel dos responsáveis políticos define as prioridades estratégicas e o grau de participação cidadã estabelece o nível de implicação social nas iniciativas culturais. Dos resultados infere-se uma perceção maioritária sobre a ausência de uma política cultural e de um planeamento estratégico bem definido a nível autonómico, o que gera importantes desequilíbrios territoriais no desenvolvimento cultural municipal.

A identificação e caracterização dos modelos de intervenção cultural predominantes revelou uma tensão fundamental entre as tradições da gestão cultural e da animação sociocultural. Esta tensão não se resolve mediante a simples imposição de um modelo sobre outro, mas gera uma multiplicidade de configurações híbridas nas quais os profissionais navegam entre diferentes lógicas e exigências. Quando se perguntou aos profissionais sobre o modelo de intervenção que consideram mais adequado, 56,6% expressaram preferência por um modelo misto que combine elementos de gestão cultural e animação sociocultural, face a 23,1% que se decanta pela animação sociocultural exclusivamente e 20,3% que opta pela gestão cultural.

Esta tendência maioritária para a hibridização mostra a complexidade das dinâmicas culturais contemporâneas e a necessidade de combinar diferentes estratégias segundo as características e necessidades de cada comunidade local. Os profissionais reconhecem a importância das competências de planeamento, organização e administração de recursos como elementos essenciais para o desenvolvimento efetivo do trabalho cultural, mas também valorizam a animação sociocultural como um elemento complementar fundamental, especialmente relevante para facilitar a participação cidadã, a dinamização comunitária e a conexão com as necessidades e interesses locais.

A cartografia realizada permite identificar três grandes modelos organizativos da ação cultural municipal que refletem esta diversidade de aproximações. O primeiro modelo, presente principalmente nas cidades e vilas maiores, caracteriza-se pela existência de departamentos especializados com pessoal técnico estável e estruturas organizativas diferenciadas. O segundo modelo, predominante em concelhos médios e pequenos, baseia-se na gestão desde as vereações com apoio técnico limitado ou partilhado entre vários municípios. O terceiro modelo, especialmente preocupante pela sua extensão em zonas rurais periféricas, caracteriza-se pela ausência de estruturas específicas e a improvisação constante na gestão cultural.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A valorização do estado do planeamento estratégico e coordenação interinstitucional proporciona um diagnóstico preocupante sobre as debilidades estruturais do sistema. A imensa maioria dos concelhos galegos carecem de instrumentos de planeamento a médio e longo prazo, operando mediante programações anuais fortemente condicionadas pelos ciclos políticos. Esta ausência de planeamento estratégico não é uma simples carência técnica, mas reflete conceções profundamente enraizadas sobre o papel secundário da cultura nas políticas municipais. A falta de coordenação considerável entre as diferentes administrações implicadas no desenvolvimento cultural manifesta-se tanto nas relações entre concelhos como na interação entre os diferentes níveis administrativos, dificultando o desenvolvimento de políticas culturais coerentes e sustentáveis.

O papel dos responsáveis políticos e a instabilidade política manifesta-se como um fator crucial no desenvolvimento das políticas culturais. A orientação e o compromisso dos líderes políticos locais podem determinar notavelmente o alcance e a profundidade das iniciativas culturais, assim como o apoio ao trabalho dos profissionais do sector. As mudanças de governo e as alternâncias políticas afetam destacadamente a continuidade dos programas culturais e o desenvolvimento de estratégias a longo prazo, criando um contexto de incerteza que dificulta a consolidação de processos transformadores.

8.1.3 O CUMPRIMENTO DO SEGUNDO OBJETIVO: CARACTERIZAÇÃO DO PERFIL PROFISSIONAL

O segundo objetivo geral centrou a análise nos profissionais que sustentam quotidianamente o sistema cultural municipal, partindo do reconhecimento de que qualquer estratégia de melhoria deve considerar centralmente as pessoas que tornam possível a ação cultural nos territórios. A perspetiva diacrónica adotada permitiu não só fotografar a situação atual mas também compreender as dinâmicas de transformação que a configuraram ao longo das duas primeiras décadas do século XXI.

A cartografia social compreensiva realizada constitui uma das contribuições mais significativas desta investigação, proporcionando pela primeira vez um mapa detalhado dos recursos humanos dedicados à cultura em todos os concelhos galegos. Os resultados revelam profundas assimetrias territoriais que não podem explicar-se unicamente por fatores demográficos ou económicos. Os dados obtidos mostram diferenças abismais entre a província da Corunha, onde 85% dos concelhos contam com técnico especializado em cultura, e a província de Ourense, onde esta percentagem desce drasticamente para 27,2%, com Pontevedra e Lugo ocupando posições intermédias com 55,7% e 38,8% respetivamente.

A caracterização do perfil sociodemográfico e formativo revelou um coletivo profissional altamente feminizado (77,6% de mulheres) e com níveis formativos muito elevados (84% com titulação universitária). A dispersão disciplinar nas titulações de origem, que abarca mais de quinze áreas de conhecimento diferentes, reflete tanto a riqueza de perspetivas que confluem no campo cultural como as dificuldades para construir uma identidade profissional coesa. 32,7% dos profissionais procedem de Ciências da Educação e Pedagogia, mas também existe presença significativa de titulados em Economia e Empresa (7,5%), Direito (6,8%), Filologia (6,8%) e outras múltiplas áreas.

Esta diversidade de perfis formativos, longe de ser um problema, valoriza-se como uma força para o sector. A presença de profissionais com diferentes backgrounds formativos pode enriquecer o desenvolvimento do trabalho cultural municipal, aproximando perspetivas

complementares e competências diversas. Não obstante, a investigação também identifica a necessidade de formação específica em gestão cultural como um elemento relevante, já que os profissionais destacam a importância de contar com conhecimentos especializados em planeamento, gestão e avaliação de projetos culturais, competências que nem sempre estão presentes na formação inicial.

O exame das funções e competências realmente desenvolvidas evidenciou sistemáticos desajustamentos entre as definições formais dos postos e as tarefas efetivamente realizadas. A investigação identifica três competências e habilidades essenciais no perfil profissional: o planeamento e gestão de projetos culturais, requerendo habilidades específicas em planeamento estratégico, gestão orçamental e avaliação de resultados; o conhecimento profundo do contexto local, com a capacidade para compreender e responder às necessidades culturais específicas de cada território; e as habilidades de mediação e dinamização, fundamentais para fomentar a participação cidadã e promover a colaboração entre diferentes agentes.

A polivalência extrema que caracteriza o trabalho cultural municipal, especialmente acentuada em contextos de escassez de recursos, gera tensões entre a necessidade de responder a procuras múltiplas e a impossibilidade prática de manter padrões de qualidade em todas as áreas. As competências técnicas específicas, o conhecimento das diferentes disciplinas artísticas, as habilidades de comunicação e trabalho em equipa, a flexibilidade e capacidade de adaptação, a liderança e a autonomia profissional, assim como a formação contínua, configuram-se como elementos fundamentais de um perfil profissional cada vez mais complexo e exigente.

A identificação das necessidades formativas e os desafios para a profissionalização revelou um sector submetido a constantes procuras de atualização mas com escassas oportunidades de formação específica e de qualidade. As competências digitais e a capacidade de adaptação tecnológica emergem como uma procura crescente no sector cultural municipal, requerendo uma atualização constante que muitos profissionais devem enfrentar sem apoio institucional adequado. A formação contínua manifesta-se como um elemento muito valorizado, independentemente da formação inicial, com a experiência prática constituindo um complemento essencial à formação teórica.

8.1.4 O CUMPRIMENTO DO TERCEIRO OBJETIVO: POTENCIALIDADES DA ANIMAÇÃO SOCIOCULTURAL

O terceiro objetivo geral adotou uma orientação decididamente prospetiva e transformadora, explorando as potencialidades da animação sociocultural para contribuir para o desenvolvimento integral dos territórios galegos, com especial atenção aos contextos rurais. Esta exploração fundamentou-se na análise rigorosa de experiências concretas que demonstram tanto as possibilidades como as limitações desta aproximação metodológica.

A análise de experiências inovadoras que superam a dicotomia tradicional entre gestão e animação constitui uma das contribuições mais esperançosas desta investigação. Documentaram-se múltiplos casos de concelhos que conseguiram desenvolver modelos verdadeiramente integradores, nos quais a eficiência organizativa não se contrapõe à participação cidadã mas reforçam-se mutuamente. Estas experiências demonstram que é possível articular a profissionalização técnica com o compromisso comunitário, a programação de qualidade com a relevância social, e a sustentabilidade económica com a transformação cultural.

O debate sobre os modelos de intervenção cultural aponta para uma hibridização entre gestão cultural e animação sociocultural que busca adaptar as respostas a cada contexto específico. Nos concelhos de menor dimensão, a animação sociocultural tende a ter um peso maior, possivelmente relacionado com uma maior necessidade de dinamização comunitária e participação direta da cidadania. As características sociodemográficas, culturais e económicas de cada território condicionam a adequação e efetividade dos diferentes modelos, enquanto a disponibilidade de recursos condiciona as opções disponíveis: os concelhos com maiores recursos tendem a desenvolver modelos mais orientados para a gestão, enquanto aqueles com recursos limitados podem priorizar enfoques mais centrados na animação sociocultural.

O exame do papel dos técnicos municipais como mediadores comunitários revelou uma dimensão fundamental mas frequentemente invisibilizada do trabalho cultural. Esta função mediadora vai muito mais além da simples gestão de recursos ou programação de atividades para situar-se no coração mesmo dos processos de dinamização territorial. Os técnicos mais efetivos são aqueles que conseguem tecer redes de relações, facilitar diálogos entre atores diversos, traduzir entre diferentes lógicas e linguagens, e catalisar energias dispersas em projetos coletivos transformadores.

8.2 Dinâmicas estruturais e desafios sistémicos do sector cultural municipal

A complexidade inerente aos sistemas culturais municipais requer uma aproximação analítica que transcenda a mera descrição de elementos isolados para identificar aquelas dinâmicas estruturais que atravessam e condicionam o conjunto do sistema. Os achados transversais mais significativos que emergiram do processo de investigação revelam padrões, tendências e lógicas que se manifestam de forma recorrente e sistemática ao longo dos diferentes âmbitos estudados.

8.2.1 A precariedade como condição estrutural e os seus efeitos sistémicos

A análise exaustiva dos dados obtidos revela que a precariedade constitui um elemento estrutural definitório do sistema cultural municipal galego, manifestando-se em múltiplas dimensões inter-relacionadas. Esta precariedade não pode entender-se como uma circunstância conjuntural derivada da crise económica de 2008, ainda que esta certamente a agravasse, mas como uma característica que atravessa historicamente o sector desde os seus inícios e que condiciona profundamente as suas possibilidades de desenvolvimento presente e futuro.

Os dados do inquérito revelam uma realidade laboral preocupante que vai mais além das cifras estatísticas. 40,6% dos postos de trabalho dependem de financiamento externo, principalmente subvenções das administrações supramunicipais ou programas temporais, uma dependência que se concentra especialmente nos concelhos de menor dimensão, onde a percentagem ascende a 58,3% nos municípios com menos de 5.000 habitantes. Esta dependência estrutural do financiamento externo introduz um elemento de incerteza permanente que dificulta tanto o planeamento a médio prazo como o desenvolvimento de processos culturais que requerem continuidade temporal.

A estrutura retributiva do sector constitui outro indicador fundamental desta precariedade sistémica. As cifras resultam especialmente alarmantes se considerarmos a alta qualificação dos profissionais: 19,3% percebe entre 15.001 e 20.000 euros anuais, e uns preocupantes 20,1%

situa-se abaixo dos 15.000 euros, apesar de 84% possuírem titulação universitária e desenvolverem funções de alta complexidade e responsabilidade. Esta desproporção entre formação, responsabilidades e retribuição reflete uma desvalorização estrutural do trabalho cultural que tem efeitos múltiplos sobre o sector.

A precariedade laboral manifesta-se também na tipologia contratual, com 33,9% do pessoal mantendo contratos temporários, situação que gera uma instabilidade permanente com efeitos que vão mais além do âmbito individual. Esta temporalidade afeta diretamente a qualidade e continuidade dos serviços culturais, gerando um círculo vicioso no qual a instabilidade laboral dificulta o desenvolvimento de projetos ambiciosos, o que por sua vez limita a capacidade para demonstrar o valor do trabalho cultural e justificar melhores condições laborais.

A vulnerabilidade perante as mudanças políticas constitui outra manifestação desta precariedade estrutural. 67,4% dos profissionais afirmam que as mudanças de governo municipal condicionam significativamente a área de cultura, com mudanças de prioridades em 71% dos casos. Esta vulnerabilidade política não só afeta os aspetos programáticos mas também os organizativos e laborais, criando um contexto de incerteza permanente que dificulta o desenvolvimento de estratégias profissionais a longo prazo e desincentiva o investimento pessoal em formação e especialização.

8.2.2 AS ASSIMETRIAS TERRITORIAIS COMO FATOR DEFINITÓRIO DO SISTEMA

A investigação revela que as profundas assimetrias territoriais não constituem uma mera circunstância ou característica secundária do sistema cultural municipal galego, mas representam um elemento estrutural definitório que condiciona todas as dimensões da ação cultural. Estas assimetrias manifestam-se em múltiplas escalas territoriais e configuram um panorama de extraordinária complexidade que requer aproximações diferenciadas e flexíveis.

A análise provincial proporciona evidência contundente desta realidade assimétrica, com diferenças que vão mais além dos fatores demográficos ou económicos e que respondem a tradições administrativas, culturas políticas e dinâmicas históricas específicas. A província da Corunha beneficia de uma combinação de fatores favoráveis que incluem a presença da capital autonómica, maior dinamização económica e uma tradição consolidada de políticas culturais municipais. Em contraste, Ourense enfrenta uma confluência de fatores desfavoráveis que incluem o declínio demográfico pronunciado, a dispersão territorial extrema e a menor tradição de políticas culturais estruturadas.

Dentro de cada província, a análise comarcal revela uma diversidade interna ainda maior que responde a fatores históricos, geográficos e socioeconómicos específicos. Esta heterogeneidade interna demonstra que as assimetrias não seguem padrões simples ou previsíveis, mas que cada território desenvolveu estratégias adaptativas específicas que respondem tanto às suas limitações estruturais como às suas potencialidades endógenas.

A investigação identifica cinco fatores principais que explicam estas assimetrias territoriais complexas: o demográfico (estrutura, dinâmica e distribuição territorial da população), o económico-fiscal (capacidade de gerar recursos próprios), o político-institucional (tradições de governança local), o sociocultural (capital social e vitalidade associativa), e o territorial-comunicacional (posição geográfica e acessibilidade). A interação complexa destes fatores configura realidades territoriais únicas que requerem aproximações específicas e adaptadas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A análise diacrónica revela ademais que estas assimetrias territoriais, longe de se reduzirem, tenderam a incrementar-se durante o período estudado. A crise económica de 2008 atuou como fator de divergência, afetando com maior intensidade os territórios já vulneráveis e gerando dinâmicas de polarização que persistem na atualidade. Esta tendência para a divergência territorial vê-se reforçada por mecanismos de competição intermunicipal que favorecem os territórios melhor posicionados, criando espirais de desenvolvimento desigual difíceis de reverter.

8.2.3 A TENSÃO PARADIGMÁTICA COMO ESPAÇO DE CONFLITO E OPORTUNIDADE

A investigação revela que a coexistência conflituosa entre os paradigmas da animação sociocultural e a gestão cultural constitui uma tensão estruturante fundamental do sistema cultural municipal galego. Esta tensão não pode interpretar-se simplesmente como um debate técnico ou metodológico, mas reflete conceções profundamente diferentes sobre a natureza, funções e finalidades da ação cultural pública.

A análise histórica permite identificar três fases distintas na evolução desta tensão paradigmática. A primeira fase (2000-2008) caracterizou-se pela coexistência relativamente pacífica de ambos paradigmas em espaços institucionais e territoriais diferenciados. A segunda fase (2008-2015), marcada pela crise económica, supôs uma intensificação do conflito com a hegemonia crescente do paradigma gestionário. A terceira fase (desde 2015), caracteriza-se pela procura de sínteses e modelos híbridos que procuram superar as dicotomias tradicionais.

Esta evolução não é um processo abstrato mas responde a necessidades práticas concretas. Por um lado, a complexidade crescente da administração pública e as exigências de transparência e eficiência tornam imprescindíveis as ferramentas da gestão cultural. Por outro, os desafios sociais contemporâneos – crise de participação democrática, fragmentação social, perda de vínculos comunitários – exigem aproximações que transcendem a mera programação de atividades. A profissionalização do sector emerge como um fator determinante nesta configuração, com a tendência para a gestão cultural refletindo uma crescente valorização das competências técnicas e administrativas, ainda que sem abandonar completamente a dimensão social e participativa do trabalho cultural.

A investigação identifica vários fatores que estão a favorecer a emergência de modelos híbridos: a mudança geracional com profissionais formados em contextos de maior pluralidade paradigmática, a complexidade dos desafios contemporâneos que evidencia as limitações de aproximações unidimensionais, e a influência de experiências estrangeiras que introduzem perspetivas inovadoras. Não obstante, também persistem obstáculos importantes como a inércia institucional, a rigidez das estruturas administrativas e a fragmentação da formação inicial que dificultam a consolidação destes modelos integradores.

8.2.4 A FRAGMENTAÇÃO IDENTITÁRIA E OS DESAFIOS DA ARTICULAÇÃO PROFISSIONAL

A investigação revela que a fragmentação da identidade profissional constitui uma das características mais definidoras e problemáticas do sector cultural municipal galego. Esta

fragmentação manifesta-se em múltiplas dimensões que vão desde a diversidade caótica de denominações profissionais até à debilidade das estruturas representativas, dificultando a construção de discursos e estratégias comuns.

A proliferação de denominações profissionais – técnico/a de cultura, animador/a sociocultural, gestor/a cultural, agente de desenvolvimento cultural, dinamizador/a cultural, mediador/a cultural – não responde a uma especialização funcional clara mas reflete a ausência de critérios partilhados sobre a definição do campo profissional. Esta diversidade terminológica tem consequências práticas importantes: dificulta o reconhecimento social da profissão, complica a negociação coletiva de condições laborais e obstaculiza o estabelecimento de carreiras profissionais coerentes.

A debilidade das estruturas representativas contrasta marcadamente com outros sectores profissionais que contam com colégios profissionais ou sindicatos específicos consolidados. O desenvolvimento das associações profissionais, como o Coletivo Landrover ou a Associação Galega de Profissionais da Gestão Cultural, contribuiu para a articulação de exigências profissionais mas a sua capacidade de representação continua a ser limitada. A investigação identifica múltiplos fatores que explicam esta debilidade: a dispersão geográfica dos profissionais, a sobrecarga laboral, a diversidade de perfis formativos e a dependência de hierarquias político-administrativas locais.

As entrevistas revelam uma crescente consciência sobre a necessidade de superar esta fragmentação, mas esta consciência não se traduziu ainda em ações coletivas efetivas. A perceção sobre a coesão profissional revela um panorama ambivalente: existe um sentimento partilhado de pertença a um coletivo com problemas comuns, mas este reconhecimento mútuo não se materializa em estruturas organizativas operativas ou estratégias coletivas de defesa de interesses profissionais.

8.3 Contribuições teóricas e quadros interpretativos emergentes

A investigação empírica rigorosa deve aspirar a gerar conhecimento teórico que enriqueça a compreensão geral dos fenómenos estudados. As contribuições teóricas desta tese de doutoramento emergem diretamente do diálogo entre a evidência empírica e os quadros teóricos existentes, revelando tanto as potencialidades como as limitações das conceptualizações disponíveis.

8.3.1 Reconceptualização integral da ação cultural municipal

A investigação propõe uma reconceptualização da ação cultural municipal que transcende as visões instrumentalistas predominantes para entendê-la como um fenómeno complexo, multidimensional e estratégico. Esta reconceptualização não é uma construção teórica abstrata mas emerge da análise sistemática de experiências concretas que demonstram o potencial transformador da cultura quando se concebe desde esta perspetiva integral.

A proposta articula-se em quatro dimensões fundamentais inter-relacionadas. A dimensão educativa, historicamente central mas progressivamente marginalizada, abarca processos de conscientização, capacitação e empoderamento que vão mais além da transmissão de conhecimentos. A dimensão social funciona como espaço para a reconstrução de vínculos e a geração de capital social, especialmente relevante num contexto de fragmentação e isolamento.

A dimensão económica supera visões reducionistas para reconhecer como a cultura contribui para o desenvolvimento mediante a criação de ecossistemas criativos e a geração de capacidades inovadoras. A dimensão política, entendida como espaço de construção de cidadania e participação democrática, constitui um dos poucos âmbitos da administração local onde ainda são possíveis processos participativos reais.

Esta reconceptualização tem implicações práticas importantes para o desenho e implementação de políticas culturais. Requer superar a fragmentação sectorial que caracteriza muitas intervenções atuais para adotar aproximações mais holísticas e integradas. Implica também reconhecer que a cultura não é um sector a mais das políticas públicas mas um eixo transversal que atravessa e conecta diferentes âmbitos da ação municipal.

8.3.2 Quadro interpretativo ecossistémico para os sistemas culturais municipais

A segunda contribuição teórica fundamental consiste na proposta de um quadro interpretativo ecossistémico que conceptualiza a cultura municipal como um ecossistema complexo de atores, lógicas, recursos e dinâmicas em relações de interdependência. Este enfoque supera visões lineares ou sectoriais para proporcionar ferramentas analíticas mais sofisticadas.

O enfoque ecossistémico permite transcender dicotomias tradicionais como público-privado ou local-global para compreender as múltiplas interações que configuram o sistema cultural. Facilita a compreensão dos processos de mudança e adaptação, entendendo os ecossistemas culturais como sistemas dinâmicos que respondem tanto a pressões externas como a dinâmicas internas de inovação. Esta perspetiva resulta especialmente útil para analisar como a crise de 2008 atuou como perturbação ecossistémica que obrigou a reconfigurações profundas, gerando tanto processos de degradação como oportunidades de inovação e resiliência.

A aplicação deste quadro interpretativo permite identificar diferentes tipos de ecossistemas culturais municipais segundo as suas características estruturais e dinâmicas. Ecossistemas resilientes caracterizados pela diversidade de atores e recursos, ecossistemas vulneráveis marcados pela dependência e a fragilidade, e ecossistemas emergentes em processo de configuração. Esta tipologia proporciona ferramentas para o diagnóstico e a intervenção adaptadas às características específicas de cada território.

8.3.3 Temporalidades múltiplas e a sua incidência na ação cultural

A terceira contribuição teórica refere-se à identificação e análise das temporalidades específicas dos processos culturais municipais. A investigação identifica três temporalidades que coexistem tensamente: a política (ciclos eleitorais quadrienais), a administrativa (exercícios anuais) e a comunitária (processos longos de construção de relações). Esta multiplicidade temporal gera contradições e tensões que explicam muitos dos problemas identificados no sector.

A compreensão destas temporalidades múltiplas tem implicações fundamentais para o desenho de políticas e a avaliação de resultados. A impossibilidade de desenvolver processos transformadores sustentados, a dificuldade para avaliar impactos reais ou a tendência a priorizar o visível e imediato sobre o profundo e processual são consequências diretas desta desarticulação temporal. O reconhecimento explícito destas diferentes temporalidades permite

desenhar estratégias que procurem harmonizá-las ou, pelo menos, gerir produtivamente as suas tensões.

8.3.4 A ESPECIFICIDADE GALEGA COMO MODELO ANALÍTICO PARA TERRITÓRIOS PERIFÉRICOS

A investigação evidencia que o caso galego configura um modelo de análise de extraordinária relevância para compreender as dinâmicas culturais em territórios periféricos. A confluência de fatores específicos – dispersão territorial extrema, diversidade linguística, forte identidade cultural, debilidade estrutural das administrações locais, processos de despovoamento – gera um laboratório natural onde se manifestam com especial intensidade tensões presentes em muitos outros contextos.

As estratégias adaptativas desenvolvidas pelos concelhos galegos proporcionam um repertório de soluções criativas potencialmente transferíveis. Desde unidades móveis de dinamização cultural até modelos de gestão descentralizada, passando por estratégias de mediação linguística e cultural, o caso galego oferece ensinamentos valiosos para territórios com problemáticas similares. A capacidade dos técnicos para desenvolver competências de tradução entre lógicas centrais e realidades periféricas constitui um saber fundamental que merece maior atenção e sistematização.

8.4 ESTRATÉGIAS E RECOMENDAÇÕES PARA A TRANSFORMAÇÃO DO SISTEMA

A vocação aplicada desta investigação requer traduzir os achados empíricos e as reflexões teóricas num conjunto articulado de recomendações práticas. Estas propostas, fundamentadas na evidência e sensíveis aos contextos de aplicação, procuram orientar a ação transformadora dos diferentes atores do sistema, contemplando uma perspetiva temporal diferenciada que distingue entre ações a curto, médio e longo prazo.

8.4.1 ESTRATÉGIAS A CURTO PRAZO: A URGÊNCIA DA DIGNIFICAÇÃO PROFISSIONAL

No curto prazo, a profissionalização e dignificação do sector emergem como prioridades imediatas e ineludíveis. Existe uma necessidade urgente de melhorar as condições laborais, incrementar o reconhecimento profissional e estabelecer quadros claros para o desenvolvimento do trabalho cultural municipal. Para os concelhos, isto implica iniciar processos imediatos de estabilização do emprego cultural, convertendo lugares temporários em fixos e regularizando situações irregulares. As deputações devem reforçar de forma urgente o seu apoio técnico aos concelhos mais pequenos, enquanto a Junta da Galiza deve acelerar a elaboração de um quadro normativo específico que regule as profissões culturais municipais.

A formação contínua manifesta-se como outra estratégia primordial a curto prazo. Os profissionais destacam a importância de desenvolver programas formativos específicos que permitam atualizar conhecimentos, adquirir novas competências e adaptar-se às mudanças tecnológicas e sociais. As instituições formativas devem responder a esta procura com ofertas flexíveis e adaptadas às necessidades reais do sector, incluindo formação em competências digitais, metodologias participativas e ferramentas de avaliação de impacto.

Para os próprios profissionais, a estratégia imediata passa por iniciar processos de organização coletiva que superem o isolamento atual. A criação ou fortalecimento de associações profissionais, o estabelecimento de redes informais de apoio mútuo e a articulação de exigências comuns constituem ações que podem iniciar-se sem esperar mudanças estruturais e que são fundamentais para qualquer transformação posterior.

8.4.2 Estratégias a médio prazo: construção de estruturas e redes sustentáveis

No médio prazo, o estabelecimento de políticas culturais fortes e coordenadas surge como estratégia prioritária. Os concelhos devem desenvolver planos estratégicos de cultura com horizontes de 8-10 anos que proporcionem estabilidade e coerência ao desenvolvimento cultural municipal. Estes planos não podem ser documentos formais mas instrumentos operativos com diagnósticos rigorosos, objetivos mensuráveis e recursos comprometidos. A sua elaboração deve ser participativa, envolvendo não só os técnicos e políticos mas também o tecido associativo e a cidadania.

O desenvolvimento de redes de colaboração manifesta-se como outra estratégia relevante a médio prazo. A criação de estruturas de cooperação entre concelhos, instituições culturais e agentes do sector resulta fundamental para superar o isolamento e otimizar recursos. As deputações devem desempenhar um papel catalisador neste processo, facilitando espaços de encontro, apoiando a criação de comunidades culturais e promovendo projetos intermunicipais. Os concelhos que estabelecem alianças e colaborações com outros municípios ou entidades culturais tendem a desenvolver políticas culturais mais sólidas e sustentáveis.

A adaptação aos novos contextos digitais constitui outro desafio estratégico a médio prazo. A transformação digital acelerada pela pandemia requer não só a aquisição de ferramentas tecnológicas mas, fundamentalmente, o desenvolvimento de novas competências e metodologias de trabalho. As instituições devem apoiar este processo com programas de capacitação digital específicos para o sector cultural, enquanto os profissionais devem assumir a responsabilidade de atualizar as suas competências neste âmbito.

8.4.3 Estratégias a longo prazo: consolidação institucional e transformação sistémica

No longo prazo, a consolidação e institucionalização do sector constitui o objetivo estratégico mais ambicioso. Isto implica estabelecer estruturas estáveis que garantam a continuidade e o reconhecimento do trabalho cultural como um serviço público essencial. A Junta da Galiza deve liderar um processo de transformação sistémica que inclua a elaboração de um plano estratégico de cultura verdadeiramente participativo e territorializado, o estabelecimento de sistemas de financiamento estáveis e equitativos, e a criação de mecanismos de coordenação interinstitucional efetivos.

A transformação da perceção social do trabalho cultural emerge como outro objetivo principal a longo prazo. Os profissionais apontam para a importância de conseguir um maior reconhecimento social do valor da cultura e do trabalho dos profissionais culturais municipais. Isto requer não só melhorias nas condições laborais mas também estratégias comunicativas que visibilizem o impacto da cultura no desenvolvimento territorial e a coesão social. Os próprios

profissionais devem assumir um papel ativo nesta transformação, documentando e difundindo as suas experiências e construindo uma narrativa partilhada sobre o valor do seu trabalho.

O desenvolvimento de infraestruturas e recursos estáveis constitui outra estratégia fundamental a longo prazo. A criação e manutenção de equipamentos culturais adequados, assim como a dotação de recursos suficientes, são elementos determinantes para a consolidação do sector. Isto requer um compromisso sustentado das administrações públicas que transcenda os ciclos políticos e que se baseie num reconhecimento real da cultura como direito fundamental e fator de desenvolvimento.

A avaliação e acompanhamento das melhorias implementadas caracteriza-se como uma estratégia transversal de grande relevância. Estabelecer sistemas de avaliação que permitam medir o impacto das diferentes atuações e ajustar as estratégias segundo os resultados obtidos resulta fundamental para garantir a efetividade das transformações propostas. Isto requer desenvolver metodologias de avaliação adaptadas à especificidade dos processos culturais, que vão mais além dos indicadores quantitativos tradicionais para captar as transformações qualitativas que a cultura pode gerar.

8.5 Limitações do estudo e linhas futuras de investigação

O rigor científico exige um exercício de reflexividade metodológica que permita situar adequadamente os achados no seu contexto de produção e validade. As limitações identificadas e as linhas futuras de investigação propostas não representam debilidades do estudo mas elementos necessários para a sua correta interpretação e para o avanço continuado do conhecimento neste campo.

8.5.1 Limitações metodológicas e contextuais

A primeira limitação fundamental refere-se ao quadro temporal do estudo (2000-2020). Ainda que estas duas décadas permitam identificar tendências significativas, os processos de mudança cultural apresentam temporalidades mais extensas. A investigação capta um momento específico de uma evolução mais ampla sem poder dar conta completa dos processos de longa duração. Os marcos históricos identificados – chegada da democracia, dotação de equipamentos, desenvolvimento de programas de apoio, crise de 2008, pandemia da COVID-19 – marcam momentos-chave mas não esgotam a complexidade da evolução histórica do sector.

A segunda limitação relaciona-se com a dificuldade para aceder a determinados coletivos, especialmente aqueles em situações de maior precariedade. A taxa de resposta de 47% ao inquérito, ainda sendo aceitável, revela que a não resposta concentrou-se nos concelhos sem pessoal técnico especializado, introduzindo um viés que pode subestimar a gravidade de alguns problemas identificados. Esta limitação é especialmente relevante considerando que são precisamente estes contextos mais precarizados os que requerem maior atenção investigadora e política.

A complexidade de captar as práticas reais mais além dos discursos institucionais constitui outra limitação importante. A distância entre o que os participantes dizem fazer e o que realmente fazem, ainda mitigada mediante triangulação, persiste como desafio metodológico. A ausência

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

do grupo de discussão inicialmente planificado privou a investigação de insights sobre dinâmicas coletivas que poderiam enriquecer a compreensão do fenómeno.

A especificidade do contexto galego, ainda sendo uma força analítica, limita a transferibilidade direta dos resultados. A combinação única de fatores – dispersão territorial, bilinguismo, identidade cultural forte, fragmentação municipal – configura uma realidade específica que requer adaptações cuidadosas para a aplicação dos achados noutros contextos. A necessária delimitação do objeto de estudo deixou fora aspetos relevantes como os processos criativos dos artistas, a perspetiva dos utilizadores ou as interações com outros sectores.

8.5.2 Linhas futuras de investigação e desenvolvimento

Os achados abrem múltiplas vias para futuros estudos que complementem e ampliem o conhecimento gerado. A primeira linha prioritária consiste no desenvolvimento de estudos comparativos sistemáticos com territórios similares. A comparação com as Astúrias, Bretanha, País de Gales ou o norte de Portugal permitiria identificar dinâmicas comuns e especificidades locais, enriquecendo a compreensão dos processos culturais em territórios periféricos.

O desenvolvimento de metodologias específicas para avaliar o impacto das políticas culturais constitui outra necessidade urgente. Necessitam-se ferramentas que captem a complexidade dos efeitos culturais, incluindo indicadores de coesão social, metodologias participativas de avaliação e técnicas de análise do retorno social do investimento. Estas metodologias devem ser capazes de captar tanto impactos imediatos como transformações a longo prazo.

A implementação de processos de investigação-ação participativa emerge como uma linha especialmente prometedora. Estes processos, que envolvem os próprios atores como coinvestigadores, podem gerar simultaneamente conhecimento e transformação prática. A articulação de redes profissionais, o desenvolvimento de modelos híbridos ou a implementação de estratégias participativas são âmbitos especialmente adequados para esta aproximação.

Os estudos longitudinais que analisem a evolução das dinâmicas identificadas resultam fundamentais para compreender processos de mudança. Um observatório permanente da cultura municipal galega poderia proporcionar informação continuada sobre tendências emergentes, efetividade de políticas e transformações do sector. Este tipo de acompanhamento sistemático permitiria superar a limitação dos estudos pontuais que rapidamente ficam desatualizados.

O desenvolvimento de análises interseccionais sobre género, idade, classe e origem constitui outra linha prioritária. A feminização do sector, as brechas geracionais, as barreiras de classe ou as dinâmicas de inclusão/exclusão de pessoas migrantes requerem análises específicas que proporcionem uma compreensão mais matizada e permitam desenhar intervenções mais equitativas.

A exploração das transformações digitais e o seu impacto no sistema cultural municipal requer atenção urgente. As brechas digitais, as novas formas de criação e consumo cultural, as competências digitais necessárias ou a soberania tecnológica no âmbito cultural são temas que requerem investigação sistemática, especialmente após a aceleração digital provocada pela pandemia.

Finalmente, o desenvolvimento de quadros teóricos mais sofisticados e adaptados à realidade da cultura municipal em contextos periféricos constitui uma linha transversal fundamental. Necessitam-se teorias que nasçam da realidade específica destes territórios e que permitam

USC DE COMPOSTELA

compreender e orientar a sua transformação sem aplicar acriticamente quadros desenvolvidos noutros contextos.

8.6 CONSTRUIR O FUTURO DA CULTURA MUNICIPAL GALEGA

Esta investigação confirma que o sistema cultural municipal galego se encontra num momento histórico decisivo que requer respostas transformadoras e corajosas. A confluência de múltiplas crises – demográfica, económica, territorial, identitária – não deve interpretar-se como fatalidade mas como oportunidade para repensar os modelos estabelecidos e construir alternativas mais justas e sustentáveis.

O percurso histórico analisado mostra que o sector evoluiu significativamente desde a chegada da democracia, mas também que persistem desafios estruturais que requerem abordagem decidida. A transição documentada desde modelos de animação sociocultural para paradigmas de gestão cultural mais burocratizados não é inevitável nem irreversível. A preferência maioritária dos profissionais por modelos híbridos sugere caminhos de integração que aproveitem o melhor de ambas as tradições.

A alta qualificação dos profissionais, a riqueza do tecido associativo, a vitalidade das expressões culturais locais e a persistência de experiências inovadoras constituem ativos fundamentais sobre os quais construir. Não obstante, estes ativos estão ameaçados por dinâmicas de precarização, fragmentação e marginalização que requerem intervenção urgente. A cultura municipal não pode continuar a ser considerada secundária ou prescindível; num contexto de transformações sociais profundas, emerge como espaço estratégico para a construção de sentido coletivo e coesão social.

O futuro do sistema requer articular um novo paradigma baseado em vários pilares fundamentais: o reconhecimento da cultura como direito e bem comum, a valorização da diversidade territorial como riqueza, o fortalecimento da dimensão educativa e transformadora, e a construção de modelos organizativos dignos e sustentáveis. Esta transformação requer um pacto pela cultura que transcenda diferenças partidárias e ciclos eleitorais, envolvendo todas as administrações, o tecido associativo, os criadores e a cidadania.

O horizonte profissional assinala-se pela necessidade de fortalecer múltiplas dimensões do sector mediante estratégias temporalmente diferenciadas. A curto prazo, a dignificação das condições laborais e a formação contínua são prioritárias. A médio prazo, a especialização formativa, a construção de redes colaborativas e o estabelecimento de políticas coordenadas ganham importância. A longo prazo, a consolidação institucional do sector como serviço público essencial representa o objetivo estratégico mais ambicioso.

Corresponde agora aos diferentes atores assumir o desafio histórico de construir um sistema cultural municipal à altura das necessidades da sociedade galega contemporânea. Os profissionais, cuja dedicação ficou amplamente demonstrada, merecem condições laborais e reconhecimento acordes com a sua função. As comunidades locais, especialmente as mais vulneráveis, têm direito a serviços culturais de qualidade. A Galiza, com a sua rica tradição e complexa realidade territorial, necessita de um sistema cultural municipal forte, diverso e transformador.

USC DE COMPOSTELA

Esta investigação remata formalmente aqui, mas o trabalho continua. O futuro do sector requererá equilibrar inovação e recursos, especialização e polivalência, autonomia local e

capacidades colaborativas. Os desafios identificados requerem respostas urgentes mas também estratégias pacientes de longo prazo. O compromisso com a cultura é, em definitiva, um compromisso com o futuro das comunidades, com a qualidade democrática e com a construção de uma sociedade mais justa, criativa e profundamente humana.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Acción Cultural Española. (2021). *Anuario AC/E de cultura digital 2021*.

Alvesson, M., e Sköldberg, K. (2009). *Reflexive methodology: New vistas for qualitative research*. (2nd ed.). SAGE Publications.

Ander-Egg, E. (1984). *Metodología y práctica de la animación sociocultural*. Hvmanitas.

Ander-Egg, E. (1987). *La práctica de la animación sociocultural*. ICSA/ Hvmanitas.

Ander-Egg, E. (1991). *Introducción a la planificación*. Grupo Editorial Lumen/Hvmanitas.

Ander-Egg, E. (1992). *La animación y los animadores: Pautas de acción y de formación*. Narcea.

Ander-Egg, E. (1996). Práctica de la animación sociocultural. En J. M. Quintana Cabanas (Ed.), *Fundamentos de animacion sociocultural* (Narcea S.A, pp. 175-201).

Ander-Egg, E. (2002). *La práctica de la animación sociocultural y el léxico del animador*. Pontificia Universidad Católica del Perú.

Ander-Egg, E. (2003). *Acción municipal, desarrollo local y trabajo comunitario*. Ayuntamiento de Guía de Isora.

Anselin, L. (1988). *Spatial Econometrics: Methods and Models*. Springer Science & Business Media.

Appadurai, A. (2016). *El futuro como hecho cultural: Ensayos sobre la condición global*. Fondo de Cultura Económica.

Ariño Villarroya, A. (2010). *Prácticas culturales en España: Desde los años sesenta hasta la actualidad*. Editorial Ariel.

Association of the Compendium of Cultural Policies and Trends. (2019). *Compendium of cultural policies and trends*. https://www.culturalpolicies.net

Babbie, E. R. (2020). *The Practice of Social Research*. Cengage Learning.

Barbieri, N. (2012). *¿Por qué cambian las políticas públicas?: Una aproximación narrativa a la continuidad, el cambio y la despolitización de las políticas culturales: El caso de las políticas culturales de la Generalitat de Catalunya (1980-2008)* [Tesis doctoral, Universitat Autònoma de Barcelona]. TDX.

Barbieri, N. (2018). Es la desigualdad, también en cultura. *Cultura y Ciudadanía. Pensamiento*.

Bayardo García, R. (2008). Políticas culturales: Derroteros y perspectivas contemporáneas. 7.

Beauchamp, T. L., e Childress, J. F. (2019). *Principles of biomedical ethics* (8th ed.). Oxford University Press.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bertoméu, M. J. C., Beresaluze, S. H. S., e Sansano, G. P. (2021). El Museo fuera del Museo. Un nuevo concepto territorial y relacional para el Museo del Mar de Santa Pola y su marca destino. *Atlántida. Revista Canaria de Ciencias Sociales*, 12, Article 12.

Bhaskar, R. (2008). *A realist theory of science*. Routledge.

Birks, M., Chapman, Y., e Francis, K. (2008). Memoing in qualitative research: Probing data and processes. *Journal of Research in Nursing*, 13(1), 68-75.

Birt, L., Scott, S., Cavers, D., Campbell, C., e Walter, F. (2016). Member Checking: A Tool to Enhance Trustworthiness or Merely a Nod to Validation? *Qualitative Health Research*, 26(13), 1802-1811.

Blumer, H. (1982). *Interaccionismo Simbolico*. Hora Nova, S. A.

Boal, A. (2009). *Teatro del oprimido* (G. Schmilchuk, Trad.). Alba Editorial.

Boal, A. (2014). *Juegos para actores y no actores*. ALBA Editorial.

Bonet, L. (1999). Evolución y retos de la política cultural en España. *Tablero. Revista del Convenio Andrés Bello*, 61, 89-99.

Bonet, L., e Négrier, E. (2018). The participative turn in cultural policy: Paradigms, models, contexts. *Poetics*, 66, 64-73.

Bourdieu, P. (2006). *La distinción: Criterios y bases sociales del gusto* (3. ed). Taurus.

Bourdieu, P., e Darbel, A. (1992). *L'amour de l'art: Les musées d'art européens et leur public* (2e édition revue et augmentée). Éditions de Minuit.

Bouzada, X. M. (1999). Cultural Policies in Modern Spain: Origins and Orientations. *Loisir et Société / Society and Leisure*, 22(2), 453-485.

Bouzada, X. M. (2008). Políticas culturais e desenvolvemento socioeconómico: Algunhas anotacións sobre a situación galega. *RIPS: Revista de investigaciones políticas y sociológicas*, 7(1), 31-54.

Bowen, G. A. (2009). Document Analysis as a Qualitative Research Method. *Qualitative Research Journal*, 9(2), 27-40.

Braidotti, R. (2006). Affirmation versus Vulnerability: On Contemporary Ethical Debates. *Symposium: Canadian Journal of Continental Philosophy*, 10(1), 235-254.

Braun, V., e Clarke, V. (2006). Using thematic analysis in psychology. *Qualitative Research in Psychology*, 3(2), 77-101.

Bringel, B., e Maldonado, E. E. (2016). Pensamento Crítico Latino-Americano e Pesquisa Militante em Orlando Fals Borda: Práxis, subversão e libertação. *Revista Direito e Práxis*, 7(13), 389-413.

Bryman, A., e Bell, E. (2015). *Business Research Methods*. Oxford University Press.

Bunge, M. (1980). *Epistemología. Curso de actualización*. Siglo XXI Editores.

Bunge, M. (1983). *La investigación científica: Su estrategia y su filosofía*. Ariel.

Bustamante, E. (2018). *Informe sobre el estado de la cultura en España 2018: España y el espacio cultural iberoamericano [ICE-2018]* (Informes / Fundación Alternativas). Fundación Alternativas, Observatorio de Cultura y Comunicación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bustamante, E. (2021). *Informe sobre el estado de la cultura en España 2021: La industria editorial, presente y futuro del libro [ICE-2021]* (Informes / Fundación Alternativas). Observatorio de Cultura y Comunicación, Fundación Alternativas.

Caballero, J. J. (2006). Interaccionismo simbólico. En S. Giner San Julián, E. Lamo de Espinosa Michels de Champourcin, e C. Torres Albero (Eds.), *Diccionario de sociología* (pp. 390-391). Alianza.

Caballo, M. B., Candia, F. X., Caride, J. A., e Meira, P. Á. (1997). *131 conceptos clave de educación social*. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Capra, F., e Mattei, U. (2015). *The Ecology of Law: Toward a Legal System in Tune with Nature and Community*. Berrett-Koehler Publishers.

Caride, J. A. (2016). La pedagogía social en el diálogo de las universidades con la educación popular y la educación social. *Revista Interamericana de Educación de Adultos*, 38(1), 85-106.

Caride, J. A. (1997). Acción e intervención comunitarias. En A. J. Petrus (Ed.), *Pedagogía social* (pp. 222-247). Ariel España.

Caride, J. A. (1998). Paradigmas teóricos en la animación sociocultural. En J. Trilla (Ed.), *Animacion sociocultural: Teorías, programas y ámbitos.* (pp. 41-60). Ariel España.

Caride, J. A. (2003). Teories, models i paradigmes en Pedagogia-Educació Social. En J. Planella e J. Vilar (Eds.), *L´educació social: Projectes, perspectives i camins* (pp. 47-72). Pleniluni.

Caride, J. A. (2005). La Animación Sociocultural y el Desarrollo Comunitario como Educación Social. *Revista de Educación*, 336, 73-88.

Caride, J. A. (2005). *Las fronteras de la pedagogía social: Perspectivas científica e histórica*. Ed. Gedisa.

Caride, J. A. (2006). La educación social en la acción comunitaria. En X. Úcar e A. Llena (Eds.), *Miradas y diálogos en torno a la acción comunitaria* (pp. 157-194). Grao.

Caride, J. A. (2016). La mediación como pedagogía social: Viejas realidades, nuevos retos para la intervención social. En R. Vieira, J. C. L. Marques, P. Silva, A. Vieira, e C. Margarido (Eds.), *Pedagogias de mediação intercultural e intervenção social* (pp. 13-26). Edições Afrontamento.

Caride, J. A., e Meira, P. Á. (1996). O diálogo paradigmático na Educación Social. *Revista galega de educación*, 27, 16-20.

Caride, J. A., e Meira, P. Á. (2000). La Educación Social en las Políticas Culturales: Hacia una construcción pedagógica de la democracia cultural. En *Educación social y políticas culturales* (pp. 19-42). Tórculo Artes gráficas.

Caride, J. A., e Pose-Porto, H. M. (2015). Leer el mundo hoy o cuando la lectura se convierte en diálogo. *Ocnos. Revista de estudios sobre lectura*, 14, 65-80.

Caride, J. A., e Pose-Porto, H. M. (2021). *Proxecto XERF@. Formación e profesionalización da acción cultural pública en Galicia*.

Caride, J. A., e Trillo, F. (Eds.). (2010). *Dicionario galego de pedagoxía*. Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Charmaz, K. (2014). *Constructing Grounded Theory*. SAGE Publications.

Ciudades y Gobiernos Locales Unidos (CGLU). (2018). *La cultura en los objetivos de desarrollo sostenible. Guía práctica para la acción local* (p. 40). Ciudades y Gobiernos Locales Unidos (CGLU).

Colbert, F. (2014). *Le marketing des arts et de la culture* (4e éd). Chenelière.

Colbert, F., e Cuadrado, M. (2003). *Marketing de las artes y la cultura*. Grupo Planeta (GBS).

Colom, A. J. (1983). La Pedagogía social como modelo de intervención socio-educativa. *Bordón: Revista de pedagogía*, 247, 165-180.

Colom, A. J. (1987). *Modelos de intervención socioeducativa*. Narcea.

Colom, A. J. (2005). Continuidad y complementariedad entre la Educación formal y no formal. *Revista de educación*, 338, 9-22.

Colombo, A., e Cerezuela, D. R. (2008). *Gestión cultural: Estudios de caso*. Ariel España.

Conseil de l'Europe. (1950). *Convenio Europeo de Dereitos Humanos*.

Conseil de l'Europe. (1954). *Convenio Cultural Europeo*.

Conseil de l'Europe. (1954). *European Cultural Convention*.

Conseil de l'Europe. (1961). *Carta Social Europea*.

Conseil de l'Europe. (1969). *Convenio Europeo sobre a Protección do Patrimonio Arqueolóxico*.

Conseil de l'Europe. (1972). *Declaración Arc-et-Senans*.

Conseil de l'Europe. (1981). *Declaration regarding intolerance – A threat to democracy*.

Conseil de l'Europe. (1983). *Bremen Declaration*.

Conseil de l'Europe. (1984). *European Declaration on Cultural Objectives*.

Conseil de l'Europe. (1985). *Convenio para a Salvagarda do Patrimonio Arquitectónico de Europa*.

Conseil de l'Europe. (1987). *Florence Declaration*.

Conseil de l'Europe. (1992). *Convención Europea sobre a Coprodución Cinematográfica*.

Conseil de l'Europe. (1995). *Convenio Marco para a Protección das Minorías Nacionis*.

Conseil de l'Europe. (1999). *Declaration on a European Policy for New Information Technologies adopted by the Committee of Ministers on 7 May 1999*.

Conseil de l'Europe. (2000). *Declaration on Cultural Diversity adopted by the Committee of Ministers on 7 December 2000*.

Conseil de l'Europe. (2001). *Convenio Europeo sobre a Protección do Patrimonio Audiovisual*.

Conseil de l'Europe. (2001). *Declaration on the protection and rebuilding of places of worship in Kosovo and the wider Balkans adopted by the Committee of Ministers on 18 July 2001*.

Conseil de l'Europe. (2004). *Wrocław Declaration on Fifty Years of European Cultural Cooperation adopted by the Ministers responsible for Culture, Education, Youth and Sport from the States parties to the European Cultural Convention on 10 December 2004*.

Conseil de l'Europe. (2005). *Convención sobre o Valor do Patrimonio Cultural para a Sociedade*.

Consello da Cultura Galega. (2001). *Cultura e participación*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consello da Cultura Galega. (2007). *As políticas culturais nas sete principais cidades galegas*.

Consello da Cultura Galega. (2013). *O patrimonio cultural en Galicia*.

Consello da Cultura Galega. (2013). *Perspectiva estatística dos museos e coleccións museográficas*.

Consello da Cultura Galega. (2014). *A cultura e as entidades sen ánimo de lucro*.

Consello da Cultura Galega. (2014). *A Muller na Cultura Galega (I)*.

Consello da Cultura Galega. (2014). *A Muller na Cultura Galega (II)*.

Consello da Cultura Galega. (2014). *As empresas culturais en Galicia*.

Consello da Cultura Galega. (2014). *As ensinanzas do ámbito cultural en Galicia*.

Consello da Cultura Galega. (2014). *Evolución do gasto cultural dos fogares galegos 2014*.

Consello da Cultura Galega. (2014). *Gasto público en cultura*.

Consello da Cultura Galega. (2015). *Evolución do gasto cultural dos fogares galegos 2015*.

Consello da Cultura Galega. (2016). *As ensinanzas do ámbito cultural en Galicia*.

Consello da Cultura Galega. (2016). *Ocio e hábitos culturais (I)*.

Consello da Cultura Galega. (2016). *Ocio e hábitos culturais (II)*.

Consello da Cultura Galega. (2018). *Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI*. Consello da Cultura Galega.

Consello da Cultura Galega. (2018). *Informe sobre a provisión de postos directivos no ámbito cultural*.

Consello da Cultura Galega. (2020). *Barómetro da cultura galega I. Xullo de 2020*. Consello da Cultura Galega.

Consello da Cultura Galega. (2020). *Hábitos e prácticas culturais en Galicia*.

Consello da Cultura Galega. (2020). *Influencia da COVID-19 nos hábitos culturais da poboación galega*.

Consello da Cultura Galega. (2021). *Barómetro da cultura galega II. Xaneiro de 2021*. Consello da Cultura Galega.

Consello da Cultura Galega. (2021). *Barómetro da cultura galega III. Xullo de 2021*. Observatorio da Cultura Galega.

Consello da Cultura Galega. (2022). *Barómetro da cultura galega 2022*. Consello da Cultura Galega.

Consello da Cultura Galega. (2022). *Ensinanzas do ámbito cultural. Setembro 2022*. Consello da Cultura Galega.

Consello da Cultura Galega. (2023). *Barómetro da cultura galega 2023*. Consello da Cultura Galega.

Consello da Cultura Galega. (2023). *Conxuntura estatística do ámbito cultural. Decembro de 2023*. Consello da Cultura Galega.

Consello da Cultura Galega. (2023). *Corenta anos de cultura galega en estatísticas*. Observatorio da Cultura Galega.

Consello da Cultura Galega. (2023). *Hábitos e prácticas culturais*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consello da Cultura Galega. (2023). *O máis destacado da cultura galega en 2022 segundo os seus xestores*. Consello da Cultura Galega.

Consello da Cultura Galega. (2024). *Barómetro da cultura galega 2024*. Consello da Cultura Galega.

Consello da Cultura Galega. (2024). *O máis destacado da cultura galega en 2023 segundo os seus xestores*. Consello da Cultura Galega.

Cortes Generales. (1978, diciembre 29). *Constitución española*. *Boletín Oficial del Estado*, 311, 29313-29424.

Creswell, J. W. (2013). *Qualitative Inquiry and Research Design: Choosing Among Five Approaches*. SAGE Publications.

Creswell, J. W., e Clark, V. L. P. (2017). *Designing and Conducting Mixed Methods Research*. SAGE Publications.

Creswell, J. W., e Creswell, J. D. (2017). *Research Design: Qualitative, Quantitative, and Mixed Methods Approaches*. SAGE Publications.

Creswell, J. W., e Poth, C. N. (2017). *Qualitative Inquiry and Research Design: Choosing Among Five Approaches*. SAGE Publications.

Cuche, D. (2010). *La notion de culture dans les sciences sociales*: La Découverte.

Cuenca Cabeza, M. (2011). El ocio como ámbito de Educación Social. *Educación Social*, 47, 25-40.

Deleuze, G. (1990). *Pourparlers. 1972-1990*. Les Éditions de Minuit.

Denzin, N. K. (1978). *Sociological Methods: A Sourcebook*. McGraw-Hill.

Denzin, N. K. (2017). *The Research Act: A Theoretical Introduction to Sociological Methods*. Transaction Publishers.

Department of Health, Education, and Welfare, e National Commission for the Protection of Human Subjects of Biomedical and Behavioral Research. (1979). *The Belmont Report: Ethical principles and guidelines for the protection of human subjects of research*.

DeVellis, R. F. (2016). *Scale Development: Theory and Applications*. SAGE Publications.

Dilthey, W. (1944). *El mundo histórico*. Fondo de Cultura Económica.

Dilthey, W. (1945). *Psicología y teoría del conocimiento*. Fondo de cultura económica.

Dresing, T., e Pehl, T. (2015). *Manual (on) Transcription: Transcription Conventions, Software Guides and Practical Hints for Qualitative Researchers*. dr. dresing et pehl GmbH.

Escaño, C. (2013). Educación Move Commons. Procomún, Cultura Libre y acción colaborativa desde una pedagogía crítica, mediática y e-visual. *Arte, Individuo y Sociedad*, 25(2), 319-336.

Escarbajal Frutos, A. (2011). Hacia la Educación Intercultural. *Pedagogia Social Revista Interuniversitaria*, 18, 131.

Escobar Roca, G., e Ronchi, P. (2012). El derecho a la cultura. En G. Escobar Roca e V. Abramovich (Eds.), *Derechos sociales y tutela antidiscriminatoria* (pp. 1179-1270). Thomson Reuters Aranzadi.

Estévez, X. (2024). O recoñecemento internacional de Galiza nación en 1933. En *Actas do Congreso Recoñecemento Internacional de Galiza Nación* (pp. 9-26). Via Galega.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

European Commission. Eurostat. (2010). *Eurostat regional yearbook 2010*. Publications Office Of the European Union.

Fals-Borda, O., e Brandão, C. R. (1986). *Investigación participativa*. Instituto del Hombre.

Fereday, J., e Muir-Cochrane, E. (2006). Demonstrating Rigor Using Thematic Analysis: A Hybrid Approach of Inductive and Deductive Coding and Theme Development. *International Journal of Qualitative Methods*, 5(1), 80-92.

Fernández Leiceaga, X. (2000). Los escenarios demográficos de Galicia y sus implicaciones económicas. 9.

Fernández Prado, E. (1991). *La política cultural: Qué es y para qué sirve*. Trea.

Fielding, N. G., e Lee, R. M. (2002). New Patterns in the Adoption and Use of Qualitative Software. *Field Methods*, 14(2), 197-216.

Finlay, L., e Gough, B. (2008). *Reflexivity: A Practical Guide for Researchers in Health and Social Sciences*. John Wiley e Sons.

Fondo das Nacions Unidas para á Infancia. (1989). *Convención sobre os dereitos do neno*.

Font, J., e Soler, P. (2015). Pedagogía social y movimientos sociales conexiones y desconexiones. La experiencia del Proyecto HEBE. En Á. De-Juanas Oliva e A. Fernández García, *Pedagogía social, universidad y sociedad* (pp. 259-266). UNED - Universidad Nacional de Educación a Distancia.

Foucault, M. (1976). *Historia de la sexualidad I. La voluntad de saber*. Siglo XXI Editores.

Foucault, M. (1982). *Las palabras y las cosas: Una arqueología de las ciencias humanas*. Siglo XXI.

Foucault, M. (1997). *La arqueología del saber*. Siglo XXI.

Fowler, F. J. (2014). *Survey Research Methods*. SAGE Publications.

Freire, P. (1965). *Educação como pratica da liberdade*. Paz e Terra.

Freire, P. (1970). *Pedagogia Da Autonomía*. Paz E Terra.

Freire, P. (1996). *A la sombra de este árbol*. Roure.

Freire, P. (1997). *Pedagogía del Oprimido* (50a. edición (14a. España)). Siglo XXI de España Editores.

Gadamer, H.-G. (2013). *Truth and Method*.

Gantt, H. L. (1919). *Organizing for Work*. Harcourt, Brace and Howe.

García Canclini, N. (1990). *Culturas híbridas: Estrategias para entrar y salir de la modernidad*. Grijalbo : Consejo Nacional para la Cultura y las Artes.

García Canclini, N. (2004). *Diferentes, desiguales y desconectados: Mapas de la interculturalidad* (1. ed). Gedisa.

García Canclini, N. (2020). *Ciudadanos reemplazados por algoritmos*. Bielefeld University Press.

Gargallo Celentani, F. (2014). *Feminismos desde Abya Yala. Ideas y proposiciones de las mujeres de 607 pueblos en nuestra América*.

Geertz, C. (1973). *The Interpretation Of Cultures*. Basic Books.

Geertz, C. (2011). *La interpretación de las culturas* (1a ed., 11a reimp). Gedisa.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Generalitat de Catalunya. (2015). *Acord nacional per a la cultura*. Generalitat de Catalunya.

Gillet, J.-C. (with Massana, F.). (2006). *La animación en la comunidad: Un modelo de animación socioeducativa*. Graó.

Giraldo, D. F. B., e Báquiro, J. C. A. (2014). La cartografía social- pedagógica: Una oportunidad para producir conocimiento y re-pensar la educación. *Itinerario Educativo*, 28(64), Article 64.

Giroux, H. A. (1990). *Los profesores como intelectuales. Hacia una pedagogía crítica del aprendizaje*. Ediciones Paidós.

Giroux, H. A. (2013). La Pedagogía crítica en tiempos oscuros. *Praxis Educativa*, XVII(1-2), 13-26.

Glaser, B. G., e Strauss, A. L. (1967). *The Discovery of Grounded Theory: Strategies for Qualitative Research*. Aldine.

Goldkuhl, G. (2012). Pragmatism vs interpretivism in qualitative information systems research. *European Journal of Information Systems*, 21(2), 135-146.

González-Monteagudo, J. (2000). El paradigma interpretativo en la investigación social y educativa: Nuevas respuestas para viejos interrogantes. *Cuestiones pedagógicas: Revista de ciencias de la educación*, 15, 227-246.

Gradaílle Pernas, R., e Montero Souto, P. (2007). O asociacionismo cultural local na vida municipal da provincia da Coruña. *Revista galega de ciencias sociais*, 6, 63-81.

Gradaílle, R., e Caballo, M. B. (2015). Las buenas prácticas como recurso para la acción comunitaria: Criterios de identificación y búsqueda. *Contextos Educativos. Revista de Educación*, 0(19), 75.

Gramsci, A. (2013). *Antología. Selección, traducción y notas de Manuel Sacristán*. Akal.

Greene, J. C. (2007). *Mixed Methods in Social Inquiry*. John Wiley e Sons.

Hasson, F., Keeney, S., e McKenna, H. (2000). Research guidelines for the Delphi survey technique. *Journal of Advanced Nursing*, 32(4), 1008-1015.

Hawkes, J. (2001). *The Fourth Pillar of Sustainability: Culture's Essential Role in Public Planning*. Common Ground.

Heckman, J. J. (1979). Sample Selection Bias as a Specification Error. *Econometrica*, 47(1), 153-161.

Hedström, P., e Ylikoski, P. (2010). Causal Mechanisms in the Social Sciences. *Annual Review of Sociology*, 36(Volume 36, 2010), 49-67.

Hernán, M. A., Hernández-Díaz, S., e Robins, J. M. (2004). A Structural Approach to Selection Bias. *Epidemiology*, 15(5), 615.

Hernández Sampieri, R., Fernández Collado, C., e Baptista Lucio, P. (2014). *Metodología de la investigación*. McGraw Hill España.

Herrero, Y. (2013). Miradas ecofeministas para transitar a un mundo justo y sostenible. *Revista de Economía Crítica*, 16, Article 16.

Herrero, Y., González Reyes, M., e Pascual, M. (2019). *La vida en el centro. Voces y relatos ecofeministas*. Libros en Acción.

Horkheimer, M., e Adorno, T. W. (2006). *Dialéctica de la Ilustración: Fragmentos filosóficos* (8. Aufl). Trotta.

Howell, D. C. (2007). *Statistical Methods for Psychology*. Thomson Wadsworth.

Hox, J. (2017). *Multilevel Analysis* (M. Moerbeek e R. van de Schoot, Eds.).

Husserl, E. (2012). *La idea de la fenomenología*. Herder Editorial.

Instituto Galego de Estatística. (2011). *Clasificación dos concellos e parroquias segundo o grao de urbanización*.

Instituto Galego de Estatística. (2016). *Grao de urbanización 2016 por concellos (GU 2016)*.

Instituto Galego de Estatística. (2019). *Conta satélite da cultura. Revisión estatística 2019*.

Instituto Galego de Estatística. (2022). *Enquisa estrutural a fogares. Módulo xeral*.

Instituto Galego de Estatística. (2023). *Cultura e lecer*.

Instituto Galego de Estatística, e Xunta de Galicia. (2024). *Análise do Sector Cultural* (Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral recollida no Programa estatístico anual 2023 da Comunidade Autónoma de Galicia). Xunta de Galicia.

Israel, B. A., Eng, E., Schulz, A. J., e Parker, E. A. (Eds.). (2012). *Methods for Community-Based Participatory Research for Health*.

Jerolmack, C., e Khan, S. (2014). Talk is cheap: Ethnography and the attitudinal fallacy. *Sociological Methods e Research*, 43(2), 178-209.

Johnson, R. B., e Onwuegbuzie, A. J. (2004). Mixed methods research: A research paradigm whose time has come. *Educational Researcher*, 33(7), 14-26.

9. Desde o seu punto de vista, que define e diferenza o seu posto laboral doutros traballos vencellados a cultura (dentro ou fóra das administracións publicas)?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10. En base a todo o anterior, que formación académica e/ou competencias considera que debería ter un profesional municipal da cultura?

Bloque III. Contextos rurais vs. urbanos.

11. En relación co seu posto de traballo, cree vostede que existen diferenzas entre as labores que se desempeñan os profesionais da acción cultural municipal nos contextos rurais e urbanos. Pode indicalas?

12. En relación á cuestión anterior, cre vostede que a denominación e as funcións do posto deben ser as mesmas independentemente do contexto? Por que?

13. En que espazos e/ou equipamentos se desenvolve a oferta cultural municipal? Considera que son os adecuados?

14. Cal é o presuposto anual para a área de cultura? Considera que é suficiente? De onde provén, fundamentalmente, a financiación?

Bloque IV. Relación coa comunidade / cidadanía / axentes culturais municipais.

15. Establece algún tipo de coordinación con outros axentes/técnicos do seu municipio?

16. Que relación profesional/contacto mantén vostede con outros axentes culturais do seu municipio (tales como asociacións)?

17. Que relación profesional mantén vostede coa cidadanía do seu concello? (Traballa vostede de xeito directo coa cidadanía da súa contorna?/ Relación do seu posto de traballo directo coa cidadanía

18. Establece algún tipo de coordinación con outros técnicos de cultura doutros municipios?

19. En relación a oferta cultural municipal, a súa proposta deséñase de xeito ascendente (parte da vontade cidadá) ou descendente (parte da vontade política)?

20. Existe algún estudo ou análise de necesidades e/ou demandas da cidadanía en clave cultural?

21. A oferta cultural municipal depende principalmente de recursos endóxenos culturais presentes na comunidade, ou de elementos externos tales como circuítos culturais?

22. A cidadanía participa na oferta cultural municipal? De que xeito?

23. Quen implementa e desenvolve a oferta cultural municipal?

Bloque V. Animación *vs.* xestión

24. Desenvolve principalmente funcións vencelladas á animación sociocultural ou a xestión cultural?

25. Correspondese este modelo co que vostede desexa implementar ou cree que é o que máis se adecúa ao seu contexto?

26. Cree vostede que é unha cuestión homoxénea en toda Galicia?

27. Considera vostede que as profesionais da cultura municipal teñen unha visión unitaria con respecto a esta cuestión?

Bloque VII. Influencia política (municipal, provincial, autonómica e estatal) / Relación do posto coas administracións/sesgo político

28. Considera que a Xunta de Galicia, a Deputación, así como a Concellería do municipio no que vostede desenvolve a súa labor, inflúe ou condiciona a súa praxe profesional?

29. Dende as administracións públicas existen planificacións estratéxicas e políticas culturais homoxéneas?

30. Ao seu parecer están ben definidas?

31. Considera que houbo mudanzas de criterio segundo o sesgo político?

Bloque VI. Relación con outros profesionais da cultura.

32. Considera que o colectivo profesional está cohesionado e ten unha perspectiva unitaria, obxectivos e horizontes comúns ao redor da profesión?

33. Considera que a profesión está polarizada ou dividida?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

34. Que opina da labor que desempeñan entidades como a Asociación de Xestoras Culturais de Galicia ou o Grupo de Traballo de ASC do Ceesg?

Bloque VIII. Problemáticas e prospectiva.

35. Ao seu parecer, cales son os principais problemas que ten a profesión no caso de existir?

36. Qué solucións proporía?

37. Que pasos sería necesario dar para mellorar a profesión?

38. Cal é a súa opinión respecto da falta de regularización de competencias, salarios, denominacións e funcións na profesión?

Bloque IX. Orixe da profesión.

39. Cales son, ao seu parecer, os fitos máis importantes vencellados a esta profesión?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ANEXO V. MODELO DE ENTREVISTA DIRIXIDO A ENTIDADES DO SECTOR

Entrevista a Entidades

Datos de Identificación da persoa a entrevistar

Nome

Cargo na entidade

Tempo no cargo

Bloque 1. Orixe

1. En que consiste esta entidade?
2. Cando xorde esta entidade? De que xeito o fai, e a que e debido / que o motiva?

Bloque 2. Afiliacións

3. Que profesionais conforman dita entidade?
4. Esta entidade esta afiliada ou garda algún tipo de relación con algunha outra entidade e/ou institución?
5. De ser o caso, a que se debe esta afiliación?
6. Considera que dita afiliación pode supor un prexuízo de cara a participación do colectivo profesional?
7. De ser o caso, séntese apoiado por parte das entidades ou institucións as cales estan afiliados
8. A súa e unha entidade única na súa tipoloxía, ou coñece se existen entidades similares no territorio galego (e/ou fora deste)?

Bloque 3. Labores que desenvolve a Entidade

9. Que labores desenvolven dende esta entidade?
10. Cales son historicamente os principais fitos desenvolvidos ou acadados pola entidade?
11. Podería describir as labores de formación e difusión que fan dende a entidade, así como a quen vai dirixida?

Bloque 4. Posicionamento da Entidade con respecto a Acción Cultural Municipal

12. Que posicionamento ten a súa entidade con respecto a realidade das profesionais municipais con responsabilidade en cultura?
13. Cal consideran que é a orixe desta profesión?
14. Sufriu a profesión cambios nos últimos anos? De ser o caso, indique de quen dependeron así como se concorda con estes
15. Que características definitorias ten esta profesión?
16. Dende o parecer da súa entidade, que denominación, funcións e perfil contractual deberían ter estas profesionais? Concorda isto coa realidade?
17. Dende a sua entidade, dispoñen de datos con respecto a representación da profesión no territorio galego?
18. Que papel teñen a Xunta de Galicia, as Deputacións, os concellos e/ou outras entidades na configuración desta profesión?
19. Que entenden dende a súa entidade por Animación Sociocultural e a Xestión Cultural?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

20. Cal destes modelos deberían desenvolver os profesionais da acción cultural nos concellos galegos dende o parecer da súa entidade?

Bloque 5. Posicionamento da Entidade con respecto a formación dos profesionais

21. Que perfil formativo consideran dende a súa entidade que deberían posuír as profesionais municipais con responsabilidade en cultura?
22. Que posicionamento e/ou relación teñen dende a súa entidade cos graos en Educación Social / Xestión Cultural e o Curso de Experta Universitario en Xestión Cultural en relación a acción cultural municipal?
23. Considera que esta é un posicionamento homoxéneo entre todas as profesionais, entidades, administracións e institucións universitarias que teñen relación con esta profesión?
24. Exercen ou exerceron dende a súa entidade algún tipo de presión/vinculo coas Universidades galegas ou outras administracións publicas para o recoñecemento da profesión nalgún destes títulos
25. Debe esta profesión ter un carácter educativo e/ou sociocomunitario?

Bloque 6. Relación entre a Acción Cultural Municipal e a Cidadanía

26. Que relación ten esta profesión coa cidadanía?
27. Que relación ten a súa entidade coa cidadanía?
28. De que xeito a cidadanía participa na toma de decisións con respecto a cultura municipal?
29. Considera que termos xerais a cidadanía e consumidora ou polo contrario participa na creación cultural no seu contexto municipal? Esta de acordo con que isto sexa así?
30. Considera que existe unha mercantilización da cultura?
31. Existen diferenzas entre a acción cultural municipal en función da tipoloxía dos contextos (rurais ou urbanos)?

Bloque 7. Relación entre os profesionais da Acción Cultural Municipal

32. Dende a súa entidade, consideran que os profesionais da acción cultural municipal teñen unha visión unitaria ao redor destas cuestións? Considera que o colectivo esta divido de algún xeito?

Bloque 8. Cuestións transfronteirizas

33. Desenvolven labores coordinadas en clave de cultura con outras entidades e/ou administracións da rexión norte de Portugal?
34. Desenvolven dende esta administración accións/políticas específicas de cara a promoción de Industrias Culturais galegas e portuguesas?
35. Consideran que e posible e necesario un modelo cultural municipal que conflúa en toda a Eurorrexión de cara a promoción e optimización de recursos?
36. Fomentan dende esta entidade labores coordinadas para a promoción do turismo cultural en toda a Eurorrexión?

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ANEXO VI. MODELO DE ENTREVISTA DIRIXIDO A INSTITUCIÓNS POLÍTICAS

Entrevista a Administracións

Datos de Identificación da persoa a entrevistar

Nome

Administración

Cargo na administración

Tempo no cargo

Descrición xeral da entidade

1. Esta entidade depende política ou administrativamente de algunha institución?
2. Cal é a labor e/ou funcións xerais que desempeña esta entidade?
3. Cal é a labor e/ou funcións que desempeña vostede nesta entidade?
4. Cantos profesionais hai traballando para esta entidade, que formación teñen e que funcións desenvolven?
5. Que presuposto adica esta administración en termos xerais a cultura?
6. Dende esta administración consideran que teñen liñas estratéxicas claras e ben definidas con respecto a cultura en clave municipal?
7. Considera que estas liñas se respectan por igual en cada concello?
8. Garda relación esta administración con algunha outra entidade ou administración vencellada a cultura?

Labor específica da entidade en clave municipal

9. Que labores e/ou funcións especificas desempeña esta administración en clave municipal?
10. Que presuposto adica esta administración en termos xerais a cultura en clave municipal?
11. Dende esta administración, consideran que debe haber persoal municipal específico en todos os concellos de Galicia para desenvolver funcións vencelladas a cultura?
12. Dende o seu parecer, que denominación, funcións, categoría profesional, remuneración e formación debe ter un profesional da cultura nos concellos galegos? Concorda isto coa realidade?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

13. Sufriu a profesión cambios nos últimos anos? De ser o caso, indique de quen dependeron así como se concorda con estes

14. Consideran dende esta administración que os propios profesionais da cultura municipal teñen unha visión unitaria con respecto a estas cuestións?

15. Dende a súa administración, elaboraron algún tipo de estudo para coñecer cal e a realidade da cultura e os seus profesionais nas administracións municipais?

16. No caso de elaborar dito estudo, tomaron algunha medida ou practica como resultado deste?

17. Desenvolven ou desenvolveron dende esta administración formación e/ou algún tipo de apoio aos profesionais municipais?

18. Que percepción consideran dende esta entidade que teñen os profesionais con respecto a esta administración?

19. Que papel teñen a Xunta de Galicia, as Deputacións, os concellos e/ou outras entidades na configuración desta profesión?

20. Que entenden dende a súa entidade por Animación Sociocultural e a Xestión Cultural?

21. Cal destes modelos deberían desenvolver os profesionais da acción cultural nos concellos galegos dende o parecer da súa entidade?

22. Considera que todo isto que acabamos de comentar é unha situación homoxénea en toda Galicia, ou se dan cambios en función da provincia ou concello?

Contextos rurais urbanos

23. Adican dende esta administración os mesmos fondos e recursos indistintamente da tipoloxía do concello (rurais-urbanos)?

24. Consideran que a labor que desenvolven as administracións municipais en clave cultural debe ser a mesma indistintamente da tipoloxía do contexto? En caso afirmativo, considera que isto e así?

Relación coa cidadanía

25. Ata que punto teñen coñecemento dende esta administración das labores que desenvolven os profesionais da cultura municipal nos seus respectivos concellos?

26. Dende o seu parecer, que relación debería existir entre a cidadanía e as administracións municipais en clave cultural?

27. Dende a opinión desta administración, de que xeito pode ou debe participar a cidadanía en clave cultural nos contextos municipais?

Cuestións en clave trasfronteiriza

28. Desenvolven labores coordinadas en clave de cultura con outras entidades e/ou administracións da rexión norte de Portugal?
29. Desenvolven dende esta administración accións/políticas específicas de cara a promoción de Industrias Culturais galegas e portuguesas?
30. Consideran que e posible e necesario un modelo cultural municipal que conflúa en toda a Eurorrexión de cara a promoción e optimización de recursos?
31. Fomentan dende esta entidade labores coordinadas para a promoción do turismo cultural en toda a Eurorrexión?

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ANEXO VII. MODELO DE INSTRUMENTO DE VALIDACIÓN DA ENQUISA

Instrumento para a validación do Cuestionario e a Técnica Delphi

Bloque I. Identificación

1. Nome da persoa experta:
2. Cargo:
3. Institución:
4. Tipo de experta:
   - Experta en metodolóxica
   - Experta na temática do estudo
   - Experta profesional
5. Data de validación:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bloque II. Cuestionario

Apartado I. Avaliación Cuantitativa

Por favor, valore os ítems presentando a continuación tomando como consideración os seguintes valores:

1. Totalmente en desacordo.
2. Parcialmente en desacordo.
3. Nin en acordo nin en desacordo.
4. Parcialmente de acordo.
5. Totalmente de acordo.

Se o desexa, pode engadir calquera observación no caso de consideralo oportuno.

Instrución de pregunta: ***Marque cunha "x" a opción que corresponda***

Items de valoración	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**	**Observacións**
O instrumento presenta coherencia coa temática do estudo						
As preguntas do cuestionario son adecuadas en relación aos obxectivos previamente establecidos						
O instrumento esta ben deseñado						
O instrumento presenta coherencia metodolóxica						
O cuestionario esta debidamente estruturado e secuenciado						
O número de preguntas é axeitado						
As cuestións están redactadas dun xeito claro e comprensible						
O tipo de respostas axústanse debidamente as preguntas formuladas						
A extensión do cuestionario é pertinente						
As preguntas respóndense con facilidade						

Apartado II. Avaliación cualitativa

Por favor, conteste na medida do posible as seguintes cuestións facendo todas as consideracións que considere pertinentes.

1. En termos xerais, cal é a valoración global que fai do cuestionario?

2. No caso de que existan, cales considera vostede que son os elementos que se deberían engadir, modificar e/ou suprimir neste cuestionario?

3. Considera vostede que este instrumento é pertinente para poder dar resposta aos obxectivos de investigación previamente definidos?

4. Para acadar unha maior harmonía na estrutura do cuestionario, optouse porque todas as preguntas esteen formuladas como interrogantes indirectos. Considera que isto pode limitar a comprensión ou non concordar de todo con algunhas opcións de resposta (fundamentalmente naquelas que teñen como únicas opcións "si" e "non")?

5. Por favor, engada calquera comentario ou consideración que considere pertinente para a mellora do instrumento, así como da súa futura implementación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bloque III. Delphi (Fase I)

Apartado I. Avaliación Cuantitativa

Por favor, valore os ítems presentando a continuación tomando como consideración os seguintes valores:

1. Totalmente en desacordo.
2. Parcialmente en desacordo.
3. Nin en acordo nin en desacordo.
4. Parcialmente de acordo.
5. Totalmente de acordo.

Se o desexa, pode engadir calquera observación no caso de consideralo oportuno.

Instrución de pregunta: ***Marque cunha "x" a opción que corresponda***

Items de valoración	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**	**Observacións**
O instrumento presenta coherencia coa temática do estudo						
As preguntas son adecuadas en relación aos obxectivos previamente establecidos						
O instrumento esta ben deseñado						
O instrumento presenta coherencia metodolóxica						
A Delphi esta debidamente estruturada e secuenciada						
O número de preguntas é axeitado						
As cuestións están redactadas dun xeito claro e comprensible						
A extensión da Delphi é pertinente						
As preguntas respóndense con facilidade						

Apartado II. Avaliación cualitativa

Por favor, conteste na medida do posible as seguintes cuestións facendo todas as consideracións que considere pertinentes.

1. En termos xerais, cal é a valoración global que fai do instrumento?

2. No caso de que existan, cales considera vostede que son os elementos que se deberían engadir, modificar e/ou suprimir neste instrumento?

3. Considera vostede que este instrumento é pertinente para poder dar resposta aos obxectivos de investigación previamente definidos?

4. Por favor, engada calquera comentario ou consideración que considere pertinente para a mellora do instrumento, así como da súa futura implementación.

Bloque IV. Cuestións conxuntas

1. Cal considera vostede o formato mais óptimo para que respondan aos instrumentos todas aquelas profesionais que o reciban?

Aclaración: Estableceuse mediante vía telefónica contacto con todas as profesionais as cales se lle vai facer chegar os instrumentos. Malia indicarse que este se lles faría chegar a través de correo electrónico, moitas das profesionais indicaron que debido a extensión preferían que se lles facilitase un documento editable o cal puidesen responder ao longo dos días, mentres que outras mostraron como medio preferente un formulario dixital no cal responder directamente.

2. Que estratexia considera que se debería seguir para obter na medida do posible un maior numero de respostas así como unha fidelización no tempo por parte das profesionais?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ANEXO VIII. DISTRIBUCIÓN DOS MODEOS DE XESTIÓN NAS COMARCAS DE GALICIA

Táboa 135. Distribución porcentual dos modelos de xestión cultural por comarcas na provincia da Coruña

Provincia	Total concellos	Xestión técnica (%)	Xestión dende a concellería (%)	Xestión dende a alcaldía (%)	Sen contacto (%)
A CORUÑA	93	85,0%	4,3%	1,1%	9,7%

Comarca	Total concellos	Xestión técnica (%)	Xestión dende a concellería (%)	Xestión dende a alcaldía (%)	Sen contacto (%)
Ortegal	4	75,0%	25,0%	0,0%	0,0%
Ferrol	11	90,9%	0,0%	0,0%	9,1%
Eume	5	60,0%	0,0%	20,0%	20,0%
Betanzos	10	90,0%	10,0%	0,0%	0,0%
A Coruña	9	77,8%	0,0%	0,0%	22,2%
Bergantiños	7	85,7%	0,0%	0,0%	14,3%
Terra de Soneira	3	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Fisterra	5	60,0%	40,0%	0,0%	0,0%
Muros	2	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Xallas	2	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Barcala	2	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Ordes	7	85,7%	0,0%	0,0%	14,3%
Terra de Melide	4	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Arzúa	4	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Noia	4	75,0%	0,0%	0,0%	25,0%
Barbanza	4	75,0%	0,0%	0,0%	25,0%
Sar	3	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Santiago	7	85,7%	0,0%	0,0%	14,3%

Fonte. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 136. Distribución porcentual dos modelos de xestión cultural por comarcas na provincia de Lugo

Comarca	Total concellos	Xestión técnica (%)	Xestión dende a concellería (%)	Xestión dende a alcaldía (%)	Sen contacto (%)
LUGO	67	38,8%	25,4%	22,4%	13,4%

Comarca	Total concellos	Xestión técnica (%)	Xestión dende a concellería (%)	Xestión dende a alcaldía (%)	Sen contacto (%)
Fonsagrada	3	66,7%	33,3%	0,0%	0,0%
Mariña Central	6	66,7%	33,3%	0,0%	0,0%
Mariña Occidental	5	60,0%	20,0%	0,0%	20,0%
Mariña Oriental	4	25,0%	50,0%	25,0%	0,0%
Ulloa	3	33,3%	33,3%	0,0%	33,3%
Chantada	3	66,7%	33,3%	0,0%	0,0%
Lugo	8	37,5%	12,5%	25,0%	25,0%
Meira	4	25,0%	25,0%	50,0%	0,0%
Ancares	6	16,7%	33,3%	50,0%	0,0%
Quiroga	3	33,3%	66,7%	0,0%	0,0%
Sarria	7	28,6%	0,0%	71,4%	0,0%
Terra Chá	9	33,3%	22,2%	22,2%	22,2%
Terra de Lemos	6	33,3%	16,7%	0,0%	50,0%

Fonte. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 137. Distribución porcentual dos modelos de xestión cultural por comarcas na provincia de Ourense

Provincia	Total concellos	Xestión técnica (%)	Xestión dende a concellería (%)	Xestión dende a alcaldía (%)	Sen contacto (%)
OURENSE	92	27,2%	28,3%	42,4%	2,2%

Comarca	Total concellos	Xestión técnica (%)	Xestión dende a concellería (%)	Xestión dende a alcaldía (%)	Sen contacto (%)
Limia	11	18,2%	9,1%	72,7%	0,0%
Allariz-Maceda	6	50,0%	33,3%	16,7%	0,0%
Baixa Limia	5	40,0%	40,0%	20,0%	0,0%
Carballiño	9	33,3%	22,2%	44,4%	0,0%
Ribeiro	10	30,0%	40,0%	30,0%	0,0%
Ourense	12	25,0%	41,7%	25,0%	8,3%
Terra de Caldelas	4	50,0%	0,0%	25,0%	25,0%
Terra de Celanova	10	20,0%	40,0%	40,0%	0,0%
Terra de Trives	4	50,0%	25,0%	25,0%	0,0%
Valdeorras	9	22,2%	33,3%	44,4%	0,0%
Verín	8	12,5%	12,5%	75,0%	0,0%
Viana	4	0,0%	25,0%	75,0%	0,0%

Fonte. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 138. Distribución porcentual dos modelos de xestión cultural por comarcas na provincia de Pontevedra

Provincia	Total concellos	Xestión técnica (%)	Xestión dende a concellería (%)	Xestión dende a alcaldía (%)	Sen contacto (%)
PONTEVEDRA	61	55,7%	23,0%	9,8%	11,5%

Comarca	Total concellos	Xestión técnica (%)	Xestión dende a concellería (%)	Xestión dende a alcaldía (%)	Sen contacto (%)
Paradanta	4	25,0%	50,0%	25,0%	0,0%
Caldas	7	71,4%	14,3%	0,0%	14,3%
Deza	6	33,3%	0,0%	66,7%	0,0%
Baixo Miño	5	80,0%	20,0%	0,0%	0,0%
Condado	5	60,0%	40,0%	0,0%	0,0%
Morrazo	4	25,0%	25,0%	0,0%	50,0%
Salnés	9	55,5%	22,2%	0,0%	22,2%
Pontevedra	8	62,5%	25,0%	0,0%	12,5%
Tabeirós-Terra de Montes	2	50,0%	0,0%	50,0%	0,0%
Vigo	11	63,6%	27,3%	0,0%	9,1%

Fonte. Elaboración propia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ANEXO IX. CAPÍTULO 1. AS POLÍTICAS CULTURAIS DENDE O SÉCULO XX. DA ORIXE Á PROSPECTIVA SOCIOEDUCATIVA (GALEGO)

CAPÍTULO 1. AS POLÍTICAS CULTURAIS DENDE O SÉCULO XX. DA ORIXE Á PROSPECTIVA SOCIOEDUCATIVA

Este capítulo ten como obxectivo proporcionar unha análise das Políticas Culturais, para comprender a formación, desenvolvemento e evolución das sociedades ao longo do tempo. O capítulo estrutúrase en tres apartados principais que facilitan unha comprensión integral do tema. Así, no primeiro, trátase de identificar e analizar os conceptos clave que axudan a definir que se entende por "Políticas Culturais" desde unha perspectiva axiolóxica, ontolóxica e epistemolóxica. A tal fin, afondarase na conceptualización dos termos "política" e "cultura", que serán analizadas desde unha perspectiva académica e científica dende as Ciencias da Educación e, máis concretamente, desde a Pedagoxía Social. En relación ao termo "cultura", cómpre dicir que tamén se realizará unha análise en clave de dereitos, examinando a súa presenza en diversos tratados internacionais e en documentos de referencia.

No segundo apartado, realizarase unha revisión histórica das diferentes políticas culturais europeas, explorando a súa orixe, desenvolvemento e evolución, tomando como referencia as directrices marcadas e definidas por diferentes Estados e Institucións –fundamentalmente supranacionais–, que deben ser consideradas xunto aos seus textos chave.

No último apartado, realizarase un achegamento á historia das políticas culturais do Estado español e a influencia que tiveron nas políticas culturais de Institucións Superiores; proporcionando unha visión máis próxima e relevante para este estudo.

En síntese, este capítulo permitirá unha visión completa, integral e multifacética das políticas culturais, favorecendo a súa conceptualización desde a evolución histórica ate a súa aplicación práctica no contexto obxecto de estudo.

1.1 O BINOMIO POLÍTICA(S) E CULTURA(S): CONCEPTOS E ORIENTACIÓNS BÁSICAS NA CONSTRUCIÓN DO TERMO POLÍTICAS CULTURAIS

Á hora de falar de políticas culturais, ineludiblemente alúdese aos conceptos de política e cultura. A política –ou políticas– e a cultura –ou culturas– son dous termos interconectados nas que se establece unha relación complexa e bidireccional, cunha notable incidencia no desenvolvemento, deseño e implementación de políticas culturais; sendo a cultura o fundamento e o propósito das políticas, mentres que a política establece o marco legal e institucional para a súa execución.

As políticas culturais son, en parte, unha manifestación da interacción entre a política e a cultura, e constitúen o resultado dun proceso de negociación e consenso entre diferentes actores sociais e políticos que buscan promover e protexer a diversidade cultural así como garantir o acceso á cultura para toda a cidadanía. Ademais, as políticas culturais son unha ferramenta para a promoción da identidade cultural, a cohesión social e o desenvolvemento económico.

USC DE COMPOSTELA

Neste contexto, a política –segundo unha visión reducionista do concepto– refírese ao conxunto de decisións e accións levadas a cabo por institucións públicas para alcanzar determinados obxectivos; unhas decisións guiadas por valores, principios e intereses, froito dun proceso de negociación e consenso entre os distintos actores sociais e políticos. Por tanto, a política proporciona o marco para a implementación e execución das políticas culturais.

Por outro lado, a cultura alude ao conxunto de prácticas, crenzas, valores, normas e símbolos que caracterizan a un grupo ou sociedade; e constitúe un elemento fundamental da identidade individual e colectiva, desempeñando un papel esencial na formación e consolidación das sociedades, ademais de ser un motor para o desenvolvemento económico e social, e un medio para a promoción da diversidade e o diálogo intercultural. Neste sentido, as políticas culturais son unha expresión da vontade política e cidadá para promover –e protexer– a diversidade cultural, garantir o acceso á cultura para toda a cidadanía, impulsar a identidade cultural, a cohesión social e o diálogo intercultural.

A tal fin, para conceptualizar as políticas culturais, resulta imprescindible entender que son a(s) política(s) e a cultura(s), así como o seu grao de recoñecemento institucional. En definitiva, son un reflexo da interacción entre a política e a cultura; isto é, unha manifestación do desexo de construír unha sociedade máis diversa, inclusiva, equitativa e próspera.

1.1.1 A Política. Unha practica cívica na construción das sociedades e dos cidadáns

A política é un concepto complexo e multidimensional que impregna diversos aspectos da vida humana en sociedade, que se abordou desde diferentes disciplinas, das que destacan as Ciencias Sociais ou a Pedagoxía Social. Neste contexto, diversos autores propuxeron definicións que contribúen a unha comprensión máis profunda e matizada deste fenómeno.

Deste xeito, Ander-Egg (1991) enfatiza o carácter teleolóxico da política, concibíndoa como un conxunto de decisións guiadas por principios reitores e orientadas cara á consecución de obxectivos específicos no ámbito dos asuntos públicos. Pola súa parte, Trilla (1993) destaca o carácter pragmático da política, subliñando a importancia da factibilidade e a viabilidade das accións e decisións políticas. Nesta liña, Úcar (2019) indica que a política implica a toma de decisións e a implementación de accións para resolver problemas colectivos e promover o ben común.

Desde unha óptica institucional, Pérez Sérrano (2003) pon de relevo o papel central do Estado na política, definíndoa como a actividade humana orientada a gobernar ou dirixir a acción estatal en beneficio da sociedade. En consonancia con esta perspectiva, Gillet (2006) considera a política como un proceso de toma de decisións aplicado á xestión dos asuntos públicos. Pola súa parte, Pérez de Guzmán e Terrón Caro (2022) enfatizan na dimensión ética da política, ao concibila como unha actividade orientada a promover o ben común, o que implica un proceso de toma de decisións baseadas en valores e principios compartidos. A este respecto, Caride (2005) introduce unha dimensión proxectiva na concepción da política, entendéndoa como un proxecto de organización e dirección da sociedade que aspira a ser recoñecido pola maioría dos cidadáns; unha concepción que destaca a necesidade de lexitimación da política por parte da cidadanía. Neste sentido, Gradaílle e Caballo (2015) apuntan que a política debe ser un exercicio de construción colectiva baseado na participación activa da cidadanía e na procura do ben común.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A partir destas contribucións, é posible construír unha definición integradora de política que recolla as principais dimensións e características, definíndoa como un conxunto de decisións e accións tomadas no ámbito público, a fin de dirixir e organizar a sociedade cara ao logro de obxectivos compartidos. Tal e como se vén expoñendo, trátase dun proceso complexo e multidimensional que implica a participación de diversos actores sociais, a xestión de recursos e a resolución de conflitos, procurando o beneficio e benestar colectivo e fundamentándose en principios e valores lexitimados pola maioría dos cidadáns; ademais, o carácter pragmático –orientado á factibilidade e viabilidade das accións– e proxectivo, serven para deseñar futuros para a sociedade.

Neste sentido, a política eríxese como un elemento central na construción e o desenvolvemento das sociedades democráticas, polo que o seu estudo resulta fundamental para a formación de cidadáns críticos, participativos e comprometidos; tal e como ten defendido Violeta Núñez (2003) ao expresar que a educación política debe contribuír á formación de suxeitos capaces de analizar criticamente a realidade, tomar decisións informadas e participar activamente na construción dunha sociedade máis xusta e democrática. Así, desde a Educación e a Pedagoxía Social, téñense desenvolvido diversos enfoques e estratexias para promover unha educación política que fomente a participación, o diálogo e a construción colectiva de alternativas que permitan afrontar os desafíos do noso tempo.

A política revélase, por tanto, como un campo de estudo e acción interdisciplinaria na que conflúen saberes e prácticas que proveñen da educación, a socioloxía, a antropoloxía, a economía e o dereito, entre outras disciplinas; unha confluencia de miradas que posibilita unha comprensión máis rica e complexa, capaz de dar conta das múltiples dimensións e implicacións para a vida social.

En síntese, a política é un concepto central para comprender a organización e o funcionamento das sociedades humanas; polo que o estudo desde diferentes disciplinas –como a Educación e a Pedagoxía Social– contribúe a unha comprensión máis profunda das súas características, funcións e desafíos. As definicións dos autores mencionados ofrecen unha mirada plural e complementaria sobre este fenómeno, convidando a reflexionar sobre o seu papel na construción de sociedades máis xustas, democráticas e participativas.

1.1.2 Da política as políticas. Mais que a evolución do singular ao plural

A diferenza entre o concepto de política e políticas é fundamental para comprender a organización e o funcionamento das sociedades. Segundo Ander-Egg (2003), a política refírese á toma de decisións que se adoptan para dirixir os asuntos públicos dunha sociedade; mentres que as políticas son as accións concretas desenvolvidas para alcanzar os obxectivos establecidos pola política. Esta distinción permite comprender como se constrúen e implementan as estratexias de intervención social desde a perspectiva da pedagoxía social.

Como sinala Trilla (1997), a política constitúe o marco xeral que orienta as accións dun goberno, establecendo os principios, valores e obxectivos que guiarán a toma de decisións; mentres que as políticas son os programas e proxectos específicos que se deseñan para abordar problemas concretos e alcanzar as metas fixadas pola política. Neste sentido, Pérez-Sérrano (2007) afirma que as políticas representan a materialización da política, pois constitúen as ferramentas a través das cales se concretan os ideais e as aspiracións establecidas no plano político.

Gillet (2006) destaca que as políticas públicas e –en particular– as políticas educativas, sociais e culturais, son un instrumento esencial para a construción dunha sociedade máis xusta, equitativa e inclusiva; pois teñen como finalidade garantir o benestar e a calidade de vida da cidadanía, promovendo o desenvolvemento integral das persoas e impulsando a cohesión social. Neste contexto, Caride (2005) sinala que a pedagoxía social encárgase de estudar e intervir nas realidades socioeducativas, contribuíndo ao deseño, implementación e avaliación de políticas públicas desde unha perspectiva crítica e transformadora; de tal modo que é unha disciplina científica e unha práctica educativa que se ocupa da Educación Social, abordando problemas e necesidades sociais desde unha perspectiva educativa. Dende esta disciplina, podemos identificar tres tipoloxías de políticas concretas –xunto coas interrelacións entre estas–: as educativas, as sociais e as culturais.

As políticas educativas son o conxunto de decisións e accións que toman os gobernos e as administracións públicas para regular e orientar o sistema educativo. A este respecto, Marchioni (1999) indica que estas políticas establecen os obxectivos, contidos, métodos e recursos da educación, así como os dereitos e deberes dos diferentes actores educativos. Ademais, o autor subliña que as políticas educativas teñen unha gran influencia na calidade e equidade da educación, e deben ser deseñadas e implementadas considerando os principios e valores democráticos, e as necesidades e demandas da sociedade.

Pola súa banda, as políticas sociais son as intervencións públicas que teñen como finalidade promover o benestar e a calidade de vida da cidadanía, especialmente dos colectivos máis vulnerables ou desfavorecidos. Pérez Sérrano (2007) afirma que abranguen diferentes ámbitos, como a saúde, a vivenda, o emprego, a protección social, a inclusión social, etc., tratando de garantir os dereitos sociais e reducir as desigualdades, a pobreza e a exclusión social, mediante a provisión de servizos, prestacións e programas que respondan ás necesidades específicas dos diferentes grupos sociais.


Por último, as políticas culturais son as accións públicas que teñen como obxectivo impulsar o desenvolvemento cultural dunha sociedade, entendendo a cultura como un dereito fundamental para o benestar individual e colectivo. A este respecto, Pose-Porto (2006) manifesta que as políticas culturais abranguen a protección e a promoción do patrimonio cultural, o apoio á creación e á difusión artística, o fomento da participación cultural, o diálogo intercultural, etc.; ao tempo que afirma que deben garantir o acceso e a participación cultural de todas as persoas, especialmente daquelas que se atopan en situación de risco, vulnerabilidade e/ou exclusión, ademais de promover unha cultura democrática baseada na diversidade, o respecto e a convivencia.

A relación entre a pedagoxía social e as políticas educativas, sociais e culturais é multidimensional; pois, como indica Pérez de Guzmán (1998), a pedagoxía social nutre e fundamenta a construción destas políticas, achegando coñecementos, metodoloxías e estratexias de intervención baseadas na investigación e na práctica socioeducativa. Por outro lado, Gradaílle e Caballo (2015) indican que as políticas educativas, sociais e culturais constitúen o marco normativo e institucional no que se desenvolve a acción socioeducativa; unhas políticas que, á súa vez, establecen as prioridades, os recursos e os mecanismos de coordinación e colaboración entre os diferentes axentes e institucións que interveñen no campo social e educativo. Neste sentido, as autoras expresan que a pedagoxía social debe traballar en estreita colaboración coas administracións públicas e outros actores sociais para promover políticas que favorezan a inclusión, a equidade e a xustiza social. De aí que os pedagogos e as pedagogas sociais –como profesionais especializados na acción social e educativa– teñen a

USC DE COMPOSTELA

capacidade de identificar necesidades, diagnosticar problemas e propoñer solucións innovadoras e pertinentes para abordar os desafíos sociais. Esta complexa rede de interaccións entre a pedagoxía social e as diferentes tipoloxías de políticas públicas pode visualizarse mediante a seguinte representación gráfica, que ilustra os espazos de confluencia e as zonas de intersección entre os distintos ámbitos de intervención:

Figura 46. Interrelacións sistémicas entre a Pedagoxía Social e as dimensións educativa, social e cultural das políticas públicas



Fonte. Elaboración propia.

Como se observa no diagrama anterior, a interdependencia entre a pedagoxía social e as políticas educativas, sociais e culturais radica no feito de que a educación –entendida nun sentido amplo–, é unha ferramenta clave para a transformación social e a construción dunha cidadanía activa e crítica. Úcar e Llena (2006) destacan que a pedagoxía social achega unha perspectiva educativa aos problemas sociais, favorecendo o empoderamento das persoas e as comunidades para que sexan protagonistas do seu propio desenvolvemento; polo que, necesariamente, han de establecerse as condicións e os recursos necesarios para que a acción socioeducativa poida desenvolverse de maneira efectiva e sustentable. Unha pedagoxía social que, segundo Caride (2005) promove o deseño de políticas públicas orientadas á construción dunha cidadanía activa, crítica e comprometida co ben común, ao fortalecemento de procesos educativos e sociais que facilitan a adquisición de coñecementos, habilidades e valores para participar de maneira efectiva na vida pública exercendo os dereitos e responsabilidades como cidadáns. Por tanto, as políticas educativas han de garantir o acceso a unha educación de calidade ao longo de toda a vida para todas as persoas, como un dereito fundamental e coma unha ferramenta para a transformación social. Unhas ideas compartidas por Marchioni (1999) cando expresa que as políticas sociais deben promover a inclusión, a equidade e a xustiza, abordando as causas estruturais das desigualdades e a exclusión social; o que require do deseño e implementación de programas e servizos que respondan –desde unha perspectiva integral e intersectorial– ás necesidades específicas dos diferentes colectivos e territorios, achegando unha mirada holística e contextualizada á intervención social.

No ámbito das políticas culturais, Pose-Porto (2006) ten expresado que a pedagoxía social promove o recoñecemento e a valorización da diversidade cultural, o diálogo intercultural e a convivencia democrática; condicións necesarias para o desenvolvemento de políticas que fomenten o acceso e a participación cultural de todas as persoas, especialmente das máis vulnerables. Unhas políticas culturais orientadas á construción dunha identidade colectiva baseada nos valores democráticos, no respecto aos dereitos humanos e na solidariedade.

En definitiva, a política e as políticas –pese a estar estreitamente relacionadas– constitúen dous niveis diferenciados da acción pública; pois a primeira establece o marco xeral que orienta as accións dun goberno, mentres que a segunda se identifica coas accións concretas para alcanzar os obxectivos establecidos pola política. Así, mentres que as políticas educativas, sociais e culturais son fundamentais para garantir o benestar e a calidade de vida da cidadanía, a pedagoxía social resulta clave para o deseño, implementación e avaliación destas iniciativas desde unha perspectiva crítica, participativa e transformadora; porén, a colaboración entre a pedagoxía social e as políticas públicas é esencial para lograr sociedades máis xustas, equitativas e democráticas.

1.1.3 Cultura. Da conceptualización etnolóxica as expresións culturais contemporáneas

A noción de cultura foi un concepto amplamente estudado e debatido en diversas disciplinas, especialmente no ámbito da Etnoloxía. A súa orixe etimolóxica remóntase ao termo latino cultura, que facía referencia ao coidado da terra; non obstante, non foi ata o século XVIII cando adquiriu a súa connotación figurada e académica, vinculada ás ideas de progreso e educación propias da Francia ilustrada. Neste contexto, a cultura comezou a entenderse como sinónimo de educación e, posteriormente, como o conxunto de saberes acumulados e transmitidos pola humanidade, estreitamente relacionado co concepto de civilización (Cuche, 2010).

Paralelamente, na Alemaña da época xurdiu –con similares connotacións– o termo "kultur", aínda que co paso do tempo ambos termos acabarían confrontados. A partir do século XIX, diversos autores pertencentes aos campos da Etnoloxía e a Socioloxía, como Tylor, Boas, Durkheim e Lévy-Bruhl, esforzáronse por crear un concepto científico de cultura; no que continuaron traballando diferentes académicos da Antropoloxía, entre os que destacan Malinowski, Benedict, Mead, Linton, Kardiner e Lévi-Strauss (Cuche, 2010). Desde esta perspectiva, a cultura enténdese como un conxunto de valores, costumes e activos compartidos e identificativos dun grupo ou sociedade concreta, que conforman unha cosmovisión que permite comprender e interpretar o mundo, transmitíndose a través das diferentes xeracións (Caballo et al., 1997)

Máis aló da perspectiva etnolóxica, a cultura tamén pode interpretarse como un proceso dinámico de creación e participación, que alude á manifestación de diferentes expresións artísticas; mais tamén configúrase como un proceso dinámico e continuo de xeración, transformación e transmisión de coñecementos e valores artísticos, que se desenvolve a través da interacción e participación activa entre os individuos e os grupos sociais nun entorno de proximidade (García Canclini, 2004).

Neste sentido, a cultura desempeña un papel fundamental no ámbito educativo, xa que proporciona o marco de referencia e os recursos simbólicos que permiten aos individuos desenvolverse plenamente e participar activamente no seu contorno social (Freire, 1970). A este respecto, é importante salientar que a cultura é un concepto universalmente estendido –aínda

que materializado de formas diferentes– a todos os seres humanos (Caride e Trillo, 2010). Así, cada sociedade –froito da súa historia– desenvolve a súa propia cultura, as interaccións e a adaptación á contorna, promovendo unha diversidade cultural que enriquece á humanidade no seu conxunto e que non debe entenderse como unha mera coexistencia de culturas illadas, senón como un diálogo constante e unha oportunidade para o intercambio e o enriquecemento mutuo (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, 2001).

En síntese, o concepto de cultura evolucionou ao longo do tempo desde a conceptualización etnolóxica ata a comprensión como proceso dinámico de creación, participación e educación. A cultura non só constitúe un conxunto de elementos compartidos por un grupo social, senón que desempeña un papel fundamental no desenvolvemento individual e colectivo, proporcionando un marco de referencia e uns recursos simbólicos necesarios para a vida en sociedade; de aí que o seu estudo e comprensión –desde unha perspectiva ampla e multidisciplinar– resulten esenciais para apreciar a súa complexidade e a importancia na experiencia humana.

1.1.4 As perspectivas universalistas, particularistas, adaptativas, simbólicas e dinámicas da cultura.

O concepto de cultura ten sido obxecto dun intenso debate no ámbito científico, especialmente no que respecta á terminoloxía e interpretación no referido ao singular ou plural. A falta de consenso entre as diferentes correntes que tentaron homoxeneizar un concepto base que evidencia a complexidade e a diversidade inherentes á noción de cultura (Cuche, 2010); non obstante, é posible distinguir entre os conceptos de "cultura" e "culturas", que aluden a niveis de análise diferenciados e teñen implicacións significativas para a comprensión deste fenómeno multidimensional.

Cando se interpreta a cultura como un conxunto ou sistema de crenzas, valores, normas, símbolos e prácticas que definen e/ou caracterizan en termos xerais a un determinado grupo social nun contexto específico, faise referencia a un concepto amplo e xeral. Neste sentido, a cultura aplícase ás características compartidas dunha sociedade ou grupo, proporcionando un marco de referencia común que guía o comportamento, as interaccións e a visión que teñen do mundo os seus membros. Esta perspectiva universalista da cultura enfatiza os elementos e os patróns xerais que subxacen ás diversas manifestacións culturais, destacando a súa función integradora e cohesionadora.

Por outra banda, cando se alude ás "culturas", faise referencia ás distintas expresións que caracterizan os diferentes contextos e/ou sociedades; unha perspectiva particularista que recoñece a diversidade e a especificidade das manifestacións culturais, destacando as singularidades dos diversos grupos sociais. Así, as culturas –entendidas como expresións concretas e contextualizadas da cultura– varían en función do contexto histórico, socio-xeográfico, económico, político e das propias realidades heteroxéneas das persoas (Caballo et al., 1997; Caride e Trillo, 2010); unha visión plural que permite apreciar a riqueza e a diversidade das formas en que os seres humanos constrúen e dan sentido ás súas vidas desde unha perspectiva cultural.

Ademais do enfoque universalista, cómpre considerar a cultura como unha estratexia para os seres humanos máis que como unha esencia que os define e os guía de maneira determinista. Neste sentido, a cultura pode ser entendida como un conxunto de recursos, coñecementos, habilidades e ferramentas que os individuos e os grupos utilizan para adaptarse ao seu entorno,

resolver problemas, satisfacer as súas necesidades e dar sentido ás súas experiencias. Desta visión dinámica e funcional da cultura destaca o carácter adaptativo e a capacidade para evolucionar e transformarse para dar resposta ás cambiantes circunstancias históricas, sociais e ambientais; polo que a cultura ha de entenderse como un proceso continuo de creación, negociación e reconstrución, no que os individuos e os grupos participan activamente. É por isto que as culturas están suxeitas a procesos de intercambio, mestizaxe, hibridación e transformación, a medida que as persoas e os grupos interactúan e comparten experiencias, adaptándose a novas realidades (García Canclini, 1990). Esta perspectiva dinámica da cultura evidencia a súa natureza fluída e permeable, así como a capacidade para incorporar novos elementos e xerar diversas formas de expresión cultural.

Tamén é preciso considerar a dimensión simbólica, pois a través da linguaxe, a arte, os rituais, os mitos e outras formas de expresión simbólica, as persoas constrúen significados, símbolos e interpretacións das diferentes realidades, dotándoas de sentido e guiando as propias accións (Geertz, 2011). Esta dimensión simbólica da cultura sirve para comprender como os individuos e os grupos interpretan e significan a súa realidade, explicando as súas influencias no comportamento e nas relacións sociais.

Mais aló das perspectivas mencionadas anteriormente, a cultura tamén ha de ser entendida como un proceso de creación e desenvolvemento sociocomunitario, pois non se refire exclusivamente ás expresións e prácticas existentes, senón á capacidade das persoas e das comunidades para crear e transformar a realidade cultural máis próxima. Por tanto, a cultura configúrase como un espazo para a participación, a creatividade e a innovación, a fin de implicar activamente na construción e reconstrución das formas de vida, valores e identidades das persoas e as comunidades (Freire, 1997). Convértese, por tanto, nunha ferramenta para o empoderamento e o desenvolvemento sociocomunitario, xa que permite tomar conciencia da realidade, identificar as necesidades e potencialidades, ademais de traballar colectivamente para xerar cambios positivos no seu entorno. A través destes procesos culturais participativos e colaborativos, as comunidades fortalecen os seus lazos sociais, desenvolven capacidades e habilidades, e constrúen proxectos comúns orientados ao benestar e á transformación social (Ander-Egg, 1984).

En síntese, a cultura é un concepto amplo, dinámico e multidimensional que abrangue unha variedade de expresións, prácticas e significados que son fundamentais para a conformación da súa identidade, o funcionamento e a adaptación das sociedades humanas. A distinción entre os conceptos de "cultura" e "culturas" permite recoñecer os elementos –comúns e universais– que subxacen ás diferentes manifestacións culturais; ao tempo que constitúe unha estratexia adaptativa e un proceso fluído, dinámico, permeable e interactivo, con carácter funcional para evolucionar e transformarse. A súa dimensión simbólica tamén é esencial para comprender os significados que as persoas atribúen ás súas experiencias e accións; de aí que comprender a cultura require dunha aproximación holística, contextualizada e dinámica que considere a complexidade, diversidade e relevancia para o desenvolvemento humano e social.

1.1.5 A Cultura como dereito. Achegas dende os tratados internacionais, a lexislación estatal española e da nación histórica de Galicia.

O recoñecemento da cultura como un dereito fundamental constitúe un fito no desenvolvemento dos dereitos humanos a nivel internacional e nacional (Escobar Roca e Ronchi, 2012). Este

apartado explora en profundidade as principais contribucións dos tratados internacionais e a lexislación estatal na consagración do dereito á cultura, destacando a súa relevancia para garantir o acceso e a participación de todas as persoas na vida cultural; ao tempo que se analizan os desafíos e as oportunidades do seu exercicio no contexto actual.

No ámbito internacional, a Organización das Nacións Unidas (ONU) desempeñou un papel crucial na promoción do dereito á cultura. Na Carta Fundacional da ONU de 1945 alúdese a el en múltiples ocasións, recoñecéndoo como un dereito fundamental; non obstante, sería na Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) de 1948 cando –de maneira explícita– se recoñece o dereito á cultura nos artigos 22 e 27. Así, o artigo 22 establece que "toda persoa, como membro da sociedade, ten dereito á seguridade social, e a obter, mediante o esforzo nacional e a cooperación internacional, habida conta da organización e os recursos de cada Estado, a satisfacción dos dereitos económicos, sociais e culturais, indispensables á súa dignidade e ao libre desenvolvemento da súa personalidade" (Organización das Nacións Unidas, 1948); mentres que no artigo 27 afírmase que "toda persoa ten dereito a tomar parte libremente na vida cultural da comunidade, a gozar das artes e a participar no progreso científico e nos beneficios que del resulten" (Organización das Nacións Unidas, 1948). Uns artigos que sentan as bases para o recoñecemento da cultura como un dereito fundamental, vinculado á dignidade humana e ao libre desenvolvemento da personalidade.

Os tratados internacionais promovidos posteriormente pola ONU afondaron no seu recoñecemento e desenvolvemento. Así, o Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (PIDESC) de 1966, recoñece –no seu artigo 15– o dereito de toda persoa a participar na vida cultural, gozar dos beneficios do progreso científico e das súas aplicacións, e beneficiarse da protección dos intereses morais e materiais que lle correspondan por razón das producións científicas, literarias ou artísticas das que sexa autora (Organización das Nacións Unidas, 1966); un artigo que reforza seu o alcance ao destacar a importancia da participación activa na vida cultural e a protección dos dereitos de autoría (Escobar Roca e Ronchi, 2012). Por outra parte, o Pacto Internacional dos Dereitos Civís e Políticos (PIDCP) do mesmo ano, establece –nos artigos 1 e 27– o dereito dos pobos á libre determinación e o dereito das minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas a ter a súa propia vida cultural, a profesar e practicar a unha relixión propia así como empregar un idioma particular (Organización das Nacións Unidas, 1966); o que evidencia a dimensión colectiva do dereito á cultura e a necesidade de protexer a diversidade cultural.

Ademais destes, outros tratados internacionais abordaron aspectos específicos do dereito á cultura. No artigo 5 da Convención Internacional sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación Racial (CIEFDR) de 1965, alúdese á obriga dos Estados Partes a prohibir e eliminar a discriminación racial en todas as súas formas ademais de garantir o dereito de toda persoa á igualdade ante a lei, nomeadamente no goce do dereito a participar –en condicións de igualdade– nas actividades culturais (Organización das Nacións Unidas, 1965). A Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación Contra a Muller (CETFDCM) de 1979, insta –no artigo 13– a adoptar todas as medidas necesarias para eliminar a discriminación contra a muller en todas as esferas da vida económica e social co fin de asegurar os mesmos dereitos en condicións de igualdade entre homes e mulleres, en particular o dereito a participar en actividades de esparcemento, deportes e en todos os aspectos da vida cultural (Organización das Nacións Unidas, 1979).

A Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) de 1989, tamén recoñece o dereito do neno á educación, encamiñada a inculcar ao neno o respecto da súa propia identidade cultural

USC DE COMPOSTELA

(artigos 29 e 31), do seu idioma e dos seus valores, e o dereito do neno ao descanso e o esparcemento, ao xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e a participar libremente na vida cultural e nas artes (Fondo Internacional de Emerxencia das Nacións Unidas para á Infancia, 1989). A Convención sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais (CPPDEC) da UNESCO de 2005 (artigo 2), reafirma o dereito dos Estados a formular e aplicar as súas políticas culturais e a adoptar as medidas oportunas para protexer e promover a diversidade das expresións culturais (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, 2005). A Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO de 2003 recoñece a importancia deste patrimonio como garante da diversidade cultural e a súa contribución ao desenvolvemento sostible, instando aos Estados a identificar e protexer este patrimonio presente nos seus territorios (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, 2003). Pola súa parte, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (CIDPD) de 2006, recoñece o dereito destas persoas (artigo 30) a participar na vida cultural en igualdade de condicións, ademais de obrigar aos Estados Parte a adoptar as medidas que permiten asegurar a accesibilidade á cultura en todas as súas manifestacións (televisión, teatro, actividades culturais, museos, cines, bibliotecas, servizos turísticos, etc.) (Organización das Nacións Unidas, 2006). A Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Pobos Indíxenas (DNUDPI) de 2007 tamén dedica varios artigos aos dereitos culturais, recoñecendo a necesidade de revitalizar as tradicións e costumes culturais, así como a manter e protexer os seus lugares arqueolóxicos e históricos, a utilizar e controlar os seus obxectos de culto, e a recuperar os bens culturais (Organización das Nacións Unidas, 2007). Estes tratados internacionais poñen de manifesto a importancia de garantir o dereito á cultura para todos, con especial atención ás minorías étnicas, ás mulleres, aos nenos, ás persoas con discapacidade e aos pobos indíxenas, que enfrontan maiores obstáculos para o seu exercicio. Ademais, destácase a necesidade de protexer e promover a diversidade cultural como un valor intrínseco das sociedades (Escobar Roca e Ronchi, 2012).

No marco rexional europeo, o Consello de Europa promoveu varios instrumentos que consagran o dereito á cultura. Así, o Convenio Europeo de Dereitos Humanos (CEDH) de 1950, aínda que non recoñece explicitamente este dereito, si protexe os dereitos de liberdade de expresión (artigo 10), de reunión e de asociación (artigo 11) ademais da prohibición da discriminación (artigo 14) (Conseil de l'Europe, 1950); mentres que o Convenio Cultural Europeo (CCE) de 1954, nos seus artigos 1 e 2, destaca a importancia de fomentar o estudo e o intercambio cultural entre os Estados membros, así como de facilitar a circulación e o intercambio de persoas e obxectos de valor cultural (Conseil de l'Europe, 1954). A Carta Social Europea (CSE) que data de 1961, recoñece o dereito de toda persoa que careza de recursos suficientes a recibir asistencia social e médica (artigo 13), mentres que o artigo 14 establece o dereito a beneficiarse de servizos de benestar social (Conseil de l'Europe, 1961). Aínda que non se alude de maneira explícita á cultura, estes artigos serven de fundamento para o recoñecemento dos dereitos sociais, estreitamente vinculados ao exercicio efectivo do dereito á cultura. O Convenio Marco para a Protección das Minorías Nacionais (CMPMN) de 1995, obriga ás Partes (artigo 5) a promover as condicións necesarias para que as minorías nacionais poidan desenvolver a súa cultura, así como preservar os elementos esenciais da súa identidade: relixión, lingua, tradicións e patrimonio cultural (Conseil de l'Europe, 1995).

Outros tratados europeos abordan aspectos específicos relacionados co dereito á cultura, como o Convenio Europeo sobre a Protección do Patrimonio Arqueolóxico (CEPPA) de 1969, que obriga ás Partes a adoptar medidas para a protección do patrimonio arqueolóxico (Conseil

de l'Europe, 1969); o Convenio para a Salvagarda do Patrimonio Arquitectónico de Europa (CSPAE) de 1985, que insta a adoptar políticas de conservación integrada do patrimonio arquitectónico (Conseil de l'Europe, 1985); e a Convención Europea sobre a Coprodución Cinematográfica (CECC) de 1992, que busca promover a coprodución cinematográfica europea e fomentar a circulación de películas europeas (Conseil de l'Europe, 1992). A Convención sobre a Protección do Patrimonio Audiovisual Europeo de 2001, ten por obxecto garantir a protección do patrimonio audiovisual europeo e a súa apreciación como unha forma de arte e un testemuño da historia da sociedade europea (Conseil de l'Europe, 2001). E a Convención sobre o Valor do Patrimonio Cultural para a Sociedade (Convención de Faro) de 2005, que recoñece a necesidade de involucrar na sociedade a todas as persoas no proceso continuo de definición e xestión do patrimonio cultural, e insta aos Estados a fomentar procesos participativos de valorización do patrimonio cultural (Conseil de l'Europe, 2005)

No ámbito iberoamericano, a Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI) aprobou en 2006 a Carta Cultural Iberoamericana, que concibe a cultura como un dereito humano fundamental e destaca a obriga dos Estados de implementar políticas que promovan a inclusión e a cohesión social, a diversidade cultural e os dereitos das poboacións indíxenas e os grupos en situación de discriminación (Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura, 2006).

Pola súa banda, a Carta Africana sobre os Dereitos Humanos e dos Pobos –adoptada pola Organización da Unidade Africana (actual Unión Africana) en 1981– establece no artigo 17 que todo individuo pode participar libremente na vida cultural da súa comunidade e os Estados teñen o deber de promocionar e protexer a moral e os valores tradicionais recoñecidos pola comunidade (Organización para a Unidade Africana, 1981). Ademais, a Carta da Renacencia Cultural Africana –adoptada pola Unión Africana no ano 2006– destaca a importancia da cultura para o desenvolvemento sostible e a integración do continente, e chama aos Estados africanos a ratificar as cartas e convencións internacionais relativas á cultura así como a integrar os obxectivos e principios destas nos seus ordenamentos xurídicos nacionais (Unión Africana, 2006).

No ámbito da Unión Europea, aínda que non se recoñece de maneira explícita o dereito á cultura nos tratados constitutivos, si se alude a ela. Así, no Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), establece no artigo 167 que a Unión contribuirá ao florecemento das culturas dos Estados membros, dentro do respecto da súa diversidade nacional e rexional, poñendo de relevo o patrimonio cultural común (Unión Europea, 2012). Ademais, o artigo 22 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (CDFUE) afirma que a Unión respecta a diversidade cultural, relixiosa e lingüística (Unión Europea, 2000). Aínda que non se trata dun recoñecemento explícito do dereito á cultura, estes artigos revelan a importancia que a Unión Europea outorga á protección e promoción da diversidade cultural; uns tratados e documentos internacionais que complementan e reforzan o recoñecemento do dereito á cultura recollido nas declaracións e informes de ámbito universal da Organización das Nacións Unidas e as súas axencias especializadas, como a UNESCO. Todos eles configuran un amplo marco normativo internacional que consagra a cultura como un dereito humano fundamental e insta aos Estados a adoptar as medidas necesarias para garantir o acceso e participación de todas as persoas na vida cultural, protexer e promover a diversidade cultural, e salvagardar o patrimonio cultural nas súas diversas manifestacións.

USC DE COMPOSTELA

No contexto do estado español, a Constitución de 1978 consagra o dereito á cultura como un dereito fundamental. Así, no artigo 44.1 establécese que "os poderes públicos promoverán e

tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito" (Cortes Generales, 1978). Un artigo que recoñece o dereito de todas as persoas a acceder e participar na vida cultural, ao tempo que obriga aos poderes públicos a promover e garantir o seu exercicio (Escobar Roca e Ronchi, 2012). Ademais, o concepto de cultura menciónase directa ou indirectamente noutros artigos da Constitución; de tal modo que no Preámbulo afírmase a vontade da nación española de "promover o progreso da cultura e da economía para asegurar a todos unha digna calidade de vida". No artigo 3.3 indícase que "a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección", mentres que no artigo 9.2 alúdese á obriga dos poderes públicos para que as condicións de liberdade e igualdade no seu exercicio sexan reais e efectivas para todas as persoas, removendo os obstáculos que impiden –ou dificultan– a súa plena realización na vida política, económica, cultural e social. Do mesmo xeito, o artigo 25.2 recoñece o dereito dos condenados a penas de prisión a acceder á cultura e ao desenvolvemento integral da súa personalidade. Tamén, o artigo 27.2 establece que a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais. O artigo 46 da Constitución española tamén obriga aos poderes públicos a garantir e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran. Na mesma liña, o artigo 48 establece que o Estado deberá promover as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural do país; uns artigos que evidencian a importancia que a Constitución española outorga á cultura, reafirmándoa como un dereito fundamental e un elemento esencial para o desenvolvemento persoal e social.

O modelo de descentralización competencial do estado español outorga ás comunidades autónomas (CC.AA.) un papel fundamental na promoción e protección da cultura. O artigo 148.1.17 da Constitución establece que as CC.AA. poderán asumir competencias en materia de fomento da cultura, da investigación e –no seu caso– do ensino da propia lingua. Ademais, o artigo 149.2 afirma –sen prexuízo das competencias que poderán asumir as referidas Comunidades– que o Estado considerará o servizo da cultura coma un deber e unha atribución esencial para facilitar a comunicación cultural entre as devanditas CC.AA. (Cortes Generales, 1978).

No caso de Galicia, o Estatuto de Autonomía –aprobado mediante a Lei Orgánica 1/1981– recolle a competencia en materia de cultura no artigo 4.2 ao afirmar que lle corresponde “ós poderes públicos de Galicia promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación do tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social". Así mesmo, no artigo 5.3 establece que "a lingua propia de Galicia é o galego" e potenciarase o seu uso en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, dispoñendo dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Na mesma liña, o artigo 27.19 recoñece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de "fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución". Un artigo que se ve referendado no 32, que establece que lle "corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego"; así como o 35.3 que recoñece a competencia da Comunidade Autónoma para a execución da lexislación do Estado en materia de "museos, arquivos e bibliotecas de titularidade estatal, a xestión dos cales non se reserve o Estado" (Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, 1981). Uns artigos que atribúen a competencia e responsabilidade dos poderes públicos autonómicos na promoción e protección da cultura galega, na potenciación do uso do

galego en todos os ámbitos da vida pública e cultural, así como na defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Ademais, o Estatuto de Autonomía recoñece a competencia para a xestión de museos, arquivos e bibliotecas de titularidade estatal radicados en Galicia, sempre que o Estado non se reserve a súa xestión directa.

A lexislación autonómica galega desenvolveu e concretou as competencias en materia de cultura recoñecidas no referido Estatuto, aprobándose a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión a xeracións futuras (Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, 2016); do mesmo xeito que a Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia (Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia, 2021). Pola súa parte, a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, establece entre os seus obxectivos a protección e valorización do patrimonio cultural, fomentando a utilización sostible, a conservación e rehabilitación(Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, 2021). Estas leis –xunto con outras normas sectoriais– conforman o marco normativo autonómico en materia de cultura, desenvolvendo e concretando as competencias recoñecidas no Estatuto de Autonomía; tal e como queda recollido na táboa-resumo 1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 139. Principais tratados ou textos lexislativos internacionais, europeos, españois e galegos que recollen o concepto de "cultura" como dereito

INSTITUCIÓN	TRATADO	ANO	ARTIGO(S) RELEVANTE(S)	CONTIDO EN CLAVE CULTURAL
ONU	DUDH	1948	Art. 22 e 27	Recoñece o dereito á satisfacción dos dereitos económicos, sociais e culturais, e o dereito a participar na vida cultural da comunidade.
	CIEFDR	1965	Art. 5	Prohibe a discriminación racial e garantir a igualdade no goce do dereito a participar nas actividades culturais.
	PIDESC	1966	Art. 15	Recoñece o dereito a participar na vida cultural, gozar dos beneficios do progreso científico e beneficiarse da protección dos intereses morais e materiais derivados da autoría.
	PIDCP	1966	Art. 1 e 27	Recoñece o dereito dos pobos á libre determinación e o dereito das minorías a ter a súa propia vida cultural, relixión e idioma.
	CETFDCM	1979	Art. 13	Insta a eliminar a discriminación contra a muller e asegurar a igualdade no dereito a participar na vida cultural.
	CDN	1989	Art. 29 e 31	Recoñece o dereito do neno á educación que inculque o respecto da súa identidade cultural e o dereito a participar na vida cultural e nas artes.
	CIDPD	2006	Art. 30	Recoñece o dereito das persoas con discapacidade a participar na vida cultural e obriga a asegurar o acceso a actividades e espazos culturais.
	DNUDPI	2007	Varios artigos	Recoñece o dereito dos pobos indíxenas a practicar e revitalizar as súas tradicións e costumes culturais, manter e protexer os seus lugares arqueolóxicos e históricos, e recuperar os seus bens culturais.
UNESCO	Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial	2003	-	Recoñece a importancia do patrimonio cultural inmaterial como garante da diversidade cultural e a súa contribución ao desenvolvemento sostible.
	CPPDEC	2005	Art. 2	Reafirma o dereito soberano dos Estados a formular e aplicar políticas culturais e adoptar medidas para protexer a diversidade cultural.

CONSELLO DE EUROPA	CEDH	1950	Art. 10, 11 e 14	Protexe dereitos relacionados coa cultura, como a liberdade de expresión, reunión, asociación e prohibición da discriminación.
	CCE	1954	Art. 1 e 2	Destaca a importancia de fomentar o estudo, intercambio e circulación cultural entre os Estados membros.
	CSE	1961	Art. 13 e 14	Recoñece o dereito a recibir asistencia social e médica e beneficiarse de servizos de benestar social, senta bases para dereitos sociais vinculados á cultura.
	CEPPA	1969	-	Obriga a adoptar medidas para a protección do patrimonio arqueolóxico.
	CSPAE	1985	-	Insta a adoptar políticas de conservación integrada do patrimonio arquitectónico.
	CECC	1992	-	Busca promover a coprodución cinematográfica europea e fomentar a circulación de películas europeas.
	CMPMN	1995	Art. 5	Obriga a promover as condicións para que as minorías manteñan e desenvolvan a súa cultura e preserven a súa identidade.
	Convención sobre a Protección do Patrimonio Audiovisual Europeo	2001	-	Garante a protección do patrimonio audiovisual europeo e a súa apreciación como unha forma de arte e testemuño da historia da sociedade europea.
	Convención de Faro	2005	-	Recoñece a necesidade de involucrar a todos na sociedade na definición e xestión do patrimonio cultural, e insta a fomentar procesos participativos.
OEI	Carta Cultural Iberoamericana	2006	-	Concibe a cultura como un dereito humano fundamental e destaca a obriga dos Estados de implementar políticas que promovan a inclusión, cohesión social e diversidade cultural.
OUA/UA	Carta Africana sobre os Dereitos Humanos e dos Pobos	1981	Art. 17	Establece que todo individuo pode participar libremente na vida cultural da súa comunidade e que a promoción e protección da moral e dos valores tradicionais é un deber do Estado.
	Carta da Renacencia Cultural Africana	2006	-	Destaca a importancia da cultura para o desenvolvemento sostible e a integración do continente, e chama aos Estados a ratificar as convencións culturais internacionais.
UE	TFUE	2012	Art. 167	Establece que a UE contribuirá ao florecemento das culturas dos Estados membros, respectando a súa diversidade e poñendo de relevo o patrimonio cultural común.
	CDFUE	2000	Art. 22	Afirma que a UE respecta a diversidade cultural, relixiosa e lingüística.

ESPAÑA	Constitución española	1978	Art. 3.3, 9.2, 25.2, 27.2, 44.1, 46, 48, 148.1.17, 149.2	Consagra o dereito á cultura como un dereito fundamental, obriga aos poderes públicos a promover e tutelar o acceso á cultura, e establece a distribución competencial en materia cultural.
GALICIA	Estatuto de Autonomía de Galicia	1981	Art. 4.2, 5.3, 27.19, 32, 35.3	Recoñece a competencia autonómica en materia de cultura, destaca a responsabilidade dos poderes públicos na promoción da cultura galega e a defensa dos valores culturais do pobo galego.
	Lei 5/2016	2016	-	Ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia.
	Lei 7/2021	2021	-	Regula o Sistema Galego de Museos e outros centros museísticos, garantindo a protección e promoción do patrimonio cultural custodiado.
	Lei 1/2021	2021	-	Establece entre os seus obxectivos a protección e valorización do patrimonio cultural, fomentando a súa utilización sostible e conservación.

Fonte. Elaboración propia.

A pesar do recoñecemento do dereito á cultura nos tratados internacionais e na lexislación estatal e autonómica, a aplicación efectiva enfronta diversos desafíos como a falta de concreción do contido e alcance deste dereito, o que dificulta a esixibilidade e xusticiabilidade (Escobar Roca e Ronchi, 2012); pois en moitos casos non se especifican as medidas concretas que deben adoptarse para garantir o seu pleno exercicio.

Ademais, a falta de recursos limita a promoción e protección da cultura; xa que, en numerosas ocasións, as políticas culturais non se consideran prioritarias na asignación de recursos públicos, o que pode cercenar a capacidade dos poderes públicos para adoptar medidas axeitadas para o fomento e protección da cultura. A isto engádese a crise económica e as políticas de austeridade aplicadas nos últimos anos en moitos países, reducindo os orzamentos destinados ás políticas culturais e poñendo en risco a sustentabilidade de moitas iniciativas culturais. A isto engádese a falta de participación cidadá na toma de decisións sobre políticas culturais que, en moitos casos, son deseñadas e implementadas sen considerar as necesidades e demandas da cidadanía, polo que non contan co seu apoio e implicación. Ademais, a globalización e a dixitalización presentan retos para a promoción da diversidade cultural, xa que a crecente homoxeneización cultural supón un risco para a supervivencia de culturas minorizadas e tradicións locais; ao tempo que a dixitalización transforma os modos de produción, distribución e consumo cultural, requirindo adaptacións aos novos escenarios sociais e contextuais.

Con todo, tamén comportan oportunidades para avanzar na aplicación do dereito á cultura; xa que o desenvolvemento de indicadores e estándares internacionais axuda a concretar o seu contido e alcance (Escobar Roca e Ronchi, 2012). Así, o fortalecemento dos mecanismos de cooperación internacional mobilizará recursos, axudará a compartir boas prácticas para a promoción e protección da cultura, e fomentará a participación cidadá no proceso de toma de decisións sobre políticas culturais; uns factores que facilitarán o deseño de políticas máis inclusivas, representativas e participativas. O recoñecemento da cultura como un dereito fundamental constitúe un avance significativo no referido a garantir o acceso e a participación na vida cultural de todas as persoas, así como a necesidade de protexer a diversidade e dereitos culturais dos grupos minoritarios.

En definitiva, o dereito á cultura constitúe un piar esencial para o desenvolvemento humano e a cohesión social. A súa promoción e protección require dun compromiso sostido por parte dos poderes públicos, así como da participación activa da cidadanía na vida cultura; só así será posible construír sociedades máis inclusivas, diversas e democráticas, nas que todas as persoas –independentemente da súa condición– poidan gozar plenamente dos dereitos culturais.

1.1.6 Políticas Culturais. Un constructo mais ala que unha suma de conceptos.

Unha vez explicado o significado da(s) política(s) e cultura(s) profundarase no concepto de políticas culturais, que buscan fomentar e protexer a cultura en todas as súas formas (Caride, 2005; Caride e Meira, 2000). Así, constitúen un ámbito fundamental para a xestión e regulación da cultura, abarcando aspectos clave como a identidade, a diversidade, o patrimonio, as artes, a educación e a participación cidadá. Como sinala Ander-Egg (1984), estas políticas emerxen como un conxunto de liñas, directrices, estratexias e accións implementadas polos gobernos e outras organizacións para preservar, promover e desenvolver as manifestacións culturais dunha determinada sociedade.

Unha das súas principais funcións é garantir o acceso equitativo á cultura para toda a poboación, independentemente da súa condición socioeconómica (Ander-Egg, 1992); un feito que implica a democratización da cultura para facilitar o acceso universal a bens e servizos culturais de forma inclusiva e non discriminatoria, eliminando barreiras económicas, xeográficas e/ou sociais. Neste sentido, desempeñan un papel determinante na loita contra a exclusión cultural e a fenda entre clases sociais no acceso á cultura (Zallo, 2017).

Ademais, buscan fomentar a creación artística e a expresión cultural, recoñecendo o valor da creatividade e a liberdade de expresión como elementos fundamentais para o desenvolvemento humano (Trilla, 2011). Unha circunstancia que implica o apoio e financiamento á produción artística e cultural a través de subvencións, bolsas, residencias e outros programas que promovan a creación e difusión das artes (Bonet, 1999). Outro piar fundamental no que se asentan é a preservación do patrimonio cultural material e inmaterial, salvagardando os bens culturais que conforman a identidade e a memoria colectiva; o que require de políticas de inventariado, catalogación, restauración e posta en valor do patrimonio histórico-artístico, arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico dunha sociedade (Rausell Köster et al., 2007), ademais da protección das tradicións, expresións orais, artes escénicas, coñecementos e técnicas tradicionais que constitúen o patrimonio inmaterial.

En base a estas argumentacións, as políticas culturais tamén desempeñan un papel esencial na construción de identidades colectivas e na promoción do diálogo intercultural; pois contribúen a recoñecer e valorar a diversidade cultural, fomentando unha educación intercultural que respecte o pluralismo e ao diálogo entre culturas (Rius-Ulldemolins e Rubio, 2016), a convivencia pacífica, a cohesión social e a integración harmónica das distintas comunidades (Caride, 2016). Asemade, teñen un impacto significativo no ámbito socioeducativo, xa que inflúen na formación de valores, actitudes e habilidades dos individuos e das comunidades; xa que fomenta o pensamento crítico, a creatividade, a estética e a comprensión intercultural (Quintana, 1993), contribuíndo ao desenvolvemento integral dos cidadáns e á formación de públicos informados e críticos (Ariño, 2010).

Neste sentido, as políticas culturais actúan como ferramentas para a animación sociocultural porque facilitan a participación cidadá en actividades culturais e a creación de espazos de encontro e intercambio comunitario (Gillet, 2006), nos que se promove a aprendizaxe e o enriquecemento mutuo entre os diferentes grupos sociais e culturais, fortalecendo os lazos comunitarios e fomentando a convivencia (Pérez-Sérrano e Pérez de Guzmán, 2023). Porén, as políticas culturais han de adaptarse ao contexto local, ás necesidades e ás características sociais, económicas e culturais de cada comunidade (Pose-Porto, 2006); un feito que require un coñecemento profundo das realidades territoriais e unha participación activa da cidadanía para a implementación de políticas pertinentes e sustentables (Pérez-Sérrano e Sarrate, 2013). De aí a necesidade de integrar mecanismos de consulta e participación cidadá, como consellos culturais, foros públicos, procesos de avaliación participativa, entre outros, que –ademais de considerar as demandas e necesidades das diferentes comunidades e grupos sociais– fomenten o respecto á diversidade e eviten a homoxeneización de modelos culturais (Cuenca Cabeza, 2011). Tamén é preciso considerar o financiamento e a asignación de recursos para a implementación efectiva das políticas culturais; xa que implica a dotación de orzamentos adecuados para o desenvolvemento de programas, infraestruturas e servizos culturais, así como a procura de fontes de financiamento diversificadas, como patrocinios privados, contribucións da sociedade civil e cooperación internacional (Úcar, 1997).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nesta lóxica considérase necesaria a súa articulación con outras políticas públicas relacionadas coa educación, o desenvolvemento urbano, o turismo e o medio ambiente, a fin de maximizar o seu impacto e contribuír a un desenvolvemento máis integral e sustentable das sociedades. Neste sentido, requírese dunha coordinación interinstitucional e intersectorial que permita garantir a coherencia e a eficacia das diferentes intervencións (Caride, 2016).

En síntese, as políticas culturais configúranse como instrumentos esenciais para promover a diversidade cultural, o acceso equitativo á cultura, a creación artística, a preservación do patrimonio e a cohesión social; pois contribúen ao desenvolvemento sustentable das sociedades, fortalecendo a identidade colectiva, o diálogo intercultural e a formación integral da cidadanía. Unas políticas que han de converterse nun piar fundamental para o progreso social, educativo e humano; de aí a necesidade de deseñalas e implementalas de forma contextualizada, participativa e interdisciplinar, para lexitimar a súa pertinencia, sustentabilidade e impacto positivo nas diferentes comunidades.

1.2 A COSMOVISIÓN DAS POLÍTICAS CULTURAIS NOS CONTEXTOS EUROPEOS. PERCORRIDO HISTÓRICO DUN (CASE) SÉCULO.

O presente apartado pretende realizar unha revisión global da orixe, historia e evolución das políticas culturais europeas, identificando os inicios así como os eventos, contextos e institucións que resultaron clave no seu desenvolvemento, ademais de indagar a súa incidencia no contexto galego contemporáneo; o que axudará a detectar os principais paradigmas e modelos de políticas culturais nos que se fundamentan. Cómpre salientar que a decisión de tomar como referente a historia europea débese exclusivamente á contextualización do ámbito de estudo. Así, e pese a que no contexto europeo a intervención da política no ámbito da cultura non é un fenómeno recente –pois remóntase ao Século das Luces–, para interpretar as políticas culturais como unha forma activa de vontade política dependente das administracións públicas, é necesario centrar a atención nunha época histórica máis contemporánea. Así, os modelos de políticas culturais vixentes teñen a súa orixe a mediados do século XX, froito da crise e posterior colapso da sociedade occidental derivado das dúas grandes Guerras Mundiais e as consecuentes transformacións políticas e sociais (Úcar, 1992).

Se ben é certo que determinados contextos territoriais, sociais e políticos condicionaron a súa expansión de xeito proporcional (Négrier, 2007), non pode negarse a influencia xeral que supuxeron distintas entidades supranacionais (como o Consello de Europa ou a UNESCO) ou diferentes territorios (principalmente o Estado francés) no contexto europeo. Aínda que resulta complexo construír un discurso coherente que integre as diversas realidades contextuais das políticas culturais sen solapar cuestións clave, adoptouse como criterio a evolución temporal (fronte á construción do discurso por territorios ou entidades), pois a exposición resultaba máis clara. Deste xeito, a análise das políticas culturais europeas abarcará dende os anos 40 do século XX –tras os cambios derivados da Segunda Guerra Mundial– ata a primeira década do presente século.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.2.1 Década dos 40 do século XX. Da creación da ONU (e axencias dependentes) ao Consello de Europa. Institucións chave na creación das Políticas Culturais na Europa da posguerra.

Tras o fracaso do proxecto da Sociedade das Nacións e o colapso social e político derivado da Segunda Guerra Mundial, xurdiu a necesidade de establecer unha institución de carácter mundial que garantizase a paz e a seguridade internacional. Así é como, o 24 de outubro do ano 1945 se constitúe a Organización das Nacións Unidas (ONU), unha entidade intergobernamental que nacía co firme propósito de fomentar as relacións de amizade entre as nacións, promover o progreso das sociedades e, sobre todo, evitar o desencadeamento de futuros conflitos bélicos de escala global.

No ámbito das políticas culturais, a ONU desempeña un papel de suma importancia, principalmente a través da creación –o 16 de novembro do ano 1945– da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO, nas súas siglas en inglés). Esta axencia especializada das Nacións Unidas ten como misión contribuír á consolidación da paz e a seguridade no mundo mediante o fomento da educación, o avance científico e o diálogo intercultural mediante unha serie de instrumentos normativos (tres declaracións, vinte tres convencións e dezaoito recomendacións relativas á cultura). No mesmo período, a ONU promulga –o 10 de decembro de 1948– a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH), no que se recoñece a cultura como un dereito inalienable de todos os seres humanos.

Paralelamente, a finais da década dos anos corenta, e máis concretamente no ano 1949, xorde no vello continente o Consello de Europa, un organismo internacional de ámbito rexional co obxectivo de promover, a través da cooperación entre os Estados de Europa, a configuración dun espazo político e xurídico común, cimentado nos valores da democracia, o respecto aos dereitos humanos e o imperio da lei. Ao longo das seguintes décadas, esta institución chega a converterse nun actor de gran relevancia no eido cultural, contribuíndo de maneira significativa ao desenvolvemento e fortalecemento das políticas culturais no continente, promovendo trece declaracións, oitenta e catro recomendacións, trinta e cinco resolucións e dous textos chave que suscitaron un profundo impacto no panorama cultural europeo [7].

En síntese, a década dos anos 40 caracterizouse principalmente pola creación da ONU e a UNESCO, así como polo establecemento do Consello de Europa; unhas institucións que supuxeron fitos históricos que marcaron un punto de inflexión no desenvolvemento das políticas culturais a nivel mundial e rexional. Ditas entidades, xurdidas no contexto posterior á

[7] Quedan excluídas outras Convencións relacionadas coa cultura promovidas polo Consello de Europa, ao estar estas centradas no Patrimonio Cultural e nos Itinerarios Culturais no canto da promoción concreta de Políticas Culturais. Mantense como única excepción o ***Convenio Cultural Europeo***, pola importancia que este documento terá en textos futuros en chave cultural. Entre estes textos que non quedan recollidos neste percorrido histórico, inclúense o *Convenio Europeo para a Protección do Patrimonio Arqueolóxico*, asinado en Londres o 6 de maio de 1969, como resultado da evolución das políticas urbanísticas nos países europeos; o *Convenio sobre Delitos contra a Propiedade Cultural*, firmado en Delfos o 23 de xuño de 1985; o *Convenio para a Protección do Patrimonio Arquitectónico de Europa*, asinado en Granada o 3 de outubro de 1985; o *Convenio Europeo sobre a Protección do Patrimonio Arqueolóxico*, que é unha revisión do de 1969, ratificado en A Valeta o 16 de xaneiro de 1992; o *Convenio Europeo do Paisaxe*, establecido en Florencia o 20 de outubro de 2000; e o *Convenio Marco do Consello de Europa sobre o Valor do Patrimonio Cultural para a Sociedade* de 2015, entre outros exemplos. Mais información en
https://www.coe.int/en/web/culture-and-heritage/texts-of-reference

Segunda Guerra Mundial, sentaron as bases para a construción dun marco normativo e de cooperación internacional que sitúa a cultura como un elemento central na promoción da paz, o entendemento mutuo e o progreso das sociedades.

1.2.2 Década dos 50 do século XX. Da creación do Convenio Cultural Europeo a proclamación de Francia como Estado de referencia en Políticas Culturais.

A década dos anos 50 caracterízase principalmente pola evolución das políticas culturais no contexto europeo, con especial énfase no papel desempeñado polo Consello de Europa e o modelo francés na configuración das directrices e enfoques que marcaron o desenvolvemento destas políticas nas décadas posteriores á Segunda Guerra Mundial. Así, tentarase analizar como o Consello de Europa –a través de diferentes iniciativas– dilucidou as competencias en materia cultural para os Estados membros, introducindo conceptos clave vencellados á cultura. O presente apartado tratará de explicar o caso paradigmático de Francia, pois as súas iniciativas marcaron un fito na intervención estatal no ámbito cultural. Con este percorrido, preténdese ofrecer unha visión panorámica das orixes e a evolución das políticas culturais europeas, ademais de reflexionar sobre as implicacións e desafíos que comporta na promoción da participación cidadá e a inclusión social no ámbito da cultura na década dos anos 50 do pasado século.

Con todo, a importancia da cultura descentralizada desde os contextos locais como chave de estratexias de desenvolvemento comunitario da democracia cultural e da participación, quedaría recollida séculos máis tarde na Axenda 21 da Cultura; un documento de referencia adoptado en 2004 polas cidades e gobernos locais de todo o mundo, situando á cultura no centro das políticas urbanas e destacando a importancia da participación cidadá para impulsar a vida cultural.

Máis alo das institucións e documentos de referencia mencionados con anterioridade, o Consello de Europa eríxese como un dos organismos pioneiros na definición das directrices que conformarían as futuras Políticas Culturais Europeas. Neste contexto, procédese –en París, no ano 1954– á sinatura do Convenio Cultural Europeo, un documento que –malia estar máis focalizado no patrimonio europeo e nos Itinerarios Culturais– delega nos Estados as competencias en clave cultural, ao tempo que presenta ideas para impulsar a democratización cultural (Conseil de l'Europe, 1954). Este convenio constituirá o punto de partida para o desenvolvemento de políticas culturais en toda Europa, servindo como inicio para a creación de ministerios e axencias dedicadas á cultura nos diferentes países.

No ámbito académico existe un amplo consenso ao afirmar que Francia se erixe como pioneira no desenvolvemento de prácticas para a configuración dun modelo de Estado como interventor no eido cultural; un novo paradigma caracterizado pola implicación directa das institucións estatais na definición e implementación de liñas estratéxicas en materia de cultura, transcendendo o rol subsidiario que viña desempeñando ata o momento. Deste xeito, o caso francés marca un punto de inflexión na concepción das políticas culturais, pois sitúa ao Estado como un axente clave na promoción, difusión e democratización do acceso á cultura, sentando un precedente que influirá na evolución das políticas culturais noutros países europeos –fundamentalmente mediterráneos– nas décadas posteriores.

Neste contexto, créase no ano 1959 o Ministerio de Asuntos Culturais –Ministère des Affaires Culturelles–, baixo o auspicio e dirección de André Malraux; unha entidade cunha

visión marcadamente centralista da cultura, que ten como obxectivo impulsar o acceso ás obras artísticas de referencia en todo o territorio nacional. Esta iniciativa supón un fito histórico, ao ser o primeiro ministerio dedicado exclusivamente á cultura en Europa, marcando un cambio de paradigma no papel do Estado en relación ao ámbito cultural. Así, o concepto de cultura enténdese como un sinónimo de manifestacións artísticas (a pintura ou a escultura) de creadores de gran reputación. Porén, para acadar tal fin, o Ministerio impulsa a creación das denominadas Casas da Cultura –Maisons de la Culture–, un equipamento cultural concibido como un instrumento para a difusión da coñecida como "cultura de masas" que, porén, non estarían exentas de críticas ao cuestionar a efectividade real na democratización da cultura. Diversas autorías cuestionan a capacidade destas institucións para lograr unha verdadeira inclusión e participación de todos os estratos sociais; xa que o elitismo cultural que tradicionalmente caracterizou o acceso ás manifestacións artísticas axudaban a perpetuar estruturas de desigualdade no eido cultural (Bourdieu e Darbel, 1992; Bouzada, 1999; Planas, 2013). A pesar destas críticas, o modelo de políticas culturais francés tivo gran impacto a nivel internacional, influíndo no desenvolvemento de políticas similares noutros países europeos e sentando as bases para o que se coñecería como o Estado cultural –L'État culturel–. Este concepto, acuñado polo sociólogo francés Philippe Urfalino, alude ao papel central que asume o Estado na definición e implementación das políticas culturais, convertendo a cultura nun asunto de interese público e nunha ferramenta para a cohesión social e a construción da identidade nacional (Urfalino, 1996).

A análise da evolución das políticas culturais no contexto europeo, con especial atención ao papel do Consello de Europa e ao modelo francés, revela a crecente implicación dos Estados na definición e implementación de estratexias orientadas á democratización do acceso á cultura nesa década, malia o debate que cuestiona a súa efectividade na inclusión e participación de todos os estratos sociais.

1.2.3 Década dos 60 do século XX. Da creación do Consello de Cooperación Cultural a influencia do Maio do 68 na transformación do modelo de políticas culturais europeas.

Como mostra do compromiso a prol da cultura, o Consello de Europa crea no ano 1962 o Consello de Cooperación Cultural (CCC); unha entidade que pretendía desenvolver investigacións no eido da cultura e a educación en Europa co obxectivo de renovalas e impulsalas; e desempeñou un papel clave na promoción da cooperación cultural entre os Estados membros do Consello de Europa, fomentando o intercambio de información e experiencias, así como a posta en marcha de iniciativas conxuntas no ámbito da cultura e a educación.

Aínda que a finais da década pasada se comeza a desenvolver unha política cultural centralizada dende o Ministerio de Asuntos Culturais francés, este modelo fracasa nos anos 60 por múltiples circunstancias, entre as que destaca o alto custo e a dificultade de acceso á cultura da meirande parte da cidadanía.

A crecente axitación e rexeitamento contra o capitalismo e a sociedade de consumo deriva nas protestas do Maio do 68 –ou Maio Francés–; unhas críticas contra un modelo de políticas culturais baseado case en exclusiva na democratización cultural que se daba nas Casas da Cultura e nos equipamentos culturais. De aí que as Casas de Cultura evolucionasen cara aos Centros de Acción Cultural –Centres D'action Culturelle–, máis próximos aos contextos locais

que buscaban promover o asociacionismo e a cultura endóxena da comunidade, superando a visión elitista da cultura. Todos estes acontecementos axudaron a crear as bases dunhas políticas culturais centradas no ámbito municipal, fornecidas por estratexias dirixidas á consecución dunha *democracia cultural*, tendo o seu máximo apoxeo na etapa liderada polo ministro de Jacques Duhamel (Bouzada, 1999; Planas, 2013). Estes cambios no modelo de políticas culturais francesas sentaron un precedente importante para outros países europeos, pois comezaron a adoptar enfoques máis descentralizados e participativos na xestión da cultura a nivel local.

Pouco despois –concretamente o 4 de novembro de 1966– a UNESCO promove a Declaración dos Principios da Cooperación Cultural Internacional; un documento que enfatiza a necesidade de que a paz –baseada na solidariedade intelectual e moral da humanidade– sirva para coñecer a dignidade e o valor de todas as culturas que forman parte do patrimonio da humanidade. Deste xeito, a Declaración establece como obxectivos fundamentais difundir coñecementos, enriquecer culturas, desenvolver relacións pacíficas que axuden a promover a amizade entre os pobos, así como mellorar as condicións de vida espiritual e material do ser humano en todas as rexións do mundo; ademais de respectar a identidade propia de cada cultura, pois é un dereito e un deber de todos os pobos e nacións. No mesmo documento, contémplase a necesidade de establecer vínculos estables, duradeiros e recíprocos entre os pobos no beneficio de todas as nacións.

Neste sentido, considérase que os Estados deben basear as súas relacións culturais nos principios das Nacións Unidas, respectando a igualdade soberana dos Estados e absténdose de intervir en asuntos de competencia nacional, mentres se respecten os dereitos humanos e as liberdades fundamentais (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, 1996). Esta declaración da UNESCO supuxo un fito importante no recoñecemento da importancia da cooperación cultural internacional e do respecto á diversidade cultural, sentando as bases para o desenvolvemento de políticas culturais máis inclusivas e plurais a nivel global.

1.2.4 Década dos 70 do século XX. Da Conferencia de Venecia ao Coloquio sobre o Futuro do Desenvolvemento Cultural como referentes dos modelos de políticas culturais do momento.

A partires de finais dos anos 60, o Consello de Europa comeza a mudar os seus obxectivos en clave cultural e comeza a dárselle maior visibilidade –e recoñecemento– á cultura de contextos locais, adoptando os principios de democracia cultural impulsados dende Francia. Estas ideas esténdense de tal forma que comporta un punto de inflexión, dando lugar á *Primeira Conferencia Intergubernamental Sobre os Aspectos Institucionais, Administrativos e Financeiros das Políticas Culturais*[8] –Conferencia de Venecia de 1970– promulgada pola UNESCO (Bouzada, 1999). Esta declaración supón unha importante reflexión respecto ao papel da cultura no desenvolvemento das sociedades, afondando nalgunhas das cuestións xa apuntadas na Conferencia de Venecia e aportando novas perspectivas sobre os desafíos futuros.

[8] Malia a ser este un documento clave para comprender as políticas culturais de Europa, este non queda recollido como un dos instrumentos normativos –declaracións, convencións e recomendacións relativas a cultura– recoñecidas pola UNESCO. Mais información en https://www.unesco.org/es/legal-affairs/standard-setting

Nesta conferencia alúdese a diferentes temas relacionados coa cultura e a educación, propoñendo que sexa a UNESCO a encargada de organizar reunións rexionais, suxerindo declarar o ano 1975 como o Ano Internacional do Desenvolvemento Cultural. Neste sentido, recoméndase que os Estados Membros e a UNESCO promovan intercambios culturais internacionais baseados no respecto aos principios do dereito internacional, enfatizando a importancia do respecto á conservación e protección de todas as culturas, especialmente naquelas situacións de conflito armado. A conferencia recoñece a dignidade de todas as culturas e o dereito de cada pobo a desenvolver a súa cultura; ao tempo que destaca a importancia do desenvolvemento cultural para os países en desenvolvemento e a necesidade de protexer as culturas nacionais.

Entre as súas funcións, a UNESCO debería axudar a protexer as culturas orixinarias, organizar intercambios internacionais sobre a conservación das culturas, incluír proxectos para o fomento das tradicións orais, estudar a posibilidade de establecer un centro de intercambio de información sobre culturas preindustriais, realizar estudos sobre os efectos da urbanización nas culturas rurais, e axudar a establecer a infraestrutura necesaria para os servizos de radio e televisión. Ademais, insta aos Estados a incorporar aos artistas na formulación de políticas culturais así como apoiar o labor do Instituto Internacional Audiovisual de la Música, la Danza y el Teatro (IIAMDT), enfatizando a importancia da educación para a cultura e recomenda que os docentes adquiran coñecementos culturais. Destácase a necesidade de fomentar a educación permanente e a participación activa na cultura; recoñécese os avances técnicos en comunicacións audiovisuais e a necesidade de protexer os dereitos dos artistas. Dende as resolucións xerais tamén se impulsa a participación de organizacións non gobernamentais en políticas culturais, ademais de contemplar o impacto do turismo no patrimonio cultural promovendo medidas para a súa protección e apreciación.

No mesmo documento, no seu apartado terceiro, alúdese a "Resolucións e recomendacións relativas ao fomento e a organización do desenvolvemento cultural polas autoridades públicas, ás investigacións sobre as políticas culturais, á cooperación cultural internacional e ao papel da Unesco na esfera das políticas culturais", e establécense unha serie de medidas que procuran abordar o fomento e a organización do desenvolvemento cultural polos poderes públicos e a cooperación cultural internacional. Así, recoñécese a cultura como un dereito humano inalienable e indivisible, e insta aos Estados Membros a facilitar a circulación internacional de materiais educativos, científicos e culturais; destaca o desenvolvemento cultural e recomenda o establecemento de fundacións culturais nacionais e internacionais. A este respecto, suxírese que a UNESCO debería establecer un centro internacional audiovisual –de carácter non comercial– para as artes teatrais, e tamén recoñece a igualdade das culturas e a universalidade do patrimonio cultural, pedindo aos países con maiores recursos económicos que aumenten a asistencia aos países mais empobrecidos en relación co seu patrimonio cultural. Así, entre as recomendacións, tamén se contempla que os Estados Membros dediquen unha proporción adecuada dos seus orzamentos nacionais ao desenvolvemento cultural e que a UNESCO priorice o estudo e a difusión dos principios e métodos das políticas culturais.

Sinala que as políticas culturais deben basearse en datos obxectivos e adecuados, observando a complexidade das tarefas que caracterizan o desenvolvemento cultural e fomentando estudos que permitan formular estratexias de acción cultural. Tamén destaca a responsabilidade dos gobernos e a comunidade de nacións na conservación e desenvolvemento de culturas nacionais ou locais, especialmente aquelas en risco de alteración ou desaparición, centrándose no papel dos medios audiovisuais, especialmente o cine e a televisión, na cultura e na educación. Neste sentido, invítase á UNESCO a estudar como remediar as diferencias de

desenvolvemento dos medios de información entre países e a cooperar con outras organizacións das Nacións Unidas para preparar instrumentos internacionais que aseguren o respecto do principio de igualdade das culturas na utilización dos novos medios de comunicación. E tamén se recoñece o crecente interese da mocidade nas cuestións culturais, tratando de desenvolver investigacións relativas á xuventude no progreso cultural da sociedade. Finalmente, tamén se pon o foco de atención na escola, como un instrumento para a democratización da cultura, impulsando estudos sobre o lugar e os métodos da educación estética na ensinanza xeral (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, 1970).

Pouco despois, o 11 de abril de 1972 no Coloquio sobre o Futuro do Desenvolvemento Cultural do Consello de Europa adopta a Declaración de Arc-et-Senans, un documento que segue as liñas establecidas pola UNESCO dous anos antes; unha declaración que supón unha reflexión respecto ao papel da cultura no desenvolvemento das sociedades, afondando nalgunhas das cuestións apuntadas na Conferencia de Venecia. Neste encontro, abórdase o futuro do desenvolvemento cultural, destacando a importancia das futuras políticas de acción cultural e advertindo sobre os perigos dun desenvolvemento industrial non regulado. Nel arguméntase que a cultura debe ser (re)afirmada para transformar o crecemento cuantitativo nunha mellora da calidade de vida, e enfatiza que calquera política cultural ten –e debería ter– unha dimensión ética. Este documento tamén sostén que a cultura moderna vai máis alá da arte e das humanidades, e inclúe a educación, os medios de comunicación e as industrias culturais; ao tempo que sinala unha crise no sistema educativo e defende a súa transformación cara a unha educación permanente. Critica a sobresaturación de información dos medios de comunicación e o enfoque de lucro das industrias culturais, e propón unha acción inmediata para reformar a educación, regular os medios de comunicación, implementar políticas para as industrias culturais e promover unha "democracia cultural".

Finalmente, a declaración defende unha política cultural que desenvolva formas de expresión e sexa garante da liberdade de uso, recoñecendo o dereito da persoa a un modo de vida significativo e fomentando a creatividade. Ademais, propón un cambio de política orientada a substituír o consumo pasivo pola creatividade individual, a romper o control restritivo da tecnoloxía, a promover a diversidade de expresión cultural, a priorizar a harmonía entre as persoas e o seu entorno, así como a protexer aos grupos e persoas con habilidades creativas, ademais de responder a outro tipo de impactos futuros, referidos á necesidade de investigación fundamental e experimentación para atopar solucións efectivas neste campo de estudo (Conseil de l'Europe, 1972). En conxunto, a Declaración de Arc-et-Senans supón –nun momento de profundas transformacións sociais, económicas e tecnolóxicas– un chamamento á acción para situar a cultura no centro das políticas de desenvolvemento.

1.2.5 Década dos 80 do século XX. Do modelo municipalista a cultura como ben de produción económica

Os anos 80 do século XX estiveron marcados pola construción do concepto de políticas culturais baixo a visión do Consello de Europa, quen elaborou catro declaracións nesa década: a Declaración sobre a intolerancia: unha ameaza para a democracia (1981), a Declaración de Bremen "Cidade e cultura: novas respostas aos problemas culturais" (1983), Declaración Europea de Obxectivos Culturais, adoptada en Berlín en 1984 e a Declaración de Florencia "Cultura e rexións: acción cultural no contexto rexional" (1987). Estas declaracións supoñen un importante avance na definición dun marco conceptual e estratéxico para as políticas culturais a nivel europeo, aínda que tamén reflicten as tensións e contradicións propias dun

período de profundas transformacións sociais, políticas e económicas. Nesta década, cómpre destacar o papel da Federación Internacional de Consellos de Artes e Axencias Culturais (IFACCA), creada en 1980 para a promoción da cooperación cultural internacional e o intercambio de boas prácticas entre os estados membros, así como a posta en marcha do Compendium de Políticas e Tendencias Culturais en Europa; unha valiosa fonte de información comparativa sobre as políticas culturais dos diferentes países europeos.

Respecto á primeira das Declaracións, destaca a relevancia da tolerancia, o respecto pola dignidade e a igualdade de todos os seres humanos como piares fundamentais dunha sociedade democrática. Manifesta a súa inquietude polo rexurdimento da intolerancia, condena todas as súas manifestacións e rexeita as ideoloxías que menosprezan á persoa. A declaración subliña a necesidade de intensificar os esforzos para frear a expansión de ideoloxías totalitarias e racistas, e fomenta a conciencia dos dereitos humanos mediante as políticas culturais e a educación. Ademais, anima a traballar para que estes principios se apliquen noutras organizacións internacionais (Conseil de l'Europe, 1981).

A importancia da cultura descentralizada dende os contextos locais como chave de estratexias para o desenvolvemento comunitario dunha democracia cultural e da participación, quedaría tamén recollida na Declaración de Bremen "Cidade e cultura: novas respostas aos problemas culturais" (1983); un documento no que se manifesta o compromiso das cidades europeas a prol do fomento da cultura a nivel local e rexional, ademais da colaboración europea para implementar unha estratexia cultural propia.

O texto exhorta aos gobernos a descentralizar a cultura, asignar os recursos necesarios para impulsar actividades culturais e respaldar a diversidade cultural; e subliña a importancia da participación na vida cultural local e a necesidade de achegar a infraestrutura cultural ás persoas nos seus lugares de residencia; ademais de avogar por unha reavaliación das prioridades, a transferencia de responsabilidades a grupos comunitarios e o apoio a experimentos culturais. Solicita, así mesmo, unha solución á contribución financeira das autoridades nacionais e rexionais aos servizos culturais das cidades e fomenta a actividade cultural das pequenas autoridades locais. Neste sentido, destaca a importancia da iniciativa cidadá para a innovación e a creatividade cultural, e expresa preocupación polo aumento da xenofobia en Europa; tratando de impulsar iniciativas que axuden a recoñecer a natureza multiétnica, apoiando as culturas das minorías étnicas e permitindo ás persoas mígrantes manter contacto coa súa cultura de orixe e integrarse no seu país de residencia.

A Declaración enfatiza a responsabilidade das escolas na formación dos mozos para a autonomía e a participación na sociedade, e propón a creación dunha rede descentralizada de intervención e estimulación para os mozos. Destaca ademais o papel do turismo cultural e educativo na promoción da comprensión e a unidade europea, e sinala que as cidades deben tomar medidas para fomentar un mellor coñecemento do estilo de vida dos habitantes entre os visitantes, salvagardando a identidade cultural. Neste senso, destácase a necesidade de que as autoridades locais avalíen as súas actividades culturais nun contexto social e económico amplo, priorizando o apoio financeiro para a realización de novas tarefas culturais, instando a promover a flexibilidade no gasto dos orzamentos das institucións culturais así como a prever novos enfoques e recursos para a cultura en cooperación coa iniciativa privada. A Declaración fai un chamado aos sindicatos para que se involucren na atención das necesidades socioculturais dos seus membros e suxire descompartamentalizar os servizos locais para estimular as actividades culturais. En tempos de alto desemprego, enfatiza a importancia das actividades culturais e a necesidade de avaliación para transformar as institucións e os procesos de toma de decisións.

USC DE COMPOSTELA

O documento suxire que o Consello de Cooperación Cultural realice unha investigación e avaliación dos resultados do proxecto das "21 cidades" ; tamén recolle a intención de presentar un borrador de Declaración Europea de Obxectivos Culturais a fin de construír unha sociedade a escala humana que recoñeza a importancia da comunidade local e rexional na identidade cultural do cidadán (Conseil de l'Europe, 1983). Esta declaración supón un recoñecemento do papel das cidades como axentes clave no desenvolvemento cultural e na construción dunha Europa máis cohesionada e participativa.

Coa Declaración Europea de Obxectivos Culturais, adoptada en Berlín en 1984 na 4ª Conferencia de Ministros Europeos de Cultura, acórdase que a cultura gaña novos significados, asociándose coa calidade de vida e a cidadanía como elementos culturais, e destacando a importancia da cultura e os valores na existencia humana, recoñecendo a diversidade cultural europea arraigada nunha tradición de liberdade e dereitos humanos. O documento establece que o obxectivo principal das sociedades é permitir a realización persoal nun ambiente de liberdade e respecto polos dereitos humanos, vinculando esta realización á cultura como un factor esencial para o desenvolvemento harmonioso da sociedade. Como parte da Declaración, invítase aos estados membros, aos cidadáns de Europa e a outros organismos a unirse no desenvolvemento da creatividade e o patrimonio, asegurando a protección e mellora do patrimonio europeo e o seu enriquecemento continuo a través do proceso creativo. Ademais, busca mellorar o acceso universal e promover un desenvolvemento que contribúa á felicidade humana, ao entorno e á forma de vida. Esta declaración tamén insta a desenvolver habilidades humanas, asegurando que cada persoa teña acceso á educación e á formación necesarias para o pleno desenvolvemento persoal e a correcta integración na sociedade; procurando as condicións para a independencia e a capacidade creativa dende unha idade temperá.

Finalmente, busca protexer a liberdade de pensamento e expresión para todas as persoas sen discriminación; fomenta o desenvolvemento de oportunidades para a actividade creativa e a autoexpresión, o libre intercambio de artistas e o uso democrático das novas tecnoloxías de comunicación; e promove unha maior flexibilidade na organización da sociedade, especialmente na planificación do tempo de traballo e lecer. A Declaración Europea sobre Obxectivos Culturais impulsa a participación na formación de ideas e decisións que determinan o futuro, asegurando que a acción comunitaria se debata publicamente e se decida democraticamente. Tamén pretende recoñecer as culturas das rexións, dos colectivos mígrantes e minorizados e a súa participación na comunidade, posibilitando a aparición de novas formas para promover a cohesión social. En definitiva, pretende fomentar a innovación e as actividades sociais que corresponden ás expectativas europeas, contribuíndo a novas formas de desenvolvemento e participación activa para unha identidade europea que salvagarde e promova os ideais e principios que subxacen ao patrimonio común. A tal fin, tratará de impulsar as relacións internacionais e a cooperación baseada no respecto mutuo para fomentar o desenvolvemento de todos os pobos (Conseil de l'Europe, 1984), recoñecendo a dimensión cultural da cidadanía europea e o papel das políticas culturais na construción dun proxecto común para Europa.

Coa Declaración de Florencia "Cultura e rexións: acción cultural en contextos rexionais" (aprobada en 1987), dáselle un novo valor ás políticas culturais locais como motor de desenvolvemento rexional; identificando espazos de solidariedade, experimentación, innovación e intercambio, e contemplando a cultura como un elemento esencial para o desenvolvemento dos territorios. As políticas culturais a nivel rexional deben fomentar –segundo as persoas participantes– a solidariedade, a creatividade, a mellora do patrimonio e a promoción dos medios de comunicación rexionais, ademais de destacar a importancia da

participación local e as organizacións voluntarias para o desenvolvemento cultural rexional; que ha de estar arraigado nunha identidade cultural positiva que preste atención á preservación das tradicións populares e ás contribucións das culturas das persoas mígrantes.

Nun contexto de diversidade avógase pola cooperación entre os axentes económicos e culturais, e contémplase a cultura como un investimento necesario para un desenvolvemento rexional equilibrado. A integración europea é vista como un proceso cultural, económico e político, e a cooperación interrexional é considerada ideal para implementar programas de desenvolvemento que integren as dimensións culturais e económicas. Destácase a importancia da educación e a formación permanentes, o desenvolvemento das telecomunicacións nas rexións máis empobrecidas, e a promoción de eventos culturais rexionais; ademais de recoñecer que as linguas rexionais ou minorizadas son un patrimonio cultural esencial que require protección e desenvolvemento. No mesmo documento proponse promover instrumentos financeiros para implementar proxectos rexionais de interese europeo; incluíndo a consideración de proxectos culturais nas subvencións de fondos europeos existentes e a creación dun fondo rexional europeo para o desenvolvemento cultural. A tal fin, solicítase un estudo para a creación dunha estrutura que coordine e promova a cooperación cultural interrexional, posiblemente un "Observatorio Europeo de Políticas e Prácticas Culturais". Tamén se lle pide ao Consello de Cooperación Cultural (CCC) e a Conferencia Permanente de Autoridades Locais e Rexionais de Europa (CPALRE) que establezan un grupo para formular propostas tras consultar ás asociacións representativas das rexións europeas.

Finalmente, no documento considérase que as rexións europeas poden contribuír á cooperación e ao comercio cos países empobrecidos mediante o apoio a proxectos descentralizados; solicitando a tal fin estudos para a creación dun fondo rexional europeo para o desenvolvemento cultural (Conseil de l'Europe, 1987). Esta declaración supón un importante recoñecemento do papel das rexións como axentes clave no desenvolvemento cultural e na construción dunha Europa máis cohesionada e solidaria, a nivel interno e nas relacións cos países empobrecidos.

Tras década e media de políticas culturais centradas no municipalismo, e baseadas nos principios de democracia cultural, no recoñecemento da cultura endóxena e comunitaria –recoñecida polos estados e por diferentes tratados de organismos internacionais– a chegada dos anos oitenta devolve ao estado francés o liderado para establecer unha nova folla de ruta en termos de políticas culturais, diferente a como se concibía ata o momento. Así, baixo o auspicio do Ministro de Cultura de Francia Jack Lang entre 1981 a 1993, a concepción das políticas culturais sofre unha profunda transformación, pasando a entender a cultura como un elemento máis ao servizo do Estado en aras de fomentar a autonomía e creación de emprego, considerándoa un ben de consumo e unha ferramenta para a promoción económica e a creación de industrias culturais (Bouzada, 1999; Planas, 2013). Este cambio de paradigma supón un xiro importante nas políticas culturais francesas, orientadas a entender a cultura como un ferramenta estratéxica para o sector económico e para a promoción do país a nivel internacional; unha visión renovada que terá un notable impacto no resto de políticas culturais europeos nas seguintes décadas.

1.2.6 Década dos 90 do século XX. As políticas culturais europeas ante o reto das novas tecnoloxías

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na última década do século XX, o Consello de Europa recoñeceu a necesidade de adaptar as súas políticas culturais aos rápidos avances experimentados no eido das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC). A expansión da internet, a converxencia dixital e a crecente globalización dos contidos accesibles en liña supuxeron un reto para as institucións europeas encargadas de preservar e promover a diversidade cultural no continente. Neste contexto, o Consello de Europa –xunto con outras organizacións internacionais como a UNESCO– desenvolveu un marco normativo e estratéxico para afrontar os desafíos e oportunidades que presentaban as novas tecnoloxías para a cultura.

Ante esta nova realidade, impulsáronse diversas iniciativas orientadas a definir un novo marco de políticas culturais a nivel europeo, que afrontara os desafíos e as oportunidades das novas tecnoloxías; de aí que, o 7 de maio de 1999, se aprobase a Declaración sobre unha Política Europea para as Novas Tecnoloxías da Información por parte do Comité de Ministros. Este documento versaría sobre a importancia estratéxica das TIC e o seu impacto multidimensional na sociedade europea; poñendo unha énfase especial nos modos de comunicación, no acceso á información e na participación na vida cultural e social. Esta Declaración recoñece que as novas tecnoloxías supuxeron canles sen precedentes para a liberdade de expresión, o pluralismo político e a diversidade cultural; pero, ao mesmo tempo, han de considerarse os potenciais riscos que podería supoñer un uso indebido para os individuos e a propia democracia. En consecuencia, ínstase aos Estados membros a promover o acceso universal ás TIC, fomentar a innovación tecnolóxica de cara a empoderar á cidadanía, e establecer un marco regulatorio claro que garanta a protección dos dereitos fundamentais no entorno dixital, como a privacidade, os dereitos de autor ou a non discriminación.

A Declaración ten unha especial importancia para as políticas culturais europeas, pois recoñece as importancia das Novas Tecnoloxías da Información na creación, distribución e acceso aos contidos culturais en múltiples formatos e canles; polo que se insiste na necesidade de garantir a diversidade cultural e lingüística neste novo ecosistema mediático dixital emerxente (Conseil de l'Europe, 1999) de acordo cos principios establecidos na Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural de 2001, que destaca o papel das TIC na preservación e promoción da diversidade cultural a nivel global.

Nesta liña, o documento urxe aos países a adoptar políticas que incentiven a produción e difusión en liña de contidos culturais de calidade procedentes de todas as nacións europeas, en diferentes idiomas para preservar o patrimonio e identidades culturais propias. Tamén se enfatiza a importancia crucial da alfabetización e da educación mediática dixital como compoñentes esenciais das estratexias culturais para a nova era dixital. Estas recomendacións están en consonancia coas directrices establecidas pola UNESCO na súa Recomendación sobre a Promoción e Uso do Plurilingüismo e o Acceso Universal ao Ciberespazo de 2003, que insta aos Estados a fomentar a creación e difusión de contidos dixitais en múltiples idiomas e formatos. A través desta Declaración, o Consello de Europa establece as bases para unha política cultural integral a escala continental, co obxectivo de aproveitar ao máximo as oportunidades que as TIC ofrecen para enriquecer os intercambios culturais e reforzar a cohesión europea. Porén, deberán aliñarse co compromiso e a defensa dos dereitos humanos, a diversidade cultural e o fortalecemento dos valores democráticos no ciberespazo en expansión.

O Consello de Europa adaptou e redefiniu, na década dos 90, as políticas culturais fronte ao pulo imparable da revolución dixital e a sociedade da información emerxente; polo que esta Declaración sentou un precedente para afrontar os desafíos e maximizar as oportunidades que as novas tecnoloxías supoñen para a cultura europea no século XXI, constituíndo un punto de

USC DE COMPOSTELA

inflexión nas políticas que dela se derivaron, nun momento no que a dixitalización e a globalización están a transformar o panorama cultural europeo e mundial.

1.2.7 Década dos 00 do século XXI. A promoción do diálogo intercultural como eixo central das políticas culturais europeas

A década dos 2000 foi un período de gran transcendencia para o desenvolvemento das políticas culturais europeas, marcado pola adopción dunha serie de declaracións fundamentais por parte do Consello de Europa que orientaron a cooperación cultural paneuropea, revitalizándoa e integrando os retos e desafíos da contemporaneidade. Estas declaracións reflicten un crecente recoñecemento da importancia da cultura como ferramenta para promover a cohesión social, o entendemento mutuo e a paz nun contexto de diversidade cultural e globalización. Outro fito importante nesta década foi a adopción da Convención da UNESCO sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais en 2005; un avance significativo no recoñecemento da diversidade cultural e na promoción de políticas culturais que fomenten o pluralismo e o diálogo intercultural a nivel global.

No ano 2000, o Comité de Ministros do Consello de Europa adoptou a Declaración sobre a Diversidade Cultural, que a recoñece como un elemento que enriquece as sociedades e promove o entendemento mutuo entre as diferentes comunidades culturais. A Declaración preserva e promove a diversidade como un principio fundamental nas políticas culturais, considerando o papel que desempeña a cultura na construción da identidade comunitaria e para a cohesión social. Así mesmo, faise fincapé na necesidade de políticas culturais que protexan as expresións culturais en Europa, garantindo o acceso á cultura para todos os cidadáns independentemente da súa orixe (Conseil de l'Europe, 2000). Unha Declaración que concorda coa Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural de 2001, que a recoñece como patrimonio común da humanidade e destaca a importancia de políticas que promovan o pluralismo e o diálogo intercultural.

Un ano máis tarde, aprobouse a Declaración sobre a protección e reconstrución dos lugares de culto en Kosovo e os Balcáns e, aínda que este documento se enfoca nun contexto moi concreto, reflicte o compromiso de Europa coa protección do patrimonio cultural e relixioso en situacións de conflito e posconflito, promovendo a importancia da cooperación internacional e a promoción da tolerancia relixiosa como parte das políticas culturais europeas máis amplas (Conseil de l'Europe, 2001). Este enfoque é consistente coas disposicións da Convención da Haia de 1954 para a Protección dos Bens Culturais en caso de Conflito Armado e os seus Protocolos, que establecen un marco legal internacional para a protección do patrimonio cultural en situacións de conflito.

En 2004, aprobouse a Declaración de Wrocław sobre os cincuenta anos de cooperación cultural europea, por parte dos Ministros responsables de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte dos Estados partes na Convención Cultural Europea. Esta declaración conmemora a colaboración cultural en Europa e enfatiza a súa importancia no continente, recoñecendo a cultura como un piar fundamental para promover a comprensión mutua, a tolerancia e a paz. Esta Declaración avoga pola promoción da cultura como un medio para o entendemento, a educación, o diálogo intercultural e a cohesión social; subliñando a importancia da educación e a promoción da cultura en todos os niveis educativos como ferramentas clave para o entendemento e a cidadanía europea activa (Conseil de l'Europe, 2004).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Declaración de Bakú para a Promoción do Diálogo Intercultural en 2008, emanada da Conferencia de Ministros Responsables de Cultura constitúe outro fito significativo; un documento no que se reafirma a adhesión aos instrumentos xurídicos fundamentais en materia de dereitos humanos e alenta o diálogo intercultural e interrelixioso como medio para promover a concienciación, a comprensión, a reconciliación, a tolerancia, previr conflitos e garantir a integración e cohesión sociais. Esta Declaración establece as bases para promover o diálogo intercultural como práctica significativa, compartindo unha visión política baseada nos dereitos humanos universais e indivisibles, a democracia e o imperio da lei, a través da cultura e o patrimonio cultural. Así mesmo, acórdanse elementos de acción concretos para institucionalizar o diálogo intercultural, como o fortalecemento da cooperación iniciada en Bakú, o desenvolvemento de iniciativas prácticas conxuntas de cooperación transfronteiriza, o fomento de competencias interculturais e a adopción de políticas sustentables para a rehabilitación do patrimonio e a rexeneración local.

En resumo, a década dos 2000 marcou un período de consolidación das políticas culturais europeas, cun enfoque na promoción da diversidade e o diálogo intercultural, a protección do patrimonio cultural e a construción dunha identidade cultural europea compartida. Estes documentos reflicten o compromiso do Consello de Europa e os Estados membros coa preservación e promoción da riqueza cultural de Europa, recoñecendo o papel que han de desenvolver na construción de sociedades cohesionadas, tolerantes e pacíficas. A través destas políticas culturais, búscase garantir o acceso equitativo á cultura, fomentar o entendemento mutuo e fortalecer os lazos entre as diversas comunidades culturais europeas, sentando as bases para un futuro compartido baseado en valores democráticos comúns. En conxunto, estas declaracións reflicten unha crecente toma de conciencia da importancia da cultura e o diálogo intercultural como elementos centrais da construción europea e da promoción da paz, a cohesión social e o respecto polos dereitos humanos nun mundo cada vez máis interconectado e diverso.

1.2.8 Década dos 10 do século XXI. Cara a unha Nova Estratexia Cultural para Europa

Na segunda década do século XXI, o Consello de Europa desempeñou un papel protagonista na formulación e consolidación dunha política cultural común para os Estados membros. En varias reunións ministeriais celebradas en Moscú (2013) e Namur (2015), establecéronse marcos de referencia que guiaron as estratexias e actuacións no eido da cultura durante ese período. Neses acordos reflíctese o compromiso continuo do Consello de Europa coa promoción da cultura como un elemento central para a cohesión social nun contexto de profundas transformacións tecnolóxicas, sociais e políticas.

Na 10ª Conferencia de Ministros de Cultura do Consello de Europa, levada a cabo nos días 15 e 16 de abril de 2013 na capital rusa, abordáronse desafíos de índole económica, social e cultural aos que se enfrontaban as nacións europeas naquela complexa conxuntura. Neste encontro, os Ministros responsables de cultura ratificaron a súa firme adhesión aos principios reitores e valores fundamentais de dereitos humanos, democracia e Estado de dereito, constituíndo o alicerce e a esencia mesma do Consello de Europa como institución (Consejo de Europa, 2013). Recoñeceuse de maneira unánime o acceso universal á cultura e a participación activa da cidadanía en actividades culturais como factores esenciais e determinantes para o fomento e promoción da cidadanía democrática, a cohesión social e a estabilidade dos sistemas políticos (Consejo de Europa, 2013). Ante os profundos cambios e transformacións radicais nos patróns de produción, consumo e difusión cultural derivados da revolución tecnolóxica das

telecomunicacións e a revolución dixital, urxía implementar políticas públicas encamiñadas a promover o libre acceso á cultura, garantir a liberdade de expresión e creación artística, así como fomentar a creatividade e a diversidade cultural como valores irrenunciables. Estas conclusións alíñanse coa Axenda Europea para a Cultura nun mundo globalizado, adoptada pola Comisión Europea en 2007, que recoñece o papel para unha cultura máis diversa, accesible e inclusiva.

Neste sentido, advertiuse con preocupación a falta dunha lexislación de dereitos de autor moderna, ambiciosa e adaptada aos novos tempos, Europa veríase abocada a consumir contidos culturais estandarizados e importados, descoidando e relegando a un plano secundario o seu rico e variado acervo cultural, cun risco evidente de non poder renovalo nin enriquecelo (Consejo de Europa, 2013). Para fortalecer de maneira efectiva o acceso e a participación cultural da cidadanía, acordouse avanzar conxuntamente mediante a procura de sinerxías no fomento de políticas culturais públicas que promovesen a accesibilidade real, a liberdade de expresión e creación, unha gobernanza cultural multinivel con participación efectiva das autoridades rexionais e locais, e un enfoque integrador multiactor que involucre de maneira activa á sociedade civil organizada, ás agrupacións e organizacións culturais independentes e aos axentes e actores privados relacionados co sector cultural. Este enfoque participativo e multinivel resulta acorde cos principios da Axenda 21 da Cultura, pois sitúa á cultura no centro das políticas urbanas e destaca a importancia da participación cidadá na vida cultural. Ademais, destaca o papel das Capitais Europeas da Cultura como unha iniciativa emblemática da Unión Europea para promover a riqueza e diversidade cultural, así como fomentar o desenvolvemento urbano sustentable a través da cultura; unha iniciativa implementada en 1985 e que se converteu nun importante instrumento para a rexeneración urbana e a proxección internacional das cidades europeas a través da cultura.

Dous anos despois da Conferencia de Moscú, os Ministros dos Estados Parte da Convención Cultural Europea reuníronse na cidade belga de Namur os días 23 e 24 de abril de 2015, onde adoptaron por consenso a coñecida como Declaración de Namur (Consejo de Europa, 2015). O obxectivo primordial desta histórica Declaración foi elaborar unha Estratexia Europea do Patrimonio Cultural para o século XXI, coa finalidade de preservar e poñer en valor este legado cultural incomparable. Nesta Declaración recoñeceuse de maneira expresa o prolífico e frutífero labor desenvolvido polo Consello de Europa ao longo de máis de catro décadas na elaboración de convencións internacionais para a protección, conservación e posta en valor do importante patrimonio cultural europeo. Así mesmo, acollíase con satisfacción os crecentes esforzos despregados pola Unión Europea por integrar o patrimonio cultural como un vector estratéxico nas súas políticas e liñas de actuación (Consejo de Europa, 2015). Subliñouse a importancia transcendental do patrimonio cultural como compoñente esencial da propia identidade europea, como un valor de interese público xeral cunha dimensión civilizatoria, transmitindo ás futuras xeracións unha responsabilidade inescusable que debe ser compartida por todos os actores sociais. Esta visión do patrimonio cultural como un ben común e unha responsabilidade compartida está en liña coa Convención de Faro sobre o valor do patrimonio cultural para a sociedade, adoptada polo Consello de Europa en 2005, que recoñece o dereito dos cidadáns a participar na vida cultural e destaca o papel do patrimonio na construción dunha sociedade pacífica e democrática.

A Estratexia Europea do Patrimonio Cultural debía basearse nos valores democráticos e humanistas fundamentais que conforman o núcleo fundacional do Consello de Europa, promovendo un enfoque integrador, compartido e unificador da xestión sustentable do patrimonio cultural en todas as súas dimensións e manifestacións (Consejo de Europa, 2015).

Ademais, debía ofrecer unha visión estratéxica renovadora e un marco de actuación coherente para os seguintes dez anos, identificando accións, medidas e proxectos específicos destinados a perdurar no tempo; ao tempo que debía contribuír á mellora da calidade de vida das persoas, do territorio e da prosperidade socioeconómica de Europa, á educación cívica e á formación cultural permanente das futuras xeracións, á promoción dunha gobernanza cultural participativa, democrática e transparente. Unhas prioridades que están aliñadas coa Nova Axenda Europea para a Cultura, adoptada pola Comisión Europea en 2018, que recoñece o potencial do patrimonio cultural como recurso estratéxico para unha Europa sustentable, e no que se destaca a importancia de promover a participación cultural e as capacidades do sector cultural e creativo.

En definitiva, o Consello de Europa, a través destas dúas cumes ministeriais, estabeleceu durante a segunda década do século XXI dous importantes marcos de referencia político-culturais que guiaron as actuacións e as políticas públicas culturais dos estados membros nos seguintes anos. Mentres que a Conferencia de Moscú centrou a súa axenda de traballo nos retos que supoñía a eclosión da era dixital no eido cultural e a consecuente necesidade inaprazable de adaptar as políticas culturais e os seus instrumentos de xestión a este novo e convulso escenario, a Declaración de Namur enfatizou a valorización sustentable do patrimonio cultural europeo como fonte da identidade cultural comunitaria, como factor de riqueza material e inmaterial, e como elemento primordial para a cohesión e o entendemento entre os pobos de Europa. Ambos eventos reflicten o compromiso sostido do Consello de Europa coa promoción da cultura e o patrimonio como piares fundamentais da construción europea, así como a súa capacidade para adaptarse aos desafíos e oportunidades presentes nun mundo cada vez máis globalizado e interconectado.

1.3 As Políticas Culturais no Estado español. Historia e apuntes xerais básicos.

As políticas culturais no Estado español experimentaron unha notable evolución ao longo das últimas décadas, condicionadas por factores derivados dos cambios de réxime político, as transformacións socioeconómicas e a progresiva descentralización territorial. Este apartado ofrece unha visión panorámica da historia e os trazos fundamentais das políticas culturais en España, centrándose en aspectos clave referidos aos obxectivos e características principais, ás diferentes etapas históricas, ao papel da Constitución de 1978 na configuración do modelo cultural, ao mapa das institucións culturais ou aos principais desafíos aos que se enfronta o sector na actualidade.

O texto analiza os obxectivos e características esenciais das políticas culturais españolas, que evolucionan desde a preservación do patrimonio e a promoción do acceso á cultura, véndose influenciadas polos debates como o equilibrio entre a identidade nacional común e a diversidade cultural das distintas nacionalidades e rexións. A continuación, realízase un percorrido polas principais etapas históricas, dende o franquismo ata a actualidade, salientando os fitos e tendencias que marcaron a acción cultural nos sucesivos gobernos.

Un apartado específico céntrase no impacto da Constitución de 1978 sobre o modelo cultural español, ao recoñecer o dereito á cultura e impulsar unha descentralización competencial que outorgou un papel protagonista ás comunidades autónomas e ás entidades locais. Seguidamente, analízase o mapa heteroxéneo das institucións culturais, dende os grandes equipamentos de titularidade estatal ata as redes de centros cívicos e bibliotecas municipais, pasando polas fundacións e asociacións que conforman o terceiro sector.

USC SANTIAGO

O apartado tamén aborda os principais desafíos que enfrontan as políticas culturais na actualidade, como a necesidade de atopar un equilibrio entre a sustentabilidade económica e o respecto á diversidade cultural, a urxencia de repensar os mecanismos de axuda pública ás industrias culturais ou a esixencia dunha maior participación cidadá na toma de decisións. Finalmente, repásanse algunhas das iniciativas máis salientables dos últimos anos, tanto a nivel estatal como autonómico e local, e afóndase no caso específico de Galicia e o modelo propio de política cultural.

En definitiva, este apartado ofrece unha síntese das claves históricas e conceptuais que permiten comprender a complexidade e diversidade das políticas culturais no Estado español, así como os retos e oportunidades que enfrontan nun contexto de cambio acelerado como o actual. Unha panorámica necesaria para contextualizar e interpretar as tendencias e debates que marcarán o futuro do sector cultural no noso país.

1.3.1 Obxectivos e características principais

As políticas culturais implementadas polas diversas administracións públicas en España teñen como obxectivos principais a preservación do patrimonio cultural e a promoción do acceso á cultura (Fernández, 1991; Rubio-Arostegui et al., 2014). Non obstante, existen diferenzas na interpretación do que se considera patrimonio cultural, xa que algunhas administracións poñen o foco no material mentres que outras conceden maior importancia ao inmaterial (Ariño, 2010). Ademais, tamén hai discrepancias respecto da necesidade de preservar o referido ao conxunto do Estado ou ao das distintas identidades que conforman a diversidade cultural española (Bonet e Négrier, 2018). En canto á promoción do acceso á cultura, as diferenzas radican no tipo de manifestacións culturais que se deben apoiar e nos mecanismos para conceder e financiar dito acceso (Fernández, 1991).

Nos últimos anos, observouse unha tendencia a enfatizar a promoción da identidade nacional como eixo vertebrador das políticas culturais, especialmente nas rexións con linguas propias diferenciadas (Bouzada, 2008; Zallo, 2011). Este fenómeno intensificouse recentemente, xerando tensións entre a visión dunha identidade cultural común para o conxunto do Estado e a defensa da singularidade cultural de cada territorio (Lage et al., 2012). Unhas fricción s que se manifestaron en diversos ámbitos, como o educativo –con discrepancias sobre o papel das linguas cooficiais no sistema de ensino– ou o simbólico –con polémicas sobre a exhibición de bandeiras ou a celebración de festividades– (Lorenzo, 2017). As respostas por parte dos distintos niveis da administración foron diversas, desde a procura de puntos de encontro ata as posicións centradas en destacar os elementos diferenciais (Rius-Ulldemolins e Rubio, 2016)

A propia organización territorial do Estado español, con comunidades autónomas con competencias en materia de cultura, comporta un recoñecemento implícito da diversidade cultural do país (Ariño, 2010; Bonet e Négrier, 2018). Durante moito tempo, a protección desta diversidade entendeuse como a preservación dos trazos singulares de cada unha das culturas que compoñen a realidade española(Rubio-Arostegui e Rius-Ulldemolins, 2012). Non obstante, a partir do ano 2000, o forte incremento da inmigración implicou unha clara toma de postura nas axendas das políticas culturais, recoñecendo doutra forma a diversidade; entendida como aquela que provén de culturas alleas ás fronteiras españolas, o que se traduciu en iniciativas orientadas á integración social dos colectivos inmigrantes a través da cultura (Rey, 2010).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As políticas culturais das distintas comunidades autónomas presentan diferenzas significativas entre si, máis alá da cuestión lingüística (Linheira et al., 2018; Rius-Ulldemolins e Rubio, 2016). Por exemplo, algunhas comunidades caracterízanse por unha maior énfase no apoio ás industrias culturais –especialmente o audiovisual–, mentres que outras priorizan o apoio á creación artística non necesariamente ligada ao mercado. Tamén hai diferenzas nos modelos de xestión das institucións culturais públicas (maior ou menor grao de autonomía, formas de designación dos responsables, etc.) e no peso relativo que se outorga á cultura de proximidade fronte ás grandes infraestruturas (Soler, 2012). O fomento da creatividade cultural foi tradicionalmente outro dos piares das políticas culturais en España (Ariño, 2010; Fernández, 1991); articulándose en torno a tres eixos de actuación: a protección xurídica da propiedade intelectual, o impulso do ensino das disciplinas artísticas, e a adopción de medidas específicas de apoio ao labor creativo dos artistas (Rowan, 2010). Non obstante, a crise económica iniciada en 2008 tivo un impacto moi significativo sobre as políticas culturais, debido aos recortes nos orzamentos públicos (Rius-Ulldemolins e Díaz-Solano, 2022; Rius-Ulldemolins e Martínez i Illa, 2016); o que obrigou a repensar moitas estratexias e a buscar novas formas de financiamento e colaboración cos axentes privados e o terceiro sector (Rausell et al., 2007).

A política cultural galega tamén tivo unha especial incidencia na promoción da creación artística e a difusión exterior da cultura galega (Lage et al., 2012), pois impulsáronse diferentes programas de bolsas e axudas para a creación en diferentes disciplinas (artes plásticas, literatura, música, artes escénicas), así como residencias artísticas e espazos de exhibición como a Rede Galega de Teatros e Auditorios (Bouzada, 2008; Lorenzo, 2017). No que respecta á proxección exterior, cabe destacar fitos como a participación de Galicia como invitada de honra na Feira do Libro de Fráncfort en 2002, os actos do Ano Santo Compostelán de 1999 ou as diferentes edicións do Xacobeo, que contribuíron a situar a Galicia no panorama cultural internacional (Fernández, 1991; Lage et al., 2012).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ademais da acción institucional, o traballo desenvolvido polo tecido asociativo (Bouzada, 2008) resultou esencial para promocionar un novo modelo de política cultural, pois entidades históricas como a Real Academia Galega (fundada en 1906), o Seminario de Estudos Galegos (1923) ou as Irmandades da Fala (1916) xogaron un papel clave na defensa e promoción da lingua e a cultura propias (Fernández, 1991). Máis recentemente, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración ou a Federación de Cineclubes de Galicia convertéronse en axentes promotores da dinamización cultural do país (Lage et al., 2012; Lorenzo, 2017).

Un aspecto especialmente relevante das políticas culturais en Galicia é o papel que xogan os concellos e deputacións provinciais, en tanto que son as administracións máis próximas á cidadanía e, por tanto, as que xestionan unha parte moi significativa dos equipamentos e servizos culturais (Bouzada, 2008; Lage et al., 2012). De feito, segundo os datos do Ministerio de Cultura, en 2016 os concellos galegos executaron o 56,5% do gasto público en cultura, moi por encima da media estatal (50,8%) (Ministerio de Cultura y Deporte del Gobierno de España, 2021) a través de plans e programas culturais innovadores, que buscan democratizar o acceso á cultura e potenciar a participación cidadá, o desenvolvemento comunitario e a cohesión social a través da acción cultural (Lage et al., 2012; Lorenzo, 2017).

Un exemplo salientable é o programa "Cultura nos Barrios" do Concello de Vigo, que dende 1991 desenvolve actividades culturais e artísticas −cun enfoque de proximidade e participación veciñal− nos centros cívicos e espazos públicos das diferentes parroquias e barrios da cidade (Bouzada, 2008). Outro caso de interese é o Plan Estratéxico da Cultura da Coruña 2010-2015, elaborado a través dun proceso participativo que implicou a máis de 600 persoas e 150 entidades; e que situou á cultura como eixo transversal das políticas municipais, apostando por un modelo de xestión colaborativa e comunitaria, con iniciativas como a Rede de Centros Cívicos, a Casa das Linguas ou o Orzamento Participativo da Cultura (Lage et al., 2012). Outros exemplos que merecen destacarse son o proxecto "Cultura no Camiño" da Deputación de Lugo, que dende 2016 promove a programación cultural nos concellos rurais próximos ao Camiño de Santiago, como unha estratexia para fixar poboación no territorio, dinamizar o tecido sociocultural e poñer en valor o patrimonio e as tradicións locais (Bouzada, 2008; Lorenzo, 2017), ou a Rede Cultural da Deputación de Pontevedra, creada en 2005 para apoiar os concellos da provincia na programación e difusión das actividades culturais a través da xestión de espazos como o Castelo de Soutomaior ou o Centro Cultural Quinta de San Rafael, e a promoción de circuítos de música, teatro, danza e exposicións polos diferentes municipios (Lage et al., 2012)

Tamén cómpre sinalar a relevancia das políticas culturais urbanas, pois en Galicia experimentaron un notable pulo nos últimos anos da man do novo "municipalismo de cambio". Así, concellos como A Coruña, Santiago de Compostela ou Ferrol, gobernados por coalicións de esquerda, apostaron por un novo modelo de xestión pública da cultura baseado na descentralización, a transparencia e a participación cidadá. No caso concreto do Concello de Santiago de Compostela, a política cultural (2015-2019) articulouse ao redor de catro eixos: o dereito á cultura, a cogovernanza e xestión comunitaria, as comunidades creativas e a innovación dixital. Entre as iniciativas máis destacadas estiveron os Encontros Cidade Aberta, os orzamentos participativos en cultura ou a rehabilitación colaborativa do barrio de Vista Alegre. No caso do concello de Ferrol destácase o programa "Ferrol Cidade Aberta", posto en marcha en 2016 para impulsar a transformación urbana e cultural da cidade a través de procesos colaborativos, con iniciativas como un Laboratorio Urbano no barrio da Magdalena, residencias artísticas en espazos singulares ou o Festival de Arquitectura FETSAC. E, finalmente, no

concello da Coruña, destácase o proxecto "Coidando Cultura" que busca aplicar a perspectiva dos coidados ás políticas culturais municipais, poñendo o foco nas necesidades das persoas, a sustentabilidade da vida e o dereito á cidade, a través dun mapeado colaborativo dos espazos e axentes culturais, un programa de actividades nos centros cívicos e unha liña de axudas para proxectos culturais con impacto social (Lorenzo, 2017).

Neste sentido, e pese ás diferencias existentes entre os distintos concellos e territorios, as políticas culturais locais en Galicia caracterízanse por unha crecente aposta pola proximidade, a participación e a sustentabilidade (Bouzada, 2008; Lage et al., 2012); un modelo cultural que difire notablemente doutros máis tradicionais, baseados na mera difusión e consumo pasivo de cultura. É por iso que moitos municipios están a impulsar estratexias que entenden a cultura como un dereito, unha ferramenta de transformación social e unha panca para o desenvolvemento local sustentable (Lorenzo, 2017). A pesar dos importantes avances experimentados nas últimas décadas, as políticas culturais en Galicia non estiveron exentas de debilidades e contradicións (Bouzada, 2008), pois a falta dun financiamento estable e suficiente, a excesiva dependencia das subvencións públicas, a atomización e a falta de coordinación entre axentes ou a necesidade de maior transparencia e participación cidadá constitúen algúns dos principais desafíos aos que se enfrontou o sector cultural galego (Lage et al., 2012)

Así mesmo, tal e como xa se expuxo con anterioridade, a crise económica iniciada en 2008 comportou un importante retroceso nos orzamentos e recursos destinados á cultura, obrigando a repensar as estratexias e os programas que se estaban desenvolvendo (Lorenzo, 2017). Mentres, o actual contexto de globalización cultural esixe atopar novas solucións para garantir o equilibrio entre a preservación da identidade propia e a proxección exterior, entre a defensa da diversidade e o diálogo intercultural (Bouzada, 2008); impulsando iniciativas como a candidatura de Galicia a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, pois pretenden compatibilizar o valor universal da cultura galega coa reafirmación da súa singularidade (Lage et al., 2012).

Mirando ao futuro, un dos grandes retos das políticas culturais en Galicia pasa por atopar unha harmonía entre a proxección exterior da cultura galega e o fortalecemento do tecido cultural local, entre a aposta pola innovación e a creatividade e a protección do patrimonio e a memoria colectiva, entre a lexítima defensa da identidade propia e a apertura ao diálogo intercultural (Bouzada, 2008; Lorenzo, 2017); de aí a necesidade de avanzar cara á definición dun marco de cooperación cultural multinivel, que permita aproveitar as sinerxías entre as estratexias autonómicas e locais desde o respecto ás singularidades e atendendo ás necesidades de cada territorio (Lage et al., 2012). Cómpre tamén impulsar modelos de xestión cultural máis abertos, flexibles e participativos, que impliquen a toda a cidadanía e contribúan a construír comunidades máis cohesionadas, creativas e resilientes (Bouzada, 2008; Lorenzo, 2017). Nesta liña, pódense identificar algunhas posibles liñas de traballo como serían a creación de espazos estables de encontro e cooperación entre os diferentes axentes culturais do territorio; o impulso de procesos de planificación estratéxica a escala comarcal ou metropolitana; a posta en marcha de programas de formación, capacitación e acompañamento para axentes e entidades culturais locais; a experimentación con novos modelos de gobernanza e xestión comunitaria dos espazos e equipamentos culturais; ou o aproveitamento das oportunidades que ofrecen as TIC e a innovación dixital para a creación, difusión e acceso á cultura, especialmente no ámbito rural e nos colectivos máis vulnerables (Bouzada, 2008; Lage et al., 2012; Lorenzo, 2017)

En definitiva, trátase de avanzar cara a políticas culturais locais máis abertas, sustentables e participativas, que fagan efectivo o dereito á cultura e a construír comunidades máis

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

cohesionadas e inclusivas (Bouzada, 2008; Lorenzo, 2017). Un reto complexo pero −ao mesmo tempo− apaixonante, no que Galicia conta coa vantaxe dunha rica tradición de traballo en rede e cooperación entre os diferentes actores do ecosistema cultural (Lage et al., 2012). Neste escenario, e pese a que aínda que queda moito camiño por percorrer, os cimentos serven para seguir construíndo un modelo de desenvolvemento cultural propio, que poña en valor a diversidade e creatividade como pobo, proxectándose con confianza cara ao futuro (Bouzada, 2008; Lorenzo, 2017).

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 2. OS PARADIGMAS DAS POLÍTICAS CULTURAIS DENDE A PEDAGOXÍA SOCIAL. ANÁLISE COMPARATIVA E PERSPECTIVAS INTEGRADORAS

No contexto actual –marcado por profundas transformacións educativas sociais, económicas, tecnolóxicas e ambientais–, a cultura emerxe como un ámbito estratéxico para repensar os modelos de desenvolvemento e cohesión social. Neste escenario, as políticas culturais cobran unha especial relevancia como ferramentas para promover o acceso, a participación e a axencia cidadá na vida cultural, entendida como un dereito básico e un vector clave para o cambio ecosocial. Con todo, estas políticas non son neutrais nin universais, senón que responden a diferentes paradigmas ou liñas de pensamento que condicionan a súa orientación, deseño e implementación.

Este capítulo ofrece unha análise en profundidade dos principais paradigmas que –desde a óptica da Pedagoxía Social– orientan as políticas culturais na actualidade. Partindo da premisa de que estes modelos encarnan distintas concepcións da cultura, do seu papel na sociedade e da súa relación coa educación, examínanse os seus fundamentos teóricos, as súas implicacións metodolóxicas e as súas consecuencias para a praxe socioeducativa e a transformación social.

En primeiro lugar, explórase o paradigma tecnolóxico, de raíces positivistas e funcionalistas, que parte dunha visión instrumental da cultura como recurso para o desenvolvemento económico, a innovación e a cohesión social. Analízanse as súas bases epistemolóxicas na teoría de sistemas e a súa plasmación en modelos tecnocráticos de xestión cultural, orientados á difusión e o consumo masivo de produtos e servizos culturais. Así mesmo, examínanse criticamente as limitacións deste enfoque para promover unha verdadeira participación cidadá e atender á diversidade de expresións e necesidades culturais nos territorios.

A continuación, abórdase o paradigma hermenéutico-interpretativo, que pon o foco na dimensión simbólica, vivencial e intersubxectiva da cultura; entendéndoa como unha trama de significados socialmente construídos. Afondando nas súas raíces fenomenolóxicas, interaccionistas e construtivistas, analízase a súa tradución en modelos de democracia cultural e desenvolvemento comunitario, baseados en metodoloxías dialóxicas e participativas como a animación sociocultural. Valóranse as súas achegas para recoñecer a axencia dos suxeitos e comunidades na creación e apropiación da cultura, pero tamén os riscos de idealización ou relativismo se non atende ás condicións estruturais.

O terceiro paradigma explorado é o socio-crítico, de matriz neomarxista e freiriana, que concibe a cultura como un terreo de loita ideolóxica e de construción de hexemonía. Analízase a súa énfase na dimensión política e dialéctica dos procesos culturais, así como a aposta por metodoloxías problematizadoras e de creación colectiva orientadas ao empoderamento dos grupos subalternos. Destácase o seu potencial para desvelar e confrontar as relacións de poder

USC DE SANTIAGO

que atravesan o campo cultural, pero tamén a necesidade de complexizar as nocións de cultura popular e emancipación social desde unha perspectiva interseccional.

Finalmente, examínase o paradigma estrutural, que −desde a teoría do discurso e o postestruturalismo− cuestiona os efectos de poder-saber que producen e lexitiman as políticas culturais hexemónicas. Analízase a proposta de deconstrución crítica dos marcos de sentido que configuran o campo cultural, ademais de explorar novos posicionamentos de enunciación e acción subversivos; ao tempo que resitúa o debate nun plano ético-político contribuíndo a desbordar os límites do pensable/desexable, pero tamén contemplando os riscos dun certo hipercriticismo discursivo desconectado das loitas materiais.

Tras esta revisión, realízase unha análise comparada das similitudes e diverxencias entre os diferentes paradigmas, atendendo ás bases ontolóxicas e epistemolóxicas e ás implicacións estratéxicas e metodolóxicas que orientan a acción sociocultural. Así mesmo, saliéntanse os principais retos, tensións e preguntas que atravesan o campo das políticas culturais no contexto actual, desde a necesidade de garantir o dereito á participación cultural en condicións de equidade, ata o desafío de articular a diversidade de axendas e actores emerxentes.

Como conclusión, arguméntase a necesidade de avanzar cara a enfoques máis complexos e colaborativos que –desde unha perspectiva de pluralismo crítico e comprometido coa sustentabilidade da vida– permitan abordar a cultura como un dereito básico e un elemento clave para a transformación ecosocial. Neste horizonte, a Pedagoxía Social, en diálogo con outros saberes e movementos emancipadores, está chamada a xogar un rol clave na construción participada de políticas culturais do común, capaces de promover dinámicas de aprendizaxe colectiva, de mediación intercultural, de creación cidadá e de innovación social.

En suma, este capítulo ofrece un mapa teórico-conceptual e unha serie de ferramentas críticas que permiten comprender e intervir reflexivamente no campo das políticas culturais desde unha óptica socioeducativa, que –sen renunciar á vocación normativa e á responsabilidade pública– aposta por resituar a cultura no centro dunha axenda emancipadora, ecoloxista e democrática. Deste modo, ábrense novas vías para repensar os fundamentos, obxectivos e metodoloxías da acción cultural en clave de xustiza social e sustentabilidade.

2.1 O BINOMIO PARADIGMAS E PEDAGOXÍA SOCIAL. CONCEPTUALIZACIÓN E CORRELACIÓN NA CONSTRUCIÓN DAS POLÍTICAS CULTURAIS

A comprensión dos paradigmas que orientan a Pedagoxía Social resulta fundamental para analizar como se conciben, deseñan e implementan as políticas culturais na actualidade. Estes marcos teóricos de referencia teñen importancia para a orientación das accións socioeducativas promovidas no ámbito da cultura, condicionando como se definen os problemas, como se establecen os obxectivos, como se seleccionan as estratexias e como se avalían os resultados.

A adopción dun enfoque paradigmático ou outro responde a posicionamentos ideolóxicos e proxectos ético-políticos diverxentes. Neste sentido, considerando o paradigma tecnolóxico, as accións socioeducativas tenderán a formularse en termos de deseño e aplicación de programas estandarizados, mentres que o enfoque hermenéutico-interpretativo porá o acento en accións que promovan a participación e o diálogo. O paradigma socio-crítico entenderá as políticas culturais como unha praxe orientada á transformación e á emancipación, mentres que o paradigma estrutural analizará as posicións subxectivas e os modos de vinculación social dos dispositivos culturais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta diversidade paradigmática, lonxe de constituír un obstáculo, representa unha oportunidade para enriquecer o debate sobre as políticas culturais e avanzar cara a enfoques máis integrais e transformadores. De aí a importancia de explicitar e someter a debate os principios nos que se sustentan as políticas socioeducativas, a fin de avanzar cara a modelos máis conscientes, coherentes e comprometidos coa xustiza social.

2.1.1 A RELACIÓN ESTRATÉXICA ENTRE A PEDAGOXÍA SOCIAL E AS POLÍTICAS CULTURAIS. MARCOS TEÓRICOS E PRÁCTICAS DE EDUCACIÓN NON INSTITUCIONALIZADA

A Pedagoxía Social, como disciplina que estuda a dimensión educativa dos procesos sociais e culturais, mantén unha estreita relación coas políticas culturais, xa que responde á natureza mesma de ambos campos de coñecemento e práctica, que comparten os procesos mediante os cales os seres humanos constrúen, transmiten e transforman os significados, valores e prácticas que configuran a súa vida en común.

As políticas culturais, entendidas como as actuacións promovidas desde as administracións públicas para regular e orientar o desenvolvemento cultural dunha comunidade, constitúen un ámbito privilexiado para analizar as interaccións entre o educativo, o social e o cultural (Caride e Pose-Porto, 2015); unhas políticas que se inscriben nun entramado complexo de relacións, actores e intereses que condicionan a formulación, implementación e os seus efectos.

Desde unha perspectiva pedagóxico-social, as políticas culturais proxectan determinadas concepcións sobre o papel da cultura na sociedade, sobre os dereitos culturais da cidadanía e sobre as relacións entre as institucións, os axentes culturais e as comunidades. De aí que cada política cultural implique –de forma explícita ou implícita– un modelo de acción socioeducativa que se materializa nas finalidades, métodos, destinatarios e criterios de avaliación (Caride, 1998). Esta dimensión pedagóxica das políticas culturais maniféstase en múltiples aspectos. En primeiro lugar, toda política cultural comporta unha determinada concepción do que é a cultura e de cal debe ser a súa función social. En segundo lugar, implican procesos de aprendizaxe, tanto individuais como colectivos; polo que a participación en actividades culturais, o contacto con diferentes expresións artísticas, o diálogo intercultural ou a implicación en proxectos creativos comunitarios constitúen experiencias educativas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social, e as institucións culturais (museos, bibliotecas, centros cívicos, teatros) funcionan como espazos educativos nos que se producen múltiples aprendizaxes de carácter cognitivo, emocional, social e ético.

En terceiro lugar, as políticas culturais teñen efectos socializadores de grande alcance, pois transmiten valores, modelos de comportamento, formas de relación e visións do mundo que contribúen a configurar as identidades individuais e colectivas. O tipo de cultura que se promove, os espazos nos que se desenvolve, os públicos aos que se dirixe e as metodoloxías que se empregan teñen profundas implicacións na construción da cidadanía e na cohesión social.

Por outra banda, a Pedagoxía Social achega ás políticas culturais marcos teóricos, principios metodolóxicos e estratexias de intervención que enriquecen e amplían o seu alcance. A través das diferentes correntes e enfoques, a Pedagoxía Social ten desenvolvido un amplo repertorio de saberes e prácticas orientados a promover a participación cultural, o desenvolvemento comunitario e a transformación social (Caride, 1997); e proporciona ferramentas conceptuais que permiten analizar criticamente as políticas culturais, desvelando

os presupostos ideolóxicos, as contradicións internas e os efectos implícitos. Ao tempo permite cuestionar as políticas que se presentan como democratizadoras pero que, en realidade, reproducen lóxicas elitistas ou proclaman a diversidade cultural. Ademais, a Pedagoxía Social ofrece metodoloxías de intervención para promover políticas culturais máis participativas, inclusivas e transformadoras. Así, a animación sociocultural achega estratexias para activar a participación cidadá e promover procesos de creación colectiva; a educación popular proporciona ferramentas para traballar con colectivos en situación de exclusión e para vincular a acción cultural coa loita pola xustiza social; e a pedagoxía comunitaria ofrece marcos para fortalecer o tecido social e xerar dinámicas de desenvolvemento endóxeno.

Esta relación bidireccional entre Pedagoxía Social e políticas culturais non está exenta de tensións e contradicións; xa que mentres que a Pedagoxía Social tende a enfatizar os procesos, a participación e a transformación social, as políticas culturais están condicionadas por lóxicas institucionais, orzamentarias e políticas que limitan o seu alcance transformador. Do mesmo xeito, mentres que a Pedagoxía Social aposta por metodoloxías flexibles e adaptadas aos contextos, as políticas culturais tenden á estandarización e á aplicación de modelos preestablecidos. Unhas tensións que, lonxe de constituír un obstáculo insalvable, se converten nun motor de innovación e mellora. É por isto que o diálogo crítico entre ambos campos permite identificar limitacións, explorar alternativas e construír propostas máis coherentes e eficaces, a fin de superar a tendencia ao activismo e á fragmentación, dotando de marcos teóricos sólidos e de estratexias de avaliación rigorosas. Pola súa banda, as políticas culturais favorecen un maior contacto coa realidade institucional e social, así como recursos e espazos para desenvolver as diferentes propostas.

En definitiva, a relación entre Pedagoxía Social e políticas culturais configúrase como un espazo de encontro, diálogo e construción conxunta que resulta fundamental para avanzar cara a modelos de acción cultural máis democráticos, inclusivos e transformadores. Unha relación que debe basearse no recoñecemento mutuo, no respecto á diversidade de enfoques e na vontade compartida de contribuír ao desenvolvemento cultural e ao benestar das comunidades.

2.1.2 A IMPORTANCIA DOS PARADIGMAS NA ORIENTACIÓN DAS ACCIÓNS SOCIOEDUCATIVAS. CONDICIONANTES TEÓRICO-METODOLÓXICOS NO ÁMBITO CULTURAL

Os paradigmas ou marcos teóricos desde os que se proxecta a Pedagoxía Social teñen unha notable importancia nas accións socioeducativas promovidas no ámbito da cultura e que afectan a todos os aspectos da intervención sociocultural: desde a definición dos problemas e necesidades que se pretenden abordar, ata a avaliación dos resultados e impactos das accións desenvolvidas.

Os paradigmas, entendidos como construtos teórico-metodolóxicos que integran supostos ontolóxicos, epistemolóxicos e axiolóxicos, funcionan como lentes a través das cales se interpreta a realidade sociocultural e orientamos a acción (Caride, 2003); polo que se configuran como estruturas de pensamento profundamente arraigadas que condicionan a forma de percibir, comprender e actuar no mundo. No ámbito específico das políticas e as accións culturais, a influencia dos paradigmas maniféstase en múltiples dimensións, pois condicionan a propia definición do que se entende por cultura e por acción cultural. Desde o paradigma tecnolóxico, a cultura tende a concibirse como un conxunto de produtos e servizos que deben ser eficientemente xestionados e distribuídos. Desde o paradigma hermenéutico-interpretativo,

enténdese como unha trama de significados compartidos que se constrúen e reconstrúen permanentemente a través da interacción social. O paradigma socio-crítico concíbea como un campo de loita ideolóxica no que se dirimen conflitos de poder e se constrúen hexemonías; e, finalmente, no paradigma estrutural analízase como un entramado de discursos que producen efectos de realidade e subxectividade.

As diferentes concepcións da cultura tradúcense en formas diversas de entender os problemas e as necesidades culturais das comunidades. Así, mentres que desde o paradigma tecnolóxico os problemas culturais formúlanse en termos de déficits de acceso ou consumo (falta de equipamentos, baixos índices de participación, escasa formación de públicos, etc.), desde o paradigma hermenéutico identifícanse como problemas de recoñecemento, participación e diálogo intercultural. O paradigma socio-crítico centra a súa atención nas desigualdades estruturais, nas relacións de dominación cultural e na falta de poder dos grupos subalternos; e o paradigma estrutural problematiza os propios discursos que definen que é un problema cultural.

A influencia dos paradigmas esténdese tamén ao establecemento dos obxectivos das políticas e accións culturais. Desde o paradigma tecnolóxico, os obxectivos formúlanse en termos cuantitativos e mensurables: incrementar o número de usuarios, mellorar os índices de satisfacción, optimizar a relación custo-beneficio. O paradigma hermenéutico-interpretativo propón obxectivos de carácter máis cualitativo e procesual: fortalecer a identidade comunitaria, promover o diálogo intercultural, facilitar a expresión creativa. Para o paradigma socio-crítico, os obxectivos están vinculados á transformación social: empoderar aos grupos excluídos, democratizar o acceso aos medios de produción cultural, construír alternativas contrahexemónicas. E o paradigma estrutural oriéntase a obxectivos de carácter máis reflexivo e deconstructivo: visibilizar os dispositivos de poder, abrir novos espazos de enunciación, experimentar outras formas de subxectivación.

Desde unha perspectiva metodolóxica, tamén existen diferencias atendendo aos distintos paradigmas. Así, o paradigma tecnolóxico privilexia estratexias de planificación racional, xestión eficiente e avaliación por resultados e aposta por metodoloxías estandarizadas, protocolizadas e replicables, que permiten un control rigoroso dos procesos e unha medición obxectiva dos impactos.

Pola súa banda, o paradigma hermenéutico-interpretativo favorece estratexias participativas, dialóxicas e contextualizadas, caracterizadas pola flexibilidade, a adaptación aos contextos e o protagonismo dos suxeitos acompañándoos nos procesos singulares de creación e apropiación cultural. A diferencia dos anteriores, o paradigma socio-crítico céntrase en estratexias de concienciación, mobilización e transformación social, impulsando metodoloxías orientadas a desvelar as contradicións sociais, xerar conciencia crítica e construír poder popular; isto é, non se trata unicamente de facilitar o acceso á cultura, senón de transformar as relacións de poder que atravesan o campo cultural. E, finalmente, o paradigma estrutural propón estratexias de análise crítica, deconstrución e experimentación, con metodoloxías orientadas a cartografar os dispositivos discursivos, identificar os seus efectos de poder e explorar liñas de fuga que permitan outras formas de pensar e actuar; en definitiva, máis que intervir directamente sobre a realidade, trátase de problematizar as propias categorías desde as que pensamos e actuamos.

Os paradigmas inflúen, por tanto, no deseño organizativo, na xestión dos programas e servizos culturais e na súa avaliación, desde as estruturas xerárquicas, especializadas e orientadas á eficiencia do paradigma tecnolóxico, ás estruturas máis horizontais, flexibles e

USC UNIVERSIDADE

participativas do hermenéutico-interpretativo, as estruturas autoxestionadas, asemblearias e vinculadas aos movementos sociais do sociocrítico e os dispositivos organizativos que cuestionen as formas convencionais de autoridade e distribución do poder do paradigma estrutural. A avaliación tamén está profundamente condicionada polos paradigmas, pois céntrase na medición de resultados cuantificables (tecnolóxico), nunha avaliación máis cualitativa e procesual (hermenéutico-interpretativo), participativa e orientada á transformación (sociocrítico) e reflexiva que interrogue os propios criterios e categorías desde os que se avalía (estrutural).

É importante subliñar que a adopción dun determinado paradigma responde a posicionamentos ideolóxicos e a proxectos ético-políticos diversos, que implican interpretacións diferenciadas da sociedade, da cultura, da educación e do cambio social; de tal modo que optar por un ou outro comporta profundas implicacións políticas e éticas. Neste sentido, decantarse polo paradigma tecnolóxico implica poñer énfase na eficiencia e na racionalidade instrumental; no diálogo e na comprensión si se opta polo paradigma hermenéutico-interpretativo; na vocación transformadora, de posicionarse no sociocrítico; ou na radicalidade deconstructiva de optar polo paradigma estrutural. Recoñecer estas tensións non implica renunciar aos paradigmas, senón asumir a necesidade dun uso reflexivo e crítico dos mesmos; de aí a importancia de explicitar e debater os principios sobre os que se formulan as políticas e accións socioeducativas, recoñecéndoos como construtos socio-históricos e non como realidades dadas.

Esta pluralidade paradigmática enriquece a complexidade dos fenómenos socioculturais, pois cada paradigma aporta elementos valiosos; de aí que o desafío resida en desenvolver a capacidade de transitar entre os paradigmas, establecendo diálogos que se complementen, construíndo sínteses creativas que aporten respostas integrais aos retos da acción sociocultural. Neste sentido, a formación dos profesionais da Pedagoxía Social debe contemplar o coñecemento crítico dos diferentes paradigmas, a comprensión das implicacións teórico-prácticas, así como o desenvolvemento competencial para un uso reflexivo e contextualizado.

En definitiva, os paradigmas constitúen ferramentas fundamentais para orientar a acción socioeducativa no ámbito cultural, pero deben ser utilizados de forma crítica, reflexiva e contextualizada. A súa importancia radica na capacidade para guiar a práctica, pero tamén no potencial para cuestionar as evidencias, abrir novos horizontes de posibilidade e contribuír á construción de políticas culturais máis democráticas, inclusivas e transformadoras.

2.2 A DIMENSIÓN CULTURAL DOS PRINCIPAIS PARADIGMAS VENCELLADOS Á PEDAGOXÍA SOCIAL. PERCORRIDO ANALÍTICO DOS ENFOQUES TEÓRICO-METODOLÓXICOS

A Pedagoxía Social, como disciplina que estuda a educación en contextos sociais diversos, ten abordado a cuestión cultural desde diferentes paradigmas teórico-metodolóxicos ao longo da súa evolución histórica. Cada paradigma parte de presupostos epistemolóxicos, conceptuais e axiolóxicos específicos que condicionan o modo de entender a relación educación-cultura-sociedade, ademais das implicacións para a praxe socioeducativa nos territorios e comunidades.

A cultura ten sido obxecto de atención preferente por parte da pedagoxía social desde as súas orixes. Autores pioneiros como Paul Natorp ou Herman Nohl puxeron de relevo a importancia dos procesos de transmisión e apropiación cultural na conformación dos individuos e as comunidades, así como o papel da educación na reprodución ou transformación das

estruturas sociais que organizan a vida colectiva. Sería a partir da segunda metade do século XX cando, ao abeiro dos intensos cambios sociais, políticos e económicos que atravesaron as sociedades occidentais, o debate sobre a dimensión cultural da pedagoxía social cobrou un novo pulo. A expansión dos medios de comunicación de masas, o crecente protagonismo do lecer, o consumo cultural, os movementos de descolonización e reivindicación identitaria, ou a progresiva globalización dos mercados e as industrias culturais, obrigaron a reformular os marcos teóricos e as estratexias de intervención neste eido. Neste contexto de profundas transformacións consolidáronse diferentes paradigmas que tratan de responder aos novos desafíos da acción cultural. Nas seguintes seccións afondaremos nas bases conceptuais, a evolución histórica, as metodoloxías características, as achegas significativas e as limitacións identificadas en cada un destes paradigmas, co obxectivo de ofrecer unha panorámica completa e rigorosa da complexidade e diversidade da dimensión cultural desde a pedagoxía social.

Esta análise pretende reconstruír os presupostos, evolución e manifestacións de cada paradigma, evidenciando tanto as súas fortalezas como as súas debilidades, a fin de estimular a reflexión crítica respecto dos modelos educativos e de xestión cultural máis acordes cos principios dunha pedagoxía social emancipadora que identifica a cultura como un factor clave para o desenvolvemento persoal, a participación cidadá e o cambio social. Unha tarefa que require dun diálogo permanente entre a teoría e a práctica, a tradición e a innovación, entre o global e o local.

2.2.1 A CULTURA DENDE O PARADIGMA TECNOLÓXICO. INSTRUMENTALIZACIÓN E EFICIENCIA NA XESTIÓN CULTURAL

O paradigma tecnolóxico constitúe un dos enfoques de maior influencia nas políticas culturais contemporáneas, configurándose como un modelo hexemónico en moitos contextos institucionais e administrativos (Caride, 1998). A súa penetración no campo da cultura e da pedagoxía social responde a dinámicas históricas complexas vinculadas aos procesos de modernización, racionalización e burocratización das sociedades occidentais.

FUNDAMENTACIÓN EPISTEMOLÓXICA E EVOLUCIÓN HISTÓRICA

Os fundamentos epistemolóxicos deste paradigma arraigan no positivismo e na teoría de sistemas (Bunge, 1980, 1983); unhas correntes de pensamento que aspiran a aplicar os métodos das ciencias naturais ao estudo dos fenómenos socioeducativos. Desde esta perspectiva, a realidade cultural é concibida como un sistema funcional composto por elementos interrelacionados que poden ser obxectivados, medidos e manipulados mediante procedementos técnicos rigorosos. Esta visión tecnocrática da cultura entronca coas teorías funcionalistas desenvolvidas por autores como Parsons ou Merton, que conciben a sociedade como un organismo no que cada parte cumpre unha función específica para o mantemento do equilibrio social (Pérez Sérrano, 1994). A cultura, desde esta óptica, desempeña funcións de integración social, transmisión de valores e redución da ansiedade, contribuíndo á estabilidade e cohesión do sistema social.

Este paradigma arráigase nos procesos de construción dos Estados-nación modernos dos séculos XIX e XX, que utilizaron as políticas culturais como unha ferramenta fundamental para forxar unha identidade nacional homoxénea e así lexitimar a autoridade das institucións estatais (Zallo, 2003, 2011, 2016, 2017). Os museos nacionais, as academias, os teatros públicos e

USC DE COMPOSTELA

outras institucións culturais foron concibidos como dispositivos para difundir os valores da modernidade, civilizar as masas populares e crear cidadáns leais ao proxecto nacional.

Durante o século XX, especialmente tras a Segunda Guerra Mundial, este modelo evolucionou cara a unha concepción máis tecnocrática e planificada da acción cultural. O desenvolvemento do Estado de benestar nos países occidentais incluíu a cultura como un servizo público máis, xunto coa educación, a sanidade ou os servizos sociais; creáronse ministerios e departamentos de cultura, deseñáronse plans estratéxicos, establecéronse sistemas de indicadores e protocolos de actuación que buscaban racionalizar e optimizar a xestión cultural.

CONCEPCIÓN INSTRUMENTAL DA CULTURA

Este modelo baséase nunha concepción marcadamente instrumental da cultura, que a reduce a un conxunto de produtos e servizos destinados a ser difundidos masivamente entre a poboación; entendéndoa como un recurso que pode ser mobilizado para acadar determinados fins: o desenvolvemento económico a través das industrias culturais e creativas, a cohesión social mediante a participación en actividades culturais compartidas, ou a proxección internacional a través da diplomacia cultural. Baixo esta perspectiva, as institucións culturais públicas e privadas tratan de garantir o acceso da cidadanía aos bens culturais desde unha lóxica que reproduce patróns de consumo pasivo e acrítico; e orientan as políticas á creación de infraestruturas culturais, á programación de actividades e espectáculos, e á formación de públicos consumidores. Establécese así unha clara división entre produtores e consumidores culturais, entre expertos e profanos, entre cultura lexítima e expresións populares ou minoritarias que quedan marxinadas ou subordinadas.

O obxectivo fundamental consiste en optimizar o funcionamento do sistema cultural, axustando os medios dispoñibles aos fins establecidos, avaliando os resultados en termos cuantitativos de rendemento, eficacia e eficiencia (Sarramona, 1984). Neste contexto de crecente racionalización, as políticas culturais teñen como obxectivo incrementar a eficiencia dos sistemas de produción e distribución cultural, captar novos públicos e nichos de mercado, e xerar retornos económicos que xustifiquen o investimento público. Os criterios de rendibilidade e optimización de recursos imponse sobre consideracións de equidade, diversidade ou participación democrática. Esta instrumentalización da cultura, que prioriza a eficiencia e a rendibilidade, contribúe a lexitimar e perpetuar as relacións de poder e a desigualdade existentes no campo cultural, desatendendo as dimensións conflitivas, dialóxicas e transformadoras das prácticas culturais, e comporta riscos significativos para valores fundamentais como a equidade no acceso aos bens culturais, a inclusión social dos colectivos máis vulnerables, a liberdade creativa dos artistas e creadores, e o desenvolvemento do pensamento crítico na cidadanía.

O paradigma tecnolóxico circunscribe a cultura a unha suma de produtos tanxibles e servizos mensurables que deben ser difundidos e consumidos polo maior número posible de cidadáns. Nesta lóxica reducionista, a democratización cultural identifícase cunha oferta cultural abundante e diversificada, centrada nas expresións da alta cultura occidental ou da cultura de masas comercial. Simultaneamente, asimílase o papel dos axentes culturais ao de técnicos especializados ou xestores profesionais que deben planificar, executar e avaliar programas de difusión ou animación cultural con criterios de racionalidade técnica (Colom, 1983, 1987). As principais características deste paradigma tecnolóxico poden sistematizarse na

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

seguinte síntese comparativa que evidencia a súa orientación instrumental e a concepción xerárquica dos procesos culturais:

Táboa 140. Características principais do Paradigma Tecnolóxico na cultura

Característica	Descrición
Concepción da cultura	Instrumental, como recurso para o desenvolvemento económico, a innovación e a cohesión social
Obxectivo principal	Difusión e consumo masivo de produtos e servizos culturais
Bases epistemolóxicas	Positivismo, teoría de sistemas
Modelo de xestión	Tecnocrático, orientado á eficiencia e a optimización de recursos
Rol da cidadanía	Receptora pasiva de bens e servizos culturais
Críticas principais	Visión reducionista e elitista da cultura, reprodución de lóxicas xerárquicas e mercantís

Fonte. Elaboración propia.

A XESTIÓN CULTURAL COMO METODOLOXÍA DE INTERVENCIÓN SOCIAL. DA DIFUSIÓN CULTURAL AO CONSUMO PASIVO COMO MODELO HEXEMÓNICO

No paradigma tecnolóxico, a xestión cultural configúrase como a principal metodoloxía de intervención social no ámbito cultural, orientándose a planificar, organizar, dirixir e avaliar proxectos e programas desde unha perspectiva marcadamente tecnocrática e instrumental. Esta visión da xestión cultural céntrase na administración eficiente de recursos humanos, materiais e financeiros, así como na consecución de obxectivos predefinidos mediante procedementos estandarizados, sen cuestionar criticamente os fins últimos nin os impactos sociais profundos das políticas culturais implementadas.

A aplicación sistemática da xestión cultural como metodoloxía dominante ten a súa orixe a partir dos anos sesenta do século XX, nun contexto de expansión económica e consolidación do Estado de benestar. Neste período prodúcese unha progresiva institucionalización e profesionalización do sector cultural, xurdindo novas figuras laborais especializadas na administración e xestión dos recursos culturais: técnicos de cultura nas administracións públicas, programadores de espazos escénicos, xerentes de equipamentos culturais, responsables de públicos e márketing, mediadores culturais, entre outros. Estes novos profesionais, formados maioritariamente en escolas de xestión e administración, trasladan ao ámbito da cultura os principios e métodos da xestión empresarial contemporánea, baseados en conceptos como eficiencia operativa, produtividade, rendibilidade económica e satisfacción do cliente-usuario. Esta xestión cultural implica unha visión ideolóxica da cultura e do seu papel na sociedade; enfatizando a racionalidade instrumental, a cuantificación de resultados e a optimización de procesos, consolidación un modelo de difusión cultural vertical e unidireccional que reproduce as lóxicas do mercado capitalista e limita significativamente a capacidade de axencia, creatividade e participación activa da cidadanía nos procesos culturais.

Este enfoque tecnolóxico da xestión cultural manifestouse en diferentes modelos operativos ao longo das últimas décadas. Así, durante os anos sesenta emerxe o modelo de democratización cultural co obxectivo de facilitar o acceso aos bens culturais hexemónicos á

USC DE COMPOSTELA

maior parte da poboación, especialmente aos sectores sociais con menor capital económico e cultural, centrándose na creación masiva de infraestruturas culturais públicas, na subvención dos prezos de entrada aos espectáculos, na descentralización territorial da oferta e na formación de novos públicos a través de programas educativos (Miralles e Saboya, 2000). Malia estes esforzos democratizadores e a súa innegable contribución á ampliación do acceso, este modelo reproducía implicitamente unha visión elitista e xerárquica da cultura que privilexiaba e lexitimaba formas culturais canónicas en detrimento doutras expresións máis populares, vernáculas ou minoritarias. Establecíase así unha distinción implícita entre a cultura lexítima que debía ser difundida e consumida, e as manifestacións culturais subalternas que quedaban invisibilizadas ou folclorizadas (Caride, 1998).

Durante as décadas dos anos setenta e oitenta xorde e consolídase o modelo de extensión cultural como unha estratexia de descentralización territorial e administrativa da acción cultural institucional; tendo como obxectivo fundamental achegar a oferta cultural ás zonas periféricas, rurais ou socialmente desfavorecidas. Un modelo que procurou adaptar parcialmente a oferta ás necesidades e demandas específicas de cada territorio, fomentando a participación da poboación local na programación e o desenvolvemento das actividades, aínda que de modo limitado, tutelado e dirixido desde as instancias técnicas e políticas (Sepúlveda, 2007). Porén, malia as súas intencións descentralizadoras, adoeceu dun marcado paternalismo institucional e dun enfoque asistencialista que reproducía unha visión folclórica, esencialista e estereotipada das culturas populares e locais, pois as comunidades receptoras seguían sendo concibidas como públicos pasivos necesitados de elevación cultural, sen recoñecer plenamente a súa capacidade creativa autónoma nin o valor intrínseco das súas propias expresións culturais (Caride, 1998).

Máis recentemente, desde os anos noventa ata a actualidade, desenvolveuse o modelo de márketing cultural que aplica sistematicamente técnicas e estratexias mercadotécnicas ao ámbito da produción, distribución e consumo cultural. O obxectivo explícito é influír nas decisións de consumo cultural e nos hábitos culturais da poboación mediante técnicas de segmentación de públicos, posicionamento de produtos, comunicación persuasiva e fidelización de usuarios (Colbert, 2014; Colbert e Cuadrado, 2003). Un enfoque que instrumentaliza abertamente a cultura ao servizo de intereses comerciais e económicos, primando os criterios de rendibilidade financeira, retorno do investimento e sustentabilidade económica sobre valores fundamentais como a equidade no acceso, a diversidade cultural, a experimentación artística ou a función social emancipadora da cultura (Yúdice, 2019). Como sinalaron Horkheimer e Adorno (2006) na súa análise da industria cultural, estas dinámicas contribúen a crear falsas necesidades e a manipular as conciencias mediante produtos culturais estandarizados.

A progresiva mercantilización da cultura baixo o paradigma tecnolóxico comporta importantes consecuencias negativas en clave de equidade social, diversidade cultural e participación democrática. Por unha banda, contribúe a acentuar as desigualdades preexistentes no acceso aos bens e servizos culturais, xa que os sectores con menor capital económico e cultural quedan progresivamente excluídos dos circuítos culturais mercantilizados. Por outra, promove unha homoxeneización dos contidos culturais segundo criterios de rendibilidade comercial, empobrecendo a diversidade de expresións culturais e limitando a experimentación e a innovación artística. Finalmente, reduce a autonomía e capacidade de decisión dos creadores e xestores culturais, sometidos a imperativos económicos e lóxicas de mercado alleas aos valores intrínsecos da cultura.

Nas últimas décadas, este paradigma tecnolóxico experimentou unha notable evolución ao abeiro das novas tecnoloxías dixitais e a globalización económica, dando lugar a fenómenos

complexos como a expansión das industrias culturais transnacionais, a cultura de masas globalizada ou o consumo cultural online mediante plataformas dixitais. Con todo, malia estas transformacións tecnolóxicas e organizativas, seguen primando os criterios de eficiencia técnica e rendibilidade económica sobre as dimensións educativas, participativas, comunitarias e transformadoras da cultura.

Neste contexto de hexemonía do paradigma tecnolóxico, a pedagoxía social insiste na necesidade de desenvolver modelos alternativos de xestión cultural que superen a racionalidade instrumental dominante e poñan no centro as dimensións educativas, dialóxicas e emancipadoras da acción cultural. Trátase de promover a capacitación crítica, a autonomía creativa e o empoderamento individual e colectivo da cidadanía na creación, interpretación e apropiación dos bens culturais, superando o rol pasivo de meros consumidores ao que os relega o modelo tecnolóxico dominante.

A continuación preséntase unha análise detallada da metodoloxía de xestión cultural e a súa concreción en diferentes modelos operativos que se foron desenvolvendo ao longo das últimas décadas:

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 141. Metodoloxía e modelos culturais dende o Paradigma Tecnolóxico

Metodoloxía de Xestión Cultural			
A xestión cultural xurdiu nos anos 60 como unha metodoloxía tecnocrática para planificar, organizar e avaliar proxectos culturais. Centrándose na eficiencia e na consecución de obxectivos predefinidos, esta aproximación aplica principios empresariais á cultura. Malia buscar optimizar procesos, foi criticada por reproducir lóxicas de mercado que poden limitar a participación cidadá e reducir a cultura a unha mercadoría, desatendendo o seu potencial transformador.			
Modelos de Xestión Cultural			
Aspecto	Democratización Cultural	Extensión Cultural	Márketing Cultural
Orixe / Época	Anos 60	Anos 70-80	Anos 90-00
Obxectivo principal	Facilitar o acceso aos bens culturais	Descentralizar a acción cultural	Influír nas decisións de consumo cultural
Características principais	Crea e estender infraestruturas culturais Reduce prezos Forma novos públicos	Adapta a oferta ás necesidades locais Fomenta participación limitada da poboación local	Aplica técnicas de márketing á cultura Segmenta públicos Adapta a oferta aos gustos de cada grupo
Limitacións	Visión elitista e xerárquica da cultura Separación entre creadores e receptores Non fomenta a participación activa	Paternalismo e asistencialismo Visión folclórica das culturas populares Participación limitada a rol de espectador	Instrumentaliza a cultura Prima a rendibilidade económica Pode manipular preferencias culturais Acentúa desigualdades de acceso

Fonte. Elaboración propia.

CRÍTICAS AO PARADIGMA TECNOLÓXICO DENDE A PEDAGOXÍA SOCIAL. LIMITACIÓNS DA VISIÓN INSTRUMENTAL DA CULTURA

Desde a pedagoxía social, o paradigma tecnolóxico foi sometido a unha profunda revisión crítica que cuestiona os presupostos epistemolóxicos e as súas implicacións prácticas para unha acción sociocultural verdadeiramente transformadora. Diversos autores e autoras vinculados á pedagoxía social teñen desenvolvido análises rigorosas que evidencian as múltiples limitacións e contradicións deste enfoque tecnolóxico-instrumental cando se aplica ao complexo ámbito da cultura e a educación social.

Caride (1997, 2005) sinala que o modelo tecnolóxico parte dunha concepción profundamente reducionista da cultura, centrada case exclusivamente nos aspectos máis tanxibles, cuantificables e mensurables dos fenómenos culturais. Esta visión instrumental, que aborda a cultura como un mero produto de consumo ou un recurso económico, ignora ou minimiza as dimensións simbólicas, vivenciais, afectivas e identitarias dos procesos culturais, que constitúen precisamente o núcleo esencial da experiencia cultural humana. Ao reducir a cultura a cifras, estatísticas e indicadores de xestión, pérdese a comprensión da súa complexidade intrínseca e do seu papel fundamental na construción de sentido e na configuración das identidades individuais e colectivas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por outra banda, Pérez-Sérrano e Pérez de Guzmán (2006) critican a tendencia do paradigma tecnolóxico a homoxeneizar e estereotipar aos públicos culturais, concibíndoos como masas indiferenciadas de consumidores pasivos. Esta visión desatende gravemente a pluralidade de identidades, traxectorias vitais, necesidades específicas e aspiracións diversas que coexisten en calquera comunidade. Ao aplicar estratexias estandarizadas e programas uniformes, ignórase a riqueza da diversidade cultural e reprodúcense patróns de exclusión que afectan especialmente aos colectivos máis vulnerables ou culturalmente minoritarios.

Unha das críticas máis sólidas refírese ao modelo xerarquizado e unidireccional da acción cultural que promove o paradigma tecnolóxico. Como indica Caride (1997), este enfoque baséase na difusión vertical de contidos culturais preestablecidos por expertos e institucións, relegando á cidadanía a un papel meramente receptivo e pasivo; unha concepción que reproduce e amplifica as distancias socioculturais existentes entre produtores e consumidores de cultura, entre expertos e profanos, entre cultura lexítima e culturas subalternas, ao tempo que desatende o potencial educativo, creativo e participativo das prácticas culturais como espazos privilexiados de encontro intersubxectivo, diálogo intercultural e creación colectiva de significados compartidos.

Sáez Carreras (1989) denuncia o enfoque excesivamente burocrático que caracteriza ao paradigma tecnolóxico, pois concibe as políticas culturais desde unha perspectiva reducida de xestión eficiente dos recursos públicos. Esta visión tecnocrática esquece ou minimiza as dimensións ético-políticas fundamentais da acción cultural pública, así como a necesidade de promover procesos xenuínos de participación cidadá na definición, implementación e avaliación das políticas culturais. Baixo esta lóxica, a participación cultural convértese nun ben de consumo selectivo das elites culturais, mentres que se limita severamente a capacidade de apropiación creativa e resignificación crítica da cultura por parte do conxunto da cidadanía. Así, segundo Caride e Pose-Porto (2015), tende a desarticular a cultura dos procesos máis amplos que promoven o desenvolvemento comunitario integral e a transformación social; e concibe a cultura como un sector illado e especializado, limitando as conexións con outras dimensións da vida social como a educación, a saúde comunitaria, o desenvolvemento económico local, a sustentabilidade ambiental ou a participación política. Unha fragmentación sectorial que impide desenvolver estratexias integrais que aproveiten o potencial da cultura como motor de cambio social.

Pose-Porto (2006) sinala que o paradigma tecnolóxico carece dunha perspectiva crítica sobre as relacións de poder, dominación e desigualdade estrutural que atravesan transversalmente o campo cultural. A cultura preséntase como un ámbito neutro e consensual, naturalízanse as expresións culturais hexemónicas das clases dominantes mentres se marxinan, invisibilizan ou folclorizan as culturas populares, indíxenas, mígrantes ou subalternas. Deste modo, reprodúcense acriticamente as xerarquías simbólicas existentes e perpetúase a exclusión cultural de numerosos sectores da poboación que non se recoñecen nas formas culturais lexitimadas. Con todo, téndese a unha crecente mercantilización e espectacularización da cultura baixo o paradigma tecnolóxico, tal e como denuncian Caride e Pose-Porto (2015), ao instrumentalizar a cultura ao servizo exclusivo de intereses comerciais e económicos por enriba da equidade social, a accesibilidade universal, a diversidade cultural ou a función emancipadora da cultura. Neste sentido, a cultura concibida como recurso económico desconéctase perigosamente dos problemas reais, as necesidades sentidas e as aspiracións lexítimas das comunidades (Yúdice, 2019); unha desconexión que xera frustración, desafección e desconfianza na cidadanía.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En definitiva, a pedagoxía social cuestiona radicalmente a hexemonía do paradigma tecnolóxico no campo das políticas culturais, demandando enfoques alternativos que recoñezan plenamente a complexidade multidimensional e a diversidade intrínseca dos procesos culturais. Estes novos enfoques deben promover unha cidadanía culturalmente activa, crítica e creativa, capaz de participar protagonicamente na definición e construción da vida cultural das comunidades. Así mesmo, deben contribuír decididamente a favorecer unha democratización profunda e substantiva da cultura, entendida como redistribución real do poder cultural e como unha estratexia de recoñecemento da diversidade de saberes, expresións e prácticas culturais presentes na sociedade.

Fronte ás evidentes limitacións do modelo tecnolóxico hexemónico, a pedagoxía social avoga por políticas culturais alternativas baseadas nunha concepción ampla, plural e dialóxica da cultura, que faciliten a participación cidadá activa en todos os momentos do ciclo cultural, desde a creación ata a avaliación, pasando pola programación e a xestión. Unhas políticas que atendan prioritariamente ás necesidades culturais específicas e ás potencialidades creativas dos diferentes territorios e comunidades, especialmente daqueles máis desfavorecidos ou periféricos, integrándoos nos procesos de acción cultural que impulsan o desenvolvemento da comunidade. Só desde unha aproximación crítica, reflexiva e transformadora será posible articular políticas culturais con auténtica vocación educativa, participativa e cidadá, superando o reducionismo tecnolóxico dominante (Caride, 2003; Pérez-Sérrano, 1994; Sáez Carreras, 1997).

2.2.2 A CULTURA DENDE O PARADIGMA HERMENÉUTICO-INTERPRETATIVO. CONSTRUCIÓN DIALÓXICA DE SIGNIFICADOS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL

O paradigma hermenéutico-interpretativo xorde nas ciencias sociais e humanas como unha alternativa radical aos enfoques positivistas que dominaron o panorama académico durante boa parte do século XX. Fronte á pretensión de obxectividade absoluta e a procura de leis universais propias das correntes empiristas, este paradigma pon o acento na comprensión profunda dos significados que os suxeitos outorgan ás súas accións e ao mundo que os rodea, recoñecendo a natureza fundamentalmente interpretativa da experiencia humana (González-Monteagudo, 2000).

FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E BASES FILOSÓFICAS

Os fundamentos filosóficos do paradigma hermenéutico-interpretativo atópanse en diversas tradicións de pensamento que, desde finais do século XIX, reivindicaron a especificidade irredutible das ciencias sociais e humanas fronte ao modelo positivista imperante nas ciencias naturais. Estas correntes compartiron a convicción de que os fenómenos humanos e sociais non poden ser explicados mediante leis causais universais, senón que requiren métodos comprensivos que atendan á dimensión significativa da acción humana.

A tradición hermenéutica, iniciada por Wilhelm Dilthey (1944, 1945) e continuada por pensadores como Heidegger, Gadamer, Ricoeur ou Taylor, constitúe unha das influencias máis decisivas neste paradigma. Dilthey estableceu a distinción fundamental entre as ciencias da natureza, que procuran a "explicación" (erklären) mediante leis causais, e as ciencias do espírito, que buscan a "comprensión" (verstehen) do sentido das accións humanas. Para a hermenéutica, a realidade sociocultural non pode ser explicada en termos de relacións

USC DE COMPOSTELA

mecánicas de causa-efecto, senón que require unha interpretación contextualizada do sentido das accións humanas no seu marco histórico, cultural e valorativo específico.

A fenomenoloxía, formulada inicialmente por Edmund Husserl (2012) e desenvolvida no ámbito sociolóxico por Alfred Schütz (1972), representa outra influencia fundamental. A fenomenoloxía centra a súa atención na experiencia vivida dos suxeitos tal e como se presenta á súa conciencia, poñendo entre paréntese os presupostos teóricos e as nocións preconcibidas que puidesen distorsionar a comprensión dos fenómenos. Desde esta perspectiva, a realidade social non é algo dado obxectivamente, senón o resultado das definicións, interpretacións e tipificacións que fan os individuos na súa interacción cotiá, constituíndo o que Schütz denominou o "mundo da vida" (Lebenswelt) que acontece na experiencia ordinaria.

O interaccionismo simbólico, que ten as súas orixes no pragmatismo norteamericano de George Herbert Mead e posteriormente sistematizado por Herbert Blumer (1982), achega unha terceira perspectiva fundamental. Para o interaccionismo, a sociedade consiste nunha rede dinámica e fluída de interaccións mediadas por símbolos e significados compartidos. As persoas non reaccionan mecanicamente aos estímulos do medio, senón que actúan sobre os obxectos (físicos, sociais ou abstractos) en función dos significados que estes teñen para elas, significados que xorden e modificanse continuamente como resultado dun proceso activo de interpretación no marco da interacción social (Caballero, 2006).

A socioloxía comprensiva de Max Weber tamén exerceu unha influencia determinante na configuración deste paradigma. Weber desenvolveu o concepto de "acción social" como conduta humana dotada de sentido subxectivo e orientada cara a outros, establecendo unha tipoloxía de accións (racional con arranxo a fins, racional con arranxo a valores, afectiva e tradicional) que permite comprender a complexidade das motivacións humanas. A súa noción de "tipos ideais" como instrumentos heurísticos para a comprensión da realidade social foi fundamental para o desenvolvemento metodolóxico das ciencias interpretativas.

A partir destes presupostos filosóficos e epistemolóxicos, o paradigma hermenéutico-interpretativo sostén que non é posible coñecer a realidade sociocultural á marxe dos suxeitos que a viven, interpretan e constrúen cotidianamente. Fronte á pretensión positivista dunha observación neutral, obxectiva e descontextualizada, postula a necesidade de comprender "desde dentro" o universo simbólico dos actores sociais, atendendo ás súas motivacións subxectivas, valores culturais e marcos de sentido específicos (Sabucedo et al., 1997). Isto implica recoñecer a natureza intencional, reflexiva e creativa da acción humana, así como o carácter situado, contextual e historicamente condicionado de todo coñecemento social.

A CULTURA COMO CONSTRUCIÓN INTERSUBXECTIVA DE SIGNIFICADOS

Desde a perspectiva hermenéutico-interpretativa, a realidade sociocultural deixa de concibirse como unha entidade externa, obxectiva e independente do suxeito cognoscente, para entenderse como unha construción intersubxectiva mediada polos valores, crenzas, tradicións e experiencias das persoas que a habitan e interpretan continuamente (Geertz, 2011). O foco de atención desprázase así desde as estruturas obxectivas e os feitos sociais medibles cara aos universos simbólicos e as tramas de sentido que os individuos e grupos elaboran na súa interacción cotiá, considerándoos como a chave fundamental para comprender os fenómenos culturais na súa complexidade, singularidade e dinamismo intrínseco.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

A cultura, desde esta óptica, non se concibe como un conxunto pechado e estático de valores, normas e crenzas que se transmiten mecanicamente dunha xeración a outra, senón

como unha rede dinámica de significados compartidos intersubxectivamente que se constrúen, negocian e reconstrúen de forma continua a través da interacción social. Máis que un sistema coherente e unificado, a cultura enténdese como unha "trama de significados" aberta, plural e en permanente reelaboración, a partir da capacidade reflexiva e creativa dos actores sociais para interpretar criticamente a súa realidade e proxectar novos horizontes de sentido (Caride e Meira, 1996). Esta concepción dinámica e plural da cultura implica recoñecer que os seres humanos non son simples portadores pasivos dunha cultura herdada, senón axentes activos na súa produción, reprodución e transformación. Cada individuo ou grupo social interpreta e reelabora os elementos culturais dispoñibles desde a súa posición específica, as súas experiencias particulares e os seus intereses concretos, xerando variacións, innovacións e mestizaxes que enriquecen e complexizan continuamente o panorama cultural.

No eido específico da pedagoxía social, a asunción plena deste paradigma supuxo un cambio radical de enfoque tanto no plano epistemolóxico como no metodolóxico (Caride, 2005), xa que se pasou dunha concepción da intervención socioeducativa como aplicación técnica e planificada "desde fóra" de programas deseñados por expertos para lograr obxectivos predefinidos de cambio condutual ou actitudinal a unha comprensión da acción pedagóxico-social como proceso dialóxico e participativo que parte dos saberes, experiencias, inquedanzas e potencialidades dos propios suxeitos para promover dinámicas endóxenas de desenvolvemento persoal e transformación social.

A animación sociocultural, como expresión metodolóxica privilexiada deste paradigma no campo da pedagoxía social, pasa a entenderse como unha praxe fundamentalmente dialóxica e participativa orientada a activar as capacidades creativas, expresivas e organizativas da cidadanía. Trátase dun proceso de construción colectiva da cultura que transcende radicalmente a simple difusión vertical ou o consumo pasivo de produtos culturais predefinidos por instancias expertas ou institucionais (Trilla, 1988). O obxectivo fundamental non é tanto "levar a cultura" a unha poboación considerada carente ou deficitaria dela, senón xerar as condicións pedagóxicas, organizativas e relacionais necesarias para que as persoas e comunidades se recoñezan como suxeitos culturais activos, portadores de saberes valiosos, creadores de expresións propias e protagonistas da súa historia cultural.

Considerando esta perspectiva hermenéutico-interpretativa, toda acción sociocultural auténtica debe partir do recoñecemento e valoración do universo cultural dos participantes: das experiencias vitais acumuladas, dos coñecementos prácticos e teóricos, das habilidades expresivas, así como dos intereses, desexos e proxectos de futuro (Ander-Egg, 1992). Un recoñecemento inicial que permitirá establecer un diálogo igualitario, horizontal e mutuamente enriquecedor entre os saberes académicos ou expertos e os saberes populares ou experienciais, entre os marcos de referencia dos animadores ou educadores e os das comunidades coas que traballan, xerando procesos de aprendizaxe significativa, relevante e socialmente transformadora. Os trazos fundamentais que caracterizan este paradigma hermenéutico-interpretativo na súa aplicación á cultura resúmense no seguinte cadro analítico:

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 142. Características principais do Paradigma Hermenéutico-Interpretativo

Característica	Descrición
Concepción da cultura	Construción intersubxectiva de significados, énfase na dimensión simbólica e vivencial
Obxectivo principal	Participación activa na creación e apropiación da cultura
Bases epistemolóxicas	Fenomenoloxía, interaccionismo simbólico, construtivismo
Modelo de xestión	Democracia cultural, desenvolvemento comunitario
Rol da cidadanía	Axente activo na construción colectiva de sentido
Críticas principais	Risco de idealización ou relativismo cultural, dificultade para incidir nas estruturas

Fonte. Elaboración propia.

IMPLICACIÓNS METODOLÓXICAS PARA A INVESTIGACIÓN E A ACCIÓN CULTURAL

A adopción do paradigma hermenéutico-interpretativo ten profundas implicacións metodolóxicas tanto para a investigación dos fenómenos socioculturais como para o deseño e implementación de políticas e programas de acción cultural. No ámbito da investigación social, este enfoque oriéntase cara á comprensión en profundidade dos significados subxectivos e intersubxectivos que as persoas asignan ás súas prácticas culturais e aos fenómenos do seu contorno, empregando métodos cualitativos como a observación participante, as entrevistas en profundidade, as historias de vida ou a análise hermenéutica de discursos e narrativas (Trilla, 1988).

O obxectivo da investigación interpretativa non é xeneralizar nin predicir condutas futuras mediante leis universais, senón captar a singularidade, complexidade e riqueza dos escenarios socioculturais concretos, así como os procesos dinámicos de interpretación, negociación e transformación de significados que neles teñen lugar continuamente. Isto require do investigador unha actitude de apertura, flexibilidade e sensibilidade cara ás perspectivas dos actores sociais, evitando impoñer categorías preconcibidas e permitindo que emerxan as categorías e significados propios dos suxeitos estudados.

No plano das políticas e a intervención cultural, a asunción plena deste paradigma supón transitar desde unha concepción burocrática e verticalista da cultura como conxunto de produtos, obras e valores establecidos que deben ser eficientemente difundidos entre a poboación, cara a unha visión da cultura como construción colectiva, participativa e dialóxica na que todos os membros da comunidade teñen un papel activo e creativo (Trilla, 1988). Máis que obxectos de consumo cultural pasivo ou receptores de mensaxes preelaboradas, as prácticas culturais enténdense como espazos privilexiados de encontro intersubxectivo, creación compartida e recreación permanente de sentidos, nos que as persoas exercen plenamente a súa capacidade de axencia cultural. Esta reconceptualización implica promover políticas culturais radicalmente descentralizadas, plurais e participativas, que recoñezan, valoren e potencien a inmensa diversidade de identidades, saberes, linguaxes e expresións culturais presentes en cada territorio. O foco das políticas debe poñerse non na imposición dun modelo cultural homoxéneo e hexemónico, senón na facilitación de procesos endóxenos de expresión, intercambio e creación cultural protagonizados pola propia cidadanía. Isto esixe fomentar activamente o asociacionismo cultural de base, a autoorganización comunitaria, os espazos de encontro

intercultural e o diálogo horizontal entre diferentes tradicións e expresións culturais (Caballero, 2006).

Neste novo marco paradigmático, os axentes socioculturais pasan de concibirse como meros divulgadores de contidos predefinidos ou xestores técnicos de servizos culturais, a actuar como mediadores sensibles, facilitadores creativos e catalizadores de procesos comunitarios de expresión creativa, diálogo intercultural e desenvolvemento cultural endóxeno (Trilla, 1988). A súa función principal non é transmitir unha cultura lexitimada desde arriba, senón crear as condicións pedagóxicas e organizativas para que as comunidades poidan expresar, compartir e desenvolver as súas propias capacidades e proxectos culturais.

A ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL COMO METODOLOXÍA PRIVILEXIADA

A animación sociocultural constitúe a tradución metodolóxica máis característica e desenvolvida do paradigma hermenéutico-interpretativo no campo da pedagoxía social e as políticas culturais. Enténdese como un conxunto articulado de prácticas sociais e procesos educativos orientados a estimular a iniciativa, a creatividade colectiva e a participación activa e consciente da cidadanía na vida cultural da súa comunidade (Quintana, 1996; Úcar, 1997). Máis que unha simple técnica de difusión cultural ou de formación de públicos, a animación sociocultural busca fundamentalmente activar o protagonismo dos suxeitos e grupos na construción dos seus propios universos simbólicos, proxectos vitais e horizontes de sentido compartidos.

Segundo a conceptualización de Ander-Egg (1984, 1987, 1992, 1996, 2002), a animación sociocultural caracterízase por ser unha tecnoloxía social, unha práctica social específica e un instrumento de transformación social. Como tecnoloxía social, dispón dun conxunto de técnicas, procedementos e recursos metodolóxicos orientados a promover a participación. Como práctica social, constitúe un modo específico de intervención socioeducativa que se desenvolve en contextos comunitarios concretos. E como instrumento de transformación, oriéntase a xerar cambios significativos nas condicións de vida, nas relacións sociais e na conciencia dos participantes.

A animación sociocultural configúrase como unha metodoloxía de intervención complexa e multidimensional que procura integrar harmonicamente tres dimensións primordiais e interdependentes (Ventosa, 2016). A dimensión social promove activamente a participación cidadá, o asociacionismo de base e o fortalecemento do tecido social como vías fundamentais para a articulación dunha sociedade civil activa, plural, solidaria e cohesionada. A dimensión educativa estimula procesos continuos de aprendizaxe ao longo da vida, desenvolvemento persoal integral e adquisición de competencias sociais, culturais e cívicas que permiten ás persoas e colectivos afrontar de forma creativa os retos dun contorno cambiante. A dimensión cultural potencia a creatividade individual e colectiva, a expresión mediante múltiples linguaxes, o diálogo entre tradicións diversas e o acceso equitativo á cultura para o exercicio dunha cidadanía culturalmente plena e inclusiva.

Entre os obxectivos primordiais que persegue a animación sociocultural, Úcar (1992) sinala o desenvolvemento da concienciación crítica e o sentido reflexivo, co fin de que as persoas e as comunidades tomen conciencia da situación sociocultural, das potencialidades e limitacións, e acaden a autonomía necesaria para protagonizar activamente o propio desenvolvemento cultural. A participación constitúe un fin en si mesma e unha metodoloxía fundamental de intervención, xa que sen unha implicación activa, voluntaria e consciente da comunidade non

se pode falar propiamente de animación sociocultural. Outro obxectivo central é favorecer a integración social, activando procesos de cohesión comunitaria e inclusión efectiva daqueles colectivos marxinados, excluídos ou en situación de vulnerabilidade social.

A dinamización cultural promove a participación activa e creativa na vida cultural da comunidade como un factor esencial de mellora integral da calidade de vida, superando o consumo pasivo para converter os cidadáns en creadores e xestores da súa propia cultura. A animación sociocultural pon especial énfase na innovación e a creación cultural colectiva, estimulando procesos planificados e participativos de produción cultural que, partindo do substrato tradicional e o patrimonio inmaterial da comunidade, xeren respostas creativas e culturalmente pertinentes aos desafíos contemporáneos. Finalmente, require dunha certa dimensión utópica para trazar horizontes futuros esperanzadores que constitúan referentes mobilizadores da acción comunitaria transformadora.

DEMOCRACIA CULTURAL E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO

A animación sociocultural oriéntase decididamente cara ao horizonte da democracia cultural, superando cualitativamente a simple democratización do acceso aos bens culturais hexemónicos para promover unha apropiación activa, creativa e plural da cultura por parte do conxunto da cidadanía (Trilla, 1988). Mentres que a democratización cultural, característica do paradigma tecnolóxico entende que o problema fundamental é facilitar o acceso do maior número de persoas a unha cultura lexitimada e predefinida polas elites, a democracia cultural parte do recoñecemento da pluralidade de culturas, saberes e expresións existentes na sociedade e do dereito de todos os grupos a crear, expresar e compartir as súas propias formas culturais. Unha democracia cultural que implica o recoñecemento explícito e a potenciación activa da diversidade de identidades culturais, saberes tradicionais e contemporáneos, linguaxes expresivas e prácticas simbólicas presentes en cada territorio, entendendo que todas elas forman parte lexítima do patrimonio cultural común e merecen ser valoradas, apoiadas e promovidas en condicións de igualdade real (Martinell, 2020). Non se trata de establecer xerarquías entre culturas, senón de crear espazos de diálogo, intercambio e mestizaxe cultural en condicións de respecto mutuo e enriquecemento recíproco.

A realización efectiva da democracia cultural supón descentralizar as instancias de toma de decisións en materia cultural, achegándoas ao nivel local, comunitario e de proximidade, para que sexa a propia cidadanía organizada a que defina democraticamente as necesidades culturais, estableza as prioridades, deseñe os proxectos e avalíe os resultados (Font e Soler, 2015); un feito que comporta superar os modelos burocráticos e centralistas de xestión cultural para avanzar cara a formas de gobernanza participativa e corresponsabilidade entre administracións, profesionais e cidadanía.

Así mesmo, a democracia cultural implica un decidido e sostido fomento do asociacionismo cultural de base e a autoorganización social como vehículos fundamentais dunha verdadeira participación cultural que transcenda a simple recepción de produtos e actividades predeseñadas desde instancias técnicas ou políticas. As asociacións culturais, os colectivos artísticos, os grupos de creación, as plataformas cidadás e outras formas de organización social constitúen o tecido vivo da democracia cultural e deben ser apoiadas activamente mediante recursos, formación e recoñecemento institucional.

USC

Este modelo de democracia cultural conleva unha profunda reformulación dos obxectivos, contidos, metodoloxías e formas organizativas das políticas culturais (Ventosa, 2016); pasando

da creación de grandes infraestruturas e equipamentos culturais centralizados cara á dinamización de espazos de proximidade, á activación de recursos endóxenos e ao apoio a iniciativas comunitarias. Pásase dunha lóxica orientada case exclusivamente á produción profesional especializada e á difusión de produtos culturais acabados, a procesos abertos de expresión, experimentación, interacción e transformación cultural que acontecen na vida cotiá das comunidades; mudando as relacións verticais e unidireccionais entre produtores e consumidores culturais para afianzar redes horizontais e multidireccionais na que todos os actores sociais interactúen e cooperen desde os seus respectivos saberes, capacidades e roles. De aí que a democracia cultural esixa contextualizar profundamente as accións nun territorio específico, adaptándoas ás singularidades históricas, sociais, culturais e económicas de cada comunidade, evitando a aplicación mecánica de modelos importados ou estandarizados. Reivindica o valor intrínseco da cultura como dereito humano fundamental e factor clave para o desenvolvemento persoal e colectivo, máis alá da súa instrumentalización con fins económicos, políticos ou de control social (Martinell, 2020).

Paralelamente ao concepto de democracia cultural, o paradigma hermenéutico-interpretativo desenvolveu o modelo de desenvolvemento comunitario como marco integrador da acción sociocultural. Este modelo enfatiza a dimensión territorial e ecosistémica dos procesos culturais, así como a participación cidadá organizada como clave fundamental para a mellora integral das condicións de vida das comunidades (Marchioni, 2014). A cultura enténdese como unha dimensión substantiva e transversal do desenvolvemento humano sustentable, estreitamente vinculada a aspectos como a identidade colectiva, a cohesión social, a gobernanza democrática, a sustentabilidade ambiental ou a economía social e solidaria (Caride, 2005). Así, a acción cultural orientada aos procesos de desenvolvemento comunitario integral diríxese fundamentalmente cara á activación das capacidades creativas, expresivas e organizativas endóxenas da propia comunidade, superando os enfoques asistencialistas ou paternalistas que conciben ás comunidades como receptoras pasivas de servizos (Ventosa, 2016); un enfoque que require partir sempre das necesidades sentidas, demandas expresadas e potencialidades latentes do territorio, promovendo unha implicación activa e sostida da poboación en todas as fases do proceso: diagnóstico compartido e participativo da realidade sociocultural, deseño colectivo de estratexias e accións, execución cooperativa das actividades, avaliación continua e sistematización de aprendizaxes para a mellora permanente (Rodríguez-Villasante, 2009).

O obxectivo consiste en xerar dinámicas endóxenas, autoorganizadas e sostibles de transformación social integral que, ao tempo que responden a problemáticas concretas do territorio (ambientais, urbanísticas, socioeducativas, económicas, culturais), contribúan a reforzar o sentido de pertenza comunitaria, a identidade colectiva compartida e a cohesión social baseada na solidariedade e o apoio mutuo (Marchioni, 2014). Para iso, a dimensión cultural constitúe un elemento vertebrador e catalizador destes procesos, xa que a partir dos universos de significado compartidos, as narrativas colectivas e as prácticas simbólicas é como se constrúen os vínculos sociais profundos e se elaboran os proxectos colectivos de futuro. A operativización práctica destes principios teóricos materialízase a través de diferentes modelos de intervención sociocultural que se detallan na seguinte sistematización:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 143. Metodoloxía e modelos culturais dende o Paradigma Tecnolóxico

Metodoloxía de Animación Sociocultural		
A animación sociocultural xurdiu como unha metodoloxía de intervención social orientada a estimular a creatividade colectiva e a participación cidadá na vida cultural da comunidade. Centrase na activación do protagonismo dos suxeitos na construción dos seus propios universos simbólicos e proxectos vitais, promovendo unha participación consciente, crítica e creativa no desenvolvemento cultural das comunidades.		
Modelos de Animación Sociocultural		
Aspecto	Democracia Cultural	Desenvolvemento Comunitario
Orixe / Época	Década dos 80	Década dos 60-70
Obxectivo principal	Promover unha apropiación activa e plural da cultura por parte da cidadanía	Xerar dinámicas endóxenas e sostibles de transformación social
Características principais	Recoñece e potencia a diversidade cultural Descentraliza a toma de decisións en materia cultural Fomenta o asociacionismo e a autoorganización social Transita cara unha lóxica horizontal e participativa	Foco na dimensión territorial e na participación cidadá Activa as capacidades creativas e organizativas da comunidade Implica á poboación en todas as fases do proceso Vincula a cultura co desenvolvemento integral
Papel do animador	Facilitador que acompaña, estimula e dota de recursos á comunidade	Dinamizador e mediador que facilita a organización e capacitación da comunidade
Ferramentas / Métodos	Diagnósticos participativos Mapeos culturais Obradoiros creativos Accións comunitarias	Diagnósticos participativos Mapeos sociais e culturais Obradoiros e encontros creativos Mediación de conflitos Sistematización de experiencias
Funcións da cultura	Fortalecer a identidade e a memoria colectiva Promover o diálogo entre expresións culturais diversas Estimular a creatividade social e a innovación	Fortalecer a identidade e a cohesión social Estimular a creatividade e a innovación Mellorar a convivencia cidadá Fomentar a xestión sustentable do patrimonio Mellorar a calidade democrática e a gobernanza
Limitacións / Desafíos	Inercia das políticas culturais tradicionais Debilidade do tecido social Falta de vontade política Dinámicas de mercantilización da cultura	Sectorialización das políticas públicas Persistencia de enfoques asistenciais Precariedade de recursos Efectos desvertebradores da globalización

Fonte. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ACHEGAS E LIMITACIÓNS DO PARADIGMA HERMENÉUTICO-INTERPRETATIVO. POTENCIALIDADES E RISCOS DA PERSPECTIVA DIALÓXICA

O paradigma hermenéutico-interpretativo realizou contribucións fundamentais e duradeiras no plano epistemolóxico e metodolóxico para a renovación da animación sociocultural e da pedagoxía social nas últimas décadas. No plano epistemolóxico, supuxo unha ruptura definitiva cos modelos positivistas que aspiraban a un coñecemento obxectivo, neutral e universal da realidade sociocultural, aplicando mecanicamente os métodos das ciencias naturais a fenómenos de natureza distinta; uns modelos que partían de concepcións xerárquicas e instrumentais do saber que establecían unha separación absoluta entre suxeitos investigadores e obxectos investigados, entre expertos e profanos, entre coñecemento científico e saberes populares (Sabariego et al., 2004).

Fronte a estas concepcións reducionistas, o paradigma hermenéutico-interpretativo reivindica a necesidade de atender prioritariamente á dimensión subxectiva, vivencial e significativa das prácticas culturais, entendéndoas como procesos fundamentalmente dialóxicos de construción intersubxectiva de sentido nos que as persoas son suxeitos activos, reflexivos e creativos, e non simples obxectos pasivos de observación ou manipulación (Caride e Pose-Porto, 2015). Deste xeito, o foco de atención epistemolóxica desprázase das estruturas obxectivas e os comportamentos observables cara ás experiencias vividas, as percepcións subxectivas e os significados culturais que os individuos e os grupos elaboran continuamente en relación co seu contexto sociocultural, a través das interaccións cotiás cargadas de sentido. Unha reconceptualización que implica recoñecer plenamente o carácter situado, plural, dinámico e contextual de todo coñecemento sociocultural, superando definitivamente as visións estáticas, esencialistas e homoxeneizadoras da cultura como un sistema pechado e coherente de normas e valores que se impón mecanicamente ás persoas desde fóra (Geertz, 2011). A cultura concíbese, por tanto, como unha "trama de significados" aberta, polifónica e en permanente reconstrución, tecida a partir da capacidade reflexiva e creativa dos actores sociais para interpretar criticamente a súa realidade cambiante e proxectar novos horizontes de sentido e acción colectiva (González-Monteagudo, 2000).

Esta concepción holística, contextual e participativa da cultura ten derivacións metodolóxicas de grande alcance para a animación sociocultural e a pedagoxía social. Supón entender a acción socioeducativa non só como un proceso unidireccional de transmisión de coñecementos ou modificación de condutas desde unha posición de autoridade experta, senón como un proceso fundamentalmente dialóxico, horizontal e colaborativo no que as persoas educadoras e participantes constrúen e reconstrúen xuntas o coñecemento desde os respectivos saberes, experiencias e perspectivas vitais (Sáez Carreras, 1997). Isto require establecer unha relación pedagóxica baseada na horizontalidade, a proximidade afectiva, a confianza mutua e o recoñecemento recíproco, na que o animador sociocultural actúa como un facilitador sensible que estimula a reflexión crítica, cataliza o intercambio de saberes e acompaña a creación colectiva, máis que como un experto distante que transmite contidos prefixados desde unha posición de superioridade epistemolóxica (Úcar, 1997).

Así mesmo, o paradigma hermenéutico esixe situar os procesos socioeducativos no contexto sociocultural e territorial específico no que cobran sentido pleno para as persoas participantes, atendendo ás necesidades particulares, intereses diversos e potencialidades específicas (Parcerisa, 1999). Trátase de partir sempre dos universos simbólicos, códigos culturais e experiencias vitais das participantes para, desde ese recoñecemento inicial, xerar dinámicas de aprendizaxe verdadeiramente significativa que conecten organicamente coas súas

USC DE COMPOSTELA

realidades cotiás e proxectos de vida; un feito que implica incorporar a pluralidade de linguaxes expresivas, espazos de encontro e metodoloxías creativas (expresivas, lúdicas, artísticas, narrativas, performativas) que permitan mobilizar as diversas intelixencias, sensibilidades e modos de aprendizaxe presentes en calquera grupo humano (Ventosa, 2016).

Con todo, malia estas innegables e valiosas achegas, o paradigma hermenéutico-interpretativo tamén presenta certas debilidades que cómpre considerar criticamente para non caer en visións inxenuas ou parciais. Unha desas limitacións é a posible deriva cara a un certo "populismo metodolóxico" que, por un afán ben intencionado pero acrítico de revalorizar os saberes cotiáns e a cultura popular, acabe por relativizar en exceso a validez e pertinencia doutros coñecementos máis abstractos, sistemáticos ou formalizados (Trilla, 1988). Esta romantización dos saberes populares pode conlevar o descoñecemento das propias limitacións, contradicións e elementos opresivos presentes nas culturas tradicionais. Outro risco considerable ten que ver coa tentación "culturalista" de limitarse a unha recreación nostálxica e superficial das tradicións dunha comunidade, esquecendo ou minimizando as súas dimensións materiais, económicas e políticas que condicionan profundamente as posibilidades de desenvolvemento cultural (García-Canclini, 2020). A énfase excesiva nos aspectos simbólicos e expresivos pode desviar a atención das condicións estruturais de desigualdade, explotación e dominación que limitan o acceso real á cultura e a capacidade de axencia cultural dos grupos subalternos. Finalmente, tamén se ten sinalado con razón o perigo de caer nun "reducionismo localista" que –por atender prioritariamente ao próximo, singular e particular– perda de vista os condicionantes estruturais máis amplos e as dinámicas globais nas que se inscriben inescapablemente as realidades socioculturais locais (Giroux, 1990). Nun mundo globalizado e interconectado, as culturas locais non poden entenderse como entidades illadas e autosuficientes, senón como nodos dunha rede mundial de intercambios, influencias e interdependencias.

Sen esquecer as posibles tendencias a un certo "relativismo ético" que, por respectar acriticamente toda diferenza cultural baixo o manto dunha mal entendida tolerancia multicultural, acabe por validar ou lexitimar prácticas, discursos ou tradicións que atenten obxectivamente contra a dignidade das persoas, os dereitos humanos universais ou a igualdade de xénero (Pérez Tapias, 1990). O respecto á diversidade cultural non pode converterse nunha coartada para tolerar a opresión, a violencia ou a discriminación exercidas en nome da tradición ou a identidade cultural.

Para facer fronte construtivamente a estas limitacións, resulta necesario complementar e enriquecer a perspectiva hermenéutica con outras miradas críticas que acheguen unha maior atención ás dimensións conflitivas, políticas e transformadoras da cultura. Os diálogos fecundos coas teorías sociocríticas, os estudos culturais, a pedagoxía popular freireana, os enfoques decoloniais, os feminismos interseccionais e as perspectivas ecolóxicas abren suxestivos espazos de confluencia e enriquecemento mutuo (Escarbajal, 2011; Nogueiras, 1996).

En síntese, o paradigma hermenéutico-interpretativo segue constituíndo un referente fundamental para unha animación sociocultural comprometida co recoñecemento da diversidade cultural, a participación cidadá activa e o desenvolvemento comunitario endóxeno. Pero para responder adecuadamente ás necesidades e anhelos culturais dos individuos e as comunidades no complexo mundo actual, require ser permanentemente repensado, actualizado e enriquecido desde unha perspectiva crítica, dialóxica e transformadora que non renuncie aos ideais de xustiza social, igualdade e emancipación humana.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.2.3 A CULTURA DENDE O PARADIGMA SOCIO-CRÍTICO. TERREO DE LOITA HEXEMÓNICA E FERRAMENTA DE EMANCIPACIÓN SOCIAL

O paradigma socio-crítico emerxe no campo das ciencias sociais e da pedagoxía como unha corrente de pensamento transformadora que aspira a desvelar e subverter as relacións de poder, dominación e desigualdade que atravesan o campo cultural. Entendido como un espazo estratéxico de loita pola hexemonía, o ámbito cultural convértese nun terreo privilexiado onde se dirimen conflitos fundamentais sobre os sentidos, valores e modos de vida que organizan as sociedades. Fronte ás visións máis reprodutivistas, funcionalistas ou idealistas da cultura, este enfoque pon o foco nas condicións materiais e simbólicas de produción cultural, así como nas potencialidades das persoas e grupos subalternos para impugnar a orde dominante e construír alternativas emancipadoras desde posicións contextualizadas e ascendentes.

FUNDAMENTOS TEÓRICOS E EVOLUCIÓN HISTÓRICA

As raíces teóricas do paradigma socio-crítico afunden en diversas tradicións de pensamento emancipador que, desde perspectivas complementarias, coincidiron en sinalar a dimensión intrinsecamente política da cultura e o seu papel clave na reprodución ou contestación das relacións de dominación. Estas correntes teóricas enriquecéronse e renováronse ao longo do tempo mediante o diálogo cos movementos sociais e as loitas emancipadoras, configurando un marco teórico-práctico complexo e dinámico.

A teoría crítica desenvolvida pola Escola de Frankfurt constitúe unha das influencias máis decisivas na configuración deste paradigma. Xurdida nos anos trinta do século XX como resposta intelectual ao fracaso do proxecto ilustrado, ao ascenso do fascismo e á irracionalidade destrutiva do capitalismo industrial, esta corrente de pensamento desenvolveu unha crítica sistemática da modernidade capitalista. Pensadores como Max Horkheimer, Theodor W. Adorno, Herbert Marcuse, Erich Fromm ou Walter Benjamin, inspirándose no marxismo heterodoxo, a psicoanálise e a crítica cultural, elaboraron análises penetrantes sobre a razón instrumental como mecanismo de dominación e a industria cultural como aparato de produción de conciencias alienadas (Horkheimer e Adorno, 2006).

Para os frankfurtianos, a cultura non constitúe un ámbito autónomo ou neutral, senón que se identifica como un campo de batalla ideolóxico onde se constrúen e lexitiman as relacións de poder. Nesta lóxica, a industria cultural funciona como un poderoso mecanismo de control social que xera falsas necesidades, manipula as conciencias e empobrece sistematicamente a experiencia humana. Así, fronte á falsa universalidade da cultura burguesa que se presenta como neutra e desinteresada, reivindicábase a necesidade dunha teoría crítica orientada á emancipación humana e á transformación radical das condicións materiais e simbólicas de existencia; unha perspectiva que implica un cuestionamento frontal das políticas culturais baseadas na simple difusión e democratización do canon cultural establecido. Para a teoría crítica, non abonda con facilitar o acceso aos bens culturais lexitimados se non se transforman simultaneamente as relacións sociais de produción e as estruturas de poder que determinan que é a cultura lexítima e quen ten dereito a producila e gozala. Neste sentido, a verdadeira democratización cultural require unha acción política orientada a desenvolver unha conciencia crítica colectiva e unha capacidade de intervención autónoma na realidade por parte dos grupos oprimidos.

Outra influencia teórica fundamental é a do filósofo e activista italiano Antonio Gramsci, quen desde os cárceres do fascismo elaborou unha teoría sofisticada da hexemonía cultural

como complemento imprescindible da análise marxista clásica das relacións de produción (Gramsci, 2013). Para este autor, o poder das clases dominantes non se sostén exclusivamente mediante a coerción física ou a violencia directa do aparato estatal, senón que se articula a través da consecución do consentimento activo dos dominados, que se constrúe mediante a capacidade das clases hexemónicas para universalizar a visión particular do mundo, presentándoa como sentido común natural e inevitable, e para integrar subalternamente os grupos subordinados mediante concesións parciais que non cuestionan a estrutura fundamental de dominación.

A cultura convértese así nun campo estratéxico de loita política na que se dirimen os conflitos entre os diferentes proxectos hexemónicos. Para Gramsci, construír unha nova hexemonía popular require unha paciente "guerra de posicións" no seo da sociedade civil para disputar molecularmente o sentido común dominante e crear unha nova vontade colectiva nacional-popular; na que os intelectuais orgánicos das clases subalternas desempeñan un papel crucial, pois actúan como organizadores e educadores e contribúen a elevar a conciencia crítica das masas e a articular un bloque histórico alternativo. Desde esta perspectiva gramsciana, as políticas culturais deben entenderse como parte integrante desta loita pola hexemonía cultural, orientándose estratexicamente a desafiar os consensos dominantes, fortalecer os espazos autónomos de organización popular e promover unha profunda reforma intelectual e moral que transforme os modos de pensar, sentir e actuar das maiorías sociais. Non se trata só de democratizar o acceso á cultura hexemónica, senón de construír unha nova cultura popular que exprese os intereses, valores e aspiracións dos grupos subalternos.

Con todo, a influencia máis decisiva e transformadora deste paradigma no contexto latinoamericano e mundial é a da pedagoxía liberadora de Paulo Freire no marco das loitas anticoloniais, antidictatoriais e anticapitalistas dos anos sesenta e setenta; xa que, partindo da experiencia práctica de alfabetización con campesiños e obreiros no Brasil, Freire elaborou unha teoría pedagóxica e unha metodoloxía educativa comprometidas coa emancipación dos oprimidos e a transformación revolucionaria da sociedade (Freire, 1997; Gargallo Celentani, 2014); unha educación problematizadora e liberadora baseada no diálogo horizontal entre educadores e educandos, na análise crítica da realidade social e na acción transformadora sobre o mundo. Así, mediante o diálogo existencial, os oprimidos descobren as estruturas de opresión que interiorizaron e que condicionan a súa vida, recoñecéndose como suxeitos históricos capaces de transformar a realidade e comprométense na loita colectiva pola súa liberación. Unha educación que se converte nunha praxe revolucionaria orientada a transformar o mundo e a humanizar ás persoas no proceso mesmo de transformación.

Levada ao terreo das políticas e prácticas culturais, a pedagoxía do oprimido implica un xiro copernicano, pois recoñece aos suxeitos populares como creadores de cultura e non como receptores pasivos de produtos culturais alleos; unha condición que require partir dos "universos temáticos", das preocupacións vitais e dos códigos expresivos que impulsan procesos dialóxicos de decodificación crítica da realidade. Isto supón promover accións culturais transformadoras que incidan tanto no plano da conciencia como no das condicións materiais de vida, vinculando indisociablemente a dimensión cultural coa loita política pola xustiza social. Unha visión sintética dos elementos constitutivos deste paradigma socio-crítico permite identificar as súas principais dimensións teóricas e prácticas:

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 144. Características principais do Paradigma Hermenéutico-Interpretativo

Característica	Descrición
Concepción da cultura	Terreo de loita ideolóxica e construción de hexemonía, dimensión política e dialéctica
Obxectivo principal	Transformación das condicións de dominación e emancipación social
Bases epistemolóxicas	Neomarxismo, pedagoxía do oprimido (Freire)
Modelo de xestión	Acción cultural dialóxica e problematizadora, creación colectiva
Rol da cidadanía	Suxeito político protagonista do cambio social
Críticas principais	Tendencia ao reducionismo economicista, posible desconexión coas loitas concretas

Fonte. Elaboración propia.

ACHEGAS DO FEMINISMO, O ECOLOXISMO E O PENSAMENTO DECOLONIAL

O paradigma socio-crítico foi enriquecéndose e complexizándose progresivamente mediante o diálogo fecundo con outras correntes emancipadoras que achegaron perspectivas fundamentais para comprender as dimensións da dominación e resistencia cultural. Estas achegas obrigan a repensar algunhas das categorías básicas desde unha perspectiva interseccional e pluriversal.

Así, nas múltiples correntes e expresións, o feminismo introduce unha crítica radical e sistemática ao sesgo androcéntrico e patriarcal presente nas teorías sociais dominantes e nas correntes que pretendían combatelas. Desde as análises pioneiras de Simone de Beauvoir sobre a construción social da feminidade como alteridade subordinada, ata os actuais enfoques poscoloniais, queer, decoloniais e transfeministas, o feminismo achegou ferramentas teóricas e políticas imprescindibles para comprender a imbricación estrutural das opresións de xénero, clase, raza, sexualidade e outras categorías de dominación (Platero, 2014); unhas teorías e correntes de pensamento que cuestionan a suposta neutralidade da cultura dominante, desvelando como está atravesada por relacións de poder patriarcal que invisibilizan, subordinan e violentan ás mulleres e ás disidencias sexo-xenéricas, reproducindo xerarquías e relegando as prácticas culturais feminizadas (artesanías, tradicións orais, saberes culinarios e de coidados) a un estatus inferior.

Ademais das achegas críticas, o feminismo promoveu unha reformulación epistemolóxica profunda que cuestiona a racionalidade abstracta, descorporeizada e pretendidamente universal do suxeito moderno ilustrado; reivindicando a experiencia situada e encarnada, a ética dos coidados e a interdependencia, os saberes corporais e afectivos como bases lexítimas para unha concepción alternativa do coñecemento e da emancipación social. Unha política cultural con perspectiva feminista que debe partir do recoñecemento pleno das mulleres e as disidencias como axentes culturais autónomos, incorporando as súas voces, experiencias, saberes e reivindicacións específicas en todos os ámbitos da produción, circulación e apropiación cultural; non só para visibilizalas, senón para cuestionar e transformar os moldes heteropatriarcais que obstaculizan a plena participación, expresión e desenvolvemento das mulleres e persoas LGBTIQ+ no campo cultural. Isto implica favorecer a creación de espazos de encontro, reflexión, creación e autoorganización onde as mulleres e disidencias poidan desenvolver as súas linguaxes e prácticas culturais sen a mirada masculina hexemónica, a fin

de recoñecer a construción social e a posibilidade da súa transformación. Unha circunstancia que require promover un cambio integral e transversal das relacións de xénero en todos os ámbitos da produción e reprodución da cultura: desde a linguaxe inclusiva e as representacións non sexistas, ata a distribución equitativa de roles, recursos e recoñecementos no campo artístico, intelectual e cultural.

Pola súa banda, o ecoloxismo político achegou unha visión da cultura estreitamente ligada ás condicións de reprodución da vida e aos límites biofísicos do planeta, cuestionando a escisión moderna entre a sociedade e a natureza promovida polo antropocentrismo capitalista. Desde o ecoloxismo popular dos movementos campesiños e indíxenas que loitan contra o extractivísimo e a mercantilización dos bens comúns naturais, ata a ecoloxía política académica que analiza a desigual distribución dos conflitos e impactos ambientais, o pensamento ecolóxico propuxo un cambio radical de paradigma cultural: a necesaria transición dun modelo civilizatorio baseado na dominación e explotación ilimitada da natureza a un modelo de convivencia na diversidade e rearmonización co territorio e a trama da vida (Leff, 2008, 2014). Unha perspectiva ecolóxica que implica unha crítica profunda das formas de vida pouco sustentables, consumistas e depredadoras da modernidade industrial capitalista, como unha revalorización dos saberes, cosmovisións e prácticas dos pobos indíxenas, campesiños e mariñeiros, portadores de formas de habitar e convivir no territorio moito máis adaptadas aos ritmos, ciclos e límites da vida (Bringel e Maldonado, 2016; Ohmstede, 2021); e que comporta recoñecer que a crise ecolóxica global non é un problema técnico que poida resolverse con solucións tecnolóxicas, senón unha crise civilizatoria que require unha profunda transformación cultural dos valores, imaxinarios e prácticas dominantes. Neste sentido, incorporar o enfoque da sustentabilidade ás políticas culturais supón repensar integralmente a xestión dos equipamentos, as actividades e os eventos culturais para reducir a pegada ecolóxica en termos de consumo enerxético, xeración de residuos, emisións contaminantes e uso de recursos, cuestionando o modelo hexemónico de "desenvolvemento" cultural baseado na expansión ilimitada do consumo cultural mercantilizado, na obsolescencia programada dos produtos culturais e na aceleración frenética dos ritmos de produción e consumo.

Fronte á homoxeneización e deslocalización dos contidos promovida pola industria cultural globalizada, trátase de promover culturas arraigadas no territorio, baseadas no aproveitamento sustentable e respectuoso dos recursos locais, na recuperación e actualización dos saberes vernáculos e na reconexión coas dinámicas ecosistémicas do lugar; reivindicando unha cultura consciente da ecodependencia, que celebre e coide a biodiversidade natural e cultural, e que contribúa activamente a restaurar os vínculos rotos entre sociedade e ecosistemas.

Os diferentes pensamentos decoloniais, desde o poscolonialismo académico ata a teoría posoccidental, pasando pola inflexión decolonial latinoamericana e as epistemoloxías do sur, supuxeron un cuestionamento radical da visión eurocéntrica, occidentalista e colonial da cultura e do saber que aínda impregna profundamente tanto as teorías dominantes como moitas das perspectivas críticas; uns enfoques que desvelaron o papel histórico da cultura occidental na lexitimación ideolóxica do racismo, a escravitude, o xenocidio e a espoliación colonial, así como a súa función actual na perpetuación de relacións neocoloniais de dominación (Rivera, 2018). Propoñen así unha descolonización que abrangue o imaxinario cultural, os marcos epistemolóxicos e as subxectividades colonizadas; e que implica recoñecer e poñer en valor as cosmovisións, epistemoloxías, estéticas e modos de vida dos pobos indíxenas, afrodescendentes, mestizos e outros grupos racializados como opcións civilizatorias vixentes e como parte dunha pluralidade de proxectos alternativos ao capitalismo globalizado monocultural. Nesta lóxica de pensamento, descolonizar as políticas culturais require

cuestionar os criterios occidental-céntricos de valoración e lexitimación da cultura que sitúan as producións europeas e anglosaxonas como referentes universais de calidade e excelencia, recoñecendo e reparando simbolicamente as violencias culturais do colonialismo e o neocolonialismo, creando espazos de visibilidade, dignidade e recoñecemento ás manifestacións silenciadas e menosprezadas das culturas indíxenas, afrodescendentes, asiáticas e doutras tradicións non hexemónicas. Pero sobre todo, implica apostar por un diálogo intercultural horizontal, simétrico e de igualdade epistemolóxica, que permita aprender mutuamente entre saberes, prácticas e visións do mundo diversas; isto é, un diálogo que recoñeza as especificidades irredutibles e as posibles converxencias e mestizaxes creativas entre tradicións culturais diferentes.

A acción cultural dialóxica e transformadora como metodoloxía de intervención social. Modelos de IAP, creación colectiva e educación popular

Para implementar estes principios teóricos e políticos na práctica concreta, o paradigma socio-crítico desenvolveu e sistematizou diversas metodoloxías de acción cultural dialóxica e transformadora, que parten das necesidades sentidas, desexos expresados e potencialidades latentes dos grupos subalternos desencadeando procesos colectivos de concienciación crítica, organización autónoma e cambio social estrutural. Trátase de superar os modelos de política e intervención cultural verticais, burocráticos, tecnocráticos e/ou mercantilizados, para desenvolver dinámicas participativas, horizontais e culturalmente pertinentes, directamente ligadas ás realidades concretas e aspiracións emancipadoras das comunidades (Martinell, 2020). Unha proposta metodolóxica que implica unha reformulación integral dos criterios, procedementos, roles e estruturas que a definen, implementando e avaliando a acción cultural. Parte dunha crítica ás concepcións instrumentais e despolitizadoras dominantes que reducen a cultura a un recurso funcional para a cohesión social, a pacificación dos conflitos, a competitividade económica ou a xeración de valor engadido (Yúdice, 2019), reivindicando unha concepción da cultura como un dereito humano fundamental inalienable e como un espazo estratéxico privilexiado para a disputa de sentidos, valores, imaxinarios e formas de vida contrahexemónicas.

As claves metodolóxicas para desenvolver esta acción cultural transformadora parten das necesidades concretas, demandas explícitas e potencialidades expresivas dos suxeitos sociais, prestando especial atención aos colectivos historicamente excluídos, silenciados e marxinados; un feito que require xerar procesos sistemáticos de escoita activa, diálogo horizontal de saberes diversos e construción participativa dos proxectos e programas culturais, promovendo dinámicas de autodiagnóstico comunitario e unha cartografía social crítica que permita apropiarse reflexivamente do territorio, identificando os recursos culturais e analizando as relacións de poder que o atravesan. A tal fin, ha de procurarse unha circulación horizontal, multidireccional e colaborativa dos coñecementos, recursos materiais e ferramentas metodolóxicas para a creación e a xestión cultural autónoma, polo que cómpre desenvolver experiencias exemplares e replicables de produción cultural comunitaria, autoxestionada e socialmente comprometida que demostren a viabilidade de modelos alternativos. Neste sentido, tecer redes solidarias de intercambio, apoio mutuo e establecer alianzas estratéxicas resulta imprescindible para crear sinerxías transformadoras no desafío de impulsar procesos de avaliación participativa, rendición de contas horizontal e control social sobre as políticas e os equipamentos culturais públicos garante a coherencia democrática do proceso.

MODELOS ESPECÍFICOS DE INTERVENCIÓN CULTURAL TRANSFORMADORA

O paradigma socio-crítico concretouse historicamente en diversos modelos de intervención cultural, que han de entenderse como repertorios metodolóxicos flexibles que se adaptan aos diferentes contextos. A Investigación-Acción Participativa (IAP) constitúe un dos modelos metodolóxicos máis influentes e desenvolvidos dentro do paradigma socio-crítico. Xurdida nos anos setenta en América Latina da man de sociólogos comprometidos como Orlando Fals-Borda, a IAP cuestiona a separación positivista entre o suxeito investigador e obxecto investigado, entre o coñecemento científico e o saber popular, entre a teoría e a práctica (Fals-Borda e Brandão, 1986).

A IAP propón situar ás comunidades como protagonistas centrais dun proceso de autorreflexión crítica e autoorganización transformadora, mediante unha espiral dialéctica recursiva de fases interconectadas onde os colectivos xeran coñecementos rigorosos e accións eficaces sobre a realidade sociocultural. Un diálogo horizontal de saberes, devolución sistemática da información ás comunidades, negociación cultural permanente e validación colectiva do coñecemento, que constitúen ferramentas fundamentais na articulación dun novo tipo de relación entre os saberes académicos e os saberes populares. En España, a IAP tivo unha notable influencia no desenvolvemento da pedagoxía social crítica a partir dos anos oitenta tomando como referentes a autores como José Antonio Caride ou Antoni Colom, que impulsaron unha reformulación participativa e politicamente comprometida da animación sociocultural, entendida como unha metodoloxía de concienciación e activación comunitaria ligada aos movementos sociais emerxentes (Caride, 2005; Colom, 1983). O traballo social crítico, a través de figuras como Tomás Rodríguez Villasante ou Marco Marchioni, incorporou creativamente a IAP para promover procesos de investigación militante e planificación participativa a escala de barrio e cidade.

Na actualidade, o enfoque da IAP está a reinventarse da man dos renovados movementos sociais (feministas, ecoloxistas, antirracistas, polo dereito á vivenda, pola soberanía alimentaria) que atopan nela unha ferramenta potente para a autoanálise organizativa e a coprodución de coñecementos estratéxicos ao servizo das súas loitas. Explóranse as posibilidades dunha "investigación militante" (Bringel e Maldonado, 2016; Ohmstede, 2021) que poña os recursos metodolóxicos e conceptuais da universidade ao servizo das necesidades concretas dos movementos, xerando procesos de aprendizaxe recíproca e retroalimentación dialéctica entre reflexión teórica e acción política transformadora. Un modelo de creación colectiva que xorde como resposta á división capitalista do traballo cultural entre produtores especializados e consumidores pasivos; e que aspira a socializar os medios de produción simbólica e a xerar dinámicas horizontais de creación colectiva que expresen as inquedanzas, valores, soños e proxectos dos grupos subalternos. Neste sentido, pretende subverter as relacións de poder no campo cultural, democratizar a capacidade creativa e prefigurar formas de autoxestión e apropiación popular da cultura.

Neste modelo, o teatro do oprimido sistematizado por Augusto Boal (2009) constitúe un referente paradigmático, pois mediante técnicas innovadoras permite ás comunidades analizar criticamente as problemáticas cotiás e ensaiar colectivamente alternativas transformadoras a través da acción dramática; de aí que o teatro deixa de ser un espectáculo para converterse nun laboratorio de experimentación social onde os "espectadores" exploran solucións para os diferentes conflitos. Existen outros exemplos relevantes de creación colectiva como as redes de medios comunitarios e alternativos que democratizan a produción e circulación de información, as festas populares de resistencia que recuperan e actualizan tradicións subalternas, os

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

laboratorios cidadáns de innovación social e cultural, ou os espazos *hacker* feministas que exploran as intersecciónes entre tecnoloxía, xénero e transformación social. Unhas experiencias que contribúen a democratizar a comunicación, a creación e a tecnoloxía desde lóxicas participativas, cooperativas e transformadoras.

A educación popular, inspirada directamente na pedagoxía do oprimido de Paulo Freire, concibe os procesos formativos como escenarios privilexiados de concienciación política e construción de suxeitos colectivos de transformación (Freire, 1997). Os espazos de educación popular –círculos de cultura, escolas campesiñas e obreiras, universidades populares, talleres de formación política– promoven unha pedagoxía dialóxica e problematizadora que parte do recoñecemento dos saberes populares para articular procesos de aprendizaxe comprometidos coa emancipación individual e colectiva. En España, a recepción da educación popular freireana foi intensa e creativa a partir dos anos setenta, influíndo decisivamente en ámbitos como a alfabetización de adultos, a animación sociocultural crítica, a educación no tempo libre ou a formación sindical e política (Sanz, 1997). Este modelo de acción popular, desenvolvido principalmente por movementos sociais e organizacións de base en diversos países de América Latina, África e Asia, parte da premisa fundamental de que os pobos oprimidos son suxeitos políticos con plena capacidade para transformar a súa realidade a través da acción colectiva organizada e a construción de poder popular desde abaixo; uns escenarios nos que a cultura xoga un papel estratéxico como espazo de articulación de identidades colectivas, valores alternativos e proxectos políticos contrahexemónicos.

As estratexias características deste modelo inclúen a recuperación crítica e actualizada da memoria histórica das loitas populares e das culturas ancestrais silenciadas, a revalorización dos saberes e prácticas populares como alternativas ao coñecemento hexemónico, a creación de medios de comunicación para disputar o relato dominante, a ocupación e reapropiación dos espazos públicos como escenarios de visibilización e encontro, a construción de redes de economía solidaria e o intercambio non mercantil que prefiguren outras formas de organización social.

A CULTURA COMO FERRAMENTA DE EMANCIPACIÓN E CAMBIO SOCIAL. PERSPECTIVAS INTERSECCIONAIS E DECOLONIAIS

Desde a perspectiva do paradigma socio-crítico, as políticas culturais deben contribuír activamente a disputar a hexemonía en todos os planos da vida social, articulando unha estratexia integral de transformación que abrangue múltiples dimensións interconectadas. No plano económico, trátase de impulsar formas de propiedade social e comunitaria dos medios de produción cultural, experiencias de economía solidaria e cooperativa no sector cultural, así como modelos de satisfacción sustentable das necesidades culturais que superen a lóxica mercantil capitalista.

Na dimensión política, o obxectivo é promover procesos de radicalización e profundización da democracia en todos os niveis (desde o local ao global) mediante mecanismos de control popular sobre as institucións culturais, formas de autogoberno e autoorganización cultural das comunidades, e a construción de nova institucionalidade popular que supere os límites da democracia representativa liberal. No ámbito dos afectos, as subxectividades e a vida cotiá, a acción cultural crítica debe contribuír a remover os valores patriarcais, coloniais, racistas, capacitistas e consumistas profundamente arraigados que obstaculizan o libre desenvolvemento humano e a convivencia solidaria. Isto implica traballar tanto sobre as representacións e imaxinarios como sobre as prácticas e relacións concretas para construír novas formas de ser,

sentir e relacionarse. No campo ideolóxico-cultural propiamente dito, trátase de desenvolver sistematicamente a conciencia crítica colectiva, expandir os imaxinarios emancipadores máis alá dos límites do pensable no marco hexemónico, e contribuír a crear unha nova espiritualidade laica, ecocéntrica e posantropocéntrica que supere tanto o materialismo vulgar como os fundamentalismos relixiosos.

Só articulando a intervención transformadora e coordinada en todos estes ámbitos se poderá avanzar cara a unha mudanza real nas relacións de poder en favor das maiorías sociais traballadoras e subalternas (García Canclini, 2020); de aí que as institucións e políticas culturais públicas deben situarse conscientemente nesta batalla de ideas e na creación de nova institucionalidade popular, establecendo alianzas orgánicas cos movementos sociais e organizacións que traballan pola transformación ecosocial. Trátase de prefigurar xa nos espazos de autonomía relativa e nas experiencias de autoxestión popular o xermolo dunha nova civilización posible: unha sociedade poscapitalista, pospatriarcal e poscolonial na que sexa posible vivir con dignidade, en harmonía co planeta e respectando a diversidade.

O paradigma socio-crítico debe evitar dúas tentacións simetricamente opostas pero igualmente limitadoras. Por unha banda, o culturalismo idealista que reduce a emancipación a un simple cambio de conciencias individuais ou de valores culturais, sen transformar as condicións materiais de existencia, as estruturas económicas de explotación e as institucións políticas de dominación. Por outra, o economicismo reducionista que desatende a batalla cultural e simbólica por concentrarse unilateralmente na transformación das relacións de produción, ignorando a importancia dos imaxinarios, subxectividades e prácticas culturais na reprodución ou transformación da orde social. O desenvolvemento metodolóxico deste paradigma socio-crítico concretouse historicamente en diversos modelos de intervención que se presentan de forma comparativa no seguinte marco analítico:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 145. Metodoloxía e modelos culturais dende o Paradigma Socio-Crítico

Metodoloxía de Acción Cultural Dialóxica e Transformadora				
A acción cultural dialóxica e transformadora xurdiu como unha metodoloxía de intervención social que busca superar os modelos verticais, tecnocráticos e mercantilizados. Céntrase en desenvolver unha nova institucionalidade participativa e interculturalmente sensible, ligada ás realidades e aspiracións das comunidades. Esta metodoloxía reivindica a cultura como un dereito humano fundamental e un espazo estratéxico para a disputa de sentidos, valores e formas de vida contrahexemónicas.				
Modelos de Acción Cultural Dialóxica e Transformadora				
Aspecto	Investigación-Acción Participativa (IAP)	Creación Colectiva	Educación Popular	Acción Popular
Orixe / Época	Anos 60-70 en América Latina	Anos 60-70	Anos 60-70 en América Latina	Diversos países do Sur Global
Obxectivo principal	Xerar coñecementos e accións críticas sobre a realidade das comunidades	Socializar os medios de produción simbólica e xerar dinámicas de creación colectiva	Promover a concienciación política e a transformación social	Construír poder popular e transformar a realidade a través da acción colectiva
Características principais	Cuestiona a separación entre suxeito investigador e obxecto investigado Proceso de autorreflexión e autoorganización transformadora Espiral dialéctica de fases	Subverte as relacións de poder no campo cultural Prefigura formas de autoxestión e apropiación popular da cultura	Parte das experiencias e problemáticas cotiás dos suxeitos Promove unha pedagoxía dialóxica e problematizadora	Recuperación crítica da memoria histórica Revalorización dos saberes e prácticas populares Creación de medios de comunicación propios
Papel do educador	Facilitador do proceso de investigación e acción	Mediador que promove a creación colectiva	Facilitador de procesos de concienciación e aprendizaxe	Acompañante e apoio aos procesos de organización popular
Ferramentas / Métodos	Diálogo de saberes Devolución sistemática Negociación cultural Cartografía social	Teatro do oprimido Redes de medios comunitarios Laboratorios cidadáns Espazos hacker feministas	Círculos de cultura Escolas campesiñas e obreiras Universidades de movementos sociais	Ocupación e reapropiación dos espazos públicos Redes de economía solidaria Intercambios non mercantís
Funcións da cultura	Xerar coñecemento crítico Promover a mobilización social	Expresar inquedanzas e valores dos grupos subalternos Prefigurar alternativas	Concienciar e empoderar Construír ferramentas para a transformación	Articular identidades e proxectos contrahexemónicos Fortalecer a autonomía e o poder popular
Limitacións / Desafíos	Risco de academización e distanciamento das necesidades reais das comunidades Dificultade para manter o compromiso a longo prazo dos participantes Tensións entre o rigor metodolóxico e a acción transformadora	Risco de quedar en experiencias illadas sen impacto estrutural Dificultade para superar as lóxicas individualistas da creación artística Desafío de integrar as novas tecnoloxías sen perder o enfoque crítico	Risco de caer en prácticas paternalistas ou adoutrinadoras Desafío de adaptar as metodoloxías a contextos urbanos e dixitais Tensión entre o respecto aos saberes populares e a necesidade de cuestionamento crítico	Dificultade para manter a autonomía fronte ás presións institucionais e do mercado Risco de romantización das culturas populares Desafío de articular as loitas locais con procesos máis amplos de transformación

Fonte. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REFLEXIÓN SOBRE A VIXENCIA E PERTINENCIA DO PARADIGMA SOCIO-CRÍTICO NA ACTUALIDADE. DESAFÍOS E RENOVACIÓN CONCEPTUAL

As premisas centrais do paradigma socio-crítico seguen sendo profundamente relevantes e necesarias para repensar o papel da cultura e da pedagoxía social no actual contexto de hexemonía neoliberal globalizada. Nun momento histórico no que as políticas culturais se subordinan cada vez máis á lóxica mercantil da competitividade, o emprendemento individual e a rendibilidade económica (Yúdice, 2019) fronte ao avance aparentemente imparable da privatización, mercantilización e despolitización da esfera cultural, urxe recuperar e actualizar unha visión crítica que coloque no centro o dereito universal a participación cultural activa, a diversidade de expresións e a construción colectiva de sentido, en conexión orgánica coas loitas emancipadoras dos movementos sociais contemporáneos.

Non obstante, este enfoque tamén afronta importantes desafíos teórico-prácticos para renovar a súa vixencia e capacidade transformadora. Un deles consiste en superar a tendencia ao reducionismo economicista aínda presente en moitas análises, que tende a subsumir as múltiples opresións de xénero, raza, sexualidade, idade, diversidade funcional ou orixe nacional na contradición capital-traballo, obviando a súa especificidade, autonomía relativa e formas particulares de articulación. Consecuentemente, é necesario adoptar unha mirada interseccional que recoñeza a imbricación complexa e as singularidades das diferentes relacións de dominación, así como as expresións culturais e simbólicas específicas (Platero, 2014; Quijano et al., 2014). Isto implica despatriarcalizar, descolonizar e desheterocisnormativizar a concepción do suxeito emancipatorio, combatendo o androcentrismo, o eurocentrismo e o heterocentrismo presentes en moitos discursos críticos benintencionados; o que require problematizar a noción romántica e esencialista de "cultura popular" como expresión transparente, auténtica e naturalmente progresista do pobo, evitando caer tanto no populismo acrítico que idealiza calquera expresión subalterna como no miserabilismo paternalista que menospreza as capacidades creativas dos sectores populares. As culturas populares son realidades complexas, heteroxéneas e contraditorias, nas que se mesturan dialecticamente elementos de resistencia e adaptación, de impugnación e reprodución da hexemonía (Thompson, 2019).

Outro desafío importante consiste en incorporar unha análise rigorosa das novas formas de produción, distribución e consumo cultural ligadas á revolución tecnolóxica dixital e á globalización acelerada, prestando atención tanto aos seus riscos de alienación e control como ás súas potencialidades democratizadoras para os procesos de transformación social (Appadurai, 2016). Neste sentido, as tecnoloxías dixitais introducen novas fendas de desigualdade no acceso e a participación cultural, pero tamén posibilitan modos inéditos de creación colaborativa distribuída, de cultura libre e aberta, e de activismo en rede que deben ser explorados criticamente desde unha óptica emancipadora (Kulesz, 2017).

Urxe igualmente asumir unha perspectiva decolonial consecuente que cuestione a matriz eurocéntrica e occidentalista aínda presente en boa parte do pensamento crítico, incluída a propia tradición marxista e frankfurtiana. Isto supón recoñecer e poñer en valor as epistemoloxías, cosmovisións, estéticas e prácticas culturais dos pobos indíxenas, afrodescendentes, asiáticos e doutras tradicións non occidentais, non como meras supervivencias premodernas, senón como alternativas civilizatorias vixentes (Rivera Cusicanqui, 2018). Require descolonizar a propia armazón conceptual e metodolóxica da educación popular e a animación sociocultural para dar paso a propostas pedagóxicas interculturais críticas e decoloniais. A este respecto, é recomendable introducir

USC DE COMPOSTELA

sistematicamente o enfoque da ecoloxía política e a xustiza ambiental na reflexión e intervención sociocultural, asumindo que non pode haber xustiza social sen xustiza ambiental e que a loita pola igualdade é indisociable da loita contra a destrución ecolóxica e o cambio climático antropoxénico (Leff, 2008, 2014); a fin de construír unha cultura da sustentabilidade que reivindique a centralidade da reprodución ampliada da vida e dos coidados mutuos. Isto implica ecofeminizar as prácticas culturais, recoñecendo o papel histórico das mulleres na defensa dos bens comúns e na creación de alternativas socioambientais (Herrero, 2013; Herrero et al., 2019).

En síntese, o paradigma socio-crítico ofrece un marco teórico-político indispensable para unhas políticas culturais democráticas e comprometidas coa xustiza social e ecolóxica; unhas políticas que contribúan a socializar a produción, circulación e apropiación da cultura, fortalecendo as capacidades de axencia e autogoberno popular, subvertendo as estruturas de dominación patriarcal, colonial e capitalista. Un modelo necesariamente tenso, conflitivo e inacabado, que desafía un horizonte para unha acción cultural polifónica, insurxente e radicalmente emancipadora.

2.2.4 O PARADIGMA ESTRUTURAL NA PEDAGOXÍA SOCIAL. DECONSTRUCIÓN DISCURSIVA E SUBVERSIÓN DOS MARCOS DOMINANTES

O paradigma estrutural, formulado e sistematizado por Violeta Núñez Pérez (2004), emerxe no campo da pedagoxía social como unha proposta teórica innovadora e radicalmente transformadora que procura superar as limitacións epistemolóxicas e metodolóxicas dos modelos tradicionais. Fronte aos enfoques positivistas, hermenéuticos ou sociocríticos que dominaron historicamente a teorización pedagóxico-social, este paradigma supón unha ruptura ao centrar a súa análise na noción de discurso como práctica social constitutiva que constrúe performativamente a realidade, producindo efectos tanxibles de poder, saber e subxectivación.

FUNDAMENTACIÓN EPISTEMOLÓXICA E BASES TEÓRICAS

En palabras de Núñez (2004), o paradigma estrutural representa unha ruptura epistemolóxica cos modelos predominantes respecto da teorización da pedagoxía social. Mentres os enfoques tecnolóxico, positivista, hermenéutico e sociocrítico tenden a concibir o coñecemento como un reflexo máis ou menos adecuado, obxectivo ou interpretativo dunha realidade externa preexistente, este parte dunha concepción distinta da relación entre saber, poder e realidade social.

A fundamentación teórica deste paradigma atopa os seus alicerces na teoría psicoanalítica lacaniana e na analítica do poder foucaultiana, establecendo un diálogo produtivo entre ambas perspectivas para repensar os fundamentos da pedagoxía social. Núñez (2004), baséase na teoría dos catro discursos de Jacques Lacan, e suxire que o discurso debe ser entendido como un lazo social que establece unha orde simbólica que asigna posicións subxectivas determinadas aos axentes que participan. Segundo esta concepción, o discurso constitúe unha estrutura que organiza e regula as relacións sociais mediante a articulación de catro elementos fundamentais: o axente que enuncia, ao que se dirixe, a produción que resulta e a veracidade do discurso. Lacan (1984) afirma que "o significante en si mesmo non se relaciona con nada máis que un discurso", interpretándoo como un uso da linguaxe que funciona como unha conexión social estrutúrante; o que implica recoñecer o carácter profundamente performativo e produtivo do

discurso, para construír e transformar a realidade mediante a diferenciación, clasificación, xerarquización e subxectivación.

Desde esta perspectiva lacaniana, a pedagoxía social debe recoñecerse como un campo de saber-poder que produce efectos concretos de verdade e subxectividade a través das prácticas discursivas e das intervencións institucionais. Como sinala Núñez (2004), o obxectivo fundamental non é só descubrir unha suposta esencia atemporal ou natureza universal da educación, senón que a función crítica consiste en examinar os efectos de realidade e subxectividade que xeran as diferentes lóxicas discursivas en conflito, ademais de investigar as oportunidades para formular novos enunciados e prácticas emancipadoras que abren outras posibilidades de pensar e actuar.

Esta concepción implica asumir o carácter plural, conflitivo, paradoxal e mesmo antagónico das teorías e prácticas educativas, que responden a diferentes posicións ideolóxicas, intereses sociais e proxectos políticos. Desde esta perspectiva posfundacionalista, a pedagoxía social ten que visibilizar e problematizar as relacións de poder-saber que atravesan constitutivamente o campo educativo, cuestionando os seus fundamentos, desnaturalizando as certezas, e habilitando espazos intersticiais para a emerxencia de novos discursos e prácticas transformadoras. Outro dos aspectos epistemolóxicos clave é o desprazamento do foco de análise, pois oriéntase cara ás normas discursivas e aos procedementos enunciativos que anticipan e condicionan as relacións sociais, as identidades e as formas de pracer e desexo culturalmente intelixibles (Núñez, 2004).

Desde esta óptica postestruturalista, o suxeito concíbese como o resultado dun complexo das ordes discursivas nas que se constitúe e das que depende estruturalmente para o recoñecemento social. Como formula Lacan (1984) nunha das súas máximas máis coñecidas, "o suxeito é o que un significante representa para outro significante"; é dicir, unha posición precaria na estrutura discursiva que o determina parcialmente. Ademais, a influencia de Michel Foucault resulta igualmente determinante na configuración teórica do paradigma estrutural, pois a analítica do poder como rede produtiva de relacións que atravesan todo o corpo social, a xenealoxía dos dispositivos disciplinarios e de control, e a conceptualización dos procesos de subxectivación e gobernamentalidade, proporcionan ferramentas fundamentais para comprender como operan os discursos pedagóxicos na produción de suxeitos educables e na regulación das poboacións. Foucault (1976) establece que "onde existe poder tamén se encontra resistencia", sinalando que é precisamente nos intersticios, fendas e puntos de fuga dos dispositivos de poder-saber onde emerxen as posibilidades concretas de subversión, resignificación e creación de novas formas de subxectividade e relación social. Unha concepción foucaultiana do poder como produtivo para repensar a pedagoxía social en base aos discursos e prácticas educativas que constrúen realidades, suxeitos, saberes, praceres e formas de vida. Nesta lóxica, a escola, os servizos sociais, os centros culturais e outros dispositivos socioeducativos funcionan como máquinas de produción de subxectividade, clasificando, normalizando e xerarquizando aos individuos atendendo a criterios de normalidade/anormalidade, capacidade/incapacidade, integración/exclusión.

O DISCURSO COMO PRÁCTICA CONSTITUTIVA DO CAMPO CULTURAL

Aplicado especificamente ao campo cultural, este paradigma proporciona unha perspectiva analítica innovadora para comprender os discursos constitúen performativamente a cultura, deixando de concibila como unha entidade substancial, estable e claramente delimitada, para ser identificala como un campo de loita simbólica permanente no que diferentes actores sociais

USC DE SANTIAGO

pugnan por impoñer os seus significados e valores particulares como os lexítimos e universais. Como sinala Bourdieu (2006), a cultura funciona como un "capital simbólico" desigualmente distribuído que opera simultaneamente como instrumento de dominación e distinción social, pero tamén como obxecto de apropiación, contestación e resignificación por parte dos grupos subalternos. Os discursos culturais hexemónicos non só clasifican e xerarquizan as prácticas culturais, senón que categorizan a cultura: alta cultura/cultura popular, cultura lexítima/cultura de masas, cultura nacional/culturas minoritarias, etc.

Para este paradigma non existe unha noción única, esencial e histórica da cultura, senón múltiples discursos en competencia e conflito que loitan por definir que é –ou non– cultura, quen son os produtores/receptores, cales son as formas apropiadas de transmisión/apropiación, cales son os valores/funcións sociais, etc. Uns discursos que, como argumenta Foucault (1997), non se limitan a falar sobre un obxecto preexistente chamado "cultura", senón que crean o tema mesmo do que están a discutir, producindo efectos tanxibles de realidade e subxectividade a través de operacións complexas de clasificación, xerarquización, inclusión/exclusión e normalización. Neste sentido, segundo Núñez (2004) o discurso da democratización cultural postula a necesidade de difundir a alta cultura entre as masas populares para elevar o seu nivel espiritual e cultural, promovendo unha división xerárquica dunha cultura lexítima fronte a unha cultura popular que debe ser civilizada e elevada; un discurso que lexitima políticas verticais e unidireccionais de extensión cultural e que descoñece sistematicamente a axencia creativa e a capacidade de produción cultural autónoma dos sectores populares.

Pola contra, o discurso da democracia cultural xorde historicamente como unha reacción crítica ao elitismo do anterior, reivindicando o valor intrínseco e a diversidade irredutible das expresións culturais populares fronte ao monopolio simbólico da cultura oficial. Esta exaltación indiscriminada e esencialista da diversidade cultural pode conducir paradoxalmente a unha fragmentación do espazo público común e a unha disolución dos lazos de solidariedade transversal, especialmente se non se acompaña dunha reflexión crítica respecto das desigualdades estruturais e os conflitos de poder que atravesan o campo cultural.

Na actualidade, un dos discursos máis influentes sitúase en torno á economía creativa ou industrias culturais, que conciben a cultura como un recurso estratéxico para o desenvolvemento económico, a competitividade territorial e a innovación social. Este discurso, amparado no prestixio das novas tecnoloxías dixitais e a retórica do emprendemento, tende a reducir o valor da cultura á capacidade de xerar rendibilidade mercantil, postos de traballo e valor engadido económico, subordinando a creación artística e cultural aos imperativos da competitividade global e o marketing territorial. Ademais, promove unha visión marcadamente individualista e despolitizada da creatividade, que descoñece ou oculta as condicións sociais desiguais de produción e distribución dos bens simbólicos.

Fronte a estes discursos hexemónicos, o paradigma estrutural aposta por desenvolver unha concepción crítica, reflexiva e transformadora da cultura, que recoñeza plenamente o seu carácter político, conflitivo e contrahexemónico, visibilizando e cuestionando as relacións de poder que conforman o campo cultural, desnaturalizando as fronteiras entre a cultura lexítima e a cultura popular, entre a produción e o consumo, entre a arte e a vida cotiá, impulsando expresións culturais subalternas, minoritarias e emerxentes, en tanto que espazos vivos de resistencia, experimentación e creación de novos significados e formas de vida alternativas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A PRAXE SOCIOCULTURAL DESDE A ÓPTICA ESTRUTURAL

As achegas do paradigma estrutural supoñen unha transformación na forma de concibir e desenvolver a praxe sociocultural desde a pedagoxía social. Os enfoques tradicionais tendían a definir aprioristicamente e de forma ríxida o que debe ser a acción cultural, prescribindo metodoloxías estandarizadas e competencias técnicas específicas que os profesionais deben dominar e aplicar; mentres que este enfoque cuestiona esta lóxica instrumental e burocrática, apostando por unha concepción máis reflexiva, estratéxica, flexible e politicamente situada da intervención socioeducativa.

Desde esta perspectiva postestruturalista, a praxe sociocultural enténdese como unha práctica discursiva complexa (Foucault, 1997); polo que é preciso concibila como unha forma específica de acción e reflexión interconectadas con efectos na realidade subxectiva a través da articulación estratéxica de saberes heteroxéneos. Unha práctica que contribúe activamente a configurar os marcos de sentido e as relacións sociais nas que se inscriben, reproducindo, cuestionando ou transformando as lóxicas hexemónicas que atravesan o campo cultural. Nesta lóxica, a praxe sociocultural ha de entenderse no marco das relacións de poder-saber que a constitúen intrinsecamente; polo que, para desenvolver unha análise crítica e rigorosa dos discursos e as prácticas culturais dominantes nos diferentes contextos, é preciso coñecer as implicacións políticas e ideolóxicas, así como as posibilidades de resignificación, desprazamento e resistencia que permanecen abertas.

Como argumenta Núñez (2004), o obxectivo fundamental reside en cuestionar os réximes de verdade predominantes permean a cultura, identificando, visibilizando e potenciando as experiencias e prácticas culturais emerxentes, minoritarias ou subalternas que desbordan e desafían esas lóxicas hexemónicas, habilitando novos espazos de encontro, experimentación, creación e participación social alternativa. Esta reconceptualización implica entender a praxe sociocultural como unha intervención estratéxica, contextual e situada, que permite articular propostas e procesos para a transformación das relacións de poder existentes ademais de crear novos vínculos sociais máis igualitarios. Unha intervención que require dunha posición de implicación reflexiva permanente e dun compromiso ético-político explícito por parte dos profesionais da pedagoxía social (Núñez, 2004).

O paradigma estrutural interpela ás educadoras e educadores sociais a asumir un papel complexo de intelectuais críticos no sentido gramsciano (Giroux, 1990), capaces de analizar reflexivamente as súas prácticas e posicións discursivas, ao tempo que se recoñece as relacións de poder. Pero tamén capaces de estabelecer alianzas estratéxicas e redes de cooperación con outros axentes sociais a fin de promover cambios culturais e políticos que excedan o marco institucional restrinxido. Un papel que esixe cuestionar a distinción entre saberes expertos lexitimados e saberes profanos subalternizados, entre teoría abstracta e práctica concreta, entre investigación académica e acción transformadora, para apostar por modelos horizontais de produción colectiva de coñecemento que recoñezan e potencien a axencia reflexiva de todos os suxeitos implicados nos procesos socioculturais.

A FALTA DUNHA METODOLOXÍA PRESCRITIVA COMO SINAL DISTINTIVO

Un dos aspectos característicos do paradigma estrutural é a renuncia explícita a proporcionar unha metodoloxía pechada, prescritiva e universal para a acción sociocultural. A diferencia doutros paradigmas, este enfoque resístese a codificar un conxunto de técnicas e procedementos estandarizados que poidan aplicarse mecanicamente en calquera contexto. Esta aparente

carencia metodolóxica non supón unha debilidade do paradigma, senón que responde coherentemente aos presupostos epistemolóxicos xa que cada situación require unha análise singular; de tal maneira que prescribir unha metodoloxía xeral comportaría un universalismo abstracto que o propio paradigma cuestiona.

Este paradigma aposta por metodoloxías abertas, flexibles, experimentais e colaborativas, que permitan activar o potencial creativo, crítico e emancipador das comunidades e os grupos sociais. Entre estas orientacións metodolóxicas destacan a necesidade de realizar cartografías críticas dos dispositivos discursivos que configuran cada territorio, identificando as súas liñas de forza, os seus puntos de saturación e as súas posibles liñas de fuga. Así, a Investigación-Acción Participativa, reinterpretada desde esta óptica postestruturalista, convértese nunha ferramenta privilexiada para xerar procesos de problematización colectiva, experimentando novas formas de pensar e actuar. Como sinala Villasante (2006), a IAP pretende activar a capacidade dos grupos para analizar criticamente os discursos que os constitúen e ensaiar outras posicións subxectivas posibles.

Outra das implicacións metodolóxicas consiste en repensar os criterios e procedementos de avaliación das accións e proxectos socioculturais desenvolvidos, apostando por unha avaliación cualitativa, procesual e paradoxal, que permita indagar sobre os efectos imprevistos, ambivalentes e a medio prazo na subxectividade e no lazo social. Como sinala Lacan (1981), os efectos dos discursos resultan ambivalentes e paradoxais, xa que o que se presenta como emancipador pode resultar normalizador, o que pretende incluír pode excluír e o que busca empoderar pode xerar novas dependencias. Así, unha avaliación crítica debe analizar como os suxeitos e os grupos se reapropian, resisten, transforman ou resignifican os discursos e as prácticas culturais propostas, asumindo certa heteroxeneidade, complexidade e conflitividade.

POSIBILIDADES TRANSFORMADORAS E DESAFÍOS DO ENFOQUE ESTRUTURAL

Cómpre destacar que o paradigma estrutural abre posibilidades inéditas para repensar a pedagoxía social e a praxe sociocultural desde unha perspectiva crítica, reflexiva e politicamente comprometida. O seu potencial analítico para desvelar os mecanismos de poder que operan nos discursos, a capacidade para desnaturalizar as evidencias e cuestionar os fundamentos, e a apertura a novas formas de pensar e actuar, constitúen achegas fundamentais para unha pedagoxía social á altura dos desafíos contemporáneos. Con todo, é necesario ser conscientes de que este paradigma non está exento de límites, riscos e desafíos que deben ser considerados criticamente. En primeiro lugar, existe o risco de caer nun certo "discursivismo" ou "hipercriticismo" (Kincheloe, 2008) que pode derivar nunha especie de relativismo paralizante ou nun textualismo desencarnado que esqueza as condicións concretas e os efectos prácticos dos discursos das persoas.

Fronte a esta tendencia, é importante lembrar que non existe nada que non sexa simultaneamente material e simbólico, pois os discursos circunscríbense en relacións de poder concretas e en condicións materiais de produción e circulación específicas, que son tan económicas e institucionais como lingüísticas e culturais (Wacquant, 2005). A énfase deste paradigma na deconstrución sistemática e a problematización dos discursos, pode conducir a unha especie de bloqueo práctico se non vai acompañado dunha vontade de reconstrución viable. Así o advirte Lather (2012) cando afirma que a crítica deconstructiva é necesaria pero insuficiente por si mesma, e debe ir acompañada dun momento de creación, experimentación e construción de posibilidades concretas de pensamento e acción transformadora.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Coincidindo con Braidotti (2006), é indispensable desenvolver un "criticismo afirmativo" que, sen renunciar á análise rigorosa das relacións de poder e á desnaturalización sistemática das evidencias, se oriente á exploración creativa de novos modos de subxectivación e relación social máis xustos, solidarios, igualitarios e emancipadores. Un criticismo que cuestione activamente como ocupar, habitar e expandir esas fendas de maneira positiva, produtiva e fortalecedora para os grupos subalternos. Outro dos riscos evidentes deste enfoque é caer nun certo elitismo intelectual ou "intelectualismo" excesivo que acabe desconectando das necesidades reais, demandas concretas e linguaxes cotiás dos actores sociais cos que pretende traballar. Fronte a esta tendencia elitista, é fundamental desenvolver o que Fals-Borda e Brandão (1986) denominan unha "ciencia popular" ou "saber de sentido común emancipador"; é dicir, un coñecemento rigoroso que capaz de dialogar produtivamente e articularse organicamente cos saberes prácticos e experiencias vitais dos suxeitos e movementos en loita. En definitiva, trátase de promover un auténtico intercambio dialóxico de coñecementos entre a sabedoría académica especializada e o coñecemento popular subalterno, que facilite a creación colaborativa de instrumentos conceptuais e metodolóxicos verdadeiramente eficaces para a acción política transformadora dos grupos subordinados (Torres, (2009). Un diálogo sostido de humildade epistemolóxica e de compromiso ético-político por parte dos profesionais, investigadores e académicos, para poñer os seus saberes e habilidades ao servizo dos procesos de emancipación social. Outro desafío consiste en evitar a innegable potencia analítica e desmitificadora que redunde nunha inacción política ou derrotismo práctico, pois –como advirte Žižek (2004)– a crítica ideolóxica non pode limitarse a sinalar a distancia entre a realidade e as representacións simbólicas, senón que ha de asumir o reto de intervir nas prácticas e institucións sociais para transformalas; o que implica recoñecer a educación como unha práctica intrinsecamente política e eticamente comprometida (Giroux, 2013). Unha educación que, segundo Freire (1996), transforma aos suxeitos que van a transformar o mundo, polo que se precisan educadoras e educadores conscientes do seu papel como axentes de transformación social.

En definitiva, o paradigma estrutural proporciona claves analíticas e ferramentas críticas esenciais para renovar a pedagoxía social desde unha perspectiva reflexiva, crítica e emancipadora. Para realizar este potencial transformador, debe confrontar unha serie de tensións e desafíos que desafíen a capacidade para articularse produtivamente coas loitas sociais concretas e contribuír á transformación efectiva das condicións de opresión e desigualdade. Entre estes desafíos destacan a necesidade de desenvolver análises complexas que atendan ás dimensións materiais, institucionais e corporais das relacións de poder. A tal fin, resulta imprescindible combinar dialecticamente a crítica deconstructiva coa creación experimental e a afirmación de alternativas, desde unha posición crítica e afirmativa, promovendo un diálogo horizontal e produtivo entre o coñecemento académico especializado e os saberes populares subalternizados, situando a teoría ao servizo das necesidades e demandas dos suxeitos en loita. Neste sentido, precísase dun compromiso ético-político explícito coa transformación das prácticas e institucións socioeducativas, desde unha imaxinación pedagóxica orientada á emancipación.

Como afirmaba Deleuze (1990), trátase confrontar ás persoas coas súas contradicións e miserias, pero convidándoas a soñar e crear outras formas de vida posibles. A educación non pode –nin debe– eludir este desafío; pois aspírase a unha pedagoxía social crítica, reflexiva e imaxinativa que explore e potencie novos modos de subxectivación e relación social emancipadores. Unha tarefa sempre inacabada e relanzada, pero absolutamente necesaria para

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

educar desde e para a liberdade. As dimensións fundamentais que articulan este paradigma estrutural na pedagoxía social poden sintetizarse mediante o seguinte esquema conceptual:

Táboa 146. Características principais do Paradigma Estrutural

Característica	Descrición
Concepción da cultura	Entramado de discursos que producen efectos de poder-saber e subxectivación
Obxectivo principal	Deconstrución crítica dos marcos de sentido hexemónicos e exploración de posicionamentos subversivos
Bases epistemolóxicas	Teoría do discurso, postestruturalismo
Modelo de xestión	Análise crítica dos dispositivos culturais e experimentación de novas formas de enunciación e acción
Rol da cidadanía	Axente reflexivo e creativo, capaz de resignificar e subverter os códigos dominantes
Críticas principais	Risco dun certo hipercriticismo discursivo, dificultade para artellar alternativas prácticas

Fonte. Elaboración propia

2.3 Análise comparativa dos paradigmas culturais dende a Pedagoxía Social. Converxencias, diverxencias e implicacións socioeducativas

A revisión dos diferentes paradigmas culturais analizados desde a óptica da pedagoxía social permite constatar a diversidade e riqueza conceptual ademais de avanzar na construción de modelos máis integrados e transversais. Os diferentes paradigmas examinados achegan elementos valiosos pero tamén evidencian limitacións significativas á hora de abordar a complexidade dos retos socioculturais emerxentes nun mundo globalizado, dixitalizado e ambientalmente vulnerable como o actual.

2.3.1 Converxencias e diverxencias entre os diferentes paradigmas. Fundamentos ontolóxicos, epistemolóxicos e político-ideolóxicos

Malia as diferenzas epistemolóxicas e metodolóxicas dos paradigmas culturais analizados, comparten presupostos básicos desde os que construír propostas integradoras. Todos eles recoñecen, con diferentes matices e énfases, a centralidade da cultura na configuración das identidades individuais e colectivas, das relacións sociais e dos modos de vida. Así mesmo, expresan unha vontade declarada de promover unha maior democratización e participación cidadá nos procesos culturais. Desde os seus respectivos enfoques, todos contribúen a cuestionar as concepcións máis elitistas e xerarquizadas da cultura que a reducen a un simple ben de consumo pasivo ou a un instrumento de distinción social (Bourdieu, 2006).

Non obstante, unha análise en profundidade revela diferenzas substanciais entre estes modelos que derivan de fundamentos ontolóxicos, epistemolóxicos e político-ideolóxicos específicos. Tal e como se explicou con anterioridade, o paradigma tecnolóxico parte dunha concepción da cultura como realidade externa e obxectivable, susceptible de ser transmitida

eficientemente e cuantificada mediante parámetros de rendemento (Bunge, 1980, 1983); o enfoque hermenéutico pon o acento na dimensión vivencial e intersubxectiva dos significados culturais, enfatizando as dinámicas microsociais de negociación e construción compartida de sentido (Caride e Meira, 1996); o paradigma socio-crítico introduce a dialéctica das loitas materiais e simbólicas que atravesan o campo cultural como espazo de hexemonía e contrahexemonía (Gramsci, 2013); e, finalmente, a perspectiva estrutural céntrase na materialidade dos discursos que configuran as posicións subxectivas e as relacións sociais, máis aló das intencións ou vontades individuais (Núñez, 2004).

Estas disparidades teóricas tradúcense en prioridades estratéxicas e propostas metodolóxicas substancialmente diferentes para a acción cultural; así, mentres o modelo tecnolóxico aposta pola intensificación e optimización da difusión cultural mediante o uso eficiente das técnicas de xestión e márketing (Colom, 1987), o hermenéutico avoga polo fomento de espazos e procesos dialóxicos que impliquen activamente á cidadanía na construción de significados compartidos (Quintana, 1996). Pola súa banda, o enfoque socio-crítico prioriza o desenvolvemento dunha educación popular problematizadora e a xeración de dinámicas de creación colectiva que contribúan á concienciación e mobilización social (Boal, 2014); mentres que a perspectiva estrutural se orienta a cartografar e deconstruír os dispositivos discursivos que configuran a cultura, explorando as súas tensións internas e puntos de fuga para articular novos posicionamentos subversivos (Foucault, 1982). Para facilitar unha comprensión global das converxencias e diverxencias entre os diferentes paradigmas analizados, preséntase a seguinte matriz comparativa que sistematiza as súas principais dimensións:

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 147. Comparativa dos principais paradigmas vencellados a Pedagoxía Social

Paradigma	Concepción da cultura	Bases epistemolóxicas	Obxectivos principais	Metodoloxías	Método	Actores clave	Potencialidades	Limitacións
Tecnolóxico	Instrumental, como recurso para o desenvolvemento	Positivismo, teoría de sistemas	Difusión e consumo masivo	Xestión cultural	Democratización cultural, Extensión Cultural, Márketing Cultural	Institucións, industrias culturais, públicos	Ampliación do acceso, profesionalización da xestión	Visión reducionista, lóxicas mercantís, pasividade cidadá
Hermenéutico-Interpretativo	Intersubxectiva, simbólica, vivencial	Fenomenoloxía, interaccionismo, construtivismo	Participación activa na creación e apropiación cultural	Animación sociocultural	Democracia Cultural, Desenvolvemento Comunitario,	Comunidades, grupos sociais, mediadores culturais	Recoñecemento da diversidade, procesos dialóxicos e creativos	Idealización cultural, difícil incidencia estrutural
Socio-crítico	Política, dialéctica, construción de hexemonía	Neomarxismo, pedagoxía do oprimido	Transformación das condicións de dominación e emancipación social	Acción cultural dialóxica	Investigación-Acción Participativa (IAP),Creación Colectiva, Educación Popular, Acción Popular	Movementos sociais, organizacións de base, intelectuais orgánicos	Desvelamento das relacións de poder, orientación transformadora	Reducionismo economicista, desconexión coas loitas concretas
Estrutural	Discursiva, efectos de poder-saber e subxectivación	Teoría do discurso, postestruturalismo	Deconstrución crítica e exploración de posicionamentos subversivos	Análise crítica do discurso	Experimentación de Novas Prácticas	Axentes reflexivos, colectivos subalternos, institucións críticas	Desnaturalización dos discursos, apertura a novas posibilidades	Hipercriticismo discursivo, dificultade para a alternativa práctica

Fonte. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.3.2 Implicacións socioeducativas dos paradigmas analizados. Concepcións diferenciadas da relación educación-cultura

Cada paradigma cultural está asociada a unha determinada concepción da relación entre educación e cultura, dos fins e metodoloxías da acción sociocultural e, en última instancia, do papel da pedagoxía social como saber e como práctica neste campo. Para o modelo tecnolóxico, a educación constitúe fundamentalmente unha función especializada de transmisión e adquisición eficiente dunha serie de bens culturais establecidos. As prácticas socioeducativas oriéntanse prioritariamente á formación de públicos consumidores e á animación do consumo cultural mediante o deseño de programas atractivos e o uso de técnicas eficaces de difusión. A pedagoxía social aparece aquí como unha profesión esencialmente técnica, centrada na xestión optimizada de equipamentos e recursos e na avaliación de resultados cuantificables (Caride, 1998; Sáez Carreras, 1997).

Para o enfoque hermenéutico, a educación configúrase como un proceso aberto e multidireccional de comunicación e negociación de significados entre suxeitos culturalmente situados. A tarefa da acción sociocultural consiste en crear e dinamizar espazos de encontro interxeracional e intercomunitario, facilitando dinámicas participativas que fomenten a creatividade social e a construción colectiva de sentido. A pedagoxía social enténdese desde esta óptica como unha práctica reflexiva de mediación e acompañamento, orientada a promover o desenvolvemento persoal integral e a convivencia cidadá a través dunha acción cultural territorialmente arraigada (Caride e Pose-Porto, 2015; Úcar, 1997).

O paradigma socio-crítico concibe a educación como unha práctica política comprometida coa transformación das condicións estruturais de dominación e desigualdade social. Así, partindo dunha análise das relacións de poder que atravesan o campo cultural, as iniciativas socioeducativas adoptan un carácter marcadamente problematizador e dialóxico, tratando de desencadear procesos de concienciación crítica, mobilización colectiva e construción de alternativas culturais contrahexemónicas. A pedagoxía social perfílase como unha acción ético-política aliada organicamente cos movementos sociais emancipadores, nunha dobre tarefa de desvelamento das lóxicas de opresión e de xeración de novos imaxinarios e prácticas de liberación (Freire, 1965; Sáez Carreras, 1988).

Para o enfoque estrutural, a educación constitúe un dos dispositivos discursivos que, xunto a outros como os medios de comunicación ou as políticas públicas, contribúen a configurar os marcos do pensable, desexable e lexítimo no ámbito cultural. A intervención socioeducativa pasa por analizar criticamente os efectos de poder-saber-subxectivación que producen os diferentes discursos en circulación, así como por explorar as fendas e puntos de resistencia que permitan articular novos posicionamentos de enunciación subversivos. A pedagoxía social devén unha práctica reflexiva e estratéxica que opera prioritariamente no plano da deconstrución dos códigos culturais dominantes e da experimentación de novos modos de relación pedagóxica (Núñez Pérez, 2004).

Os principais retos para a acción sociocultural no século XXI son facer fronte ás crecentes desigualdades que obstaculizan o acceso e a participación dunha parte importante da cidadanía na vida cultural; polo que resulta imprescindible desenvolver estratexias de democratización cultural que vaian máis aló da simple extensión da oferta, a fin de promover dinámicas de inclusión e recoñecemento da diversidade que impliquen activamente a todos os sectores sociais, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables (Hawkes, 2001; Zapata-Barrero e Carbonero, 2016). Outro desafío consiste en contrarrestar a crecente hexemonía dunha racionalidade mercantil-instrumental que –amparada na revolución dixital e na globalización

USC DE SANTIAGO

económica– tende a reducir a cultura a unha simple mercadoría ou recurso para a innovación e o crecemento. De aí a necesidade de reivindicar o valor intrínseco da diversidade cultural e de desenvolver modelos de xestión orientados por principios de sustentabilidade, responsabilidade e coidado dos bens comúns culturais (Colombo e Cerezuela, 2008; Nuere, 2010).

Nun contexto de acelerada fragmentación e individualización social, a acción cultural está chamada a xogar un papel clave na reconstrución dos lazos comunitarios e na xeración de capital social. É necesario fomentar espazos e dinámicas que favorezan o encontro interxeracional e intercultural, o diálogo entre saberes e memorias diversos, a participación activa na xestión do procomún e a cohesión cidadá (Caride, 2005).

2.3.3 Retos e oportunidades para a acción sociocultural no século XXI. Desafíos contemporáneos e perspectivas transformadoras

O primeiro desafío para avanzar cara a un novo paradigma integrador das políticas culturais desde a pedagoxía social consiste en superar as visións simplificadoras e unidimensionais predominantes neste campo, para adoptar unha perspectiva complexa e transversal que recoñeza a multidimensionalidade constitutiva dos procesos culturais contemporáneos. Este feito implica cuestionar as dicotomías redutoras que frecuentemente se establecen entre a cultura de elite e a cultura popular, a creación e a participación, o ámbito público e o privado, o sector profesional e o *amateur*. Trátase, por tanto, de repensar as políticas culturais como políticas das diferenzas, das hibridacións e das converxencias, promovendo o diálogo e a permeabilidade entre as linguaxes, as tradicións e os modos de producir e experimentar a cultura (Barbieri, 2012).

A cultura é un campo inzado de interaccións complexas con outras esferas sociais como a educación, a saúde, a economía, a ecoloxía ou a política; polo que as políticas culturais non poden concibirse illadamente, pois han de articularse desde enfoques integrais e transversais que atendan ás interdependencias entre o cultural e outras dimensións do benestar e a calidade de vida. Unha circunstancia que supón transitar desde unha concepción da cultura como un recurso puramente simbólico ou un sector económico especializado, cara a unha visión da mesma como un dereito humano fundamental e un vector de transformación social que interpela ao conxunto das políticas públicas. Isto implica asumir unha noción ampla e plural da cultura como lugar de encontro, negociación e mestura de identidades, saberes e prácticas diversas, que inclúa non só as expresións artísticas lexitimadas, senón tamén as culturas populares, as tradicións locais, as hibridacións urbanas ou os novos linguaxes dixitais (Caride e Pose-Porto, 2015; Vich, 2014). Neste sentido, o obxectivo das políticas culturais non pode limitarse á provisión de bens e servizos para públicos pasivos, senón que debe garantir o dereito de toda a cidadanía para participar activamente na vida cultural da comunidade, removendo as barreiras que a dificultan e xerando as condicións óptimas para o seu exercicio efectivo. Isto esixe poñer no centro a corresponsabilidade e o diálogo entre axentes institucionais, profesionais, sociais e cidadáns, desde lóxicas de proximidade, horizontalidade e coxestión (Barbieri, 2018; Revista para el análises de la cultura y el territorio, 2020).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.3.4 O papel estratéxico da Pedagoxía Social na transformación cultural. Funcións de mediación, investigación e articulación territorial

Neste escenario de reformulación das políticas culturais desde unha perspectiva complexa e integral, a pedagoxía social está chamada a desempeñar un papel clave como saber e práctica orientada a promover dinámicas de aprendizaxe social, creación colectiva e transformación comunitaria a través da acción-reflexión cultural (Caride, 2006; Úcar, 2006). Máis aló da tradicional división entre unha educación escolar centrada na transmisión de coñecementos descontextualizados e unha pedagoxía social relegada á xestión do tempo libre ou ao traballo con colectivos en dificultade, trátase de promover procesos socioeducativos que restitúen a cultura como eixo vertebrador do desenvolvemento integral e dialóxico das comunidades. Esta circunstancia implica repensar as políticas educativas e culturais desde unha visión conxunta e territorializada, que contemple a rede de espazos, tempos e axentes que configuran os ecosistemas culturais locais como un sistema formativo integrado (Colom, 2005); ademais de potenciar a dimensión comunitaria e contextual das institucións educativas e o potencial pedagóxico-relacional dos diferentes equipamentos e espazos públicos municipais. Pero tamén require recoñecer e poñer en valor a diversidade de prácticas educativas que, desde o tecido social e cidadán, contribúen á construción dunha cultura pública común.

A pedagoxía social debe asumir varias funcións estratéxicas no ámbito cultural, segundo Caride (2006) e Pose-Porto e Caride (2022); entre as que destaca a investigación sistemática das políticas, equipamentos e prácticas culturais desde unha óptica educativa que sistematice e visibilice experiencias, avalíe impactos e propoña melloras teóricas e metodolóxicas. Significa xerar coñecemento de relevancia social que axude a orientar a toma de decisións e a innovar no deseño, implementación e avaliación da acción cultural pública. Pero tamén precisa impulsar a formación inicial e continua dos profesionais da acción sociocultural desde enfoques integrais e multidisciplinares que combinen teoría e práctica, técnica e reflexividade, ética e estética, atendendo á complexidade e pluralidade dos desafíos actuais.

A pedagoxía social debe actuar como mediadora e facilitadora de procesos culturais participativos e transformadores nos territorios, acompañando ás comunidades na expresión das súas necesidades e demandas culturais, no recoñecemento e mobilización dos seus recursos e saberes, na apropiación crítica e creativa dos espazos públicos e na construción de redes colaborativas con outros axentes sociais. É fundamental incorporar unha perspectiva educativa nas políticas e proxectos culturais, promovendo procesos de aprendizaxe social, de intercambio interxeracional e de capacitación cidadá para a participación activa na vida cultural. Tamén ha de contribuír á articulación territorial e comunitaria das políticas culturais, tendendo pontes entre as administracións, os profesionais, os creadores, os educadores e a cidadanía, xerando espazos de encontro, negociación e corresponsabilidade na xestión dos bens comúns culturais; ademais de impulsar a inclusión, a equidade e a sustentabilidade como principios reitores da acción cultural pública. En definitiva, a pedagoxía social pode asesorar e acompañar ás administracións na mellora das súas políticas e servizos culturais, aportando unha visión educativa e comunitaria na planificación estratéxica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.3.5 Construír un "común" cultural diverso, creativo e sustentable. Cara a un Paradigma do Procomún nas políticas culturais

Os diferentes paradigmas da cultura analizados fan contribucións parciais pero relevantes á hora de afrontar os grandes retos socioculturais do noso tempo: desde a eficiencia e a innovación do paradigma tecnolóxico, a diversidade cultural e os procesos dialóxicos do hermenéutico-interpretativo, os procesos dialécticos de transformación social do sociocrítico, ás lóxicas discursivas do paradigma estrutural. Con todo, é preciso avanzar cara a modelos máis holísticos e integradores que permitan articular respostas complexas e multidimensionais para garantir o dereito á participación cultural en condicións de equidade e sustentabilidade; polo que se propón alumear un novo "Paradigma do Procomún Cultural" que redefina a cultura como un dereito básico de cidadanía e como un vector de transformación social e ecolóxica.

Este paradigma parte dunha concepción ampla e plural da cultura como conxunto de prácticas, saberes, valores e visións do mundo enraizados nos territorios e construídos a través da interacción e o diálogo social ao longo do tempo. Unha noción que inclúe tanto as belas artes e o patrimonio lexitimado como os saberes populares, as tradicións locais, as culturas xuvenís urbanas ou os novos códigos dixitais, superando as vellas dicotomías entre alta e baixa cultura (Martín-Bárbero, 1987). Neste novo paradigma, o foco das políticas culturais desprázase da difusión de produtos para o consumo á activación e circulación social de capacidades expresivas e creativas que permitan ás comunidades apropiarse dos seus recursos simbólicos, materiais e ambientais para mellorar as súas condicións de existencia (Barbieri, 2018); polo tanto, o obxectivo xa non é formar un público meramente receptor senón empoderar unha cidadanía culturalmente activa, capaz de participar significativamente na construción do sentido e o destino do común. Para iso, é preciso desenvolver estratexias que garantan o acceso universal non só ao goce senón tamén e sobre todo á creación e á toma de decisións en materia cultural (Pose-Porto e Caride, 2022), impulsando estratexias de descentralización e contextualización das políticas.

A este respecto, é preciso incorporar unha perspectiva ecosocial que sitúe a cultura nos límites biofísicos do planeta e nos imperativos ético-políticos da xustiza ambiental e o coidado dos bens comúns (Ciudades y Gobiernos Locales Unidos, 2018); polo que se require aliñar a creatividade cultural cos obxectivos da transición ecolóxica, decrecemento e economía social e solidaria, promovendo novos imaxinarios e prácticas de vida que se centren na sustentabilidade, ademais de valorar e recuperar os saberes, técnicas e modos de relación coa natureza presentes nas culturas campesiñas, indíxenas e mariñeiras, fronte á lóxica predadora do extractivismo. Simultaneamente, cómpre impulsar a innovación tecnolóxica, dixital e social orientada á suficiencia, a circularidade e os coidados, colaborando con comunidades de *makers*, *hackers* e outras vangardas da cultura libre e aberta (Zilbechi et al., 2014).

Unha tarefa clave dos poderes públicos consiste en proveer as infraestruturas básicas que faciliten o acceso e a participación cultural da cidadanía, con especial énfase nos colectivos socialmente máis vulnerables ou territorialmente periféricos (Revista para el análises de la cultura y el territorio, 2020); pero concibindo estas infraestruturas como nodos dunha rede de espazos de encontro, experimentación e produción colaborativa de procomún, orientados pola lóxica da proximidade e a subsidiariedade.

É preciso desenvolver programas socioeducativos de capacitación cultural, mediación artística e dinamización comunitaria que contribúan a fortalecer a axencia cidadá, especialmente alí onde o tecido social está máis debilitado (Caride, 2006); promovendo o

recoñecemento das identidades, saberes e desexos dos suxeitos, de escoita activa e construción dialóxica, evitando dinámicas asistencialistas ou paternalistas. Tamén se precisa unha revisión profunda dos dereitos de autor e de propiedade intelectual, a fin de garantir unha remuneración xusta para creadores e mediadores culturais ao tempo que se promova o libre acceso e circulación social do coñecemento e os bens culturais (Escaño, 2013), para o que se han de explorar modelos alternativos ao copyright como as licenzas *creative commons*, o software libre, os repositorios abertos ou os protocolos distribuídos. As institucións museísticas, arquivísticas e patrimoniais tamén precisan transformarse en lugares politicamente vivos, comprometidos co presente e abertos á reapropiación cidadá do pasado (Bertoméu et al., 2021).

Todo estes cambios requiren novas normativas e orzamentos que blinden a cultura como dereito e como servizo público esencial, priorizando o investimento en cultura de base e de proximidade, simplificando as trabas burocráticas á participación social, e promovendo incentivos fiscais aos proxectos que demostren un retorno social e medioambiental (Generalitat de Catalunya, 2015). Pero sobre todo, precisa dun liderado político e cidadán comprometido cun novo contrato social-cultural que resitúe o procomún como principio reitor da acción pública, fronte ás lóxicas do mercado e do Estado (Escaño, 2013). Nesta lóxica, a construción deste Paradigma do Procomún Cultural constitúe un horizonte ambicioso e repleto de dificultades, pero necesario para procurar sociedades máis democráticas, xustas e habitables, nas que a cultura sexa un dereito efectivo e unha ferramenta de florecemento humano. Neste camiño, a pedagoxía social e os seus profesionais teñen un papel indispensable que xogar, actuando como mediadores e facilitadores entre as políticas públicas, os axentes culturais e os movementos cidadáns, e contribuíndo a articular procesos de aprendizaxe e creación colaborativa orientados ao empoderamento social.

Non hai democracia cultural sen unha cidadanía culturalmente activa, crítica e solidaria, e non hai cidadanía sen procesos socioeducativos que a acompañen e a alimenten. En definitiva, máis aló das diferenzas entre paradigmas, todos apuntan á centralidade da cultura na vida social e á necesidade de democratizar as súas estruturas e procesos para facela accesible e significativa para o conxunto da poboación. Unha tarefa cada vez máis urxente nun contexto de fortes transformacións e emerxencias, que esixe unha acción pública máis integral, transversal e participada, pero que tamén ofrece unha oportunidade para repensar o sentido da cultura como cerna dunha vida digna de ser vivida, e para imaxinar novas formas de organizar o común. Un desafío ao que a pedagoxía social non pode ser allea, e que require de creatividade colectiva, rigor intelectual e compromiso ético-político. Como síntese propositiva e horizonte de confluencia dos diferentes paradigmas analizados, articúlase a seguinte proposta do Paradigma do Procomún Cultural que integra as mellores achegas de cada enfoque:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 148. Características principais do Paradigma do Procomún Cultural

Característica	Descrición
Denominación	Paradigma do Procomún Cultural
Concepción da cultura	Ben común, dereito colectivo e vector de transformación ecosocial
Bases epistemolóxicas	Teoría crítica, ecoloxía política, feminismos, pensamento decolonial
Obxectivo principal	Construción participada dunha nova institucionalidade cultural ao servizo da xustiza social e ambiental
Principios reitores	Participación activa, equidade, diversidade, sustentabilidade, cooperación social
Metodoloxías	Investigación-acción participativa, cartografía social, mediación intercultural, xestión comunitaria, ecofeminismo
Actores clave	Comunidades, movementos sociais, colectivos artísticos, institucións públicas, entidades do terceiro sector
Espazos e prácticas	Equipamentos de proximidade, laboratorios cidadáns, bens comúns culturais, creación colectiva, circuítos alternativos
Potencialidades	Democratización cultural substantiva, empoderamento cidadá, transformación ecosocial, alianzas transversais
Desafíos	Resistencias institucionais, capturas mercantís, fragmentación social, precariedade de recursos
Papel da Pedagoxía Social	Mediación estratéxica, investigación-acción, formación de axentes culturais, articulación de procesos comunitarios

Fonte. Elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 8. CONCLUSIÓNS, RECOMENDACIÓNS E PROSPECTIVA

O proceso de investigación científica culmina necesariamente nun exercicio reflexivo e integrador que permita transcender a mera acumulación de datos para acadar niveis superiores de comprensión sobre o fenómeno estudado. Neste sentido, o presente capítulo constitúe o momento culminante desta tese doutoral, no que se articulan de forma sistemática e coherente as múltiples dimensións analíticas que foron emerxendo ao longo do exhaustivo proceso de investigación sobre as políticas culturais municipais en Galicia durante o período 2000-2020.

As conclusións dunha investigación de carácter empírico como a presente non poden limitarse a enumerar achados ou resumir resultados, senón que deben aspirar a construír unha visión comprehensiva e teoricamente informada que permita comprender en profundidade as dinámicas estruturais, os procesos de cambio e as potencialidades de transformación do sistema estudado. Este capítulo representa un esforzo consciente por elevar o nivel de abstracción analítica, identificando patróns transversais, propoñendo reconceptualizacións teóricas e formulando recomendacións fundamentadas que poidan orientar a acción futura dos diferentes actores implicados.

A comprensión integral do sistema cultural municipal galego require situar o presente entre o legado histórico e os horizontes futuros. A análise da evolución pasada permite identificar as dinámicas que condicionan o sector e as oportunidades que se abren para o seu desenvolvemento, ao tempo que posibilita unha reflexión crítica sobre os modelos de intervención e as necesidades profesionais emerxentes. Esta perspectiva temporal resulta fundamental para comprender non só onde estamos, senón tamén de onde vimos e cara a onde podemos dirixirnos como sector profesional e como sistema de políticas públicas.

8.1 VERIFICACIÓN DOS OBXECTIVOS E PRINCIPAIS ACHADOS EMPÍRICOS: UNHA PERSPECTIVA EVOLUTIVA

A formulación de obxectivos claros e verificables constitúe un elemento fundamental en calquera proceso de investigación científica, establecendo as metas que orientan o traballo empírico e proporcionando criterios para avaliar o éxito da empresa investigadora. No caso da presente tese doutoral, os obxectivos establecidos respondían á necesidade de comprender en profundidade as transformacións experimentadas polo sistema cultural municipal galego durante as dúas primeiras décadas do século XXI, prestando especial atención á súa dimensión socioeducativa e ao papel dos profesionais que o sustentan.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.1.1 A EVOLUCIÓN HISTÓRICA COMO MARCO INTERPRETATIVO DA SITUACIÓN ACTUAL

A investigación permite estabelecer unha serie de fitos históricos que marcaron a conformación da profesión cultural municipal en Galicia e que resultan fundamentais para comprender a situación actual do sector. A chegada da democracia e a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia constitúen o primeiro punto de inflexión na configuración do sector, caracterizándose este período pola institucionalización das políticas culturais locais e o estabelecemento das primeiras estruturas profesionais dedicadas especificamente á xestión cultural nos concellos. Este momento fundacional estabeleceu as bases sobre as que se construíu todo o desenvolvemento posterior do sistema cultural municipal.

A dotación de equipamentos culturais durante as décadas dos oitenta e noventa destaca como un segundo momento clave na evolución do sector. A construción de casas de cultura, auditorios e bibliotecas non só supuxo unha transformación física do espazo cultural municipal, senón que tamén requiriu a incorporación de persoal especializado para a súa xestión e dinamización. Este proceso de infraestruturación cultural xerou unha demanda de profesionais que contribuíu decisivamente á configuración do campo profesional e ao seu recoñecemento institucional.

O desenvolvemento de programas específicos de apoio ao sector cultural por parte das administracións supramunicipais, especialmente as deputacións provinciais, marca outro fito fundamental. Estes programas, que incluían subvencións para a contratación de animadores socioculturais e xestores culturais, contribuíron notoriamente á profesionalización do sector, aínda que tamén xeraron dinámicas de dependencia e precariedade que persisten na actualidade. A investigación documenta como estes programas, malia as súas boas intencións, estableceron modelos de financiamento temporal que dificultaron a consolidación de estruturas profesionais estables.

A análise dos diferentes paradigmas das políticas culturais ao longo deste percorrido histórico revela unha realidade complexa na que coexisten e compiten diferentes concepcións sobre a natureza e finalidades da acción cultural. O paradigma tecnolóxico emerxe como dominante na maioría dos contextos municipais actuais, manifestándose a través de estruturas organizativas burocratizadas, sistemas de avaliación centrados en indicadores cuantitativos e unha concepción instrumental da cultura como recurso xestionable. Esta hexemonía, non obstante, non é absoluta nin uniforme, e a investigación documenta a persistencia de elementos do paradigma hermenéutico-interpretativo, especialmente visibles en contextos rurais onde a dimensión comunitaria e relacional da cultura mantén maior vitalidade.

A crise económica de 2008 actuou como punto de inflexión na evolución paradigmática e estrutural do sector, intensificando a presión pola eficiencia e a racionalización que favoreceu a consolidación do paradigma tecnolóxico. Os datos revelan que este momento supuxo unha redución sustancial nos recursos destinados á cultura, afectando tanto ao financiamento de actividades como á estabilidade laboral dos profesionais. O impacto desta crise aínda se percibe en aspectos como a precarización laboral e a limitación de recursos, configurando un escenario de vulnerabilidade estrutural que condiciona profundamente as posibilidades de desenvolvemento do sector.

A pandemia da COVID-19 representa o último momento de alta influencia no sector identificado na investigación. Esta crise sanitaria non só supuxo unha interrupción temporal das actividades culturais presenciais, senón que acelerou procesos de dixitalización e transformou as formas de traballo e interacción cos públicos. A incorporación progresiva de ferramentas dixitais transformou tanto a xestión interna como a forma de comunicar e desenvolver

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

actividades culturais, requirindo unha adaptación constante por parte dos profesionais do sector que aínda está en proceso de consolidación.

8.1.2 O CUMPRIMENTO DO PRIMEIRO OBXECTIVO: ANÁLISE DAS POLÍTICAS CULTURAIS DESDE UNHA PERSPECTIVA SOCIOEDUCATIVA

O primeiro obxectivo da investigación centrábase na análise da evolución e situación actual das políticas culturais nos concellos galegos desde unha perspectiva socioeducativa, atendendo aos paradigmas teóricos que as sustentan. Os resultados obtidos permiten afirmar que este obxectivo foi plenamente acadado, revelando un panorama de extraordinaria complexidade e riqueza analítica.

A investigación evidencia unha heteroxeneidade marcada nas políticas culturais municipais que ilustra as diversas realidades territoriais galegas. Esta diversidade maniféstase en función de múltiples factores: as características sociodemográficas dos concellos condicionan as demandas e as posibilidades de actuación, o compromiso institucional determina os recursos dispoñibles, o papel dos responsables políticos define as prioridades estratéxicas e o grao de participación cidadá estabelece o nivel de implicación social nas iniciativas culturais. Dos resultados infírese unha percepción maioritaria sobre a ausencia dunha política cultural e unha planificación estratéxica ben definida a nivel autonómico, o que xera importantes desequilibrios territoriais no desenvolvemento cultural municipal.

A identificación e caracterización dos modelos de intervención cultural predominantes revelou unha tensión fundamental entre as tradicións da xestión cultural e da animación sociocultural. Esta tensión non se resolve mediante a simple imposición dun modelo sobre outro, senón que xera unha multiplicidade de configuracións híbridas nas que os profesionais navegan entre diferentes lóxicas e esixencias. Cando se preguntou aos profesionais sobre o modelo de intervención que consideran máis axeitado, un 56,6% expresou preferencia por un modelo mixto que combine elementos de xestión cultural e animación sociocultural, fronte a un 23,1% que se decanta pola animación sociocultural exclusivamente e un 20,3% que opta pola xestión cultural.

Esta tendencia maioritaria cara á hibridación mostra a complexidade das dinámicas culturais contemporáneas e a necesidade de combinar diferentes estratexias segundo as características e necesidades de cada comunidade local. Os profesionais recoñecen a importancia das competencias de planificación, organización e administración de recursos como elementos esenciais para o desenvolvemento efectivo do traballo cultural, pero tamén valoran a animación sociocultural como un elemento complementario fundamental, especialmente relevante para facilitar a participación cidadá, a dinamización comunitaria e a conexión coas necesidades e intereses locais.

A cartografía realizada permite identificar tres grandes modelos organizativos da acción cultural municipal que reflicten esta diversidade de aproximacións. O primeiro modelo, presente principalmente nas cidades e vilas máis grandes, caracterízase pola existencia de departamentos especializados con persoal técnico estable e estruturas organizativas diferenciadas. O segundo modelo, predominante en concellos medianos e pequenos, baséase na xestión desde as concellerías con apoio técnico limitado ou compartido entre varios municipios. O terceiro modelo, especialmente preocupante pola súa extensión en zonas rurais periféricas, caracterízase pola ausencia de estruturas específicas e a improvisación constante na xestión cultural.

A valoración do estado da planificación estratéxica e coordinación interinstitucional proporciona un diagnóstico preocupante sobre as debilidades estruturais do sistema. A inmensa maioría dos concellos galegos carecen de instrumentos de planificación a medio e longo prazo, operando mediante programacións anuais fortemente condicionadas polos ciclos políticos. Esta ausencia de planificación estratéxica non é unha simple carencia técnica, senón que reflicte concepcións profundamente arraigadas sobre o papel secundario da cultura nas políticas municipais. A falta de coordinación considerable entre as diferentes administracións implicadas no desenvolvemento cultural maniféstase tanto nas relacións entre concellos como na interacción entre os diferentes niveis administrativos, dificultando o desenvolvemento de políticas culturais coherentes e sostibles.

O papel dos responsables políticos e a inestabilidade política maniféstase como un factor crucial no desenvolvemento das políticas culturais. A orientación e o compromiso dos líderes políticos locais poden determinar notoriamente o alcance e a profundidade das iniciativas culturais, así como o apoio ao traballo dos profesionais do sector. Os cambios de goberno e as alternancias políticas afectan destacadamente á continuidade dos programas culturais e ao desenvolvemento de estratexias a longo prazo, creando un contexto de incerteza que dificulta a consolidación de procesos transformadores.

8.1.3 O CUMPRIMENTO DO SEGUNDO OBXECTIVO: CARACTERIZACIÓN DO PERFIL PROFESIONAL

O segundo obxectivo xeral centrou a análise nos profesionais que sosteñen cotidianamente o sistema cultural municipal, partindo do recoñecemento de que calquera estratexia de mellora debe considerar centralmente as persoas que fan posible a acción cultural nos territorios. A perspectiva diacrónica adoptada permitiu non só fotografar a situación actual senón tamén comprender as dinámicas de transformación que a configuraron ao longo das dúas primeiras décadas do século XXI.

A cartografía social comprehensiva realizada constitúe unha das achegas máis significativas desta investigación, proporcionando por primeira vez un mapa detallado dos recursos humanos dedicados á cultura en todos os concellos galegos. Os resultados revelan profundas asimetrías territoriais que non poden explicarse unicamente por factores demográficos ou económicos. Os datos obtidos mostran diferenzas abismais entre a provincia da Coruña, onde o 85% dos concellos contan con técnico especializado en cultura, e a provincia de Ourense, onde esta porcentaxe descende drasticamente ao 27,2%, con Pontevedra e Lugo ocupando posicións intermedias co 55,7% e 38,8% respectivamente.

A caracterización do perfil sociodemográfico e formativo revelou un colectivo profesional altamente feminizado (77,6% de mulleres) e con niveis formativos moi elevados (84% con titulación universitaria). A dispersión disciplinar nas titulacións de orixe, que abarca máis de quince áreas de coñecemento diferentes, reflicte tanto a riqueza de perspectivas que conflúen no campo cultural como as dificultades para construír unha identidade profesional cohesionada. O 32,7% dos profesionais proceden de Ciencias da Educación e Pedagoxía, pero tamén existe presenza significativa de titulados en Economía e Empresa (7,5%), Dereito (6,8%), Filoloxía (6,8%) e outras múltiples áreas.

Esta diversidade de perfís formativos, lonxe de ser un problema, valórase como unha fortaleza para o sector. A presenza de profesionais con diferentes backgrounds formativos pode enriquecer o desenvolvemento do traballo cultural municipal, achegando perspectivas

complementarias e competencias diversas. Non obstante, a investigación tamén identifica a necesidade de formación específica en xestión cultural como un elemento relevante, xa que os profesionais destacan a importancia de contar con coñecementos especializados en planificación, xestión e avaliación de proxectos culturais, competencias que non sempre están presentes na formación inicial.

O exame das funcións e competencias realmente desenvolvidas evidenciou sistemáticos desaxustes entre as definicións formais dos postos e as tarefas efectivamente realizadas. A investigación identifica tres competencias e habilidades esenciais no perfil profesional: a planificación e xestión de proxectos culturais, requirindo habilidades específicas en planificación estratéxica, xestión orzamentaria e avaliación de resultados; o coñecemento profundo do contexto local, coa capacidade para comprender e responder ás necesidades culturais específicas de cada territorio; e as habilidades de mediación e dinamización, fundamentais para fomentar a participación cidadá e promover a colaboración entre diferentes axentes.

A polivalencia extrema que caracteriza o traballo cultural municipal, especialmente acusada en contextos de escaseza de recursos, xera tensións entre a necesidade de responder a demandas múltiples e a imposibilidade práctica de manter estándares de calidade en todas as áreas. As competencias técnicas específicas, o coñecemento das diferentes disciplinas artísticas, as habilidades de comunicación e traballo en equipo, a flexibilidade e capacidade de adaptación, o liderazgo e a autonomía profesional, así como a formación continua, configúranse como elementos fundamentais dun perfil profesional cada vez máis complexo e esixente.

A identificación das necesidades formativas e os desafíos para a profesionalización revelou un sector sometido a constantes demandas de actualización pero con escasas oportunidades de formación específica e de calidade. As competencias dixitais e a capacidade de adaptación tecnolóxica emerxen como unha demanda crecente no sector cultural municipal, requirindo unha actualización constante que moitos profesionais deben afrontar sen apoio institucional adecuado. A formación continua maniféstase como un elemento moi valorado, independentemente da formación inicial, coa experiencia práctica constituíndo un complemento esencial á formación teórica.

8.1.4 O CUMPRIMENTO DO TERCEIRO OBXECTIVO: POTENCIALIDADES DA ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL

O terceiro obxectivo xeral adoptou unha orientación decididamente prospectiva e transformadora, explorando as potencialidades da animación sociocultural para contribuír ao desenvolvemento integral dos territorios galegos, con especial atención aos contornos rurais. Esta exploración fundamentouse na análise rigorosa de experiencias concretas que demostran tanto as posibilidades como as limitacións desta aproximación metodolóxica.

A análise de experiencias innovadoras que superan a dicotomía tradicional entre xestión e animación constitúe unha das achegas máis esperanzadoras desta investigación. Documentáronse múltiples casos de concellos que conseguiron desenvolver modelos verdadeiramente integradores, nos que a eficiencia organizativa non se contrapón á participación cidadá senón que se refórzan mutuamente. Estas experiencias demostran que é posible articular a profesionalización técnica co compromiso comunitario, a programación de calidade coa relevancia social, e a sostibilidade económica coa transformación cultural.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O debate sobre os modelos de intervención cultural apunta cara a unha hibridación entre xestión cultural e animación sociocultural que busca adaptar as respostas a cada contexto específico. Nos concellos de menor tamaño, a animación sociocultural tende a ter un peso maior, posiblemente relacionado cunha maior necesidade de dinamización comunitaria e participación directa da cidadanía. As características sociodemográficas, culturais e económicas de cada territorio condicionan a adecuación e efectividade dos diferentes modelos, mentres que a dispoñibilidade de recursos condiciona as opcións dispoñibles: os concellos con maiores recursos tenden a desenvolver modelos máis orientados á xestión, mentres que aqueles con recursos limitados poden priorizar enfoques máis centrados na animación sociocultural.

O exame do papel dos técnicos municipais como mediadores comunitarios revelou unha dimensión fundamental pero frecuentemente invisibilizada do traballo cultural. Esta función mediadora vai moito máis alá da simple xestión de recursos ou programación de actividades para situarse no corazón mesmo dos procesos de dinamización territorial. Os técnicos máis efectivos son aqueles que conseguen tecer redes de relacións, facilitar diálogos entre actores diversos, traducir entre diferentes lóxicas e linguaxes, e catalizar enerxías dispersas en proxectos colectivos transformadores.

8.2 Dinámicas estruturais e desafíos sistémicos do sector cultural municipal

A complexidade inherente aos sistemas culturais municipais require unha aproximación analítica que transcenda a mera descrición de elementos illados para identificar aquelas dinámicas estruturais que atravesan e condicionan o conxunto do sistema. Os achados transversais máis significativos que emerxeron do proceso de investigación revelan patróns, tendencias e lóxicas que se manifestan de forma recorrente e sistemática ao longo dos diferentes ámbitos estudados.

8.2.1 A precariedade como condición estrutural e os seus efectos sistémicos

A análise exhaustiva dos datos obtidos revela que a precariedade constitúe un elemento estrutural definitorio do sistema cultural municipal galego, manifestándose en múltiples dimensións interrelacionadas. Esta precariedade non pode entenderse como unha circunstancia conxuntural derivada da crise económica de 2008, aínda que esta certamente a agravou, senón como unha característica que atravesa historicamente o sector desde os seus inicios e que condiciona profundamente as súas posibilidades de desenvolvemento presente e futuro.

Os datos da enquisa revelan unha realidade laboral preocupante que vai máis alá das cifras estatísticas. O 40,6% dos postos de traballo dependen de financiamento externo, principalmente subvencións das administracións supramunicipais ou programas temporais, unha dependencia que se concentra especialmente nos concellos de menor tamaño, onde a porcentaxe ascende ao 58,3% nos municipios con menos de 5.000 habitantes. Esta dependencia estrutural do financiamento externo introduce un elemento de incerteza permanente que dificulta tanto a planificación a medio prazo como o desenvolvemento de procesos culturais que requiren continuidade temporal.

A estrutura retributiva do sector constitúe outro indicador fundamental desta precariedade sistémica. As cifras resultan especialmente alarmantes se consideramos a alta cualificación dos

USC UNIVERSIDADE

profesionais: un 19,3% percibe entre 15.001 e 20.000 euros anuais, e un preocupante 20,1% sitúase por debaixo dos 15.000 euros, malia que o 84% posúen titulación universitaria e desenvolven funcións de alta complexidade e responsabilidade. Esta desproporción entre formación, responsabilidades e retribución reflicte unha desvalorización estrutural do traballo cultural que ten efectos múltiples sobre o sector.

A precariedade laboral maniféstase tamén na tipololoxía contractual, co 33,9% do persoal mantendo contratos temporais, situación que xera unha inestabilidade permanente con efectos que van máis alá do ámbito individual. Esta temporalidade afecta directamente á calidade e continuidade dos servizos culturais, xerando un círculo vicioso no que a inestabilidade laboral dificulta o desenvolvemento de proxectos ambiciosos, o que á súa vez limita a capacidade para demostrar o valor do traballo cultural e xustificar mellores condicións laborais.

A vulnerabilidade ante os cambios políticos constitúe outra manifestación desta precariedade estrutural. O 67,4% dos profesionais afirman que os cambios de goberno municipal condicionan significativamente a área de cultura, con cambios de prioridades no 71% dos casos. Esta vulnerabilidade política non só afecta aos aspectos programáticos senón tamén aos organizativos e laborais, creando un contexto de incerteza permanente que dificulta o desenvolvemento de estratexias profesionais a longo prazo e desincentiva o investimento persoal en formación e especialización.

8.2.2 As asimetrías territoriais como factor definitorio do sistema

A investigación revela que as profundas asimetrías territoriais non constitúen unha mera circunstancia ou característica secundaria do sistema cultural municipal galego, senón que representan un elemento estrutural definitorio que condiciona todas as dimensións da acción cultural. Estas asimetrías maniféstanse en múltiples escalas territoriais e configuran un panorama de extraordinaria complexidade que require aproximacións diferenciadas e flexibles.

A análise provincial proporciona evidencia contundente desta realidade asimétrica, con diferenzas que van máis alá dos factores demográficos ou económicos e que responden a tradicións administrativas, culturas políticas e dinámicas históricas específicas. A provincia da Coruña beneficiase dunha combinación de factores favorables que inclúen a presenza da capital autonómica, maior dinamización económica e unha tradición consolidada de políticas culturais municipais. En contraste, Ourense enfronta unha confluencia de factores desfavorables que inclúen o declive demográfico pronunciado, a dispersión territorial extrema e a menor tradición de políticas culturais estruturadas.

Dentro de cada provincia, a análise comarcal revela unha diversidade interna aínda maior que responde a factores históricos, xeográficos e socioeconómicos específicos. Esta heteroxeneidade interna demostra que as asimetrías non seguen patróns simples ou previsibles, senón que cada territorio desenvolveu estratexias adaptativas específicas que responden tanto ás súas limitacións estruturais como ás súas potencialidades endóxenas.

A investigación identifica cinco factores principais que explican estas asimetrías territoriais complexas: o demográfico (estrutura, dinámica e distribución territorial da poboación), o económico-fiscal (capacidade de xerar recursos propios), o político-institucional (tradicións de gobernanza local), o sociocultural (capital social e vitalidade asociativa), e o territorial-

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comunicacional (posición xeográfica e accesibilidade). A interacción complexa destes factores configura realidades territoriais únicas que requiren aproximacións específicas e adaptadas.

A análise diacrónica revela ademais que estas asimetrías territoriais, lonxe de reducirse, tenderon a incrementarse durante o período estudado. A crise económica de 2008 actuou como factor de diverxencia, afectando con maior intensidade aos territorios xa vulnerables e xerando dinámicas de polarización que persisten na actualidade. Esta tendencia á diverxencia territorial vese reforzada por mecanismos de competencia intermunicipal que favorecen aos territorios mellor posicionados, creando espirais de desenvolvemento desigual difíciles de reverter.

8.2.3 A TENSIÓN PARADIGMÁTICA COMO ESPAZO DE CONFLITO E OPORTUNIDADE

A investigación revela que a coexistencia conflitiva entre os paradigmas da animación sociocultural e a xestión cultural constitúe unha tensión estruturante fundamental do sistema cultural municipal galego. Esta tensión non pode interpretarse simplemente como un debate técnico ou metodolóxico, senón que reflicte concepcións profundamente diferentes sobre a natureza, funcións e finalidades da acción cultural pública.

A análise histórica permite identificar tres fases distintas na evolución desta tensión paradigmática. A primeira fase (2000-2008) caracterizouse pola coexistencia relativamente pacífica de ambos paradigmas en espazos institucionais e territoriais diferenciados. A segunda fase (2008-2015), marcada pola crise económica, supuxo unha intensificación do conflito coa hexemonía crecente do paradigma xestionista. A terceira fase (desde 2015), caracterízase pola busca de síntese e modelos híbridos que procuran superar as dicotomías tradicionais.

Esta evolución non é un proceso abstracto senón que responde a necesidades prácticas concretas. Por unha banda, a complexidade crecente da administración pública e as esixencias de transparencia e eficiencia fan imprescindibles as ferramentas da xestión cultural. Por outra, os desafíos sociais contemporáneos –crise de participación democrática, fragmentación social, perda de vínculos comunitarios– demandan aproximacións que transcenden a mera programación de actividades. A profesionalización do sector emerxe como un factor determinante nesta configuración, coa tendencia cara á xestión cultural reflectindo unha crecente valoración das competencias técnicas e administrativas, aínda que sen abandonar completamente a dimensión social e participativa do traballo cultural.

A investigación identifica varios factores que están favorecendo a emerxencia de modelos híbridos: o cambio xeracional con profesionais formados en contextos de maior pluralidade paradigmática, a complexidade dos desafíos contemporáneos que evidencia as limitacións de aproximacións unidimensionais, e a influencia de experiencias foráneas que introducen perspectivas innovadoras. Non obstante, tamén persisten obstáculos importantes como a inercia institucional, a rixidez das estruturas administrativas e a fragmentación da formación inicial que dificultan a consolidación destes modelos integradores.

8.2.4 A FRAGMENTACIÓN IDENTITARIA E OS DESAFÍOS DA ARTICULACIÓN PROFESIONAL

USC UNIVERSIDADE

A investigación revela que a fragmentación da identidade profesional constitúe unha das características máis definitorias e problemáticas do sector cultural municipal galego. Esta

fragmentación maniféstase en múltiples dimensións que van desde a diversidade caótica de denominacións profesionais ata a debilidade das estruturas representativas, dificultando a construción de discursos e estratexias comúns.

A proliferación de denominacións profesionais –técnico/a de cultura, animador/a sociocultural, xestor/a cultural, axente de desenvolvemento cultural, dinamizador/a cultural, mediador/a cultural– non responde a unha especialización funcional clara senón que reflicte a ausencia de criterios compartidos sobre a definición do campo profesional. Esta diversidade terminolóxica ten consecuencias prácticas importantes: dificulta o recoñecemento social da profesión, complica a negociación colectiva de condicións laborais e obstaculiza o estabelecemento de carreiras profesionais coherentes.

A debilidade das estruturas representativas contrasta marcadamente con outros sectores profesionais que contan con colexios profesionais ou sindicatos específicos consolidados. O desenvolvemento das asociacións profesionais, como o Colectivo Landrover ou a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, contribuíu á articulación de demandas profesionais pero a súa capacidade de representación segue sendo limitada. A investigación identifica múltiples factores que explican esta debilidade: a dispersión xeográfica dos profesionais, a sobrecarga laboral, a diversidade de perfís formativos e a dependencia de xerarquías político-administrativas locais.

As entrevistas revelan unha crecente conciencia sobre a necesidade de superar esta fragmentación, pero esta conciencia non se traduciu aínda en accións colectivas efectivas. A percepción sobre a cohesión profesional revela un panorama ambivalente: existe un sentimento compartido de pertenza a un colectivo con problemas comúns, pero este recoñecemento mutuo non se materializa en estruturas organizativas operativas ou estratexias colectivas de defensa de intereses profesionais.

8.3 CONTRIBUCIÓNS TEÓRICAS E MARCOS INTERPRETATIVOS EMERXENTES

A investigación empírica rigorosa debe aspirar a xerar coñecemento teórico que enriqueza a comprensión xeral dos fenómenos estudados. As contribucións teóricas desta tese doutoral emerxen directamente do diálogo entre a evidencia empírica e os marcos teóricos existentes, revelando tanto as potencialidades como as limitacións das conceptualizacións dispoñibles.

8.3.1 RECONCEPTUALIZACIÓN INTEGRAL DA ACCIÓN CULTURAL MUNICIPAL

A investigación propón unha reconceptualización da acción cultural municipal que transcende as visións instrumentalistas predominantes para entendela como un fenómeno complexo, multidimensional e estratéxico. Esta reconceptualización non é unha construcción teórica abstracta senón que emerxe da análise sistemática de experiencias concretas que demostran o potencial transformador da cultura cando se concibe desde esta perspectiva integral.

A proposta articúlase en catro dimensións fundamentais interrelacionadas. A dimensión educativa, historicamente central pero progresivamente marxinada, abarca procesos de concientización, capacitación e empoderamento que van máis alá da transmisión de coñecementos. A dimensión social funciona como espazo para a reconstrución de vínculos e a xeración de capital social, especialmente relevante nun contexto de fragmentación e illamento. A dimensión económica supera visións reduccionistas para recoñecer como a cultura contribúe

ao desenvolvemento mediante a creación de ecosistemas creativos e a xeración de capacidades innovadoras. A dimensión política, entendida como espazo de construción de cidadanía e participación democrática, constitúe un dos poucos ámbitos da administración local onde aínda son posibles procesos participativos reais.

Esta reconceptualización ten implicacións prácticas importantes para o deseño e implementación de políticas culturais. Require superar a fragmentación sectorial que caracteriza moitas intervencións actuais para adoptar aproximacións máis holísticas e integradas. Implica tamén recoñecer que a cultura non é un sector máis das políticas públicas senón un eixo transversal que atravesa e conecta diferentes ámbitos da acción municipal.

8.3.2 Marco interpretativo ecosistémico para os sistemas culturais municipais

A segunda contribución teórica fundamental consiste na proposta dun marco interpretativo ecosistémico que conceptualiza a cultura municipal como un ecosistema complexo de actores, lóxicas, recursos e dinámicas en relacións de interdependencia. Este enfoque supera visións lineais ou sectoriais para proporcionar ferramentas analíticas máis sofisticadas.

O enfoque ecosistémico permite transcender dicotomías tradicionais como público-privado ou local-global para comprender as múltiples interaccións que configuran o sistema cultural. Facilita a comprensión dos procesos de cambio e adaptación, entendendo os ecosistemas culturais como sistemas dinámicos que responden tanto a presións externas como a dinámicas internas de innovación. Esta perspectiva resulta especialmente útil para analizar como a crise de 2008 actuou como perturbación ecosistémica que obrigou a reconfiguracións profundas, xerando tanto procesos de degradación como oportunidades de innovación e resiliencia.

A aplicación deste marco interpretativo permite identificar diferentes tipos de ecosistemas culturais municipais segundo as súas características estruturais e dinámicas. Ecosistemas resilientes caracterizados pola diversidade de actores e recursos, ecosistemas vulnerables marcados pola dependencia e a fragilidade, e ecosistemas emerxentes en proceso de configuración. Esta tipoloxía proporciona ferramentas para o diagnóstico e a intervención adaptadas ás características específicas de cada territorio.

8.3.3 Temporalidades múltiples e a súa incidencia na acción cultural

A terceira contribución teórica refírese á identificación e análise das temporalidades específicas dos procesos culturais municipais. A investigación identifica tres temporalidades que coexisten tensamente: a política (ciclos electorais cuadrienais), a administrativa (exercicios anuais) e a comunitaria (procesos longos de construción de relacións). Esta multiplicidade temporal xera contradicións e tensións que explican moitos dos problemas identificados no sector.

A comprensión destas temporalidades múltiples ten implicacións fundamentais para o deseño de políticas e a avaliación de resultados. A imposibilidade de desenvolver procesos transformadores sostidos, a dificultade para avaliar impactos reais ou a tendencia a priorizar o visible e inmediato sobre o profundo e procesual son consecuencias directas desta desarticulación temporal. O recoñecemento explícito destas diferentes temporalidades permite

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

deseñar estratexias que procuren harmonizalas ou, polo menos, xestionar produtivamente as súas tensións.

8.3.4 A ESPECIFICIDADE GALEGA COMO MODELO ANALÍTICO PARA TERRITORIOS PERIFÉRICOS

A investigación evidencia que o caso galego configura un modelo de análise de extraordinaria relevancia para comprender as dinámicas culturais en territorios periféricos. A confluencia de factores específicos –dispersión territorial extrema, diversidade lingüística, forte identidade cultural, debilidade estrutural das administracións locais, procesos de despoboamento– xera un laboratorio natural onde se manifestan con especial intensidade tensións presentes en moitos outros contextos.

As estratexias adaptativas desenvolvidas polos concellos galegos proporcionan un repertorio de solucións creativas potencialmente transferibles. Desde unidades móbiles de dinamización cultural ata modelos de xestión descentralizada, pasando por estratexias de mediación lingüística e cultural, o caso galego ofrece ensinanzas valiosas para territorios con problemáticas similares. A capacidade dos técnicos para desenvolver competencias de tradución entre lóxicas centrais e realidades periféricas constitúe un saber fundamental que merece maior atención e sistematización.

8.4 ESTRATEXIAS E RECOMENDACIÓNS PARA A TRANSFORMACIÓN DO SISTEMA

A vocación aplicada desta investigación require traducir os achados empíricos e as reflexións teóricas nun conxunto articulado de recomendacións prácticas. Estas propostas, fundamentadas na evidencia e sensibles aos contextos de aplicación, buscan orientar a acción transformadora dos diferentes actores do sistema, contemplando unha perspectiva temporal diferenciada que distingue entre accións a curto, medio e longo prazo.

8.4.1 ESTRATEXIAS A CURTO PRAZO: A URXENCIA DA DIGNIFICACIÓN PROFESIONAL

No curto prazo, a profesionalización e dignificación do sector emerxen como prioridades inmediatas e ineludibles. Existe unha necesidade urxente de mellorar as condicións laborais, incrementar o recoñecemento profesional e estabelecer marcos claros para o desenvolvemento do traballo cultural municipal. Para os concellos, isto implica iniciar procesos inmediatos de estabilización do emprego cultural, convertendo prazas temporais en fixas e regularizando situacións irregulares. As deputacións deben reforzar de forma urxente o seu apoio técnico aos concellos máis pequenos, mentres que a Xunta de Galicia debe acelerar a elaboración dun marco normativo específico que regule as profesións culturais municipais.

A formación continua maniféstase como outra estratexia primordial a curto prazo. Os profesionais destacan a importancia de desenvolver programas formativos específicos que permitan actualizar coñecementos, adquirir novas competencias e adaptarse aos cambios tecnolóxicos e sociais. As institucións formativas deben responder a esta demanda con ofertas flexibles e adaptadas ás necesidades reais do sector, incluíndo formación en competencias dixitais, metodoloxías participativas e ferramentas de avaliación de impacto.

Para os propios profesionais, a estratexia inmediata pasa por iniciar procesos de organización colectiva que superen o illamento actual. A creación ou fortalecemento de asociacións profesionais, o estabelecemento de redes informais de apoio mutuo e a articulación de demandas comúns constitúen accións que poden iniciarse sen esperar cambios estruturais e que son fundamentais para calquera transformación posterior.

8.4.2 Estratexias a medio prazo: construción de estruturas e redes sostibles

No medio prazo, o estabelecemento de políticas culturais fortes e coordinadas xurde como estratexia prioritaria. Os concellos deben desenvolver plans estratéxicos de cultura con horizontes de 8-10 anos que proporcionen estabilidade e coherencia ao desenvolvemento cultural municipal. Estes plans non poden ser documentos formais senón instrumentos operativos con diagnósticos rigorosos, obxectivos medibles e recursos comprometidos. A súa elaboración debe ser participativa, involucrando non só aos técnicos e políticos senón tamén ao tecido asociativo e á cidadanía.

O desenvolvemento de redes de colaboración maniféstase como outra estratexia relevante a medio prazo. A creación de estruturas de cooperación entre concellos, institucións culturais e axentes do sector resulta fundamental para superar o illamento e optimizar recursos. As deputacións deben xogar un papel catalizador neste proceso, facilitando espazos de encontro, apoiando a creación de mancomunidades culturais e promovendo proxectos intermunicipais. Os concellos que estabelecen alianzas e colaboracións con outros municipios ou entidades culturais tenden a desenvolver políticas culturais máis sólidas e sostibles.

A adaptación aos novos contextos dixitais constitúe outro desafío estratéxico a medio prazo. A transformación dixital acelerada pola pandemia require non só a adquisición de ferramentas tecnolóxicas senón, fundamentalmente, o desenvolvemento de novas competencias e metodoloxías de traballo. As institucións deben apoiar este proceso con programas de capacitación dixital específicos para o sector cultural, mentres que os profesionais deben asumir a responsabilidade de actualizar as súas competencias neste ámbito.

8.4.3 Estratexias a longo prazo: consolidación institucional e transformación sistémica

No longo prazo, a consolidación e institucionalización do sector constitúe o obxectivo estratéxico máis ambicioso. Isto implica estabelecer estruturas estables que garantan a continuidade e o recoñecemento do traballo cultural como un servizo público esencial. A Xunta de Galicia debe liderar un proceso de transformación sistémica que inclúa a elaboración dun plan estratéxico de cultura verdadeiramente participativo e territorializado, o estabelecemento de sistemas de financiamento estables e equitativos, e a creación de mecanismos de coordinación interinstitucional efectivos.

A transformación da percepción social do traballo cultural emerxe como outro obxectivo principal a longo prazo. Os profesionais apuntan á importancia de lograr un maior recoñecemento social do valor da cultura e do traballo dos profesionais culturais municipais. Isto require non só melloras nas condicións laborais senón tamén estratexias comunicativas que visibilicen o impacto da cultura no desenvolvemento territorial e a cohesión social. Os propios

USC DE COMPOSTELA

profesionais deben asumir un papel activo nesta transformación, documentando e difundindo as súas experiencias e construíndo un relato compartido sobre o valor do seu traballo.

O desenvolvemento de infraestruturas e recursos estables constitúe outra estratexia fundamental a longo prazo. A creación e mantemento de equipamentos culturais adecuados, así como a dotación de recursos suficientes, son elementos determinantes para a consolidación do sector. Isto require un compromiso sostido das administracións públicas que transcenda os ciclos políticos e que se base nun recoñecemento real da cultura como dereito fundamental e factor de desenvolvemento.

A avaliación e seguimento das melloras implementadas caracterízase como unha estratexia transversal de gran relevancia. Estabelecer sistemas de avaliación que permitan medir o impacto das diferentes actuacións e axustar as estratexias segundo os resultados obtidos resulta fundamental para garantir a efectividade das transformacións propostas. Isto require desenvolver metodoloxías de avaliación adaptadas á especificidade dos procesos culturais, que vaian máis alá dos indicadores cuantitativos tradicionais para captar as transformacións cualitativas que a cultura pode xerar.

8.5 Limitacións do estudo e liñas futuras de investigación

O rigor científico esixe un exercicio de reflexividade metodolóxica que permita situar axeitadamente os achados no seu contexto de produción e validez. As limitacións identificadas e as liñas futuras de investigación propostas non representan debilidades do estudo senón elementos necesarios para a súa correcta interpretación e para o avance continuado do coñecemento neste campo.

8.5.1 Limitacións metodolóxicas e contextuais

A primeira limitación fundamental refírese ao marco temporal do estudo (2000-2020). Aínda que estas dúas décadas permiten identificar tendencias significativas, os procesos de cambio cultural presentan temporalidades máis extensas. A investigación capta un momento específico dunha evolución máis ampla sen poder dar conta completa dos procesos de longa duración. Os fitos históricos identificados –chegada da democracia, dotación de equipamentos, desenvolvemento de programas de apoio, crise de 2008, pandemia da COVID-19– marcan momentos clave pero non esgotan a complexidade da evolución histórica do sector.

A segunda limitación relacionase coa dificultade para acceder a determinados colectivos, especialmente aqueles en situacións de maior precariedade. A taxa de resposta do 47% á enquisa, aínda sendo aceptable, revela que a non resposta concentrouse nos concellos sen persoal técnico especializado, introducindo un nesgo que pode subestimar a gravidade dalgúns problemas identificados. Esta limitación é especialmente relevante considerando que son precisamente estes contextos máis precarizados os que requiren maior atención investigadora e política.

A complexidade de captar as prácticas reais máis alá dos discursos institucionais constitúe outra limitación importante. A distancia entre o que os participantes din facer e o que realmente fan, aínda mitigada mediante triangulación, persiste como desafío metodolóxico. A ausencia do grupo de discusión inicialmente planificado privou á investigación de insights sobre dinámicas colectivas que poderían enriquecer a comprensión do fenómeno.

A especificidade do contexto galego, aínda sendo unha fortaleza analítica, limita a transferibilidade directa dos resultados. A combinación única de factores –dispersión territorial, bilingüismo, identidade cultural forte, fragmentación municipal– configura unha realidade específica que require adaptacións coidadosas para a aplicación dos achados noutros contextos. A necesaria acoutación do obxecto de estudo deixou fóra aspectos relevantes como os procesos creativos dos artistas, a perspectiva dos usuarios ou as interaccións con outros sectores.

8.5.2 Liñas futuras de investigación e desenvolvemento

Os achados abren múltiples vías para futuros estudos que complementen e amplíen o coñecemento xerado. A primeira liña prioritaria consiste no desenvolvemento de estudos comparativos sistemáticos con territorios similares. A comparación con Asturias, Bretaña, Gales ou o norte de Portugal permitiría identificar dinámicas comúns e especificidades locais, enriquecendo a comprensión dos procesos culturais en territorios periféricos.

O desenvolvemento de metodoloxías específicas para avaliar o impacto das políticas culturais constitúe outra necesidade urxente. Necesítanse ferramentas que capten a complexidade dos efectos culturais, incluíndo indicadores de cohesión social, metodoloxías participativas de avaliación e técnicas de análise do retorno social do investimento. Estas metodoloxías deben ser capaces de captar tanto impactos inmediatos como transformacións a longo prazo.

A implementación de procesos de investigación-acción participativa emerxe como unha liña especialmente prometedora. Estes procesos, que involucran aos propios actores como coinvestigadores, poden xerar simultaneamente coñecemento e transformación práctica. A articulación de redes profesionais, o desenvolvemento de modelos híbridos ou a implementación de estratexias participativas son ámbitos especialmente axeitados para esta aproximación.

Os estudos lonxitudinais que analicen a evolución das dinámicas identificadas resultan fundamentais para comprender procesos de cambio. Un observatorio permanente da cultura municipal galega podería proporcionar información continuada sobre tendencias emerxentes, efectividade de políticas e transformacións do sector. Este tipo de seguimento sistemático permitiría superar a limitación dos estudos puntuais que rapidamente quedan desactualizados.

O desenvolvemento de análises interseccionais sobre xénero, idade, clase e orixe constitúe outra liña prioritaria. A feminización do sector, as brechas xeracionais, as barreiras de clase ou as dinámicas de inclusión/exclusión de persoas migrantes requiren análises específicas que proporcionen unha comprensión máis matizada e permitan deseñar intervencións máis equitativas.

A exploración das transformacións dixitais e o seu impacto no sistema cultural municipal require atención urxente. As brechas dixitais, as novas formas de creación e consumo cultural, as competencias dixitais necesarias ou a soberanía tecnolóxica no ámbito cultural son temas que requiren investigación sistemática, especialmente tras a aceleración dixital provocada pola pandemia.

Finalmente, o desenvolvemento de marcos teóricos máis sofisticados e adaptados á realidade da cultura municipal en contextos periféricos constitúe unha liña transversal fundamental. Necesítanse teorías que nazan da realidade específica destes territorios e que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

permitan comprender e orientar a súa transformación sen aplicar acriticamente marcos desenvolvidos noutros contextos.

8.6 CONSTRUIR O FUTURO DA CULTURA MUNICIPAL GALEGA

Esta investigación confirma que o sistema cultural municipal galego atópase nun momento histórico decisivo que require respostas transformadoras e valentes. A confluencia de múltiples crises –demográfica, económica, territorial, identitaria– non debe interpretarse como fatalidade senón como oportunidade para repensar os modelos estabelecidos e construír alternativas máis xustas e sostibles.

O percorrido histórico analizado mostra que o sector evolucionou significativamente desde a chegada da democracia, pero tamén que persisten desafíos estruturais que requiren abordaxe decidida. A transición documentada desde modelos de animación sociocultural cara a paradigmas de xestión cultural máis burocratizados non é inevitable nin irreversible. A preferencia maioritaria dos profesionais por modelos híbridos suxire camiños de integración que aproveiten o mellor de ambas tradicións.

A alta cualificación dos profesionais, a riqueza do tecido asociativo, a vitalidade das expresións culturais locais e a persistencia de experiencias innovadoras constitúen activos fundamentais sobre os que construír. Non obstante, estes activos están ameazados por dinámicas de precarización, fragmentación e marxinalización que requiren intervención urxente. A cultura municipal non pode seguir sendo considerada secundaria ou prescindible; nun contexto de transformacións sociais profundas, emerxe como espazo estratéxico para a construción de sentido colectivo e cohesión social.

O futuro do sistema require articular un novo paradigma baseado en varios piares fundamentais: o recoñecemento da cultura como dereito e ben común, a valorización da diversidade territorial como riqueza, o fortalecemento da dimensión educativa e transformadora, e a construción de modelos organizativos dignos e sostibles. Esta transformación require un pacto pola cultura que transcenda diferenzas partidarias e ciclos electorais, involucrando a todas as administracións, o tecido asociativo, os creadores e a cidadanía.

O horizonte profesional sinálase pola necesidade de fortalecer múltiples dimensións do sector mediante estratexias temporalmente diferenciadas. A curto prazo, a dignificación das condicións laborais e a formación continua son prioritarias. A medio prazo, a especialización formativa, a construción de redes colaborativas e o estabelecemento de políticas coordinadas cobran importancia. A longo prazo, a consolidación institucional do sector como servizo público esencial representa o obxectivo estratéxico máis ambicioso.

Corresponde agora aos diferentes actores asumir o desafío histórico de construír un sistema cultural municipal á altura das necesidades da sociedade galega contemporánea. Os profesionais, cuxa dedicación quedou amplamente demostrada, merecen condicións laborais e recoñecemento acordes coa súa función. As comunidades locais, especialmente as máis vulnerables, teñen dereito a servizos culturais de calidade. Galicia, coa súa rica tradición e complexa realidade territorial, necesita un sistema cultural municipal forte, diverso e transformador.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta investigación remata formalmente aquí, pero o traballo continúa. O futuro do sector requirirá equilibrar innovación e recursos, especialización e polivalencia, autonomía local e capacidades colaborativas. Os desafíos identificados requiren respostas urxentes pero tamén estratexias pacientes de longo prazo. O compromiso coa cultura é, en definitiva, un compromiso co futuro das comunidades, coa calidade democrática e coa construción dunha sociedade máis xusta, creativa e profundamente humana.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A presente investigación examina as políticas culturais municipais en Galicia desde a Pedagoxía Social, analizando a súa configuración e as posibilidades de transformación cara a modelos máis participativos. O estudo revela un panorama marcado pola tensión entre unha xestión cultural centrada na eficiencia administrativa, e unha animación sociocultural orientada á participación cidadá. Os procesos de burocratización reduciron a capacidade de traballo comunitario, aínda que se identifican experiencias innovadoras que integran ambos paradigmas. A investigación explora estas dinámicas nos diferentes contextos territoriais galegos, propoñendo camiños para o desenvolvemento de políticas culturais que contribúan á cohesión social e ao desenvolvemento comunitario.